ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

María Cristina
Cabada Giadás

Tese de doutoramento

ACHEGAS AO ESTUDO DA ILUSTRACIÓN DOS SALMOS PENITENCIAIS NOS LIBROS DE HORAS MANUSCRITOS: XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DUN CORPUS DE MINIATURAS

Santiago de Compostela, 2024

Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte

ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

TESE DE DOUTORAMENTO

ACHEGAS AO ESTUDO DA ILUSTRACIÓN DOS SALMOS PENITENCIAIS NOS LIBROS DE HORAS MANUSCRITOS:

XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DUN CORPUS DE MINIATURAS

Autora

María Cristina Cabada Giadás

Directora: Mª del Rocío Sánchez Ameijeiras

Titor: Juan Manuel Monterroso Montero

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2024

RESUMOS

Galego

Resumo: Existe un número inxente de manuscritos iluminados accesibles en bibliotecas dixitais en Internet, así como de miniaturas cuxo contido está indexado en recursos de diferente tipoloxía tamén dispoñibles na Rede. Esta situación que en principio simplifica as tarefas de investigación no ámbito da miniatura medieval, pode tornar ardua a realización de estudos comparativos no caso daquelas obras das que nos chegaron numerosos exemplares manuscritos, como os libros de horas. Neste contexto, un dos obxectivos da presente tese foi elaborar un instrumento que contribuíse a facilitar este labor, abordando o estudo da iluminación dos Salmos Penitenciais -unha das seccións habituais deste tipo de libro de pregarias- e sustentándoo na análise cuantitativa e cualitativa dun corpus extenso de miniaturas. Ambos enfoques se basearon nun sistema de descrición das imaxes creado expresamente para levar a cabo este obxectivo. Os datos estatísticos obtidos a partir dunha descrición das escenas máis utilizadas nas miniaturas examinadas serviron para trazar un panorama global da iluminación dos Salmos Penitenciais nos libros de horas. O emprego dunha descrición máis detallada aplicada á imaxe por excelencia desta sección, a do rei David en actitude devota -habitualmente descrita como David penitente ou arrepentido- serviu para afondar nesta iconografía. Mediante a consideración das miniaturas á luz da literatura e a doutrina sobre a penitencia e sobre os Salmos Penitenciais buscouse así mesmo realizar algunhas achegas á interpretación destas imaxes.

Español

Resumen: Existe un número ingente de manuscritos iluminados accesibles en bibliotecas digitales en Internet, así como de miniaturas cuyo contenido está indexado en recursos de diferente tipología también disponibles en la Red. Esta situación, que en principio simplifica las tareas de investigación en el ámbito de la miniatura medieval, puede tornar ardua la realización de estudios comparativos en el caso de aquellas obras de las que nos han llegado numerosos ejemplares manuscritos, como los libros de horas. En este contexto, uno de los objetivos de la presente tesis fue elaborar un instrumento que contribuyese a facilitar esta labor, abordando el estudio de la iluminación de los

Salmos Penitenciales -una de las secciones habituales en este tipo de libro de oraciones- y sustentándolo en el análisis cuantitativo y cualitativo de un corpus extenso de miniaturas. Ambos enfoques se basaron en un sistema de descripción de las imágenes creado expresamente para llevar a cabo este objetivo. Los datos estadísticos obtenidos a partir de una descripción de las escenas más utilizadas en las miniaturas analizadas sirvieron para trazar un panorama global de la iluminación de los Salmos Penitenciales en los libros de horas. El empleo de una descripción más detallada aplicada a la imagen por excelencia en esta sección, la de rey David en actitud devota -habitualmente descrita como David penitente o arrepentido- sirvió para profundizar en esta iconografía. Mediante la consideración de las miniaturas a la luz de la literatura y la doctrina sobre la penitencia y sobre los Salmos Penitenciales se buscó asimismo realizar algunas aportaciones a la interpretación de estas imágenes.

English

Abstract: There is a vast number of illuminated manuscripts accessible in digital libraries on the Internet, as well as illuminations whose content is indexed in resources of different types also available on the Internet. This situation, which in principle simplifies research tasks in the field of medieval manuscript illumination, can hinder comparative studies in the case of those works of which numerous manuscript copies have come down to us, such as the books of hours. In this context, one of the objectives of this thesis was to provide an instrument that could contribute to facilitating the aforementioned task, addressing the study of the illumination of the Penitential Psalms - one of the usual sections in this type of prayer book - and basing it on the quantitative and qualitative analysis of an extensive corpus of miniatures. Both approaches were grounded in an image description system expressly created to achieve this purpose. The statistical data obtained from a description of the most used scenes in the miniatures analyzed served to elaborate and propose a global panorama of the illumination of the Penitential Psalms in the books of hours. The use of a more detailed description applied to the image par excellence in this section, that of King David in a devout attitude - usually described as penitent or repentant David - served to delve deeper into this iconography. Furthermore, by considering the miniatures in the light of the literature and doctrine on penance and the Penitential Psalms, the goal was to somehow contribute to the interpretation of these images.

USC DE COMPOSTELA

Agradecementos

A realización desta tese débelle moito ao sostén emocional de familiares, amigas, amigos e colegas. Posto que espero ter a ocasión de agradecerlles persoalmente o seu apoio, limitareime aquí a mencionar aquelas persoas ou institucións que, dun xeito ou outro, contribuíron de modo específico a este traballo. Manifesto o meu recoñecemento, en primeiro lugar, a todas as entidades que poñen a disposición pública en liña os seus fondos patrimoniais, sen cuxo labor este proxecto, pola súa propia natureza, non tería sido posible. Como botóns de mostra do bo facer destas institucións , dúas anécdotas: cando hai anos solicitei a Gallica, sen moitas esperanzas de que a petición fose atendida, a dixitalización dos volumes da obra do *Abbé* Leroquais dedicados aos libros de horas, non só me responderon rápida e positivamente senón que, con celeridade abraiante, puxeron na rede as máis importantes obras deste autor. Na Biblioteca de la Universitat de Barcelona axilizaron a dispoñibilidade dun libro de horas que xa tiñan dixitalizado pero aínda non preparado para a publicación cando manifestei o meu interese por el. Esta tese fundaméntase en manuscritos que institucións públicas como as mencionadas dixitalizan ou cuxas imaxes indexan. Detrás do traballo destas entidades hai persoas cuxos nomes non coñezo pero cuxa colaboración non esquezo. Con algunhas destas persoas, así e todo, tiven a sorte de ter un contacto directo. Foi un pracer -e moi instrutivo- charlar con Alexandre Tur nos cuarteis xerais de Mandragore. E con James Freeman sobre os recursos da British Library no edificio de St Pancras. Agradezo todas as facilidades que me proporcionaron desde a biblioteca do INHA para acceder aos fondos *in situ* e aos recursos en remoto, e en particular a atención de Maëva Taisne. Foron fundamentais para axudarme a remontar o voo nunha das últimas recaídas no escepticismo en relación coa tese as palabras de alento de Pamela Nourrigeon sobre o sistema de descrición de imaxes que realicei, vindo como viñan de quen dedicaba o seu labor profesional a este cometido na fototeca do Centre d'études supérieures de civilisation médiévale.

Agradezo a oportunidade que José Ramón Ríos Viqueira me ofreceu de colaborar con el na dirección dun TFG relacionado co tema desta tese na Escola Técnica Superior de Enxeñería da USC, que resultou nun traballo de carácter interdisciplinario moi enriquecedor.

Non esquecerei a emoción que me provocou a resposta do profesor Charles Huttar á petición de información que lle realicei sobre unha contribución súa presentada nos anos oitenta nun dos congresos de Kalamazoo e que non chegara a publicarse. O profesor

envioume copia do texto mecanografado con absoluta despreocupación pola propiedade intelectual do seu contido. Nuria Pérez Serrano puxo cariñosamente á miña disposición a súa experiencia profesional e coñecementos filolóxicos para axudarme a desentrañar textos da súa colega do século XV, Dame Eleanor Hull, e Isabel Rei compartiu comigo a súa erudición sobre os instrumentos musicais para axudarme a describir unhas miniaturas do rei David que a engaiolaron. Ana Suárez González concedeume o seu tempo e valiosa simpatía e regaloume enriquecedores consellos. A Isabel Álvarez e á miña irmá doulles as grazas por someterse á lectura da tese, estoicamente, xenerosamente. Unha vez rematado o traballo, teño presente que nunca tería comezado o proxecto sen recibir a aprobación de Jerôme Baschet, que me animou e emprender o camiño malia eu confesarlle a imposibilidade de seguir a rigorosa vía por el trazada. Tamén desde o principio apoiou esta aventura Mariví Pardo Gómez, que ademais me fixo xeneroso agasallo do facsímile que posuía do *Libro de horas de Pannonhalma*. O diminuto libriño acompañoume todos estes anos recordándome sempre que todas as imaxes que ousei encarar, contidas nun medio cibernético abraiante que pode chegar a esmagar pola abundancia, están acubilladas, en realidade, en singulares obxectos de tres dimensións. A Juan Manuel Monterroso agradézolle o seu labor como titor deste traballo, facendo iso tan difícil que é conseguir que todo resulte fácil.

Para Rocío Sanchez Ameijeiras, a directora da tese, non teño palabras que estean a altura do seu voo, así que unicamente mencionarei a súa doce empatía e luminosa xenerosidade, asumindo o risco de apoiar un proxecto tan aventurado. Subo á máquina do tempo para dirixirme ao profesor Serafín Moralejo, parolar con el un momento e agradecerlle, de paso, que me conducise ata Rocío.

(por outra parte, axudáronme tanto, pepe e ana)

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tout différent le tableau : immédiat, total. A gauche, aussi, à droite, en profondeur, à volonté.

Pas de trajet, mille trajets, et les pauses ne sont pas indiquées. Dès qu'on le désire, le tableau à nouveau, en entier. Dans un instant, tout est là. Tout, mais rien n'est connu encore. C'est ici qu'il faut vraiment commencer à lire.

Henri Michaux, *Lecture (1950)*

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

VOLUME I – TEXTO

INTRODUCIÓN 7
Presentación 7
Obxectivos 9
Organización da tese 10
Estado da cuestión e aspectos metodolóxicos 13
Consideracións xerais e criterios de estilo 17

CAPÍTULO 1. O CORPUS: XESTIÓN E EXPLOTACIÓN 28
1.1 ELABORACIÓN DO CORPUS. DESAFÍOS DA RECUPERACIÓN DE IMAXES NOS RECURSOS 29
1.2 O CATÁLOGO 34
1.2.1 Datos sobre os manuscritos 34
1.2.2 Datos sobre as imaxes: a descrición iconográfica 37
1.2.2.1 Clasificación das escenas e expresión da súa xerarquía: os Títulos 38
1.2.2.2 Características da indexación fina: os descritores 46
1.3 PRECISIÓNS SOBRE A EXPLOTACIÓN ESTATÍSTICA DO CORPUS 52

CAPÍTULO 2. O CONTEXTO DAS IMAXES: UN TEXTO PENITENCIAL 57
2.1 A PENITENCIA EN ÉPOCA MEDIEVAL 57
2.1.1 Evolución do sistema penitencial 57
2.1.2 Aspectos teolóxicos e doutrinais 62
2.1.3 A instrución sobre a penitencia 63
2.2 OS SALMOS PENITENCIAIS 68
2.2.1 Aspectos históricos e litúrxicos 68
2.2.2 Tradición literaria sobre os sete salmos 72
2.2.3 Un texto “esencial” dos libros de horas 78

CAPÍTULO 3. AS ILUSTRACIÓNS DOS SALMOS PENITENCIAIS 89
3.1 INCIDENCIA DOS GRUPOS TEMÁTICOS POR ÁREAS XEOGRÁFICAS E POR PERÍODOS 91

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.2 VISIÓNS INTEMPORAIS DA DIVINDADE 98
3.2.1 Variantes da escena 98
3.2.2 As visións intemporais como ilustracións dos Salmos Penitenciais. A pastoral dos dous sacramentos 102
3.3 XUÍZO FINAL 107
3.3.1 Incidencia xeográfica 107
3.3.2 Tendencias figurativas na representación da escena 110
3.3.3 As imaxes do Xuízo Final como ilustración dos Salmos Penitenciais. A "*sanha*" de Deus 113
3.4 DAVID E GOLIAT 119
3.4.1 As escenas e a súa xerarquía 119
3.4.2 As imaxes de David e Goliat como ilustracións dos Salmos Penitenciais. O guerreiro *"elatus e inflatus"* e a meditación lúdica 120
3.5 DAVID PECADOR E DAVID ARREPENTIDO 128
3.5.1 O relato bíblico dos pecados e a penitencia de David 129
3.5.2 As imaxes de David pecador e de David arrepentido como ilustración dos Salmos Penintenciais 132
3.5.3 David Pecador: o Episodio Betsabé/Urías 134
3.5.3.1 As escenas e a súa xerarquía 134
3.5.3.1.1 Baño de Betsabé 137
3.5.3.1.2 Escenas de Urías 138
3.5.3.1.3 Escenas menos relevantes do Episodio Betsabé/Urías 140
3.5.3.2 Alcance da imaxe do Baño de Betsabé nos libros de horas 142
3.5.3.2.1 Máis preguntas que respostas 142
3.5.3.2.2 Algo de retranca 152
3.5.3.2.3 A fonte, a cerca e a criada 153
3.5.4 David en actitude devota 163
3.5.4.1 Aparencia e atributos de David 167
3.5.4.1.1 Posturas e xestos 168
3.5.4.1.2 Idade de David 171
3.5.4.1.3 Indumentaria e motivos asociados 173
3.5.4.1.4 A imaxe de David músico 180
3.5.4.1.5 A imaxe de David cos seus atributos abandonados 181
3.5.4.2 Acompañantes de David arrepentido 184
3.5.4.2.1 A Divindade 184
3.5.4.2.2 Un Profeta 185

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.5.4.2.3 O Anxo do Señor 187
3.5.4.2.4 Outros figurantes 189
3.5.4.3 Taxonomía do espazo penitencial nas imaxes de David arrepentido 190
3.5.4.3.1 Unha paisaxe agreste 190
3.5.4.3.2 Un espazo ao aire libre nun medio civilizado 193
3.5.4.3.3 Un interior 194
3.5.4.3.4 Un ámbito indefinido 194
3.6 OUTRAS ESCENAS E MOTIVOS NAS ILUSTRACIÓNS DOS SETE SALMOS 195
3.7 MANUSCRITOS CON ILUSTRACIÓNS EN VARIAS PÁXINAS DO TEXTO DOS SALMOS PENITENCIAIS 202

CAPÍTULO 4. AS IMAXES DE DAVID ARREPENTIDO: REFLEXIÓNS SOBRE A SÚA DESCRICIÓN E ALCANCE 204
4.1 O EPISODIO DO CENSO *VERSUS* O EPISODIO BETSABÉ/URÍAS (E NATÁN *VERSUS* GAD) 204
4.1.1 Un anxo e dous profetas 205
4.1.1.1 As transgresións de David nos textos e na tradición figurativa: o anxo con espada 205
4.1.1.2 O anxo con tres obxectos 215
4.1.1.3 Natán ou Gad? 218
4.1.2 O Anxo envaiñando a espada e o Castelo Sant'Angelo: a secuencia dos Salmos Penitenciais e as Ladaíñas nas *Horas Sforza* 226
4.1.3 A ilustración dos Salmos Penitenciais no *Libro de Horas de Étienne Chevalier* 234
4.2 PEGADA DA ESEXESE E DO DISCURSO PENITENCIAL NAS ILUSTRACIÓNS 242
4.2.1 A esexese da narración bíblica dos pecados de David e a penitencia: *peccavi* 243
4.2.1.1 Expresión visual do sacramento da penitencia: "*L'humiltade del pentimento*" 243
4.2.1.2 Orgullo e presunción. O cabaleiro soberbio 256
4.2.1.2.1 A ilustración dos Salmos Penitenciais nas *Horas Dinteville* 259
4.2.1.2.2 A imaxe de David a cabalo cos brazos levantados e rodeado dun dragón, un león, e outro cuadrúpede 263
4.2.1.2.3 Bos e malos cabaleiros nas ilustracións dos Salmos Penitenciais 275
4.2.1.2.4 O pavo real 280

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.2 A esexese dos Salmos Penitenciais: *convertere* 284
4.2.3 David no Día do Xuízo 289
4.3 REMEMORACIÓN, MEDITACIÓN E EMPATÍA CON DAVID. A CONFESIÓN *INTEGRA* 294

CAPÍTULO 5. A PAISAXE PENITENCIAL 302
5.1 O ENIGMA DA ILUSTRACIÓN DE DAVID NUNHA PAISAXE AGRESTE, OU METIDO NUN BURATO, OU NA ENTRADA DUNHA COVA 302
5.1.1 Un marco espacial de dubidosa procedencia 303
5.1.1.1 Tradición figurativa 308
5.1.1.2 Tradición literaria 312
5.1.2 A variante de David nun burato ou semienterrado 318
5.1.2.1 Hipóteses sobre a orixe da imaxe 320
5.1.2.2 O burato como metáfora 334
5.1.2.3 A imaxe de David semienterrado no *Salterio-horas de Yolande de Soissons* 340
5.2 DECONSTRUCIÓN DA PAISAXE PENITENCIAL: PINTAR A DISTANCIA, RETRATAR A VIDA SOLITARIA 350
5.2.1 Pastores, muíños e muiñeiros 351
5.2.2 Camiños, viandantes, pedras 354
5.2.3 Ríos e regatos 356
5.2.4 Penedos, bosques, árbores e cachopas 358
5.2.5 Fauna 361
5.2.6 Unha sebe humilde 362
5.2.7 Un deserto alto 366
5.2.8 Unha paisaxe substantiva, como atributo ou como lembranza 369
5.3 DUNHA TRAVESÍA AO CORAZÓN DA SOIDADE 375
EPÍLOGO: unha descrición complexa 381
CONCLUSIÓNS 390
Lista de cadros e gráficos 396
Lista de recursos electrónicos dos que proveñen as imaxes 397
Lista de manuscritos citados non incluídos no Catálogo 400
Abreviaturas 402
BIBLIOGRAFÍA 403
FIGURAS 428
Lista de Figuras 516

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Volume II – CATÁLOGO

1. **PRESENTACIÓN DO CATÁLOGO** 2
1.A Introdución 2
1.B Estrutura das fichas 5
1.C Criterios empregados na elaboración das fichas 6
1.C.1 Fonte de datos sobre o manuscrito 6
1.C.2 Denominación dos manuscritos 6
1.C.3 Autorías 7
1.C.4 Localización e cronoloxía 7
1.C.5 Lendas 8
1.C.6 Nota, Comentario, Texto ilustrado 9
1.C.7 Descrición iconográfica 9
1.D Algúns consellos sobre a localización da información no Catálogo 11

2. **LISTA DE TÍTULOS NORMALIZADOS** 14

3. **LISTA DE DESCRITORES DA IMAXE DE DAVID EN ACTITUDE DEVOTA** 19

CATÁLOGO **26**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VOLUME I. TEXTO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

Presentación

A meta principal desta tese desde os seus inicios foi ofrecer unha visión da ilustración dos Salmos Penitenciais en libros de horas manuscritos a partir da compilación dun corpus extenso de miniaturas. Debido á gran cantidade de iluminacións e de facsímiles dixitais actualmente dispoñibles en Internet -así como de imaxes consultables, con algo máis de dificultade, na literatura académica- considerouse que podía ser útil un traballo de compilación que reunise nun só documento iluminacións dun dos textos fundamentais dos libros de horas, extraídas do seo da inxente documentación visual dispoñible. O proxecto debía traducirse na elaboración dun catálogo de imaxes que, debido as circunstancias que derivan do traballo cun corpus tan extenso, estaría constituído por fichas sinxelas, con información sucinta para contextualizar as miniaturas. En contrapartida, o esforzo debería centrarse na descrición destas últimas, que se levaría a cabo mediante a aplicación dun modelo e un vocabulario controlado de creación propias. A complexidade da elaboración deste último xerou finalmente unha reflexión derivada de moitas tomas de decisión sobre a indexación, polo que se pensou que podía ser de interese compartir tamén a experiencia, como un xeito de contribuír a reflexionar sobre a descrición de miniaturas en bases de datos de investigación.

Quizais nun lapso máis ou menos breve de tempo a tecnoloxía simplifique substancialmente un labor como o que esta tese representa (penso nesa combinación de indexación tradicional e sistemas CBIR -*Content-based Image Retrieva*l- que xa apuntaban hai case vinte anos varios autores ligados ao proxecto da fototeca do Centre d'études supérieures de civilisation médiévale (CESCM) da Université de Poitiers[1] pero tamén nas perspectivas inimaxinables que abre a intelixencia artificial). En calquera caso, o certo é que, a día de hoxe -por máis que ese "hoxe" se reduza cada vez máis, e a gran velocidade- , calquera persoa ou equipo investigador que aborde a iluminación de libros de horas -en particular os realizados no período de maior produción destes devocionarios-, se desexa comparar con outras miniaturas as contidas no seu obxecto de estudo, terá á súa disposición tal cantidade de imaxes que esta riqueza pode chegar,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1] Angheben *et al.* 2005

paradoxalmente, a volverse en contra. A enorme cantidade de ilustracións se atopa, ademais, dispersa en multitude de recursos, cada un coa súa idiosincrasia documental. Entre eles están as coleccións de bibliotecas que ofrecen numerosos facsímiles dixitais cuxas miniaturas non están descritas e que, por tanto, hai que revisar, por así dicir, "manualmente", folio a folio. Esta situación xustifica, ao meu modo de ver, a realización de ferramentas especializadas, mesmo se se trata de instrumentos sinxelos como o que aquí se ofrece, que espero que axude a facilitar o labor das persoas que investigan, cando menos, no que se refire á localización de miniaturas dos Salmos Penitenciais.

Abordar este traballo de compilación e xestión das imaxes supuxo, nos seus inicios, tomar unha decisión difícil. A alternativa que se presentaba era a de optar, ou ben pola calidade, ou ben pola cantidade. Xestionar un corpus e elaborar un catálogo empregando, na maioría dos casos, datos obtidos de fontes de referencia básicas ou directamente dos recursos institucionais onde están accesibles as miniaturas supón un risco evidente. Este risco foi asumido como inevitable, pois a outra opción -facer unha pescuda bibliográfica rigorosa sobre cada un dos libros de horas implicados- imposibilitaba a realización deste labor nas circunstancias ás que obriga a elaboración dunha tese, como traballo individual e nun tempo limitado. Ou ben esixía restrinxir o obxecto da compilación a un marco temporal ou xeográfico -ou a ambos-. Pero esta última opción resultaba incompatible co proxecto inicial de proporcionar unha visión de conxunto sobre a ilustración dos Salmos Penitenciais. A decisión pode resumirse na idea de que, co fin de cumprir o obxectivo de partida, se primou a cantidade sobre a calidade. Buscouse acumular un gran número de imaxes en detrimento da procura dunha calidade óptima de información sobre elas ou sobre os códices que as conteñen. Unha vez tomada a difícil decisión, con todo, presentouse un reto fascinante: o de tentar extraer –ou ver se se pode extraer- calidade da cantidade. O reto levou inmediatamente a reformular o obxectivo inicial e segregar del un obxectivo complementario, a saber, o de indagar se pode ser produtivo, para afondar no coñecemento das imaxes medievais, traballar cun número significativo delas, sendo as propias imaxes o sostén fundamental do traballo de análise. Tratouse de indagar, en definitiva, o grao de coñecemento que se pode obter a partir, fundamentalmente, da descrición organizada de imaxes. E máis concretamente, buscouse pescudar se o tratamento documental dun tema ou motivo iconográfico do que contamos cun gran número de ilustracións moi similares, e empregando unha indexación fina, pode aportar novos coñecementos. Aplicouse este método de descrición detallada unicamente a unha parte das do corpus. Trátase da imaxe do rei David en actitude devota

USC

que ilustra os Salmos Penitenciais en boa parte dos manuscritos (arredor da metade das imaxes reunidas) e que constituíu, polo tanto, a peza a analizar neste laboratorio.

O certo é que, conforme se ía desenvolvendo o traballo, as imaxes comezaron a falar, suscitando reflexións e consideracións das que se deixa constancia no texto expositivo. A maioría destas consideracións sitúanse no terreo da hipótese, dada a condición de partida mencionada (a fraxilidade bibliográfica) e outras de non menor calado, como o feito de non ter consultado os documentos reais, senón as súas reproducións, algunhas de non moita calidade; ou de ter consultado, en certos casos, imaxes soltas, sen ter unha percepción unitaria do códice que as contén (caso das procedentes dalgunhas bases de datos iconográficas). Todas as propostas interpretativas que xurdiron a partir da xestión das imaxes formúlanse, polo tanto, cun elevado grao de provisionalidade, incluso dun xeito pouco ortodoxo. Se tiven a ousadía de poñelas por escrito é porque decidín correr o risco de equivocarme antes de renunciar a compartir as miñas "impresións de viaxe" a través das miniaturas. Un dos aspectos da falta de ortodoxia consiste, precisamente, en relatar o propio proceso de investigación en certas ocasións, introducindo os itinerarios seguidos e os vaivéns a través do corpus para tentar responder a algunhas das preguntas que as imaxes suscitaron, evidenciando, por exemplo, o papel que algunhas delas xogaron na miña lectura doutras que as precederon no tempo. Trato de fundamentar así a utilidade da metodoloxía empregada, cun peso forte do labor de descrición das imaxes, que é o que me permitiu dar todas estas reviravoltas. Neste sentido, a presente tese, que aspiraba antes de nada a ser unha obra instrumental, acabou sendo, en si mesma, un experimento.

Obxectivos

Sintetizando o expresado nos parágrafos precedentes, cabe dicir que os principais obxectivos desta tese foron dous. En primeiro lugar, ofrecer unha visión de conxunto da ilustración do texto dos sete salmos nos libros de horas manuscritos en todo o período de produción deste tipo de códices e independentemente do seu lugar de produción. Este obxectivo debía materializarse nun catálogo de iluminacións así como nunha síntese da información sobre as imaxes que dese conta das escenas que se empregaron para ilustrar o texto penitencial e as tendencias en función da cronoloxía e orixe xeográfica dos manuscritos. En segundo lugar, buscouse determinar o que pode aportar ao coñecemento sobre a iconografía dun motivo ou escena determinados o deseño dun sistema de xestión

USC DE COMPOSTELA

de gran número de imaxes baseado nunha descrición detallada do seu contido. Partindo dunha parte das miniaturas compiladas, procurouse afondar na iconografía e alcance da imaxe que se empregou con máis asiduidade como ilustración dos sete salmos -a figura do rei David en actitude devota- así como na visión que se ofrece da paisaxe penitencial nas ilustracións que a conteñen.

Para responder a estes propósitos establecéronse outros tantos obxectivos específicos. Un deles foi a creación dun sistema de descrición adaptado específicamente ao corpus, empregando termos normalizados para describir o contido da totalidade de miniaturas compiladas por un lado e, polo outro, un vocabulario específico para realizar unha descrición fina da imaxe de David arrepentido. O segundo obxectivo específico foi aplicar un tratamento estatístico aos datos recollidos na base de datos empregada para xestionar as imaxes e elaborar o Catálogo, co obxecto de trazar unha visión da ilustración dos Salmos Penitenciais.

Organización da tese

A tese distribúese en dous volumes. O primeiro contén o texto expositivo e o segundo o Catálogo. O apartado expositivo distribúese en cinco capítulos, o primeiro dos cales dedicouse fundamentalmente a explicar o sistema de descrición das imaxes e a concepción do Catálogo (os aspectos máis formais deste detállanse na presentación do mesmo no Volume II). O capítulo 1 constitúe, pois, unha explicación da metodoloxía empregada para xestionar as imaxes e elaborar o Catálogo, na medida en que neste traballo a propia metodoloxía foi, en certo modo, obxecto de reflexión. O resto de capítulos céntranse xa propiamente nas ilustracións dos Salmos Penitenciais. O segundo faino na presentación do seu contexto material -un tipo de devocionario específico- e no marco da historia da penitencia, con especial atención a certos textos que resultaron de utilidade para abordar a lectura das imaxes nos apartados seguintes. O capítulo 3 constitúe o núcleo "duro" da tese, pois contén a exposición dos resultados obtidos a partir da xestión do conxunto das miniaturas do corpus, e está centrado basicamente nunha exposición de datos cuantitativos e de alcance descritivo. Tratei de ofrecer unha panorámica, que só pode ser impresionista -en base aos datos do corpus- das imaxes que ilustraron os Salmos Penitenciais e a súa relevancia segundo as áreas xeográficas e nos diferentes períodos. Sobre os temas máis representados -agás o de David en actitude devota, do que me limitei a facer unha análise descritiva neste capítulo- aventuro tamén algunhas hipóteses

USC DE COMPOSTELA

interpretativas que me suxeriron as imaxes. Trátase, polo tanto, dun capítulo centrado fundamentalmente na análise cuantitativa das imaxes sen descartar abordar aspectos cualitativos da representación dalgunhas escenas. Para o exame algo máis en profundidade da ilustración do monarca bíblico como figura moral exemplar reservei os capítulos seguintes -o cuarto e o quinto- que son debedores da indexación fina que apliquei a esta imaxe. No cuarto recollo aquelas reflexións sobre a figura de David en actitude devota que xurdiron sobre todo a partir da xestión das imaxes dos Salmos Penitenciais pero tamén do seu cotexo coas doutros manuscritos, así como da atención a unha escolma de textos de diversa índole que creo que poden contribuír a matizar a lectura desta ilustración. O certo é que un corpus da envergadura numérica do que aquí se compilou, e especialmente este subconxunto, tamén extenso, indexado con máis precisión, ofrece unha mina de información susceptible de ser explotada (de aí o emprego deste termo no título da tese) en moitas direccións. A que eu escollín foi a vía de pescudar a eventual pegada nas imaxes do discurso penitencial e da literatura xerada en torno aos sete salmos. A partir deste material, intentei imaxinar a recepción destas ilustracións máis alá dos lugares comúns establecidos na bibliografía, e procurei formular propostas de interpretación dalgunhas delas en particular. Baseándome no mesmo grupo de ilustracións do rei bíblico como modelo de arrepentimento, no capítulo quinto especulei sobre a historia figurativa e posibles sentidos dunha das imaxes máis frecuentes neste conxunto, a de David en actitude devota situado nunha paraxe agreste. Así mesmo, e sempre sobre o exame destas imaxes, tentei facer unha achega ao estudo da paisaxe penitencial a partir dunha sorte de proceso de deconstrución deste ecosistema visual. Porque a ilustración de David solitario nos Salmos Penitenciais, no mesmo plano que as imaxes de grandes ermitáns como Xerome, Antonio ou Xoán Bautista -aínda que con trazos propios- constitúe unha ventá aberta con xenerosas vistas a esta paisaxe.

Debido a que as miniaturas compiladas ofrecen ás veces combinacións de varias escenas - cuxas interrelacións cómpre ter presente ao tratar unhas e outras- o texto da tese pecará en ocasións de reiterativo. O feito de encarar desde diferentes puntos de vista un mesmo conxunto de ilustracións obrigou tamén a repeticións inevitables -mencións dunha mesma ilustración en diferentes epígrafes, ben para enfocar a súa lectura desde ópticas diferentes, ben para chamar a atención sobre detalles específicos-. O que pretendín, en calquera caso, foi establecer fíos argumentais mediante a paulatina incorporación de enfoques de lectura ás imaxes, desenvolvendo o discurso como unha progresión en torno ao conxunto de iluminacións do corpus e de certas imaxes en particular, a modo dun

USC DE COMPOSTELA

círculo que se vai ensanchando. Debo insistir no feito de que á hora de formular as hipóteses que se recollen no apartado expositivo da tese tentei sacar partido, xa que non do coñecemento rigoroso dos manuscritos que albergan as miniaturas, si das imaxes mesmas, espidas e descontextualizadas incluso, con especial atención a aqueles detalles secundarios cuxa posible relevancia sae á luz grazas á visión serial. Os resultados deste proceder quedan recollidos en certos epígrafes do texto pero tamén nas páxinas do apartado de Figuras, incluído no Volume I. O obxectivo deste apartado é chamar a atención sobre algún detalle específico de imaxes do corpus -ás veces empregando ferramentas gráficas-, ou de establecer algún tipo de relación entre elas, ou ben ilustrar sobre o seu vínculo con obras alleas. Algunhas das páxinas desta sección gráfica foron pensadas a modo de láminas, como tramas de imaxes (fragmentos de imaxes, na maior parte dos casos) ligadas por vínculos de diversa índole. Con elas aspiro a ilustrar, pero tamén a complementar, cuestións tratadas no texto, expresadas doutro xeito e cunha maior liberdade, deixando constancia dunha aproximación máis intuitiva ás miniaturas. Isto explica que, nalgún caso, unha mesma ilustración –ou un detalle da mesma- apareza en diferentes "láminas", pois forma parte de tramas de relacións tecidas con criterios diferentes. Á marxe destas figuras, a ilustración dos argumentos do apartado expositivo baséase fundamentalmente nos enlaces electrónicos ás imaxes incluídos no texto, ou, cando o acceso non é posible, a referencia á ficha correspondente do Catálogo[2]. Os hipervínculos permiten unha vía de navegación áxil cara as numerosas iluminacións mencionadas (ao tempo que proporcionan en certos casos unha calidade de visualización superior á das imaxes do Catálogo). Posto que a fortaleza deste traballo quere ser a exhibición das propias iluminacións, e dos diálogos imaxinarios que tentei establecer entre elas, optei pola alternativa de inzar o texto de enlaces electrónicos, conformando unha sorte de mosaico virtual que, como as mensaxes escritas con tinta invisible que só aparecen cando se lles aplica calor, revélase ao activar estas funcionalidades do arquivo electrónico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2] Particularmente se os *link*s resultasen inoperativos, temporal ou definitivamente.

Estado da cuestión e aspectos metodolóxicos

A realización de bases de datos de investigación como ferramentas auxiliares en traballos de investigación en Historia da Arte é probablemente práctica común desde hai décadas, e a descrición iconográfica constitúe con toda seguridade parte importante en moitas delas. Pero a bibliografía dando conta da súa elaboración ou a publicación de catálogos resultantes destas investigacións, onde se fagan visibles ou se analicen estas descricións, non son tan doados de localizar e consultar[3]. Neste estado de cousas, debo destacar o estímulo que inicialmente supuxo para o meu traballo a tese de doutoramento de Begoña Cayuela, na cal se dá conta xa en 2014 da elaboración da base de datos que empregou para realizala e cuxo vocabulario puido ser consultado durante un tempo nun recurso accesible na Rede[4]. A concepción deste vocabulario mediante termos de descrición minuciosa especificamente pensados para o tema do sacrificio de Isaac foi unha inspiración fundamental á hora de comezar a deseñar os que eu elaborei.

Algo máis xenerosa é a bibliografía sobre a indexación de imaxes en recursos institucionais, e de imaxes medievais en particular, centrada na análise dos grandes tesauros actualmente existentes e do seu uso en bases de datos desta natureza. Cabe mencionar neste sentido as contribucións de Jerôme Baschet ou a propia reflexión de Begoña Cayuela sobre esta cuestión[5].

Respecto da bibliografía sobre o asunto obxecto desta tese -as ilustracións dos Salmos Penitenciais- debo sinalar que a consagrada especificamente a este tema redúcese, ata onde eu sei, a un traballo académico non publicado de Caroline Downer que remonta a 1992 e examina un corpus de 90 miniaturas[6]. Salienta así mesmo un artigo de Clare Costley King'oo que aborda ilustracións dos Salmos Penitenciais -centrado fundamentalmente na imaxe do Baño de Betsabé- publicado en 2004, que a propia autora retoma e actualiza nun capítulo da súa monografía dedicada aos Salmos Penitenciais

[3] E son tanto máis de agradecer cando se permite a consulta en libre acceso. Véxase, neste sentido, o Catálogo de retratos de persoas devotas de Ingrid Falque, complemento da súa monografía dedicada a esta cuestión (Falque 2019).

[4] Consultei en numerosas ocasións este recurso sobre o que, desgraciadamente, por non estimar a posibilidade da súa desaparición, non gardei documentación. O recurso, se non me equivoco, denominábase Iconoteca, como o programa creado pola súa autora para xestionar o corpus da súa tese (Cayuela, 2014a).

[5] Baschet 1992, 1994, 1995 ; Cayuela 2014b

[6] Downer 1992

publicada en 2012. A atención á ilustración do texto dos sete salmos nos libros de horas está presente, por outra parte, nas páxinas que lles dedicaron autores de referencia que trataron a iluminación de manuscritos, e de libros de horas en particular. Polo que a estes últimos se refire, alén do exhaustivo traballo pioneiro de Victor Leroquais consagrado a este tipo de devocionarios, ten dedicado algunha atención as miniaturas que ilustran específicamente os Salmos Penitenciais Roger Wieck nos anos 80 e 90[7]. Paréceme digna de mención, por outra parte, a tese de doutoramento de Ana Domínguez dedicada á iconografía dos libros de horas do século XV na BNE, presentada en 1977. A exhaustividade deste traballo no que á descrición iconográfica dos códices se refire proporciona información valiosa a calquera que aborde a iluminación de libros de horas en cada unha das súas seccións, incluída tamén, polo tanto, a dos Salmos Penitenciais[8]. Outras teses de doutoramento máis recentes dedicadas a este tipo de libro de pregarias, non publicadas pero dispoñibles en libre acceso, foron tamén de gran axuda para afondar no tema obxecto de estudo. Varios destes traballos resultaron útiles para obter información sobre algúns manuscritos que conteñen miniaturas recollidas no Catálogo e mesmo para enriquecer este con imaxes non dispoñibles doutro xeito. Á marxe destas teses, nas que se dedica atención puntual as ilustracións dos Salmos Penitenciais dun libro de horas determinado ou dun grupo deles, a información sobre as ilustracións desta sección encóntrase dispersa na multitude de artículos, monografías e volumes de estudo de facsímiles dedicados a algún códice en particular e cuxa revisión, desgraciadamente, non puido ser exhaustiva pola miña parte, polas razóns máis arriba apuntadas.

Polo que se refire á literatura consagrada a aquelas escenas ou motivos máis empregados nas imaxes compiladas, remito á bibliografía que abordou o seu uso como ilustración dos Salmos Penitenciais citada no apartado que dedico a cada un deles no capítulo 3. Debo salientar, con todo, que para a figura de David en actitude devota como ilustración deste texto, obxecto privilexiado do meu traballo de indexación e análise, existe un artigo de Margaret Owens, publicado en 1989, que xa abordou esta imaxe a nivel exhaustivo[9]. Para o exame desta composición, con todo, a contribución que me resultou máis valiosa é a dun estudoso procedente dun terreo alleo á Historia da Arte.

[7] Leroquais 1927; Wieck 1988, 1997

[8] Domínguez Rodríguez 1993

[9] Owens 1989

Trátase de Charles Huttar, un especialista en literatura inglesa que fixo o meritorio esforzo de tentar rastrear as fontes literarias, máis alá da propia Biblia, da imaxe penitencial do Rei David, e cuxo resultado foi unha breve pero densa contribución á que non topei que se aportase practicamente nada novo desde a súa publicación en 1980[10].

Polo que se refire ao enfoque metodolóxico da tese, tendo en conta que os seus aspectos prácticos se detallan no capítulo 1, limitareime aquí a mencionar algúns nomes que son referentes imprescindibles deste traballo. Jerôme Baschet, ademais de ser un estudoso preocupado pola indexación de imaxes medievais, é autor de referencia sobre a análise serial, metodoloxía cuxas bases definiu e que inspirou nos seus inicios este proxecto[11]. Debedora desta metodoloxía é, por exemplo, a tese de Juan Antonio Olañeta dedicada á iconografía de Daniel no foso dos leóns na escultura medieval[12]. Nunha recente publicación sobre a elaboración dun corpus serial e a súa experiencia ao respecto, este autor expresa opinións que veñen coincidir coas que a miña (moito menos ambiciosa) experiencia de traballo destes anos me inspirou: a de que realizar compilacións seriais pode servir para desfacer ideas erróneas e clixés, por exemplo; ou o feito de que, chegado un número de imaxes compilado, é probable que acumular máis imaxes non aporte, en xeral, información suplementaria sobre o motivo estudado a nivel estatístico. O cal non é óbice para que, en calquera momento, poida xurdir unha imaxe singular que deba ser tida en conta[13]. Este último punto xustifica o feito de ter que considerar o corpus compilado que aquí se presenta como un *work in progress*, por máis que no marco dunha tese sexa preciso mostrar unha imaxe conxelada do mesmo nun momento determinado. As contribucións de Jerôme Baschet sobre a análise serial foron o punto de partida, aínda que axiña me rendín á evidencia de que resultaba imposible aplicar esta metodoloxía ao obxecto de estudo escollido tal e como a formulou este autor e co nivel de esixencia que prescribiu, o que impide encadrar esta tese no marco dos traballos de análise serial de pleno dereito. Así e todo, mesmo desdebuxado, este enfoque constitúe un dos alicerces da presente contribución.

[10] Huttar 1980

[11] Baschet 2008

[12] Olañeta 2017

[13] Olañeta 2020

Por outra parte, coa alusión moitas veces redundante a certas iluminacións e aos seus detalles ao longo do traballo tentei expresar dalgún xeito os paseos reiterados e diversos que realicei coa mirada, aquilo que tan ben expresou Michaux –"non hai traxecto, hai miles de traxectos"- na cita que inaugura este volume e que, en último termo, son debedores da lectura de Daniel Arasse[14]. O corpus constituído e a ferramenta que elaborei para xestionalo ofreceume ademais a posibilidade de asomarme -sen risco de quedar definitivamente atrapada na arañeira- a unha pequena parte desa tupida "rete delle immagini" que Lina Bolzoni albiscou como unha trama de recordos e asociacións creativas na que están implicadas a palabra e a obra artística[15], un concepto no que me baseei para tender fíos entre algúns textos e certas imaxes do corpus. Polo demais, se nalgún apartado da tese tiven a ousadía de encarar ilustracións enigmáticas, espero non ter sido moi *naif* no empeño, nin ter exercido en exceso a crueldade do entomólogo "*que mata a su mariposa preferida para pincharla con alfileres en una plancha de corcho...*"[16], esa práctica coa que George Didi Huberman comparou críticamente o proceder da iconografía concibida como mera resolución "do enigma da esfinxe", segundo a coñecida expresión de Erwin Panofsky[17].

[14] Arasse 2008.

[15] Bolzoni 2009, xxviii.

[16] "...y, a partir de ahí, poder observarla tranquila y fijamente, con una mirada tan muerta como la del animal" (Didi-Huberman 2017).

[17] Panofsky 1982, 32.

USC DE COMPOSTELA

Consideracións xerais e criterios de estilo

Como recomendación inicial, previa á lectura da tese, suxírese botar unha ollada ao apartado 1.D do Vol. II. Nel recóllense unhas instrucións moi sinxelas que facilitan a busca no arquivo de texto do Catálogo[18], necesaria para poder ver algunhas das imaxes mencionadas no texto expositivo do Vol. I.

A continuación especifícanse algúns dos criterios de estilo adoptados nesta tese en xeral e particularmente na redacción do texto. As pautas que seguín na presentación da información no Catálogo están especificadas máis polo miúdo na introdución a este, no Volume II. Antes de explicar os criterios formais, con todo, gostaría de determe a facer algunhas consideracións que afectan ao traballo a nivel global.

No que se refire ao texto expositivo, non quixera deixar de comentar a razón de que, nalgunhas ocasións ao longo do texto, me vise obrigada a chamar a atención sobre os que eu considero erros de interpretación ou enfoque das imaxes, detectados na bibliografía en xeral ou na contribución dalgún autor ou autora en particular. A decisión de facelo xerou en min moitos reparos, que só vencín ao considerar a necesidade de sacar a luz estas (que eu vexo como) inexactitudes, co obxecto de por de relevo a utilidade dos traballos de análise serial, incluso un de modestas pretensións desde o punto de vista metodolóxico como o que aquí se presenta[19].

No que toca á compilación levada a cabo para conformar o corpus da tese, cómpre ofrecer unha explicación sobre as razóns que me levaron a deixar fóra dos recursos a partir dos cales se obtiveron as imaxes o que é, a todas luces, un dos máis importantes no que toca á indexación de imaxes medievais, se non o máis importante. Refírome, obviamente, ao Index of Medieval Art (IMA). A razón fundamental de telo desbotado é que se trata dunha ferramenta que, ata unha data moi recente, esixía subscrición[20], polo que, de ser incluídas no Catálogo miniaturas contidas neste recurso, as imaxes non poderían ser consultadas en liña por parte de quen non contase con esta subscrición.

18 Empregando a ferramenta de busca do pdf (a lupa) ou, no seu defecto, a funcionalidade Control + F.

19 A importancia dos estudos de carácter serial para desfacer estas inexactitudes foi posta de relevo, como xa mencionei, por Juan Antonio Olañeta (2020, 185-186).

20 O IMA non esixe subscrición desde o 1 de Xullo do ano 2023, tal e como se anuncia actualmente no seu sitio web (véxase: https://ima.princeton.edu/subscriptions/, consultado 23.09.2023)

Grazas á xenerosidade do Institut national de histoire de l'art (INHA), que me permitiu manter o carné de usuaria da biblioteca desta institución e acceder aos seus recursos en liña, puiden consultar regularmente o IMA, e isto me permitiu comprobar que unha parte non desdeñable das imaxes dos Salmos Penitenciais contidas nel eran recuperables a partir das institucións que custodian os manuscritos, e que hoxe as ofrecen en libre acceso. Parte importante das imaxes dos sete salmos contidas no IMA proceden, por exemplo, dos recursos da Pierpont Morgan Library, e a indexación das imaxes dos seus manuscritos baséase, precisamente, e tal e como consta nos rexistros iconográficos do seu catálogo Corsair, nos do Index of Medieval Art. Esta biblioteca neoiorquina nutriu o corpus con algo máis de 200 imaxes consultables en liña de forma gratuíta.

A seguinte precisión refírese a outro recurso que ofrece acceso a imaxes de manuscritos medievais, Digital Scriptorium. Cando comecei este traballo Digital Scriptorium permitiume localizar un número importante de libros de horas custodiados en bibliotecas norteamericanas, cuxas imaxes no seu día descarguei. A base de datos sufriu nos últimos tempos unha importante remodelación, estivo inaccesible por un período moi prolongado (polo menos desde 2018) e aínda que desde hai pouco tempo volve estar dispoñible, aínda o está en versión provisional (beta) no momento de redactar estas liñas, e nela faltan aínda multitude de imaxes da antiga Digital Scriptorium[21]. Esta é a razón de que no texto expositivo determinadas imaxes citadas, localizadas no seu día en Digital Scriptorium, non teñan enlace, e que moitas das fichas do Catálogo sobre miniaturas procedentes desta base de datos aparezan tamén desprovistas de enlace. Só o terán aquelas que, a posteriori, localicei nas bibliotecas depositarias dos manuscritos. En contrapartida, o catálogo ofrece a posibilidade de visualizar todas as imaxes que compilei de Digital Scriptorium grazas á descarga que fixen cando aínda estaba accesible a versión anterior deste recurso.

Feitas estas aclaracións, detállanse a seguir algunhas decisións adoptadas neste traballo relativas a cuestións de carácter formal.

Mención das imaxes no texto expositivo

Polo que respecta ao acceso as imaxes, cómpre ter en conta que no corpus se compilaron imaxes de manuscritos accesibles en Internet e outras que, ben porque

21 A última consulta que realicei, a finais de decembro de 2023, aínda non permitía ver moitas das imaxes que eu descarguei da versión antiga

deixaron de estalo ou ben porque foron obtidas de fontes impresas, non poden ser consultadas en liña. As imaxes que non están accesibles en Internet poden consultarse unicamente no Catálogo (ou, eventualmente, no apartado de Figuras). Para diferenciar unhas doutras no texto expositivo, así como as dúas variantes de acceso no caso das que si están na Rede (ben acceso directo á iluminación que interesa, ben acceso á totalidade do manuscrito, sendo necesario localizar manualmente a iluminación), empreguei a seguinte tipografía:

a) a imaxe está accesible en liña:
Nova York, PML, M.76, fol. 83v

b) a imaxe está accesible en liña, pero hai que localizala manualmente nun facsímile ou nun mosaico de imaxes (*thumbnails*):
Madrid, Lázaro Galdiano, Mss I15517, fol. 94v

c) a imaxe non está accesible en liña pero pode consultarse no Catálogo:
Providence, Providence Public Library, Wetmore MS 2

Dada a situación de alta inestabilidade dos enlaces debido a múltiples razóns, pode ocorrer que imaxes consultables no momento de redactar estas liñas non o estean noutra circunstancia. Ditas imaxes sempre poderán ser consultadas no Catálogo (a referencia á ficha -(cat-1, cat-2 etc.)- aparece a carón de todas iluminacións mencionadas no texto expositivo, polo que basta con empregar a ferramenta de busca do pdf do Catálogo para acceder a elas axilmente. Unicamente é de lamentar que a imaxe recollida no Catálogo vai ser en certos casos de menor calidade que a que ofrecía na súa web a institución enlazada.

Por outra parte, hai que ter presente que no texto se mencionan tamén algunhas imaxes que non ilustran Salmos Penitenciais e que, polo tanto, non están incluídas no Catálogo. Cabe a posibilidade de que os enlaces a estas iluminacións, accesibles cando as incluín, non estean operativos no momento da lectura. Neste caso non poderán ser consultadas (a non ser que as incluíse no apartado de Figuras do Volume I). Posto que na mención das mesmas se inclúe a institución depositaria dos documentos, que é a que adoita ofrecer o acceso, tómese a propia mención como cita do documento e, simultaneamente de localización da imaxe nunha eventual futura consulta.

USC DE COMPOSTELA

Polo que respecta á redacción do texto e ao encaixe nela das mencións das imaxes, debo sinalar que, co obxecto de non facer a lectura tediosa, aludo ás imaxes pola denominación dos manuscritos e os folios que as conteñen, pero nin introduzo os manuscritos como sería desexable nin, boa parte das veces, os contextualizo (a data e lugar de elaboración dos mesmos poden ser consultadas no Catálogo). Así,

en lugar de expresar:

"Na miniatura dos Salmos Penitenciais nun libro de horas realizado probablemente en Bruxas arredor de 1420 (Nova York, PML, MS M.76, fol. 83v) pode verse..."

expresarei normalmente:

"En Nova York, PML, MS M.76, fol. 83v pode verse..."

Citas bibliográficas e textuais

Para as citas e referencias bibliográficas utilicei o sistema autor-ano e, en xeral, seguín as pautas do *Manual de estilo Chicago Deusto* (2013), aínda que con algunhas variantes adaptadas ás necesidades desta tese, sendo as máis relevantes:

* A cita bibliográfica fágoa en nota ao rodapé en lugar de inserila no texto. O obxecto é non entorpecer a lectura dun texto en por si sobrecargado ás veces con mención de hiperenlaces e remisións ao catálogo entre parénteses ou ás figuras entre corchetes. Nas notas a rodapé fago as citas autor-ano sen parénteses, salvo nas notas redactadas.

* As reproducións de determinados fragmentos sobre os que quero chamar especialmente a atención aparecen en parágrafo aparte, con sangría e sen comiñas, mesmo se se trata de textos breves.

Unha das obras que empreguei asiduamente, especialmente na elaboración das fichas do Catálogo, é *Horae: El poder de la imagen*, responsabilidade de Josefina Planas e Javier Docampo[22]. Esta monografía está conformada por breves capítulos dedicados a cada un dos manuscritos descritos e examinados (un total de cincuenta), e en cada un se atribúe a responsabilidade ao seu autor, ben Josefina Planas, ben Javier Docampo. Co fin de non engordar a bibliografía con referencias que remiten todas aos mesmos autores e á mesma monografía, pero sen ocultar a responsabilidade de cada un deles respecto da súas contribucións, decidín utilizar excepcionalmente un esquema de cita non normativo para esta obra, que construín do seguinte xeito:

USC

22 Planas Badenas e Docampo Capilla 2016

J. Planas en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, número de páxina

J. Docampo en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, número de páxina

Por outra parte, na tese menciono en varias ocasións un recurso electrónico do Center for Håndskriftstudier i Danmark, fundado por Erik Drigsdahle e dedicado a manuscritos -a libros de horas en particular-, que ofrece o texto convencional (e variantes do mesmo) deste tipo de devocionarios -establecido a partir de diferentes códices- e que proporciona tamén a transcrición dalgúns manuscritos acompañada da descrición das súas iluminacións. Decidín facer unha única entrada na bibliografía para este recurso e reservar para as notas a rodapé a referencia concreta das URL que, dentro deste sitio web, conducen ao códice ou apartado explicativo ao que me refiro en cada momento. Malia que todo parece indicar que o interesante recurso e o material nel contido é responsabilidade de Erik Drigsdahle, na entrada na bibliografía figura como autor o Center for Håndskriftstudier i Danmark, posto que non hai mención expresa de autoría persoal na páxina de inicio do sitio web.

Convencións lingüísticas ou tipográficas

Establecín unha serie de convencións tipográficas para títulos e citas textuais. Como norma xeral, calquera texto en lingua diferente do galego vai en cursiva (sexa un título ou unha cita inserida en texto). O título dunha obra irá en cursiva sen comiñas, e a cita dun texto entre comiñas, agás cando a introduzo en parágrafo aparte e mediante sangría. En xeral na denominación dos títulos dos libros de horas e outros manuscritos expresei en galego os substantivos comúns e conservei os nomes propios no idioma orixinal ou naquel polo que adoitan seren mencionados (exemplos: *Salterio da Raíña Mary, Libro de horas de los Siete Pecados Capitales, Libro de horas de María de Navarra, Libro de horas de Jeanne d'Évreux, Petites heures do Duque de Berry*). Unicamente fixen excepción cos que mencionan personaxes moi coñecidos con tradición abonda de expresión en galego (*Libro de horas de Isabel a Católica, Libro de horas de Xoana de Castela*)[23].

23 Non vin un criterio firme respecto da mención dos libros de horas máis coñecidos na bibliografía consultada en diferentes linguas, polo que optei polas expresións que me pareceron máis sensatas en cada caso, aínda que me serviu de orientación en moitas ocasións a mención dos manuscritos na xa comentada monografía publicada en 2016 por Josefina Planas e Javier Docampo (Planas Badenas e Docampo Capilla 2016).

Polo que á denominación de personaxes históricos e autores medievais se refire, tanto no texto expositivo como no Catálogo e nas autorías das referencias bibliográficas, seguín parecido criterio: expresei en galego unicamente os nomes das figuras de maior relevancia e monarcas (Francisco I, Agostiño), pero conservei en xeral a denominación na lingua na que habitualmente son citados no seu lugar de orixe (Frère Laurent, Ramon de Penyafort, Iacopo da Varazze).

Traducín ao galego as denominacións dos iluminadores citados neste traballo (Mestre da Lenda Dourada de Múnic) para a inmensa maioría dos cales non hai tradición de mención noso idioma, pero mantiven a denominación na lingua do seu lugar de orixe no caso daqueles para os que tamén se adoita seguir este criterio na bibliografía (Maître François, Mestre "*aux yeux-bridés*").

Por razóns de claridade, cando menciono datos estatísticos uso cifras co obxecto de resaltar os datos numéricos en lugar de expresalos como palabras, como sería o recomendable ("rexistrei 3 casos.." en lugar de "rexistrei tres casos...")

Seguindo o criterio ortográfico de Mandragore para *Sujets* e *mots-clé* (equivalentes aproximados do que no apartado de "Descrición iconográfica" do Catálogo desta tese se denominan Títulos e descritores), tanto no Catálogo como no texto expositivo expreso con maiúscula no inicio da primeira palabra os títulos normalizados que creei para denominar as escenas utilizadas nos Salmos Penitenciais (Visión intemporal da Divindade, Baño de Betsabé, Morte de Urías...) mentres que para os descritores de David en actitude devota empreguei a minúscula, salvo se se trata de nomes propios (arpa, rochedo...). No texto expositivo tamén utilicei a maiúscula para referirme dun modo estándar e sintético aos grandes grupos nos que clasifiquei as escenas máis utilizadas (Episodio Betsabé/Urías, Episodio do censo...)

Para referirme ao catálogo que elaborei nesta tese e que centra o Volume II da mesma emprego a palabra con maiúscula e sen máis precisión (o Catálogo). Para referirme ao corpus da tese manteño a minúscula pero tampouco fago máis precisión (o corpus).

Bibliografía

En coherencia co sistema autor-ano escollido para as citas e referencias bibliográficas, no apartado Bibliografía da tese aparecen reunidas, sen distinción, as fontes literarias e a bibliografía académica. Para as fontes medievais consultadas, e seguindo o *Manual de estilo Chicago Deusto* (2013, 666) utilicei como entrada na

USC DE COMPOSTELA

bibliografía unha forma normalizada para os autores, en galego (Agostiño). Como excepción, e como xa comentei, cando un autor non ten equivalente suficientemente divulgado en galego gardei a forma na lingua do seu territorio de procedencia (Iacopo Passavanti, Vincent de Beauvais).

Posto que a bibliografía deste traballo é unicamente unha lista de documentos consultados, nela poderán botarse en falta obras básicas, como as dedicadas ás grandes coleccións de manuscritos ou senlleiros catálogos de exposicións, responsabilidade de autores e autoras sobradamente coñecidos (Jesús Domínguez Bordona, François Avril, Nicole Reynaud, Lilian Randall ou James Marrow, por citar só algúns deles). Estes traballos están ausentes na bibliografía porque non acudín a eles directamente, pero cómpre ter presente que son o sustento dos metadatos sobre os manuscritos nos recursos electrónicos que consultei e da información compilada nas obras bibliográficas ás que acudín. Asumo as conclusións que resumen tanto estes traballos bibliográficos como aqueles recursos, mesmo nos casos en que me pareceu que as atribucións de autoría das miniaturas ou de datación deberían matizarse (sobre todo cando se trata de datacións con intervalos temporais moi amplos) ou incluso me parecen inexactas á vista das miniaturas dos Salmos Penitenciais. Obviei dar o meu parecer nestes casos porque creo que calquera opinión ao respecto debería fundarse nun traballo moito máis sólido que o mero cotexo das imaxes dos salmos, que é único no que eu me podería basear.

Tradución das citas textuais

As citas da Biblia están expresadas en galego a partir do texto da *Vulgata*. Ao non existir versión publicada en galego desta obra, os textos foron traducidos por min a partir do que ofrece o recurso *Biblia medieval*[24], axudándome de traducións intermedias, especialmente a versión en castelán realizada por Torres Amat[25]. En determinadas ocasións, sen embargo, citei directamente o texto da *Vulgata*, porque a expresión precisa do orixinal me pareceu importante na exposición dos argumentos. No caso das fontes medievais en xeral, se o texto orixinal é latino (Agostiño, Xerome, algunha obra de Petrarca) as citas en texto aparecen expresadas en galego. Trátase tamén de traducións realizadas por min a partir das versións intermedias en castelán, francés ou italiano que

24 Enrique-Arias 2008

25 Na edición de 1825 consultada na transcrición que ofrece o recurso en liña *La Biblia online (*Bibla Torres Amat, 1825*)*

consultei[26]. O resto de citas de fontes medievais foron recollidos na lingua orixinal (francés medio, italiano) pois non ofrecen maior dificultade de comprensión. Só fixen excepción cos textos escritos en inglés medio, que poden resultar máis escuros. Dalgúns deles ofrezo versión en galego, para cuxa realización contei coa axuda e asesoramento de Nuria Pérez Serrano. Con fin de non resultar reiterativa, nas notas de cada fragmento citado non menciono estas circunstancias, das que deixo constancia aquí. Nas notas cito unicamente as fontes orixinais ou a referencia da tradución consultada segundo sexa o caso. Por outra parte, en moitas das citas textuais poderán verse fragmentos subliñados en negriña, os cales son da miña responsabilidade. Tamén deixo constancia aquí deste detalle, para non repetir continuamente a fórmula "os subliñados son meus".

Uso dos termos "descrición iconográfica", "descritor", "indexación"

Sen entrar no fondo da cuestión do que implica o termo indexación en xeral ou en que consiste a indexación iconográfica en particular, a efectos prácticos, empreguei na tese a palabra "indexación" para referirme á descrición iconográfica levada a cabo coa terminoloxía normalizada que elaborei para dar conta do contido das iluminacións, en concreto:

a) a descrición das escenas representadas nas páxinas miniadas mediante expresións que denominei "Títulos"

b) a descrición detallada da imaxe de David en actitude devota mediante un vocabulario de termos (palabras ou expresións) normalizados que denominei "descritores".

Títulos e descritores aparecen nas fichas do catálogo baixo o epígrafe "Descrición iconográfica". As listas de ambos poden consultarse no Volume II, apartados 2 e 3. No texto expositivo (Volume I, Capítulo 1, epígrafe 1.2.2) explico esta estrutura da descrición.

26 Para a obra *De vita solitaria* de Petrarca consultei a tradución en italiano (Petrarca 1987), en francés (Petrarca 1999) e en castelán (2021). De obras de Agostiño e Xerome consultei as traducións ao castelán na colección da Biblioteca de Autores Cristianos (Agostiño 1955, 1956, 1964, 1967, 1993; Xerome 2004, 2013)

Apartado de "Figuras"

Como xa adiantei na introdución, decidín non incluír todas as imaxes comentadas no texto nun apartado de figuras porque o seu número sería excesivo e, sobre todo, porque boa parte delas poden consultarse a partir dos enlaces (versión dixital do Volume I) ou ben no Catálogo se os enlaces deixasen de estar operativos (Volume II). Reservei para o apartado do Volume I denominado "Figuras" unicamente aquelas imaxes dos Salmos Penitenciais do corpus das que se fai unha análise máis detida, ou ben aquelas para as que se quixo establecer unha comparación entre elas ou con outras, chamar a atención sobre un detalle determinado ou mesmo resaltar algún aspecto mediante ferramentas gráficas. Por esta razón a información visual no texto expositivo pode parecer, en ocasións, redundante, pois proporciono o enlace a unha imaxe e, ao mesmo tempo, chamo a atención sobre a mesma ilustración incluída no apartado de Figuras. A intención que está detrás desta reiteración é a de tentar presentar as iluminacións o máis "obxectivamente" posible (a través dos enlaces no texto, ou do envío ás fichas do Catálogo) por un lado, e, polo outro, reproducir a miña visión, o meu itinerario particular -e inevitablemente parcial- no interior das miniaturas (*pas de trajet, mille trajets...)*, mostrando detalles nos que me detiven ou a relación que percibín con outras imaxes. Cabe sinalar, por outra parte, que a intención de mostrar estas formando composicións que, nalgunhas ocasións, teñen unha lóxica interna, é a causa de que a presentación das figuras non siga sempre a orde que sería de esperar en relación co desenvolvemento do texto expositivo.

Polo que ás lendas das figuras se refire, e posto que a práctica totalidade destas últimas son fragmentos dunha páxina miniada, obviei especificar de cada vez no pé da imaxe que se trata dun "detalle", salvo cando me pareceu necesario aclaralo. Na numeración das figuras empregáronse as seguintes fórmulas:

-**Fig. 4(1), Fig. 4(2) =** dúas páxinas dun mesmo manuscrito

-**Fig. 5a, Fig. 5b =** dous detalles da mesma páxina

URLs mencionadas no texto e no catálogo e datas de consulta

Co fin de alixeirar o texto e as notas non incluín a data de consulta da bibliografía accesible en liña nin dos recursos consultados, tendo en conta ademais que o *Manual de*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estilo Chicago-Deusto non o esixe, por considerar o seu valor limitado[27]. En calquera caso, deixo constancia aquí de que, salvo que se indique o contrario, todas as URLs citadas no texto, no catálogo e na bibliografía foron consultadas no mes de decembro de 2023.

En xeral, a cuestión dos enlaces resulta moi esvaradía. Debido á inestabilidade das URLS (tanto porque as institucións mudan periodicamente o emprazamento dos seus recursos como polo feito de que algúns deles pechan temporalmente o acceso a determinadas horas do día ou días da semana, ou debido a circunstancias inesperadas -pero desgraciadamente cada vez menos excepcionais- como os ciberataques ás institucións[28]) a decisión de incluílos no texto expositivo foi moi meditada, tendo en conta a altísima volatilidade dos *link*s[29]. Optouse, con todo, por non renunciar a eles debido ás incuestionables vantaxes que supón acceder ás imaxes nos propios recursos, tendo presente o prexuízo -derivado da frustración- que pode ocasionar o feito de que os enlaces estean inactivos no momento da lectura. O aspecto positivo do laborioso traballo que supuxo a elaboración manual do Catálogo que se ofrece no Volume II é que a reprodución das imaxes neste instrumento é permanente, polo que estas poderán ser sempre consultadas nel en último termo. Por outra parte, tendo presente a mencionada volatilidade dos *link*s e coa finalidade de non encher as fichas do Catálogo de enlaces que, máis pronto ou máis tarde, poden deixar de funcionar, me limitei a incluír nas fichas *link*s ás miniaturas, pero non consignei os que conducen aos rexistros bibliográficos ou iconográficos cando estes están separados das imaxes (que foron en moitos casos a fonte de datos sobre os manuscritos e que ofrecen información máis completa sobre estes). A mención da institución e da sinatura dos manuscritos debería ser suficiente para que sempre poidan ser localizados e recuperados, independentemente dos cambios na

27 *Manual de estilo Chicago Deusto* 2013, 627.


28 Un dos cales, vivido recentemente, foi un duro golpe para o presente traballo. O 28 de outubro de 2023 a British Library sufriu un ciberataque que impide aínda no momento de redactar esta nota (15.01.2024) o acceso aos seus recursos en liña. Moitos dos exemplos que seleccionei para ilustrar o texto expositivo proceden de recursos desta biblioteca, escollidos precisamente por ser a institución que, por experiencia, ofrecía maior estabilidade (xunto coa BNF) nos accesos, e máis calidade nas imaxes. O desgrazado incidente afecta profundamente a esta tese, posto que aínda que a maioría das imaxes coas que ilustrei os argumentos se poden consultar no Catálogo, a súa calidade é moi pobre. A pesar de que todos os enlaces aos recursos da British Library que incluín neste texto e no Catálogo non están actualmente operativos, decidín non borralos coa esperanza de que unha vez que se restableza o acceso se manteñan as URLs, cuestión que o servizo de atención aos usuarios da biblioteca non foi quen de confirmarme.

29 As institucións non sempre proporcionan enlaces permanentes e a miña experiencia ao longo destes anos ten sido moi frustrante ao respecto, en varias ocasións me vin obrigada a corrixir na miña base de datos ducias ou incluso centos de enlaces que mudaron dun día para outro.


tecnoloxía, das migracións de datos que as institucións leven a cabo periodicamente, ou dos contratempos imprevisibles que inutilicen temporalmente o acceso.

Linguaxe inclusiva

Na redacción deste traballo procurei empregar na medida do posible unha linguaxe inclusiva, especialmente para referirme ao público destinatario dos libros de horas, do que sabemos que estivo formado, en boa medida, por mulleres. No canto do masculino xenérico acudín a fórmulas alternativas: termos neutros (público) ou desglosados por xénero (lectores e lectoras) así como o substantivo persoa acompañado do cualificativo correspondente ("persoas devotas" en lugar do xenérico "devotos"). Asumo o detrimento da calidade estilística do texto na esperanza de que estas fórmulas, que hoxe poden resultar aínda algo disonantes, cheguen a normalizarse e integrarse harmónicamente tamén na escritura académica. No curso do traballo puiden comprobar, ademais, que teñen unha longa tradición, tamén nos libros de horas manuscritos.



A



B

A-*Libro de horas de Jeanne de Navarre*, fol. 108v

B-Libro de horas Tilly: Madrid, BNE, Res/187 , fol. 90r

CAPÍTULO 1. O CORPUS: XESTIÓN E EXPLOTACIÓN

Como xa se indicou na introdución, o corpus desta tese é o resultado da compilación de miniaturas que ilustran a sección dos Salmos Penitenciais en libros de horas manuscritos, nun marco cronolóxico que abrangue todo o período de produción destes devocionarios. Optouse por centrar o estudo neste tipo de códices por seren un conxunto relativamente homoxéneo, con características bastante ben definidas, e seren o tipo de manuscritos susceptibles de proporcionar un maior volume de ilustracións dos Salmos Penitenciais. Cómpre ter presente que esta decisión deixa fóra do exame outros documentos de interese para afondar na iluminación deste texto, nomeadamente os salterios -aqueles dos que se ilustran moitos ou todos os salmos, e non só os que marcan as divisións habituais, e polo tanto tamén salmos que entran no grupo dos penitenciais-. Exclúe tamén da compilación os libros de horas impresos. Os manuscritos que conteñen outra tipoloxía de obras de pregarias, misceláneas que inclúen o texto dos sete salmos (ou paráfrase dos mesmos) e incluso os códices dedicados en exclusiva a este texto poderán aportar con toda seguridade algunha imaxe máis a ter en conta a quen desexe afondar no tema obxecto de estudo, pero o seu número será, probablemente, bastante máis reducido[1].

O corpus está constituído por miniaturas procedentes dun total de 1293 manuscritos e nútrese, fundamentalmente, de imaxes dixitais obtidas en recursos de diferente natureza accesibles en Internet. Unicamente unha pequena parte das ilustracións compiladas proveñen de fontes bibliográficas.

Abordar a localización de imaxes dos Salmos Penitenciais nos recursos hoxe dispoñibles na Rede supón o deseño de estratexias de busca diferentes en función do instrumento utilizado. En certos casos, a tarefa pode resultar complexa. Recuperar áxilmente ilustracións dos Salmos Penitenciais utilizando bases de datos iconográficas esixiría, por exemplo, que estas consignasen esta información (o texto ilustrado) nos seus rexistros iconográficos, algo que non todas fan. Por outra parte, os temas que ocuparon preferentemente a ilustración dos Salmos Penitenciais –cuxa recuperación sería outro dos posibles enfoques da busca- son obxecto de descricións diferentes segundo o recurso de

1 A modo de exemplo deste último grupo véxase o manuscrito París, BNF, Français 15216 que contén, entre outros textos, a paráfrase dos sete salmos de Christine de Pizan, ilustrada por unha imaxe de David arrepentido (fol. 1r).

que se trate, e no seo mesmo dalgunha ferramenta detéctanse incoherencias na descrición de imaxes practicamente idénticas. Esta situación, e o feito de que, ademais de utilizar bases de datos iconográficas, haxa que procurar as imaxes en manuscritos de coleccións dixitais cuxas ilustracións non están indexadas, constitúe a principal razón que xustifica, ao meu ver, a elaboración de corpus especializados nun aspecto da iluminación dos manuscritos medievais, e dos libros de horas -debido á súa abundancia- en particular. Este labor pode enfocarse sobre cuestións diversas, como un tema ou motivo iconográfico -con todos os límites xeográficos e temporais que se queira establecer- ou, como é o caso desta tese, sobre a ilustración dun texto determinado nun tipo de códice específico.

1.1. ELABORACIÓN DO CORPUS. DESAFÍOS DA RECUPERACIÓN DE IMAXES NOS RECURSOS

Para levar a cabo este traballo empregáronse dous tipos de recursos fundamentalmente, bases de datos iconográficas e bibliotecas dixitais[2]. Se ben as primeiras ofrecen posibilidades de busca áxiles –grazas á descrición das imaxes- non se empregaron estas axudas para localizar as ilustracións dos Salmos Penitenciais. Co obxecto de realizar unha recuperación o máis exhaustiva posible, procuráronse todos os libros de horas dispoñibles nas ferramentas consultadas. E dicir, incluso naquelas nas que é posible localizar as imaxes dun manuscrito mediante diferentes criterios–refírome as bases de datos iconográficas- renunciouse a esta posibilidade e o que se fixo foi localizar todos os libros de horas indexados nelas e, a continuación, unha procura "manual" da ilustración dos Salmos Penitenciais. O número de libros de horas revisados foi, polo tanto, moi superior ao total do que se ofrece no catálogo (resultado de descartar os que non contiñan o texto dos Salmos Penitenciais ou os que, a pesar de telo, carecían de iluminación ou era esta unicamente unha inicial decorada). A razón deste proceder foi a de evitar as perdas de información derivadas das mencionadas inconsistencias que se dan nalgúns recursos á hora de consignar a correspondencia texto/imaxe –non especificando en todos os casos que texto ilustra a miniatura-. Certos recursos, ademais, nen sequera contan cun apartado para indicar a que texto dun manuscrito corresponde a ilustración descrita.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

2 A lista de recursos empregados está reunida na "Lista de recursos electrónicos dos que proveñen as imaxes"

A busca exhaustiva de libros de horas e a localización das ilustracións dos Salmos Penitenciais en cada un deles resultaba a máis segura das opcións, a pesar de ser a máis laboriosa. Cómpre ter presente que incluso esta alternativa non está exenta de dificultades e riscos de perdas de información, ligados á falta de uniformidade na designación deste tipo de códices. Non todos os recursos os teñen unificados baixo o termo "libro de horas" (expresado na lingua oficial de cada un), o que obriga a ter en conta outras expresións como Horas, *Horae, Officium Beatae Mariae*, *Officium Parvum Beatae Mariae*, etc.

Cabe sinalar, por outra parte, que o groso da recompilación que deu lugar ao catálogo se actualizou por derradeira vez a comezo do ano 2018 (algúns libros de horas foron engadidos ao corpus con posterioridade a esta data, pero a súa localización xa non foi froito dunha procura sistemática). Os recursos actualízanse permanentemente, polo que desde entón é probable que xa foran indexadas as imaxes dalgúns libros de horas máis nas bases de datos iconográficas consultadas. Non serán moitos, seguramente, pois a indexación de imaxes é un labor custoso para as institucións e progresa lentamente. Non acontece o mesmo coa dixitalización de manuscritos por parte das bibliotecas patrimoniais. Estes procesos avanzan a un ritmo vertixinoso, polo que un número importante de libros de horas apareceron xa na Rede desde aquela data. O catálogo que aquí se presenta debería, polo tanto, seguir sendo actualizado ata o momento, probablemente máis próximo do que pensamos, en que a inmensa maioría dos libros de horas estean dispoñibles en versión dixital.

A fiabilidade da información sobre os manuscritos que se ofrece no Catálogo, cun peso importante dos datos obtidos directamente das entidades que os custodian ou que indexan as súas imaxes, vese condicionada, por esta razón, por circunstancias relacionadas coa maior ou menor actualización das fontes de información sobre os códices empregada nestas institucións e resulta inevitablemente pobre cando se trata de libros de máis humilde factura, obxecto de escasa ou nula atención bibliográfica. Así e todo, creo que pode facerse un balance positivo respecto da calidade dos datos obtidos de boa parte dos recursos empregados, que son aqueles, ademais, que aportaron un maior número de miniaturas ao corpus. Tamén na calidade dos metadatos do Catálogo dos que eu son a única responsable -a indexación das imaxes- repercutiu a natureza diversa das fontes de onde se obtiveron as iluminacións, que van desde as que permiten ver todo o manuscrito (bibliotecas dixitais) ata as que ofrecen só as imaxes e, nalgúns casos, nin

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sequera a totalidade das dun manuscrito (como Digital Scriptorium[3]). A diversa calidade das reproducións dixitais que se ofrecen ao público por parte das institucións tampouco é un tema banal á hora de considerar a correcta descrición das miniaturas. Compárese, por exemplo, a elevada calidade das da British Library coa das da Pierpont Morgan Library ou a dos facsímiles dixitais da Biblioteca Nacional de España.

Dada a natureza do traballo que levei a cabo nesta tese, centrado na creación dunha indexación orixinal para un corpus de imaxes, quixera facer brevemente, antes de abordar esta indexación, unha serie de consideracións sobre o traballo equivalente que fan as grandes bases de datos iconográficas institucionais. A riqueza destes recursos e a axuda que aportan á investigación resulta incuestionable e nunca será o suficientemente recoñecida. Á hora de acudir a eles cómpre non esquecer, con todo, os límites que presentan desde o punto de vista da recuperación. Hai uns anos dediquei a esta cuestión unha breve contribución que, se ben hoxe presenta xa datos obsoletos (algo inevitable tratándose de recursos en constante evolución), creo que pode resultar aínda de interese no que se refire ao fondo da cuestión[4]. Chamaba a atención alí sobre as dificultades que ofrece a recuperación exhaustiva de imaxes sobre un tema determinado, ou de ilustracións dun texto concreto, debido á heteroxeneidade do tratamento e descrición das mesmas segundo os recursos e mesmo no seo dun mesmo recurso. Para exemplificalo centrábame na descrición daquela imaxe que é obxecto preferente de estudo nesta tese e obxecto a un tempo do modelo experimental de descrición fina especificamente adaptado a ela: a de David en actitude devota. Remito ao cadro que naquela contribución presentei onde tentei poñer de relevo a maior ou menor coherencia das bases de datos máis coñecidas no que se refire á descrición desta imaxe. En descargo daqueles recursos que "saíron peor parados" na mostra[5], creo que cómpre subliñar que estamos ante unha imaxe particularmente complexa no que a descrición e indexación se refire, tal e como tentarei explicar no capítulo 4 e no Epílogo deste traballo. Na redacción das páxinas do texto

3 Como xa comentei na introdución, Digital Scriptorium sofreu unha profunda remodelación no curso desta investigación, descoñezo neste momento como será a súa versión definitiva, polo que esta apreciación refírese á situacion na súa versión anterior, cando eu o consultei, antes de 2016.

4 Cabada Giadás 2018

5 Algunhas das eivas que alí apuntei xa foron quizais corrixidas ou hai intención de facelo. Así, por exemplo, na páxina web de base de datos iconográfica Mandragore na súa nova versión, (apartado *Exploration*, subapartado *Sujet*) advírtese: "*Attention, un travail de normalisation et de réorganisation de ces sujets est en cours : les libellés sont susceptibles d'évoluer dans les prochains mois*" Web BNF. Mandragore. Exploration. Sujet (consulta 24.09.2023).

expositivo utilicei preferentemente os termos "David arrepentido" e "David en actitude devota" (na descrición das imaxes no Catálogo detallei as escenas que a inclúen en varios Títulos[6]), logo de moito reflexionar sobre os máis indicados dos posibles e tendo en conta as implicacións que o emprego dun ou outro tiñan para o propósito que me guiaba: reunir baixo unha denominación todas aquelas imaxes que reflectisen a figura de David na súa faceta exemplarizante –por oposición á de pecador- nos Salmos Penitenciais. Fóra da ilustración deste apartado do libro de horas, sen embargo, o emprego deste ou calquera outro termo presenta vantaxes e inconvenientes derivados tanto das variantes iconográficas desta figura xenérica de David como do contexto no que se empregou a ilustración, non sempre para iluminar libros de horas nin textos de carácter penitencial.

Os grandes tesauros iconográficos ofrecen descritores que facilitan unha indexación desta imaxe ben en calidade de figura arquetípica do monarca bíblico ou ben con termos que describen a súa vinculación cos dous episodios dos seus pecados no relato bíblico, e que, por así dicir, interpretan a imaxe (especificando que está "arrepentido" ou é "penitente"). Para a imaxe arquetípica empregan un termo descritivo "David orando" ou similares (se ben, obvio é dicir, non é descritivo ao cen por cen, posto que xa se identifica a esa figura orante como David). O tesauro do Index of Medieval Art (IMA)[7] inclúe as expresións "*David in prayer*" e "*David communicating with God*", pero conta tamén con termos de cariz interpretativo como "*Repentant David*" e "*David penitent*", que, por certo, apenas emprega na súa base de datos[8]. Iconclass, o tesauro iconográfico composto de termos alfanuméricos[9], ofrece para indexar a figura exemplarizante de David que topamos nos Salmos Penitenciais o termo descritivo xenérico 71H611 (expresado literalmente como "*David praying (in general) or David communicating with God*") e outros que aluden especificamente ao arrepentimento do rei bíblico, tanto en relación coa

6 Describo máis adiante neste capítulo, no epígrafe 1.2.2.1, a estrutura descritiva das imaxes. A "Lista de Títulos normalizados" inclúese no Vol. II.

7 Sobre este tesauro, antes denominado *Index of Christian Art*, véxase: Woodruff 1942; Hourihane 2014. Sobre a indexación de imaxes artísticas: Layne 2002; e sobre a de imaxes medievais en particular: Baschet 1992, 1994; Cayuela 2014b.

8 Compárese o número de resultados a partir dos diferentes temas: *David, Repentant*: 26 resultados; *David, penitent*: 5 resultados; *David, in prayer*: 264 resultados; *David, communicating with God*: 271 resultados (na última consulta realizada a esta base datos, o 15.09.2023). Os dous últimos descritores mencionados relativos a David ("*in prayer" e "communicating with God"*) foron os que utilizaron na inmensa maioría dos casos para indexar as ilustracións de David arrepentido ou penitente nas miniaturas dos Salmos Penitenciais.

9 Sobre a historia deste tesauro e as súas características véxase a introdución na propia páxina web de Iconclass: https://Iconclass.org/help/about (consultado 07.09.2023)

narración dun dos seus pecados -o que en diante chamarei o Episodio do censo (que se distribúe nos termos 71H541 ata 71H548 para cada unha das etapas do suceso) como para o relativo ao do seu adulterio con Betsabé -que en diante denominarei Episodio Betsabé/Urías- (do que se describe cada unha das etapas no rango que vai de 71H71 ata 71H78). O tesauro de François Garnier conta unicamente co termo David, que debe ser combinado con outros que describen os seus atributos, xestos etc.[10]. O *Thésaurus Timel*[11]- ofrece para as nosas imaxes a posibilidade de descrición mediante a expresión interpretativa "*Repentir de David*".

Á hora de aplicar estes termos que proporcionan os tesauros, as grandes bases de datos iconográficas adoptan decisións diversas. Hainas que se inclinan polo descritivo – David orando- (O IMA, como acabo de comentar, apenas usa os seus descritores "*Repentant David*" e "*David penitent*"). A base de datos holandesa Medieval Illuminated Manuscripts actúa dun modo similar. Aínda que aplica Iconclass, optou, para a figura de David en actitude devota nos Salmos Penitenciais, por utilizar o código 71H611 ("*David praying (in general) or David communicating with God*") en lugar de calquera dos termos alfanuméricos que aluden específicamete ao sucesos narrados na Biblia relacionados coas transgresións de David. Outras bases de datos empregan, ou ben o termo descritivo ou ben o interpretativo e empréganos indistintamente ás veces para describir imaxes semellantes (Mandragore, Initiale, British Library Catalogue of Illuminated Manuscritps*)*.

Á marxe das melloras que sempre se poden introducir nos recursos institucionais, particularmente naqueles que presentan máis inconsistencias na descrición, unificando na medida do posible o termo que nelas se utiliza para describir a mesma imaxe, as diferentes propostas dos grandes tesauros (agás o *Thésaurus Timel*) deixan no aire, e en mans das persoas que levan a cabo as indexacións, a decisión en torno ao tipo de termo que se debería empregar para describir estas imaxes de David en actitude devota nas bases de datos institucionais. No Epílogo deste traballo, e logo de tentar chegar a algunhas

10 Garnier 1984

11 Antes denominado *TIMEL -Thésaurus des images médiévales en ligne*, foi creado e publicado na súa primeira edición en 1980 polo GAHOM (Groupe d'Anthropologie Historique de l'Occident Médiévale). Actualmente é responsabilidade do grupo Anthropologie Historique du Long Moyen Age (AHLoMA -ex GAHOM-) e o Centre d'Études Supérieures de Civilisation médiévale (CESCM) (esta información está tomada da páxina web do Thésaurus Timel, no sitio web do Datu: https://datu.ehess.fr/timel/fr/ consultado 07.09.2023)

conclusións sobre o alcance das imaxes do rei David como figura exemplarizante nos Salmos Penitenciais, dedicarei unhas liñas a explicar a miña opinión sobre esta cuestión.

1.2. O CATÁLOGO

As fichas do Catálogo están elaboradas a partir dunha selección da información rexistrada na base de datos que utilicei para xestionar as imaxes do corpus. Nas fichas consígnase, por un lado, información relativa aos manuscritos que conteñen as ilustracións e, polo outro, a descrición iconográfica destas.

1.2.1. Datos sobre os manuscritos

Os datos sobre os códices que conteñen as imaxes son os relativos ao lugar ou lugares de realización, a cronoloxía e, eventualmente, a autoría das ilustracións, o comitente e o denominado "uso" litúrxico. Canto aos artífices das miniaturas, de haberen varios asociados a un manuscrito, consignáronse todos, especificándose nun apartado denominado "Nota" o responsable da ilustración dos Salmos Penitenciais cando foi posible discriminalo.

A información rexistrada nestes campos relativos aos manuscritos constitúe o punto máis feble do catálogo. Na maior parte dos casos, como veño sinalando, foi obtida de obras de referencia e dos metadatos que ofrecían os propios recursos. Cabe a posibilidade, polo tanto, de que exista bibliografía sobre determinados manuscritos con propostas de datación, localización ou atribucións de autoría que non se reflicten no Catálogo. Cando a fonte de información foron os propios recursos, todos os metadatos do Catálogo herdan as virtudes e os defectos que presenta a catalogación nas ferramentas consultadas. Como especifico na presentación do Catálogo (apartado 1A do Vol II), creo que o balance é positivo no que se refire a aqueles recursos que nutriron en maior medida o corpus. Institucións como a British Library, a Pierpont Morgan Library ou a biblioteca nacional dos Países Baixos (KB nationale bibliotheek), responsable da base de datos denominada en inglés Medieval illuminated Manuscripts, presentan unha bibliografía bastante actualizada sobre os seus códices dixitalizados ou sobre aqueles dos que ofrecen unha indexación das imaxes, de onde se deduce que os datos sobre os mesmos están, á súa vez, razoablemente ao día. Noutros recursos empregados nesta tese interviron especialistas de recoñecido prestixio asesorando ou levando a cabo directamente as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

descricións[12]. Pero esta situación non acontece con todas as fontes dixitais nin con todos os documentos no seo dun mesmo recurso. Cómpre polo tanto ter presente esta cuestión á hora de considerar a validez deste tipo de información no Catálogo. No apartado das fichas "Fonte dos datos sobre o manuscrito" especifícase o recurso ou a bibliografía de onde se obtivo a información.

Independentemente da maior ou menor actualización da información sobre os manuscritos, hai que ter presente que os datos referidos á localización resultan comprometidos a maiores pola dificultade que ofrece a determinación, en certos casos, da rexión á que se refiren os recursos ou a bibliografía consultada. Esta circunstancia deriva, á súa vez, dos propios vaivéns que sufriron as fronteiras dos territorios onde se produciron os libros de horas durante todo o período de existencia deste tipo de códices. Termos como "Flemish", "Pays Bas", ou "Netherlands" resultan extremadamente ambiguos en certos casos e significan cousas diferentes segundo o recurso ou contribución que se consulte. París está situado nunha categoría xeográfica denominada "Norte de Francia" nalgúns recursos (como Initiale) e noutra denominada "Francia Central" noutros (BL). Especialmente esvaradío é o termo "Norte de Francia" que para algúns se refire a unha rexión que chega ata París e que outros limitan ás areas máis norteñas do actual estado francés[13]. Estas indeterminacións afectaron sobre todo ao tratamento estatístico dos datos no presente traballo. Para levalo a cabo, na base de datos empregada para xestionalos creei, ademais do campo onde se rexistran os lugares precisos tomados das fontes de información -que son os que se consignaron nas fichas do Catálogo- outro campo no que empreguei termos normalizados para agrupar por grandes áreas xeográficas os lugares de produción dos libros de horas. Con vistas a clarificar o alcance destes termos xeográficos normalizados, base da análise estatística, presento a continuación un cadro no que deixo constancia das decisións tomadas á hora de denominar as diferentes áreas e de asignar os manuscritos a estas. Baixo a denominación "Países Baixos do Sur/Norte de Francia", incluín os manuscritos procedentes daquelas localidades que ao longo do século XV variaron a súa adscrición as diferentes entidades

12 Na citada presentación do catálogo no Vol. II da tese fago mención da miña impresión sobre a actualización da bibliografía nestes recursos e dalgunhas das persoas expertas que, segundo constan nalgúns deles, asesoraron nas catalogacións.

13 Sobre o alcance destes termos xeográficos para diferentes autores que abordan o estudo da miniatura no período e rexións concernidas no presente traballo, a constante fluctuación de fronteiras e, en particular sobre o termo Norte de Francia e as cidades coas que se relaciona, véxase a síntese que fai Hanno Wijsman (2013, 365-367)

políticas. Incluín tamén neste grupo manuscritos nos que había dúbida sobre a súa elaboración nunha ou noutra entidade xeográfica[14]. Compre ter en conta, en calquera caso, que se trata dunha rexión que se mostrou moi permeable no aspecto artístico, tanto no que se refire á circulación de artífices dos libros de horas como aos viaxes que os propios códices realizaron en diferentes etapas da súa elaboración[15].

Quedan fóra da análise estatística por rexións os poucos manuscritos que situei xenericamente nos "Países Baixos" por non ser quen de decidir se as fontes consultadas se referían aos Países Baixos do Sur ou aos do Norte ou a ambos. As decisións no momento de facer casar as grandes áreas que establecín cos lugares sinalados nos recursos e a bibliografía non sempre foron fáciles. É de desexar, con todo, que o feito de deixar constancia dos criterios que empreguei contribúa a paliar o problema. Deixo así a quen consulte os datos estatísticos a posibilidade de estimar a súa validez coñecendo os principios con que foi establecida a clasificación. No cadro que vén a continuación especifícanse as decisións ao respecto. Cómpre ter presente que nel se recollen unicamente lugares de elaboración de manuscritos compilados no corpus.

14 Vin empregado un termo composto similar ("**Southern Netherlands or Northern France**") no índice de termos xeográficos na base de datos holandesa Medieval Illuminated Manuscripts. No Jean Paul Getty Museum algún manuscrito dos que eu incluín no corpus aparece tamén localizado cun termo similar para delimitar esta área xeográfica: "**Northern France, France; Flanders (or), Belgium**".

15 Resulta moi ilustrativa a este respecto a monografía de Susie Nash dedicada aos libros de horas realizados en Amiens (Nash 1999)

Cadro 1. Asignación de entidades xeográficas ás áreas establecidas para clasificar as imaxes	
FRANCIA	Localidades e rexións xeográficas da actual Francia, salvo as que se inclúen en "Países Baixos do Sur/Norte de Francia";
PAÍSES BAIXOS DO SUR	Gante; Bruxas; Liexa; Amberes
PAÍSES BAIXOS DO SUR/NORTE DE FRANCIA	Amiens; Hainaut; Mons; Tournai; Thérouanne; Saint Omer; Valenciennes; Cambrai; Artois; Arras;
PAÍSES BAIXOS DO NORTE	Manuscritos adscritos nos recursos a "Northern Netherlands"; Utrecht; Delft;
INGLATERRA	Localidades e rexións xeográficas da actual Inglaterra
ITALIA	Localidades e rexións xeográficas da actual Italia
REINOS HISPANOS	Coroa de Castela e Coroa de Aragón
ÁREA XERMÁNICA	Localidades e rexións xeográficas das actuais Alemaña e Austria

1.2.2. Datos sobre as imaxes: a descrición iconográfica

Fronte á febleza dos datos sobre os manuscritos no Catálogo, os relativos ao apartado de descrición das imaxes queren ser o punto forte deste. Son da miña exclusiva responsabilidade e creáronse en función do conxunto de imaxes a describir. Á hora de deseñar os campos de descrición tentei sacar partido das ensinanzas que ofrecen as grandes bases de datos iconográficas, procurando emular e adaptar os aspectos que máis me interesaron de cada unha ás necesidades de descrición. A maiores, apliquei unha descrición xerarquizada das escenas representadas en cada iluminación que non ten equivalente en ningún dos recursos consultados. Esta constitúe, pois, un dos principais valores engadidos do traballo que levei a cabo[16].

16 A actual proliferación de recursos de toda índole impide afirmar con certeza a orixinalidade dunha contribución deste tipo. En calquera caso, o carácter innovador da descrición xerárquica que propoño me foi suxerido na presentación que fixen nas xornadas "Indexer les images médiévales: du langage documentaire à la recherche scientifique", organizadas polo Centre d'Études Supérieures de Civilisation Médiévale celebrado en Poitiers o 2-3 de xuño de 2021. Agradezo vivamente a Pamela Nourrigeon o seu comentario positivo e estimulante ao respecto.

Os obxectivos de partida -crear un catálogo, presentar unha visión da iluminación dos Salmos Penitenciais nos libros de horas e indagar na eficacia dunha indexación fina como método de coñecemento- determinaron a estrutura de descrición das imaxes. Esta se traduce, por un lado, nunha mención das escenas ou temas representados en cada iluminación -expresados mediante **Títulos**- e, polo outro, nunha descrición detallada a maiores -mediante **descritores**- da figura do Rei David en actitude devota naquelas ilustracións en que este aparece, independentemente de que o faga na escena principal ou nalgún espazo marxinal.

1.2.2.1. Clasificación das escenas e expresión da súa xerarquía: os Títulos

Na ilustración dos Salmos Penitenciais nos libros de horas empregouse, na maioría dos casos, un número limitado de escenas. Co obxecto de poder ofrecer un panorama global da iluminación deste texto facendo unha análise cuantitativa a partir das compiladas no corpus, clasifiquei as ilustracións en cinco apartados, que reúnen as escenas máis habituais: visións intemporais da Divindade; estampas do Xuízo Final; escenas de David e Goliat; ilustracións do episodio do encontro de David e Betsabé e as súas consecuencias para o esposo desta, Urías (conxunto que, como xa adiantei, denominarei ao longo deste traballo "Episodio Betsabé/Urías"); e imaxes que amosan o rei David en actitude devota como figura exemplarizante de arrepentimento e expiación. Á parte destes cinco, creei un sexto grupo onde se reúnen todo o resto de escenas ou motivos que, pola súa escasa relevancia, non se prestan a realizar unha análise cuantitativa. Entre estas últimas inclúense outros episodios da vida de David que foron escasamente empregados como ilustración dos Salmos Penitenciais.

A razón de elaborar esta clasificación en grandes grupos foi procurar que estes reunisen un número significativo de imaxes, co fin de que os datos fosen expresivos a nivel estatístico. Isto me levou a incluír nun único apartado – o que denominei "Episodio Betsabé/Urías"- todas aquelas que ilustran algún aspecto do relato relacionado co adulterio de David e as súas nefastas consecuencias, segundo se relata no texto bíblico. O outro gran pecado de David, o da súa decisión de levar a cabo o censo do pobo Israel, non se inclúe en ningún destes grupos, pois unicamente rexistrei unha imaxe deste suceso en todo o corpus. Si existen, como veremos, imaxes e motivos relativos ao castigo deste pecado, pero estes se incorporan nas iluminacións que exhiben a figura de David en actitude devota. Excluín do grupo denominado "Episodio Betsabé/Urías" a ilustración

USC DE COMPOSTELA

que correspondería ao final da narración -a imaxe do arrepentimento de David- porque esta ilustración alcanzou nos Salmos Penitenciais un status que, ao meu xuízo, vai máis alá da peripecia narrativa do episodio do adulterio, podendo ser entendida en moitos casos como unha imaxe arquetípica do rei (cuestión que tentarei argumentar en varios epígrafes da tese e, especialmente, no Epílogo). Ademais, tal e como tentarei argumentar así mesmo -especialmente no capítulo 4- considero que non sempre é posible determinar se o arrepentimento de David nestas ilustracións corresponde con este pecado ou co da elaboración do censo do pobo de Israel. Ou se se trata simplemente desa imaxe canónica, alusiva en termos xerais á faceta do rei bíblico como penitente, sen que sexa posible determinar sobre que pecado ou pecados versa a súa expiación. Por outra parte, diferenciar na clasificación entre as ilustracións relacionadas cos crimes de David por un lado, e as do seu arrepentimento polo outro, ofreceume a oportunidade de analizar a nivel estatístico o impacto da ilustración do Rei como pecador por oposición a aquelas que o presentan como modelo de arrepentimento e devoción. E permitiume así mesmo analizar tendencias na representación da figura exemplarizante de David en actitude devota. Por outra parte, estas imaxes de David, por ser as máis frecuentes na ilustración dos Salmos Penitenciais (máis da metade das do corpus), sendo moitas delas moi similares, foron as que mellor se prestaron a realizar o experimento que pretende ser en certo sentido este traballo: a investigación sobre o coñecemento que se pode obter a partir dunha indexación detallada de imaxes moi semellantes.

En suma, tendo en conta as consecuencias que as decisións relativas á clasificación establecida implican, e para paliar o nesgo inevitable que a taxonomía escollida introduce no panorama global que se ofrece no epígrafe 3.1.2 do capítulo 3, procurei no resto de epígrafes dese capítulo matizar algo máis a visión de conxunto, pormenorizando aspectos relativos á difusión de variantes ou escenas máis concretas, cando foi posible, ou mencionando dentro de cada grupo o abano de escenas que nel se inclúen, así como as eventuais relacións que se establecen entre as dun mesmo grupo ou entre as dun grupo e o resto.

Todas as ilustracións están indexadas, pois, mediante un ou máis "Títulos" que describen as escenas incluídas nelas. Debo facer notar, antes de nada, que dos elementos situados nas marxes das miniaturas describíronse unicamente as representacións de escenas, de persoas en actitude de oración ou de personaxes recoñecibles, como santos e profetas -mesmo os que non chegaron a ser identificados- (agás os que aparecen simplemente integrados a modo de esculturas na decoración arquitectónica que en

USC COMPOSTELA

ocasións enmarca as miniaturas). Non se indexaron outros elementos de carácter marxinal como *drôleries*, personaxes anónimos en diferentes actitudes, animais ou elementos vexetais. En boa parte dos casos, e a partir dunha observación superficial destas figuras, non me pareceu que tivesen un vínculo coas escenas das miniaturas nin co texto ilustrado. En calquera caso, determinalo con certeza, ou estudar o seu papel naqueles casos en que si parecen telo, esixiría un concienciudo e moi laborioso traballo de revisión polo miúdo dos manuscritos completos e da decoración marxinal en todas as páxinas en cada un deles. Só así sería posible determinar se un motivo específico se sitúa exclusivamente nos Salmos Penitenciais –sendo susceptible, polo tanto, de ter significado- ou aparece en varias paxinas do códice, xogando, por exemplo, un papel simplemente decorativo. Un caso paradigmático, neste sentido, é o do pavo real, que en certos casos aparece unicamente vinculado á ilustración dos Salmos Penitenciais e noutros, en cambio, está presente nas marxes doutras páxinas miniadas do mesmo manuscrito. Esta ave, debido as súas altas probabilidades de ter valor significativo en relación coas escenas que ilustran os Salmos Penitenciais, é o único motivo marxinal que describín na indexación das iluminacións na miña base de datos[17], o que me permitiu analizar en que casos podía ter ou non peso semántico (análise que se plasma no cadro incluído no epígrafe 4.2.1.2.4).

A renuncia ao exame dos motivos marxinais débese, fundamentalmente, a que semellante labor impediría levar a termo esta tese, pero tamén pesou na decisión o feito de que, para levala a cabo, non serían axeitados algúns dos recursos empregados neste traballo, que non permiten ver a totalidade dos manuscritos. Esta renuncia non impide que en determinados epígrafes do texto expositivo ou nas fichas correspondentes do Catálogo chame a atención no apartado que denominei "Comentario" sobre algún motivo marxinal no que si vin algunha vinculación significativa co texto dos Salmos Penitenciais ou coa súa ilustración.

Outra precisión importante, tal e como explico no epígrafe dedicado ás características da indexación, é que a asignación de Títulos e descritores respondeu exclusivamente ás miñas necesidades de descrición. Títulos e descritores difiren substancialmente das denominacións habituais na literatura académica e nos tesauros iconográficos das escenas ou motivos descritos. Creei as expresións que pensei que máis

17 Nas fichas do Catálogo unicamente consignei a súa presenza cando a ave se sitúa no seo da escena que acolle a David. Se se presenta nas orlas non foi descrito, por coherencia coa decisión de non consignar no Catálogo a decoración marxinal das iluminacións.

conviñan ás decisións que tomei para agrupar e organizar as imaxes ou analizar aspectos determinados das mesmas. Esta terminoloxía é o resultado dun traballo de correccións sucesivas destinado a facer as buscas o máis sinxelas e afinadas posibles. Isto deu lugar a expresións que poden ser tan estrañas como o Título "Xuízo Final, María, Xoán Bautista, división dos resucitados (diferenciación)" ou como os Títulos e descritores que conteñen o cualificativo "outro/a" destinado a reunir imaxes máis raras ou de difícil definición visual para as que non resultaba operativo crear un descritor específico ("David noutra postura" "David con outro aspecto", "Divindade con outro xesto das mans"). Determinados termos, por outra parte, só teñen sentido no contexto do vocabulario creado para esta investigación ("David e Urías sen carta"). Cómpre insistir, polo tanto, en que a utilidade da miña indexación comeza e remata neste traballo. No mellor dos casos, podería ser aproveitable a quen examine algunha das cuestións abordadas aquí (en particular a iconografía de David). Esta peculiar descrición é a que propoño como unha forma posible de abordar un corpus de imaxes sobre un motivo ou escena específicos e con mínimas variantes aparentes. No cadro que segue esquematízase a estrutura de descrición das imaxes do corpus na base de datos persoal coa que xestionei este.

Cadro 2. Estrutura de descrición das imaxes		
GRUPOS TEMÁTICOS	DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA	
H-Visión intemporal da Divindade	Títulos	
XF-Xuízo final	Títulos	
DG- David e Goliat	Títulos	
BU-Episodio Betsabé/Urías	Títulos	
DD-David en actitude devota	Títulos	descritores
OU-Outras escenas	Títulos	

Tal e como pode apreciarse neste cadro, dividín o conxunto de imaxes do corpus en seis grandes grupos denominados mediante un código (DG, BU, DD, XF, H, OU). Para cada un deste seis grandes grupos (columna esquerda) a descrición organizouse mediante títulos normalizados que dan conta de diferentes escenas incluídas en cada grupo ou incluso de variantes figurativas dunha escena determinada. Unicamente o conxunto que

USC DE COMPOSTELA

se refire ás imaxes da figura exemplarizante de David - fila de cor verde- foi obxecto, a maiores, dunha indexación detallada mediante a lista exhaustiva de "descritores". Tanto a lista de Títulos normalizados como a de descritores poden consultarse nos respectivos apartados do Volume II (2 e 3).

Polo que aos Títulos se refire, para as imaxes que ofrecen unha visión intemporal de Cristo ou de Deus Pai creei un único título. O Xuízo Final, pola súa parte, indexouse mediante trinta e dous títulos que recollen variantes desta escena no corpus. Debo precisar que empreguei o termo Xuízo Final nun sentido moi laxo, deixando á marxe todos os matices que pode suscitar esta escena, co único obxecto de reunir un tipo de ilustracións -a maioría delas estandarizadas- que con toda probabilidade foron entendidas polo público contemporáneo neste sentido no contexto dos Salmos Penitenciais. Á hora de clasificar as escenas incluín tamén neste grupo a ilustración que presenta o Redentor en solitario amosando as chagas, por ser este o criterio que utilicei –a exhibición das chagas- para considerar estas imaxes dentro do grupo escatolóxico e discriminalas respecto daquelas outras estampas que mostran a Divindade nunha visión de carácter intemporal. Na creación destes títulos, e posto que a escena do Xuízo non ía ser obxecto de descrición detallada, procurei expresar verbalmente as imaxes de modo que fose posible cuantificar aspectos tales como a representación ou non da división dos resucitados ou a presenza de intercesores. Polo que as escenas relacionadas con David se refire, para as que se refiren a calquera suceso do Episodio Betsabé/Urías, creei trece títulos- que abranguen todas as ilustracións que encontrei relacionadas coas transgresións de David no relato de II Samuel 11-12, e para as de David e Goliat elaborei seis títulos. O grupo dedicado a David en actitude devota recolle once que dan conta das imaxes de David orando, acompañado dun profeta ou representado como músico.

O sexto e derradeiro grupo da clasificación constitúe unha sorte de "caixón de xastre" onde reunín todas as escenas ou motivos pouco frecuentes nos Salmos Penitenciais dos libros de horas. No corpus cheguei a rexistrar algo máis de cen Títulos que dan conta de escenas, motivos ou figuras que caen fóra dos agrupados nos cinco grandes apartados. A incidencia da maioría deles é inferior a cinco casos.

Fóra desta estrutura de descrición realizada mediante Títulos normalizados se sitúa a descrición das iluminacións dos sete salmos nalgúns manuscritos nos que, excepcionalmente, se ofrecen nas marxes deste texto escenas -normalmente bíblicas- que son continuación de ciclos que se desenvolven todo ao longo do libro e non teñen relación coa sección dos Salmos Penitenciais en particular. Na ficha correspondente do Catálogo

USC DE COMPOSTELA

descríbese eventualmente de xeito non normalizado (nun apartado denominado "Descrición non normalizada") a parte do ciclo que lle tocou ás páxinas desta sección.

Probablemente a característica máis orixinal da estrutura que creei para describir as imaxes sexa a súa capacidade para dar conta da xerarquía das escenas na páxina miniada en función da relación destas escenas entre si. Tentei cubrir aspectos da organización das páxinas iluminadas que non se teñen en conta na descrición iconográfica nas bases de datos institucionais e que poden ser informativos á hora de facer a lectura das miniaturas. Co obxecto de levar a cabo a descrición xerarquizada decidín utilizar campos diferenciados para distinguir o que considerei escenas primarias e secundarias e os criterios a seguir para discriminalas foron os seguintes: cando se presenta unha única escena na páxina, independente de que se trate, por exemplo, dunha miniatura a páxina completa, dunha inicial historiada ou a escena estea imbricada na decoración vexetal dunha orla, esta sempre foi considerada primaria; cando hai varias escenas nunha páxina, trátanse como secundarias as que se atopan en marxes, viñetas, medallóns ou iniciais por oposición á que se representa no compartimento de maior tamaño. Tamén entran na categoría de secundarias aquelas escenas que se inclúen no seo dunha escena principal pero representan un episodio diferente daquel ao que se concede máis importancia (pintadas habitualmente no segundo plano e de tamaño normalmente máis reducido). Na base de datos persoal coa que xestionei as imaxes precisei, ademais, se as escenas secundarias se sitúan en espazos marxinais ou ben no seo da propia miniatura[18]. Por outra parte, cando unha ilustración presenta nun único compartimento dúas ou máis escenas sen maior relevancia unha cá outra, considereinas todas primarias. A continuación se mostran tres exemplos de descrición tendo en conta estes criterios.

18 Co obxecto de simplificar a presentación das fichas, esta última circunstancia non se reflicte no Catálogo do Volume II. A información derivada desta descrición na base de datos resultou útil en particular para analizar o emprego da escena de David e Goliat en certas iluminacións, tal e como se explica no epígrafe 3.4.

Unha escena primaria e tres escenas secundarias, dúas nas marxes e unha no seo do compartimento principal:

Título primario:
David orando

Títulos secundarios:
David atacando a Goliat
Baño de Betsabé
Xuízo final con resucitados



Unha escena primaria e unha escena secundaria, ambas no mesmo compartimento:

Título primario:
Baño de Betsabé

Título secundario:
Morte de Urías



Detalle:



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dúas escenas primarias no seo do mesmo compartimento:

Títulos primarios:
Baño de Betsabé
David orando



As iluminacións dos sete salmos nos manuscritos nos que todas ou varias páxinas da sección contan con algún tipo de iluminación -pouco frecuentes no corpus- foron considerados en conxunto como se dunha unidade se tratase, e neles describín as iluminacións que seguen á que ilustra o comezo do texto dos sete salmos como escenas primarias ou secundarias segundo a súa relevancia en relación coa miniatura que sempre é Título primario: a que inaugura a sección.

Outro aspecto importante das iluminacións que non adoitan recoller moitas das bases de datos iconográficas institucionais é o que deriva do feito de que dúas páxinas contiguas (verso dun folio e recto do seguinte), cando ambas teñen ilustración, compórtanse visualmente como unha unidade. Se o feito de traballar con imaxes illadas, tal e como normalmente se presentan nos recursos, constitúe inevitablemente un obstáculo para a súa análise, a situación se agrava no caso das páxinas adxacentes. Ao considerar como unha unidade de descrición todas as escenas situadas en verso e recto contiguos tentei paliar este problema, pois deste xeito é posible recuperar todas aquelas escenas que foron representadas coa intención de ser vistas conxuntamente, así como as relacións xerárquicas que as persoas responsables da iluminación quixeron establecer entre elas. Posto que moitas veces o que se combina nestes casos é unha minatura a páxina

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

completa no verso dun folio a carón dunha inicial historiada no recto contiguo, en xeral considerei como escena primaria a primeira e secundaria a da inicial, salvo cando a esta última se lle concedeu unha relevancia (polo tamaño da inicial, sobre todo) que esixía considerala ao mesmo nivel que a súa veciña.

Cómpre precisar, finalmente, que en certos casos interesoume fragmentar unha escena desde o punto de vista da descrición, asignando máis dun título a imaxes que en calquera outro contexto deberían ser lidas como unha única composición. Aconteceu isto especialmente nalgunhas que mostran a David orando acompañado dunha figura divina de gran envergadura ou dunha escena do Xuízo Final (co obxectivo de que estas puidesen ser recuperadas nas buscas de imaxes do grupo do Xuízo Final ou da Visión intemporal da Divindade). Outro exemplo deste proceder é a descrición que fixen dunha iluminación que presenta o Xuízo Final e permite ver baixo os resucitados unha imaxe do Purgatorio (A Haia, KB, 076 F 17, fol. 66r). Este último foi descrito como escena secundaria, amputándoo da composición á que pertence, para así poder ser recuperado co resto de imaxes illadas do Purgatorio neste corpus. O Xuízo Final tamén formulou un desafío desde o punto de vista da descrición xerárquica nos casos en que na composición da páxina iluminada Cristo se sitúa nun apartado diferente daquel que acolle os resucitados -ás veces divididos en elixidos e réprobos- (Cristo exhíbese no compartimento principal e os resucitados píntanse nas orlas ou en *bas-de-page*). Nestas situacións optei pola solución contraria, é dicir, por considerar todo como unha escena integral, sen diferenciar os resucitados como escena secundaria malia ocupar un espazo marxinal. Afortunadamente, estes casos que derivan nunha descrición que pode resultar chocante, ou incoherente cos principios que establecín, foron moi puntuais.

1.2.2.2. Características da indexación fina: os descritores

Á hora de realizar a descrición detallada da imaxe máis repetida no corpus, a de David en actitude devota, o gran desafío foi ter que encarar multitude de representacións (en 829 manuscritos) moitas delas sumamente parecidas. Pensei que a resposta idónea era chegar a un nivel de descrición tan minucioso e vívido como o que presentan os campos de texto libre dos rexistros do Index of Medieval Art. Pero necesitaba, a un tempo, utilizar termos controlados que permitisen unha recuperación exhaustiva, que é algo que o texto libre, por definición, non permite. O IMA presenta esta descrición controlada no seu campo de materia (*subject*). Pero o tesauro do IMA ou calquera outro tesauro iconográfico de

envergadura (Iconclass, *Thésaurus Timel*) resultaba inoperante para a tarefa tan específica de diferenciar decenas de imaxes moi similares. Acudir aos tesauros establecidos significaría utilizar practicamente o mesmo descritor para a maioría das ilustracións.

Mandragore ofrece un vocabulario controlado moi detallado. Esta base de datos inspiroume a idea de empregar, para a descrición das imaxes de David arrepentido, ademais dunha lista de títulos (denominadas *légendes* na antiga versión de Mandragore e actualmente *Sujets*), un vocabulario máis específico (formado por termos denominados *descripteurs* antes e actualmente *mots-clés*)[19]. Pero a diferenza do que acontece co vocabulario de *mots-clés* de Mandragore, válido para describir calquera imaxe, o que eu elaborei naceu e se desenvolveu orientado unicamente a aquelas que quixen describir en detalle –as de David en actitude devota- e ao que nelas me interesou describir. Así, por exemplo, na análise das imaxes deste grupo quixen centrar a miña atención de modo particular no exame da paisaxe penitencial, o cal tivo a súa repercusión na elaboración dos descritores. Por esta e por outras razóns que a continuación detallo, os termos son máis "extensos" e "complexos" que os de Mandragore. Moitos deles son auténticos sintagmas, o que os aproxima, en certa medida, ao texto libre do IMA, que foi, ao fin e ao cabo, o meu obxectivo de partida.

A lista de descritores que se recolle no apartado 3 do Volume II é un vocabulario de máis de 200 termos para describir a escena que presenta a David en actitude devota nos Salmos Penitenciais, agrupados por ámbitos de descrición (aparencia xeral de David, xestos, posturas e algúns detalles significativos da indumentaria do Rei bíblico, obxectos asociados á súa figura, personaxes que o acompañan, animais, espazos nos que se sitúa). Agrupar os descritores nos apartados que acabo de mencionar foi simplemente un medio que empreguei para facilitar o traballo, na medida en que me obrigaron a determe en cada un deles no momento de abordar a descrición de cada ilustración, pero estas agrupacións non se reflicten en apartados diferenciados de descrición. Para facilitar os procesos de interrogación que levei a cabo no software utilizado (Microsoft Access), empreguei un único campo para todos os termos que describen a imaxe de David en actitude devota. En suma, con estes apartados tratei simplemente de esquivar no posible erros ou esquecementos, inevitables dado o carácter rutineiro desta operación consistente en describir imaxes tan semellantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

19 Poden verse imaxes de rexistros iconográficos da antiga versión de Mandragore, con "*Légendes*" e "*Descripteurs*" en: Cabada Giadás 2018, figs. 2.1 e 2.2

A elaboración desta terminoloxía detallada e controlada a un tempo estivo presidida, ademais, por dúas ideas. Abordei a descrición como un proceso dinámico e flexible, adaptable en todo momento aos intereses da investigación. Isto tivo a súa repercusión no xeito de elaborar a lista e na lista definitiva de termos. En primeiro lugar, na selección dos aspectos das imaxes que se escolleu describir. En segundo lugar, en que ao longo do traballo o vocabulario non permaneceu estático, a lista medrou e os termos mudaron conforme avanzaba o traballo[20].

A outra idea que estivo na base desta descrición é que o vocabulario creado tiña que facilitar ao máximo o proceso de interrogación, evitando as estratexias de busca complexas. Quixen poder interrogar a base de datos cantas veces fose necesario, procurando que as preguntas co mesmo obxectivo puidesen ser formuladas sempre do mesmo xeito. Isto é algo que parece obvio pero que non sempre é doado na práctica. A experiencia nos di que as ecuacións de busca complexas poden formularse mal, dando erros. Ademais resulta complicado repetilas idénticas ao longo do tempo, a non ser que se grave ou anote a fórmula. Algo que non ten sentido se o obxectivo e unha interrogación continua da base de datos, nun proceso dinámico no que van xurdindo preguntas cuxas respostas, á súa vez, adoitan xerar novas interrogantes. As solucións ás que cheguei para simplificar os procesos de interrogación son o resultado dos tropezos e erros cos que batín cando puxen en práctica as buscas cun detallado tesauro creado inicialmente –un vocabulario máis convencional, con termos simples como os de Mandragore- que resultou ser moi pouco eficaz como ferramenta para recuperar as imaxes de David devoto neste corpus. No transcurso do traballo encontrei erros adicionais que fun solucionando facendo cambios no vocabulario e a continuación cambios masivos nos campos de descrición sobre os termos modificados. A estes cambios me refería cando indiquei que o meu vocabulario non foi estático ao longo do traballo.

Tendo en mente esta idea de simplificar a recuperación das imaxes decidín crear termos con características diversas. Así, para describir o espazo no que se sitúa David nas miniaturas do monarca en actitude devota, ademais de utilizar expresións que dan conta de obxectos ou elementos naturais concretos, empreguei outras de carácter xenérico que permiten axilizar as buscas: para imaxes como a miniatura que se mostra a continuación

20 Explícase cun exemplo uns parágrafos máis abaixo neste capítulo e tamén no epígrafe 5.3 do capítulo 5.

á esquerda (A) creei o termo **David en paisaxe agreste**, e para as que seguen o esquema da B, **David nun patio**[21].





A B

A-Carpentras, BM, ms. 49, fol. 90r

B-Oxford, Bodleian Library, Ms. Rawl. liturg. e. 26, fol. 68v

Entre os termos que describen o ámbito espacial onde se sitúa David creei varios algo máis específicos que se transforman en xenéricos empregando o truncado nas buscas. Así, en moitas imaxes a práctica penitencial do Rei consiste en situarse fóra do seu pazo, ou, noutros casos, dun medio urbano, afrontar a incomodidade da oración nun camiño, por exemplo, pero sen afastarse demasiado dalgunha construción ou de varias edificacións. Estas poden ser o seu pazo ou toda unha vila, e o rei pode amosarse nun xardín, ou preto dun pavillón. Utilicei para todas as situacións un termo con raíz común "David cerca de" seguido das especificacións correspondentes en cada caso (xardín, pavillón, cidade, etc.). Isto permite, por exemplo, recuperar todas as imaxes de David situado nun xardín preto do seu pazo (buscando "David cerca de pazo en xardín"), ampliar a busca ás de David preto do seu pazo en calquera lugar ("David cerca de pazo"), e ampliala aínda máis incluíndo todas as de David preto de calquera construción ou dunha cidade ("David cerca de").

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

21 Empreguei o termo "patio" nun sentido moi amplo: espazo pechado por varios lados pero a ceo aberto.

Reparar na utilidade do truncado para simplificar as ecuacións de busca levoume a introducir cambios nalgúns descritores creados inicialmente, por exemplo nos que establecín para describir os atributos de David, diferenciando os casos nos que este porta os obxectos daqueles en que os ten relegados a un lado (no chan, xeralmente), por ser esta unha cuestión sobre a que precisei facer en moitas ocasións buscas combinadas. Cos descritores creados inicialmente, cando quería discriminar, por exemplo, entre as imaxes de David nunha paisaxe agreste aquelas nas que o rei ten a cabeza cuberta (porta un sombreiro, está coroado etc), -como na imaxe A- daquelas en que a coroa, sombreiro ou calquera outro toucado están no chan, a formulación da ecuación de busca resultaba prolixa e precisaba parénteses:

*David en paisaxe agreste **AND (**coroa abandonada **OR** sombreiro abandonado **OR** sombreiro coroa abandonado **OR** toucado orientalizante abandonado**)***

Con obxecto de solventar o problema, introducín diante dos catro tipos de toucados que usaba nas miñas descricións inicialmente a expresión "toucado abandonado":

ANTES	DESPOIS
coroa abandonada	toucado abandonado.coroa
sombreiro abandonado	toucado abandonado.sombreiro
sombreiro coroa abandonado	toucado abandonado.sombreiro coroa
toucado orientalizante abandonado	toucado abandonado.toucado orientalizante

O que simplificou a busca notablemente:

*David en paisaxe agreste **AND** toucado abandonado*

O feito de proceder deste xeito na descrición para evitar buscas complexas foi unha resposta a necesidades formuladas polo propio proceso de análise das imaxes. A idea de truncar os "toucado abandonado", por exemplo, xurdiu cando quixen pescudar a relevancia dos atributos abandonados de David como recurso visual para expresar a súa humildade. Esta construción dos descritores pensada para facer máis sinxelas as buscas complexas facilita a interrogación afinada no seo dunha base de datos que conta cun número cuantioso de imaxes moi parecidas. Facilitou os numerosos procesos de busca que realicei e reiterei sen esforzo grazas a estes termos, facendo máis fluída a navegación a través dun corpus nutrido, co obxecto de localizar –e revisitar cantas veces foi necesario- imaxes de David en actitude devota que me serviron para reflexionar sobre determinadas miniaturas nas que, finalmente, centrei unha maior atención.

Outro aspecto importante da descrición levada a cabo, adaptada especificamente ao obxecto de estudo, deriva dunha decisión que pode resultar controvertida, e que tentarei xustificar a continuación. Foi coa finalidade de eliminar "ruído" nos resultados das buscas -e dicir, resultados non relevantes- polo que decidín non describir todo o que se ve nas imaxes, e fíxeno pola razón que a seguir explico mediante un exemplo.



C



D

C: San Marino, CA, Huntington Library, HM 1173, fol. 65r

D: A Haia, KB, 76 F 16, fol. 69r

A figura de David arrepentido sitúase a miúdo nunha paisaxe silvestre, como a da iluminación C. Sublíñase así a idea de que David se retirou a un lugar afastado da súa morada ou dunha cidade –Xerusalén-. Illarse equivale a poñer distancia entre a súa persoa e o mundo, e niso consiste nestas imaxes a práctica penitencial. Noutras iluminacións, como a D, o ámbito onde se sitúa o rei é un patio ou lugar asimilable, que se entende vencellado ao seu pazo. Nestas últimas déixase ver tamén usualmente un panorama ao fondo. Considerei que describir este último non só resultaría irrelevante para entender o exercicio penitencial que se escolleu para a figura do rei bíblico (illarse no ámbito doméstico) senón que sería, ademais, contraproducente, pois introduciría ese "ruído" nas buscas en relación co obxecto de análise, que é a idiosincrasia do espazo penitencial. Neste sentido, o rochedo e a edificación situada ao lonxe, relevantes na miniatura C, sono moito menos na D. Se introducise os descritores correspondentes tamén nesta última, as buscas recuperarían os dous tipos de ilustracións: por un lado, as imaxes nas que a paisaxe

USC DE COMPOSTELA

en si mesma constitúe o acto de penitencia extrema (asimilable a una retirada ao deserto); polo outro, aquelas nas que a paisaxe apenas representa un fondo na miniatura, sen connotación significativa en relación co desempeño penitencial. Para diferencialas serían necesarias ecuacións de busca algo máis complexas. En consecuencia, decidín non describir a paisaxe en miniaturas como a D, nas que a natureza e as construcións que se albiscan no horizonte non contribúen a cualificar o espazo penitencial onde se sitúa o rei[22].

O feito de que a descrición se adaptase a aquelas cuestións que decidín analizar en relación coa figura de David arrepentido explica tamén outras decisións, como a de optar por determe nos obxectos que sostén o Anxo do Señor nesta escena e non na indumentaria do monarca bíblico, por exemplo. En calquera caso, creo que se algunha conclusión certa se pode sacar respecto da realización dunha descrición detallada de imaxes como a que neste traballo se levou a cabo é que esta ofrece posibilidades infinitas, e que os aspectos que se escolle describir estarán sempre determinados -quéirase ou non, fágase ou non de forma consciente- polos intereses previos á lectura da imaxe, ou polos que poden xurdir no curso do estudo, susceptibles de orientar a propia dirección dun proceso que, en definitiva, é altamente subxectivo.

1.3. PRECISIÓNS SOBRE A EXPLOTACIÓN ESTATÍSTICA DO CORPUS

Para responder a un dos obxectivos formulados para esta tese -o de ofrecer unha panorámica da ilustración do texto dos Salmos Penitenciais nos libros de horas- realicei unha análise cuantitativa da incidencia xeográfica e cronolóxica dos diferentes grupos temáticos en que clasifiquei as ilustracións. Dediquei a esta cuestión o epígrafe 3.1 do capítulo 3.

Cómpre ter presentes certas circunstancias que, ademais dos atrancos xa sinalados en relación cos termos xeográficos, determinaron a análise e o xeito en que se levaron a cabo as medicións, co obxecto de alertar sobre a eventual validez dos gráficos e datos estatísticos en xeral que se presentan neste traballo. Antes de nada, debo salientar o difícil que resulta determinar a representatividade do corpus, porque descoñecemos algo

22 Se por algunha razón nun futuro necesitase reconsiderar esta decisión, bastaría con recuperar o grupo de imaxes como a D, a partir do seu descritor específico "David nun patio", e introducir nelas os termos correspondentes a esa descrición da paisaxe que para o obxecto deste estudo non me interesou facer.

fundamental: a base última do cálculo. Non sabemos, nin sequera aproximadamente, cantos libros de horas se produciron en Europa, nin por rexións, nin por períodos. A información coa que contamos ao respecto son os códices que sobreviviron e algunhas pistas que ofrece a documentación. A estimación do número dos que nos chegaron tampouco é precisa, e por esta razón, tampouco é posible avaliar con claridade a representatividade deste corpus respecto do número dos que sobreviviron[23]. Cabe pensar, con todo, que o número de manuscritos examinados neste estudo pode ser unha porcentaxe significativa se consideramos a cifra –aínda que vaga- da que fala algún autor estimando en "decenas de miles" os libros de horas manuscritos que perduran hoxe[24]. Hai que ter en conta, ademais, os factores de distorsión que derivan das fontes empregadas para construír o corpus. É posible que os libros que suscitaron máis interese na bibliografía ou nos procesos de dixitalización e/ou indexación en bases iconográficas non sexan os máis representativos do conxunto da produción histórica de libros de horas. É evidente que os máis luxosos e os de máis calidade estarán sobrerepresentados na compilación que levei a cabo, en tanto foron obxecto privilexiado de estudo, preservación e difusión. Incluso porque, probablemente, foron os que tiveron máis posibilidades de chegar ata os nosos días.

---

23 Paréceme significativo da desorientación que existe sobre este tema a afirmación que se fai nunha recente contribución na que, para estimar a validez dun estudo sobre a iluminación do Oficio de Defuntos nos libros de horas, baseado no exame de aproximadamente 300 manuscritos, se afirma (o subliñado é meu): "*Por mor del ingente número de libros de horas conservados –**que superan el millar**–, el corpus objeto de análisis es limitado, pero estamos persuadidos de que la selección realizada es representativa y de que los resultados son, por lo menos, sugerentes*" (Borsari 2022, 115). Sen restar validez a este estudo, de interese indudable, sorprende a estimación tan baixa que se fai do número de libros de horas existentes actualmente.

24 Anderson 2022, 3. Por outra parte, sirva de exemplo a efectos orientativos unha comparativa do número de ilustracións reunidas no corpus desta tese e o número de libros de oracións rexistrados en Luxury Bound, a exhaustiva base de datos creada por Hanno Wijsmann entre 1997-2012 e actualizada en 2016, aloxada no sitio web do IRHT, que referencia manuscritos ilustrados orixinarios dos Países Baixos ("*The Netherlands / Low Countries*" entendido o termo, nesta base de datos, como: "*roughly present-day Belgium, the Netherlands, Luxembourg, and the French region of Nord-Pas-de-Calais*" segundo se declara na presentación do seu corpus) datados entre 1400 e 1550. O resultado da busca nesta base de datos, seleccionando a tipoloxía "*Books of hours and prayer books"* (manuscritos e follas soltas deste tipo de códices, en institucións públicas e en mans privadas) da como resultado, 2.187 documentos. O corpus que eu presento reúne imaxes de 434 libros de horas procedentes destas mesmas rexións no mesmo tramo cronolóxico. Tendo en conta que a cifra de 2.187 inclúe algo máis que libros de horas (outros libros de pregarias, salterios, etc), non parece improbable que a porcentaxe libros de horas dos que compilei ilustracións procedentes desta área xeográfica se achegue ou incluso supere o 20% dos libros de horas reunidos en Luxury Bound. Extrapolada esta porcentaxe ao conxunto do corpus desta tese o dato podería servir de orientación á hora de estimar a representatividade deste en relación co número de libros de horas que sobreviviron ata os nosos días.

Ante a dificultade para determinar a representatividade do presente corpus, cómpre insistir en que todas as lecturas de datos e todas as afirmacións que se fagan a partir de agora refírense aos manuscritos compilados, por máis que non sempre se especifique esta cuestión no texto expositivo, co obxecto de non entorpecer a lectura (mediante continuas alusións do tipo "segundo a información subministrada polo corpus" etc.). Deixo á xuízo de quen as consulte determinar a súa utilidade á hora de consideralas unha aproximación máis ou menos crible a unha estampa do que puido ser a realidade. Parece sensato considerar, con todo, que os datos terán máis posibilidades de achegarse a esta realidade cultural do pasado canto máis acusados se presenten os trazos que debuxan (parece incuestionable, como veremos, a importancia da escena do Xuízo Final como ilustración dos Salmos Penitenciais nos Países Baixos do Norte e a mínima incidencia desta imaxe como ilustración do mesmo texto nos libros de horas italianos, por exemplo). A elaboración dun corpus realmente exhaustivo, enriquecido polas dixitalizacións e publicacións máis recentes, permitirá poder ofrecer unha fotografía cada vez máis precisa -pero que nunca deixará de estar desenfocada- do que puido ser o panorama da ilustración dos Salmos Penitenciais nas diferentes rexións de Europa e a súa evolución durante o tempo en que os libros de horas existiron.

En segundo lugar, debo aclarar que a maioría dos gráficos expresan porcentaxes, referidos á base de cálculo que en cada momento utilicei. Así, para establecer a difusión dos diferentes grupos en que reunín as principais escenas nas diferentes áreas xeográficas tomei como base de cálculo o número de manuscritos que hai no corpus procedentes de cada área e de cada un dos períodos considerados en cada caso, para así evitar a distorsión que introduciría o feito de que, por exemplo, compilei moitos menos manuscritos italianos que franceses ou moitos máis manuscritos do século XV que do XIV, e do último cuarto do XV máis que do primeiro cuarto etc.

Hai que ter presente, por outra parte, que os cálculos se referirán á incidencia de cada grupo tendo en conta o número de manuscritos en que se recolle algunha imaxe dese grupo no corpus, non ao número de veces en que a imaxe aparece no corpus. Por exemplo, as estatísticas se basean no dato de que as imaxes do grupo temático David e Goliat (ver cadro 2) aparece en 134 manuscritos, detallando a distribución xeográfica e cronolóxica destes códices. Pero o número de imaxes no corpus deste grupo é moi superior (187), pois nunha mesma iluminación poden aparecer varias escenas de David e Goliat (nunha delas o pastor ataca o xigante, e noutra procede a decapitalo). Pola mesma razón -o feito de que a sección dos Salmos Penitenciais nun manuscrito determinado pode estar ilustrado por

USC DE COMPOSTELA

máis dunha escena (todas nunha páxina ou distribuídas en varias páxinas)- se explica que o conxunto das barras dos gráficos -que expresan tantos por cento- superen, sumadas, máis do cen por cen. Véxase, por exemplo, o gráfico que mostra a incidencia dos grupos temáticos no século XV nos Países Baixos do Norte (Gráfico 4). Case o 60% dos manuscritos compilados contan cunha ilustración do Xuízo Final, mentres que a imaxe de David devoto no mesmo período acada unha representación de case o 50% dos manuscritos realizados neste territorio. Isto se debe a que unha parte importante deles están ilustrados con ambas imaxes no comezo dos salmos..

Outro factor a ter en conta no que se refire á información estatística que se ofrece neste traballo é a natureza dos datos de que se parte e a súa heteroxeneidade, particularmente no que á datación se refire. Temos manuscritos datados por cuarto de século ou menos (a maioría) pero tamén por metade de século ou datados "a mediados de século". Tamén hai disparidade, como acabo de sinalar, en canto a número de manuscritos procedentes das diferentes áreas. Estas circunstancias tradúcense, basicamente, no feito de que non todos os manuscritos puideron ser tidos en conta á hora de elaborar os diferentes cadros estatísticos. A base de datos foi segmentada en función da estatística a realizar. Deste xeito, para determinar a incidencia global de cada un dos grupos temáticos en que clasifique as iluminacións durante todo o período de existencia dos libros de horas empreguei como base para o cálculo a totalidade dos manuscritos compilados, 1.293. En cambio, para ver esta mesma incidencia por cuartos de século no século XV en Francia tiven que limitarme a ter en conta aqueles manuscritos dos que está afinada a datación ata o cuarto de século. Todos os manuscritos datados, por exemplo, na "segunda metade do século XV" ou "a mediados do XV", e, non digamos xa, "no século XV", quedaron fóra do tratamento estatístico. Posto que, afortunadamente, estas datacións máis vagas son minoría, as bases de cálculo non se viron excesivamente minguadas nestes casos.

Debo sinalar, finalmente, que a discriminación que fixen na descrición das imaxes en función da súa importancia na páxina ilustrada (escenas primarias e secundarias) non foi tida en conta na análise cuantitativa dos datos. Polo tanto, tampouco se valorou esta cuestión na análise cuantitativa da incidencia dos diferentes grupos no epígrafe 3.1. Trateina nos epígrafes dedicados a cada grupo por separado cando o considerei de interese e os datos resultaban significativos (epígrafes 3.2 a 3.5).

USC DE COMPOSTELA

Todas as limitacións e consideracións que acabo de expresar non deberían restar interese, ao meu entender, á explotación estatística do corpus que aquí se ofrece, en tanto permite coñecer, cando menos, os datos concretos en que se basea o panorama global

ofrecido sobre a iluminación dos Salmos Penitenciais, unha concreción que non encontrei ata o de agora na maioría dos traballos que falan dun xeito ou doutro sobre este tema. En todo caso, insisto en deixar constancia destas limitacións, sobre todo se eventualmente alguén utilizase esta información en subseguintes contribucións.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 2. O CONTEXTO DAS IMAXES: UN TEXTO PENITENCIAL

As imaxes que son obxecto de compilación e indexación neste traballo ilustran un texto que está presente en case todos os libros de horas e que, como o seu nome suxire, está ligado dun xeito ou outro á práctica penitencial. Por outra parte, o período de auxe dos libros de horas coincide coa etapa de intensa catequese do Sacramento da Penitencia no Occidente cristián, derivada da institución en 1215 da práctica anual obrigatoria da confesión e a comuñón. Nas ilustracións dos Salmos Penitenciais conflúen, pois, aspectos derivados destas dúas circunstancias -a súa presenza nos libros de horas e a coincidencia destes co momento álxido da propaganda sobre a obrigatoriedade da confesión-. Alén disto, os Salmos Penitenciais foron obxecto no período medieval -nos derradeiros séculos particularmente- dunha atención especial, que se traduciu na redacción de comentarios, paráfrases e mesmo de certos textos satíricos e algunha obra dramática. A seguir se presentan con breves pinceladas estes fenómenos que enmarcan, desde diferentes ángulos, o contexto no que se inscriben as imaxes do corpus.

2.1. A PENITENCIA EN ÉPOCA MEDIEVAL

Vista desde a óptica da historia da penitencia, a etapa que serve de marco ás imaxes do corpus coincide con aquela na que se consolida a denominada penitencia privada. Esta fase viuse precedida dun amplo período que remonta ao tempo da igrexa apostólica e que asistiu a concepcións diversas da práctica penitencial, as cales confluírían no sacramento tal e como o coñecemos hoxe en día[1].

2.1.1. Evolución do sistema penitencial

Xa desde a época da Igrexa apostólica parece que conviviron diferentes modos de perdón dos pecados, sendo un deles a confesión, probablemente pública e comunitaria -no seo da asemblea dos fieis- para as faltas leves, e a exclusión temporal da comunidade -da cal hai testemuño nos escritos dos apóstolos- para os pecados graves ou para os

1 Os dous epígrafes que seguen son unha síntese de diversas contribucións sobre a penitencia na Idade Media: Payen 1967; Rusconi 1981; Adnès 1984; ; Delumeau 1992; Vogel 1994a e 1994b, 1994c; Casagrande e Vecchio 2003. Unicamente especificarei en notas adicionais consideracións particulares dalgún destes autores ou algún outro traballo consultado para algunha cuestión específica.

pecadores recalcitrantes. Será, con todo, nos séculos IV e V, como reacción da Igrexa ao relaxamento das comunidades cristiás tras a paz constantiniana, cando se desenvolva e perfeccione a penitencia eclesiástica. No tratamento teolóxico da penitencia nesta época destacan autores como Ambrosio e Agostiño. Cánones disciplinares de diversos concilios, decretais de varios papas e compilacións de instrucións aos bispos regulamentaron a práctica penitencial que hoxe coñecemos como "penitencia pública" e antigamente se denominou preferentemente "canónica". Aplicable aos pecados graves –sobre o catálogo destes non todos os autores estiveron de acordo- tratábase dunha institución complexa, tanto xurídica –en tanto asignaba un status especial ao pecador dentro da Igrexa- como litúrxica, en tanto implicaba unha serie de ritos celebrados polo bispo, que era o encargado de impoñer ademais unha serie de exercicios variados. Rematado este período de penitencia –cuxa duración se establecía polo bispo- acordábase ao penitente o *sacramentum reconciliationis*. O rito, en presenza da comunidade, incluía, ante os penitentes prostrados en terra, unha oración do bispo implorando o perdón de Deus e a imposición da man a cada un deles. Só se celebraba unha cerimonia de reconciliación por ano, en Xoves ou Venres Santo. Un dos trazos definitorios da penitencia canónica era a imposibilidade da súa reiteración.

Ao tempo que se producía a consolidación institucional da penitencia pública tiveron lugar outros fenómenos que máis tarde habían confluír na forma penitencial que triunfará finalmente a partir do século XIII. No ámbito dos padres do deserto estableceuse unha forma de confesión privada concibida non como acto sacramental senón como medio ascético para alcanzar a perfección. O solitario do ermo adoitaba abrir os intersticios do seu ánimo a un "ancián" –xurde entón a metáfora do médico de almas- que máis tarde no mosteiro exipcio será a miúdo o superior xerárquico. Pancomio e Basilio xa prescribiron esta práctica nas súas regras, e Casiano, formado directamente entre os monxes do deserto exipcio, difundiuna en Occidente. A confesión privada acabaría sendo un dos elementos propios da disciplina monástica. San Bieito, por exemplo, prescribiuna na súa Regra. Desde os círculos monásticos o costume acabou introducíndose entre os laicos, un proceso que se produciu, fundamentalmente, en Gran Bretaña e Irlanda, onde non existía a penitencia pública. A práctica penitencial consistía alí nunha confesión feita en segredo ao monxe, con acusación detallada dos pecados –todos, non só os graves-, a súa frecuencia e circunstancias. A satisfacción imposta realizábase en privado, e unha vez cumprida, os penitentes recibían a absolución –termo que pronto substituíu o de reconciliación-, tamén en privado. Un sistema de "tarifas" –sancións especificadas nos

USC DE COMPOSTELA

denominados penitenciais- determinaba para cada pecado a penitencia correspondente, consistente principalmente en días de xexún (que podían ser semanas, meses ou anos). Os penitenciais distinguían tarifas diferentes para o mesmo pecado en función do pecador. A diferenza do que acontecía coa penitencia pública, a chamada "penitencia tarifada" podíase repetir cantas veces fose necesario. Os monxes celtas que emigraron ao continente no curso dos séculos VI-VII introduciron alí a súa forma de penitencia tarifada. O primeiro indicio deste fenómeno foi a condena que fixo dela o III Concilio de Toledo de 589, criticando a súa reiterabilidade co argumento de que podía favorecer a recaída do pecador. Pero sería esta característica, precisamente, a clave do seu triunfo. A penitencia pública perdeu rápidamente adeptos, tanto pola imposibilidade de ser realizada máis dunha vez na vida como pola situación de perda vitalicia de dereitos por parte dos fieis que a ela se sometían, equivalente, en palabras de C. Vogel, á "morte civil" do pecador[2]. Xa o Concilio de Chalon-sur-Saône, cen anos despois do de Toledo, aprobou a nova práctica por unanimidade, e nos séculos VII e VIII converteuse no modo común de facer penitencia. A reforma relixiosa de Carlomagno tentou restablecer a penitencia pública, pero dadas as dificultades, acabou establecéndose o dobre principio dunha penitencia pública para os pecados graves (homicidio, adulterio...) e unha privada para o resto. Cara o ano mil comezou a facerse común o costume de dar a absolución inmediatamente despois da declaración dos pecados. Produciuse ademais unha reacción contra a dureza das tarifas dos penitenciais –que acabarían caendo en desuso- e impúxose a idea de que a penitencia imposta quedase a discreción do confesor.

A historia da penitencia en época medieval en Occidente sintetízase, en suma, na periodización en tres etapas proposta por Cyrille Vogel[3], que sinala unha de predominio da penitencia comunitaria (a pública ou canónica) –ata o século VII-, outra de penitencia tarifada –finais do século VI ata o século XIII-, e unha terceira etapa, a partir do século XIII, de "reorganización do proceso penitencial", na cal conviven tres sistemas: a penitencia pública solemne, exclusivamente para crimes especialmente graves, cuxo ritual está fixado desde o Pontifical romano-xermánico do século X; a penitencia pública non solemne, -basicamente, a peregrinación penitencial- aplicable a faltas públicas escandalosas e aos cregos acusados de pecados graves e públicos (os relixiosos estaban excluídos da penitencia pública) –as expedicións de cruzada, esa "peregrinación armada"

2 Vogel 1994b, 31

3 Vogel 1994a, 19-20

en palabras de Vauchez, entraban dentro desta categoría[4]-; e, finalmente, a chamada penitencia privada, epílogo da penitencia tarifada[5]. Para que dunha institución penitencial asumida enteiramente pola colectividade se pasase a un acto individual, o proceso non foi, en opinión de Vogel, unha evolución, senón unha substitución, en razón das vantaxes que presentaba a práctica céltica sobre a fórmula canónica.

O impulso definitivo ao sistema de penitencia privada veu dado polo canon *Omnis utriusque sexus* do IV Concilio Laterano que, a partir de 1215, impuxo aos crentes a obriga de confesar os pecados e comungar polo menos unha vez ao ano en tempo de Pascua, baixo pena de excomunión aos que non cumpriran o precepto[6]. Estableceuse que os fregueses debían confesar co seu párroco (*proprius sacerdos*), algo que xa tentara, aínda que sen éxito, a reforma gregoriana do século XI, buscando desterrar costumes asentadas e que se prolongaron ata o IV Concilio Laterano, como a da confesión a monxes e ermitáns. Unha das preocupacións do Concilio foi a de que se utilizase a confesión obrigatoria como medio de presión pastoral – a confesión comportaba habitualmente unha conversación que permitía interrogar o penitente acerca da súa fe e conduta- e para asegurar a fidelidade da comunidade cristiá fronte ás herexías. Numerosos concilios rexionais do século XIII en toda Europa fixéronse eco das decisións do Laterano de 1215.

A reforma pastoral do século XIII coincidiu, ademais, co nacemento e expansión das ordes mendicantes. O mesmo concilio que estableceu a obrigatoriedade da confesión se ocupou, no seu décimo canon, *De praedicatoribus instituendis*, da organización da predicación[7]. A mellor formación dos mendicantes, en contraste coa do clero secular, favoreceu que os frades acabasen monopolizando en moitos casos o control da confesión, o que ocasionou numerosas disputas entre ambos sectores[8]. A súa itinerancia, que garantía

4 Vauchez 1985, 61, 90-91; sobre a peregrinación penitencial véxase tamén: Vogel 1994c.

5 Unha síntese equivalente dos sistemas de penitencia que conviviron no período baixomedieval é a que se fai, nunha explicación clara e pormenorizada, nas Partidas de Afonso X o Sabio (Partida I, Título 4, desde a Ley XVIII -*"Que cosa es penedencia e quantas maneras son della"*- ata a Ley XX). Nestas leis especifícanse detalladamente a natureza e características dos tres tipos (*"sollepne", "pública" e "privada"* (Afonso X 1975, 28-30)

6 "*Omnis utriusque sexus fidelis, postquam ad annos discretionis pervenerit, omnia sua solus peccata confiteatur fideliter, saltem semel in anno proprio sacerdoti, et iniunctam sibi poenitentiam studeat pro viribus adimplere, suscipiens reverenter ad minus in Pascha eucharistiae sacramentum*" (Canon 21, cita textual tomada de: Soto Rábanos 2006a, 456)

7 Polo de Beaulieu 2003, 658.

8 Rusconi 1981, 69-70, 75

o anonimato do pecador ante o confesor, foi outro dos factores que propiciou a disposición a preferir os frades fronte aos párrocos[9].

Outro aspecto a considerar cando se fala de penitencia na Idade Media é o das prácticas das persoas laicas que aspiraban á perfección seguindo a vía da espiritualidade penitencial, xa desde a Antigüidade e en particular a partir do século XII, en que o estado penitencial chega a ser un xénero de vida relixiosa, como proba a existencia de beguinas e begardos[10]. Tamén cómpre mencionar as confrarías de penitentes, existentes desde o século XIII[11], ou a importancia das formas extraordinarias da práctica penitencial, moitas veces nas marxes da ortodoxia, como as que a finais da Idade Media practicaron, por exemplo, os flaxelantes. Os disciplinantes aparecen en 1260 baixo a influencia da corrente xoaquimita, reaparecen coa Gran Peste de 1348-1349 e en cada época de calamidade ata finais da Idade Media.

Cómpre mencionar, finalmente, a cuestión das indulxencias, os privilexios de orixe pontificio ou episcopal que garantían á persoa beneficiaria unha redución da penitencia. A súa práctica, baseada en principios establecidos xa desde o século XI, non se multiplicará ata o século XIII e acabará tendo un papel esencial na vida relixiosa no período baixomedieval. A base do sistema era económico, pois os fieis podían gañar o prezado privilexio mediante esmolas a santuarios, hospitais ou ordes relixiosas, se ben tamén interveñen outros mecanismos como a visita a igrexas ou o rezo de oracións[12]. O beneficio chegou a facerse extensible, en determinadas circunstancias, ás ánimas do Purgatorio, unha cuestión que xerou importante controversia[13]. Os libros de horas ofrecen un testemuño elocuente sobre a importancia das pregarias en relación coa concesión de indulxencias consistentes na conmutación dun número de anos de condena no Purgatorio. As lendas que preceden determinadas oracións nestes códices informan detalladamente dos seus beneficios "contables" e, en ocasións, incluso do xeito en que estas oracións deben ser pronunciadas[14].

---

9 Potter 1975, 19

10 Vauchez 1985, 117-118

11 Leroquais 1927, 1: xi n. 1

12 Para unha biliografía sobre a cuestión das indulgencias véxase Baloup, 2003/2004, 62 n. 2

13 Le Goff 1981, 380. Véxase tamén Baloup 2003/2004, 66-67

14 No meu transitar a través das páxinas do libros de horas teño encontrado a miúdo estas rúbricas, entre as que destacan as que preceden o texto das Sete Oracións de San Gregorio sobre a Paixón, comunmente ilustrado pola escena da Misa de San Gregorio. Nun libro de horas italiano Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ., Houghton Lib., Typ 1000, seq. 308, pode verse como aparece riscado o texto que di que esta

2.1.2. Aspectos teolóxicos e doutrinais

Desde a segunda metade do século XI existe acordo para situar a penitencia entre os sacramentos da Igrexa, aínda que ata finais do século XII algúns teólogos consideran que só e sacramental a penitencia pública solemne non reiterable, co bispo como ministro e a imposición de mans como rito. A partir de entón non se fará distinción entre penitencia pública e privada desde o punto de vista sacramental. Fálase ás veces de *sacramentum confessionis*, aínda que o termo que prevalecerá será *sacramentum paenitentiae*, que adopta nas súas *Sententiae* Pedro Lombardo, o autor que contribuiu a dar unha idea máis clara do valor sacramental da penitencia. A teoloxía do sacramento establece por entón formalmente as chamadas tres "partes" da penitencia -a contrición, a confesión e a satisfacción- que corresponden, respectivamente, ao sentimento de corazón, á expresión oral e á reparación.

A noción de contrición, que xa aparece na literatura patrística, non se afirma co sentido exacto de arrepentimento dos pecados ata os tratados sobre a penitencia sacramental compostos na segunda metade do século XII. Hai que ter en conta que a penitencia pública poñía o acento nos actos exteriores en detrimento da contrición, e que a tarifada tampouco fixo do arrepentimento unha condición necesaria para o perdón dos pecados. A *contritio cordis* ten o seu precedente no concepto de compunción, usado xa desde Xerome ou Casiano, e que Isidoro define como "humildade da mente con bágoas, xurdida do recordo do pecado e do temor do xuízo"[15]. A idade de ouro do arrepentimento, -o século XII- ve nacer a doutrina do contricionismo, que esixe as bágoas do penitente, pois antes deste momento os textos que regulamentaban a penitencia non demandaban contrición visible. A contrición levanta inmediatamente o castigo eterno, pero queda ao pecador cumprir neste mundo a sanción do castigo limitado para reparar a súa falta -a mortificación imposta polo confesor- cuxo obxectivo é conxurar a ameaza dunha

---

pregaria, recitada por penitentes confesados e de xeonllos ante unha imaxe da Pietá, e rezada xunto cun certo número de Ave e paternoster, proporciona numerosos anos de indulxencia. Pode verse outra referencia a indulxencias (tamén riscada) no mesmo manuscrito (seq. 312). Kathryn Rudy (2016) estudou estas rúbricas, relativas á concesión de indulxencias en libros de oración neerlandeses, especialmente en libros de horas. Véxase tamén sobre esta cuestión Vanwijnsberghe 2019, 48.

15 "*Compunctio cordis est humilitas mentis cum lacrymis, exoriens de recordatione peccati et timore judicii*" (*Sancti Isidori Hispalensis Episcopi, Sententiarum libri tres, Liber secundus, XII*, PL Col. 613B, citado por Adnès 1984, 972)

expiación máis severa *post mortem*, no Purgatorio. O contricionismo, ao insistir na sinceridade do arrepentimento, volve máis interior unha penitencia que, ata entón, se apreciaba sobre todo nos aspectos externos, e atribúe menos importancia ao acto do pecado que á intención. Noutra liña, San Bernardo, que escribe as súas pasaxes máis significativas sobre o arrepentimento e a penitencia nos textos a propósito da conversión e o desprezo do mundo (*De conversione*), insiste en que compunción e confesión non bastan, e deben ser prolongadas pola esmola, o perdón das ofensas, a aflición dos corpos e a obediencia, e en que non hai remisión dos pecados sen perseveranza atenta na penitencia. Desde este punto de vista San Bernardo afástase do contricionismo do seu tempo. Así é todo, se algo ten en común San Bernardo con outros autores como Abelardo ou Hugo de San Víctor, tal e como apunta Vauchez, é a súa énfase na introspección -"a conquista da vida interior" en palabras deste autor- algo que tamén ten que ver coa práctica da confesión[16].

A comezo do século XIII prodúcese unha gran revolución na teoloxía da penitencia, que se traduce nunha mingua do valor da contrición dentro do sacramento. Houbo que renunciar a pedir do penitente un arrepentimento con bágoas -que sería paradoxal nunha práctica imposta obrigatoriamente- e ponse o acento na confesión auricular, que ao ser máis formal, só esixía a declaración das faltas, arrepentimento verbal e compromiso firme, tamén verbal, de cambiar de conduta. O sentido xeral da reflexión dos teólogos sobre a penitencia a partir de entón vai na liña de reducir o papel activo do pecador e aumentar o poder do sacerdote.

A doutrina clásica sobre a penitencia queda fixada por Tomás de Aquino, para quen non se pode separar a contrición, que dispón o pecador á penitencia, da confesión e a satisfacción que remata a obra da graza. As tres fases son, polo tanto, a materia do sacramento, cuxo elemento formal é a absolución, que volve sacramentais os actos penitenciais.

2.1.3. A instrución sobre a penitencia

Se o declive da práctica da penitencia tarifada implicou o dos penitenciais, a reforma pastoral do século XIII e a implantación da obrigatoriedade da confesión anual

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

16 Vauchez 1985, 128-129

traduciuse na elaboración de escritos de diferente natureza en resposta á necesidade das autoridades eclesiásticas de proporcionar instrución práctica sobre a confesión auricular privada. Unha das cuestións máis sorprendentes ao respecto, en opinión de Thomas Tentler, é precisamente a variedade de obras nas que se tratou do Sacramento. Os teólogos, en xeral, abordaron os problemas da confesión e o perdón nos comentarios do Libro IV das *Setentiae* de Pedro Lombardo. Os lexisladores canónicos tiveron que explicar o *Omnis utriusque sexus*. E a literatura puramente devocional está tamén chea de lugares comúns legais e teolóxicos sobre o pecado, a confesión, a absolución e a penitencia[17].

A finais do século XII e comezo do XIII, a ambos lados do Canal da Mancha, a literatura penitencial altomedieval -prolixa, escura e ás veces contraditoria- comeza a ser substituída por manuais para uso de confesores, entre os que destacan, neste período, os de Thomas de Chobhan e Robert de Flamborough. A ambos se debe a innovación consistente en desenvolver un interrogatorio-tipo baseado no esquema dos sete Pecados Capitais[18]. Na mesma centuria, con posterioridade xa á celebración do IV Concilio Laterano, elaboráronse tres tratados doutrinais fundamentais, obra de tres autores dominicos, fontes das que beberon a maioría de obras da Idade Media tardía para o tratamento do tema moral: a *Summa de casibus*, do canonista catalán Ramon de Penyafort, composta na súa primeira versión entre 1222 e 1228, e tamén coñecida como *Raymundiana*; o tratado sobre vicios e virtudes de Gulielmus Peraldus *Summa seu tractatus de virtutibus et vitiis* (que combina un tratado sobre os vicios de 1236 con outro sobre virtudes de 1249); e *Somme le roy,* escrito por Laurent Gallus -coñecido como Frère Laurent- en 1279 para o rei de Francia, baseado en boa medida nos dous anteriores[19].

A produción máis significativa polo que a práctica penitencial se refire está conformada polas obras pastorais destinadas a instruír os confesores, pero tamén os penitentes. Son, fundamentalmente, as *summae* e os manuais para confesores[20]. As

17 Tentler 1977, 28.

18 Rusconi 1981, 76-77.

19 Sobre estes tres tratados véxase: Bloomfield 1952, 124-125. A propósito da obra de Ramon de Penyafort, véxase ademais: Tentler 1977, 31 ; Sánchez Herrero 1986, 1102-1103; Viejo Ximénez 2018, 124-125. Sobre os tratados de Peraldus: Evans [Michael] 1982, 14-15.

20 Esta é a clasificación que fai Thomas Tentler (1977, 28-48). O certo é que as obras que se detallan nas páxinas que seguen resultan ás veces difíciles de encaixar nun ou noutro apartado e proba diso é o diverso tratamento que reciben na bibliografía (así, por exemplo, Francisco Gago Jover (1999, 175) na súa presentación do *Breve confesionario* -obra realmente breve- declara que este "*pertenece al género de las sumas de confesores*". Poderíanse enumerar moitos outros exemplos contraditorios no mesmo sentido.

summae pertencen ao xénero identificado como *Summa confessorum* ou *Summa de casibus conscientiae*, e derivan da obra de Ramon de Penyafort. Polo que aos manuais se refire, Tentler sitúa á cabeza da lista do máis populares a partir do século XV o *Confessionale Defecerunt* do dominico San Antonino de Florencia (1389-1459) e o *Modus Confitendi* do canonista beneditino portugués André Dias (1348-1450 ou 1451), coñecido tamén como Andrés Díaz de Escobar ou Andreas Hispanus, cuxa obra gozou de enorme popularidade. Esta última obra preséntase como unha especie de confesión xeral pensada para ser lida como un exame de conciencia. Ás *summae* e manuais engádese, no período máis avanzado, a publicación de innumerables espellos de pecadores, manuais diocesanos e tratados de como confesarse[21].

A literatura penitencial en linguas vernáculas, pola súa parte, conta con obras relevantes relacionadas coa penitencia e a confesión xa desde o século XIII. En Inglaterra redactouse en 1260 o anglo-normando *Manuel des péchés,* do que se fixo unha versión en inglés no século seguinte que habería de ter gran difusión, o *Handlyng Synne*. Na tradición de Peraldus, trátase dunha das obras de instrución relixiosa máis influíntes na súa época, centrada fundamentalmente na confesión[22]. O *Somme le roi* foi traducido tamén ao inglés no séc XIV co título *Ayenbite of Inwit e* a outras cinco linguas, entre elas o catalán, tamén no século XIV[23]. Neste mesmo século o dominico italiano Jacopo Passavanti escribiu *Lo specchio di vera penitenza*[24] e na Península ibérica cabe citar, o *Libro de las confesiones* composto en 1316 por Martín Pérez e traducido ao portugués a finais do mesmo século[25]; e xa no século XV caber mencionar obras de autores como Frei Hernando de Talavera, Alonso de Madrigal e Lope Fernández de Minaya entre outros[26].

Nesta literatura de instrución sobre a confesión destinada a cregos e laicos faise fincapé na interrogación do crente en torno aos seus coñecementos sobre os fundamentos da fe e a doutrina cristiá -os artigos do Credo, os Dez Mandamentos, os Sete Sacramentos,

21 Tentler 1977, 30, 44

22 Bloomfield 1952, 143, 171-173

23 Bloomfield 1952, 125. Sobre *Ayenbite of Inwit* véxase tamén Ackerman 1962, 57. Sobre a tradución ao catalán de *Somme le roi*, véxase: Sánchez Herrero 1986, 1104; Fusaroli 2021

24 Bloomfield 1952, 127-128. Sobre Passavanti, o seu tratado e a influencia da súa personalidade na actividade artística en Santa María Novella de Florencia, na que foi predicador e posteriormente serviu como prior, véxase Meiss 1988, 106-108.

25 Sobre este manual véxase Macedo 2009, 22-27

26 Para unha exhaustiva relación deste tipo de obras na Península Ibérica véxase Sánchez Herrero 1986. Analiza a visión do pecado nos manuais de confesión hispanos Soto Rábanos 2006b.

as Obras de Misericordia ou os vicios e virtudes-, que servían para guiar as preguntas na confesión ou levar a cabo o exame de conciencia[27].

En relación coa instrución sobre a penitencia cómpre considerar tamén a produción relacionada coa predicación, dada a estreita relación entre esta e a confesión nos derradeiros séculos medievais. Hervé Martin chamou a atención sobre o precioso testemuño que proporciona un manuscrito custodiado na biblioteca municipal de Cambrai no que se recollen recomendacións de actuación na instrución sobre a penitencia dirixidas aos confesores e aos predicadores por separado. Ambas presentan numerosos paralelismos, testemuño da evidente concordancia entre os discursos dos uns e dos outros. Segundo conclúe este autor, o confesor continuaría o labor iniciado polo predicador e a eficacia do labor do primeiro só podería medirse unha vez realizada a confesión[28]. Sen saír do ámbito da predicación, cabe recordar que o relato exemplar, un dos pilares do sermón baixomedieval, constitúe unha boa fonte para afondar no imaxinario da penitencia[29]. As coleccións de *exempla,* instrumento de traballo dos predicadores, recollen referencias ao sacramento, ás súas tres partes e á práctica penitencial. A compilación coñecida como *Gesta Romanorum*, por exemplo, -cuxo máis temperán testemuño é un manuscrito datado en 1342- contén un bo número de narracións moralizadas que abordan estas cuestións[30].

Toda esta literatura catequética e doutrinal deixou unha profunda pegada nalgunhas obras de creación literaria, entre as que salienta o relato titulado *Parson's Tale*, comunmente atribuído a Geoffrey Chaucer. A narración está concibida como un auténtico

---

27 Ackerman 1962, 545-546. Resulta moi ilustrativa a este respecto a lectura do *Breve confesionario*, obra que, xunto co A*rs moriendi,* foi publicada en Zaragoza ca. 1479-1484 por Pablo Horus e Juan Plank (Gago Jover 1999, 121-144). O *Breve confesionario* está composto dunha parte destinada ao confesor e un último capítulo dedicado ao penitente. Ambas son tradución das obras de Andrés Díaz de Escobar, *Lumen confessorum* e a xa mencionada *Modus confitendi.*

28 Martin 1988, 388-389

29 Polo de Beaulieu 2003, 660. Sobre a penitencia nos *exempla* véxase ademais a contribución de Jacques Berlioz (1981) dedicada ao tratamento da confesión no *Tractatus de diversis materiis predicabilibus* do dominico Étienne de Bourbon

30 Localicei nesta compilación numerosas alusións a cuestións relacionadas coa penitencia e numerosos símiles da confesión e a contrición. O tratamento máis completo do sacramento aparece nalgún relato que menciona as tres partes do sacramento. Sirva de mostra o capítulo 101, no que se fala dun ambicioso personaxe chamado Gantero, que vive varias peripecias na súa procura de "desfrute sen límites", e que na moralización do relato se compara co bo cristián. Un ancián que aconsella a Gantero como conseguir o seu obxectivo ofrécelle o seu báculo para que dea con el tres golpes na porta dun pazo situado no alto dunha montaña. Na explicación moral do relato se nos di que o ancián é Cristo, o báculo é a penitencia e os tres golpes son a contrición, a confesión e a satisfacción, que abren a porta do pazo, equivalente da vida eterna (De la Torre e Lozano Escribano 2004, 210-212).

confesional para uso de párrocos e nel se tratan pormenorizadamente as tres partes da penitencia: a contrición e os seis motivos que inducen a ela-, a confesión –introducindo un auténtico tratado sobre os sete pecados capitais e as sete virtudes que os remedian- e as obras de satisfacción[31]. A literatura en castelán ofrece tamén exemplos na mesma liña nos séculos XIV e XV, como o *Rimado de Palacio* de Pero López de Ayala, a *Confesión Rimada* de Fernán Pérez Guzmán, ou o *Doctrinal de Privados* do Marqués de Santillana, obras todas que seguen os esquemas dos manuais no tratamento da contrición, a confesión, os Pecados Capitais, os Dez Mandamentos ou as Obras de Misericordia[32].

O panorama da instrución sobre o sacramento quedaría incompleto se non recordásemos, finalmente, o teatro das moralidades, un xénero dramático relixioso de cariz alegórico cuxo obxectivo é a lección moral e do que se coñecen obras en Inglaterra, Francia e Países Baixos do Sur datadas entre os séculos XIV e XVI[33]. Varias das que nos chegaron están centradas no tema da penitencia e reflicten así mesmo cuestións básicas de instrución ao respecto, razón pola cal teñen sido postas tamén en relación coa predicación e o sermón sobre o arrepentimento e o perdón dos pecados[34]. Algunhas destas moralidades conceden á Penitencia -e mesmo ás súas partes- un papel con nome propio como personaxes do drama[35].

O *Parson's Tale* constitúe un colofón idóneo para este sintético epígrafe dedicado á literatura e a instrución sobre a penitencia, pois na súa narración conflúen contribucións dalgunhas das obras mencionadas nos parágrafos precedentes[36]. Siegfried Wenzel sacou á luz diversas fontes doutrinais que o alimentaron, entre as cales mencionou a Peraldus, a Ramon de Penyafort e a *Somme le Roi* de Frère Laurent. A partir do traballo de Wenzel, Beryl Rowland segregou destas contribucións teolóxicas e doutrinais o que o relato debe

---

31 Examina o tratamento da penitencia neste relato: Delasanta 1978.

32 Sánchez Herrero 1986, 1091-1093. Véxase, por exemplo, na obra do Marqués de Santillana un auténtico "caso práctico" de confesión seguindo escrupulosamente o esquema dos manuais: o autor declara os seus pecados a partir dos Dez Mandamentos, os Pecados Capitais e as Obras de Misericordia (estrofas XLI a XLVII) (Santillana 2005).

33 Sobre o teatro das moralidades véxase: Potter 1975, 7-57; Cormican 1971; King 1994.

34 Potter 1975, 25.

35 Por exemplo o personaxe de *Confession* na inglesa *Everyman* (Everyman 1914). Sobre esta e outras moralidades inglesas véxase: Potter 1975, 30-31. Nas moralidades francesas, as alegorías relacionadas coa práctica penitencial que interveñen como personaxes nos dramas multiplícanse: *Pénitence, Contrition, Confession, Satisfaction, Aumône, Jeûne, Oraison* (Davaut 1999).

36 Pódese consultar o texto e a súa adaptación a inglés moderno na Harvard's Geoffrey Chaucer Website: https://chaucer.fas.harvard.edu/pages/parsons-tale

á literatura homilética. A confluencia de ambos tipos de fontes ten reflexo na síntese dos dous estilos literarios que se detectan na obra segundo esta autora. O relato do párroco sería, pois, en opinión de Rowland, o resultado da pegada de dous discursos penitenciais de diferente natureza, un deles herdeiro do sermón dirixido aos laicos, e outro debedor da literatura de formación dos cregos sobre a penitencia, derivada da tratadística sobre o sacramento e os manuais de confesión[37].

2.2. OS SALMOS PENITENCIAIS

2.2.1. Aspectos históricos e litúrxicos

A expresión Salmos Penitenciais é o termo co que se coñece un grupo constituído polos salmos 6, 31, 37, 50, 101, 129 e 142 (na numeración da *Vulgata*). A tradición lendaria medieval, como veremos nos capítulos que seguen a este, transmitiu a idea de que o Rei David os compuxo como penitencia polos seus pecados de adulterio e homicidio. A visión histórica sobre este setenario tamén podería inaugurarse acudindo a unha anécdota con aura de lenda, narrada por Possidius, o discípulo e biógrafo de Agostiño. Na *Vita* do bispo de Hipona, Possidius conta como nos últimos días da súa vida o santo tiña os sete salmos anotados en pergamiños colocados na parede, preto do seu leito, onde xacía prostrado pola enfermidade. Pero Possidius non especifica cales eran eses salmos. A anécdota deu orixe a unha tradición -da que hai constancia polo menos desde o século XV- que responsabiliza a Agostiño da conformación do setenario[38]. Compre ter en conta, porén, que no seu comentario do salmo 6 nas *Enarrationes in psalmos*, Agostiño explora o significado do número sete, pero sen relacionar a cifra co tema penitencial, algo que -tal e como apunta sensatamente Driscoll[39]- debería ter feito se tivese en mente a idea de que os sete salmos constituían un grupo.

No estudo monográfico que dedicou aos Salmos Penitenciais, Clare Costley Kingoo concede un papel fundamental a Agostiño, pero non como responsable de telos reunido, senón polo papel que a súa esexese tería xogado na conformación do conxunto. A autora chamou a atención sobre as contribucións de críticos bíblicos como Hermann

37 Rowland 1987. As achegas de Wenzel en diferentes artículos sobre o Parson's Tale están tamén sintentizadas nesta contribución de Rowland.

38 King'oo 2012, 4 n. 5.

39 Driscoll 2000, 154 n. 3.

Gunkel e Sigmun Mowinckel que, seguindo métodos de análise formalista, sacaron á luz elementos estruturais comúns nestes sete poemas davídicos, o cal explicaría en parte, segundo Kingoo, a coherencia da secuencia. Considera esta autora, así e todo, que na formación do setenario tería sido máis importarte o feito de que Agostiño aplicou a estes salmos unha hermenéutica penitencial. Argumenta que nas *Enarrationes*, a agonía física do salmista tómase repetidamente como manifestación do tormento espiritual da alma, sobrecargada, ante a ira de Deus, polo recoñecemento do seu carácter pecador. Eséxetas posteriores seguirán a Agostiño ao poñer tamén o acento na ira da divina xustiza nas súas lecturas dos Salmos Penitenciais[40]. Casiodoro considera que o conxunto "forma unha sorte de xénero xudicial, no que o acusado aparece ante a vista do Xuíz para expiar o seu pecado mediante as bágoas, e disolvelo mediante a confesión"[41]. O resultado global destas interpretacións foi que sete salmos dispares quedaron unidos nunha serie cohesionada, sendo o factor de unión a visión de Agostiño sobre o problema do sufrimento nestes salmos, resultado directo da confrontación xurídica entre a ira de Deus e o pecado humano[42].

Á marxe destas especulacións sobre as razóns que explican a formación do setenario, o que sabemos de certo é que xa Oríxenes no século III atribuíu a certos salmos un significado penitencial, aínda que o primeiro autor que os enumerou foi Casiodoro[43]. Fíxoo no seu comentario ao conxunto dos cento cincuenta salmos, a *Expositio psalmorum*, datada a mediados do século VI. Nesta obra, cada vez que comenta algún dos sete, Casiodoro recorda sempre que se trata dun salmo penitencial. A súa xustificación do número sete baséase no argumento de que, do mesmo modo que hai sete modos de pecar, hai outros tantos modos de expiar eses pecados[44]. Por outra parte, dado que certas palabras de Casiodoro deixan entrever que o seu público xa coñecía o setenario, cabe inferir que a conformación do grupo é anterior a obra deste autor, pero, en calquera caso, el foi o primeiro en poñelos por escrito[45].

---

40 Núñez Rivera (2001, 118), na súa análise da paráfrase dos salmos penitenciais de Guillén de Segovia (que menciono uns parágrafos máis adiante, no epígrafe 2.2.2), chama a atención tamén sobre a importancia nesta glosa da figura do Deus xusticieiro, cuxas características máis importantes son a "ira" e a "saña".

41 Cita tomada de King'oo 2012, 9 e 202 n. 31

42 King'oo 2012, 8-13

43 Driscoll 2000, 153

44 O que leva a Roger Wieck a considerar que os sete salmos se converteron na Idade Media en medios de loitar contra os pecados capitais (Wieck 1988, 99)

45 Driscoll 2000, 155

Respecto dos usos litúrxicos destes salmos, hai constancia de que na segunda metade do século VIII se recitaban en Monte Casino no enterro dos monxes e de que a comezo do século IX este uso estendérase á maioría de mosteiros do imperio franco. No século seguinte xa formaban parte dos rezos suplementarios ao oficio divino, recitados diariamente nos mosteiros a continuación de Prima, polo menos nos días feriados[46]. Desde a décimo segunda centuria este uso litúrxico ampliárase ás catedrais e colexiatas e desde entón os Salmos Penitenciais formaron parte do oficio divino. Por outra parte, o hábito de rezar os sete salmos nos ritos funerarios estendeuse tamén entre as persoas laicas. Recitábanse -en conxunción coas Ladaíñas, o *Placebo* e o *Dirige*- no momento da administración dos últimos sacramentos, e tamén na vixilia e durante a procesión do cortexo fúnebre, tal e como testemuñan fontes narrativas e testamentos, o que os converte nas principais oracións de intercesión polos defuntos[47]. A familiaridade do laicado cos Salmos Penitenciais vén, pois, desa asociación con ritos mortuorios pero tamén de seren considerados oracións destinadas a aliviar as penas e a acortar a estancia das almas no Purgatorio[48]. Nun relato en verso inglés do século XIV, o *Gast of Gy*, ofrécese un testemuño revelador a propósito desta cuestión. Nesta narración, o espírito dun defunto que atormenta a súa viúva diríxese a un dos cregos dos que esta solicitara axuda e dille que, contrariamente ao que el pensa, non son o *Paternoster*, o *Ave* e o *Credo* as oracións máis efectivas para axudar ás ánimas do Purgatorio[49]. Sono en realidade os sete salmos e as Ladaíñas, "*the devoutist orisouns to the soulis in purgatory*", porque os sete salmos anulan os sete pecados capitais[50]. Que os sete salmos serven para anular os pecados capitais é algo que tamén se di nun comentario francés sobre este grupo de salmos redactado no século XIII e traducido ao inglés por Eleanor Hull no século XV[51]. Do vínculo entre ambos setenarios tamén dan fe os libros de horas cando especifican dun modo u outro a relación entre eles no capítulo dedicado a estes salmos (mediante algunha lenda no *incipit* da sección ou mediante o emprego de imaxes das alegorías dos sete

46 Leroquais (1927, 1: ix-x)

47 Vanwijnsberghe 2019, 33-34. Sobre o uso litúrxico dos sete salmos véxase tamén: Driscoll 2000, 174-194 e Blazek 2012, 166-167

48 King'oo 2012, 18-19

49 Bloomfield 1952, 178.

50 A cita textual está tomada de King'oo 2012, 19.

51 Hull 1995, 9. A esta paráfrase e comentario dos sete salmos referireime en varias ocasións máis neste e outros capítulos.

pecados para ilustrar o texto[52]). Outro texto inglés, o poema alegórico *Piers Plowman*, atribuído a William Langland (ca. 1332-1386), deixa tamén entrever o costume do rezo cotián dos sete salmos. O protagonista fala das "ferramentas" que emprega no traballo da oración intercesora, e entre elas volvemos topar, entre outros, os sete salmos, *Placebo* e *Dirige*:

> *The lomes that y labore with and lyflode deserue*
> *Is paternoster and my primer,* placebo *and* dirige*,*
> *And my sauter som tyme and my seuene p[s]almes*[53]
>
> [Os útiles cos que labro e o pan merezo
> Son o paternoster e o meu libro de oracións, *placebo* e *dirige*,
> E ás veces o meu salterio e os meus sete salmos]

Outro dos factores que contribuíron á familiaridade das persoas laicas cos sete salmos foi a vinculación do seu rezo coa liturxia da penitencia, que afectou a todas as modalidades da práctica penitencial. O seu recitado formaba parte da liturxia da penitencia pública desde a Alta Idade Media e o testemuño máis temperán deste uso aparece nunha colección de cánones conciliares compilada por Regino, abade de Prüm, en torno a 906. Segundo un destes cánones, os Salmos Penitenciais eran lidos en alto durante o ritual que tiña lugar no Mércores de Cinza, no que os penitentes se presentaban ante o bispo as portas da Igrexa, descalzos e vestindo cilicio. O bispo levábaos ao interior do templo e, prostrado no chan, cantaba co resto do clero os sete salmos. Finalmente, impoñíalles a cinza e os expulsaba da Igrexa. O canon de Regino tivo gran impacto na liturxia do Mércores de Cinza en toda Europa desde o período Carolinxio en diante, sobre todo porque foi incluído no influínte Pontifical Romano-Xermánico composto en Mainz entre 950 e 963[54]. Polo que se refire a relación do setenario co sistema da penitencia tarifada e aínda que non hai moitos detalles rituais nos libros litúrxicos altomedievais ao respecto, sabemos que o rezo dos salmos era o sistema de satisfacción preferido, despois

52 Do cal temos uns cantos testemuños no corpus. Véxase, por exemplo, a inscrición na miniatura que abre o capítulo penitencial en Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 156, fol. 83v (cat-300). Sobre as imaxes dos pecados capitais na sección dos Salmos Penitenciais véxase epígrafe 3.6.

53 Cita textual tomada de Staley 2007, 221

54 King'oo 2012, 15-16

do xexún. A súa presenza está atestada tamén nos *libelli precum* do mesmo período[55]. Finalmente, na penitencia privada, xeneralizada no período baixomedieval, o seu recitado era prescrito como obra de satisfacción para determinados pecados[56]. O carmelita Richard Maidstone, autor no século XIV dunha paráfrase dos Salmos Penitenciais[57], revela no prólogo da mesma a aplicación desta penitencia por parte dun confesor no contexto da confesión entre relixiosos, cando narra como o seu confesor lle prescribiu o rezo dos sete salmos para saldar a súa debeda con Deus[58]. Clare Costley Kingoo sostén que, dado que no ámbito dos laicos a confesión ao párroco seguramente se producía en moitos casos non máis dunha vez ao ano, os Salmos Penitenciais terían sido empregados no entretempo no ámbito privado para expiar as transgresións cotiás. Un libro de horas do corpus ofrece un testemuño revelador deste posible uso dos salmos penitenciais no contexto da devoción privada como modo de procurar o perdón dos pecados, pois fai anteceder o texto dunha inscrición que establece: "*incipiunt septem davidis psalmi penitenciales pro venia impetranda et peccatis abolendis"* (París, BNF, Latin 10532, fol. 217r) (cat-1100). Por outra parte, polo que se refire a outras prácticas específicas dos laicos, as das confrarías de penitentes, sabemos que nos seus regulamentos prescribíase o recitado, en certos días prefixados, do Salmos Penitenciais, xunto co Oficio da Virxe e o de Defuntos[59].

2.2.2. Tradición literaria sobre os sete salmos

Existe unha tradición de escritura centrada nos sete salmos que abrangue desde escritos esexéticos ata paráfrases e obras de creación literaria, que remonta aos séculos altomedievais e se estende ben máis alá do Medievo.

Os escritos de esexese foron examinados por Michael Driscoll na contribución que dedicou a este grupo de salmos[60]. Segundo este autor, o primeiro comentario consagrado en exclusiva ao setenario é o de Alcuino de York (+ 804), incluído nun texto que o autor carolinxio concibiu como un manual de carácter pastoral e que reúne tres

55 Driscoll 2000, 178-194

56 King'oo 2012, 17

57 Menciónase no epígrafe que segue a este

58 Sutherland 2010, 25

59 Leroquais 1927, 1: xi

60 Driscoll 2000, 157-170

breves comentarios, *Enchiridion in VII Psalmos poenitentiales, in Psalmum 118 et in XV Psalmos graduales*. A obra circulou como unha unidade en moitos dos manuscritos que sobreviviron pero o comentario sobre os Salmos Penitenciais tamén chegou a difundirse por separado. Neste tratado Alcuino comenta cada un dos versos dos sete salmos inspirándose en comentarios patrísticos e tamén, e sobre todo, en Casiodoro. A orixinalidade do seu texto reside, entre outras cousas, no seu carácter pastoral, o que o aproxima máis a un sermón que a un texto académico. Alcuíno aproveita continuamente, por exemplo, para exhortar o seu público á contrición, á confesión dos pecados e a realizar a penitencia. O segundo comentario máis destacado sobre os sete salmos, atribuído xeralmente a Gregorio o Grande, é obra en realidade moi posterior, e asígnase -aínda que sen certeza absoluta- a Herbert, pouco coñecido bispo de Reggio-Emilia (+1092) que ocupou a sé a finais do século XI[61]. Algúns estudosos denominan o autor deste comentario Pseudo-Gregorio ou ben Pseudo-Gregorio o Grande[62]. A diferenza do de Alcuino, o seu comentario é máis prolixo e moito menos emotivo, e o seu propósito máis académico que pastoral. Tampouco existe consenso sobre a autoría do terceiro tratado relevante sobre os sete salmos, o *Commentarium in Septem Psalmos Poenitentiales*, asignado xeralmente a Inocencio III[63]. A obra ten un marcado selo teolóxico e escolástico, lonxe tamén do ton exhortativo de texto de Alcuino[64].

Tomás de Aquino non dedicou unha obra específica aos Salmos Penitenciais, pero no seu comentario ao libro dos salmos, que deixou inacabado -só chega ata os 54 primeiros- deixa notar o coñecemento da súa existencia, pois recorda que forman parte deste grupo cando aborda o comentario dalgúns deles[65]. Resulta de especial interese a esexese que fai do *Miserere* como culminación dos tres anteriores, pois nela os asocia ás partes da penitencia -o salmo 6 á contrición de corazón, o 31 á confesión oral e o 37 á

61 Driscoll 2000, 163-164. Na *Patrologia Latina* figura entre as obras de Gregorio o Grande: *Sancti Gregorii Magni Romani Pontificis in septem psalmos poenitentiales, expositio* (*PL* 79, 549-658) (referencia tomada de Driscoll 2000, 163)

62 Por exemplo, Lynn Staley (2007, 222) e Pavel Blazek (2012, 167)

63 Na *Patrologia Latina* figura entre as obras de Inocencio III como "auctor incertus": *Commentarium in septem psalmos poenitentiales* (*PL* Vol. 217, 967-1130A)

64 Existe unha tradución ao catalán do dominico xerundense Joan Romeu co título *Exposicio dels vij psalms penite[n]cials* (J. Planas en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 39 n. 148). Consérvase nun manuscrito custodiado na Universitat de Barcelona (Ms. 70). No rexistro bibliográfico da Biblioteca Patrimonial Digital desta Universidade a obra aparece baixo a autoría de Inocencio III e o códice datado entre 1382 e 1407.

65 Driscoll 2000, 168-169.

satisfacción- sendo o 50 o cumio, porque trata sobre o efecto da penitencia, a restauración do ser humano no estado de perfección[66].

En lingua vernácula tamén contamos con comentarios dos Salmos Penitenciais. De sumo interese é un tratado moi extenso escrito en inglés e conservado nun manuscrito do século XV que alberga a Cambridge University Library (Ms Kk. I. 6). O texto é tradución dun escrito en francés de mediados ou finais do século XIII e sabemos da existencia dese orixinal francés, así como de que a tradución foi realizada por unha muller -Eleanor Hull (1395-1460)-, porque ambos datos figuran no propio manuscrito. Calcúlase que a dama inglesa levou a cabo a tradución na segunda década do século XV[67].

Ademais de comentarios, os sete salmos foron obxecto dunha rica tradición de paráfrases máis ou menos próximas do texto bíblico así como de obras de creación inspiradas neles. A maioría están escritas en lingua vernácula, sendo precursora a versión en italiano dos sete salmos que realizou Dante, *I sette Salmi penitenziali transportati a la volgar poesia*. Na súa tradución, o poeta italiano enriqueceu o texto con fragmentos da súa autoría, alleos ao contido dos textos davídicos. Petrarca escribiu un texto en latín (*Psalmi penitentiales*) no que se afasta radicalmente do orixinal para alumar unha obra que, antes que paráfrase, é unha creación poética. Utiliza un fragmento de cada un dos salmos para construír, a partir del, sete poemas persoais, expresión de dor e arrepentimento. O texto de Petrarca gozou de gran éxito, circulando en versión manuscrita xa no seu tempo, e del consérvanse ademais numerosos manuscritos e publicacións en impresos dos séculos XV e XVI. A obra consta rexistrada, por exemplo, nun inventario de Jean de Berry, e se atribúe a Gian Galeazzo Visconti a promoción da realización dun rolo de pergamiño de case dous metros que a contén[68]. Un dos manuscritos cuxa miniatura

66 O texto de Tomás de Aquino, na tradución ao castelán realizada por José Ramón Villar (2011), di o seguinte: "*Además, este Salmo ocupa el cuarto lugar entre los Salmos penitenciales, y con razón.* ***Pues el primero se refiere a la contrición*** *del corazón, por lo que se dice: "Cada noche inundo de llanto mi lecho" (Sal 6 [v. 7]).* ***El segundo se refiere a la confesión oral:*** *"Dije: En mi contra confesaré mi injusticia al Señor" (Sal 31 [32, 5]).* ***El tercero se refiere a la satisfacción****, por lo que se dice: "Me afligí y humillé mucho" (Sal 37 [38, 9]).* ***Este cuarto Salmo de que hablamos se refiere al efecto de la penitencia: muestra de qué modo la penitencia restaura al hombre en el estado de perfección; y por eso, entre todos los Salmos, es el que más se recita en la Iglesia, pues sólo este Salmo implora misericordia, y de ese modo solicita perdón****; y esto es algo sencillo, que se aplica a todos. En cambio, en los otros seis Salmos penitenciales se proponen cosas difíciles, como en el Sal 6:"Cada noche inundo de llanto mi lecho" [v. 7]; y "comeré la ceniza como pan, y mezclaré mi bebida con lágrimas" (Sal 101 [102, 10]): lo cual no es aplicable a todos".*

67 Barrat 1995.

68 Sobre as paráfrases de Dante e Petrarca véxase: Ribémont e Reno 2017, xiii-xvi. Menciona o pergamiño de Gian Galeazzo Visconti Josefina Planas (Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 39)

dos Salmos Penitenciais se recolle no Catálogo da presente tese integra o texto de Petrarca no contido do propio libro de horas, ao final do códice[69].

En Francia dedicou a súa atención aos Salmos Penitenciais outra figura de gran relevancia, Christine de Pizan, que compuxo unha obra - *Sept psaumes allegorisés*- na que ofrece a súa versión en francés dos sete poemas bíblicos así como un texto devoto parafrástico no que se estende sobre cada un dos versículos de cada un dos salmos. A obra de Pizan perdura en 5 manuscritos, dos que os dous máis antigos datan do ano 1409[70]. Tamén levada a cabo en territorio francés existe unha paráfrase do setenario atribuída ao bispo de Chalon-sur-Saône, Jehan Germain (1436-1460), presentada nun dos manuscritos que a alberga en termos parecidos aos da denominación da obra da súa predecesora: *"les sept psaulmes en franchois allegorisees"*. No prólogo da mesma, o autor compara a Penitencia cunha escaleira, un símil con tradición iconográfica no que Germain introduce a orixinalidade de considerar que os sete banzos das escaleira son os Salmos Penitenciais[71].

En Inglaterra destacan dúas paráfrases escritas por membros de ordes relixiosas[72]. Unha delas é a xa mencionada de Richard Maidstone (+1396), frade carmelita e fero opositor de John Wyclif, que escribiu unha versión dos salmos titulada *Penitential psalms* a finais do século XIV, da cal sobreviviron 27 manuscritos. A outra débese a Thomas Brampton, frade franciscano do que pouco máis se sabe que o feito de que escribiu, a comezo do século XV, outra obra co mesmo título - *Seven Penitential Psalms* –, un longo

---

69 París, Bibliothèque de l'Arsenal, Ms 640 réserve, fols. 102r-107r

70 Ribémont e Reno 2017, xxiii-xxxviii. Sobre a obra de Christine de Pizan dedicada aos sete salmos véxase, ademais desta introdución de Bernard Ribémont e Christine Reno á edición de 2017, a introdución á edición de 1965 de Ruth Rains (Rains 1965)

71 O texto de Jehan Germain perdura en dous manuscritos, un pertencente a unha colección privada e outro hoxe repartido entre a Biblioteca Real Danesa (Det Kgl. Bibliotek, Ms. NkS 50h 8°) e a British Library (Londres, BL, Additional 31838). Erik Drigsdahl, no sitio web do Center for Håndskriftstudier i Danmark (CHD), reproduce o texto da paráfrase, contido no manuscrito da biblioteca danesa (http://manuscripts.org.uk/chd.dk/nks/n50ps6.html) e o do prólogo, contido no manuscrito da British Library, no cal se establece a equivalencia entre os sete salmos e os banzos da escaleira da penitencia: ver transcrición dos fols. 61r-66v en: http://manuscripts.org.uk/chd.dk/nks/add31838.html (Center for Håndskriftstudier i Danmark 1994-2003).

Sobre Jehan Germain véxase: Bugniot 1862; sobre a súa paráfrase dos sete salmos, véxase a introdución á transcrición do manuscrito danés na páxinaa web do CHD previamente mencionada:

http://manuscripts.org.uk/chd.dk/nks/n50ps6.html

Sobre a iconografía que relaciona a penitencia cunha escaleira véxase: Christian Heck (1999, 147-149 e ils. 79, 84-85). No epígrafe 5.2.7 desta tese menciono algunhas imaxes dos Salmos Penitenciais que mostran escaleiras convencionais ou formacións asimilables vinculadas á figura de David arrepentido.

72 Sobre estas dúas paráfrases véxase: Sutherland 2010, 23-24

poema precedido dun prólogo do que sobreviviron 6 manuscritos. A súa obra ten tantas similitudes coa de Maidstone que todo leva a pensar que coñeceu a do seu predecesor.

Tampouco falta unha paráfrase medieval dos sete salmos en lingua castelá. Compúxoa o poeta Guillén de Segovia (1413-1474) e leva por título *Salmos penitenciales glosados*. Nela ofrece unha versión bastante achegada ao texto dos salmos e, ao igual que a paráfrase en inglés do franciscano Brampton, inclúe pezas preliminares, dúas a xeito de prólogo e un colofón. No primeiro prefacio o poeta insiste no carácter penitencial do acto poético e fai confesión aberta dos seus pecados. A este prefacio en prosa segue outro en verso, sorte de salmo persoal[73].

A tradición parafrástica en torno aos sete salmos prolongouse nas seguintes centurias. Cabe salientar a que no século XVI escribiu Pietro Aretino (1492-1556), autor que, malia ser máis coñecido polas súas obras de carácter licencioso, levou a cabo unha paráfrase persoal destas pregarias, *Sette salmi de la penitentia di David*, na que fai preceder cada un dos salmos dun prólogo, ademais de incluír un prefacio xeral -na liña das obras Brampton ou Guillén de Segovia- ao comezo da obra. Publicouse por primeira vez en 1534 e do seu éxito dan fe as dez edicións que se sucederon en pouco tempo. Existe unha tradución ao francés, publicada en Lyon en 1540 e outra ao inglés, responsabilidade de Sir Thomas Wyatt (1503-1542), autor el mesmo dunha coñecida paráfrase dos sete salmos en inglés, *Certayne psalmes chosen out of the psalter of David*, publicada postumamente por primeira vez en 1549 e inspirada fortemente na obra do italiano[74].

A estudosa Annie Sutherland destaca o feito de que tanto Richard Brampton como Thomas Maidstone acoden nas súas paráfrases dos sete salmos ao artificio de usar a primeira persoa (*I* ou *We*), facilitando que aquel ou aquela que os lea se apropie devocionalmente da voz do autor[75]. O certo é que o resto de paráfrases citadas neste epígrafe utilizan o mesmo recurso literario, polo que esta observación, que, como se verá, considero de interese para abordar algunhas imaxes de David arrepentido, pode facerse extensiva a calquera delas[76].

---

73 Núñez Rivera 2001, 114-119

74 King'oo 2012, p. 95-104

75 Sutherland 2010

76 Véxase epígrafe 4.3

Á marxe da maior ou menor difusión que puideron ter estas paráfrases de autoría coñecida, paréceme digno de mención o feito de que un texto con este carácter fose publicado na sección dos sete salmos dun libro de horas editado por Antoine Vérard en 1488[77]. Nela, o texto en latín dos Salmos Penitenciais está acompañado de fragmentos parafrásticos en francés que conviven cos gravados nas marxes das páxinas. A maior difusión que implican os métodos de reprodución impresa anima a considerar que este tipo de textos inspirados nos sete salmos puideron gozar dunha popularidade digna de ser tida en conta.

Finalmente, a estes ámbitos literarios onde os sete salmos toparon acomodo– a esexese, a paráfrase e a creación poética-, hai que engadir outros menos esperables, como a parodia ou o teatro. Núñez Rivera menciona un exemplo paródico na literatura en castelán, enmarcado no contexto da hibridación profana de textos relixiosos (parodia en clave de amor profano de textos e prácticas sagradas). A reescritura profana dos sete salmos é obra de Diego de Valera (1412-1488), leva por título *Salmos penitenciales* e foi composta no segundo cuarto do s. XV[78]. O mesmo autor realizou tamén unha *Ledanía* en clave profana e amorosa, algo natural tendo en conta que as Ladaíñas están estreitamente ligadas, na práctica litúrxica, aos Salmos Penitenciais.

Polo que ao ámbito dramático se refire, contamos cun texto picardo, a obra de teatro *Ju du Grand Dominé et du Petit*, moralidade realizada posiblemente na diocese de Cambrai, e máis concretamente en Tournai, que é un valioso testemuño da presenza dos sete salmos no teatro. A partir da análise do discurso didáctico sobre a penitencia que destila esta peza, Alan Hindley e Graeme Small chamaron a atención sobre o parentesco tardomedieval entre as moralidades e a arte da predicación[79]. Nesta obra, os Salmos Penitenciais son personaxes, e os seus nomes están extraídos do texto latino dos poemas davídicos, o cal resulta un testemuño elocuente da familiaridade do público co texto dos salmos nesta lingua. Os protagonistas chámanse *Cor mundum* (Salmo 50, 12), *Putruerunt* (Salmo 37, 6), *Quoniam placerunt* (Salmo 101, 15), *Miser Factus* (Salmo 37, 7). O texto contén chiscadelas á audiencia que abundan nesa familiaridade do público co texto dos salmos en latín: cando se presenta o mendigo *Miser Factus* ao malvado *Putruerunt* e este lle pregunta sobre a súa identidade, aquel lle reprocha o feito de non recoñecelo, sendo

77 París, BNF VELINS-918, fol. 51v

78 Núñez Rivera 2001, 126, 130-132; véxase ademais: Toro Pascua 2017; Tomassetti 2021.

79 Hindley e Small 2002, 418

como son "veciños" (os nomes destes personaxes están extraídos de versículos contiguos, o 6 e 7 do salmo 37):

Et ne me reconnois tu pas ?
Comment ! Je suy Miser Factus*,*
Putruerunt*, crois au sourplus*
Que je suis ton prochain voisin[80]

2.2.3. Un texto "esencial" dos libros de horas

Alén da eventual familiaridade das xentes do Medievo cos Salmos Penitenciais derivada dos usos litúrxicos, ou do coñecemento sobre eles a través de obras de comentario, paráfrase e creación como as que acaban de ser mencionadas, parece lóxico supoñer que un dos factores que máis contribuíu á súa popularidade fose a súa presenza nos libros de horas -aínda que só sexa en razón da enorme difusión destes-. Cómpre recordar que este tipo de libros para laicos non son os únicos que acolleron os sete salmos, que tamén poden encontrarse nalgunhas misceláneas de textos de devoción contemporáneas e que incluso tiveron vida propia como obras autónomas, algo do que dan fe, por exemplo, os testamentos[81]. Así e todo, cabe pensar que foron os libros horas os que mellor contribuíron á incorporación do sete salmos ás prácticas devotas cotiás das persoas laicas.

Desde que en 1927 Victor Leroquais publicase a súa monumental obra dedicada aos libros de horas da Bibliothèque Nationale de France, a literatura académica sobre os libros de horas non ten deixado de medrar[82]. Sen entrar a pormenorizar as diversas

---

80 *Ibid.* 438

81 Inventarios de libreiros en Amiens de comezo do século XVI testemuñan, por un lado, a popularidade dos libros de horas, pois a maioría só teñen este tipo de libros no seu stock, pero outros libreiros tamén teñen, ademais destas obras, folletos con versos e cos Salmos Penitenciais (Nash 1999, 48). DominiqueVanwijnsberghe (2019, 35) sinala a mención en testamentos de manuscritos que conteñen unicamente o texto dos Salmos Penitenciais . Como exemplo de libro de pregarias que, sen ser libro de horas, inclúe o texto dos Salmos Penitenciais, véxase Baltimore, Walters Art Museum, W. 182, fols. 80r-110r.

82 A bibliografía é inxente. Deixando á parte a obra de Leroquais, referencia aínda hoxe imprescindible sobre o tema (Leroquais 1927), mencionarei, entre as obras que eu consultei, os traballos de Roger Wieck, en particular *Time sanctified*, publicado en 1988, e *Painted prayers*, en 1998. Para o coñecemento en particular sobre os métodos de produción e iluminación dos libros de horas no século XV paréceme imprescindible o estudo que en 1999 dedicou Susie Nash aos elaborados en Amiens entre 1410 e 1470. Na pasada década publicáronse varias monografías que actualizan o coñecemento sobre os libros horas e nas que participaron destacadas persoas expertas en diferentes ámbitos de estudo destes manuscritos: *Books of hours reconsidered*, publicado en 2013 (Hindman e Marrow, 2013), ofrece unha visión do coñecemento

cuestións que teñen sido obxecto de estudo desde entón, relativas a un tipo de códice de sumo interese desde moitos puntos de vista, nas páxinas que seguen ofrécese unha visión sucinta sobre a historia e trazos básicos do tipo de libros que albergan as imaxes obxecto do presente estudo.

Na súa obra, o *Abbé* Leroquais propuxo unha clasificación dos elementos que, ao seu xuízo, definen os libros de horas. Malia ter sido publicada en 1927, certos conceptos alí establecidos manteñen basicamente a súa vixencia, a xulgar polo seu emprego recorrente na bibliografía máis actual[83]. Refírome especialmente á definición do que este autor considera os elementos que el denominou "*essentiels*" "*secondaires*" e "*accesoires*". Leroquais admite a dificultade para ofrecer unha definición do que é un libro de horas, e confesa que a que proporciona é vaga: *"Qu'est-ce qu'un livre d'heures? C'est un recueil d'offices et de prières à l'usage des fidèles : un bréviaire à l'usage des laïques. Cette définition, je le reconnais, ne laisse pas d'être un peu vague"*[84]. Do problema que entraña esta tarefa é boa proba a dificultade para topar unha definición deste tipo de obra de pregarias na bibliografía sobre os libros de horas publicada desde entón. En calquera caso, o erudito francés precisou a súa mediante a enumeración dos elementos "esenciais": o calendario, as Horas da Virxe, os Salmos Penitenciais, as Ladaíñas, os Sufraxios e o Oficio de Defuntos. Á luz do propio catálogo de Leroquais e das descricións de libros de horas na bibliografía posterior, cabe precisar -aínda que o *Abbé* non o diga expresamente-, que non é necesario que todos estes elementos estean incluídos nun códice para ser así considerado, e que o que si debe estar presente sempre, en cambio, é o denominado "Pequeno Oficio" da Virxe (*Officium parvum*). Este oficio, que xa se incluía

---

sobre os libros de horas elaborados en diferentes países europeos; *Des Heures pour prier* (Raynaud 2014), publicado un ano máis tarde, céntrase no panorama dos realizados en Europa meridional; sobre libros de horas conservados en bibliotecas españolas salienta o exhaustivo traballo de Ana Domínguez dedicado aos do século XV na BNE -a súa tese de 1976 publicada en 1993 (Domínguez 1993)-; máis recentemente, o traballo de Josefina Planas e Javier Docampo publicado en 2016 dedicado aos libros de horas máis salientables custodiados en bibliotecas españolas (Planas Badenas e Docampo Capilla 2016). Calquera das obras que acabo de citar publicadas na pasada década ofrece abundante e actualizada bibliografía sobre a cuestión. Cabe mencionar, por outra parte, o recurso web sobre manuscritos, e sobre libros de horas en particular, responsabilidade de Erik Drigsdahl, aconsellable, entre outras cousas, para coñecer o texto convencional (e variantes do mesmo) deste tipo de devocionarios, establecido polo autor a partir de diferentes manuscritos (http://manuscripts.org.uk/chd.dk/tutor/index.html) (Center for Håndskriftstudier i Danmark 1994-2003).

83 Se ben é certo que estudos como os de Francesca Manzari chamaron a atención sobre unha serie de variantes textuais alleas ao contexto septentrional, que é no que se baseou Leroquais (véxase, por exemplo, Manzari 2014a). Estas variantes axudan a comprender, por exemplo, disparidades detectadas en libros de horas ilustrados na Coroa de Aragón, estudados por Josefina Planas (Planas Badenas 2020).

84 Leroquais 1927, 1: vi

no breviario antes de facer a súa aparición nos libros de horas, denomínase así para diferencialo doutros oficios da Virxe tamén presentes no libro litúrxico porque, en comparación con eles, é moito máis breve[85]. O erudito francés cita outra serie de textos, tamén habituais nos libros de horas, que clasifica como "secundarios" uns e "accesorios" os outros. Os primeiros aparecen en case todos os códices: fragmentos dos catro evanxeos, a Paixón segundo San Xoán, as Horas e Oficio da Cruz, as Horas e Oficio do Espírito Santo, as oracións *Obsecro te* e *O intemerata*, Os Quince Gozos da Virxe e as Sete Peticións ao Noso Señor. Os elementos "accesorios" comprenden os quince Salmos Graduais, horas na honra de diferentes santos, oracións da misa, outras oracións, o Salterio de San Xerome, os Dez Mandamentos e textos varios de menor importancia[86]. O núcleo do libro de horas -as Horas da Virxe- divídese en oito seccións, equivalentes ás oito horas canónicas. O rezo diario comeza con Matíns e Laudes e conclúe con Completas[87].

Un breve repaso á historia destes libros de pregarias esixe remontar ata o século X, no que nace o costume de recitar diariamente nos mosteiros, como vimos que se facía tamén cos Salmos Penitenciais, o Pequeno Oficio da Virxe. O recitado destes e outros rezos suplementarios ao oficio divino acabaría expandíndose, chegando aos membros do clero secular. No século XIII xa estaba normalizado en todo Occidente. O feito de que os oficios suplementarios fosen curtos e os mesmos para todos os días (a diferenza do oficio canónico) facilitou a súa adopción polo laicado, desexoso de emular as prácticas devotas do clero e en particular a da liturxia das horas. Posto que no tempo que vai desde a etapa carolinxia ata o século XIII o libro de devoción laico por excelencia foi o salterio, este conxunto de devocións suplementarias foron incorporadas a este, dando lugar a unha tipoloxía específica, o salterio-horas, que no século XIII predominará sobre os libros de horas propiamente ditos[88]. Na décimo cuarta centuria os libros de horas avantaxaron aos salterios-horas e no século XV estes últimos serán xa residuais. Os primeiros, en contrapartida, pasarán a seren obxecto dunha produción intensiva, que chegará a ter

85 *Ibid.* xvii

86 *Ibid.* xiv-xxxii

87 J. Planas en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 28.

88 No catálogo de Leroquais, os salterios-horas máis antigos eran dous datados no século XII (Leroquais 1927, 1: xi). O que hoxe se considera o máis antigo libro de horas é un prototipo procedente do convento de monxas beneditinas de Zara (Croacia), datado na segunda metade do século XI (Oxford, Bodleian Library, ms Canon. Liturg. 277) (J. Planas en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 17). Sobre a incidencia de libros de horas e salterios-horas no século XIII en Francia véxase: Bennet 2013, 19.

carácter case industrial en determinados centros artísticos conforme avanza a centuria. A finais do século XV fai a súa aparición o libro de horas impreso, que durante unhas décadas conviviu co manuscrito e que acabou suplantándoo. Na etapa de produción masiva de manuscritos -e, a partir dun momento dado, tamén impresos- o texto e a composición do libro de horas escaparan xa ao control das autoridades eclesiásticas, algo que se manifesta na proliferación de textos supersticiosos e incluso profanos no seo dos códices[89]. Isto acabará desembocando na súa condena, derivada da reforma litúrxica de Pío V (1570), a raíz da celebración do Concilio de Trento[90]. Deste xeito acabou por extinguirse practicamente por completo o tipo de obra de devoción para laicos que gozou de máis éxito nos derradeiros séculos medievais[91].

Polo que á distribución xeográfica da produción se refire, pódese dicir que foi Francia, especialmente París e a rexión situada ao norte, a pioneira na realización de libros de horas, irradiando a súa influencia a outros territorios europeos, entre eles os dominios setentrionais do ducado de Borgoña, con destacados centros artísticos nos que se compaxinou a elaboración de códices luxosos coa produción máis estandarizada[92]. A produción foi tamén destacada en Italia, aínda que cuantitativamente bastante inferior á de Francia ou Países Baixos. No resto de países europeos resulta menos relevante, o cal non impide que neles se teñan elaborado códices de singular interese[93].

A emerxencia do libro de horas considérase un síntoma do auxe do culto mariano no período baixomedieval, así como da importancia crecente do laicado e da énfase na devoción privada no contexto dun novo tipo de espiritualidade baseada na pregaria e na meditación, asociada aos postulados da *devotio moderna*. Neste contexto, os libros de horas constitúen un testemuño da transición da pregaria oral a un modo de lectura da oración silencioso (e considerado superior espiritualmente), tal e como Paul Saenger puxo

89 Leroquais 1927, viii, xii-xiii

90 J. Planas en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 18; Docampo Capilla 2016, p. 237

91 Parece que non completamente de todo. En Gallica pode consultarse polo menos un manuscrito con este título e contendo aparentemente o texto convencional dun libro de horas, datado no século XVII: París, BNF, Latin 10567 (non foi incluído no corpus desta tese por tratarse dunha peza que se sae do contexto histórico-cultural comunmente considerado para os libros de horas). Javier Docampo (2016, 237) indicou que en España a Inquisición incluíu no índice de libros prohibidos de 1583 todas as horas en romance, permitindo as escritas en latín, salvo algunhas expresamente prohibidas tamén.

92 J. Planas en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 18.

93 Para unha visión sobre os libros de horas nos diferentes países europeos véxase: Hindman e Marrow 2013.

de relevo analizando, entre outras cousas, algunhas rúbricas de oracións presentes nestes devocionarios[94].

Desde o punto de vista sociolóxico, e aínda que os libros de horas máis célebres estean relacionados co padroado de coñecidos mecenas procedentes das capas sociais privilexiadas, un simple repaso aos numerosos produtos estandarizados -moitos deles hoxe accesibles na Rede- permite deducir que existiu un público bastante máis amplo, algo que a documentación notarial está a confirmar, ao revelar a posesión por parte de persoas de clase media e media alta[95]. É de destacar a importancia das mulleres como público destinatario destas obras de devoción. Virginia Reinburg sinalou que a maioría dos libros de horas franceses datados no séculos XIII e XIV que ela examinou foron encargados por mulleres[96]. Sirva tamén de orientación sobre esta cuestión, e considerando todo o período de produción dos libros de horas, os datos que ofrece o propio corpus desta tese, que revelan un equilibrio nas cifras de homes e mulleres destinatarios dos manuscritos que conteñen as ilustracións compiladas (tendo en conta aqueles dos que se proporciona información a respecto). A determinación da propiedade feminina en moitos códices, especialmente os máis modestos, suxírese na bibliografía e recursos consultados a partir de indicios como a presenza dunha devota nas miniaturas ou o emprego de formas femininas en determinadas oracións[97].

Á hora de afrontar o exame destes libros de pregarias resulta de interese a determinación de aspectos como o seu "uso" litúrxico ou a tradición da súa iluminación. Como é sabido, os elementos esenciais dos libros de horas presentan pequenas variantes litúrxicas segundo as dioceses -no Oficio da Virxe e no Oficio de Defuntos- que serven para determinar o que se denomina o seu "uso", o cal, xunto co calendario -que pode presentar santos e festividades locais-, ofrece valiosa información para tentar determinar o lugar de procedencia dos manuscritos cando este non se coñece por outros medios[98].

---

94 Saenger 1985

95 Lemaître 2014, 406-407

96 Reinburg, Virginia. 2009. " 'For the Use of Women': Women and Books of Hours". *Early Modern Women* 4: 235 (cita tomada de Collerson 2018, 28 n. 75). Véxase ademais: Reinburg 2012. Adelaide Bennet (2013, 19) chama atención sobre o público maioritariamente feminino e de procedencia aristocrática dos arredor de 60 libros de horas e salterios-horas franceses que sobreviviron do século XIII.

97 Nas fichas do Catálogo incluín o dato relativo ao sexo da persoa destinataria cando este era coñecido ou presumido. Os libros de mulleres localízanse buscando coa ferramenta de busca do PDF a palabra "destinataria" e os realizados para homes buscando "destinatario".

98 Sobre o uso litúrxico nos libros de horas véxase: Plummer 1988; Clark 2013; Korteweg 2013.

Así e todo, esta información deber ser tomada con precaución tendo en conta as circunstancias da produción e o mercado, pois moitos libros de horas foron realizados en grandes centros artísticos que adaptaron o uso litúrxico ás esixencias da clientela dos manuscritos (é significativo o caso dos elaborados en Francia ou Países Baixos con destino a Inglaterra, adaptados ao uso de *Sarum* -Salisbury-). O uso de Roma aporta tamén pouca información, pois foi o mais empregado na etapa final dos libros de horas e se rexistra nos realizados en centros de produción de diversas rexións. A determinación do uso e algunhas celebracións do calendario, ou a presenza neste último dalgúns santos -especialmente dos canonizados nun período tardío- poden axudar tamén a acoutar a cronoloxía dos manuscritos.

No que toca á tradición da iluminación destes devocionarios, cabe recordar que a selección de escenas ou motivos para cada sección variou ao longo do tempo, pero tamén acabou callando en estruturas máis ou menos consolidadas. Deixando á marxe manuscritos de factura suntuosa que poden presentar aspectos orixinais, así como un maior número de miniaturas, en xeral, a iluminación segue pautas máis ou menos consolidadas, sobre todo no que toca á produción máis estandarizada. As variantes veñen determinadas fundamentalmente pola distribución das escenas da vida de María nas diferentes horas do Oficio da Virxe, que permiten discriminar a adopción das que se teñen denominado "solución francesa" ou "solución flamenca", as cales á súa vez presentan subvariantes[99]. Cómpre ter en conta, con todo, que así como a aproximación textual pode axudar a datar ou localizar un libro de horas, pero pode resultar insuficiente en razón das condicións de produción dos manuscritos, o exame da iconografía ou a análise do estilo das miniaturas tamén facilita, pero só relativamente, a vinculación dun libro de horas cun centro artístico. Porque hai que ter presentes tamén as circunstancias que afectan aos métodos de traballo dos miniaturistas, como os seus desprazamentos, ou o dos propios libros, comezados nun lugar e rematados noutro, ou iniciados e completados en períodos diferentes[100]. Outro factor a considerar en relación coa iluminación deste tipo de códices é o uso de modelos e procedementos de copia, ben atestiguado en varios estudos. Na súa minuciosa vivisección da iluminación dos libros de horas realizados en Amiens, Susie

99 J. Planas en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 25-26.

100 Exemplo célebre dun libro de horas iluminado en períodos diferentes é o Libro de Horas Sforza (véxase epígrafe 4.1.2). Susie Nash (1999, 143-144) sinala o caso, para un libro de horas máis modesto realizado en Amiens, do posible envío de follas soltas aos centros artísticos dos Países Baixos do Sur para ser iluminadas por artistas diferentes dos que traballaban no códice en Amiens.

Nash detallou os diferentes métodos de copia e usos dos modelos, que van desde unha aproximación creativa aos padróns ata copias servís, algunhas tan coincidentes -incluso nas medidas- que levaron a esta autora a apuntar o posible recurso a algún procedemento mecánico de reprodución[101]. O corpus desta tese ofrece algúns exemplos moi ilustrativos do uso de modelos nas ilustracións dos Salmos Penitenciais[102]. Tamén son de salientar as interferencias que se produciron, a partir da invención da imprenta, entre as ilustracións dos libros de horas impresos e as dos manuscritos, algo que tamén revela, como veremos, algunha imaxe recollida no corpus[103].

Os libros de horas constitúen documentos ricos en información para afondar en diferentes aspectos da cultura medieval, incluída a vivencia da penitencia no outono da Idade Media. Non faltan contribucións que teñan enfocado o exame dalgún códice deste tipo no sentido penitencial, tendo presentes as circunstancias do padroado e atendendo a características particulares do texto e a iluminación[104]. Ao meu xuízo, cabería ampliar este enfoque a unha visión global dos libros de horas. Creo que sería apaixoante facer un estudo que contribuíse a sacar á luz os fíos penitenciais que contribúen a conformar esa sorte de tecido devoto que son este tipo de obras de pregarias, e que non se limitan a aflorar no texto e as miniaturas dos sete salmos. As iluminacións con escenas de confesión ou absolución noutras seccións do libro, miniaturas con escenas expresamente vinculadas á concesión de indulxencias mediante as lendas que as preceden e especifican como deben ser utilizadas na práctica devota (nomeadamente a da Misa de San Gregorio), a propia presenza de salmos penitencias noutras seccións "esenciais" do libro (o 6 o 31 e o 50 no Oficio de Defuntos, por exemplo), oracións que inciden directamente en cuestións relacionadas co sacramento e mostran a preocupación por unha boa confesión (cualificada

---

101 Nash 1999. Sobre o uso de modelos en manuscritos tardomedievais véxase tamén: Heyder 2018

102 No Catálogo fago algunhas referencias a miniaturas de diferentes códices nas que se utilizou un mesmo modelo para a figura de David arrepentido, relacionando estas miniaturas entre si. Só procedín deste modo nos casos en que o uso do padrón podía resultar menos evidente. Certos prototipos do rei bíblico foron tan repetidos que a súa localización nas miniaturas do Catálogo salta á vista cun simple repaso superficial da imaxes, polo que obviei facelo notar nestes casos. Refirome particularmente a certo modelo da figura de David empregado asiduamente nos obradoiros de Rouen (véxase **Figs. 60, 61, 62, 63**) e a outro utilizado nos centros artísticos de Gante e Bruxas: Oxford, Bodleian Library, Ms. Douce 112, fol. 92r ; Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 18, Horas Spinola, fol. 166v ; Londres, BL, Additional 35313, fol. 135r) (cat-543) pero tamén nos Países Baixos do Norte: Nova York, PML, MS S.2, fol. 124v. No capítulo 4 detéñome no uso dun terceiro padrón, moi intrigante, para o que propoño unha interpretación a partir da esexese dos sete salmos (véxase epígrafe 4.2.2).

103 Sobre a relación entre iluminacións de libros de hora manuscritos e gravados de libros de horas impresos véxase: Delaunay 2005.

104 L'Estrange 2010; Gameson 2020.

co adxectivo de "verdadeira") antes da morte e, polo tanto, por evitar a morte súbita, ou que mencionan aquel mínimo de conceptos que todo cristián debe ter presentes no momento de abordar a confesión (como os pecados capitais) -e ata os propios textos relativos a estes coñecementos básicos formando parte do libro[105]- constitúen parte desa eventual trama á que me refiro. As derradeiras liñas da oración *Obsecro te*, pregaria presente en numerosos libros de horas, alude, precisamente, aos principais conceptos sobre os que instrúen os confesionais (as virtudes, os cinco sentidos, as Obras de Misericordia, o Credo, os pecados capitais) sen que falte nela unha súplica á Virxe solicitando a capacidade de coñecer o día e hora da morte:

> *Vitam honestam et honorabilem michi tribuat*
> *et victoriam contra omnes adversitates huius mundi*
> *veram pacem spiritualem et corporalem michi tribuat*
> *Bonam spem caritatem fidem*
> *castitatem humilitatem et patientiam*
> *(michi tribuat).*
> ***Quinque sensus corporis** mei regat et protegat.*
> ***Septem opera misericordie** complere me faciat.*
> ***Duodecim articulos fidei***
> *et **decem precepta legis** firmiter tenere et credere me faciat.*
> *Et a **septem peccatis criminalibus** me liberet et defendat*
> *usque in finem.*
> *Et in novissimis diebus meis ostende michi faciem tuam*
> *et **annunties michi diem et horam obitus mei**.* [106]

Como botón de mostra doutras oracións particulares á Virxe con alusións penitenciais que poden aparecer nos libros de horas, véxase o seguinte fragmento dunha delas, transcrita por Leroquais a partir dun manuscrito datado a finais do século XV (París, BNF, Latin 10561, fol. 116v):

105 O libro de horas París, BNF, Latin 9474 inclúe os Dez Mandamentos, os Cinco Sentidos, As Sete Obras de Misericordia, Os sete Sacramentos, as Sete Virtudes e o *Credo* (Leroquais 1927, 1: vii)

106 Texto tomado do *Tutorial* de Erik Drigsdahl (Center for Håndskriftstudier i Danmark 1994-2003).

Si te supplie, Vierge honnorée,
Fais moy passer ceste iournée
Sans péchier mortellement
Et ***sans mourir soudainement****.*
Donne moy telle ***repentance****,*
Vierge par ta grande puissance
Que j'aye ***vraye contricion***
Et à la fin ***confession****.* [107]

Neste tramado penitencial que se adiviña nos libros de horas os sete salmos deberon ser, con todo, os fíos máis grosos e rechamantes, e deberon selo desde os albores da existencia destes libros de oracións. O texto aparece nos máis temperáns manuscritos que nos chegaron, incluso nos que pertencen á tipoloxía dos salterios-horas, e nos que se presentan, polo tanto, de forma redundante -formando parte do salterio cada un no seu lugar por un lado e en capítulo aparte no libro de horas polo outro-[108]. Os Salmos Penitenciais encóntranse na maioría dos libros de horas propiamente ditos, o que xustifica que Victor Leroquais os incluíse no grupo dos elementos "esenciais". Adoitan aparecer a continuación do Oficio da Virxe e antes das Ladaíñas, e case sempre segue a ambos textos, inmediatamente ou separado por outros textos intermedios, o Oficio de Defuntos[109]. Entre os Salmos Penitenciais e as Ladaíñas debeu existir unha relación litúrxica estreita. Tal e como xa vimos, ambos formaron parte dos textos suplementarios do breviario desde época altomedieval, e ambos se consideraban pregarias idóneas de intercesión polos defuntos. A rúbrica que remata o texto dos sete salmos no *Libro de Horas de Jeanne de Navarre* demostra de forma taxativa o vínculo entre os dous textos tamén no contexto das prácticas privadas de devoción:

> *Ci finent les pseaumes de penitence qui sont nommez communement les VII pseaumes. Et ci apres commence la Letanie qui doit tous iours estre dite tantost apres les VII pseaumes*[110]

---

107 Leroquais 1927, 2: 312.

108 Examina un salterio-horas que inclúe os Salmos Penitenciais Adelaide Bennet (2013, 19-22)

109 Esta orde (Oficio da Virxe, Salmos Penitenciais, Ladaíñas) é común a libros de horas de diferentes usos litúrxicos. Aparece en todos os descritos por Leroquais nas táboas comparativas de códices de diferentes usos (Leroquais 1927, 1: vii-viii)

110 Paris, BNF, NAL 03145, fol. 81r

Da importancia que deberon ter os sete salmos no seo dos libros de horas dan fe algúns manuscritos do corpus nos cales se ilustra unicamente o inicio das Horas da Virxe e o do texto dos sete salmos, ou ben se concede a ambos apartados as ilustracións máis destacadas[111], así como os códices que malia teren moi poucas iluminacións non renuncian á dos sete salmos[112]. Unha mostra particular da importancia do texto penitencial é a que proporciona un códice italiano do século XIII (Cidade do Vaticano, BAV, Borg. Lat. 355) que foi incluído no corpus malia non ser un libro de horas en sentido estrito. Trátase dun códice de contido xurídico destinado a ser portado diariamente polo seu propietario -un xuíz- no cal se inseriu un texto relixioso, probablemente cunha función de uso na práctica devota cotiá. O texto é asimilable a un libro de horas abreviado porque contén o apartado fundamental, o Pequeno Oficio da Virxe, e o único texto de devoción que se engadiu a este foi, precisamente, o dos sete salmos[113]. Outro vestixio singular da práctica devota focalizada nestes rezos detéctase no sermón que un bispo de Rochester escribiu para o funeral dunha muller falecida en 1344, Lady Cobham. Nel o relixioso ilustra a piedade da defunta recordando que esta nunca baixaba do seu cuarto sen ter rezado o Oficio da Nosa Señora, os sete salmos e as Ladaíñas[114], e non resulta difícil imaxinar que Lady Cobham rezase estas pregarias co seu libro de horas na man.

Tamén a análise codicolóxica ofrece indicios da importancia dos sete salmos, pois nalgúns libros de horas detectouse que as páxinas desta sección están máis desgastadas polo uso que o resto[115]. Un derradeiro e hipotético testemuño altamente revelador da

---

111 Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 156, fol. 83v; Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 125, fol. 117v ; Cidade do Vaticano, BAV, Barb. Lat. 393 ; Londres, BL, Additional 50002, fol. 63r (cat-552); Módena, Biblioteca Estense, ALFA.K.7.2, fol. 102r, imaxe 206)

112 Recollidos no Catálogo: A Haia, KB, 074 H 08 só ten dúas ilustracións, unha nos sete salmos; A Haia, RMMW, 10 F 27, fol. 80r só ten iniciais iluminadas, todas son decoradas agás a dos sete salmos, que está historiada; en New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Takamiya MS 100 están ilustradas unicamente as páxinas que inauguran as seccións do Oficio da Virxe, os Salmos Penitenciais e o Oficio de Defuntos); Nova York, PML, S.0003 só conta con tres páxinas iluminadas, sendo unha delas a dos Salmos Penitenciais; Cidade do Vaticano, BAV, Ross.074 presenta tres iluminacións, no Oficio da Virxe, fol. 7r, nos sete salmos, fol. 58v e nas Horas da Cruz, fol. 74r

113 Manzari 2014b, 272-273. (Cidade do Vaticano, BAV, Borg. Lat. 355, imaxe 21) (cat-386). Como apunta Francesca Manzari, este códice fai patente a dificultade para establecer clasificacións ríxidas no ámbito deste tipo de libros de pregarias.

114 Collerson 2018, 29.

115 Cullum, Patricia e Jeremy Goldberg. 2000. "How Margaret Blackburn Taught her Daughters: Reading Devotional Instruction in a Book of Hours". En *Medieval Women: texts and contexts in late Medieval Britain: essays for Felicity Riddy*, editado J. Wogan-Browne et al., 217-236. Turnhout: Brepols, 228 (citado por Collerson 2018, 30). Richard Gameson (2020) detectou o fenómeno nas Horas Dunois.

importancia dos sete salmos – e inmellorable broche para pechar este capítulo- o proporciona o Tríptico de Santa Ana de Quinten Massys, que amosa un dos fillos de María de Cleofás cun libro aberto no regazo. É altamente probable que o libro sexa un libro de horas, e non deixa de ser significativo que, para identificar este, a páxina que se mostra - unha imaxe de David en actitude devota coa súa arpa abandonada a un lado-, sexa a que dá comezo habitualmente á sección dos sete salmos nos libros de horas manuscritos.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 3. AS ILUSTRACIÓNS DOS SALMOS PENITENCIAIS

Na introdución deste traballo mencionei a escaseza de estudos dedicados especificamente á ilustración do texto que nos ocupa. Á marxe dun breve traballo académico non publicado que remonta aos anos 90, non me consta ningunha outra contribución que estudase a iluminación deste texto dun xeito monográfico. Tamén mencionei diversos autores que abordaron o tema cando trataron sobre a iluminación dos libros de horas e, sinaladamente, as publicacións de Roger Wieck[1]. O certo é que o recoñecido experto en libros de horas fixo unha radiografía en termos xenéricos da evolución que sofreu a iluminación desta sección que resulta bastante axustada se nos atemos aos resultados da análise estatística do corpus desta tese que, nese sentido, non aporta ningunha novidade espectacular ao panorama xeral trazado por este autor xa nos anos 80. Wieck constatou que nos séculos XIII e XIV, e nalgunhas áreas a comezos do XV, as imaxe predominantes como ilustración da sección dos sete salmos foron as de Cristo como Xuíz, como *Salvator mundi*, ou en Maxestade, rodeado do Tetramorfos, e as do Xuízo final. Explicou que estas últimas, aínda que seguiron tendo relevancia nas actuais Bélxica e Holanda, foron substituídas en Francia na décimo quinta centuria por escenas da vida de David, e enumerou as protagonizadas polo personaxe bíblico empregadas nos Salmos Penitenciais, que abranguen as da súa mocidade -en particular o episodio do seu enfrontamento con Goliat-, as relacionadas co seu adulterio con Betsabé e o homicidio do esposo desta e, finalmente, a imaxe da penitencia do rei bíblico, a máis empregada como ilustración do texto.

A análise cuantitativa que se ofrece neste capítulo servirá, polo tanto, para fundamentar en termos numéricos este panorama básico trazado por Roger Wieck, pero tamén para matizalo en certos aspectos, mediante unha periodización máis detallada ou a precisión sobre a incidencia dalgunhas escenas. O exame dos datos que ofrece o corpus aplicado ao estudo da imaxe máis empregada como ilustración dos sete salmos - a de David en actitude devota- levado a cabo nos capítulos 4 e 5 pretende servir, ademais, para chamar a atención sobre algunhas cuestións cuxa relevancia quizais teña sido en xeral minusvalorada pola bibliografía (a importancia da imaxe de David metido nun burato, ou a alusión en certas miniaturas ao pecado de soberbia cometido por David cando ordenou o censo de Israel) e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

1 O traballo académico é o de Caroline Downer (1992). Wieck trata con máis atención a iconografía dos Salmos Penitenciais en *Time Sanctified* (1988, 97-100)

rebaixar, en contrapartida, a importancia, ao meu xuízo excesiva, concedida ao relato do adulterio en relación con estas imaxes.

A análise cuantitativa dos datos reflíctese basicamente nos gráficos do epígrafe 3.1, pero tamén foi utilizada para chegar as conclusións explicadas nos seguintes epígrafes -3.2 a 3.5-, dedicados a cada unha das cinco categorías nas que clasifiquei as ilustracións. Nestes apartados, ademais de acudir a datos estatísticos, sintetizo o que se ten dito na bibliografía a propósito da función das imaxes de cada grupo como ilustración dos Salmos Penitenciais. Para cada un deles, agás o último, detéñome así mesmo na consideración dalgúns aspectos que me chamaron a atención nas miniaturas e que non foron tratados, ata onde eu sei, noutros traballos.

No apartado centrado nos episodios de pecado e penitencia de David (3.5) abordo, en conxunto primeiro (3.5.1 e 3.5.2) e logo por separado (3.5.3 e 3.5.4), a iconografía de imaxes que encadrei en dúas categorías diferentes na clasificación (relativas ao pecado por un lado, e á penitencia polo outro). Polo que as escenas de pecado se refire, fago unha análise descritiva das que traducen visualmente o Episodio Betsabé/Urías, así como das súas variantes. Resumo a continuación o que se ten especulado sobre unha das imaxes máis coñecidas entre as que ilustraron os libros de horas -o Baño de Betsabé-, e inclúo un apartado suplementario sobre algunhas ideas que me suxeriu a observación da serie de miniaturas compiladas con esta escena. Sobre o último grupo temático, o das imaxes de David en actitude devota, limitareime no presente capítulo a ofrecer unha visión fundamentalmente descritiva. Reservei para os capítulos 4 e 5 da tese un exame máis detido de determinados aspectos semánticos ou formais, inspirado en boa medida pola observación da ampla serie de ilustracións desta figura que me ofrecía o corpus. Esta observación máis polo miúdo foi posible grazas á utilización da indexación fina mediante descritores que, como xa tiven ocasión de explicar, apliquei en exclusiva a esta serie de imaxes dos Salmos Penitenciais.

Como a continuación veremos, a representatividade de cada categoría temática varía substancialmente duns períodos a outros e dunhas áreas a outras. Por outra parte, o número de manuscritos recollidos oscila tamén substancialmente segundo a época ou área de procedencia. Por estas razóns, os gráficos que se mostran nas páxinas que seguen son aqueles que foi posible elaborar sobre a ilustración dos Salmos Penitenciais nos manuscritos procedentes daquelas áreas xeográficas e datados naqueles períodos cun número suficiente de imaxes compiladas. A dinámica de uso das ilustracións explica, por outra parte, que nos epígrafes deste capítulo dedicados a cada un dos grupos temáticos non se empregue un padrón de presentación dos datos común. Así, por exemplo, no apartado dedicado ao Xuízo

USC DE COMPOSTELA

Final ofrécese un gráfico que reflicte a súa relevancia por áreas xeográficas, mentres que non se fai un gráfico similar para as ilustracións do Episodio Betsabé/Urías, que non tería sentido por teren sido pouco empregadas nos libros de horas fóra de Francia.

3.1.-INCIDENCIA DOS GRUPOS TEMÁTICOS POR ÁREAS XEOGRÁFICAS E POR PERÍODOS

O corpus reúne ilustracións dos Salmos Penitenciais de 1293 manuscritos. En termos absolutos e detallados por rexións e por centurias, o número de manuscritos distribúese como segue[2]:

Cadro 3. Número de libros de horas rexistrados no corpus (séculos XIII-XVI)

AREA XEOGRÁFICA	s. XIII	s. XIV	s. XV	s. XVI	sen data	total
Francia	3	24	528	98	2	655
Países Baixos do Sur	0	6	168	49	1	224
Países Baixos do Sur /Norte de Francia	4	5	87	5		101
Países Baixos do Norte	0	0	95	5	1	101
Italia	1	13	100	13		127
Inglaterra	3	14	15			32
área xermánica			4			4
reinos hispanos			8	1		9
Outros						40


2 Inclúense en cada área aqueles manuscritos asignados con certeza ou probablemente a dita área na fonte consultada. Reservouse o apartado "Outros" para aqueles códices dos que se menciona máis dunha área xeográfica na fonte consultada (porque hai dúbidas ou porque foi elaborado en diferentes rexións) así como aqueles que non foron asignados a ningunha zona concreta. Os manuscritos datados a cabalo entre dous séculos asignáronse, a efectos desta táboa, ao primeiro deles. Da mesma maneira, nos gráficos que se presentan neste capítulo e que reflecten a evolución por cuartos de século da ilustración dos sete salmos, que foi posible facer unicamente para dúas áreas (Francia e Países Baixos do Sur) asignáronse ao último cuarto do XV os manuscritos datados "a finais do século XV ou comezo do XVI" (Gráficos 2b e 3b)

Para todo o período de produción de libros de horas, o número de manuscritos con imaxes de cada grupo temático é o seguinte:

Cadro 4. Número de manuscritos do corpus con imaxes de cada un dos grupos temáticos (s. XIII-XVI)	
Visións intemporais da Divindade	57
Xuízo Final	256
David e Goliat	134
Episodio Betsabé/Urías	181
David en actitude devota	829
Outros	163

Os datos desta táboa reflíctense no seguinte gráfico (Grafico 1):

Gráfico 1. Número de manuscritos do corpus con imaxes de cada un dos grupos temáticos (s. XIII-XVI)



Nas páxinas que seguen exporei graficamente a distribución dos temas por áreas xeográficas e por séculos dentro de cada área. Para as áreas cun número importante de manuscritos no século XV (Francia, Países Baixos do Sur) descéndese a unha visión da distribución dos temas por cuartos de século nesta centuria, a etapa de maior produción de libros de horas.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cómpre chamar a atención, antes de nada, sobre o escaso número de códices que compilei datados no século XIII (unicamente 11). Especular sobre as imaxes que ilustraron os Salmos Penitenciais nesta centuria a partir de tan escasos exemplos ten pouco sentido. Deixo constancia, en todo caso, de que se trata dun grupo de imaxes nada homoxéneo, e de que en 4 delas aparece David en actitude devota. Outras imaxes que aparecen neste grupo -e que terán pouco percorrido no futuro como ilustración deste texto- son as de Madalena ou as da representación dunha devota en oración. Finalmente, dúas das ilustracións que terán maior relevancia nos séculos seguintes (a imaxe intemporal da figura divina -predominante no século XIV- e a de David músico -en todo o período de existencia dos libros de horas-) tamén se rexistran nestes libros de horas da décimo terceira centuria.


Polo que respecta ao período que vai do século XIV ao XVI, o número de imaxes compiladas permite proporcionar información diversa en función das áreas. Como se verá nos gráficos que se mostran inmediatamente, para Francia foi posible ofrecer datos relativos aos tres séculos, no caso dos Países Baixos do Sur e Italia, dos séculos XV e XVI e dos Países Baixos do Norte unicamente do século XV. Inglaterra aportou escaso número de manuscritos ao corpus, pero por estar estes claramente distribuídos entre o século XIV e XV e presentar tendencias ben marcadas no uso dos temas, cremos que valía a pena presentar tamén gráficamente os datos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 2a. FRANCIA: grupos temáticos, séculos XIV, XV, XVI




Gráf. 2b FRANCIA: evolución no século XV




USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 3a. PAÍSES BAIXOS DO SUR: grupos temáticos, séculos XV, XVI



Gráf. 3b PAÍSES BAIXOS DO SUR: evolución no século XV



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 4. PAÍSES BAIXOS DO NORTE: grupos temáticos, século XV




Gráfico 5. PAÍSES BAIXOS DO SUR/NORTE DE FRANCIA: grupos temáticos, século XV






Gráfico 6. ITALIA: grupos temáticos, séculos XV e XVI



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 7. INGLATERRA: grupos temáticos, séculos XIV e XV



En xeral, do conxunto da información que ofrece o corpus, a que se presta a unha análise máis matizada é a que corresponde, como non podía ser doutro xeito, aos manuscritos franceses. De Francia compilei un gran número de manuscritos do século XV e XVI e un número apreciable do XIV. Isto permitiu elaborar gráficos que mostran unha evolución dos temas empregados para un período amplo (**Gráficos. 2a e 2b**). Constátase neles un predominio das imaxes intemporais da Divindade no século XIV. Esta escena mantén unha certa importancia no primeiro cuarto do XV e cae bruscamente no resto do período de vixencia dos libros de horas. A figura de David en actitude devota predomina absolutamente todo ao longo da décimo quinta centuria, se ben no derradeiro cuarto deste século e xa no XVI cobran importancia as ilustracións relacionadas co Episodio Betsabé/Urías e as de David e Goliat.

Para os Países Baixos do Sur ofrécense datos dos séculos XV e XVI, pois o número de manuscritos compilados da décimo cuarta centuria é moi reducido. Dos Países Baixos do Norte só se recolleron manuscritos en cantidade significativa do século XV e un número moi reducido do XVI. Nos Países Baixos do Sur (**Gráficos 3a e 3b**) e nos Países Baixos do Norte (**Gráfico 4**) apréciase a importancia das imaxes do Xuízo Final e de David arrepentido na décimo quinta centuria. Nos Países Baixos do Sur a relevancia do Xuízo Final descende na segunda metade do século (**Gráfico 3b**), ao tempo que medra a de David, e só a finais do século XV aparecen timidamente as ilustracións do Episodio Betsabé/Urías e de David e Goliat, que cobran algo de forza no XVI. O **Gráfico 4**, sobre a situación no século XV nos Países Baixos do Norte, reflicte a convivencia que nun significativo número de libros de horas procedentes desta rexión se produce entre a imaxe do Xuízo Final e a de David devoto, pois ambas ilustran conxuntamente as páxinas inaugurais dos Salmos Penitenciais de moitos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

manuscritos. Aínda que non se ve reflectido neste gráfico, compre sinalar que é tamén na segunda metade do século cando aparecen nesta área, sempre en termos moi moderados, as ilustracións relacionada co Episodio Betsabé/Urías ou con David e Goliat.

Da área que denominei convencionalmente Países Baixos do Sur/Norte de Francia, debido ao escaso número de manuscritos compilados dos séculos XIV e XVI, unicamente contei cunha base de cálculo mínima para proporcionar datos estatísticos sobre o século XV. Observando o gráfico correspondente (**Gráfico 5**) os datos parecen coherentes co feito de que se trata dun espazo que está a medio camiño entre dúas áreas, tanto se se teñen en conta as circunstancias históricas desta rexión como se se considera o aspecto xeográfico. Constátase a importancia da imaxe de David en actitude devota -común con Francia para este século- pero, a diferenza do que acontece en Francia, onde o Xuízo Final ten moita menor relevancia (ver século XV no gráfico 2a), neste territorio intermedio a escena escatolóxica cobra máis protagonismo, derivada probablemente da tendencia a ser máis empregada na área dos Países Baixos do Sur.

En Italia (**Gráfico 6**), nos séculos XV e XVI a imaxe de David na súa faceta exemplarizante e positiva predomina amplamente –trátase, en moitos casos, de David representado como músico-, se ben no XVI se rexistra un número apreciable de escenas relacionadas co Episodio Betsabé/Urías e unha relevancia aínda máis significativa das de David e Goliat.

Polo que a Inglaterra respecta, cabe sinalar que, en relación con outras áreas, o número de imaxes rexistradas procedentes de códices ingleses do século XIV é relativamente importante, tendo en conta ese reducido número total de manuscritos ingleses que compilei. Os 32 manuscritos repártense case na mesma proporción entre o século XIV e o XV e neles salienta a importancia do tema do Xuízo Final en ambos períodos.

3.2. VISIÓNS INTEMPORAIS DA DIVINDADE

3.2.1. Variantes da escena

Posto que aparecen fundamentalmente en manuscritos do século XIV e comezos do XV, e boa parte dos compilados deste período proceden de Francia, as imaxes deste grupo recollidas no corpus son, na súa inmensa maioría, de procedencia francesa. Nelas móstrase normalmente a figura de Cristo co torso cuberto, case sempre sentado nun banco ou trono, e asociado, -en diferentes combinacións- a un ou máis dos seguintes motivos: o Tetramorfos,

USC DE COMPOSTELA

o orbe terráqueo, un libro, un cáliz, unhas Táboas da Lei. A ilustración dos salmos nas *Petites Heures de Jean de Berry,* París, BNF, Latin 18014, fol. 53r (cat-1110) reúne case todos os motivos que poden verse nas imaxes deste primeiro grupo: a figura divina aparece co Tetramorfos, co libro na man, e situada entre o cáliz e e as Táboas. Noutras imaxes, Cristo preséntase como *Salvator Mundi* en solitario ou rodeado do Tetramorfos. En cambio, son escasos os exemplos nos que se incorpora a unha imaxe intemporal da Divindade algún dos elementos propios do Xuízo Final (agás, puntualmente, o arco iris). A estanquidade entre as imaxes clasificadas no primeiro e segundo grupo do corpus tamén se dá en sentido inverso: das 256 imaxes do Xuízo Final que compilei para todo o período de existencia dos libros de horas, apenas 3 inclúen algún dos motivos presentes nas desta primeira categoría, e é o Tetramorfos nos tres casos[3]. Resulta ilustrativo neste sentido un repertorio de imaxes da vida de Cristo e dos santos elaborado en Hainaut ou Brabante a finais do século XIII (c. 1280-1290), onde se expón nidiamente a diferenza entre a imaxe teofánica intemporal do Señor, por un lado, e a da súa Segunda Vinda, polo outro, algo que tamén queda ben delimitado nas ilustracións dos Salmos Penitenciais. No verso dun folio e no recto do seguinte no mencionado repertorio (París, BNF, NAF 16251, Fol. 51v – Fol. 52r) contrapóñense as ilustracións cualificadas respectivamente como: "*nostre seigneur en la maieste*" e "*le iugement de l'human lignage*". Algo máis de medio século despois, na miniatura dos Salmos Penitenciais dun libro de horas francés do terceiro cuarto do século XIV, Londres, BL, Yates Thompson 27, 107v (cat-609) duplícase a figura divina nunha mesma páxina, marcándose a diferenza pero tamén o vínculo, entre a visión intemporal do Salvador do mundo rodeado do Tetramorfos -na inicial historiada- e a imaxe histórica do Xuízo Final, crónica do final dos tempos, na miniatura principal.

En certos casos, nas visións intemporais resulta difícil discriminar a personalidade da Divindade, pois esta preséntase como un ancián, por veces toucado con tiara papal, cunha aparencia máis propia do Pai que do Fillo[4]. As dificultades que xera a denominación desta figura son as que me levaron a optar por describila xenericamente co termo "Visión intemporal da Divindade", aínda que na maioría das ocasións se trate sen dúbida de Cristo.

---

3 París, BNF, Latin 1403 (cat-1093); A Haia, KB, 135 E 36, Fol. 98v (cat-93) ; Nova York, PML, MS M.917/945, comezo dos Salmos Penitenciais (reconstrución) (cat-900).

4 Sobre a imaxe de Deus Pai como Papa véxase: Boefsplug 1991; Manzari 2020, 153. Sobre a noción de "Ancián de días" en relación coa iconografía do Pai e o Fillo véxase: Íñiguez Herrero 1999.

As teofanías intemporais constitúen a ilustración máis relevante nos manuscritos do corpus datados no século XIV, manteñen unha certa importancia a principios do século seguinte, particularmente no primeiro cuarto, e practicamente desaparecen en datas posteriores. Esta relevancia que aínda manteñen no primeiro cuarto da décimo quinta centuria, sobre todo en manuscritos franceses (**Gráfico 2b**) fai que este tipo iconográfico sexa aínda o segundo asunto máis representado nos manuscritos recollidos deste período, situándose só por baixo da imaxe de David en actitude devota.

Na gran maioría dos casos (39 dun total de 57 teofanías intemporais no corpus, case o 70%), esta imaxe constitúe o único tema representado na ilustración dos Salmos Penitenciais. Dos 16 manuscritos nos que convive con outra escena[5], en 7 deles faino cunha figura de David orando de case a mesma envergadura que Cristo (exemplo París, Bibliothèque Mazarine, ms. 0469, fol. 83r) (cat-1036). Nestas imaxes nas que David interactúa con Cristo entronizado e ambos teñen similares proporcións a Divindade preséntase de corpo enteiro, e cun tamaño e complexidade compositivas que xa non volverá ter no futuro nas escenas de David en actitude devota nos Salmos Penitenciais, salvo casos excepcionais[6]. A convivencia de David arrepentido con Cristo entronizado ten precedentes que remontan, como mínimo, a mediados do século XIII, e hai constancia da imaxe en polo menos tres manuscritos desta centuria. Se ben non aparece en libros de horas, si o fai, nun dos tres casos, como ilustración dun salmo penitencial. Trátase dun salterio responsabilidade do iluminador oxoniano William de Brailes e o seu taller, datado ca. 1240-1250 (Oxford, New College, MS 322, Fol. 99r)[7]. Na parte superior da letra D que inicia o texto do salmo 101 neste códice vese a Cristo sentado nun banco, facendo o xesto de bendición e sostendo un libro. Desde a parte inferior da mesma inicial, David penitente dirixe a súa oración cara a esta figura. Polas mesmas datas, as iniciais do *Beatus Vir* de dous códices ligados á familia real francesa -o Salterio-horas que pertenceu a Isabel de Francia e o *Salterio de San Luís*- ofrecen tamén precedentes para estas composicións que encontramos nos Salmos Penitenciais a principios do século XV. En ambos códices franceses David en actitude devota

5 Cando digo "convive con outra escena" refírome tamén a aquelas imaxes que de modo excepcional foron fragmentadas na descrición cando, en realidade, compoñen unha única escena, tal e como se explica no epígrafe 1.2.2.1.

6 Un destes casos excepcionais é, como veremos no epígrafe 4.1.3, a ilustración dos Salmos Penitenciais no *Libro de horas de Étienne Chevalier*.

7 Donovan 1991, 22 fig. 5, 203. Na última consulta realizada (15.01.2024) a imaxe podía consultarse na páxina web da compañía Meisterdrucke: Oxford, New College, Ms 322, fol. 99r

dirixe a súa oración a unha figura de Cristo de corpo enteiro e a escena aparece vinculada a outra co Baño de Betsabé[8]. Con estas dúas ilustracións dos salterios capetos ofrece sutís coincidencias unha miniatura dos Salmos Penitenciais que entra dentro deste grupo ao que me estou a referir, constituído por imaxes realizadas a comezo do século XV que amosan a Cristo e a David con similar envergadura física. Trátase dunha iluminación atribuída ao grupo denominado Mestre de Boucicaut (Londres, BL, Additional 16997, fol. 90r) (cat-532) e nela a interacción da figura divina co Rei bíblico acada a que quizais sexa unha das expresións máis conmovedoras no conxunto de imaxes de David en oración. Na miniatura, unha efixie de Cristo de rostro serio, pero benévolo e compasivo a un tempo, se presenta moi achegado a David -próximo fisicamente, pero tamén na afinidade de tamaño, na complicidade, no feito de compartir espazo sen barreira física contundente entre ambos (compárese co manuscrito da Biblioteca Mazarine que acabo de mencionar, no que a distancia psicolóxica establecida mediante o uso da cor se ve aínda incrementada polo escorzo do rostro de David mirando cara ao alto). Na imaxe atribuída ao grupo de Bouciaut diríase que o rei devoto unicamente tería que estender lixeiramente o brazo para tocar a figura divina. Malia a mandorla que separa a ambos personaxes tanto nos salterios capetos como no libro de horas de Boucicaut - sutilmente composta neste último por unha multitude de anxos- a proximidade entre o pecador e a Divindade deriva da impresión de que esta última se sostén no aire a pouca distancia da superficie de terra na que se empraza David.

Estas ilustracións que amosan ao monarca rezando en conxunción cunha visión de Cristo de tamaño considerable, datadas nos anos iniciais da décimo quinta centuria, resultan, con todo, excepcionais. O que predomina neste período son as teofanías intemporais propiamente ditas, e neste conxunto destaca, pola súa relevancia numérica, un subgrupo formado por composicións nas que Cristo está acompañado dun cáliz e unhas Táboas da Lei - ou ben unicamente dun cáliz -normalmente situados en cadanseu moble ou altar (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 04, fol. 76r) (cat-622). Constitúen cerca da metade deste primeiro grupo do corpus (23 dun total de 57) e nelas adoita presentarse Cristo como *Salvator mundi*, co orbe terrestre na man. Esta composición, que case sempre se ofrece como escena única na ilustración dos Salmos Penitenciais, tamén se rexistra nunha das imaxes do corpus nas que a Visión intemporal da Divindade convive con David en

8 Imaxe do *Beatus vir* no *Salterio-horas de Isabel de Francia*: Cambridge, Fitzwilliam Museum, Ms. 300, fol. 13v; no *Salterio de San Luís*: París, BNF, Latin 10525, fol.85v. Harvey Stahl (2008, 184-201) examina con detemento ambas miniaturas. Volverei sobre a do *Salterio de San Luís* no epígrafe 4.3.

actitude devota: nas columniñas que rematan o respaldo do trono da figura divina no manuscrito da Biblioteca Mazarine que acabamos de ver (París, Bibliothèque Mazarine, ms. 0469, fol. 83r) (cat-1036).

3.2.2. As visións intemporais como ilustración dos Salmos Penitenciais. A pastoral dos dous sacramentos

Nas imaxes intemporais da Divindade que encontramos nos Salmos Penitenciais Roger Wieck viu unha alusión a Cristo como "último Xuíz", ao que todas as persoas deberán render contas dos seus pecados, o cal explica a súa idoneidade para ilustrar esta sección dos libros de horas[9]. Polo tanto, o seu papel neste contexto vén sendo asimilable ao que máis tarde terán as composicións do Xuízo Final no mesmo lugar. Os libros de horas do corpus ofrecen pistas, con todo, que poden contribuír a enriquecer esta lectura da ilustración. O iluminado por William de Brailes ca. 1240, coñecido como as *Horas De Brailes*, proporciona información suplementaria sobre o carácter do último Xuíz. De Brailes non sitúa a visión intemporal do fillo de Deus ao comezo dos Salmos Penitenciais, senón xusto ao final dos mesmos, no *incipit* das Ladaíñas, a continuación du ciclo relativo ao pecado e penitencia de David que ilumina as iniciais de cada un dos sete salmos. Coherente co texto que ilustra -*kirye eleison* (Señor, ten piedade)- a imaxe de Cristo bendicindo e sostendo un libro acompáñase da lenda explicativa "*Deu merci e tuz sa scienz*" (a misericordia de Deus e toda a súa sabedoría) (Londres, BL, Additional 49999, fol. 81r)[10]. A imaxe semella transmitir así unha mensaxe en positivo como acicate da práctica penitencial. Deste xeito, a alusión á futura rendición de contas que menciona Wieck podería enriquecerse con este enfoque esperanzador que supón a consideración dun xuíz misericordioso. Isto estaría en consonancia co cariz benévolo que, como veremos, parece que foi o predominante nas imaxes do Xuízo Final escollidas máis tarde para ilustrar os sete salmos.

Polo que respecta ao tipo iconográfico que predomina no século XIV e persiste aínda a comenzos do XV -a figura de Cristo asociado ao cáliz e ás Táboas da Lei- considera o mesmo autor que se trata dunha imaxe do Fillo de Deus exercendo de ponte entre a Antiga e a Nova lei, simbolizada esta última polo imaxe eucarística. Trátase dunha composición que, se ben non é exclusiva dos libros de horas, semella que tivo unha acollida privilexiada neste tipo de códices, inaugurando precisamente a sección dos sete salmos. Na miña opinión, e á

9 Wieck 1988, 97

10 Donovan 1991, 110-111, Plate 14

vista das ilustracións compiladas, creo que nelas cumpriría considerar, ademais desa alusión á Antiga e á Nova Lei, outro aspecto adicional. O corpus permite constatar que nunha significativa porcentaxe destas imaxes o cáliz vese privilexiado dalgún modo. Adoita situarse á dereita de Cristo e este ás veces vólvese cara a el, nalgunhas ocasións mesmo diríase que o sinala co seu xesto de bendición, cando non parece, incluso, "darlle as costas" ás Táboas da Lei. Noutros casos, a primacía do cáliz sublíñase mediante outros recursos visuais destinados a relegar dalgún xeito as Táboas. Así, en Londres, BL, Yates Thompson 37, fol. 103 (cat-612), o moble onde se sitúan atrásase respecto da liña que comparten o trono de Cristo e o altar do cáliz. Ademais, este último obxecto emprázase no centro do seu altar, adornado cun mantel, en tanto as Táboas da lei se sitúan no extremo máis distanciado do seu, carente de cobertura e adorno. E as liñas de fuga na perspectiva do elemento que sustenta as táboas, aínda que imperfectas, contribúen a afastar estas aínda máis. Algo semellante acontece en Oxford, Bodleian Library, Ms. Rawl. liturg. f. 27 (cat-1003) onde, a maiores, as táboas quedan semi-ocultas baixo o marco da miniatura, o que tamén sucede en Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 4, fol. 76r) (cat-622). Resulta moi expresiva, a este respecto, a relación visual que se establece entre as figuras de Cristo en dúas miniaturas situadas en páxinas moi próximas nas *Grandes heures de Philippe le Hardi* (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, Ms 3-1954), (cfr. fol. 24v e fol. 27r) [**Figs. 1(1)** e **1(2)**] realizadas na primeira campaña de iluminación do manuscrito, no derradeiro cuarto do século XIV. Na escena de bendición da Virxe polo Fillo[11], no oficio de Completas (Fol. 24v), os pés deste están dispostos en liñas diverxentes e o seu torso ergueito. Moi poucos folios máis adiante, no comezo dos Salmos Penitenciais (Fol. 27r) (cat-281), a figura divina transfórmase e a súa postura muda ostensiblemente. Os dous dedos levantados no xesto de bendición cara a Nai na primeira miniatura viran contra abaixo e preséntanse sinalando o cáliz na segunda, e os pés de Cristo, que apuntaban antes cada un para un lado, asentando e equilibrando a figura, fano agora nunha soa dirección, a do cáliz tamén, na iluminación do texto penitencial. O torso e cabeza inclínanse tamén no mesmo sentido. Diríase que a figura equilibrada de Cristo na miniatura de Completas perde a súa compostura e maxestade na ilustración dos Salmos Penitenciais, co fin de realzar a presenza do elemento eucarístico. A

11 Pregúntome se cumpriría denominar esta escena como "Coroación da Virxe": Alison Stones utiliza este termo "*Coronation of the Virgin"* para unha imaxe similar que ela mesma describe como: *Mary, already crowned, enthroned besides Christ who blesses her and holds an orb* (Stones 2013-2014, Part 1, vol. 2, 222). A imaxe atópase nun misal (Amiens, BM, Ms 157, fol. 110).

énfase no obxecto litúrxico que se amosa nesta composición ou nas anteriormente mencionadas resulta aínda máis visible en catro imaxes do corpus onde as Táboas, simplemente, están ausentes. Malia iso, mantense en tres delas un moble ou altar baleiro á esquerda de Cristo, similar ao que nas anteriores acollía as táboas de Moisés. Este detalle, que podería interpretarse como un descoido do miniaturista á hora de copiar o modelo, ou ben como resultado da supresión do motivo por falta de espazo, pode considerarse tamén como unha elección consciente por parte dos artífices se atendemos a ilustración dun códice contemporáneo coñecido como as Horas Southwark (Londres, BL, Additional 89309, Fol. 94r) (cat-555). Na miniatura dos Salmos Penitenciais neste manuscrito, ademais de mostrarse baleiro o moble á esquerda de Cristo, as Táboas da Lei aparecen aos seus pés, e coa parte superior cara abaixo, como en certas imaxes da Sinagoga. Do mesmo xeito que noutros casos Cristo privilexia coa súa postura ou mediante xestos o cáliz, nesta ilustración faino virando ostensiblemente as meniñas cara ao obxecto litúrxico. Neste conxunto de imaxes que presentan unhas Táboas da Lei minusvaloradas en certo sentido –por acción ou omisión- ou, se se prefire, exaltan o cáliz, diríase que se quere trasladar unha mensaxe totalmente oposta á que se transmite na ilustración dunha Biblia moralizada contemporánea que amosa ambos motivos nunha das súas miniaturas. Neste códice, realizado a mediados de século para Jean Le Bon, nun dos folios cuxa iluminación se atribúe ao taller de Jean Pucelle[12], a figura divina entronizada axuda a Igrexa e a Sinagoga a soster, respectivamente, o cáliz e as Táboas (BNF, fr. 167, fol. 20v, viñeta inferior da columna esquerda) e incluso se dá a circunstancia de que Deus concede ás segundas o privilexio da súa ollada. Porque ningunha das dúas ten máis importancia que a outra, tal e como se explica no texto que acompaña a ilustración: *"... la ville et la nouvelle loy nest que une loy. quant a vertu et grace et verite"*. A idea difire substancialmente da que se deduce da ilustración contemporánea dos Salmos Penitenciais nas Horas Southwak e en tantos libros de horas deste período, que conceden clara primacía ao símbolo da Nova Lei sobre as Táboas da Vella Lei[13]. Cabe

12 Avril, François. 1973. "Un chef d'œuvre de l'enluminure sous le règne de Jean le Bon : la Bible moralisée, manuscrit français 167 de la Bibliothèque nationale". *Monuments et mémoires, Académie des inscriptions et belles-lettres*, 58: 91-125 (referencia tomada do rexistro bibliográfico deste códice no catálogo Archives et manuscrits da BNF).

13 Alison Stones (2013-2014, Part I, Vol. 2, 406) describe unha miniatura moi curiosa -que non tiven ocasión de ver- que podería ir incluso máis lonxe do que os exemplos citados ata aquí. Se o significado da imaxe ten relación con estas que estamos a considerar sería o exemplo máis antigo do que teño noticia desta iconografía. Ilustra os Salmos Penitenciais nun salterio-horas da segunda metade do século XIII datado ca. 1260 e/ou 1280 por esta autora (Londres, Victoria and Albert Museum, Ms Reid 83). Segundo a súa descrición, vense na miniatura dous altares a ambos lados de Cristo, un co cáliz, á súa dereita, e outro cunha serpe en forma de

concluír, polo tanto, e tendo en conta a incidencia significativa desta composición entre as imaxes deste tipo compiladas no corpus, que existiu probablemente unha vontade de pór énfase no cáliz nas miniaturas que a conteñen, e cómpre preguntarse pola razón desta énfase. Na miña opinión, máis alá da vinculación do cáliz con Cristo como responsable da institución da Eucaristía, e da lectura destas imaxes como expresión do cumprimento no Novo Testamento da promesa de redención do Vello Testamento, incluso máis alá do simple feito de que a Vella Lei, por "vella", se quede fisicamente "atrás" nas miniaturas, creo que habería que considerar nelas, ademais, un valor didáctico suplementario polo feito de teren sido escollidas para ilustrar a sección dos sete salmos. A presenza (e exaltación) do motivo eucarístico como ilustración do texto penitencial podería responder tamén a unha vontade de vincular os dous sacramentos, inserindo o motivo representativo dun deles no texto relacionado co outro. Ao fin e o cabo, ambos -Eucaristía e Penitencia- quedaron firmemente ligados desde que o IV Concilio Laterano prescribise a obrigatoriedade de confesar e comungar polo menos unha vez ao ano por Pascua de Resurrección. A histórica e transcendental decisión e a necesidade da súa catequese poderían xustificar que se utilizase con tanta profusión este tipo iconográfico de Cristo acompañado do cáliz en ilustracións dos Salmos Penitenciais en libros de devoción para laicos. Cómpre ter en conta que a mención visual do sacramento eucarístico aparece asociada precisamente a un salmo penitencial -o 101- xa en salterios do século XIII. Atendendo ao monumental estudo de Alison Stones sobre os manuscritos góticos franceses, parece que a imaxe de David rezando ante un altar cun cáliz debeu ser unha das ilustracións recorrentes para este salmo[14]. A hipótese do vínculo entre os dous sacramentos daría sentido a un detalle orixinal que aparece na iluminación dos Salmos Penitenciais nun libro de horas parisino datado ca. 1425-1430, no cal poden verse o cáliz e as Táboas aos lados da figura divina sostidos por dous personaxes. As Táboas están nas mans de Moisés, e ao mesmo nivel que o patriarca bíblico sitúase un crego facendo a ofrenda eucarística, (Nova York, PML, MS M.453, fol 99r) (cat-875). A énfase no cáliz en ilustracións dos Salmos Penitenciais podería responder, pois, a unha vontade de asociación dos dous sacramentos nunha fase de intensa difusión da práctica anual obrigatoria de ambos prescrita polo IV Concilio Laterano. Se atendemos aos datos que ofrece o corpus, nos libros de horas isto reflíctese con máis intensidade a finais do século XIV e, sobre todo, no primeiro

dragón á súa esquerda: "*Christ enthroned holding TO globe between dragon-like brazen serpent on draped altar (left of Christ) and altar with draped chalice and host (right of Christ)".*

14 Alison Stones (2013-2014, Part II, Vol. 2, 222-229)

cuarto do XV[15]. Por outra parte, non faltan exemplos illados entre os libros de horas do corpus de todos os períodos nos que unha imaxe eucarística ilustra os Salmos Penitenciais. Poden ser imaxes explícitas, como o Año de Deus -motivo para o que xa se ten establecido esa conexión entre os dous sacramentos cando ilustra os sete salmos[16]-, unha escena de comuñón, ou imaxes susceptibles de seren interpretadas con este sentido, como o Varón de Dores (3 casos) ou a Crucifixión (4 casos)[17]. Rexistrei dous exemplos nos que se conxuga tamén na mesma páxina miniada a alusión aos dous sacramentos. No libro de Catherine de Cleves, de orixe holandesa e datado c. 1440 (Nova York, PML, MS M.917/945, Fol. 151r (cat-900), o sepulcro que acolle o Varón de Dores vese rodeado de figuras masculinas con indumentaria e obxectos ligados á práctica penitencial (os personaxes aparecen descalzos, con túnicas curtas e de basta aparencia, e un deles cunha corda anoada no van). A miniatura está asociada a unha imaxe eucarística pintada na marxe inferior que presenta o año de Deus, de cuxo peito mana o sangue que cae nun cáliz. A outra miniatura está contida nun manuscrito italiano contemporáneo (datado ca. 1425-1450) (Nova York, PML, MS M.1089, fol. 118v) (cat-921), e nel a representación dun acto de comuñón aparece vencellado á doutro de confesión, nunha imaxe impregnada de didactismo que alude á boa e á mala comuñón[18]. Ambos están presididos pola imaxe situada sobre un altar de Cristo na cruz, do que brota o sangue que enche o cáliz.

Deixando aparte estas últimas alusións á Eucaristía, excepcionais en manuscritos de época máis avanzada, semella que na ilustración dos Salmos Penitenciais non se volveu insistir na imaxe eucarística pasado este período máis temperán no que triunfaron as imaxes intemporais da figura divina enmarcada por un cáliz e unhas Táboas da Lei. E todo parece indicar que a partir do primeiro terzo do século XV as teofanías intemporais en xeral desaparecen como ilustración do texto dos Salmos Penitenciais, sendo substituídas pola imaxe convencional do Día do Xuízo.

---

15 Segundo Ackerman (1962, 545-546), no caso de Inglaterra as prescripcións do IV Concilio Laterano relativas á instrución sobre estes temas non se seguiron con dilixencia ata despois de mediados do século XIV. A partir desta data, a cataquese reflíctese en sermóns e outros medios, como a pintura mural.

16 Katryn Rudy (2011) destaca o vínculo entre Eucaristía e Penitencia no uso de imaxes do Año de Deus en libros de horas elaborados por franciscanas terciarias de Zutphen, nos Países Baixos, na segunda metade do século XV.

17 Sobre o aspecto penitencial do Varón de Dores como imaxe ligada á concesión de indulxencias véxase Jenson 1995, 41-43.

18 Wieck 2014, 35

3.3. XUÍZO FINAL

A efectos de cuantificación e análise estatística, encadráronse no grupo do "Xuízo Final" neste traballo todas aquelas imaxes que, dun xeito ou outro, remiten aos sucesos do final dos tempos. Incorpóranse polo tanto versións aínda máis sucintas que aquelas que Ana Domínguez cualificou como "versión reducida" do Xuízo Final, para referirse ao tipo de imaxes da escena escatolóxica que predomina nos libros de horas[19], computándose tamén neste grupo a figura do Cristo Xuíz en solitario, de incidencia relativamente escasa, por outra parte. Por non ser obxecto deste estudo afondar na complexidade conceptual da iconografía da escena escatolóxica, o criterio seguido para agrupar as imaxes cuxo cometido no texto que ilustran non presenta, en principio, grandes dúbidas -a alusión ao Xuízo do Último Día- foi a presenza de Cristo exhibindo as chagas. No conxunto de iluminacións reunidas neste conxunto poden verse diferentes variantes da escena en función dos motivos e personaxes que nela se exhiben. Nas compiladas no corpus poden aparecer os instrumentos da Paixón, anxos trompeteiros, o arco da vella, o orbe aos pés de Cristo, unha ou dúas espadas, unha vara florida, a Virxe, Xoán Bautista, Xoán Evanxelista, os resucitados –separados ou non entre condenados e elixidos-, a boca de Leviatán e representacións máis ou menos detalladas do Inferno e o Paraíso.

Cómpre chamar a atención antes de nada sobre o feito de que o Xuízo Final nos libros de horas non é unha ilustración exclusiva dos Salmos Penitenciais, senón que pode aparecer como acompañamento doutros textos, especialmente o do Oficio de Defuntos. Haberá que ter presente, polo tanto, que os datos que se ofrecen a continuación en relación co emprego desta imaxe refírense exclusivamente á súa utilización como iluminación dos sete salmos nos libros de horas manuscritos.


3.3.1.- Incidencia xeográfica

A utilización da escena nos Salmos Penitenciais nos libros de horas varía substancialmente. Considerado todo o intervalo temporal de existencia deste tipo de códices, o seguinte gráfico revela as diferenzas substanciais que se rexistran no emprego desta imaxe para ilustrar o texto penitencial nos diferentes territorios:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

19 Domínguez Rodríguez 1993, 551

Gráfico 8. Relevancia do Xuízo Final nos Salmos Penitenciais por áreas xeográficas. séculos XIV-XVI.



FRANCIA

(**Gráficos 2a e 2b**)

Segundo os datos do corpus e en comparación con outras áreas, en Francia o Xuízo Final non parece que fose ilustración relevante nos Salmos Penitenciais se se considera todo o período de existencia dos libros de horas. Así e todo, empregouse nunha porcentaxe moderada nos manuscritos franceses do século XIV compilados. No século XV a porcentaxe descende substancialmente (case sempre por baixo da barreira do 10% ao longo do século) e chega a ser moi reducida no século XVI.

PAÍSES BAIXOS DO SUR

(**Gráficos 3a** e **3b**)

O corpus rexistra unicamente 6 manuscritos do século XIV procedentes desta área. E só un deles contén un Xuízo Final nos salmos. Os manuscritos localizados nos Países Baixos do Sur están datados na súa gran maioría nos 3 últimos cuartos do século XV e no século XVI. No **Gráfico 3a** apréciase que o Xuízo Final é ilustración preponderante na décimo quinta centuria (46 %) e perde drasticamente importancia no século XVI. Así e todo, a súa incidencia ao longo do século XV non se mantén constante. Desagregadas as

porcentaxes por cuartos de século (**Gráfico 3b**), constátase a importancia desta ilustración na primeira metade (máis do 80% das ilustracións dos sete salmos conteñen un Xuízo Final) e a progresiva diminución a partir de entón: 38% no terceiro cuarto e 18% no derradeiro cuarto do XV, porcentaxe esta última que se mantén no século XVI.

PAISES BAIXOS DO SUR/NORTE DE FRANCIA

(**Gráfico 5**)

A porcentaxe de imaxes do Xuízo final para o período do que se puideron analizar datos (o século XV), é importante (algo máis do 30%). A tendencia estaría a medio camiño entre as porcentaxes de aparición desta escena en manuscritos localizados en Francia neste período, 8% (**Gráfico 2a**) e as porcentaxes dos Países Baixos do Sur, 47% (**Gráfico 3a**), se ben máis próximas das desta última área.

PAÍSES BAIXOS DO NORTE

(**Gráfico 4**)

O Xuízo Final é a ilustración por excelencia dos Salmos Penitenciais nos libros de horas realizados nesta área no século XV. Representa un 57% por cento das imaxes en manuscritos procedentes deste territorio e datados neste século no corpus. E rondará esta porcentaxe durante toda a centuria. Un número significativo de libros de horas holandeses responde ao xa mencionado esquema estandarizado que presenta no comezo dos Salmos Penitenciais o Xuízo Final en miniatura a páxina completa no verso dun folio e David na inicial do texto no recto do folio seguinte (A Haia, KB, 131 G 8, Fols. 105v-106r) (cat-62)

ITALIA

O Xuízo Final debeu ser un tema practicamente inexistente na ilustración dos Salmos Penitenciais nos libros de horas italianos. Só se rexistran 3 exemplos da imaxe escatolóxica en manuscritos italianos do corpus.

INGLATERRA

Aínda que no corpus contamos cun número reducido de manuscritos procedentes de Inglaterra resulta significativo o feito de que case o 60% deles inclúen un Xuízo Final nos Salmos Penitenciais. Compre sinalar, ademais, que a maioría dos libros de horas compilados procedentes doutras áreas pero que seguen o uso de *Sarum* (Salisbury) -indicio de que moi probablemente estivesen destinados ao mercado inglés- contan cunha composición do Xuízo

USC DE COMPOSTELA

Final nesta sección. Todo o cal parece apuntar a unha clara preferencia por esta ilustración no texto dos sete salmos por parte da clientela inglesa dos libros de horas.

3.3.2. Tendencias figurativas na representación da escena

O presente corpus aporta un total de 256 ilustracións do Xuízo Final. Na práctica totalidade delas (98%) a imaxe preséntase como miniatura principal e só en moi contadas ocasións ocupa unha posición secundaria, no seo dunha inicial historiada ou imbricada nunha orla. Na maioría dos casos (case o 70%) constitúe a única ilustración deste texto. Cando convive con outra escena, en boa parte dos casos esta adoita ser a de David en actitude devota (rezando, como músico ou acompañado dun profeta) . Nesta casuística destaca o peso dos manuscritos holandeses, debido á difusión do esquema que contén ambas escenas emprazadas en páxinas contiguas.

Nos manuscritos datados no século XIV, o número de ilustracións do Xuízo Final propiamente dito é significativo pois 16 entre as 62 de imaxes do século XIV compiladas (un 25%) o conteñen, aínda que este dato debe ser matizado tendo en conta o peso no corpus de manuscritos ingleses deste período e o recurso habitual neles á estampa escatolóxica). As iluminacións caracterízanse pola súa heteroxeneidade: hainas moi sintéticas, nas que se amosa un reducido número dos elementos habituais na iconografía do Xuízo Final (un ou dous, ao sumo tres: o arco iris, instrumentos da paixón, intercesores, anxos trompeteiros) e hainas máis complexas, incluso se se presentan como ilustración marxinal (Londres, BL, Egerton 3277, fol. 133r) (cat-565), nas cales se amosan visións detalladas dos resucitados e o inferno. As ilustracións do século XV compiladas, tamén con variantes máis simples unhas e máis sofisticadas outras, non aportan novidades iconográficas significativas, salvo algunhas poucas miniaturas con detalles ou composicións máis orixinais (Besançon, BM, ms. 0151, fol. 54v) (cat-259); A Haia, KB, 135 G 19, fol. 81v-82r) (cat-99). O incremento na produción de libros de horas conforme avanza o século tradúcese na reiteración de composicións moi semellantes. É posible, con todo, establecer certas preferencias por algúns esquemas en territorios e intervalos cronolóxicos determinados, se nos atemos aos datos obtidos deste corpus. Estas preferencias parecen manterse independentemente da maior ou menor calidade dos códices, salvo moi contadas excepcións.

Resulta interesante constatar, en primeiro lugar, a elección que se fai dos intercesores segundo as áreas xeográficas. A porcentaxe de imaxes do Xuízo Final compiladas que presentan intercesores -María soa ou, na inmensa maioría dos casos, acompañada de Xoán

Bautista ou Xoán Evanxelista- constitúe o 58% do total. A elección entre Xoán Bautista ou Xoán Evanxelista como intercesor acompañante de María parece responder a modas ben diferenciadas segundo as zonas. Se ben en territorios como Francia non se dá preferencia a un ou outro Xoán, nos Países Baixos do Norte e Países Baixos do Sur si se rexistra unha predilección moi marcada: polo Bautista no primeiro caso e polo Evanxelista no segundo[20].

Outra tendencia detectada ligada á rexión de procedencia dos manuscritos refírese ao emprazamento dos intercesores na escena do Xuízo. Estes poden presentarse moi próximos aos resucitados -de pé ou axeonllados no mesmo terreo onde estes saen dos sepulcros- ou ben máis afastados deles, nun ámbito elevado, como flotando no aire e máis próximos ao Xuíz. En conxunto, os intercesores emprazados en terra firme son menos habituais en calquera das áreas (un 20% do total). Pero respecto daquelas ilustracións nas que si se da esta circunstancia, os datos son bastante contundentes: a proximidade dos intercesores parece ser unha característica propia de libros de horas de procedencia nórdica. Localízanse sobre todo en manuscritos orixinarios dos Países Baixos tanto do Sur como do Norte.

Considerando no seu conxunto a serie de ilustracións do Xuízo Final reunidas no corpus, chama a atención antes que nada o cariz benévolo que amosan a inmensa maioría delas. 235 das 256 imaxes do Xuízo Final rexistran a presenza de resucitados, pero unicamente 47 das 235 reflicten explicitamente a separación dos mesmos mediante alusión expresa ao destino final de elixidos e réprobos. No resto non hai trazas de inferno ou figuras diabólicas. Na gran maioría das ilustracións non se fai alusión explícita, polo tanto, á posibilidade da condena eterna, de onde parece deducirse que os retratados no día da resurrección nestas imaxes son, na maior parte dos casos, *benedicte*. Certo é que en certas iluminacións se percibe a vontade de diferenciar entre os resucitados aqueles que previsiblemente serán condenados, mediante xestos ou posturas dos corpos que indican a súa desesperación ou rexeitamento da visión de Cristo. Neste sentido, cabe sinalar en moitas escenas do Xuízo Final a presenza da figura estandarizada dun ou varios resucitados (aínda que normalmente se trata dun só) que en lugar de dirixir o seu rostro cara a Deus se inclina cara a terra. Se ben nalgunhas miniaturas hai indicios de que esta figura podería ser un réprobo (como no caso dunha que acabamos de ver, na que aparece situada do lado do inferno

20 Louis Réau (1996-2000, T.1, vol. 1: 519-520) establece que a figura de Xoán Bautista como intercesor -a *Deesis* propiamente dita, de tradición bizantina- se verá substiuída pola de Xoán Evanxelista por influencia da iconografía da Crucifixión. Tamén sinala que nas escenas do Xuízo Final a súa indumentaria se enriquece, por decoro, mediante un manto que lle cubre o saio de pelo. As imaxes do corpus desmenten en parte esta última afirmación, pois o Bautista se mostra en bastantes ocasións con indumentaria penitencial unicamente.

A Haia, KB, 135 G 19, fol. 81v-82r) (cat-99), o certo é que na maioría das ocasións resulta imposible determinar se o seu xesto é de rexeitamento, de desesperación ou se simplemente está a esforzarse por saír do sepulcro[21]. En xeral, mesmo nas imaxes nas que os "bos" se diferencian dos "malos" pola súa xestualidade, son maioría aquelas nas que os primeiros gáñanlle en número aos segundos. Diríase que, en consonancia con aquela idea que William de Brailes quixo transmitir cando rematou os Salmos Penitenciais no seu libro de horas cunha imaxe de "*Deu merci e tuz sa scienz*", na maioría das escenas do Xuízo Final que se ofrecen nos Salmos Penitenciais este motivo emprégase sobre todo como acicate en positivo da práctica penitencial, asociándoo máis cunha recompensa no fin dos tempos que coa ameaza do castigo eterno. O caso contrario –a representación en exclusiva dos condenados ou do Inferno en imaxes de carácter intimidatorio- é moi raro nos Salmos Penitenciais[22]. Contamos no corpus con algún caso de representacións illadas do averno, sen alusión ao Xuízo Final, pero a súa relevancia é case nula no conxunto de libros de horas compilados: unicamente 7 en todo o corpus, 4 delas responsabilidade dun mesmo miniaturista (o artífice italiano coñecido como Mestre das Iniciais de Bruselas) (Cleveland, Cleveland Museum of Art, 1964.40, fol. 106r) (cat-424) e outra que parece ser influencia del[23]. Unha representación detallada do inferno sen vínculo coa escena do Xuízo Final aparece tamén na ilustración dos sete salmos no *Libro de Horas de Étienne Chevalier*. Trátase, con todo, dunha imaxe excepcional por moitas razóns, a cal lle dedicarei atención no capítulo 4 (epígrafe 4.1.3) e da que non me parece que poida excluírse, precisamente, un vínculo cos infernos do citado mestre italiano.

Naquelas ilustracións nas que se representa a separación clara dos resucitados, esta tradúcese na presenza de escenas infernais, que poden incluír o motivo das fauces de Leviatán, ou ben na simple aparición de diaños e/ou anxos que discriminan os corpos que saen dos sepulcros, ou mesmo na mera diferenciación, por diversos procedementos, entre o carácter duns resucitados e outros (Baltimore, Walters Art Museum, W.269, fol. 60r) (cat-205). En xeral, a información que ofrece o corpus apunta a unha preferencia nos territorios

21 No catálogo pódense localizar as imaxes que conteñen esta figura empregando no cadro de busca do PDF o termo "resucitado(s) inclinado(s) cara a terra", que introducín como expresión normalizada no apartado de descrición iconográfica das fichas.

22 Algo que xe detectou Jerôme Baschet (1993, 435) cando apuntou que a importancia do tema infernal nos libros de horas en xeral é discreta.

23 Millard Meiss (1967, 241) sinalou que o uso do inferno nesta sección do libro de horas non tiña precedentes en Francia no momento en que o mestre italiano o pintou en libros de horas iluminados por el en Francia.

dos Países Baixos do Sur e os Países Baixos do Norte por xuízos finais nos que se inclúe a separación de resucitados. É nestas zonas, ademais, onde rexistrei varios exemplos dun tipo de composición máis elaborada que presenta unha visión dos condenados conducidos ao Inferno e dos xustos sendo acollidos nas portas do Paraíso (Nova York, PML, H.7, fol. 91v) (cat-751).

O sucinto panorama trazado aquí sobre a utilización da imaxe escatolóxica no corpus deriva do exame facilitado polo emprego dos 32 termos diferentes cos que describín as súas ilustracións[24]. Quedan multitude de aspectos desta iconografía que poderían ser analizados a partir do conxunto das miniaturas compiladas, pero para isto sería necesario realizar unha descrición detallada equivalente á que se fixo para a figura de David en actitude devota no presente estudo, algo que axudaría progresar na comprensión da recepción e uso desta imaxe no contexto das prácticas de devoción privada.

3.3.3.-As imaxes do Xuízo Final como ilustración dos Salmos Penitenciais. A "*sanha*" de Deus

Lembrar o Xuízo definitivo constitúe un estímulo para resgardarse das tentacións e practicar a penitencia. Nesta idea resume basicamente Roger Wieck a función da escena nos Salmos Penitenciais[25]. Cabe lembrar aquí a xa mencionada definición de compunción - concepto que desembocaría no de contrición- por Isidoro de Sevilla, no sentido de que esta xurde "do recordo do pecado e do temor do xuízo"[26]. Das imaxes da escena que ilustran os libros de horas recollidos neste corpus despréndese ademais unha mensaxe esperanzadora, dada a preeminencia daquelas que carecen de alusión á condena eterna. Este aspecto vese reforzado en moitas delas pola presenza próxima dos intercesores que, en certos casos, como acabamos de ver, incluso comparten espazo físico cos resucitados (e, asemade, coa persoa que observa a iluminación).

---

24 Véxase: Volume II, 2. Lista de Títulos normalizados

25 Wieck 1997, 96. Este é o comentario común sobre a función da imaxe neste texto (xa apuntado por Ana Domínguez Rodríguez, por exemplo (1993, 557). En xeral, os traballos de referencia que abordan a iluminación dos libros de horas, á hora de tratar os Salmos Penitenciais, pasan bastante por alto as imaxes da Visión intemporal da Divindade e a do Xuízo final, para centrarse fundamentalmente na figura de David penitente (Calkins 1983, 261 ; Harthan 1977, 26) Ou ben chamar a atención sobre escenas máis raras na ilustración dos sete salmos (Backhouse 1988, 53, 57-58,).

26 Ver nota 15 no capítulo 2

Alén desta explicación xenérica en torno á función da escena como estímulo para a penitencia, compre considerar tamén que a tradición esexética ofrece outro fundamento para a súa presenza en relación co texto dos Salmos Penitenciais. Como se recordará (epígrafe 2.2.1), Lynn Staley e Clare Costley King'oo chamaron a atención sobre o feito de que, nos seus comentarios sobre os salmos deste grupo, Agostiño centrou a súa atención na natureza da ira de Deus, enmarcándoos no contexto da xustiza divina. O primeiro versículo do Salmo 6 (*Domine ne in furore tuo arguas me, neque in ira tua corripias me*) serve ao bispo de Hipona para tratar do Día do Xuízo, pero distinguindo a ira de Deus da humana, pois a primeira contén o desexo divino de que o pecador se emende e evite a dureza do xuízo[27]. Esta atención á natureza da ira divina que mostra Agostiño -e os autores que o seguen- nos seus comentarios dos Salmos Penitenciais lévame a considerar a posibilidade deste outro lazo entre a imaxe escatolóxica e o texto, un vínculo que viría a reafirmarse, por outra parte, se atendemos á conexión que posibilitan esas dúas palabras –*ira* e *furore*- coa imaxe do Xuízo Final como *Dies Irae*. A imaxe presentaría, vista así, un cariz literal con alicerces na esexese[28]. Hai que ter en conta que ira e o furor son as palabra máis importantes do versículo que serve para identificar os Salmos Penitenciais nos libros de horas e xa vimos anteriormente (epígrafe 2.2.2) ata que punto o público deste tipo de obras de devoción podía estar familiarizado con certos vocábulos clave dos salmos, tal e como se deduce da súa utilización nalgunha peza teatral baixomedieval ou nas versións paródicas do setenario. Posto que no versículo inicial do salmo 6 -auténtico marcador para recoñecer o comezo desta sección nos libros de horas[29]- a alusión á cólera divina declárase de forma reiterada mediante dous sinónimos, unha imaxe do Día da Ira resulta idónea para acompañar este texto.

No corpus contamos con dous exemplos que revelan explicitamente a asociación do Último Día como Día da Ira co texto dos Salmos Penitenciais. Na ilustración correspondente do libro de horas do Infante Don Afonso de Castela (Nova York, PML, MS M.854, fol. 135v) (cat-896) cítase un verso do poema *Dies Irae* na inscrición que rodea a escena do Xuízo:

27 Staley 2007, 225. Tamén o comentario dos sete salmos traducido por Eleanor Hull vincula a ira de Deus e o xuízo divino (Staley 2007, 226)

28 Sobre o concepto de "ilustración literal" ("*literal illustration*") véxase: Sandler 2004

29 Véxase, por exemplo, de que maneira este versículo aparece inscrito a modo de título no marco dunha miniatura que abre a sección dun libro de horas do corpus e, a continuación, se repite na páxina propiamente dita do texto do salmo 6 no verso do mesmo folio: París, BNF, Latin 1171, fol. 50r e fol. 50v.

qvantvs tremor este fvtvrvs qvando ivdex este ventvrvs cvnta estricte discvtvrvs (sic)[30].

Pola súa parte, no chamado *Libro de horas de Xoana de Castela* (Londres, BL, Additional 35313, fols. 134v-135r) (cat-543) cítase o verso do responsorio *Libera me* que recolle este cualificativo do día do Xuízo:

Dies illa, dies irae, calamitatis et miseriae, dies magna et amara valde

Neste caso a cita aparece como inscrición baixo unha composición do Xuízo Final contigua a outra de David rezando, situada sobre as primeiras palabras do texto do salmo 6. A visión simultánea das dúas páxinas favorece o paralelismo visual entre o termo que alude á cólera de Deus no verso do responsorio e o mesmo vocábulo no texto do primeiro salmo penitencial.

Outro exemplo do corpus onde se revela con máis contundencia aínda a asociación das palabras clave do salmo coa imaxe do Día da Ira é un manuscrito inglés de principios do século XV (Londres, BL, Additional 50001, fol. 27r e 27v) (cat-551) [**Fig. 2(1)a**]. Na ilustración dos Salmos Penitenciais neste códice, David, acollido na inicial do texto do salmo 6, dirixe a súa pregaria ao Xuíz que preside a miniatura situada sobre el. O monarca bíblico sostén un filacterio na que figuran as primeiras palabras do primeiro versículo do salmo [**Fig. 2(1)b** e **c]**. Duplícase, polo tanto, nunha distancia mínima, o termo f*urore,* presente no filacterio da inicial e no texto inmediatamente adxacente. E a referencia á cólera divina triplícase se consideramos a escena do Xuízo Final situada sobre David como unha tradución visual do termo. E non acaban aquí as asociacións entre a escena escatolóxica e a palabra clave no texto dos Salmos Penitenciais neste manuscrito. Todos e cada un dos sete salmos nel están decorados na inicial do texto co rostro de David, agás o 37 (Fol. 27v) [**Figs. 2(2)a** e **b**]. Nesta última letra, o rostro do Rei substituíuse por unha imaxe de Cristo amosando as chagas con dúas espadas saíndolle da boca. Unha imaxe sintética do Xuízo Final actúa, polo tanto, como marcador do terceiro salmo penitencial, que tamén comeza co texto *Domine ne in furore tuo arguas me*. Neste libro de horas duplícase a imaxe escatolóxica de Cristo nunha mesma sección e faise para ilustrar os dous salmos que conteñen a palabra *furore* nos seus

30 Transcrición tomada da descrición desta imaxe na páxina web Medieval & Renaissance Manuscripts da PML.

versículos iniciais. Todo parece indicar, polo tanto, que se empregou de xeito consciente a asociación da escena do Día da Ira coa palabra máis significativa do texto.

Un século máis tarde, nun libro de horas francés de comezo do século XVI (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 411) (cat-706) establécese unha secuencia nas páxinas que conteñen o salmo 6 que se desenvolve do seguinte xeito: embaixo dunha escena de David e Goliat que, xunto coa de Unción de David por Samuel, inaugura os Salmos Penitenciais, no folio 74r**,** pódese ler unha inscrición (na parte inferior do marco da miniatura) co inicio do primeiro versículo do salmo 6, *Domine ne in furore tuo arguas me*. Ao virar o folio para continuar a lectura, a vista bate inmediatamente coa imaxe do Xuízo Final pintada na parte superior da marxe, que, á súa vez, está situada xusto ao lado da continuación do mesmo versículo, o que inclúe o sinónimo *ira* (*neque in ira tua corripias me)*. E no folio contiguo a este, embaixo da figura de David orando representada tamén en marxe, lemos nunha cartela a paráfrase en francés do mesmo versículo do salmo 6, cunha interpolación espuria alusiva á xustiza divina. O filacterio reza: "*Sire sy te plest garde moy de justice et fure(ur)*". A alusión á xustiza de Deus intercalada no versículo bíblico nesta páxina miniada ten o seu equivalente na que se fai en paráfrases dos sete salmos en lingua vernácula que interpolan estas mencións do xuízo divino nas versións do mesmo salmo. Así, por exemplo, na realizada polo franciscano Thomas Brampton a comezo do século XV :

> *Lord wilt þu not me schame ner schend*
> *Whan þu schalt be in thy fersenes*
> *To* ***dredefull dome*** *whan I schall wend*
> ***Hold not thy wrathe*** *on my frelenes*[31]
>
> [Señor, non me avergoñes nen me condenes / cando chegue o momento da túa maior severidade / Cando deba comparecer no temible xuízo / Non manteñas a túa ira ante a miña debilidade]

31 Texto reproducido en Sutherland (2010, 23) e adaptado a inglés moderno por esta autora: *Lord will you neither shame nor condemn me / When you are at your most severe./ When I must go to the dreadful judgement / Do not maintain your anger at my frailt*. Esta interpolación dunha alusión ao Xuízo como comentario deste versículo non se produce, sen embargo, na outra paráfrase en inglés dos Salmos Penitenciais, a de Maidstone, que se cre que era coñecida por Brampton (ver texto en Sutherland, 2010, 24)

En relación con estas interpolacións, o fenómeno máis sorprendente prodúcese, con todo, cando os textos parafrásticos chegan a usurpar o lugar do texto bíblico canónico na sección dos Salmos Penitenciais. Dei con esta situación en dous códices, un en francés e outro en portugués. E en ambos se insire a alusión á xustiza de Deus no primeiro versículo do salmo 6. No libro de horas francés, parisino do último cuarto do século XIV (Baltimore, Walters Art Museum, W.89) a versión en vernácula do comezo do salmo situada embaixo da rúbrica en latín (fol. 135r) fala do xuízo divino, facendo alusión, posiblemente, ao tempo histórico do Último Día (por contraposición ao tempo presente citado no final do texto):

> *Dieu* ***en ton jugement*** *ne margue pas sire,* ***en ce siecle present*** *me chastie sans ire*

Algo semellante acontece no códice portugués, datado a finais do século XV, Lisboa, BNP, Iluminado 4, fol. 70r, imaxe 145[32]. Na versión do mesmo versículo faise encaixar tamén unha alusión espuria á xustiza divina:

> *Senhor nom me repremdas seg[undo] rigor* ***datua justiza*** *nem me castigues com atua* ***sanha***[33] *nem com atua* ***ira***

Estas alusións no texto do salmo 6 ao Xuízo ou á xustiza de Deus nas paráfrases ou traducións son coherentes coa idea apuntada por Clare Costley King'oo de que a tradición esexética, inaugurada polo comentario de Agostiño sobre o salmo 6, é o esquema sobre o cal se construíu este setenario, situando os Salmos Penitenciais no contexto do Xuízo Final[34]. O peso da esexese engadiría, pois, significado adicional as invocacións espurias á xustiza divina que revelan as paráfrases e a este uso que estou a considerar da composición do Xuízo Final como ilustración dos vocábulos alusivos á ira de Deus.

Noutra orde de cousas, a importancia da ira como palabra clave do primeiro salmo penitencial explica o feito de que, cando estes se asocian aos pecados capitais -mediante un texto que precede ou remata cada un deles, ou mediante ilustracións- o primeiro salmo, que

---

32 Na páxina web da exposición organizada en 2014 na Biblioteca Nacional de Portugal Livros de Horas: o imaginário da devoção privada refírense ao "elevado valor documental" deste manuscrito por estar totalmente escrito en portugués.

33 Tamén traduce en castelán como "ira" e "saña" os vocábulos "ira" e "furore" do salmo 6 Guillén de Segovia na súa obra *Los siete Salmos penitenciales glosados* (Nuñez Rivera 2001, 108, 118).

34 King'oo 2012, 8-9

debería vincularse coa Soberbia por ser o máis importante e o primeiro vicio do setenario –tal e como acontece en certos libros de horas[35]- se asocie ás veces coa Ira[36]. Trátase dunha relación certamente curiosa, só xustificable pola presenza dun vocábulo idéntico no primeiro versículo do salmo, pois comete o desatino de poñer ao mesmo nivel un pecado humano e a divina "sanha".

Para finalizar este epígrafe apelo a un detalle anecdótico que quizais teña relación co vínculo entre a sección dos salmos nos libros de horas e a imaxe do Xuízo Final, ao tempo que pode ser revelador da importancia que tivo a escena como ilustración do texto penitencial en determinadas áreas xeográficas. Nun libro de horas que chegou a ser propiedade de María Estuardo (1542-1587) -un manuscrito realizado probablemente nos Países Baixos do Sur a finais do século XV-, a raíña fixo dúas anotacións. Nunha destas notas, a muller diríxese a Deus -único xuíz que recoñece- empregando as seguintes palabras: "*Dieu viuant mon seul Juge olyez mes plainctes & mes gemissementz*" (Manchester, Univ. of Manchester Libr., John Rylands Library, Latin Ms 21, fol. 124r). De todas as miniaturas deste libro de horas, case todas precedidas dalgunha páxina en branco, a raíña escolleu para escribir esta frase o recto do folio en branco que precede a ilustración dos Salmos Penitenciais (situada no verso do folio seguinte) que contén unha imaxe de David en oración (fol. 125v) (cat-672). Diríase que María, identificándose coa figura implorante de David, tiña tamén presente a imaxe do divino Xuíz que, aínda que ausente na ilustración dos salmos do seu códice flamengo, emprazou mentalmente nesta sección do códice. Quizais porque é a que comeza co texto que alude á ira da xustiza divina, ou tal vez por ser a escena escollida para ilustrar a sección en moitos libros de horas, e con especial frecuencia, como vimos, nos manuscritos ingleses.

35 No chamado *Libro de Horas de los Siete Pecados Capitales* Madrid, BNE, VITR/24/10 Fol 102v (imaxe 227) (cat-651), a asociación faise mediante a ilustración; en Nova York, PML,MS M.304, fol. 108r (cat-849) mediante o texto, pois o salmo 6 está precedido da rúbrica "de peccatis contra superbiam".

36 Ver, por exemplo, a expresión "*Psalmus contra iram*" que precede o salmo 6 e a antífona *Ne reminiscaris* en Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 156, fol. 84r (cat-300); a seguir da antífona pode verse no Libro de horas de Don Duarte (Lisboa, Museu Nacional de Arte Antiga, 14/198 Ilum, fol 198, (1517-1551) e en Cidade do Vaticano, BAV, Vat. lat.5493 (cat-412), a seguir da antífona no fol 111r. Nun libro de horas impreso en Chalons en 1534 (París, BNF Arsenal Reserve8-T-2530, Fol. 57v) pode verse na última liña da páxina, a mención "contra iram" que precede a imaxe que abre a sección dos salmos co Baño de Betsabé. A expresión "contra superbiam" neste libro, embaixo do final do salmo 6 corresponde ao salmo seguinte, o 31 (fol. 58v)

3.4. DAVID E GOLIAT

3.4.1. As escenas e a súa xerarquía

As imaxes do episodio bíblico que narra a vitoria de David cando mozo sobre o xigante Goliat emprázanse habitualmente nos libros de horas na sección dos Salmos Penitenciais. Os feitos narrados en I Samuel, 17 reflíctense nunha ou varias escenas, e de todos os sucesos do episodio, o máis representado, con diferenza sobre os demais, é o de David atacando a Goliat coa súa fonda (71% do total de manuscritos coa escena de David e Goliat a inclúen). Séguenlle en moita menor contía o da decapitación do xigante (29%) e, detrás deste, a imaxe do mozo coa cabeza de Goliat, normalmente espetada nunha espada (25%), illada ou formando parte da escena da súa chegada triunfante a Xerusalén, en ocasións sendo recibido polas mulleres. As dúas últimas escenas mencionadas adoitan convivir coa de David atacando a Goliat nas ilustracións dos sete salmos nun mesmo manuscrito. Aténdonos aos datos do corpus, parece que a ilustración do episodio de David e Goliat non foi relevante na mesma medida en todo o período de produción dos libros de horas. Ben ao contrario, a súa incidencia é significativa unicamente a partir da segunda metade do século XV e, sobre todo, do último cuarto da centuria. O 60% das imaxes compiladas corresponden a libros deste último cuarto do XV ou xa do século XVI. Se se considera a súa distribución xeográfica, cabe sinalar que se empregou en libros de horas procedentes de todos os territorios salvo Inglaterra.

Polo que se refire á posición xerárquica na páxina miniada, dedúcese do corpus que as imaxes de David e Goliat só aparecen en libros de horas como escena principal tamén a partir da segunda metade do século XV. Todas as que rexistrei anteriores a esta época, ademais de escasas, presentan aos protagonistas sempre como figuras marxinais[37]. E mesmo no período tardío, predomina tamén a súa posición marxinal.

En tanto escena primaria (66 imaxes no corpus) as escenas aparecen normalmente en miniaturas de gran tamaño, a páxina completa ou ocupando boa parte da páxina. Nun número significativo de libros de horas tardíos a escena da vitoria de David sobre Goliat chega así a ocupar o prominente lugar que habitualmente se reserva as de David en oración

37 Unicamente teño dúbidas respecto dun libro de horas que contén a imaxe de David e Goliat como escena primaria nos sete salmos. Descoñezo a data precisa do manuscrito e non son quen de precisala pero me parece, por comparación con manuscritos como o *Offiziolo Visconti*, que podería ser anterior a mediados do século XV: Cidade do Vaticano, BAV, Chig.C.IV.111, fol. 106v-107r.(cat-388)

ou á do Baño de Betsabé por estas mesmas datas. Como escena principal non adoita verse acompañada doutra secundaria, pero cando así acontece, en varios casos trátase de imaxes que declinan o propio episodio (por exemplo, móstrase no compartimento principal dunha miniatura a David atacando a Goliat e nas orlas ou viñetas das marxes ou nunha inicial historiada a David coa cabeza de Goliat entrando en Xerusalén (París, B de l'Arsenal, Ms 1185 réserve, Fol. 219v-220r) (cat-1032). Cando é a escena á que se concede máis importancia pode verse tamén acompañada de imaxes marxinais de David rezando ou do Episodio Betsabé/Urías (Nova York, PML, MS M.117, Fol. 91r) (cat-791)

En tanto escena secundaria, rexistráronse no corpus 103 imaxes. Contamos nel cun único caso datado no século XIV, nas xa mencionadas *Petites Heures de Jean de Berry* (París, BNF, Latin 18014, fol. 53r) (cat-1110), pero o seu número crece progresivamente a partir de entón, tanto en termos absolutos como porcentualmente. A de David e Goliat nun ámbito marxinal adoita complementar unha ilustración principal que será sobre todo a de David rezando -só ou acompañado dun profeta- ou ben, en menor medida, unha escena do Episodio Betsabé/Urías. Xigante e pastorciño poden aparecer, sen marco ou en medallóns, imbricados nas orlas. E en libros de horas tardíos, en compartimentos na parte inferior das páxinas miniadas e tamén nas marxes, pero ocupando máis espazo. Unha porcentaxe importante das imaxes de David e Goliat como escena secundaria mostran esta no seo da propia miniatura (o 20%), que normalmente exhibe en primeiro termo a David arrepentido. Desta composición hai constancia no corpus a partir do terceiro cuarto do século XV, sobre todo en libros de horas procedentes dos obradoiros de Rouen (Londres, BL, Harley 2989, Fol. 73r) (cat-587). Nos códices normandos forma parte dunha composición estandarizada que mostra o rei arrepentido axeonllado a carón do seu trono baleiro [**Fig. 60** e **Fig. 61**] combinada coa escena de David atacando a Goliat situados na paisaxe que se divisa desde o lugar onde reza o monarca.

3.4.2.- As imaxes de David e Goliat como ilustración dos Salmos Penitenciais. O guerreiro "*elatus e inflatus*" e a meditación lúdica

Tal e como recorda Louis Réau, a vitoria de David sobre Goliat tense interpretado en época medieval como o triunfo de Cristo sobre Satán[38]. O estudoso chamou a atención tamén

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

38 Réau 1996-2000, T. 1, vol. 1: 307.

sobre o uso en ocasións político que se fixo desta imaxe, asignándose a David o papel de símbolo da resistencia en Florencia, e isto explicaría, segundo John P. Harthan, o emprego asiduo da escena de triunfo do mozo sobre o xigante en ilustracións dos Salmos Penitenciais en libros de horas florentinos[39]. Os datos que aporta o corpus confirman, efectivamente, unha procedencia da cidade toscana para boa parte dos manuscritos italianos compilados que conteñen esta ilustración (11 libros florentinos entre os 17 italianos que presentan a David e Goliat)[40]. Na bibliografía consultada que de modo xenérico trata da iluminación dos libros de horas non se aporta outra explicación para o sentido destas imaxes como ilustración do texto que nos ocupa, abordándose comunmente como unha representación da vitoria do ben sobre o mal ou considerándose que responden á vontade de establecer un contraste entre a figura de cariz positivo de David na súa mocidade e a súa faceta como pecador en época adulta[41]. A partir da revisión do conxunto de imaxes compiladas no corpus creo que se pode extraer información que permite matizar algo máis estas afirmación xenéricas.

A descrición das miniaturas desenvolvida neste traballo, tendo en conta a posición xerárquica das escenas, permite constatar, como acabamos de ver, unha acusada tendencia a situar a David e Goliat nun ámbito marxinal, acompañando a figura de David en oración. A glosa visual da escena principal que representan vén confirmar, pois, esta idea de que estamos ante unha sorte de prefiguración da vitoria do rei maduro sobre o pecado. A mesma función que as imaxes do triunfo de David sobre Goliat xogaron seguramente as composicións, máis raramente representadas nos Salmos Penitenciais, que mostran o pastorciño vencendo ao león ou ao oso. Cando unha ilustración reúne todas estas escenas - vitoria fronte ao león, fronte ao oso e sobre Goliat-, a glosa vese reforzada, tal e como acontece nun manuscrito flamengo do último terzo do XV (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 9, fol. 75. O que máis me chamou a atención na iluminación dos sete salmos neste códice é que a glosa visual parece desenvolverse tamén noutra dirección, unha que amplía o seu alcance moral e que ofrece unha clave, ao meu xuízo, para enriquecer a lectura, en xeral, das imaxes de David e Goliat como ilustración do texto dos Salmos Penitenciais. Observando conxuntamente as dúas páxinas contiguas que inauguran o capítulo penitencial neste libro de horas (Fol. 74v - Fol. 75r) (cat-625) podemos ver, na da esquerda,

39 Harthan 1977, 153.

40 Tendo en conta, ademais, que unicamente de 34 manuscritos dos 127 italianos rexistrados no corpus consta procedencia florentina.

41 Wieck 1988, p. 98

a miniatura a páxina completa que mostra a David dirixíndose a Deus, varios personaxes abatidos no chan e un anxo cunha espada no ceo [**Fig. 77**]. Trátase dunha representación do pobo de Israel sendo castigado pola soberbia de David, pecado no que incorreu cando ordenou elaboración do censo[42]. Na páxina da dereita percíbese en marxe a figura do cabaleiro xigante, que dobra o tamaño do pastorciño que o encara. Este xigante vincúlase, á súa vez, a un mozo a cabalo sostendo unha ave, situado inmediatamente sobre el[43] [**Fig. 5]**. Figuras semellantes dun xinete sostendo unha ave foron empregadas en ocasións como personificación do orgullo. Véxase, por exemplo, a súa representación no nacemento da póla esquerda -a dos vicios- no esquema en forma de árbore de vicios e virtudes nun manuscrito de *Li livres dou tresor* de Brunetto Latini datado ca. 1260-1299 (Londres, BL, Additional 30024 fol. 2r); ou o castigo deste pecado na raíz dun esquema smiliar dos vicios na iluminación dun manuscrito do *Vigriet de solas*[44], realizado en Picardía a finais do século XIII ou comezos do século XIV (París, BNF, Français 9220, Fol. 6r) [**Figs. 3, 4, 5**]. O mozo na iluminación do noso libro de horas amósase sobre un cabalo coas patas dianteiras alzadas, unha posición certamente inestable que ben pode presaxiar unha inminente caída, como a que se pinta no devandito manuscrito do *Vigriet de solas* e noutras alegorías da soberbia como xinete derribado ou a piques de caer[45]. De tratarse o xinete que nos ocupa dunha alusión á personificación da soberbia, o seu emprazamento –situado sobre Goliat- viría a apuntar a un nexo deste vicio co guerreiro bíblico. A tradición iconográfica bizantina ofrece alomenos un precedente para unha interpretación neste sentido da figura de Goliat. Trátase da ilustración dun salterio iluminado en Constantinopla no século XI, o *Salterio de Bristol* (Londres, BL, Add.40 731, fol. 231v), que amosa a escena do pastor atacando o guerreiro. David acompáñase dunha alegoría da Forza e Goliat doutra da Soberbia (αλαζονία). Tamén contamos con testemuños diversos na esexese e na literatura que vinculan o "sobervio varón"[46] co vicio. O máis influínte probablemente foi o de Agostiño, que no comentario do

42 Tratarei máis polo miúdo este asunto no capítulo 4

43 Este manuscrito contén orlas habitadas por figuras en varias páxinas pero ningunha presenta escenas bíblicas tan claramente identificables como esta de David e Goliat no fol. 75r, e, en calquera caso, a figura do mozo a cabalo non aparece en ningunha delas.

44 Compilación escolástica de diagramas teolóxicos, de devoción e morais tamén coñecida como *Speculum Theologie* ou *Verger de Consolation* realizada por Johannes Metensis a finais do século XIII, do que se coñecen varios manuscritos ilustrados (Heck 1995, 12).

45 Abordo esta alegoría con máis detemento no apartado dedicado ao cabaleiro soberbio (epígrafe 4.2.1.2).

46 Así o denomina Berceo no poema "Loores de Nuestra Señora" (estrofa 91) (Gonzalo de Berceo 2009, 893)

salmo 33 compara a vitoria de David e Goliat coa de Cristo sobre o demo, facéndoa equivaler a unha vitoria da humildade sobre a soberbia:

> *In figura Christi David, sicut Golias in figura diaboli: et quod David prostravit Goliam, Christus est qui occidit diabolum. Quid est autem Christus qui diabolum occidit?* ***Humilitas occidit superbiam***.[47]
>
> [David é figura de Cristo, como Goliat do diaño; e como David decapitou a Goliat, así Cristo matou o diaño; e que significa que Cristo matou o diaño? Que a humildade matou a soberbia.]

Da difusión da esexese de Agostiño é testemuño gráfico un dos cadros que Caravaggio dedicou a este escena, no cal tería pintado, como inscrición na espada coa que David decapitou a Goliat, a sentencia *Humilitas occidit superbiam* [48]. A asociación do xigante e o vicio recóllese en textos medievais de diversa natureza. San Bernardo, por exemplo, utilizou a Goliat para denigrar a Pedro Abelardo en dúas ocasións, asimilándoo nunha delas co guerreiro de tamaño descomunal ataviado co seu indumento bélico ("*bellico apparatu*"), e comparándoo noutra co xigante "*elatus et inflatus*", referente do vicio da soberbia[49]. O poeta Eustace Deschamps (1346-1406), formulou tamén o triunfo de David sobre Goliat como unha derrota do orgullo, no seu *Chant royal CCCCIII ("Si les héros revenaient sur la terre, ils seraient étonnés*"):

> *(...) David tourna en cendre*
> *De Goulias l'orgueil qu'il ot emprins*[50]

---

47 Agostiño 1964, 474

48 Así interpretou Maurizio Marini a inscrición na espada de David (*H-AS O. S.*) no cadro que alberga a Galería Borghese de Roma (Marini, Maurizio. 2001. *Caravaggio "pictorpraestantissimus": L'iter artistico completo di uno dm massimi rivoluzionari dell'arte di tutti i tempi*. Rome: Newton Comptonm, citado por Stone 2012, 583, 589 n. 29.

49 Manuel Casquero (1996, 126-127), cita dous textos en que Bernardo de Claraval compara a Pedro Abelardo con Goliat como encarnación da soberbia: *"Procedit Golias procero corpore, nobili illo suo bellico apparatu circummunitus, antecedente quoque ipsum eius armigero Arnaldo de Brixia... Stans ergo Golias... me omnium minimum expetit ad singulare certamen"* (PL 182, 355). Traducido por Manuel Casquero como: *"Avanza Goliat con su descomunal cuerpo, armado con aquellos fastuosos atuendos bélicos, precedido por su escudero Arnaldo de Brescia... Se planta, pues, Goliat... y a mí, al más pequeño de todos, me reta a singular combate"* ; o outro texto que cita é: *"Considerandum nobis est quinam videatur iste Golias..., elatus et inflatus spiritu carnis suae. Credo enim non incongrue in superbo homine superbiae vitium designari"* (PL 183, 334), traducido como: : *«Debemos considerar quién nos parece ser este Goliat... henchido e inflado por el espíritu de su carne. Creo que no es ilógico señalar el vicio de la soberbia en un hombre tan soberbio»*

50 Deschamps 1882, 193

As iluminacións dos Salmos Penitenciais ofrecen testemuños visuais de trazos da iconografía do orgullo encarnado en efixies de Goliat cando presentan a este como o cabaleiro que exhibe ostentosamente o seu "*bellico apparatu*" (Moulins, BM, ms. 089, fol. 75r) (cat-690). As enormes figuras dos malvados cabaleiros inaugurando os Salmos Penitenciais en libros de horas tardíos, derribados no chan, unhas veces patas arriba, outras anatomicamente desencaixados, constitúen tamén unha imaxe eficaz da soberbia vencida [**Fig. 112**]. Nalgunha miniatura incluso se albisca a intención de apoñer ao xigante o vicio da vaidade -outra faceta do pecado de soberbia- figurada mediante rechamantes adornos no seu casco. Este detalle ten o seu precedente, en último termo, na propia alegoría do vicio na *Psychomachia* de Prudencio, imaxe probablemente ben coñecida por situarse nun texto que gozou de especial fortuna na Idade Media. A alegoría de *Superbia* imaxinada polo poeta hispano aparece adornada "cunha sorte de torre de encaracoladas melenas na cabeza"[51]. Na figura de Goliat en Cidade do Vaticano, BAV, Borgh. 183, fol. 39r (cat-387), o soberbio recibe a pedra que lle lanza David directa e estratexicamente no aparatoso atavío de plumas que adornan o seu casco, moi parecidas ás que ornan a gorra da personificación do orgullo nunha imaxe que tamén ilustra os Salmos Penitenciais noutro manuscrito (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 411, fol. 75v) (cat-706) [**Fig. 6** e **Fig. 7**]. A *Psychomaquia* resulta tamén referencia imprescindible para entender no sentido da soberbia derrotada as imaxes da decapitación de Goliat, outra das escenas que se rexistran con certa asiduidade nos libros de horas serodios. No mesmo fragmento do texto de Prudencio ao que acabo de referirme, dedicado ás peripecias de *Superbia* e *Humilitas,* nárrase como a Esperanza ordenou á Humildade decapitar a Soberbia, en recordo da decapitación de Goliat por David[52]. Este relato tivo o seu reflexo visual na cuberta superior do Salterio de Melisenda, que mostra a alegoría do vicio representada por un cabaleiro que está a sufrir a decapitación pola espada a mans de *Humilita*s, así identificada mediante inscrición[53]. O relevo se presenta próximo do que amosa a *David* atacando a *Golias* na

51 Prudencio Clemente 1981, 322-323. Sobre o papel de Prudencio na Idade Media como "preceptor de pueblos, abadías y catedrales" véxase Rodríguez 1981, 53-62.

52 Prudencio Clemente 1981, 326-327.

53 As cubertas de marfil consérvanse hoxe separadamente do manuscrito (que ten como sinatura Londres, BL, Egerton Ms 1139). A sinatura das cubertas é: Londres, BL, Egerton Ms 1139/1 e a imaxe das mesmas pódese ver en: Westwell, Chantry "A marvel in gold and ivory: Queen Melisende's Psalter", *British Library Medieval Manuscripts Blog* (blog), 26 may 2022, https://blogs.bl.uk/digitisedmanuscripts/2022/05/a-marvel-in-gold-and-ivory.html

mesma cuberta [**Fig. 73a**, **Fig. 73b**]. Ambos relevos, á sua vez, conviven co de David arrepentido ante Gad, nunha imaxe que condensa varios sucesos do episodio da elaboración do censo (acto inspirado tamén pola soberbia, nesta ocasión, do propio rei bíblico) [**Fig. 73c**]. Vemos así no marfil do século XII un vínculo equivalente ao que se percibe varios séculos máis tarde no manuscrito do Museo Jean Paul Getty que mencionei ao comezo deste epígrafe, pois en ambos establécese un lazo entre imaxes relacionadas co acto de soberbia do monarca bíblico cando elaborou o censo, escenas de David e Goliat, e unha alegoría do orgullo -explícita no relevo de marfil e posiblemente evocada na figura do mozo a cabalo no libro de horas- (Fol. 74v - Fol. 75r) (cat-625). Esta asociación repítese noutros dous casos recollidos no corpus. Nun de finais do século XV (París, Bibliothèque de l'Arsenal, Ms 1185 réserve, Fols. 219v - 220r), a xigantesca figura de Goliat caído ocupando o primeiro plano da miniatura a páxina completa faise corresponder con outra imaxe na páxina contigua que amosa a David observando tres frechas no ceo (motivo que tamén se repite na decoración da orla), en alusión aos tres castigos da soberbia do gobernante bíblico pola elaboración do censo. E noutro códice francés contemporáneo (Chantilly, Musée Condé, MS 74, fol. 61r) (cat-372) vincúlase a escena de Goliat caído no compartimento inferior da miniatura coa de David facendo penitencia, no rexistro contiguo, diante do pobo de Israel castigado polo orgullo do Rei. Como se pode apreciar a través destes exemplos, a exhibición de Goliat como encarnación da soberbia que estou a considerar estaría en relación, nalgunhas iluminacións, coa alusión visual ao mesmo vicio asociado ao Rei David. Volverei, polo tanto, sobre este tema -e sobre algunhas destas imaxes- no epígrafe dedicado á de David en actitude devota en relación coa figura do cabaleiro soberbio (epígrafe 4.2.1.2). Cabe mencionar, finalmente, outra imaxe do corpus na que este discurso contra a soberbia que me parece ver implícito nas miniaturas dos sete salmos que amosan a Goliat se expresa de forma aínda máis contundente, posto que vincula o guerreiro coa personificación do pecado. Sitúase no *Libro de horas de Jeanne de France*, nunha páxina que mostra a David arrepentido rodeado de personificacións dos sete pecados capitais. A do orgullo, cabalgando un león, emprázase na parte superior da marxe dereita da iluminación, moi preto da escena de David atacando a Goliat integrada no compartimento central cunha escena de David en oración, de tal xeito que a pedra que lanza o pastor ben pode considerarse dirixida, simultaneamente, cara a encarnación do vicio (París, BNF, NAL 3244, fol. 127) (cat-1142)[**Fig. 115**].

Ademais desta lectura que propoño para as imaxes que presentan escenas de David e Goliat nos Salmos Penitenciais, a revisión do conxunto que nos ofrece o corpus inspiroume unha conclusión adicional, que ten que ver co proceso de lectura das ilustracións. Porque

pasear a mirada por algunha destas páxinas, seguindo os itinerarios que marca a distribución das escenas, deixa a impresión de que a composicións foron formuladas tamén cun propósito de entretemento. De todas as ilustracións recollidas no corpus, é nalgunhas daquelas que presentan as imaxes de David e Goliat onde se aprecia con mais claridade esta eventual intención lúdica. Diríase que foron concibidas para que a persoa propietaria do libro se deleitase descifrando as glosas visuais, e nalgúns casos, incluso, se distraese tentando descubrir as figuras cando estas están parcialmente ocultas. Porque a intención de camuflaxe é outro dos trazos característicos de certas imaxes de David e Goliat cando estes se presentan como escena secundaria nos Salmos Penitenciais. Así, por exemplo, na ilustración dun manuscrito francés datado na segunda metade do século XV (Nova York, Nova York Public Library, NYPL MA 046, 82r) (cat-734) diríase que o que se busca é guiar a mirada procurando efectos de sorpresa[**Fig. 8**]. A composición parece pensada para que a persoa que a observa, logo de adentrarse no oratorio de David e deleitarse no descubrimento dun *alter ego* do monarca en forma de escultura no marco arquitectónico da miniatura, continúe o percorrido visual pola orla, véndose atrapada, en primeiro lugar, pola figura máis prominente, a de Goliat, ou mesmo a do mozo coa cabeza do xigante espetada nunha espada, e se vexa obrigada a facer un pequeno esforzo para localizar a orixe última de ambos sucesos, a man que tirou a pedra que está incrustada no casco do guerreiro. O rapaz coa fonda encóntrase parcialmente disimulado na esquina da marxe inferior esquerda (facéndose coincidir a cor clara dunha das botas da figura semioculta do pastorciño coa da banda triangular que lle serve de fondo, mentres se favorece a confusión visual da indumentaria azul coa da vexetación da mesma cor). Unha estratexia semellante percíbese na orla doutro manuscrito francés contemporáneo (Berkeley, Univ. of California, Bancroft Lib, BANC MS UCB 29, fol. 79r) (cat-241). E noutra miniatura realizada en Bruxas que pouco ten que ver con estas dúas que acabamos de mencionar a silueta de David aprestándose a decapitar a Goliat albíscase na distancia apenas como un garabato (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 268, fol. 83v) (cat-302). Nesta última iluminación a persoa que observa a imaxe pode recrearse tamén no descubrimento da figura de David músico primeiro e na percepción do significado da súa privilexiada posición despois. Contamos entre as imaxes compiladas no corpus con outros exemplos na ilustración dos Salmos Penitenciais nos que se percibe esta vontade de camuflaxe ou, cando menos, de incitar a descubrir na miniatura a escena de David e Goliat ou algún dos seus protagonistas: Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. 10, Fol. 97r (cat-616); París, BNF, NAL 3204, fol. 81r (cat-1133); Leeds, Univ., Brotherton Collection, MS 5, fol. 112r (cat-514); San Marino, CA, Huntington

Library, HM 1099, fol. 85r (cat-1174)[**Fig. 9**]; Oxford, Bodleian Library, Ms. Douce 72, fols. 44v-45r (cat-975) (esta última asociada ao Baño de Betsabé); Toulouse, BM, 0138, fol. 13v (cat-1234). Pero a iluminación do corpus onde esa intención de xogar coa persoa que observa se reflicte dun modo máis eficaz e máis suxestivo é a dun manuscrito realizado probablemente en Bruxas na segunda década do século XVI (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, Ms 1058-1975, fol. 107r) (cat-306) [**Fig. 11a**]. Na recargada composición desta páxina miniada vese a David rezando nas proximidades do seu pazo, coa coroa, a arpa e o cetro relegados no chan, e a Urías en dobre secuencia no borde da miniatura, dirixíndose ao campo de batalla e sendo derribado a continuación, en escenas narradas con profusión de monturas e rico colorido. A actitude devota do monarca na miniatura central é a resultante da historia narrada nas marxes, por ser a morte de Urías unha das causas do arrepentimento do rei. Ambas absorben con igual intensidade, inicialmente, a atención de quen observa. Unicamente despois de percorrer coas cabalarías as marxes da páxina, e acompañar a David no seu devoto diálogo con Deus, repararase, coa axuda da liña invisible que percorre, desde a esquina inferior esquerda do compartimento central o manto, brazo e mans do rei – nas discretas figuras que contenden nun claro da paisaxe que se divisa desde o patio onde ora o rei bíblico [**Fig. 11c**]. A distancia entre este e o seu *alter ego* xuvenil é temporal e física asemade, pois o episodio da infancia remota do Rei aparece tamén relegado a un plano afastado no seo da miniatura. Sería quizais arriscado afirmar con absoluta certeza que estas siluetas diluídas representan a David e Goliat se non fose polo seu parentesco con imaxes equivalentes contemporáneas, pois non existe unha diferenza de altura significativa que axude a identificar os personaxes, tal e como adoita ser habitual. Ambos son recoñecibles, con todo, por certos trazos característicos, especialmente a postura dinámica de David -coa perna esquerda flexionada- [**Figs. 12b, 13, 14, 15a**], así como o casco característico e a lanza de Goliat [**Figs. 14, 15b**], obxectos familiares en varias imaxes desta escena (*Libro de Horas de Louis de Laval*, París, BNF, Latin, 920, fol. 157v) (cat-1066). Resulta reveladora neste sentido unha iluminación na que o pastorciño se mostra practicamente en repouso -representado no momento previo ao lanzamento da onda- (Cidade do Vaticano, BAV, Chig.C.IV.111 fol. 106v) (cat-388), pero a postura da súa perna esquerda debúxase sutilmente como anticipación da futura acción e como signo de identificación do personaxe, case na mesma medida que a arma que sostén, aínda caída, na man dereita. Esta postura rexístrase en imaxes que xa chamaron a atención de Aby Warburg, quen mostrou a través delas o fenómeno de inversión de sentido dos xestos (o xesto do vencido transformado

USC DE COMPOSTELA

en xesto de vitoria) [**Fig. 12**][54]. Ademais destes trazos figurativos, a identificación da escena paréceme segura se atendemos á existencia daquelas outras ilustracións dos Salmos Penitenciais recollidas no corpus nas que se acode á mesma fórmula que sitúa o mozo e o xigante no seo da propia composición que mostra a David rezando e -o que resulta máis peculiar nalgunhas delas- cunha vontade de camuflaxe, forzando así un proceso de descubrimento. Na adopción desta estratexia figurativa nen sequera está excluído o recurso a técnicas de distracción que dificulten a localización visual da escena. Así, nun manuscrito tardío realizado en Brabante incluíronse no plano do fondo, á dereita da miniatura, unha serie de personaxes que contribúen a desviar inicialmente a atención das siluetas de David e Goliat, case imperceptibles, situadas á esquerda (Cidade do Vaticano, BAV, Vat.lat.9495**,** imaxe LXXXV) (cat-415) [**Fig. 10b**].

Estas manobras orientadas a favorecer o deleite no descubrimento quizais tivesen en conta que o pracer non se esgota coa visión reiterada das imaxes, inevitable debido ao uso cotián ao que estaban destinadas as dos libros de horas. Ao fin e ao cabo, o xogo do engano/desengano do ollo apela á natureza da percepción humana, que explica a satisfacción que nos produce desentrañar, unha e outra vez, a mesma ilusión óptica. Algo que quizais lles acontecía tamén ás persoas que escrutaban estas ilustracións.

3.5.- DAVID PECADOR E DAVID ARREPENTIDO

Como queda patente nos gráficos presentados no primeiro epígrafe deste capítulo, a maioría das ilustracións dos Salmos Penitenciais rexistradas no corpus datadas no perído de maior produción de libros de horas -o que vai desde principios do século XV ata a súa desaparición- inspíranse na narración da historia dos pecados cometidos por David e do seu arrepentimento. Pero mentres as relacionadas cos actos pouco edificantes aparecen sobre todo en libros de horas tardíos e limítanse a ilustrar un dos episodios bíblicos do pecado (o do adulterio de David e Betsabé e as súas nefastas consecuencias), a imaxe exemplarizante do rei é composición habitual desde comezos da centuria. Respecto desta última imaxe, como xa fixen notar, resulta difícil determinar en moitas ocasións cal dos dous episodios ilustra, ou se se refire a algún deles en concreto. Esta é a principal razón de que as escenas de pecado e as de penitencia fosen consideradas por separado na categorización das

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

54 Didi-Huberman 2019, 38 e fig. 12

iluminacións levada a cabo neste traballo. No presente epígrafe, seguindo a idea que presidiu a devandita clasificación, abórdase o exame das ilustracións clasificadas en dous grupos: o referido ás escenas centradas nos momentos de transgresión narradas no Episodio Betsabé/Urías, por un lado (epígrafe 3.5.3) e o das imaxes da actitude devota de David polo outro (3.5.4). Previamente, con todo, considérase o significado que estas imaxes protagonizadas por David puideron ter, consideradas globalmente, como ilustración do texto dos Salmos Penitenciais (epígrafe 3.5.2).

A narración na Biblia dos dous episodios bíblicos que nos concirnen (o de Betsabé/Urías e o do censo) é a fonte, en último termo, destas imaxes. Así e todo, a tradución visual do texto viuse enriquecida en certos casos con detalles suplementarios e os relatos sometidos a metamorfoses, chegándose incluso á confusión ou fusión dalgúns personaxes e momentos das dúas narracións con outros. Fúndense e confúndese persoas e sucesos dentro dun mesmo relato pero tamén de ambas narracións entre si. Cómpre, polo tanto, prestar atención antes de nada aos detalles do texto bíblico e aos personaxes que neles interveñen, ás armas que esgrimen, e aos espazos onde se desenvolven os acontecementos.

3.5.1.- O relato bíblico dos pecados e a penitencia de David

Na Biblia nárranse dous episodios centrados nas transgresións do rei bíblico. Un deles é o relativo ao adulterio de David con Betsabé e o homicidio posterior do esposo desta ordenado polo rei (o que veño denominando "Episodio Betsabé/Urías") e o outro é o da elaboración do censo ordenada por David a Xoab (ao que me refiro como "Episodio do censo"). Este último está tratado dúas veces no texto bíblico. Falamos, polo tanto, de 3 textos independentes:

- II Samuel 11-12: Episodio Betsabé/Urías
- II Samuel 24: Episodio do censo
- I Crónicas 21: Episodio do censo

O episodio do adulterio en II Samuel 11-12 relata o suceso acaecido cando David, logo de enviar o seu exército á guerra contra os amonitas ao mando de Xoab, decide permanecer en Xerusalén. O texto narra como un día, estando na terraza do seu pazo, o Rei ve unha fermosa muller tomando un baño e queda engaiolado por ela. Infórmase de que se trata de

USC DE COMPOSTELA

Betsabé, esposa dun guerreiro do seu exército -Urías- e manda buscala. Logo de xacer coa muller, esta fica encinta. David, ao saber do estado de Betsabé, manda chamar a Urías e elabora unha estrataxema para que el deite con ela, co obxecto de responsabilizalo do embarazo. Pero Urías non cumpre a petición do rei e dorme ao raso, alegando solidariedade co resto do exército. David muda entón o seu plan e decide enviar unha carta a Xoab por medio do propio Urías, e nela pídelle ao seu xeneral que sitúe o home de Betsabé na fronte da batalla, co fin de provocar a súa morte. Todo acontece segundo o plan, Urías morre no combate e David, pouco despois, casa con Betsabé. Unha vez nacido o fillo de ambos, Deus envía o profeta Natán onda David. O profeta relata ao rei unha parábola protagonizada por un home rico que tiña moito gando e outro pobre que só tiña unha ovella e cóntalle como o home rico, cando tivo que agasallar un convidado, en lugar de facelo cunha das súas reses roubou a única ovella do pobre. Ao oír a historia, David enfurécese e declara que ese rico merece a morte, e que debe devolver catro veces o roubado. Natán, daquela, desvélalle que el é igual que o rico, ao tempo que lle transmite unha mensaxe de Deus recriminándolle a morte de Urías e ameazándoo cunha serie de funestos presaxios sobre a súa Casa. David, nese intre, pronuncia as palabras "pequei contra o Señor" (*peccavi domino*) e Natán confírmalle que Deus perdoouno, pero que o seu neno morrerá por causa dos seus actos. O fillo, efectivamente, enferma. David roga a Deus por el, próstrase en terra e fai xexún. Os cortesáns tentan facelo desistir, pero el persevera na súa actitude ata que o neno morre. Entón desiste da súa penitencia "porque esta xa non ten sentido" (así llo expresa aos cortesáns), diríxese a orar á morada do Señor e volve a continuación á súa propia. Casa con Betsabé e froito desta unión será o futuro sucesor, Salomón.

O relato da elaboración do censo do pobo de Israel sitúase uns capítulos máis adiante no libro de Samuel. Nárrase nel a decisión de David de enviar a Xoab contabilizar as tribos de Israel, por máis que o seu xeneral llo desaconsella. Unha vez feito, David recoñece ante o Señor que pecou e solicita que o absolva da súa necia actuación: "Cometín un grave pecado co que fixen" (*Peccavi valde in hoc facto* en II Samuel 24, 10); "cometín nisto un gran pecado" (*Peccavi nimis ut hoc facerem* en I Crónicas 21, 8). Deus fala co profeta Gad para que transmita a David unha mensaxe, a saber, que debe escoller entre tres castigos pola súa actuación: fame por tres[55] anos para o seu país, persecución dos seus inimigos por tres meses, ou ben, tres días de peste no seu reino. David escolle a peste e morren por causa dela setenta

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

55 Sete anos na versión de Samuel

mil súbditos. Para acabar coa peste, Deus ordena ao anxo enviado para castigar o pobo que deteña a súa man. David, mentres ve o anxo do Señor no aire cunha espada desenvaiñada na man, roga a Deus que o castigue a el en lugar do seu pobo. Gad dille a David que constrúa un altar ao Señor na eira de Arauna e o rei, logo de mercar esta, constrúe o altar e celebra nela holocaustos e sacrifica vítimas. Entón Deus compadécese do país e cesa a mortaldade.

O relato do censo é bastante similar en ambas versións, pero presenta algunha variante que resultará de interese, como veremos, á hora de analizar as ilustracións. A máis importante é o protagonismo que se concede en Crónicas ao Anxo do Señor (aludido tres veces) e á súa espada, arma que non se cita no texto de Samuel. Cómpre mencionar, por outra parte, que no episodio do adulterio con Betsabé, o Anxo do Señor non aparece nunca, pero si se cita unha vez "a espada do Señor", que "nunca se apartará da Casa de David", en palabras de Natán. Por outra parte, o texto de Crónicas é o único entre os tres textos relativos a penitencia de David no que se fala de que o rei e os seus acompañantes visten cilicio e próstranse co rostro en terra á vista do Anxo do Señor castigando o pobo de Israel.

Polo que atinxe á tradución visual destas narracións nas ilustracións dos Salmos Penitenciais cabe recordar, unha vez máis, que a escena propiamente dita da elaboración do censo está practicamente ausente no corpus. Como xa apuntei, só rexistrei un exemplo, no *Libro de Horas Sforza*, que será obxecto de atención no capítulo 4 (epígrafe 4.1.2). O que si se recolle nas imaxes de David arrepentido, en cambio, son detalles deste relato relativos ao castigo resultante (sufrido polo pobo de Israel) ou aos personaxes que nel interveñen (o Anxo e o profeta Gad). Polo tanto, a práctica totalidade das iluminacións que poñen en imaxe as transgresións de David representan escenas relativas ao adulterio con Betsabé ou ao asasinato de Urías. As de arrepentimento, en troques, resultan máis complexas, e moitas delas resístense, como veño insistindo, a unha clasificación estricta que as vincule con algún dos dous episodios bíblicos. Incluso para aquelas nas que David está acompañado dun profeta -que adoita ser identificado na bibliografía e nas bases de datos iconográficas como Natán- debería reconsiderarse a descrición, tal e como tentarei argumentar tamén no capítulo 4 deste traballo.

Na maioría das ocasións, como acontece co resto de imaxes que ilustran os Salmos Penitenciais (Xuízo Final, David e Goliat, etc.), as do pecado e penitencia de David preséntanse unicamente no inicio do texto, acompañando o Salmo 6. Trátase case sempre, tamén, de escenas illadas (Nova York, PML, MS M.62, fol. 72r) (cat-771). Cando se mostra máis dunha escena relativa a este asunto, dúas situacións son posibles. As imaxes poden aparecer unicamente no inicio da sección –distribuídas nunha soa páxina ou en dúas

USC DE COMPOSTELA

contiguas- ou ben desenvolver o relato en varias páxinas ao longo do texto dos sete salmos. Da primeira posibilidade -cando se presentan unicamente nas páxinas inaugurais da sección- o corpus rexistra 51 casos que ofrecen unha combinación da imaxe de David en actitude devota cunha escena relacionada co Episodio Betsabé/Urías (exemplo: Clermont-Ferrand, Bibliothèque du Patrimoine, ms. 1526, fol. 66v) (cat-422) ou con máis dunha escena deste relato (exemplo: Nova York, PML, MS M.1003, fol. 113r) (cat-906). A práctica totalidade destes manuscritos están datados no século XV ou no XVI, e máis da metade deles no último cuarto da décimo quinta centuria ou xa na seguinte.

A outra situación posible cando se ilustra o relato bíblico con varias escenas relativas ao pecado e arrepentimento de David prodúcese cando o ciclo se desenvolve ao longo de sucesivos folios do texto dos Salmos Penitenciais, algo que acontece nunha porcentaxe moi reducida de manuscritos do corpus. Rexistreina unicamente en 14 códices.

En suma, o desenvolvemento figurativo do relato dos pecados e do arrepentimento do rei bíblico -tanto se as escenas se reuniron todas nas páxinas inaugurais da sección como se se distribuíron en varias páxinas ao longo do texto dos sete salmos- empregouse na sección penitencial dos libros de horas en moita menor medida que a imaxe illada (ben David en actitude devota, ben algunha escena do Episodio Betsabé/Urías) como sinécdoque dos relatos..

3.5.2.- As imaxes de David pecador e de David arrepentido como ilustración dos Salmos Penitenciais

A explicación que se dá habitualmente na bibliografía sobre a presenza de David nesta sección dos libros de horas refírese ao papel do rei bíblico como modelo de penitente, e a narración das súas faltas e do seu arrepentimento como estímulo para practicar a penitencia. A esta observación xenérica permítome engadir un matiz que ten que ver coa adecuación deste relato exemplarizante á catequese do sacramento, na medida en que, acudindo a David, as iluminacións inscríbense ademais, dun modo máis concreto, no marco dos argumentos que serven de estímulo da confesión, como o que esgrime en proba da súa eficacia as figuras dos grandes pecadores que foron perdoados (unha nómina que inclúe o rei bíblico pero tamén a Pedro, Pablo, o bo ladrón ou Madalena)[56]. Exhibir as infamias

56 Véxase máis adiante, no epígrafe 4.3, a cita textual do *Breve confesionario* na que se expresa este argumento (Gago Jover 1999, 149).

cometidas polo rei, illadas ou acompañadas das mostras do seu arrepentimento, ou simplemente mostrar o rei en actitude penitencial, constitúe un bo acicate para a práctica do sacramento, ilustrando a tese da eficacia deste na remisión dos pecados co argumento do perdón dos graves crimes cometidos por David. Na esexese, na predicación ou nas moralidades teatrais, a premisa dos grandes pecadores perdoados é recorrente.

A outra explicación habitualmente proposta para xustificar a aparición de David na páxina inaugural dos Salmos Penitenciais é o feito de ser a figura a quen se atribúe tradicionalmente a autoría do Libro dos Salmos, o que o converte tamén en personaxe idóneo para ilustrar a sección[57]. A súa imaxe emprázase no encabezamento do capítulo constituído unicamente por salmos (e non por salmos intercalados con outros textos, como acontece no resto de apartados deste tipo de devocionarios). A conxunción destes factores -a biografía de David por un lado e a súa personalidade como autor dos salmos polo outro- explican que a figura do rei bíblico acabase sendo a ilustración por excelencia dos Salmos Penitenciais nos libros de horas no período de maior produción deste tipo de códices.

Polo tanto, as escenas relacionadas cos pecados e arrepentimento de David, que cando se inclúen na iluminación doutro tipo de manuscritos se prestan a lecturas de diversa índole, demandan unha no sentido moral cando ilustran a sección penitencial dos libros de horas. Sirva a modo de exemplo dun alcance diverso destas imaxes noutro tipo de códices o que se percibe nas Biblias moralizadas, nas cales, ademais da lectura moral, ofrécese unha interpretación tipolóxica da escena do Baño, presentando a Betsabé como *Ecclesia* e a David observándoa como Cristo[58]; menor peso moral terían tamén algunhas ilustracións dos dous episodios das transgresións de David no marco de biografías visuais do Rei bíblico, entre as que cabe mencionar a pormenorizada no ciclo preliminar do *Salterio da Raíña Mary*[59]. En cambio, no xa mencionado salterio de William De Brailes, iluminado en Oxford un século antes, e no cal se amosan imaxes do pecado e arrepentimento do Rei– o baño de Betsabé, a amoestación de David por Natán e a expiación- a lectura moral resulta pertinente, pois a

57 Domínguez Rodríguez 1993, 525

58 Stahl 2008, 186. Sobre a interpretación tipolóxica da escena do Baño de Betsabé por parte de diferentes autores cristiáns e a súa integración en obras tipolóxicas moi difundidas como a *Biblia Pauperum* ou o *Speculum Humanae Salvatio*nis véxase: Walker Vadillo 2013, 17-18.

59 Londres, BL, Royal 2 B VII, fols. 56v e ss). Outras biografías visuais de David: no século XIII, na chamada Biblia Morgan ou Biblia dos Cruzados: Nova York, PML, M. 638 fols. 32v, 33r, 33v, 65v, 39r, 40r, 41v-42v, 43r; no século XIV, no Breviario de Renaud de Bar (1302-1305). Verdun, BM, 107, fols. 153 e seguintes.

inicial onde se reúnen, como vimos, é a do salmo 101, un dos penitenciais (Oxford, New College, Ms 322, Fol. 99r)[60].

Dous manuscritos elaborados en París nos inicios do século XV e relacionados co miniaturista coñecido como Mestre de Bedford redundan na idea de que, alén da lectura moral xenérica, algunhas destas ilustracións ilustran conceptos apegados á práctica penitencial. En ambos códices se asocia a narración visual do Episodio Betsabé/Urías e o arrepentimento de David co setenario dos pecados capitais, estreitamente vinculados, como xa se sinalou no Capítulo 2, á catequese do sacramento e ao exercicio da confesión (Nova York, PML, MS M.453, fol. 98v (cat-875); Londres, BL, Additional 18850, fol. 96r) (cat-533). Debido a esta razón, ambos manuscritos resultan de gran interese para ilustrar diversos aspectos tratados neste traballo, e terei a oportunidade de aludir a eles en máis ocasións. O impacto do discurso penitencial nas ilustracións dos salmos nos libros de horas será tratado máis polo miúdo no capítulo 4 (epígrafe 4.2.1), en particular en relación coa imaxe de David arrepentido.

3.5.3. David pecador: o Episodio Betsabé/Urías

A tradución visual das transgresións de David relatadas en II Samuel 11-12 comprende escenas relativas ao seu adulterio con Betsabé e ao asasinato de Urías. No subepígrafe que segue a continuación (3.5.3.1) trátase destas escenas, independentemente de que se presenten illadas ou no seo dunha secuencia de carácter máis ou menos narrativo e de que esta última se desenvolva nunha soa páxina ou en varias. Reservo o epígrafe 3.5.3.2 para afondar algo máis na iconografía da máis importante de todas -a composición de Betsabé no Baño- en consideración á súa relevancia como ilustración dos Salmos Penitenciais e á atención que lle ten dedicado a bibliografía. Recollo nel tamén as ideas que me suxeriu a observación das imaxes con esta escena que compilei.

3.5.3.1.- As escenas e a súa xerarquía

A continuación móstrase unha táboa (Cadro 5) que amosa a evolución no emprego das imaxes do Episodio Betsabé/Urías ao longo dos séculos XV e XVI, pois o corpus non

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

60 Ver máis arriba nota 7

conta con ningún exemplo anterior á décimo quinta centuria[61]. Os datos reflicten un panorama ben definido no que se constata que as escenas deste grupo apenas están presentes nos libros de horas antes do último cuarto do século XV. En contrapartida, pódese observar como a partir de entón, e sobre todo no primeiro cuarto do XVI, chegaron a constituír unha ilustración privilexiada neste tipo de libros de pregarias.

Cadro 5. Incidencia das imaxes do Episodio Betsabé/Urías nos libros de horas (séculos XV-XVI)					
1ºcto XV	**2ºcto XV**	**3ºcto XV**	**4ºcto XV**	**1ºcto XVI**	**2º cto XVI**
1%	**3%**	**2%**	**20%**	**32%**	**20%**

Nas iluminacións recollidas no corpus priviléxianse 3 momentos do relato: o descubrimento de Betsabé por David -ilustrado pola escena do Baño-, a estrataxema deste para librarse de Urías -plasmado na imaxe da entrega dunha carta por parte do Rei ao esposo de Betsabé-, e a desgraciada fin do soldado no campo de batalla. A a súa presenza no corpus recóllese na táboa que se amosa a continuación (Cadro 6), na cal se expresa tamén a procedencia xeográfica dos manuscritos que as conteñen. A relación do resto das escenas relacionadas con este episodio que podemos ver no corpus, e que apenas tiveron incidencia, inclúese no apartado correspondente a este episodio na Lista de Títulos normalizados do Vol. II. No cadro que se amosa a continuación non se especifica periodización porque a inmensa maioría dos exemplos, como acabamos de ver, corresponden ao tramo cronolóxico que abrangue o último cuarto do século XV e o século XVI. As cifras expresan valores absolutos (número de veces que se rexistrou cada escena no corpus). Os números son contundentes canto ao peso esmagador que ten Francia no recurso ás imaxes do Episodio Betsabé/Urías na iluminación dos Salmos Penitenciais, apenas utilizadas no resto das áreas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

61 A estatística fíxose sobre os manuscritos dos que está afinada a cronoloxía ata o nivel de cuarto de século, que son maioría no corpus.

Cadro 6. Escenas máis empregadas do Episodio Betsabé/Urías						
	Nº total	**Francia**	**Países Baixos do Norte**	**Países Baixos do Sur**	**Países Baixos do Sur/Norte de Francia**	**Italia**
Baño de Betsabé	150	133	5	8	3	1
David entregando unha carta a Urías	49	47	1	1		
Morte de Urías	31	26	1	1		3

Como xa comentei anteriormente, as imaxes do Episodio Betsabé/Urías poden aparecer como ilustración principal ou secundaria. Como ilustración principal trátase case sempre da escena do Baño ou a da Entrega da carta a Urías. Poden apareceren illadas (exemplo: Nova York, PML, MS M.170, Fol. 44r) (cat-808) ou ben acompañadas doutras escenas cun papel menos relevante (exemplo: Dijon, BM, ms. 2555, fol. 89) (cat-445). Seis manuscritos do Corpus, todos franceses, ofrecen ambas escenas como ilustración principal simultaneamente, presentadas no verso dun folio e recto do seguinte (Dijon, BM, ms. 2244, Fol. 41v-Fol. 42r) (cat-444). Só en cinco casos pode verse como escena primaria a da Morte de Urías no campo de batalla, convivindo, así e todo, con outra escena de idéntica relevancia -David penitente- na páxina contigua (Nova Nova York, PML, MS M.69, Fol. 63v-64r) (cat-774), ou complementando outras escenas da mesma importancia en manuscritos que presentan iluminadas varias páxinas dos salmos.

O Baño de Betsabé e David entregando unha carta a Urías, xuntas ou por separado, funcionan, pois, como sinécdoque do relato das infamias de David, presentando o Rei no momento álxido da perpetración do seus crimes. Os comentaristas medievais (desde Agostiño polo menos) adoitan poñer nome a estes actos traducíndoos a dous pecados concretos: adulterio e homicidio. E en boa parte dos casos, como xa se apuntou, aparecen como ilustración principal. En cambio, outras escenas que forman parte da narración deste episodio e cuxo protagonista é tamén Urías –nas que se ve o soldado camiño da batalla ou xa sendo derrotado nela-, moi raramente aparecen como escena primaria. Acompañan sobre todo a imaxe de David orando e en menor medida unha escena do Baño. Ou poden exhibirse con ambas á vez, en iluminacións que ofrecen unha tradución visual máis prolixa da narración. Que estas escenas do esposo de Betsabé se sitúen case sempre nun plano secundario resulta lóxico, tendo en conta que a súa función é a de complementar ao

protagonista no desenvolvemento do *exemplum*: cando a ilustración do esposo de Betsabé camiño do campo de batalla ou falecendo no fragor da loita acompaña outra de David axexando a muller no baño, ou entregándolle unha carta ao propio cabaleiro, estase a facer visible unha etapa ulterior do suceso; cando as mesmas imaxes acompañan a figura de David arrepentido, equivalen a unha evocación por parte do rei daquel acontecemento do seu pasado que é obxecto da súa expiación no presente.

3.5.3.1.1- Baño de Betsabé

Á hora de considerar a difusión da escena convén non esquecer que a súa presenza regular nos libros de horas miniados coincide coa época de nacemento e desenvolvemento da imprenta, e que nos impresos esta imaxe foi asiduamente empregada[62]. Neste sentido, o presente corpus ofrece unha visión parcial da difusión dunha imaxe que debeu ter a primacía como ilustración dos Salmos Penitenciais a partir da existencia da imprenta. No panorama que aquí se ofrece sitúase en segunda posición respecto da imaxe de David arrepentido ata finais do século XV, incluso alí onde mais se empregou -en Francia- e os datos do corpus reflicten unha difusión escasa noutras áreas (cfr. Gráficos 2 a 7 no epígrafe 3.1). Esta visión debe ser entendida, polo tanto, tendo presente que se refire unicamente a manuscritos.

No conxunto de imaxes compiladas rexistrei só tres exemplos da escena no primeiro terzo do século XV. En todos os casos trátase dunha ilustración marxinal e preséntase a Betsabé nun barcal, amosando a parte superior do corpo espida. E en todos eles combínase con outra escena tamén situada na orla, de David observándoa, sentado, e situado nun espazo indefinido. En dous dos manuscritos combínase esta imaxe con outras tamén marxinais relacionadas coa morte de Urías ou David atacando a Goliat. Estas ilustracións secundarias complementan unha ilustración principal que presenta a David orando solitario nunha paisaxe agreste: (París, BNF, Latin 1158, fol. 102r (cat-1071), e Leeds, Univ., Brotherton Collection, MS 1, fol. 21r, imaxe 41) (cat-511). Ambos códices, que comparten orixe xeográfica e cronoloxía, pese ás diferenzas estilísticas notorias e á presenza dalgunha escena marxinal non compartida, ofrecen unha composición da páxina en xeral e de cada escena en particular moi similares.

62 Así o dá a entender King'oo 2012, 48-49. A autora non ofrece os datos concretos nos que basea esta afirmación. Pola miña parte, a partir dun exame parcial de libros de horas impresos incunables en Gallica cheguei á mesma conclusión, se ben constatei que tampouco non é desprezable a presenza nos Salmos Penitenciais nestes impresos de imaxes de David orando, ou acompañado dun profeta ou entregando unha carta a Urías, ou tamén de David e Goliat. Compriría, pois, unha análise cuantitativa máis precisa que confirmase estas impresións.

No segundo e terceiro cuarto do século XV a imaxe do Baño segue a ser pouco frecuente se nos atemos aos datos que ofrece o corpus (vese en 7 manuscritos do segundo cuarto e en 8 do terceiro). Dos 7 rexistrados no segundo cuarto de século, 5 amosan a Betsabé espida nun barcal (Nova York, PML, MS M.359, fol. 94r) (cat-862) e 1 vestida bañando os pés nun regato situado no exterior do pazo de David. Dos 8 datados no terceiro cuarto de século, a raíña aparece xa só en dous nun barcal e no resto coa imaxe que triunfará nos libros de horas tardíos: completamente espida e introducida no pío dunha fonte, nunha sorte de piscina ou nun estanque natural. Nos códices serodios, datados nun período que vai desde o último cuarto da décimo quinta centuria ata a desaparición dos libros de horas, rexístranse as dúas variantes da escena relativas ao grado de nudez de Betsabé que xa se desenvolveran nos códices máis antigos nos que a imaxe aparece, como a *Biblia de Pamplona* ou o *Salterio de San Luís*: completamente espida ou vestida e amosando unicamente as pernas. Pero a que máis éxito tivo con diferenza é a de Betsabé núa de todo, de pé ou sentada, no pío dunha fonte ou nun estanque.

A imaxe de Betsabé no baño aderézase coa presenza de personaxes suplementarios que non menciona o texto bíblico, en particular figuras de serventes ou damas que a atenden. Pode ser unha criada solitaria ou, sobre todo nas imaxes máis tardías, varias damas -normalmente tres- que en moitos casos portan determinados obxectos, como un espello que ofrecen á raíña para que se contemple, ou un cesto de froitos. Outro personaxe que aparece en ocasións nestas imaxes tardías é un mensaxeiro que leva unha carta para a futura raíña, enviada presumiblemente por David. O rei aparece normalmente nun alto (un balcón do pazo, unha ventá, unha galería) e, máis excepcionalmente, no mesmo espazo onde se baña Betsabé. Ás veces David está acompañado de cortesáns.

3.5.3.1.2- Escenas de Urías

As imaxes da entrega dunha carta a Urías por David presentan a escena normalmente nun interior, David está sentado nun trono ou de pé, e Urías móstrase como un cabaleiro semiaxeonllado ante el. Resulta significativa a presenza en certos casos de cortesáns que actúan como testemuñas da vileza do rei, personaxes aos cales tampouco se fai alusión ningunha no texto bíblico (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 435, Fol. 66r) (cat-708).

A imaxe de Urías camiño do campo de batalla é excepcional. Rexistreina unicamente en 9 manuscritos, sendo dous, excepcionalmente tamén, relativamente temperáns (primeiro

terzo do século XV) se consideramos a cronoloxía serodia da maior parte das ilustracións do Episodio Betsabé/Urías.

A Morte de Urías aparece en 31 códices no corpus, en manuscritos datados en diferentes períodos dos séculos XV e XVI pero con predominio dos realizados no último cuarto da décimo quinta centuria ou xa na seguinte. Case todos son franceses, salvo 3 italianos e dous procedentes dos Países Baixos. Nos exemplos máis antigos as composicións son variadas: Urías aparece sendo asasinado por un soldado, sen mais testemuñas; como soldado nunha escena de batalla de infantería; a cabalo e enfrontado a outro cabaleiro co exército ao fondo. No período máis tardío (último cuarto do XV e século XVI) predominan as imaxes de Urías a cabalo no medio dunha batalla, normalmente enfrontado a outro cabaleiro en primeiro plano. En 3 ocasións preséntase como cadáver xa, rodeado do seu exército.

Entre as escenas nas que intervén Urías inclúense no corpus 6 nas que se dá unha interacción de David co esposo de Betsabé sen carta de por medio. Trátase de ilustracións contidas en manuscritos sen conexión ningunha entre si e nas que tampouco se aprecia semellanza figurativa. A observación conxunta das seis levoume a considerar a posibilidade de estarmos ante a tradución visual dun acontecemento concreto do episodio narrado na Biblia: aquel no que o rei tenta convencer ao esposo de Betsabé para que este pase a noite con ela (acudindo incluso á artimaña de tentar embriagalo) e así xustificar o feito de que a futura raíña se encontre encinta. O rexeitamento de Urías, tal e como se narra no texto de Samuel –o nobre soldado alega que debe permanecer do lado das súas tropas- desencadeará a terrible decisión de David de envialo á morte no campo de batalla, engadindo ao pecado de adulterio o de homicidio. Esta estrataxema de David para convencer a Urías de que visite a Betsabé ten un desenvolvemento no texto bíblico moito maior que a que ten o seu plan para para desfacerse del -ilustrado nas miniaturas mediante a Entrega da carta-. Sete versículos están consagrados á primeira (II Samuel 11, 6-13), e apenas 2 versículos á segunda (II Samuel 11, 14-15), pero foi esta última, paradoxalmente, a que triunfou iconograficamente (apenas rexistrei estes 6 posibles exemplos da primeira fronte aos 49 da Entrega da carta). Destes 6 exemplos, a interpretación da imaxe non ofrece dúbida nun deles, pois está descrita mediante un filacterio na propia iluminación. Aparece nun manuscrito realizado probablemente en Rouen a comezo do século XVI: París, BNF, NAL 392, fol. 83v, (cat-1117). Na ilustración, Urías leva a súa man ao corazón mentres David fai ademán de darlle unha orde. O filacterio reza: "*comme urie ne voulut ne boire ne menger mais retourna au camp avet".* Se a miña interpretación é correcta, o corpus contaría con outros 5 exemplos máis deste suceso, e todos anteriores ao deste libro de horas. Nun deles, Urías se presenta

escoitando atentamente a David, que estaría a darlle a orde mencionada Nova York, PML, MS M.646, Fol. 60r (cat-886) (Rouen, c. 1510), pero noutros parece mostrar xa a súa negativa. No que aparece nun manuscrito italiano datado na década de 1470-1480, Genève, Bibliothèque de Genève, Comites Latentes 54, fol. 199r (cat-1288), o relato se expresaría ademais cunha certa comicidade. Nun medallón da esquina inferior dereita da iluminación na páxina inaugural dos salmos, un rei con atuendo de cabaleiro sinala unha voluptuosa dama a outro cabaleiro situado na outra esquina, á esquerda, o cal semella responder ao xesto do primeiro cruzándose de brazos. Considerando que o rei ataviado como cabaleiro é David (ten nimbo, como o seu alter ego na esquina superior esquerda da páxina, que contempla con aire soñador á devandita dama mentres Cupido apunta a súa frecha cara el) cabe interpretar que o de brazos cruzados sexa Urías, e o seu xesto, un aceno de rexeitamento á suxestión de David. Nun libro de horas francés anterior, datado na década dos anos corenta do mesmo século Dublín, CBL, MS. 82, fol. 77r (orla lateral dereita) (cat-457) o cabaleiro responde ao xesto do rei amosándolle as palmas das mans levantadas, nun aceno que, ademais de diálogo, podería interpretarse como de sorpresa ou rexeitamento[63].

3.5.3.1.3- Escenas menos relevantes do Episodio Betsabé/Urías

Se as escenas que levamos visto ata aquí poden aparecer como principais ou secundarias nas páxinas miniadas, o resto de escenas do Episodio Betsabé/Urías que se rexistran nos libros de horas do corpus, moi escasamente significativas en número, aparecen en todos os casos en ámbitos secundarios das iluminacións. Algunha conta con precedentes na tradición da iluminación destes sucesos. As imaxes de David e Betsabé no leito, por exemplo, que nos libros de horas aparecen unicamente en manuscritos tardíos, teñen antecedentes que remontan polo menos á *Biblia Morgan*, a mediados da décimo terceira centuria (Nova York, PML, MS M.638, fol. 41v). A exhibición da cama nas imaxes do corpus é pouco frecuente (5 casos) e nela os amantes poden aparecer deitados ou sentados. As composicións relacionadas coa enfermidade ou morte do neno resultan tamén raras no corpus. Contén dúas imaxes con este tema o *Libro de horas Ango* (París, BNF, NAL 392, fol. 85v) (cat-1117) e outra un manuscrito de orixe francesa datado no primeiro cuarto do século XVI (Philadelphia, Free Lib. of Philadelphia, Lewis E 112, fol.

63 Como pode verse na descrición da imaxe na ficha de Chester Beatty's Digital Collections a escena interpretouse no sentido habitual, malia non haber carta de por medio: "*David sends Bathsheba's husband to the front lines, assuring his death*".

52r) (cat-475). Este último códice conta con outras ilustracións singulares nos Salmos Penitenciais relacionadas co Episodio Betsabé/Urías: a do primeiro salmo penitencial mostra a Betsabé xesticulando cara a David, recordándolle as súas faltas (sinalando a fonte do pecado e o cadáver de Urías) (fol. 48r) [**Fig. 19**] e na do fol. 55r a raíña sitúase de pé a carón de David axeonllado en oración [**Fig. 33a**]. Nesta última Betsabé cruza as mans apertando a tea do vestido. Aínda que as ilustracións deste manuscrito presentan escenas excepcionais no corpus, trátase de imaxes que deberon ter apreciable difusión, pois a secuencia de varias das ilustracións que nel aparecen foron incluídas nunhas horas impresas en París en 1488. Neste impreso se desvela con máis claridade o alcance da xestualidade de Betsabé na última miniatura que acabo de mencionar, pois nel a figura feminina, ademais de mostrar as mans cruzadas e premer a tea do vestido, ten a cabeza inclinada sobre o peito (BNF RES-B-27622, vista 103) [**Fig. 32**]. Na *Biblia Morgan* representouse unha escena de dó de Betsabé no momento en que esta recibe a noticia da morte de Urías (Nova York, PML, MS M.638, Fol. 42v) [**Fig. 29**], e contamos con algún outro exemplo na miniatura medieval con esta escena da tristeza de Betsabé vencellada á morte do seu primeiro esposo[64]. Na ilustración que nos ocupa, sen embargo, Betsabé vese acompañando a David na súa expiación–o rei amósase orando nunha escena posterior á da morte do neno. Desvélase, pois, o xesto de Betsabé nesta miniatura como un xesto de dor -ou quizais de dó- polo seu fillo pero, ademais, nun contexto penitencial moi preciso: non só porque ilustra o texto dun salmo penitencial senón porque acompaña a David facendo penitencia. Deste xeito, a figura de Betsabé nesta miniatura, e aínda máis explicitamente no gravado mencionado, reúne os acenos da penitencia e o dó mediante ademáns como o de cruzar as mans, estrullar o vestido e abaixar a cabeza, materializando a polisemia desta xestualidade [**Figs. 27** a **34b**].

Outra imaxe escasamente representada no corpus –unicamente rexistrei dous exemplos, nos dous libros de horas relacionados co Mestre de Bedford que mencionei máis arriba (Nova York, PML, MS M.453, fol. 98v (cat-875).; Londres, BL, Additional 18850, fol. 96r) (cat-533)- é a de David sostendo a súa arpa e axexando desde o exterior dun edificio, a través dunha ventá, a unha parella abrazándose. A imaxe foi empregada cun sentido difícil de determinar. A figura de David espiando a Betsabé a través dunha ventá mentres esta se baña estaba xa nas ilustracións das Biblias moralizadas do século XIII, e tamén se aprecia nun

64 Walker Vadillo 2013, 232-234

relevo da Catedral de Auxerre do mesmo século[65]. Rexístrase tamén noutros dous manuscritos do corpus (Cidade do Vaticano, BAV, Ross.65, fol. 12r ,fol. 102r) (cat-395) e Nova York, PML, MS M.646, fol. 60r (cat-886). Nas ilustracións relacionadas co Mestre de Bedford, sen embargo, a quen o rei espía non é a Betsabé no baño, senón a unha parella, probablemente Betsabé e o seu esposo, Urías. Situada como está nunha páxina que ademais ofrece as imaxes dos sete vicios e as sete virtudes, é posible que a imaxe de David neste caso, cun certo mal mirar, puidese estar relacionada cunha alusión á envexa ou á cobiza do rei.

3.5.3.2.- Alcance da imaxe do Baño de Betsabé nos libros de horas

3.5.3.2.1. Máis preguntas que respostas

A escena do Baño é a que tivo máis aceptación como imaxe da conduta pouco edificante de David en xeral e como extracto figurativo da narración do Episodio Betsabé/Urías en particular. Un total de 71 manuscritos conteñen imaxes con escenas protagonizadas por Urías fronte a 169 con escenas protagonizadas por Betsabé. Entre estas últimas, a do Baño resulta ser a imaxe estelar (150 manuscritos dan fe). Esta relevancia numérica e a propia natureza de moitas destas iluminacións, insólitas pola súa sensualidade nun libro de devoción, explican que se trate da ilustración dos Salmos Penitenciais que máis interese ten suscitado.

A imaxe do Baño foi tratada en diferentes contribucións que analizan a súa iconografía, particularmente na miniatura[66]. Nas páxinas que seguen tentarei sintetizar as achegas máis significativas ofrecidas nestes traballos, complementadas puntualmente por datos extraídos do corpus. A continuación desta síntese, e desde unha óptica de análise moito menos ambiciosa que a das contribucións citadas, detereime nalgún aspecto secundario das

65 Stahl 2008, 189

66 En 1962 dedicoulle un traballo monográfico Elisabeth Kunoth-Leifels (Kunoth-Leifels 1962). Thomas Kren en 2005 examinou a célebre imaxe desta escena pintada por Bourdichon no *Libro de horas de Luís XII* (Kren 2005) e un ano despois Clare Costley King'oo publicou un artigo que será referente sobre o tema (King'oo 2004). A mesma autora afondou algo máis nas ideas propostas neste artigo nun capítulo do seu libro dedicado aos sete salmos, publicado en 2012 (King'oo 2012). Stahl abordou a escena na monografía que dedicou ao *Salterio de San Luís* (Stahl 2008) e Thomas Kren tratouna novamente en 2010 nun artigo no que tentou desentrañar o función desta imaxe en libros de horas destinados a mulleres a partir da análise de códices específicos dos que se coñece a identidade da destinataria. Elsa Guyot (2013) estudou tamén o tratamento da imaxe nos libros de horas. Mónica Walker Vadillo dedicou varias contribucións en particular á escena do Baño (2008, 2010a, 2010b) unha parte da súa tese, dedicada á iconografía de Betsabé na miniatura (Walker Vadillo 2013) e unha contribución máis recente novamente á escena do Baño (Walker Vadillo, 2019).

iluminacións (epígrafe 3.5.3.4). É de desexar que o catálogo que presento posibilite unha aproximación ás imaxes susceptible de enriquecer o seu estudo en traballos futuros, contribuíndo a matizar, por exemplo, a partir dunha observación sistemática de detalles como os xestos, olladas ou emprazamento dos personaxes implicados, a especulación sobre a función da imaxe de Betsabé nestes libros de devoción[67]. A bibliografía ofrece unha amplo abano de interpretacións ao respecto, cuxos extremos Walker Vadillo resumiu no título dunha das súas achegas: "*Innocent object of Desire or Agent of Sin?*"[68] e Elsa Guyot na disxuntiva, *femme-object* vs *femme-sujet*[69]. Así e todo, creo que para avanzar nesta cuestión serán sempre insuficientes as conclusións susceptibles de seren extraídas dunha mera taxonomía de trazos figurativos. Máis que nunca, e por tratarse dunha imaxe tan controvertida (que, como afirma Guyot, formula mais preguntas que respostas[70]), resulta imprescindible un coñecemento polo miúdo dos manuscritos que a conteñen, particularmente no que se refire á identidade das persoas que os patrocinaron ou ás destinatarias dos mesmos, así como ás circunstancias que rodearon a elaboración de cada códice. Creo que son máis necesarios, en definitiva, traballos como o que Thomas Kren dedicou a esta ilustración nos libros de horas de Anne de Beaujeu e de Marguerite de Coëtivy[71].

A tradición figurativa do Baño de Betsabé determina as imaxes que encontramos nos libros de horas. O exemplo máis antigo que se coñece da escena aparece nun manuscrito dos *Sacra Parallela*, elaborado no século IX, nun ciclo iconográfico das vidas de David e Salomón[72]. Betsabé se representa espida, acompañada –caso excepcional- dunha criada tamén espida. Outras ilustracións do episodio do pecado de David en manuscritos altomedievais, como a do *Salterio de Utrecht* no salmo 50 (Utrecht, Universiteitsbibliotheek, MS Bibl. Rhenotraiectinae I Nr 32) sen embargo, non inclúen esta escena. No códice

67 O número de imaxes do Baño compiladas no Catálogo incrementa o das que se recollen no máis exhaustivo que coñezo realizado ata agora, o da tese de Mónica Walker Vadillo Walker Vadillo (2013). Este último contén un total de 110 exemplos da escena do Baño, 86 en libros de horas e 16 noutro tipo de obras. O catálogo que eu presento rexistra 150 imaxes só en libros de horas manuscritos. E este número se incrementaría probablemente dun modo significativo se se incluísen as dixitalizacións de libros de horas levadas a cabo nos últimos anos.

68 Walker Vadillo 2008.

69 Guyot 2013, 3.

70 Guyot 2013, 17.

71 Kren 2010.

72 Walker Vadillo 2008, 180-181

carolinxio aparece a futura raíña, pero no canto de bañarse, vese como figurante na escena dos Reproches de Natán, situada detrás de David. Walker Vadillo propuxo diversas interpretacións para estas imaxes temperás de Betsabé que van desde considerala a "*fons e origo malis*" ata valorar o seu papel como testemuña muda do arrepentimento do rei e, para o caso da ilustración do Salmo 50 do Salterio de Utrecht, como unha equivalente da "ovella roubada" da parábola de Natán, dándose a entender, polo tanto, a súa inocencia, tal e como xa apuntara Celia Chazelle[73].

Desde a aparición da imaxe nos *Sacra parallela* non se coñecen outros exemplos da escena do Baño ata finais do século XII, cando se emprega nas dúas Biblias vencelladas á Sancho el Fuerte de Navarra (a custodiada na biblioteca de municipal de Amiens con sinatura MS 108 e a da biblioteca do Castelo de Harburg en Alemaña con sinatura Ms. I, 2, lat. 4º, 15). Na primeira, que lle foi entregada ao rei en 1197, amósase Betsabé vestida e sentada, cunha criada lavándolle os pés e David observándoa desde a ventá do seu pazo. Na segunda aparece a escena do baño pero a criada está ausente e cobra protagonismo a figura dun emisario enviado por David a Betsabé[74]. Medio século despois, na xa citada ilustración da inicial do salmo 101 nun salterio iluminado polo oxoniano William de Brailes (c. 1240) David sitúase tamén no alto do pazo e Betsabé no exterior. Ela está vestida pero descobre as pernas, que baña nun río[75]. Nesta mesma centuria a imaxe aparece en varias Biblias moralizadas, na *Biblia Morgan*, e nos xa mencionados códices de Luís IX e Isabel de Francia. Nas Biblias moralizadas e no ciclo de David na *Biblia Morgan* Betsabé báñase nun barcal situado nun interior e véselle a parte superior do corpo espido. David obsérvaa desde fóra do edificio[76]. No salterio de Luís IX e o salterio-horas de Isabel de Francia, a escena pintada na inicial do *Beatus vir* presenta a Betsabé completamente espida, bañando as pernas nun regato, acompañada de dúas criadas, mentres David a observa desde o seu pazo. Xa no século XIV certos exemplares da *Bible Historiale* de Guyart des Moulins inclúen unha escena de David observando a Betsabé como parte do ciclo que abarca todos os episodios da vida desta,

73 Chazelle 2004, 343. Para as diversas interpretacións de Mónica Walker Vadillo véxase: Walker Vadillo 2013, 76, 78, 83)

74 Walker Vadillo 2013, 181-186

75 Donovan 1991, 22-23, fig 5. Véxase tamén Stahl 2008, 195

76 Walker Vadillo (2013, fichas do catálogo n. 38 a 45). A Biblia moralizada de Jean Le Bon, no século XIV presenta a mesma imaxe (*Ibid.* ficha n. 49)

pero a muller aparece completamente vestida, non se baña, e só nun caso aparece lavando o cabelo[77].

Polo que aos libros de horas se refire, dáse a curiosa circunstancia de que a escena do Baño, unha das que terá máis relevancia como ilustración dos sete salmos nestes códices en época avanzada, debeu introducirse neles bastante tarde. Tamén resulta curioso o feito de que William de Brailes, que, como vimos, situou o Baño de Betsabé na inicial do salmo 101 dun salterio, non incluíse a escena no libro de horas iluminado por el, un dos máis célebres exemplos temperáns deste tipo de códices. Nas iluminacións do texto dos Salmos Penitenciais neste último manuscrito empregou unicamente a escena dos Reproches de Natán e a da penitencia de David. En suma, non teño constancia de ningunha miniatura do Baño de Betsabé nos libros de horas anterior ao século XV.

A presenza da figura espida ou semiespida no libro de oracións -en imaxes que en certos casos se dirían de carácter erótico- ten suscitado interpretacións diversas e mesmo contraditorias xa que, como afirma Elsa Guyot, parece que invitan a ver sensualidade, vontade de sedución e incitación ao voyeurismo nun contexto xeralmente vinculado á devoción. A ambigüidade moral derivaría, segundo esta autora, dos diversos significados que a tradición iconográfica asignou á figura de Betsabé, presentada como muller sedutora e manipuladora, xove esposa fráxil e submisa, ou mesmo como raíña poderosa e respectada. Cómpre recordar os diferentes roles que lle reservou o texto bíblico a esta muller, que ademais de ser a causa do pecado de David foi a nai do continuador da súa estirpe, Salomón, unha faceta que tivo a súa tradución figurativa en escenas como a da coroación polo fillo, que a asimilan á Virxe e a Esther en ilustracións tipolóxicas[78]. As dificultades para imaxinar a recepción contemporánea da escena do Baño nos libros de horas derivan ademais do feito de que, como a bibliografía ten posto de relevo, sobre o relato bíblico do episodio conflúen interpretacións aparentemente contraditorias. Cabe recordar a esexese de Agostiño, quen, seguindo a Ambrosio de Milán, considera a David e Betsabé no episodio do baño como equivalentes de Cristo e a Igrexa[79], unha idea que, como vimos, se recolle no texto das Biblias moralizadas. Neste sentido, cabe preguntarse de que xeito se integrou en xeral esta esexese, probablemente coñecida por posuidores e posuidoras de libros de horas provenientes dun extracto social cultivado, á hora de observar a provocativa escena do baño

77 Walker Vadillo 2013, 200

78 Walker Vadillo (2010c; 2013, 131-165)

79 Stahl 2008, 186. Véxase ademais: Walker Vadillo (2010a, 3-4 ; 2013, 228-229)

nos seus libros de rezo. Na súa análise da iconografía do Baño no contexto parisino –ou de influencia parisina- de mediados do século XIII, Harvey Stahl suxeriu un enfoque diverso da mesma escena en tres obras diferentes, os xa mencionados Salterio-horas de Isabel de Francia e *Salterio de San Luís*, e a portada da catedral de Auxerre[80]. As apreciacións de Stahl alertan sobre a necesidade de considerar coidadosamente o contexto á hora de especular sobre a interpretación desta imaxe. Esta necesidade xustifícase incluso, ao meu xuízo, cando se inclúe en obras máis estandarizadas, como é o caso dos libros de horas. As ilustracións do Baño de Betsabé nos Salmos Penitenciais neste tipo de devocionarios ofrecen un espectro o suficientemente amplo de variantes e matices (posturas, xestos, olladas dos protagonistas...) como para dificultar aínda máis a posibilidade de ofrecer unha resposta única á pregunta sobre cal puido ser o papel da figura feminina nestas ilustracións, ou mesmo sobre a función da propia imaxe.

Cómpre mencionar, por outra parte, a estreita relación entre a representación de Betsabé nesta escena e a iconografía doutras dúas figuras femininas, que incluso poden aparecer noutras miniaturas do mesmo códice. Refírome á figura de Eva como tentadora e á de Susana, e dun modo especial a esta última[81]. Sabemos que certas composicións nas que aparecen Susana ou Betsabé chegan a ser practicamente intercambiables, sendo recoñecible unha ou outra unicamente polos personaxes que as acompañan[82]. En ocasións identifícase a santa unicamente porque leva nimbo, pero este non sempre aparece[83]. E tampouco é o nimbo un elemento definitorio, pois tamén Betsabé o pode portar. O corpus contén un manuscrito onde a composición de Susana no baño sendo axexada polos vellos se empregou para ilustrar os sete salmos en lugar da habitual de Betsabé (San Marino, CA, Huntington Library, HM 48, fol. 57r) (cat-1171) e outro no que Betsabé, malia ofrecer a súa versión máis procaz -coa man no pube e peiteándose- aparece nimbada (Toulouse, BM, ms. 2842, fol. 84r) (cat-1236).

No marco de todas as incertezas e contradicións que rodean a imaxe do Baño, o que resulta incuestionable, en todo caso, é que na época en que cobra forza a composición como ilustración dos Salmos Penitenciais -nos libros de horas tardíos- as miniaturas ofrecen en

80 No salterio destinado á muller, ve unha visión redentora, na que Betsabé representa a Ecclesia e David orando un dos xustos citados no salmo, aqueles que medran como as árbores a carón dos ríos. No de San Luís, en cambio, fai unha lectura penitencial, na que a imaxe actúa como guía que leva o rei "desde a memoria do pecado ata a penitencia" ("Bathsheba guides the king from the memory of sin to penitence" (Stahl 2008, 198)

81 Guyot 2013, 8

82 Ver exemplos na miniatura en: Walker Vadillo 2013, 368-371

83 Véxase por exemplo a imaxe da Santa nun manuscrito de *La Fleur des histoires* realizado en París, a finais do século XV: París, BNF, Français 55, fol. 111v.)

ocasións unha imaxe moi sensual de Betsabé, máis ou menos eficaz en función da pericia do iluminador. A conxuntura artística é precisamente unha das explicacións que se ofrecen sobre o éxito desta escena nos libros de horas, en particular no que se refire ao uso da imaxe como pretexto para representar un fermoso espido feminino[84]. O que resulta evidente é que o erotismo se viu favorecido pola promoción da escena desde os espazos secundarios das iluminacións ata o primeiro plano das miniaturas a páxina completa, co conseguinte aumento do tamaño e proximidade do corpo nu (ou da figura vestida, pero coa saia retirada, exhibindo as pernas en dirección á persoa espectadora). Así e todo, a impudicia de Betsabé nestas iluminacións matízase, nalgúns casos, mediante a expresión da súa ollada e os xestos de brazos e mans. Elsa Guyot, por exemplo, alude ao aceno de abaixar os ollos que se rexistra nalgunhas imaxes como un signo de vergoña, que relaciona co concepto da nudez despois da Expulsión[85]. O feito de que a impudicia de Betsabé teña ou non un carácter provocativo, e de que cando si o ten esa provocación estea dirixida a David, a quen observa, ou a ambos, entra dentro do complexo espectro de variantes que ofrecen as imaxes e explica a existencia dun abano non menos rico de interpretacións por parte das persoas que a estudaron. A implicación de quen observa a ilustración, por exemplo, é un dos temas que ten suscitado reflexión. Sobre a dobre mirada de que é obxecto Betsabé (a de David e a da persoa espectadora) tratan, por exemplo, Stahl, Guyot, e Walker Vadillo[86]. Tendo moi presente esta cuestión, un dos enfoques interpretativos das sensuais escenas apunta a que nelas se pretende máis inducir ao pecado do lector que a todo o contrario[87]. A versión máis extrema desta apreciación deuna Paul Saenger, cando asociou estas ilustracións coa lectura silenciosa na intimidade e a pornografía difundida en secreto[88]. En contrapartida, Clare Costley King'oo considera a preeminencia das imaxes do Baño de Betsabé nos Salmos Penitenciais como resultado da énfase no pecado de transgresión sexual a finais da Idade Media, recollendo a tese de Foucault de que o sexo se converteu en cuestion central do rito da confesión tardomedieval[89]. Para fundamentar a súa afirmación, King'oo argúe o feito de que as ilustracións de Urías aparecen normalmente en posición marxinal. O pecado de homicidio

84 Guyot 2013, 9

85 Guyot 2013, 5

86 Stahl 2008, 185; Guyot 2013, 8 ; Walker Vadillo 2010b

87 Wieck 1997, 95; King'oo (2004, 1261-1263) menciona outros autores que expresaron a mesma opinión

88 Saenger 1982, 413

89 Se ben a autora non esquece a alerta de Thomas Tentler relativa á sobrevaloración da preocupación da igrexa polo sexo (King'oo 2012, 52). Véxase Tentler 1977, 163, 165, 223

quedaría así desprazado a un segundo plano respecto daquel centrado no delito sexual. Pero a autora non fundamenta a súa afirmación en cifras concretas, e parece que as que proporciona este corpus restan algo de forza a este argumento. Se ben é certo que o número de veces en que Urías aparece en posición marxinal é superior (51), a cifra de casos que rexistrei en que o esposo de Betsabé ten un papel protagonista -normalmente a escena da Entrega da carta- na iluminación do texto que nos ocupa non se queda moi atrás (40)[90]. En favor do argumento de King'oo estarían máis ben as cifras que rexistran un maior recurso á escena do Baño que á de Urías, e non a situación marxinal destas últimas. En calquera caso, a autora sitúase nunha posición diverxente respecto de Paul Saenger e aqueles que viron na escena do Baño imaxes inductoras ao pecado, e considera que a súa función, ao contrario, foi a de actuar como elemento disuasorio. Aduce a falta de testemuños contemporáneos que fagan pensar na percepción dunha compoñente de provocación nestas imaxes e cita como única excepción o caso de Erasmo. O humanista ofrece un dos escasos testemuños, segundo esta autora, dunha visión negativa destas iluminacións (no marco dunha crítica xeneralizada á ilustración de episodios bíblicos que poden inducir a pecado cando se representan visualmente), pero a autora conclúe que, aínda así, Erasmo centra a súa crítica na mirada pecaminosa de David e non en Betsabé. En favor dunha lectura da imaxe como recurso pedagóxico resulta interesante, por outra parte, a apreciación que fai esta mesma autora respecto ao feito de que estas ilustracións se trasladaron pronto dos libros de horas a unha serie de libros de devoción, catequéticos e educativos, incluso algúns deles destinados a un público infantil, se ben os exemplos que menciona están enmarcados xa na cultura da Reforma. Un contraargumento ás teses de King'oo podería extraerse da observación de Walker Vadillo cando chama a atención sobre miniaturas de Betsabé que foron borradas ou cubertas cun velo, de onde se deduce a percepción dun carácter erótico e pecaminoso[91]. Sen embargo, o feito de que estas correccións foron feitas nun momento posterior ao da realización das miniaturas non debería servir, ao meu xuízo, para valorar a intención dos artífices nin a recepción das imaxes na época en que se realizaron.

Walker Vadillo e Guyot, por outra parte, apuntan a idea de que a ambivalencia da imaxe tería permitido aos artífices escoller entre diversos enfoques figurativos en función do gusto

90 Caroline Downer, baseándose no exame de ilustracións de Salmos Penitenciais de 94 manuscritos, comete a mesma inexactitude ao sinalar que a ilustración da entrega da carta é normalmente marxinal, e "rara vez aparece a páxina completa" (Downer 1992, 19).

91 Walker Vadillo 2019, 76

da clientela. Para o caso dos libros posuídos por mulleres en particular, Elsa Guyot considera que presentan un menor erotismo, se ben a autora tampouco concreta a que manuscritos se refire, o número deles examinados, nin en que consiste especificamente ese "menor erotismo" (salvo que se refira ao xesto de Betsabé de abaixar a cabeza ou presentarse vestida)[92]. Thomas Kren, no artigo xa mencionado dedicado a imaxe que nos ocupa en tres libros de horas destinados a mulleres, afirma que o tema, en xeral, empregouse preferentemente en códices posuídos por homes, se ben sen especificar tampouco datos concretos que sustenten esta afirmación. Nos tres que analiza, propiedade de mulleres de personalidade coñecida, percibe unha menor sensualidade nas imaxes de Betsabé, detecta alusións fálicas en determinados detalles, e detense para cada unha das imaxes nestes e outros detalles que relaciona con aspectos biográficos das destinatarias dos códices[93].

Elsa Guyot aborda tamén a inventiva dos artífices –que relaciona coa resposta, unha vez máis, ás demandas da clientela- á hora de detallar visualmente un episodio que presenta poucos detalles descritivos no texto bíblico (vestimenta de Betsabé, lugar do baño, personaxes que a acompañan...). Chama a atención en particular sobre o motivo da entrega da carta a Betsabé por un mensaxeiro, presente desde comezo do século XVI e que acabará por converterse nun dos signos distintivos da escena[94]. A autora suxire que o detalle ten unha compoñente dramática e, ao tempo, introduce na lectura da imaxe un matiz tendente a rebaixar a culpabilidade de David, ao presentar a resposta de Betsabé como froito do libre arbitrio desta. Esta compoñente dramática do mensaxeiro na escena ten ademais, ao meu ver, unha vertente específica, que se desvela a partir da observación dalgunhas imaxes do corpus. A súa aparición cunha carta na man encaixa co eficaz recurso teatral consistente en apelar a coñecementos da audiencia que os propios personaxes do drama ignoran. Visto desde esta óptica, a inclusión do personaxe que interactúa con Betsabé, ou cunha asistente que fai de intermediaria, apela á complicidade do público coñecedor de que o obxecto que o mozo porta é equivalente ao que máis tarde desempeñará unha función tráxica no seguinte acto deste drama, a carta que contén a sentenza de morte de Urías. Nun libro de horas do século XVI (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 663, Fol. 114v) (cat-713) David, situado no plano medio da miniatura tras a figura da bañista, fai entrega do

92 Guyot 2013, p. 6

93 Kren 2010

94 Sobre a cronoloxía desta figura, cómpre matizar que, se ben non ten unha carta na man, o mensaxeiro aparecía xa na ilustración da escena nunha das biblias de Sancho el Fuerte (Walker Vadillo 2013 184 e nº 24 do catálogo)

papel a un personaxe que, a teor da indumentaria, parece ser o mesmo que se mostra transmitindo a misiva a Betsabé a través dunha das súas damas na esquina inferior esquerda da imaxe. Sen embargo, a escena presenta tal semellanza coa que podería ser unha de David entregando a carta a Urías que a súa identificación chega a xerar dúbidas. Compárese a similitude da postura do mensaxeiro axeonllado ante David nesta ilustración coa de Urías recibindo a carta na miniatura dos Salmos Penitenciais nas chamadas Horas Spinola, (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 18, fol. 166r) (cat-631) [**Fig. 150**]. Nalgún outro exemplo do corpus, a visualización da antítese exponse abertamente, mostrándose simultaneamente o frívolo mensaxe que leva un mozo e a terrible carta que recibe Urías (en páxinas encaradas en Dijon, BM, ms. 2244, fol. 41v e 42r). O dobre intercambio de misivas transfórmase, nas *Horas Ango* (París, BNF, NAL 392, fol. 83v[95]) (cat-1117), nun auténtico rebumbio de papeis ao longo de varias páxinas da sección dos Salmos Penitenciais (ver fols. 82v ata 84v**)**: no fol. 82v aparece o mensaxeiro entregando a misiva a Betsabé, no fol. 84r Urías recibindo unha carta de David (marxe dereita) e outra escena na que, segundo o filacterio que a describe, Urías entrega a Xoab a carta que recibiu do Rei (aínda que o que se percibe máis ben é a Xoab lendo a mensaxe); culmina esta sorte de enredo en torno ás cartas no fol. 84v, no que se amosa a David recibindo un papel dun mensaxeiro coa noticia da morte de Urías, imaxe e suceso co que se pecha un dos actos deste drama.

Outro detalle sobre o que Guyot chama a atención nas imaxes do baño de Betsabé é a figura de Cupido como ornamento da fonte en varias miniaturas con esta escena, detalle que contextualiza na nacente cultura humanista e profana, poñéndoo en relación coa literatura contemporánea. Menciona en particular un poema do teólogo borgoñón Théodore de Bèze (Vézelay, 1519-Genève, 1605) que introduciu o fillo de Venus nun texto alusivo ao relato de David e Betsabé. Guyot ofrece tamén unha interpretación para os leóns que aparecen ás veces na fonte de Betsabé como alusións bíblicas as tribos de Israel ou a Salómón[96] e alude, finalmente, as damas de compañía de Betsabé e aos obxectos que estas portan, nos que ve un simbolismo concreto: os froitos vermellos como alusión ao desexo e á fecundidade, e o espello que sostén ou lle presenta algunha destas damas, como signo da vaidade. Walker Vadillo alude tamén a algúns destes detalles extrabíblicos da imaxe do Baño en libros de

95 Véxase a descrición de todo o ciclo deste manuscrito na ficha correspondente do Catálogo.

96 Elsa Guyot (2013, 12, n.56) menciona como referentes bíblicos : Xénese 49 : 9, Números 23 : 24 e III Reis, 10 : 19.

horas serodios, considerando algúns deles como signo de vaidade, algo que percibe fundamentalmente na importancia visual concedida ao cabelo e o uso do espello e, en máis raras ocasións, dun pente[97]. Nunha recente contribución, esta autora afondou na análise de elementos presentes na escena do Baño vendo neles un recurso mnemotécnico para recordar os pecados capitais[98]. Trátase dunha hipótese suxestiva que presenta, ao meu ver, certa debilidade en canto a indefinición iconográfica dos pecados, algo que choca coa tradición figurativa do setenario, que pola época xa avanzada na que se realizaron estas imaxes adoita distinguir os vicios nidiamente, o que xustifica a consideración das súas alegorías no contexto das artes da memoria[99].

Do repaso á visión da escena do Baño de Betsabé na bibliografía só cabe concluír, en definitiva, que os desafíos que a imaxe formula son notables, entre eles a dificultade que supón resolver a causa da presenza de tan sensuais imaxes nun libro de oracións. O diverso tratamento da relación figurativa entre Betsabé e a Virxe que se constata en dous exemplos do corpus aos que me refirirei inmediatamente [**Figs. 23(1)** a **6); Figs. 24(1)** e **(2)**] pon de relevo a complexidade da cuestión. É de desexar, así e todo, que o conxunto de miniaturas con esta escena que integran o catálogo poida ser de utilidade para contribuír a afinar a súa lectura. A min ofreceume a oportunidade de extraer algunhas conclusións a partir da observación de detalles menores ou a reiteración de certos motivos e personaxes secundarios. Así, por exemplo, pareceume detectar un enfoque sarcástico da figura de David nalgunha destas imaxes do Baño. E chamoume a atención tamén o relevante que resulta a fonte en moitas delas, así como a posible función dun tipo de cerca no xardín, ou a figura dunha criada aparentemente irrelevante (aínda que non sempre).

97 Walker Vadillo 2013, 220

98 Walker Vadillo 2019

99 Yates 1966, 102-103. Nas imaxes do baño Walker Vadillo ve reunida en Betsabé a encarnación de dous pecados –Vaidade entendida como alusión ao primeiro vicio e Luxuria-. Resulta algo insólito, ao meu ver, que se pretendese mesturar nun único persoaxe o vicio da concupiscencia co primeiro e máis importante dos pecados e que ambos se representen mediante os mesmos elementos, o espello e o pente, así como a exhibición do cabelo. O espello, efectivamente, pode ser atributo da personificación de ambos vicios, tal e como podemos ver, sen ir mais lonxe, en ilustracións dos Salmos Penitenciais: como símbolo da soberbia, Nova York, PML, MS M.1001 fol. 84r (cat-905) ; como símbolo da luxuria: París, BNF, NAL 3244, fol. 127r (cat-1142); Londres, BL, Yates Thompson 3, fol. 172v. (cat-602). O que me parece anómalo é que se utilice o mesmo obxecto para simbolizalos a ambos nunha mesma imaxe. Para unha síntese sobre a iconografía dos pecados capitais véxase: Baschet 2003.

3.5.3.2.2.- Algo de retranca

En certas imaxes do corpus percíbese a intención de facer mofa da figura de David en actitude devota, o que lles dá, en ocasións, un carácter cómico. En dous exemplos rexistrados o rei pecador realiza os xestos de piedade que a figura de David arrepentido adoita dirixir a Deus, reconvertidos en impíos xestos de sorpresa ou veneración polo corpo espido de Betsabé. No primeiro vese a David cos brazos cruzados sobre o peito situado na orla dereita dunha páxina observando a Betsabé na orla inferior: Dublin, CBL, MS. 82, Prigent de Coëtivy hs (cat-457). O xesto que noutros libros de horas esboza o rei cando lle reza a Deus parece expresar aquí a devoción polo corpo de Betsabé. A ironía resulta aínda máis irreverente se se ten en conta o paralelismo visual do ademán de David co que fai un dos anxos que contemplan a escena central desde o ceo, na mesma iluminación. A outra imaxe está incluída nun libro de horas francés datado na década de 1460, (Moscova, Historical Museum, Muz. 3688, fol. 14[100]) (cat-687) e a subversión se leva nela ata o límite de facer mofa da tradición figurativa do propio escenario penitencial. A fonte onde se baña Betsabé forma parte dunha construción semellante a un templete diante do cal aparece David axeonllado. Evócase así -e detúrpase simultaneamente- a imaxe tradicional do rei en actitude devota ante unha edificación de aspecto semellante que acolle un altar (cfr. Nova York, PML, MS M.972, fol. 130v) (cat-903) [**Figs. 16** e **17**].

Noutras imaxes ironízase sobre a figura do rei bíblico como músico e compositor dos salmos. Nunha delas, David tangue o seu instrumento musical na beira do estanque onde se baña Betsabé (Londres, BL, Harley 2863, Fol. 71)(cat-571). E a retranca en torno á imaxe do músico resulta máis explícita aínda na iluminación dun manuscrito que amosa a David -na esquina superior esquerda da decoración de marxe na miniatura- sentado nun trono e tanguendo a arpa. Ao tempo que toca, volve o rostro cara a Betsabé bañándose espida nun barcal, situada fronte del na esquina superior dereita (Nova York, PML, MS M.359, Fol. 94r) (cat-862). Aínda se pode engadir a esta serie de ilustracións tinguidas de ironía outra iluminación (Londres, BL, Egerton 2019, Fol. 104r) (cat-562) na que o xesto de David coas mans separadas e a arpa a un lado -situado na inicial historiada- contrasta co aceno devoto da súa figura na escena principal da miniatura. Na inicial, as mans expresan a sorpresa de ver a Betsabé bañándose, no medallón inferior dereito da orla. Deste xeito, o xesto de David coas mans separadas que en tantas ilustracións dos Salmos Penitenciais se dirixen, xunto coa

100 Kren 2005, 56 fig. 2.17

súa ollada, en dirección á Divindade, acompañan aquí a mirada do rei dirixida en sentido contrario, cara abaixo, directamente ao corpo espido. Cabe citar, finalmente, un manuscrito italiano no que a tradicional imaxe devota do rei nos libros de horas procedentes desta rexión -tocando o salterio- detúrpase para amosar a a un músico que en lugar de tocar o instrumento musical permanece ocioso, mentres observa a Betsabé (Cidade do Vaticano, BAV, Ross.65, fol. 102r) (cat-395). Ademais vese sentado no chan, como algúns do seus homólogos máis devotos presentes na páxina que inaugura os Salmos Penitenciais dalgún libro de horas procedente da mesma área xeográfica (7 exemplos no corpus, entre eles: Nova York, PML, G.14, 79r (cat-745) e Londres, BL, Yates Thompson 29, fol. 104v) (cat-610). A postura de humildade daquelas figuras transfórmase aquí na de quen simplemente se oculta para axexar con máis comodidade á muller a través dun van do muro.

Cunha ollada irónica poden abordarse tamén certas imaxes nas que se alude ao vicio de David mediante o recurso a simios que fan remedo das súas debilidades. Isto é o que parece que se pretendeu na iluminación da sección dos salmos nas *Grandes Heures d'Anne de Bretagne* que mostra dous monos en actitude posiblemente lasciva (Fol. 92r) [**Fig. 94**], ou no *Libro de horas de Madama Lázaro* (Madrid, Lázaro Galdiano, Mss I15517, fols. 94v-95r) (cat-660), que sitúa no borde da pía dunha fonte (alusión probable ao Baño de Betsabé) un simio tocando unha frauta. Noutra imaxe de David na súa faceta de pecador, -entregando a outro personaxe unha mensaxe dirixida a Betsabé- o vicio encárnase nun mono anicado discretamente detrás do luxurioso monarca (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 663, fol. 144v) (cat-713).

3.5.3.2.3.- A fonte, a cerca e a criada

Non parece que do sarcasmo se fixese un uso excesivo nas ilustracións da escena do baño[101], pero si parece que houbo intención expresiva no recurso a outros elementos e figuras de carácter secundario empregados con profusión nas composicións .

Nalgunhas miniaturas chama a atención, en efecto, unha fonte que salienta polas súas grandes dimensións ou que se ve destacada mediante algún outro artificio. Como xa se mencionou previamente, as imaxes de Betsabé nun barcal ou as máis antigas da futura raíña bañando os pés nun río son substituídas a finais de século XV en moitos casos polas da figura espida situada nunha sorte de estanque, nun regato ou na pía dunha fonte. É de destacar que

101 Sobre esta cuestión, con todo, quedaría pendente o exame sistemático do uso dos motivos marxinais nas iluminacións dos Salmos Penitenciais, que probablemente aportaría máis exemplos neste sentido.

incluso cando a raíña se baña ou molla as pernas nun estanque ou regato, exhíbese en ocasións no medio deste, ou no río que o alimenta, unha fonte, de forma bastante artificiosa (Chaumont, BM, ms. 0034, fol. 50) (cat-378). A relevancia deste elemento -que xa foi apuntada por Thomas Kren no caso da que se mostra na ilustración dos sete salmos nas *Grandes Heures d'Anne de Bretagne*[102]-maniféstase de forma contundente nunha imaxe presente no inicio dos sete salmos dun manuscrito francés que xa tiven ocasión de mencionar, ilustrado por un conxunto de miniaturas bastante orixinais: en Philadelphia, Free Lib of Philadelphia, Lewis E 112, Fol. 48r (cat-475) [**Fig. 19**], vimos a Betsabé recatadamente vestida e nunha actitude acusatoria, chamando a atención de David sobre aqueles elementos sobre os que pivotou o episodio das súas faltas: o asasinato de Urías (a raíña amosa o corpo derribado deste en primeiro termo) e a causa última do homicidio, representada pola fonte que ocupa o centro da miniatura. Mediante as liñas de fuga que debuxan a pía da auga, a fonte, obrigando a concentrar nela a mirada, asume o protagonismo absoluto da ilustración. Todos os personaxes se sitúan arredor dela (David, o anxo, Betsabé, Urías).

Esta presenza rotunda da fonte -como sinécdoque dos acontecementos no manuscrito que acabamos de ver e como elemento omnipresente nas imaxes tardías do Baño de Betsabé - debería, pois, ser tida en conta á hora de facer a lectura doutras imaxes nas que a exhibición do pecado de David non é tan obvia. Refírome a aquelas nas que o rei se representa rezando, sin rastro aparente de alusión á causa da súa penitencia, e preto del -normalmente nun patio- sitúase unha fonte. Parece que se pode afirmar con poucas dúbidas que o motivo constitúe, cando aparece illado e a escena do Baño ausente, unha evocación do pecado que deu orixe a expiación; e que a composición resulta equivalente á daquelas ilustracións nas que a miniatura do rei orando se ve rodeada de viñetas ou medallóns que incorporan de xeito explícito a imaxe do Baño de Betsabé. Empregaron este recurso mais sofisticado miniaturistas relevantes, como Jean Bourdichon, nas mencionadas *Grandes Heures d'Anne de Bretagne*, ou Gerard Horenbout. Este último fíxoo na primeira ilustración dos salmos no *Libro de Horas Sforza* (Londres, BL, Additional 34294, fol. 212v) (cat-541) [**Figs. 20, 99(1)**], onde acode ao mesmo artificio que acabamos de ver no manuscrito da Free Library of Philadelphia. Horenbout emprega unha liña de fuga moi marcada (a do banco onde está pousada a arpa, que conduce directamente ao extremo superior do pináculo da fonte) para

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

102 Kren 2010, 175

realzar o elemento construtivo que, doutro xeito, pasaría desapercibido no patio do pazo de David. E a presenza significativa da fonte vese realzada pola cerca que a rodea, subliñando a evocación do xardín de Betsabé. Nun libro de horas contemporáneo (Módena, Biblioteca Estense, ALFA.K.7.2 fol. 102r (imaxe 206) (cat-685) **[Fig. 18]** encontramos o máis acabado exemplo de emprego da fonte como sinécdoque. O artificio empregado para chamar a atención sobre ela foi facela coincidir co arco da bóveda que se abre na construción situada detrás, de tal xeito que queda enmarcada polo arco e moi privilexiada visualmente. David, como no libro de horas Sforza, volve a vista en sentido contrario, cara outro elemento abovedado no que se intúe a presenza divina. E probablemente non sexa casual, ademais, que o muro onde se atopa o arco que enmarca a fonte evocadora do pecado se atope en estado ruinoso.

Quizais tampouco sexa casual que se pinte unha fonte nunha escena galante sen aparente relación co texto dos salmos penitencias nun libro de horas flamengo de finais do século XV (Nova York, PML, MS S.7 fol. 154r (cat-935) [**Fig. 22**]. Noutro manuscrito do mesmo período (Nova York, PML, M.363, fols. **111v** – **112r**) (cat-864), unha fonte semellante, pero situada na páxina contigua á aquela que exhibe a figura de David orando, evoca a causa do arrepentimento deste, e como no caso da escena galante que acabo de mencionar, aparece rematada por unha ave [**Fig. 21**]. Nesta iluminación, con todo, a fonte orixe do mal vese compensada positivamente por outra que acompaña o rei arrepentido, rematada por unha cruz.

A cerca reticulada na imaxe que acabo de mencionar podería constituír tamén unha evocación do espazo onde tivo lugar o suceso que desembocou no adulterio do rei, pois a característica cerca é un elemento habitual no xardín de Betsabé. En Nova York, PML, MS M.156, fol. 51r (cat-799) ambos elementos -fonte e cerca- compoñen unha estrutura reforzada de cuadriláteros que enmarcan (e encerran) a figura da bañista. E nunha orixinal e luxosa versión da cerca na miniatura dun manuscrito iluminado en Rouen, o motivo serve para acentuar dramaticamente a sensación de encerro de Betsabé (Nova York, PML, MS M.175, fol. 76r) (cat-812).

Outro aspecto a considerar en relación coas iluminacións do Baño e as súas fontes é a relevancia que se concede a auga nalgunhas delas, formando parte en ocasións de escenografías case sonoras que apelan eficazmente aos sentidos. Véxase, por exemplo, en (Baltimore, Walters Art Museum, W. 427, fol. 133v) (cat-214), a presenza redundante das fontes, triplicadas na visión en conxunto da dobre páxina, e a insistencia na auga en movemento, caendo sobre os pes de Betsabé e multiplicándose en forma de chorros que

salpican a auga das pías. Fonte e auga revístense dun significado moral bastante evidente nalgunha imaxe, como unha que ilustra os Salmos Penitenciais nun manuscrito elaborado en Tours arredor de 1470 (Nova York, PML, MS M.366, fol. 88r) (cat-866). Trátase dunha ilustración excepcional, na que aparecen reunidas na mesma miniatura e no mesmo espazo físico a escena do Baño de Betsabé e a de David en actitude devota. Outro dos seus trazos orixinais o constitúe a equiparación dos xestos de ambos personaxes, nunha representación na que, apelándose a unha inversión de sentido, se subliña a antítese moral. En primeiro plano da imaxe, David, axeonllado na beira dun regato, desprega os brazos para invocar a Deus. Emprázase nunha sorte de península debuxada por un meandro do regato, e se se fai abstracción desta parte da miniatura -borrando mentalmente a Betsabé, o pazo e a cerca do xardín-, o que se obtén é unha imaxe convencional de David arrepentido nunha paisaxe agreste, mediante o emprego de tópicos paisaxísticos que, como veremos no capítulo 5, definen esta composición do rei solitario (un río, unha illa)[103]. No plano medio da miniatura, Betsabé amósase espida no seo dunha sofisticada fonte con dúas pías e rematada por unha construción a modo de baldaquino. A orixinalidade desta iluminación –cunha iconografía sen equivalente no corpus- resulta indiscutible, pois sintetiza pecado e penitencia no mesmo espazo físico, sen solución de continuidade. O carácter da auga transfórmase diante dos nosos ollos, pois o frutífero río penitencial do primeiro termo nace directamente, como desenrolándose, da fonte onde se baña Betsabé. A construción de planta circular acolle augas mundanas baixo a sofisticada arquitectura, pero estas vólvense salutíferas na beira escarpada do regato cando este flúe libre polo campo e cando David adopta unha postura devota na súa beira[104]. Paralelamente, o xesto dos brazos alzados de Betsabé, permitindo a exhibición do

103 Ao meu xuízo, apelar ao esforzo deste exercicio visual entraría dentro dese espírito de desafío á persoa que observa a ilustración que me pareceu ver tamén nas imaxes de David e Goliat "camuflados".

104 Sobre a posibilidade de ser o río interpretado tanto en termos positivos como en termos negativos non hai mellor proba que a diversa tradución visual que do versículo 3 do salmo 1 se fixo no *Salterio Eadwine* e no *Salterio Anglo-catalán* (neste último asimilándose a auga á caída no pecado, segundo o comentario de Agostiño sobre o devandito versículo), tal e como puxo de relevo Rocío Sánchez Ameijeiras na súa análise de ambas imaxes (Sánchez Ameijeiras 2014, 211). Noutra orde de cousas, no sermón do párroco no *Parson's Tale* de Chaucer acódese tamén á metáfora das augas limpas e suxas cun sentido moral, comparándose o home vítima da vanagloria co cabalo que acode a beber augas suxas en lugar de facelo a un pozo de augas claras (Rowland 1987, 136). Á vista da miniatura que estamos a considerar resulta suxestivo recordar fragmentos doutra obra máis próxima cronoloxicamente a ela, a moralidade inglesa "Everyman", nos que a confesión asimílase tanto a un río purificador como a unha fonte que lava as manchas do pecado "*Now go we together lovingly to Confession, that cleansing river*" (535); " ; "*O glorious fountain that all uncleanness doth clarify, wash from me the spots of vices unclean*" ("ouh fonte gloriosa, que aclaras toda sucidade / limpa en min as manchas do pecado inmundo") (544-545) (*Everyman* 1914)

seu corpo espido enmarcado pola fonte –construción artificial- tórnase aceno de devoción na figura do Rei arrepentido acollido no espazo da penitencia, situado nun medio natural.

Nesta imaxe insólita, as antíteses visuais non se limitan ás que acabo de mencionar. Proseguen na que se establece entre a característica cerca reticulada, de deseño marcadamente rectilíneo, afastada da persoa espectadora, e o remuíño de liñas curvas que rematan na benéfica curva de borde irregular do terreo onde está axeonllado David. Contribúese así a delimitar, sen estridencias nen separación abrupta, o espazo mundano e artificialmente construído do xardín de Betsabé e o ámbito agreste onde David expía o seu pecado, que o rei comparte, por proximidade, coa persoa que observa a imaxe.

Se en miniaturas como a que acabamos de ver a cerca serve para identificar o xardín de Betsabé, outros exemplos do corpus suxiren a posibilidade de que o elemento construtivo poida ter certa carga semántica adicional. Suxire esta posibilidade a iluminacións dos salmos no *Libro de Horas de Anne de France* Nova York, PML, MS M.677, fol. 211r (cat-887) na cal, para representar a escena do adulterio, Jean Colombe pintou a David no instante mesmo de atravesar a cerca. Thomas Kren, ao describir esta miniatura, destacou o feito de que David se atopa xa no xardín en lugar de estar observando a Betsabé desde o seu pazo, e de que as súas roupas están engurradas, como se estivese apresurado, do que concluíu que "*Colombe makes explicit that Bathsheba will have to deal with male agression*"[105]. A súa observación paréceme axeitada, sobre todo tendo en conta que o rei amosa a cabeza gacha. O vil rostro semioculto e sombrío contrasta coa doce luminosidade do de Betsabé, e o contraste increméntase pola inclinación da cabeza dela, que acentúa –por antítese- o carácter lóbrego de idéntico aceno no rei. Máis difícil me resulta ver a apreciación de Kren respecto de que a figura feminina sexa consciente da presenza do rei[106]. Eu percibo máis ben o contrario, pois o rostro da futura esposa de David nesta imaxe parécese demasiado ao da Nai de Deus algúns folios antes no mesmo códice (Fol. 105r) o cal non parece coherente coa intención de reflectir coquetería na personaxe da bañista. Resulta revelador, por exemplo, comparar a relación que se establece entre ambas figuras femininas neste manuscrito e o vínculo en sentido contrario que se percibe nun libro de horas contemporáneo [cfr. **Figs. 23(1)** a **6)** con **Figs. 24(1)** e **(2)**]. Neste último poden verse, no Oficio da Virxe, as iluminacións que son habituais nesta

[105] Kren (2010, 171)

106 A escasa calidade da imaxe que ofrece a Morgan Library non me permite afirmar con seguridade a dirección da ollada de Betsabé, que semella estar mirando cara abaixo. A mirada baixa de Betsabé percíbese moito mellor, como apunto inmediatamente, na imaxe dixitalizada do *Libro de horas de Louis de Laval*, tamén atribuída a Colombe.

sección, e en todas elas a Nai de Deus se amosa cos ollos humildemente abaixados, o que ofrece un poderoso contraste, cando se chega á miniatura dos Salmos Penitenciais, coa figura de Betsabé, que ten os seus ben abertos, aínda que cunha ollada que se diría indolente e vacua. Volvendo de novo a David na imaxe pintada por Colombe, paréceme que pode ser significativo tamén o feito de que o rei estea representado xusto no momento de atravesar a cerca que enmarca o xardín, en probable alusión ao futuro acto sexual ilícito, con ese matiz de violencia apuntado por Kren, que volve a imaxe tan desacougante. Semellante estratexia visual invita a pensar, unha vez máis, sobre o significado destas escenas de Betsabé no Baño e o papel da futura raíña nelas. Vemos figuras aparentemente procaces pero cheas de matices, que nalgúns casos parecen presentar a fermosa xudía como unha vítima[107].

O posible significado da cerca e a súa abertura nesta iluminación, idea que se desprende do terrible xesto do rei franqueándoa, leváronme a considerar a posibilidade de que, en xeral, os cercados nestas miniaturas poidan tamén constituír, ademais de epítetos do xardín, unha metáfora da propia intimidade de Betsabé, de modo que aquelas imaxes que amosan a David entrando directamente no xardín (ou situado xa no seu interior) tenten aludir ao acto físico en que se materializou o adulterio. Sobre todo tendo en conta que este acto aparece explicitamente representado nalgunha imaxe de ambos no leito noutras ilustracións dos Salmos Penitenciais en libros de horas contemporáneos[108]. Nos outros catro exemplos do corpus que mostran a David no xardín de Betsabé[109], a posible alusión non se presenta, con todo, dun xeito tan descarnado nin con ese matiz de violencia que lle imprimiu Colombe no *Libro de horas de Anne de France*. En tres deles, o rei aparece no marco dunha porta ou baixo un arco, evidenciándose unha vez máis a idea de penetración. A estes catro exemplos engádese outro no que pode verse a David aínda fóra do xardín pero a punto así mesmo de atravesar un arco, que neste caso, ademais, forma un círculo case perfecto co límite do florido arbusto que pecha o xardín (Utopia, armarium codicum bibliophilorum, Cod. 103, fol. 92r) (cat-1257) [**Fig. 151a**]. Na ilustración dos Salmos Penitenciais que acolle a escena do baño no *Libro de horas de Louis de Laval*, atribuída ao obradoiro de Colombe, o monarca aínda non está tampouco no xardín, pero o miradoiro desde o que axexa a Betsabé, en lugar de

107 Sobre a consideración da figura de Betsabé como vítima, véxase Walker Vadillo 2013, 311

108 Por exemplo, en Nova York, PML, MS M.356, fol. 30v (cat-859)

109 Nova York, PML, MS M.1162, fol. 102v (cat-928); Londres, BL, Harley 2863, fol. 71r (cat-571); BNF, Latin 1202, fol. 86r (cat-1084), San Petersburgo, Biblioteka Akademii nauk (Biblioteca da Academia das Ciencias), Ms. O. 104, fol. 118r (cat-1224)

estar nun alto como é habitual, sitúase a rentes do chan (París, BNF, Latin 920, Fol. 158r) (cat-1066). A porta arcada do pazo que dá acceso ao xardín e a abertura na cerca que preserva este fanse coincidir, anticipándose así o itinerario que presumiblemente emprenderá o rei para irromper no espazo onde se baña a moza [**Fig. 25**]. Similar porta arcada sinalando a vía que conduce directamente a Betsabé amósase tamén, e posiblemente cun mesmo sentido -pero de modo máis sutil- nunha miniatura atribuída a Simon Marmion. (Nova York, PML, MS M.6, fol. 85r (cat-755)[**Fig. 26**]. Nesta imaxe, a entrada do recinto do pazo conduce directamente á piscina onde se baña a futura raíña e as sombras que proxectan no chan os elementos arquitectónicos que forman a porta semellan marcar tamén, dun xeito certamente inquietante, o futuro percorrido de David.

Á vista destas imaxes, cabe preguntarse se as cercas e cercados do xardín de Betsabé en escenas do Baño máis convencionais constitúen tamén algo máis que un epíteto, e se nelas houbo intención de aludir a unha intimidade que está a ser, ou vai ser, vulnerada. E a metáfora que a cerca representaría, cunha certa obviedade e crueza na miniatura de Colombe no *Libro de horas de Anne de France*, quizais se poida estender á multitude de imaxes do Baño que presentan este elemento, ou semellantes estruturas (como un emparrado florido), para delimitar un "*jardin clos*" quebrantado, non só pola figura de David entrando nel, senón tamén pola lasciva mirada que dirixe a Betsabé desde o balcón ou a ventá do seu pazo.

A consideración de certo peso semántico nestes elementos secundarios nas escenas do Baño pode facerse extensiva a unha figura humana, unha asistente de Betsabé, asidua tamén nas imaxes, que adoita aparecer sentada no chan e que, a diferenza daquelas outras damas que portan espellos ou cestos de froitos, parece non ter espertado ningún interese. Xustifica esta falta de interese a súa modesta presenza na maioría das iluminacións, o cal confire maior valor aos contados exemplos que se desvían desta tendencia. Dous rexistrados no corpus son os que me levaron a dirixir a atención cara a esta figura chamada normalmente a desaparecer detrás do protagonismo da súa ama. Un deles aparece nun libro de horas francés da primeira década do século XVI, nunha composición sen parangón no corpus no que se concede á muller, sentada de costas e ocultando parcialmente o seu rostro, un protagonismo nada desprezable (Nova York, Nova York, PML, MS M.618, fol. 55v) (cat-884). A súa figura sitúase na parte máis árida do mesmo terreo que acolle o pazo de David e o estanque onde se baña Betsabé, nun emprazamento que é, ademais, o máis próximo á persoa que observa, que deste xeito penetra na ilustración dos Salmos Penitenciais da man, e a través da ollada, do personaxe máis humilde da escena. As asistentes de Betsabé de aparencia máis frívola noutras ilustracións atenden á futura raíña normalmente de pé ou semiaxeonlladas, o seu aire

é de damas acompañantes e os seus xestos de complicidade (ofrecéndolle froitas, o espello, roupa...). A súa actitude pouco ten que ver co recato dalgunhas destas outras mulleres sentadas e normalmente solitarias, cuxa función semella ser a de establecer un contraste visual de cariz moral cos protagonistas da escena. Este contraste susténtase fundamentalmente, ao meu ver, na asociación da súa postura e a virtude de humildade. Sentada no chan está, en efecto, a propia personificación da virtude na xa mencionada imaxe da árbore de vicios e virtudes no manuscrito de *Li livres dou tresor* de Brunetto Latini (Londres, BL, Add. 30024, fol. 2) [**Fig. 3**], situada xusto en fronte do xinete cunha ave na man que personifica a soberbia. E modestamente sentado no chan aparece tamén en ocasións David en actitude devota nos Salmos Penitenciais (Nova York, PML, MS G.14, fol. 79r) (cat-745) (v.a. [**Fig. 192]**). A asociación da postura e a virtude nas artes figurativas, vinculada por teólogos e predicadores con Madalena[110] [**Fig. 27**], pode inferirse igualmente en imaxes da vida devota contemporánea, como as que mostran persoas que agardan sentadas facendo o exame de conciencia que precede á confesión,[111], ou xa confesándose [**Fig. 193**][112]. O referente máis sagrado da relación da postura e a virtude é, con todo, a Virxe da Humildade, iconografía, como é sabido, de orixe italiana, que mostra a Nai de Deus sentada no chan ou sobre un coxín[113]. Nun libro de horas realizado en Rouen en 1525 é a representación doutra Virxe non menos humilde -a que pronunciou "*Ecce Ancilla Dei"* no momento da Anunciación- a que inspirou probablemente a figura dunha das asistentes de Betsabé –a que aparece sentada, e non por casualidade vestida de azul, no comezo dos Salmos Penitenciais (Nova York, PML, MS M.61, fol. 70r) (cat-770) [**Fig. 38**]. A figura segue o modelo da da Virxe que podemos ver nalgunhas ilustracións desta escena, como a que se amosa nun libro de horas realizado en Tournai varias décadas antes (Nova York, PML, MS M.357. fol. 27r) [**Fig. 39**].

O exame de todas as asistentes de Betsabé sentadas que ofrece o corpus levoume á conclusión de que os miniaturistas que a incluíron na escena, incluso se temos en conta que se trata moitas veces dunha figura estandarizada, eran conscientes do papel, por modesto que

110 Derbes e Sandona 2008, 131

111 Ver, por exemplo, as mulleres sentadas que agardan o seu momento para ser oídas en confesión na escena incluída na miniatura dun manuscrito da *Cidade de Deus* de Agostiño, iluminado en Paris c. 1480 (Maçon, BM, 1, Fol. 305) (situadas nunha capela lateral da igrexa representada na parte superior)

112 Menéndez Pidal (1986, 140, n. 360) referencia miniaturas das Cantigas con escenas de penitentes sentados no chan en confesión.

113 Véxase o clásico estudo de Millard Meiss (1936).

fose, que esta xogaba na imaxe como contrafigura dos protagonistas da escena de pecado. Diríase que en certas ilustracións os artífices incluso se esforzaron por agudizar o contraste entre a criada e Betsabé, algo que habitualmente xa se deixa ver na aparencia e postura de ambas (sentada no chan e vestida unha, normalmente espida, sentada na fonte ou de pé a outra) e que se procurou remarcar en determinadas ilustracións mediante procedementos suplementarios. En Autun, BM, S 119 (099 A), fol. 80r (cat-150) ama e criada terman de flores de diferentes cores, a de Betsabé é vermella, a da servente, branca. Flores de ambas cores amósanse, simultaneamente, na cerca reticulada que delimita o xardín onde a ambas se sitúan [**Fig. 43**]. E a disparidade se acentúa nesta miniatura porque a beira curvada e abrupta do terreo que acolle a criada, formando case un pedestal, contrasta coas afiadas esquinas do cuadrilátero que forma a pía onde se exhibe Betsabé (artificialmente emprazado no medio do río ou estanque). Outra imaxe na mesma liña, subliñando o feito de que ambas figuras se atopan en beiras contrapostas, móstrase en Chaumont, BM, ms. 0034, fol. 50r (cat-378). En Oxford, Bodleian Library MS. Rawl. liturg. e. 21, fol. 58r (cat-992), a criada amosa a man dereita pechada [**Fig. 52**] mentres Betsabé amosa a súa estendida, facendo ademán de cubrir e, a un tempo, descubrir o peito, mentres as liñas dos seus dedos apuntan cara a David. E en A Haia, KB, 76 G 8, fol. 93r (cat-29) o espazo onde se sitúan a fonte e o estanque onde se baña Betsabé acolle en segundo termo unha gran rocha cunha zona escura na súa base que parece esbozar a boca dunha cova. Diante de tan insólito elemento situado a carón dun pazo senta a criada, cal se dunha ermitá diante da súa gruta se tratase. En calquera caso, a figura emprázase nun espazo de cariz agreste, que contrasta co aire mundano da elegante fonte que acompaña a Betsabé no primeiro plano. Percíbese así mesmo outra antítese formal en imaxes nas que a criada, como nesta mesma que acabamos de ver, sostén a roupa de Betsabé no regazo, e os pregamentos das teas adoptan unha forma similar á que debuxa a saia interior de Betsabé, retirada para amosar as pernas. En Riom, BM, ms. 78, fol. 78r (cat-1153) a criada sentada no chan, toucada e coa melena coidadosamente recollida, contrasta coa figura da ama, posta en pé, pintada con abundante cabeleira solta que lle chega ata a cadeira (e se somerxe nas turbias augas). O contraste se acentúa porque a primeira emprega os brazos para termar firmemente da roupa mentres a segunda utiliza un ademán similar para exhibir o seu corpo, ao tempo que abrangue os límites do escabroso estanque. A posición dos brazos de ambas e a coincidencia na forma oblonga da roupa e do estanque reforzan a impresión de estarmos ante unha imaxe de cariz negativo e o seu revelado en positivo.

Da percepción desta personaxe da asistente de Betsabé como encarnación da virtude de humildade temos unha posible clave no corpus, nunha imaxe que, en calquera caso, é

testemuño do traspaso de fórmulas figurativas entre unha e a outra. Se na *Biblia de Pamplona* de 1197 a criada amosábase lavando un dos pés de Betsabé (Amiens, Bibliothèque Communale, Ms. Latin 108, fol. 94r), a principios do século XV, un seguidor do Mestre de Bedford utiliza idéntica composición nun medallón da páxina iluminada que abre o texto dos sete salmos, pero non para pintar a Betsabé e a súa asistente, senón para representar a alegoría da Humildade (Nova York, PML, MS M.453, fol. 98v) (cat-875). Máis tarde, Lucas Cranach repetirá o esquema practicamente igual, de novo na escena do Baño de Betsabé, nun cadro datado en 1526 que alberga a Gemaldegalerie de Berlín [**Figs. 40, 41, 42**]. A composición chegará incluso á primeira edición da Biblia de Lutero (1534)[114].

Non se me oculta, con todo, que nalgún manuscrito a figura da asistente sentada se amosa cun aire mundano (París , B de l'Arsenal, Ms 0654 réserve, Claude de Guise, 49r) (cat-1027), pero estes son casos moi excepcionais no corpus, no cal predominan aquelas outras figuras solitarias -ou illadas visualmente das outras damas (Besançon, BM, ms. 0158, fol. 52r) (cat-263), pintadas con trazos de humildade ou coa vontade de establecer dun xeito ou outro un contraste figurativo coa representación da súa ama [**Figs. 45, 54**].

A relevancia da asistente de Betsabé que vimos na miniatura na que, excepcionalmente, a figura se ofrecía de costas, só ten equivalente noutra ilustración do corpus (París, BNF, Latin 1171, fol.49v) (cat-1077) [**Fig. 44**]. A contundente presenza da acompañante nesta imaxe -tal vez por ser a figura que ocupa máis espazo en termos absolutos na miniatura- case arrebata o protagonismo á bañista, por máis espida que esta se mostre. A prenda pregada a carón desta dama –o vestido de Betsabé- compón xunto coa súa propia saia unha forma elíptica que constitúe un auténtico parapeto de roupa, sorte de protección para quen observa a imaxe fronte a esa outra elipse debuxada polo estanque. Novamente, o recato na indumentaria da dama, co vestido de escote alto e a cabeza toucada que apenas deixa ver o seu cabelo, contrasta coa nudez de Betsabé e as relucentes guedellas da súa cabeleira, caendo ata alcanzar a superficie da auga. E o contraste continúa na oposición que se establece entre a semiesfera de cor clara que compón a cofia da asistente e a forma idéntica de ton dourado que enmarca o rostro de Betsabé. Nesta imaxe chaman a atención particularmente os xestos das mans das dúas mulleres. As destras de ambas trazan unha liña que parece indicar, a primeira vista, un diálogo. Pero a ollada de Betsabé traizoa esa liña de comunicación. Do mesmo xeito, a man esquerda das dúas expresa recato, pechándose sobre o xeonllo unha,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

114 King'oo 2012, 53

ocultando o pube a outra. Pero este recato debilítase no caso de Betsabé por causa do ambiguo xesto da man dereita, que sumado á mirada lixeiramente desviada cara a David, desvélase como un ademán de ofrecemento do seu corpo, tanto ou máis que de interacción coa decorosa asistente sentada no chan. A clave para entender o carácter do xesto da man dereita de Betsabé nesta miniatura topámola noutras imaxes nas que o o ademán se exhibe de forma descarnada [**Fig. 57**], dentro do que parece ser unha tendencia dos artífices a dotar de matices expresivos de carácter moral tanto as mans de Betsabé [**Figs. 56, 57, 58, 59**] como as da súa criada [**Figs. 50, 52 53, 54**]. Dos xestos da man repregada ou das mans cruzadas desta última podemos ver equivalentes noutras imaxes alusivas á penitencia e á humildade [**Figs. 47, 48, 49**].

Un esquema compositivo perceptible na miniatura que estamos a examinar -o que debuxa a liña que une un dos brazos da asistente, unha das extremidades de Betsabé e o propio brazo estendido de David [**Fig. 44**]- repítese na xa mencionada ilustración en que as dúas figuras femininas se amosan intercambiando flores de cor diferente [**Fig. 43**]. A composición apunta a unha pugna latente entre David e a propia criada, na que cada un semella querer atraer a Betsabé cara si. Esta velada rivalidade percíbese noutra imaxe rexistrada no corpus na que a servente parece adoptar unha actitude desafiante fronte ao cabaleiro bíblico (París, BNF, Latin 1202, fol. 86r) (cat-1084). A actitude da criada nestes exemplos contrasta cos ademáns de aparente complicidade co rei bíblico que se detecta noutras imaxes nas que aparecen damas acompañantes de carácter máis mundano (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1170, fol. 54r) (cat-1214).

A relevancia da asistente de Betsabé nas dúas ilustracións mencionadas máis arriba xustifica a lectura máis atenta das numerosas criaturas sentadas, máis anódinas, presentes en tantas ocasións no escenario do Baño. Trátase de mulleres que ofrecen unha poderosa antítese visual con Betsabé pero tamén unha énfase na humildade, virtude moi relacionada co carácter penitencial do texto que estas miniaturas ilustran. E que cando aparecen en primeiro plano e resaltadas, como nos dous casos mencionados, favorecen a identificación con elas da persoa que as observa, poñendo unha barreira protectora entre esta e os protagonistas da escena de pecado.

3.5.4.- David en actitude devota

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como xa se sinalou en varias ocasións, as imaxes de arrepentimento e expiación de David compoñen a ilustración por excelencia dos Salmos Penitenciais en libros de horas

manuscritos desde comezos do século XV. Nas páxinas que seguen abórdase a descrición das recollidas no corpus no seu conxunto, independentemente do episodio bíblico a que estean referidas, no caso -pouco probable, ao meu xuízo- de que este puidese determinarse. Neste epígrafe centrarei a atención no aspecto formal da imaxe así como na difusión das súas variantes, quedando reservados os capítulos cuarto e quinto para un exame máis detido do alcance destas imaxes, así como para cuestións relacionadas cos desafíos que presenta algunha variante concreta ou a interpretación de determinadas ilustracións.

Considerei como característica común a todas as reunidas neste grupo –posto que xestos, personaxes e atributos varían dunhas a outras- a actitude devota do rei. Esta tradúcese na presentación de David como un personaxe que reza, atende a un profeta, interactúa cun anxo ou ben tangue fervorosamente o seu instrumento musical. En certos casos, o que temos é unha mestura de varias destas posibilidades (David ora e atende a un profeta, con ou sen anxo, dirixíndose ou non a unha figura divina; tangue un instrumento mentres atende a un profeta ou dirixe a vista cara Deus no ceo, etc.). Pero, fundamentalmente, o que me levou a incorporar todas estas imaxes nunha única categoría é o feito de que o Rei preséntase nelas nunha posición moral que resulta ser a antítese da que ofrece a súa imaxe como pecador cando ilustra o mesmo texto, o dos Salmos Penitenciais. Cómpre recordar, en calquera caso, que as imaxes de David incluídas neste grupo poden corresponder a episodios diferentes da narración bíblica dos seus pecados e que, na maioría delas, resulta difícil determinar cal deles é. Incluso se se tomase como imaxe que ilustra a conclusión do Episodio Betsabé/Urías, non sería doado decidir a que parte deste relato corresponde. Iluminacións que adoitan ser descritas como "penitencia de David" poden ilustrar en realidade dous momentos claramente diferenciados no relato do texto bíblico: o acto de recoñecemento do seu pecado ante Natán, por un lado, e, polo outro, o conxunto de prácticas expiatorias que o rei fará posteriormente –case un ano despois- cando o seu fillo enferma (botarse sobre a terra, practicar o xexún) co obxecto de espertar a compaixón de Deus e conxurar a morte do neno. O primeiro momento evidénciase en imaxes, que remontan á tradición bizantina, nas que se ve o rei prostrado ante o profeta e nas que Deus non aparece por ningures. Son ilustracións moi raras nos Salmos Penitenciais, se atendemos a súa representatividade no corpus (exemplo, Nova York, PML, MS M.815, fol. 96r) (cat-894). Que a maioría das imaxes de David orando nas que este se mostra solitario, habitualmente cualificadas como "David Penitente" ou "David arrepentido", correspondan ou non ao momento da enfermidade do seu fillo é algo sobre o que as persoas que abordaron estas imaxes non se pronuncian nin mencionan. Cómpre ter en conta, por outra parte, que o texto bíblico tamén ofrece fundamento para unha imaxe do Rei

dirixíndose directamente a Deus en relación coa súa outra transgresión, a narrada no Episodio do censo. Trátase do fragmento no que o Rei pide clemencia ao Señor para o seu pobo inocente e solicítalle que, a cambio, "descargue sobre el a súa man". Recóllese no versículo 17 de II Samuel 24 e no 17 de Crónicas 21. Tampouco sobre este suceso adoita chamarse a atención cando se comentan estas imaxes.

As escenas de David realizando diferentes xestos de oración ou clamando a Deus resultan, polo tanto, o suficientemente ambiguas cando aparecen sen máis aditamentos (na inmensa maioría dos casos) como para que resulte posible determinar que relato ou fragmento do relato ilustran en realidade. David solitario en actitude devota pode considerarse unha imaxe xenérica do rei contrito polos seus pecados, sen máis especificacións, aínda que o certo é que na bibliografía se deixa sentir unha acentuada inclinación a relacionar a penitencia de David cun acto expiatorio derivado do episodio de adulterio e homicidio -pero sen entrar a considerar a que expiación se refire- ignorándose incluso, na maioría dos casos, o outro pecado cometido por David. A ambigüidade que neste sentido presenta a figura de David rezando levoume a considerar que imaxes máis específicas do rei en actitude devota, como aquelas nas que aparece acompañado dun profeta, que adoita ser identificado como Natán nas descricións, deben ser lidas tamén en termos de menor concreción, tal e como argumentarei no capítulo 4.

No marco desta indeterminación agrupei, pois, neste apartado, todas aquelas imaxes que adoitan ser descritas como ilustracións de "David arrepentido" ou "David penitente". Pero incluín nel tamén aquelas nas que aparece cun profeta -escena que adoita ser descrita na literatura académica como "Reproches de Natán"-, e aquelas nas que toca un instrumento -a denominada habitualmente "David músico"-. Como xa adiantei no capítulo 1, na redacción do presente texto estou a utilizar preferentemente o termo "David arrepentido" para referirme a esta figura, por ser o máis xenérico aplicable á presentación de David en todas as escenas máis arriba mencionadas (é válido para as de David facendo penitencia en sentido xenérico pero tamén para as do rei contrito ante o profeta, por exemplo), sempre tendo en conta que o contexto no que a imaxe se insire é a sección dos Salmos Penitenciais. Utilizo tamén a expresión "David músico" cando o rei se presenta tocando un instrumento. Reservo para o epílogo da tese unha reflexión algo máis detida e pormenorizada sobre todos estes termos e, en xeral, sobre a descrición e indexación das imaxes deste grupo.

O percorrido a través das imaxes de David en actitude devota do corpus topa co atranco que supón, para a etapa máis temperá da historia dos libros de horas (a décimo terceira centuria) o reducido número de manuscritos compilados no corpus, o que fai inviable a

realización dunha análise cuantitativa para este período. Cabe sinalar que nas imaxes máis antigas de David rexistradas recóllense xa variantes que semellan ter sido propias –se non exclusivas- da ilustración dos Salmos Penitenciais. Das 4 que compilei datadas neste século, unha delas amosa a imaxe máis convencional de David, tocando un instrumento (Baltimore, Walters Art Museum, W.86, fol. 107r) (cat-163). Nas outras tres, coa imaxe de David rezando axeonllado -ante un altar nun dos casos- a postura teríase empregado co carácter especificamente penitencial que esta tivo antes de ser unha posición habitual da pregaria individual. Como comentei anteriormente, a composición co altar foi tamén empregada en salterios contemporáneos para ilustrar un dos salmos penitenciais, o 101[115]. Estas outras tres iluminacións do século XIII compiladas presentan ademais alusións aínda máis explícitas á actividade penitencial. Nunha delas vese a David vestido con cilicio (Nova York, PML, MS M.92, fol. 51r) (cat-786). Nas outras dúas, o Rei está metido nun burato -nun manuscrito inglés (as *Horas De Brailes*, Londres, BL, Additional 49999, fol. 67v)(cat-550) e noutro procedente dos Países Baixos do Sur (*Libro de horas de Yolande de Soissons*, (Nova York, PML, MS M.729, fol. 346r) (cat-890). Neste último, ademais, o rei está espido. De ambos detalles, que debuxan unha penitencia extrema de David, será o burato o que terá unha proxección máis destacada nos séculos seguintes. Abordarei estas imaxes e, en xeral, esta variante da figura de David arrepentido máis polo miúdo no capítulo 5 (epígrafe 5.1.2).

No século XIV, como xa quedou patente no primeiro epígrafe do presente capítulo, a imaxe de David ten menor relevancia nos Salmos Penitenciais que a que teñen os tipos iconográficos de Cristo ou o Xuízo Final. Dos 14 exemplos que rexistrei a maioría mostran a iconografía tradicional de David orando simplemente -sen máis elementos na ilustración-, tocando un instrumento ou rezando ante un altar. Tres deles, en cambio, ofrecen tamén a imaxe de David nun burato.

O panorama muda radicalmente desde os mesmos albores do século XV. Da relevancia da imaxe de David arrepentido como ilustración dos Salmos Penitenciais no período de produción masiva de libros de horas temos o testemuño, que xa tiven ocasión de mencionar- do Tríptico de Santa Ana de Quinten Massys (1509), no cal se amosa un dos fillos de María de Cleofás cun libro aberto na páxina que contén esta ilustración[116]. Se tal e

---

[115] Ver máis arriba neste capítulo a nota 14

116 Na colección de Musées royaux des Beaux-Arts de Belgique: https://fine-arts-museum.be/fr/la-collection/artist/massys-quinten. Detalle do fillo de María de Cleofás en : https:/. /upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/0/03/Quinten_Metsys-Triptique_de_la_confrerie_Saint-Anne_a_Louvain_mg_2989.jpg

como afirma Veronique Rouchon, o libro que o neno ten no regazo é un libro de horas[117], o cadro de Metsys sería un testemuño irrefutable, por un lado, da importancia do texto e a imaxe dos Salmos Penitenciais nos libros de horas (pois a súa ilustración se empregou para identificar este tipo de libro de oracións no cadro); polo outro, quedaría patente a importancia que na época de realización da pintura tiña a ilustración de David en actitude devota como elemento para identificar os Salmos Penitenciais nestes códices.

A familiaridade coa composición que revela a miniatura do códice no cadro de Quinten Massys é coherente coa abundancia de imaxes equivalentes recollidas no corpus realizadas nos séculos XV e XVI. Esta ampla serie permitiu extraer algúns trazos iconográficos característicos das diferentes variantes e detectar certas tendencias que se rexistran a nivel xeográfico na caracterización da figura de David. Antes de abordar esta cuestión debo advertir que os datos que se presentan a continuación, se ben se basean en todas as imaxes do corpus, e recollen polo tanto todo o período de existencia dos libros de horas, debido á escaseza de manuscritos da décimo terceira centuria compilados e á escasa relevancia da composición de David arrepentido no século XIV, describen na práctica o panorama nos séculos XV e XVI, o período no que predominou o uso desta imaxe.

3.5.4.1. Aparencia e atributos de David arrepentido

Compre sinalar antes de nada que non existe ningún xesto, atributo, postura, ou indumentaria que poida ser descrito como mínimo común denominador das imaxes de David en actitude devota que topamos nos Salmos Penitenciais. Si existe, con todo, un elemento presente na inmensa maioría delas, practicamente no 80% : o seu instrumento musical. A súa relación con este obxecto define ademais os dous grandes grupos de imaxes de David como figura edificante nos Salmos Penitenciais: aquelas nas que o rei tangue, afina ou, cando menos, sostén o instrumento, e aquelas nas que este queda relegado, só ou con outros obxectos, nalgún lugar preto da sua figura. É por esta razón pola que, logo de describir os trazos característicos das imaxes de David en actitude devota en xeral, dedico ao final deste epígrafe breves apartados á difusión das dúas facetas figurativas de David arrepentido. Estas defínense en función de se a énfase está posta no seu papel de músico (ou, máis ben, de compositor dos salmos -e dos sete salmos en particular, como resultado da súa contrición,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

117 Rouchon 2014, 169-170

tal e como veremos no capítulo 4-) ou pola súa actitude humilde cando renuncia ás súas posesións, o instrumento musical entre elas.

3.5.4.1.1. Posturas e Xestos

A serie de imaxes de David como figura devota nos Salmos Penitenciais ofrece un rico acervo de xestos e posturas de devoción que reflicten parcialmente e combinan os definidos en obras como o opúsculo *De oratione et partibus eius* de Petrus Cantor ou no tratado anónimo relativo aos modos de oración de Santo Domingo (*De modo orandi corporaliter sancti Dominici*, ca. 1280-1288)[118]. O Rei bíblico exhibe o xesto de pregaria coas mans xuntas ou separadas, ou ben cos brazos moi estendidos a ambos lados do corpo ou estirados cara arriba, e estes xestos combínanse coa posición de xenuflexión (a que predomina no corpus), a de prostración ou mesmo a postura erguida.

Cando David se amosa interactuando con Deus ou cun anxo, faino maioritariamente axeonllado ou semiaxeonllado. Cando se mostra, como veremos máis adiante, nun burato, ás veces resulta difícil determinar se está semiaxeonllado ou se ten unha perna fóra do foxo. Unicamente se lle ve de pé en 13 ilustracións do corpus, e en 4 delas aparece tocando ou agarrando o seu instrumento musical. Como músico se representa tamén sentado (29 casos) pero na maioría das ilustracións é simplemente a figura dun busto nunha inicial (30 casos).

Na escena de David acompañado dun profeta (44 exemplos en total no corpus) o rei pode estar sentado -nun trono, banco ou nun socalco do terreo-, de pé, ou prostrado no chan a carón do seu trono aínda que, na maioría das ocasións, se presenta axeonllado ou semiaxeonllado. Polo tanto, o que temos case sempre nas imaxes de David acompañado dun profeta é unha fusión desta escena coa figura arquetípica de David orando, porque ademais de atender o profeta, o rei adoita interactuar nelas con Deus ou cun anxo. O elevado porcentaxe de imaxes compiladas nas que David se amosa axeonllado ou semiaxeonllado a carón do profeta está determinado polo feito de que a maioría das que no corpus rexistran a presenza deste personaxe inclúense en manuscritos procedentes de Rouen -un dos maiores centros de produción de libros de horas no último tramo do século XV- e neles, como xa comentei, xeneralizouse como ilustración dos Salmos Penitenciais unha ilustración estandarizada do rei axeonllado a carón do seu trono, combinado ou non con outras figuras, entre elas o profeta [**Fig. 62**].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

118 Sobre ambas obras véxase Schmitt 1990, 303-314

Non se perciben tendencias claras por áreas xeográficas ou por períodos cronolóxicos na escolla das posturas de David en actitude devota, agás no caso da figura prostrada e encrequenada no chan, cuxa aparición se limita aos manuscritos serodios. Malia a ser esta postura unha das de mais antiga tradición na iconografía da penitencia do rei bíblico[119], nos libros de horas do corpus aparece unicamente en manuscritos do derradeiro cuarto do século XV e en diante.

A xestualidade das mans e brazos de David en actitude devota, como acabo de comentar, é moi rica. O rei pode amosar o xesto convencional de rezo coas mans xuntas e cóbados apegados ao corpo (aínda que nalgunha imaxe ten as mans xuntas e os brazos moi estendidos cara diante) ou un amplo abano de ademáns cos brazos máis ou menos levantados e máis ou menos separados. Non resulta doado determinar o sentido destes últimos acenos, que tanto poden ser vistos en calidade de xestos de oración como ser interpretados, en casos concretos, como ademáns de diálogo ou de súplica. Así, por exemplo, en escenas como a que se amosa nun manuscrito francés de comezos do século XVI na que David debe escoller entre tres castigos presentados por Gad, cabe preguntarse se o xesto das mans do Rei é de diálogo con Cristo -situado no ceo- a propósito desta elección, ou se se trata dun simple ademán de devoción (Bloomington, Indiana Univ., Lilly Lib., Ricketts 136, fol. 39r) (cat-268) [**Fig. 64**]. Nesta miniatura, os raios dourados procedentes directamente da boca da Divindade parecen inclinar a balanza do lado da interpretación da posición das mans en termos de diálogo. Abunda neste sentido outra miniatura do corpus na que tamén se pintaron raios emanando da boca de Deus. Nela apréciase unha disposición das mans de David que pouco teñen que ver cun xesto de pregaria, incluso se diría que o monarca bíblico aparece retratado nela en actitude de distendida conversa (Baltimore, Walters Art Museum, W.279, fol. 112v) (cat-207) [**Fig. 65**].

Os acenos das extremidades superiores do rei bíblico resultan moi expresivos nalgúns casos, cos brazos moi abertos, ou enfaticamente levantados, dando a impresión de que David, en lugar de rezar convencionalmente, "clama" a Deus, materializando este verbo tan común no texto de moitos salmos e dos Salmos Penitenciais en particular. Parece confirmar esta lectura a expresión que nas *Horas de William de Brailes* se empregou no texto que describe

119 Aparece, por exemplo, nun manuscrito que contén homilías de Gregorio Niazanceno, do século IX(Paris, BNF, Grec 510, fol. 143v) ; no *Salterio grego de París*, século X, Constantinopla. París, BNF, Ms Grec 139, Fol. 136v ou no chamado *Salterio de Bristol*, século XI, Constantinopla. Londres, BL, Add. 40731, Fol. 82v

unha destas imaxes de David rezando cos brazos levantados. A lenda que acompaña a ilustración da inicial do salmo 129 especifica: "*reclamer deu*", facéndose eco do texto adxacente: *"de profundis clamavi ad te Domine..."* (Londres, BL, Additional 49999, Fol. 78r) (cat-550). Outro xesto que se rexistra no corpus é o das mans cruzadas sobre o peito, non moi común (13 casos), pero que aparece asociado a todas as variantes de David en actitude devota: só, acompañado dun profeta, orando nun espazo aberto ou nun interior ou metido nun burato (Bourges, Musée du Berry, inv. 1924.4.1, fol. 103r) (cat-272). Aparece ademais en manuscritos datados todo ao longo do século XV –incluso rexistrei un caso a finais do século XIV- e procedentes de todas as áreas xeográficas. Máis raro resulta ver a David cunha man no peito: compilei unicamente 6 casos (Londres, BL, Yates Thompson 007, fol. 150v). (cat-606). Nunha vintena de miniaturas David ten a man ocupada agarrando a arpa apoiada no chan, e mantén a outra man levantada nun xesto de aparente interlocución coa figura divina (París, BNF, Latin 1158, fol. 102r (cat-1071). Noutras 7 miniaturas do corpus pode verse, ademais, un aceno moi específico cuxo alcance se me escapa, pois o rei presenta unha das mans estendidas e a outra encollida. (Londres, BL, Harley 2918, Fol. 87r) (cat-576). Cabe preguntarse se se trata dun intento de representar dúas mans enfrontadas en xesto de oración (tal e como se mostra en Cidade do Vaticano, BAV, Vat.lat.10293, fol. 145v) (cat-416) ou se houbo intención de representar algunha outra actitude. Tendo en conta que un xesto idéntico do rei bíblico nunha miniatura serodia na que David se amosa interactuando con Urías o aceno expresa un diálogo (Nova York, PML, MS M.71, fol. 58v) (cat-775), nada impide pensar que a posición dos dedos nestas imaxes do rei devoto teña a mesma intención. Por outra parte, respecto dos acenos das mans de David no corpus, cabe sinalar que nas escasas imaxes nas que o Rei amosa unha actitude de diálogo incuestionable, sexa esta cun profeta (3) ou cun anxo (1), exhibe xestos que inclúen o cómputo dixital, a man levantada e a man estendida. (Manchester, Univ. of Manchester Library, John Rylands Library, Latin Ms 39, fol. 46r) (cat-674) [**Figs. 89b, 90**].

O rostro de David como devoto na maioría das ilustracións se mostra levantado en dirección a Deus. Por esta razón son dignas de mención, pola intención que implican ao apartarse do ademán estándar, aquelas poucas que non seguen esta tendencia. Así acontece, por exemplo, no chamado *Libro de horas Vitali* (Bologna, Biblioteca Universitaria, MS. 1829, fol. 58r) (cat-271] [**Fig. 31**], no que David -metido nun burato- aparta a cabeza da presenza divina manifestada en forma de raios dourados no ceo e mira cara a terra, nunha actitude que busca poñer de relevo o xesto de contrición. Por outra parte, unha variante peculiar das imaxes nas que David dirixe a vista a Deus son aquelas nas que o rei volve e

seu rostro en dirección á Divindade logo de realizar un estraño xiro. Analizo as posibles implicacións desta sorprendente figura no capítulo cuarto (epígrafe 4.2.2).

3.5.4.1.2. A idade de David

As imaxes de David en actitude devota nos Salmos Penitenciais presentan a este como un home maduro ou máis ou menos ancián. A indexación deste aspecto da aparencia do Rei nas imaxes do corpus non sempre foi doada. Rostros semellantes dan a impresión de idades diferentes cando o rei ten o pelo e barba canos ou está calvo. O criterio seguido para cualificalas foi optar polo descritor "David maduro" cando o rei presentaba o cabelo escuro, "David ancián" cando se vía acentuadamente envellecido e "David maduro co pelo cano" para aqueles casos en que o o monarca non exhibía o rostro dun home vello pero si tiña o pelo e a barca canos. De todos os xeitos, escoller entre os dous últimos supostos foi bastante complicado en moitos casos. Os datos que arroxa o corpus, en calquera caso, revelan un equilibro entre as figuras que o amosan cun aspecto máis xuvenil e aquelas que tenden a mostralo como un home que xa non é novo ou se ve de idade claramente avanzada, ben porque o seu aspecto é á todas luces o dun ancián, ben porque está calvo ou ten o pelo e a barba de cor gris ou branca.

Dá a impresión de que a idade avanzada que caracteriza algo máis da metade das imaxes de David arrepentido no corpus chegou a ser unha sorte de atributo máis deste tipo iconográfico do monarca xudeu. Así parece deducirse, polo menos, dalgunha ilustración na que se conxugan escenas de David arrepentido con outras relativas ao relato do seu pecado -en particular coas escenas do Episodio Betsabé/Urías- e nas que se detectan incongruencias, se atendemos ao relato bíblico, á hora de reflectir a idade do monarca: David preséntase máis novo na escena do Baño ou a da Entrega da carta a Urías e de máis idade na da penitencia [**Fig. 66**]. Hai que recordar que entre un momento e outro da súa biografía (pecado e expiación) apenas transcorreron -no caso de suceso de Betsabé- uns meses, ata que naceu o seu primeiro fillo. Así, fronte á coherencia de miniaturas que amosan a David coa mesma aparencia en ambos casos, por exemplo en Madrid, Real Biblioteca, II/2101,fol. 72v (p. 150) (cat-670), nalgunhas imaxes do corpus detéctase unha acusada diferenza:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro 7. Ilustracións que ofrecen incongruencias na idade de David pecador e arrepentido
Clermont-Ferrand, Bibliothèque du Patrimoine, ms. 1526, fol. 66v (cat-422) Florencia, Bib Medicea Laurenziana, Ms. Ashburnham 1874, Libro de horas de Lorenzo de Medici (cat-487) Nova York, PML, MS M.356, Claude Molé, 30v e páxina contigua: Nova York, PML, MS M.356, Claude Molé, 31r (cat-859) Nova York, PML, MS M.365, fol. 78r (cat-865) Nova York, PML, MS M.1160, fol. 81r (cat-926) París, Petit Palais, musée des Beaux-arts de la Ville de Paris, Dutuit 35, fol. 93r (cat-1148)

A exhibición da vellez de David penitente en xeral podería ser tamén o resultado simplemente dunha tradición figurativa que, polo que se refire á ilustración dos sete salmos en particular, prolongaría a tendencia forxada nas representacións illadas do Rei durante os decenios iniciais do século XV, cando as escenas de pecado do Episodio Betsabé/Urías apenas tiñan aínda cabida na iluminación deste texto. Naquelas ilustracións máis temperás cristalizou a imaxe de David solitario e rezando con aspecto de home de idade avanzada.

Unha diferenza significativa de idade entre as figuras de David como rei pecador e como arrepentido se fai evidente tamén na representación do episodio relatado por Samuel nun tapiz flamengo custodiado no Palacio de la Granja de San Ildefonso [**Fig. 67**]. Nel vese a David entronizado -acompañado de Betsabé e reprendido por Natán- como un home en plena madurez, con abundante cabeleira e poboada barba de cor castaña escura, mentres que a súa figura como penitente nun medio silvestre, amósao visiblemente ancián, parcialmente calvo e co cabelo branco[120]. Diríase que nestas imaxes que nos ofrecen tanto o tapiz como algunhas miniaturas do corpus, buscouse diferenciar ao pecador do devoto arrepentido, acudíndose á idade como elemento distintivo. A calidade da peza segoviana, con todo, dá que pensar respecto á intención desta aparente inconsistencia narrativa. No capítulo 5 deste traballo, acudindo ao tratamento da figura de David que fixo Petrarca na súa obra *De vita solitaria*, aventuro unha hipótese adicional para explicar estas representacións de David rezando nun espazo agreste na época da súa vellez.

120 N° inv. Antiguo: A. 361-12186 e nuevo Inv. n° 10005828. Imaxe consultable en Wikimedia commons: File:PM 080993 E La Granja n.jpg

3.5.4.1.3 Indumentaria e motivos asociados

Clasifiquei as imaxes do corpus atendendo ao aspecto xeral de David mediante cinco termos : “David rei”, “David cabaleiro”, “David con indumentaria penitencial” “David espido” e “David con outro aspecto”. Aínda que o personaxe bíblico se presenta como monarca na práctica totalidade das ilustracións -pois mesmo cando viste cilicio adoita ter coroa-, reservei o cualificativo de “rei” para aquelas imaxes nas que a figura presenta roupaxes reais. “David con indumentaria penitencial” empregueino para os casos en que aparece con cilicio, algunha prenda atada no van con cinto de corda ou cunha prenda exigua que deixa ver boa parte do seu corpo espido. “David espido” para cando está nu de todo ou polo menos co torso semiespido. E co termo “outro aspecto” reunín as imaxes nas que David amosa unha vestimenta doutro tipo, normalmente en varias imaxes italianas nas que predomina a súa figura como salmista, carece de vestimenta real e a súa aparencia, completada por un nimbo, o aproxima á figura dun santo. A indexación a partir destes 5 termos arroxa os seguintes resultado sobre o número de manuscritos nos que aparece cada tipo:

Rei.....764
Outro aspecto..... 38
Cabaleiro..... 28
Espido..... 15
Con indumentaria penitencial..... 11

Á vista destas cifras, resulta evidente que a figura de David ataviado como monarca predomina de forma contundente sobre calquera das demais. Curiosamente, dado o contexto que estas imaxes ilustran, a súa efixie con indumentaria penitencial, espido ou semiespido, parece que foi bastante rara. Boa parte dos exemplos rexistreinos, como veremos, en manuscritos italianos, e se se considera que porcentualmente Italia aportou moitos menos manuscritos ao corpus que outras rexións, a relevancia en Italia desta variante na que os trazos penitenciais se acentúan resulta aínda máis significativa.

Cando David se presenta con armadura, na maioría das ocasións tamén está coroado. O descritor empregado neste caso foi “David cabaleiro”. Só cando porta ademais sobre a armadura algunha prenda indicativa da súa realeza foi especificado este aspecto na descrición, empregando tamén o descritor: “David rei”. Os nove casos desta figura con armadura e simultaneamente cun manto real rexistrados no corpus inclúense en manuscritos

USC DE COMPOSTELA

procedentes na súa maioría de Francia. A meirande parte de cabaleiros ataviados simplemente con armadura tamén son franceses e aparecen en manuscritos do último cuarto do século XV. Como suxeriu Nicole Reynaud e veremos no capítulo seguinte ao analizar a ilustración dos Salmos Penitenciais no *Libro de horas de Étienne Chevalier*, a imaxe de David arrepentido como cabaleiro debeu ser unha creación de Jean Fouquet. O corpus sustenta esta opinión de Reynaud, porque todas as imaxes de David caracterizado como cabaleiro que rexistrei son posteriores á data do célebre libro de horas e nunha porcentaxe importante o Rei adopta unha postura moi semellante á do cabaleiro pintado por Fouquet neste códice (un xeonllo en terra e o outro flexionado, coas pernas debuxando un ángulo aberto moi característico) [**Fig. 142**][121].

Se a figura de David con roupaxes reais é a que predomina indiscutiblemente nos Salmos Penitenciais, o que varía nas ilustracións é se David está coroado ou ben presenta a coroa relegada a un lado. A nivel cuantitativo, resulta chamativo que na miniatura francesa David tende a aparecer en maior medida que noutras áreas como un rei coroado, en lugar de presentarse como un monarca que humildemente deixa de lado a súa coroa para dirixirse a Deus. Abandonadas ou non, coroa e sombreiro coroa empréganse indistintamente nestas imaxes, presentando formas que varían en función da moda. Cabe mencionar tamén a aparición nalgunhas imaxes dun tipo de toucado de intención orientalizante, empregado en ilustracións de manuscritos procedentes na súa maioría de Francia e derivado quizais da iconografía de David como profeta[122].

Outro elemento da indumentaria do rei arrepentido que ten incidencia destacable en todas as áreas -agás Italia- é o armiño empregado na vestimenta (presente en case o 40% das imaxes do rei no corpus). Resulta moi relevante no caso de Francia, na área dos Países Baixos do Sur e na rexión intermedia entre ambas rexións. O emprego do motivo das flores de lis nalgún lugar da miniatura, en cambio, é moi raro nas ilustracións de David arrepentido nos Salmos Penitenciais (unicamente computei 7 casos).

Se en Francia se subliña a realeza de David nas imaxes do personaxe en actitude devota mantendo a súa figura coroada, en Italia sublíñase a súa santidade. David nimbado (con ou

121 Debo sinalar, así e todo, que rexistrei unha imaxe datada moi vagamente na segunda metade do século XV, o que non me permite afirmar con rotundidade que sexa posterior á do libro de horas de Étienne Chevalier: Barcelona, Biblioteca de Catalunya, Ms. 1848, fol. 81r (cat-223)

122 Agrupei baixo esta denominación diversos tipos de toucado: Amiens, BM, ms. 0198, fol. 91r (cat-124); Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ., Houghton Lib., Lat 159, fol. 93r (cat-323); Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ., Houghton Lib., Lat 161, fol. 75v (cat-324)

sen coroa) ten unha presenza moi relevante nas ilustracións italianas do corpus (30% das figuras italianas de David o están). Resulta moi revelador, neste sentido, un manuscrito italiano que contén dúas imaxes de David tocando o salterio, unha na sección das Horas da Virxe e outra na dos Salmos Penitenciais. A primeira amósao cun toucado de tipo orientalizante (Nova York, PML, MS M.80, fol 47r) mentres que a segunda o presenta nimbado (Nova York, PML, MS M.80, fol. 85r) (cat-778). A duplicación da figura de David tocando o seu instrumento musical no mesmo manuscrito con diferentes toucados subliña a santidade do músico cando preside a sección dos sete salmos.

David con nimbo resulta, en cambio, moi residual en iluminacións dos salmos en libros de horas provenientes do resto de Europa. Dos únicos 25 exemplos rexistrados, case a metade deles son de finais do século XV ou do XVI e a maioría franceses. Creo que nestes exemplos tardíos franceses o nimbo pode ser unha importación italiana, pois nalgún outro manuscrito francés contemporáneo aprécianse outros motivos propios da iconografía italiana de David, como a indumentaria penitencial, a presenza dunha cova ou a súa presentación como músico, ademais de detalles estilísticos tamén importados, como o recurso ao vocabulario renacentista na arquitectura (en Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. 48, fol. 98 (cat-619) o artista autor da miniatura dos Salmos Penitenciais, que traballa no estilo de Jean Bourdichon, emprega a arquitectura clasicista e o nimbo na figura de David)[123]. Das únicas 11 imaxes de David con nimbo que rexistrei fóra de Italia anteriores ao derradeiro cuarto do século XV, 3 presentan elementos comúns na paisaxe, o que leva a pensar nunha relación entre elas: Nova York, PML, M.960(cat-901), Carpentras, BM, ms. 0052,(cat-349), Besançon, BM, ms. 0123(cat-251)). Das dúas primeiras sabemos que o autor é un miniaturista de orixe italiana (o chamado Mestre de Walters 219, de orixe lombarda). O feito de que na primeira destas 3 ilustracións se vexa a David axeonllado nunha paisaxe desértica tocando a arpa (se presente, pois, como músico) ten toda aparencia de ser outra importación italiana. David presenta nimbo noutro manuscrito do corpus realizado antes de 1475, nos Países Baixos do Sur ca. 1460-1470 (Baltimore, Walters Art Museum, W.184, fol. 101v) (cat-180), no que presenza do motivo, quizais un engadido posterior, podería ter tamén relación con Italia[124].

123 A importación de modelos italianos viuse favorecida polas viaxes a Italia neste período de artistas franceses e pola chegada de obras de arte, especialmente manuscritos, traídos polos monarcas franceses Carlos VII e Luís XII con ocasión das súas campañas militares (sobre esta cuestión véxase bibliografía citada por Chenu 2018, n. 24 e 25)

124 O nimbo de David nesta iluminación puido ser engadido con posterioridade. O seu deseño é diferente dos que aparecen no resto das miniaturas do libro. O engadido podería estar relacionado con algún propietario

Italia volve ser unha rexión con personalidade propia no que se refire á imaxe de David arrepentido se consideramos a práctica penitencial do rei, pois, como xa se mencionou, é en manuscritos procedentes desta rexión onde David se exhibe máis a miúdo -en termos porcentuais- realizando actividades penitenciais de carácter extremo. A creatividade que amosan certas ilustracións dos Salmos Penitenciais italianas sorprende a veces con imaxes certamente insólitas, como a dun nu de David de costas e metido nun burato (Cidade do Vaticano, BAV, Barb. Lat. 393 , fol. 78v) (cat-382). Malia a esta primacía italiana no que toca á figura de David como penitente máis radical, hai que recordar, con todo, que a imaxe do Rei espido máis antiga que rexistrei é francesa. Sitúase no chamado *Libro de horas de Yolande de Soissons*, datado no último cuarto do século XIII. Tamén de Francia procede un dos dous únicos exemplos que compilei doutra práctica penitencial extrema por parte David, a flaxelación, que o rei se autoinfrinxe nun libro de horas do século XVI (Madrid, BNE, VITR/24/3, páx 188) (cat-649). No outro caso, moi anterior no tempo, David aparece sendo azoutado por un crego. É a ilustración do salmo 50 nas *Horas De Brailes* (ca. 1240).

Outro trazo penitencial que aparece nalgunha imaxe do monarca arrepentido e que o fai con preferencia en imaxes italianas e o feito de estar David descalzo ou vestir cilicio, aínda que deste último tamén hai exemplos en libros de horas franceses (París, BNF, Latin 1427) (cat-1096). Nun libro de horas francés de mediados do século XVI non é David senón outro personaxe, identificado por Myra Orth como Xoán Bautista, quen aparece retratado varias veces como penitente, e faino no encabezamento de cada unha das seccións (véxase na que correspondería á miniatura da Anunciación no Oficio da Virxe: A Haia, KB, 074 G 38, fol. 8v)[125]. A indumentaria do santo penitente, co torso cuberto cunha prenda de tecido reticular, aseméllase ao cilicio de David nos dous exemplos localizados en libros de horas franceses[126]. A prenda adopta a mesma aparencia que as que portan en imaxes contemporáneas Xerome ou Xoán Bautista[127]. A única xustificación bíblica nos textos relativos aos pecados de David para unha imaxe do monarca con cilicio sería o xa mencionado versículo 16 de Crónicas 21,

posterior ligado a Italia pois o manuscrito contén unha inscrición e unha oración en italiano (fols. 1v-2v) que, segundo se fai constar no rexistro de Digital Walters, foron incluídos no século XVII.

125 Orth 2015, 176. O Bautista ten gran relevancia na iluminación do manuscrito, pois aparece representado en todas as miniaturas..

126 O personaxe tamén foi interpretado como o propio promotor (véxase a ficha da iluminación dos salmos deste códice no Catálogo: Cat-9)

127 Véxase, por exemplo, a figura de Xoán Bautista pintado por de Colombe nas *Très Riches Heures* (*The "Très Riches Heures" of Jean, Duke of Berry* 1969, 92). Ou San Xerome nas Horas de Isabel a Católica do Cleveland Museum of Art (Cleveland, The Cleveland Museum of art, fol. 185v)

onde se di que, tras escoller un dos tres castigos ofrecidos por Gad, David e os anciáns se prostraron en terra, vestidos de cilicio. Así e todo, Xerome, na súa "Carta a Océano" -texto de forte cariz penitencial ao que me referirei en máis ocasións nos capítulos seguintes- xa aludiu a este detalle cando describe a penitencia de David, pero asóciao ao relato de Betsabé[128]. Xerome conta que o rei, por causa do seu pecado, penou vestindo cilicio e envorcallándose en cinza. En calquera caso, polo que á representación destas prácticas penitenciais máis drásticas se refire, do corpus parece desprenderse que foron bastante excepcionais na iconografía de David arrepentido nos libros de horas.

Entre os elementos da indumentaria de David debo mencionar, finalmente, unha prenda sobre a que non fun quen de determinar con certeza, a partir da observación das ilustracións, se se trata ou non dun elemento ligado á práctica penitencial nas imaxes de David arrepentido. En 46 manuscritos datados todo ao longo do século XV e procedentes de Francia e Países Baixos do Sur David presenta unha característica peza de tea monocroma, moitas veces branca ou de cor clara, anoada no van (ás veces cun nó de gran tamaño) ou, máis raramente, arredor da cabeza, baixo a coroa ou sombreiro coroa. En favor do carácter penitencial da prenda podería aducirse a presenza de parecido elemento nas imaxes de Xoán Bautista como penitente no deserto e, en xeral, en imaxes canónicas do Bautista co saio de pelo anoado no van con esta sorte de cinto, normalmente branco, visible incluso nas figuras en que aparece revestido cun manto que deixa ver por baixo o seu atavío de asceta. Unha ilustración italiana do corpus, nun libro de horas do último cuarto do século XV, ofrece unha imaxe do rei coa peza de tea axustando a túnica e, ademais, anoada na cabeza, colocada baixo a coroa (Filadelfia, Free Lib of Philadelhia, Widener 8, fol. 81r) (cat-485). A aparición de ambos elementos na imaxe do rei expiando os seus pecados fai moi tentadora a idea de ver nela un motivo asociado á práctica penitencial, pero o certo é que David presenta unha indumentaria moi semellante nunha ilustración dun breviario contemporáneo na que o que se expresa visualmente é a súa faceta como profeta[129]. Noutra imaxe do corpus (París, Bibliothèque de l'Arsenal, Ms-290, fol.109v) (cat-1007) o monarca ten unha sorte de banda escura arredor da cabeza e parece que presenta un cinto do corda no van. A relación da peza de tea arredor da cabeza coa indumentaria dos penitentes xa suscitou a dúbida a propósito dunha imaxe de Jeanne de France cunha tea branca así disposta orando ante unha imaxe do

128 Xerome 2013, 842-843. Véxase ademais epígrafe 5.1.2

129 Londres, BL. Add. 18851 fol. 146

Enterro de Cristo no seu libro de horas[130]. Chama a atención tamén o uso deste motivo nun manuscrito xa citado máis arriba onde a figura do Rei arrepentido coa tea arredor da cabeza, situada na miniatura, se combina con escenas en marxe de pecado (a do Baño e a da Entrega da carta) onde David aparece simplemente coroado (Petit Palais, musée des Beaux-arts de la Ville de Paris, Dutuit 35, fol 93r**.)** (cat-1148). Nesta ilustración tamén se establece unha diferenza na idade do rei en ambas situacións, polo que quizais o uso da devandita prenda nesta e outras ilustracións dos salmos teña por obxecto subliñar, cando menos, o carácter venerable do monarca cando se mostra en actitude devota. Así e todo o uso da prenda de tea na súa variante máis común, como unha peza de tea anoada, en xeral no van pero tamén na cabeza, como parte da indumentaria de figuras de moi distinto signo -sobre todo personaxes do Antigo Testamento- na miniatura e pintura contemporáneas impide decantarse con seguridade pola suxestiva idea de que se trate dun aderezo do rei ligado á súa actitude devota ou a un estado penitencial[131].

Entre os motivos asociados a David nas ilustracións dos Salmos Penitenciais destacan tres -o seu instrumento musical sobre todo e, en menor medida, un cetro e un libro-. En determinadas miniaturas o monarca vese acompañado tamén de obxectos ligados ás prácticas domésticas de devoción.

O instrumento musical nas imaxes de David nos Salmos Penitenciais –ben nas súas mans, ben abandonado ao seu carón- pode ser unha arpa, un salterio ou, excepcionalmente outro instrumento de corda. O corpus rexistra entre estes últimos -que aparecen exclusivamente en manuscritos italianos- unha viola de arco (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 148, 67r) (cat-294), unha viola de man (Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ., Houghton Lib., Typ 1000, fol. 72v) (cat-346), un laúde (Filadelphia, Free Lib. of Philadelphia, Widener 8, 81r) (cat-485) e unha viola da gamba (Nova York, PML, MS M.1030, fol. 68v) (cat-909). En certas, imaxes ademais dun instrumento de corda, David ten preto del un órgano portátil (A Haia, KB, 76 F 2, fol. 153r) (cat-13)[132]. Existe, en calquera

130 Philippe Contamine e Marie-Hélène Tesnière describen a Jeanne de France "*portant le bandeau blanc des « pénitentes » (?), en méditation dans son oratoire devant la Mise au tombeau (fig. 24)*" (Contamine e Tesnière 2013, 31)

131 Poderíanse mencionar multitude de exemplos, pero, a modo de mostra, resulta ilustrativo o uso que fai Bourdichon desta prenda en diferentes circunstancias: na figura de David como cabaleiro nos Salmos Penitenciais nun libro de horas francés (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. 48, fol. 98r) (cat-619), formando parte da indumentaria dun dos amigos de Job: Horae ad usum Romanum,Grandes Heures d'Anne de Bretagne, fol 119v, ou neste último manuscrito, tamén sobre armadura de Miguel arcanxo: fol. 163v)

132 A identificación dos instrumentos nestas imaxes débolla a Isabel Rei Samartim, a quen aproveito para reiterar a súa erudita e desinteresada axuda.

caso, unha clara fronteira xeográfica na selección do instrumento de corda asociado a David: fóra de Italia, empregouse en exclusiva a arpa. En Italia calquera dos mencionados, pero cun marcado predominio do salterio.

O cetro aparece tardiamente na imaxe dos salmos nos manuscritos do corpus. Todos aqueles nos que o fai (un total de 62) están datados na segunda metade do século XV ou no XVI, e resulta proporcionalmente moito máis frecuente nos procedentes de Países Baixos do Sur e do Norte que nos franceses. Aparece practicamente sempre como un obxecto abandonado preto de David, moi raramente nas súas mans.

En imaxes de David en 78 manuscritos está presente un libro. Na maioría delas aparece como elemento auxiliar da actividade devota do rei, en ilustracións -máis frecuentes en manuscritos franceses- nas que David se amosa rezando co seu códice pousado nun atril, nun moble ou no altar do oratorio doméstico. Nalgún caso máis raro o códice ten forma de rolo (A Haia, KB, 135 C 4, fol. 82r) (cat-89). En ilustracións de 19 manuscritos do corpus, en cambio, o libro está entre os elementos ciscados no chan, preto de David. Como obxecto abandonado vese na mesma medida en manuscritos franceses que nos procedentes dos Países Baixos do Sur. Unha ilustración do tipo das que aparecen nos Salmos Penitenciais incluída nunha *Biblia historiale* francesa de finais do século XV (á cal me referirei máis en detalle no Epílogo) permite pensar que este libro que acompaña o Rei bíblico en actitude devota puido ser interpretado en certos casos como o propio Libro dos Salmos. A súa presenza formando parte do conxunto de obxectos do seu oratorio non exclúe, con todo, que fose considerado un mero libro de oracións. Outro elemento presente nestas imaxes e cuxo papel é difícil discernir é un díptico que se amosa nalgunhas delas sobre o altar ou moble diante do cal reza o rei. Non é de descartar que en certas ilustracións a intención do díptico fose representar as Táboas da Lei (París, BNF, Latin. 1168, fol. 65r) (cat-1075), pois estas estiveron baixo a custodia de David segundo o texto bíblico (II Samuel 6, 17). Nunha miniatura do corpus, ademais, David reza diante dun altar que contén unha escultura de Moisés sostendo as táboas da Lei (París, BNF, Latin 1393, fols.86v-97r) (cat-1090). Noutras iluminacións, en cambio, percíbese con claridade que se trata dun obxecto de devoción, con figuración en relevo (Marseille, BM, ms. 0113, Fol. 58r) (cat-677). En ocasións o elemento ao que David dirixe os seus rezos é un retablo, no cal incluso se chega a representar de forma anacrónica algunha escena cristolóxica: Nova York, PML, MS M.972, fol. 130v (cat-903).

Nas imaxes de David nun oratorio privado ou espazo con similar función, aderezado con obxectos propios da práctica devota, vería probablemente a persoa propietaria do códice unha vívida representación dos seus propios hábitos, tales como o de gardar os libros de

oracións na capela privada -para o caso das máis podentes- ou, en xeral, a realización dos rezos na intimidade do fogar[133].

En relación cos elementos asociados á figura de David mencionados neste epígrafe cabe salientar, finalmente, o papel que xoga o instrumento musical á hora de definir os dous prototipos de imaxe do Rei bíblico que adoitan aparecer nesta sección dos libros de horas. Refírome ao seu arquetipo como músico e á súa imaxe cos atributos relegados a un lado, imaxes cuxa incidencia parece que estivo bastante ben delimitada se atendemos á orixe xeográfica dos manuscritos.

3.5.4.1.4. A imaxe de David músico

Habitual nos libros de horas italianos, a imaxe de David músico non é tampouco infrecuente nas ilustracións dos Salmos Penitenciais de libros de horas procedentes doutras áreas. O que diferenza a Italia do resto é a importante incidencia desta figura por un lado e, polo outro, como acabamos de ver, a natureza do instrumento en mans do rei. Tamén se distingue Italia pola relevancia concedida á imaxe no seo das iluminacións. O corpus non deixa dúbidas sobre o feito de que o Músico adoita ser case sempre a ilustración principal dos Salmos Penitenciais en libros de horas italianos, mentres no resto das rexións tende a ocupar unha posición secundaria en relación con outra escena á que se concede maior importancia.

Á parte de Italia, destaca a incidencia relativamente significativa da efixie de David músico en manuscritos procedentes dos Países Baixos do Norte, nos cales aparece figurado na inicial do texto do salmo 6, complementando unha miniatura do Xuízo Final na páxina contigua

As cifras que se mostran a continuación -sen teren en conta se o Músico aparece en posición principal ou secundaria- son reveladoras das diferenzas no emprego desta figura nos libros de horas compilados tendo en conta as áreas de procedencia destes:

Italia..... 45%
Países Baixos do Norte..... 27%
Países Baixos do Sur/Norte de Francia..... 6%
Francia..... 5%
Países Baixos do Sur..... 3%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

133 Malipiero 2014, 220

Nalgunhas ilustracións compiladas, a imaxe de David músico fúndese coa de David arrepentido propiamente dita, pois o rei aparece de xeonllos e tocando ao mesmo tempo, e pode facelo emprazado nunha paisaxe agreste, ante un altar (A Haia, RMMW, 10 F 2, Fol. 54v) (cat-110) ou nun reclinatorio (Londres, BL, Harley 2935, fol. 88r) (cat-581). Noutros casos, a figura do rei tanguendo un instrumento musical toma do arrepentido o rostro contrito (Nova York, PML, MS M.815, fol. 96r) (cat-894) e noutras o rei mantén o instrumento no regazo pero non o toca, pois as súas mans adoptan o xesto da pregaria (Nova York, PML, MS M.187, fol. 80r) (cat-814)

A imaxe de David tocando un instrumento aparece en ocasións duplicando a figura devota do Rei na ilustración dunha mesma páxina ou en páxinas adxacentes, ao convivir con outra de David rezando. O Músico, nestes casos, preséntase normalmente en iniciais ou na decoración marxinal (París, BNF, Latin 919, Grandes Heures de Jean de Berry, fol. 45r) (cat-1065). Diferénciase así a súa función como compositor dos salmos da súa faceta como rei arrepentido, algo que as imaxes italianas semellan ter condensado nunha única figura. Non faltan, con todo, casos de desdobramento da personalidade do rei devoto tamén en libros de horas italianos (Oxford, Bodleian Library, MS. Douce 9, fol. 141v-142r) (cat-969)

3.5.4.1.5. A imaxe de David cos seus atributos abandonados

Constitúe unha das composicións máis características do Rei bíblico nos Salmos Penitenciais, e non resulta ilóxico pensar que este texto do libro de horas teña sido o berce da ilustración. En efecto, en boa parte das imaxes de David arrepentido compiladas, os elementos máis arriba descritos -arpa, coroa, cetro ou libro- se presentan, todos ou algúns deles, abandonados a carón do rei, no chan ou pousados nalgún outro lugar, mentres este reza ou interactúa con outros personaxes (Deus, Cristo, o Anxo do Señor, un profeta). Relegado aparece particularmente o seu instrumento musical (518 casos) e, en menor medida, a súa coroa ou calquera outro toucado (329), o cetro (62) ou o libro (19).

Segundo parece desprenderse do corpus, a coroa pousada no chan foi de aparición máis tardía que o instrumento musical abandonado. As ilustracións máis antigas que rexistrei nas que David non toca o instrumento senón que o mantén apartado a un lado están datadas no primeiro cuarto de século XV e todas elas están localizadas en manuscritos franceses. Entre aqueles do corpus cuxa datación é máis precisa, os máis antigos son:

-París, Musée Jacquemart André, MS 1311, fol. 125v (cat-1146) (París, ca. 1405-1408), manuscrito atribuído ao grupo Boucicaut.

-París, Bibliothèque Mazarine, ms. 0469, fol. 83r (cat-1036) (París, ca. 1410-1415) a imaxe dos salmos atribúese ao Mestre da Mazarine

-Utopia, armarium codicum bibliophilorum, Cod. 100, fol. 115r (cat-1254) (París, ca. 1408-1410), a imaxe dos salmos atribúese ao Mestre do Breviario de Jean sans Peur

-Nova York, PML, MS M.743, fol. 91r (cat-891) (Poitiers, ca. 1415), manuscrito considerado do estilo de Jacquemart de Hesdin e do Mestre de Luçon

É probable, pois, que a idea de despoxar a David do seu atributo de rei músico e compositor dos salmos para crear a figura do rei arrepentido se forxase no París dos primeiros anos do século XV. Margaret Owen considera que o exemplo máis antigo pode ser o das chamadas *Horas Boucicaut* (París, Musée Jacquemart André, MS 1311, fol. 125v (cat-1146)), que data en torno a 1405-1408 (data proposta por Millard Meiss[134]), e encádrao no conxunto das innovacións que introduciu este artífice en moitas imaxes convencionais[135]. É de salientar, por outra parte, que en 3 destas 4 imaxes o Rei aparece ademais nun burato ou saíndo del.

Se a arpa no chan se rexistra xa en miniaturas dos Salmos Penitenciais de principios de século, ningunha das imaxes que compilei de David desprovisto de coroa ou sombreiro por ter estes relegados a un lado está datada antes do segundo cuarto do século XV, sendo as máis temperás as seguintes:

-Nova York, PML, MS M.293, fol. 81r (cat-847) (Francia, probablemente Besançon, ca. 1430), manuscrito considerado do estilo do Mestre de Egerton

-Austin, HRC 008, fol. 96r (París, 1425-1450) (cat-148)

-Londres, BL, Harley 2858, fol. 95v (cat-570) (Países Baixos do Sur, c. 1430-1440).

Aínda que os exemplos máis antigos aparecen en manuscritos franceses, o certo é que, se atendemos aos datos que ofrece o corpus, a coroa abandonada no chan en ilustracións dos Salmos Penitenciais foi bastante menos empregada nesta área que noutras, particularmente na segunda metade do século XV e no XVI, pois, como xa se mencionou, nas ilustracións francesas percíbese unha certa tendencia a presentar a David arrepentido preferentemente

134 Meiss 1967, 12.

135 Owen 1989, 37. Respecto do chamado Mestre Boucicaut, Christine Andrews suxire que as obras atribuídas a este artífice poderían ser responsabilidade en realidade dun taller composto de poucos iluminadores, quizais un obradoiro familiar (Andrews 2002, 29-30).

como un monarca coroado. A imaxe de David coa coroa a un lado tería tido maior difusión nos Países Baixos, particularmente nos Países Baixos do Sur. Procedente desta área é unha ilustración na que a coroa, en lugar de aparecer no chan, está aínda nas mans do rei. Nela píntase o momento no que este se descobre en sinal de reverencia ante a figura divina. Atópase no *Libro de horas de Philippe Le Bon* (Países Baixos do Sur, c. 1450-1460 (A Haia, KB, 76 F 2, fol. 153r) (cat-13). Outras variantes orixinais respecto da posición da coroa aparecen nun libro de horas procedente de Mons, de finais do século XV (c. 1490-1500), que amosa o rei coa coroa espetada no brazo (Nova York, PML, MS M.33, fol. 150v) (cat-763), e na ilustración dun dos sete salmos nas *Horas Sforza*, na que a coroa rodea as mans do rei xuntas en oración [**Fig. 98(3)**].

A coroa relegada a carón dun rei conta con precedentes abondos nas imaxes da Adoración dos Magos, que presentan así a Melchor (axeonllado ou prostrado ante o Neno coa coroa apartada a un lado). Tamén na tradición figurativa desta escena existen precedentes para o xesto de descubrir a cabeza levantando a coroa que realiza excepcionalmente David no *Libro de horas de Philippe Le Bon*[136]. Nas imaxes da Adoración este ademán realízao o segundo dos Magos[137].

Aínda que a lóxica fai pensar que o texto dos Salmos Penitenciais puido ser o berce da imaxe de David humildemente despoxado dos seus atributos, afirmalo con maior certeza esixiría, cando menos, unha revisión exhaustiva de ilustracións do Rei bíblico noutro tipo de códices contemporáneos ou máis antigos. Do que non cabe dúbida é que o instrumento musical e a coroa abandonados acabaron sendo os atributos por excelencia do rei arrepentido, e o texto dos libros de horas o acomodo privilexiado desta imaxe. Non hai mellor proba disto que a súa presenza ostensible en ilustracións de ínfima calidade que acoden a estes obxectos relegados a un lado para identificar o personaxe: Le Mans, BM, ms. 0186, Fol. 28r (cat-510).

136 Unicamente localicei outro exemplo no que David realiza un xesto asimilable, levando a man á cabeza e tocando a coroa. Faino tamén como ilustración do episodio de arrepentimento, na imaxe de amoestación do rei por Natán no *Salterio Grego de París* (París, BNF, Ms. Grèc 139, fol. 136v). Pero non parece que aquí o ademán estea dirixido á figura divina, pois esta está ausente. Diríase máis ben un xesto de contrición (na imaxe aparece a alegoría de *Metanoia*) ou sorpresa diante da revelación do seu pecado por parte de Natán.

137 O caso máis precoz en libros de horas vino no *Salterio-horas de Yolande de Soissons* (Nova York, PML,MS M.729, Fol. 275v). Outro exemplo neste tipo de códices, xa no século XIV, nas chamadas *Très Belles Heures de Notre Dame* -parte do coñecido como *Libro de Horas Milán Turín* (París, BNF, NAL 3093, fol. 49v).

3.5.4.2. Acompañantes de David arrepentido

Na súa imaxe en actitude devota nos Salmos Penitenciais, David pode presentarse como figura única, aínda que o habitual é que a ilustración inclúa, cando menos, a presenza da Divindade. Ademais desta, poden aparecer outros seres singulares -o Anxo do Señor, un profeta-, personaxes colectivos identificables -como o exército de Israel, o pobo de Israel- e outros de carácter anónimo, particularmente de extracción popular.

3.5.4.2.1. A Divindade

Para describir a efixie divina nas ilustracións de David en actitude devota utilicei o termo xenérico de "Divindade" que me permitiu agrupar todas estas imaxes independentemente de cal fose a persoa ou motivo representado. De ser o caso, empreguei ademais os específicos "Deus" (para o Pai) ou "Cristo" cando a personalidade da figura parecía clara. En moitas ilustracións de David arrepentido a presenza divina se expresa de modo simbólico, por medio dun feixe de raios dourados ou dunha forma solar. Tampouco falto o motivo da man divina, pero é residual (unicamente 10 exemplos no corpus).

Como xa comentei ao inicio deste capítulo, a figura divina de grandes proporcións e de corpo enteiro característica de certas imaxes de David nos Salmos Penitenciais datadas nos inicios do século XV diminúe en xeral a súa envergadura avanzado o século, quedando reducida a un busto ou a motivos máis abstractos, como os raios ou o disco solar. A presentación máis común da figura divina nas imaxes de David en actitude devota é a de medio corpo ou en busto, con nimbo (221) ou tiara (49); rodeada de serafíns ou querubíns (50) ou de simples anxos (30); co orbe na man (215) e realizando o xesto de bendición (234). Por outra parte, a figura divina sitúase sempre no alto do ceo, agás nas imaxes de David rezando no interior dunha estancia. Nestes casos, Pai ou Fillo adoitan aparecer no marco do van situado sobre o altar ou moble ante o que reza David. Na inmensa maioría das ocasións a figura divina fai un aceno de bendición, o que no contexto penitencial destas imaxes ben pode expresar máis concretamente un ademán de absolución do rei pecador [cfr. **Figs. 68 e 69**]. Nas ilustracións nas que a figura divina mostra as mans pero non está bendicindo o habitual é que as presente levantadas e separadas, ás veces mostrando ambas palmas cara a David (Nova York, PML, MS G.9, fol. 75r) (cat-744). En manuscritos tardíos Deus aparece portando tres obxectos na man (25 casos), que poden ser frechas (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, Ms 1058-1975, fol. 107r) (cat-306) ou incluso outros tres que adoitan aparecer con máis asiduidade, como veremos inmediatamente, en mans do

Anxo do Señor: unha espada, unha frecha e unhas espigas ou vergallos (A Haia, KB, 133 D 16, fol. 55r)[138](cat-71).

Na maioría das imaxes non é posible determinar con certeza a personalidade da figura celestial, se ben esta tende a mostrarse como un ser de idade venerable. Por esta razón creo que poden resultar significativas e dignas de mención aquelas ilustracións nas que o personaxe co que interactúa David é, de xeito inconfundible, o Fillo de Deus. Cristo é recoñecible polo cabelo escuro -normalmente unha melena longa- e o rostro máis ou menos xuvenil[139]. Aparece en 80 imaxes do corpus, en manuscritos procedentes de Francia, dos Países Baixos do Sur ou de reinos hispanos. A información referida á determinación da personalidade da figura divina, polo menos no caso das imaxes de David arrepentido, non é doada de obter nas bases de datos iconográficas, onde se empregan de xeito pouco preciso os termos que a describen. O dato, sen embargo, pode resultar interesante con vistas a contextualizar esta imaxes no marco de correntes espirituais contemporáneas, como a *devotio moderna.* Resulta significativo, neste sentido, que unha porcentaxe relevante de miniaturas coa figura de David en actitude devota nos Salmos Penitenciais nas que a Divindade adopta inconfundiblemente o aspecto de Cristo, este se presente no marco da ventá do oratorio onde reza David (no 20%). Véxase, por exemplo, Chambéry, BM, ms. 0001, Fol. 97r (cat-366). Valentín Núñez Rivera detectou un fenómeno similar na paráfrase dos Salmos Penitenciais de Guillén de Segovia, na que lle chamou a atención a relevancia da figura de Cristo como destinatario das pregarias (cando os salmos, en realidade, se dirixen a Deus e non ao seu Fillo) e puxo isto en relación coa nova espiritualidade[140].

3.5.4.2.2 Un profeta

David aparece a carón dun profeta en 41 manuscritos do corpus, datados na súa maioría na segunda metade do século XV ou no século XVI. Como veremos máis en detalle no capítulo 4, non sempre é doado determinar cal dos dous profetas que interveñen nos

138 Coñezo outro exemplo, nunha miniatura que ilumina tamén os Salmos Penitenciais: Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS McClean 96, fol. 172v. Esta imaxe non está incluída no catálogo por situarse nun libro de oracións que non é un libro de horas. Sobre as frechas nas mans da figura divina véxase máis adiante neste mesmo capítulo o epígrafe 3.5.4.2.3.

139 O nimbo crucífero non parece que poida empregarse como motivo para identificar o Fillo, pois preséntano tamén figuras divinas de aspecto envellecido. Exemplos: : París, BNF, Latin 919, fol. 45rr (cat-1065) , Nova York, PML, MS M.76, fol. 83v (cat-777)

140 Núñez Rivera 2001, 112

episodios que narran os pecados de David (Natán e Gad) é o representado. Unicamente se pode determinar con certeza cando o profeta lle presenta a David as personificacións dos tres castigos (5 casos no corpus) -circunstancia na que é posible identificar con toda certeza a Gad-, ou cando os xestos entre David e profeta son de diálogo explícito, que permiten deducir con bastante seguridade, ao meu xuízo, que se trata de Natán (3 casos). O habitual, sen embargo, é que o personaxe se vexa facendo simplemente o ademán de amosarlle a David a figura divina, soa ou acompañada dun anxo no ceo. Cabe recordar, por outra parte, que boa parte das ilustracións que compilei onde aparece un profeta corresponden a libros elaborados en Rouen e responden a esquemas estandarizados onde este personaxe é un máis entre os que eventualmente se engaden a una composición básica de David arrepentido, axeonllado e rezando. David preto do profeta case sempre se atopa nesta postura de oración, pero tamén pode aparecer, aínda que máis raramente, sentado no seu trono (Nova York, PML, MS H.5, fol 88r) (cat-750), de pé (Chantilly, Musée Condé Chantilly, MS 74, Marguerite de Coëtivy, Fol. 61r) (cat-372) ou prostrado no chan (Nova York, PML, MS M.815, fol. 96r) (cat-894).

Se ben as escenas nas que aparece o profeta adoitan ter lugar nun interior ou nun patio, nalgún caso excepcional é unha paisaxe de carácter agreste -emprazamento habitual da figura de David arrepentido solitario- a que serve de marco ao encontro de David con este personaxe (Nova York, PML, MS M.454, fol. 1r (cat-876); París, BNF, NAL 3214, fol. 116v) (cat-1137)

Como xa recordamos ao tratar a ilustración do Baño de Betsabé, da escena comunmente designada como "Reproches de Natán" coñécense exemplos xa do período altomedieval, procedentes tanto de Occidente (*Salterio de Utrecht*) como de Oriente (*Salterio grego de París*)[141]. No salterio carolinxio David dialoga co profeta, ambos de pé, ante os ollos de Betsabé. Nos manuscritos bizantinos, a escena de diálogo compleméntase con outra de arrepentimento e exhíbese a característica figura do rei encrequenado e prostrado aos pés do profeta. Outra variante da relación entre David e Natán é a que ofrece a *Biblia Morgan* ou *Biblia dos cruzados* (PML M. 638, fol. 42v), na que, como ben apuntou Harvey Stahl, ofrécese a síntese nunha soa de dúas escenas (a dos reproches por un lado e a da penitencia polo outro): na viñeta inferior dereita da miniatura Natán preséntase increpando a David, pero este amósase xa dirixíndose a Deus, de tal xeito que a imaxe da

141 Sobre a iconografía dos Reproches de Natán remito ao traballo de síntese de Mónica Ann Walker Vadillo (2010d).

contrición non se asocia con Natán (como na iconografía bizantina e nas imaxes que seguiron este esquema) senón con Deus[142].

Nos libros de horas é unicamente nos tardíos onde se retoma a imaxe procedente da tradición bizantina que asocia a figura de Natán con David na característica postura de prostración no chan, pero os exemplos, como xa tiven ocasión de comentar, son escasos, se xulgamos pola súa incidencia no corpus. Na maioría das ocasións a imaxe de interacción co profeta nos libros de horas fúndese coa da penitencia, tal e como acontece na *Biblia dos Cruzados*, pois David aparece xa dirixíndose á Deus. A fusión prodúcese incluso cando o profeta é identificable con Gad (Bloomington, Indiana Univ., Lilly Lib., Ricketts 136, fol. 39r) (cat-268).

Curiosamente, os libros de horas, nos que tanta importancia se concederá á figura de David arrepentido desde o inicio mesmo do século XV, apenas rexistran a representación de David acompañado dun profeta ata ben entrada a centuria. Dos 41 manuscritos con esta ilustración unicamente un é anterior a este período serodio (un datado no século XIII –as *Horas De Brailes*-) pero coñezo outro caso máis –as *Horas Sobieski*, datadas ca. 1430[143]. A escena de amoestación está ausente incluso nos escasos libros de horas das primeiras décadas da décimo quinta centuria que ofrecen imaxes do episodio de Betsabé. En realidade, á vista do corpus, a imaxe de David acompañado dun profeta, en termos relativos, foi escasamente utilizada nos libros de horas manuscritos: 41 manuscritos sobre un total de 658 recollidos no corpus datados no tramo que vai de mediados do século XV a mediados do XVI é unha porcentaxe moi baixa (6%), tendo en conta que foi o período no que máis se empregou a escena.

3.5.4.2.3. O Anxo do Señor

A figura dun anxo no ceo é habitual na composición de David arrepentido nos Salmos Penitenciais a partir da segunda metade do século XV, e incrementa a súa importancia conforme se aproxima o fin da centuria e xa na seguinte. Deixando á parte a súa presenza nas *Horas De Brailes,* todos os exemplos compilados son do século XV ou XVI. Contabilicei no corpus 150 manuscritos que presentan este motivo na ilustración dos sete salmos, unicamente un nun manuscrito do primeiro cuarto do século e cinco no segundo. O

142 Stahl 2008, 189

143 Owen 1989, fig. 5. Esta miniatura non se incorporou ao corpus debido a escasa calidade da súa imaxe e a imprecisión dos datos sobre o manuscrito na publicación de Owen.

resto, salvo dous sen datar, adscríbense á segunda metade da centuria ou ao século XVI. Atópanse en libros de horas procedentes case exclusivamente de Francia ou dos Países Baixos do Sur (en manuscritos italianos unicamente rexistrei tres casos). Nalgunhas imaxes, o Anxo convive coa figura divina, co profeta, ou con ambos, sendo difícil determinar con exactitude a que personaxe situado no ceo se dirixe David. En todo o período no que esta figura celestial aparece sobrevoando o espazo onde se sitúa David é recorrente a súa imaxe portando unha espada. Nalgunhas ilustracións, máis ben serodias, o anxo amósase envaiñando (ou desenvaiñando, segundo se queira interpretar) a devandita arma. O anxo con espada vese substituído en ocasións polo que sostén tres obxectos (34 casos no corpus), que poden ser tres frechas, idénticas ou de diferente cor –vermella negra e branca normalmente- ou seren tres obxectos diferentes: caveira, espada e espigas ou vergallos, ou ben frecha, espada, e espigas (Troyes, Médiathèque du Grand Troyes, ms. 1897, fol. 73r) (cat-1248). Destes obxectos en mans do anxo non temos constancia no corpus en ningún manuscrito anterior ao terceiro cuarto do século XV[144], e aínda así, a maioría dos exemplos son dos últimos anos da centuria ou xa do século seguinte. Como acontecía co anxo enarborando unha espada, o que sostén tres obxectos aparece unicamente en manuscritos procedentes de Francia e dos Países Baixos do Sur. Respecto do significado dos tres obxectos, todo parece indicar que se trata dos tres castigos propostos a David no Episodio do censo. É certo que existe unha tradición para considerar a posibilidade de que as frechas simbolicen a peste, pero no contexto no que estamos, todo parece apuntar a que se trate dos tres castigos, sobre todo tendo en conta que, en certas imaxes, o anxo sostén dúas frechas nunha man e outra frecha, separadamente, na outra (A Haia, KB, ms. smc 1, fols. 248v-249r) (cat-106), en alusión á elección á que se viu obrigado a facer David entre as tres penalidades. Isto se ve de modo incuestionable na iluminación das *Grandes Heures d'Anne de Bretagne* (París, BNF, Latin 9474, fol. 91v, (cat-1099) nas que Bourdichon pintou ao propio rei sinalando especificamente unha das frechas, escollendo, polo tanto, unha das tres penalidades[145]. Cando se exhiben tres obxectos diferentes cabe deducir que a espada fai

144 No catálogo rexistrei unha imaxe dun manuscrito datado no segundo cuarto do século XV na que é posible que se pintasen tres obxectos, quizais frechas, na man do anxo, pero a calidade da reprodución dixital non me permite aseguralo (París, Bibliothèque de l'Arsenal, Ms-290, fol.109v) (cat-1007)

145 Josefina Planas (2007, 86-87) no comentario da ilustración dos salmos en Barcelona, Biblioteca de Catalunya, Ms. 853, Fol. 70r (cat-222)asocia as tres frechas en mans do anxo directamente co terceiro castigo (a peste). Se ben é certo que existe tradición iconográfica para a imaxe de Deus ou Cristo lanzando frechas que simbolizan a peste para castigar á humanidade (Meiss 1988, 100), creo que no contexto dos Salmos Penitenciais, o feito de que as frechas sexan tres debería inclinar a interpretación no sentido dos tres castigos.

alusión á guerra e ás espigas á fame. A peste, o castigo escollido por David, estaría representado ben pola caveira ou ben pola frecha. Nalgunha ilustración, sen embargo, caveira e frecha representan dous castigos diferentes e non aparece a espada. Así, en San Marino, CA, Huntington Library, HM 1102, fol. 56v (cat-1177) podemos ver unha caveira, unha frecha e un feixe de espigas en mans do anxo. O anxo sostén a caveira separada dos outros dous obxectos, de onde se pode inferir que representa a peste, o castigo polo que optou o Rei. Por eliminación, a frecha simbolizaría nesta miniatura a guerra. Apoia esta idea de considerar a caveira como símbolo da peste o feito de que nas representacións das personificacións dos tres castigos recollidas no corpus, a peste é un esqueleto (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1139, Fol. 92r (cat-1192).

Nalgún caso, o anxo sostén unicamente dous obxectos. Entre eles atópase unha imaxe excepcional San Marino, CA, Huntington Library, HM 1124, fol. 123r (cat-1180) (Francia, comezo do XVI, atribuído a Jean Pichore) na que, ademais do anxo con dous obxectos -espada e caveira- aparece suspendida no aire unha figuriña que semella envolta nun sudario. Resulta difícil deducir, neste contexto, que castigo representan os dous obxectos e se esa figuriña situada entre David e o anxo alude ao castigo escollido, a peste. Así o fai pensar o cotexo cunha imaxe contemporánea considerada tamén do estilo de Jean Pichore e na cal Deus está asociado sen lugar a dúbidas aos tres castigos (sostén na man tres frechas de cadansúa cor), mentres que a figura dun esqueleto se presenta flotando tamén a media altura diante de David, coa intención quizais de aludir á peste como o castigo seleccionado (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 375, 65v) (cat-704). Se isto é así, nesta última miniatura teríase seguido tamén a tradición de representar a peste mediante un esqueleto.

3.5.4.2.4 Outros figurantes

Nas imaxes de David arrepentido o pobo de Israel sendo castigado pola peste pode verse en 8 miniaturas do corpus e o seu exército, visible nun plano máis ou menos afastado nas miniaturas, noutros 6 casos. Nalgunhas poucas ilustracións móstrase un grupo de cortesáns que rodean o Rei mentres reza, toca o seu instrumento con xesto abatido, ou son testemuños do seu encontro con Natán. En dúas imaxes o monarca está acompañado, mentres reza, dun conxunto de músicos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Moito máis habitual é a presenza nestas iluminacións de figurantes de carácter popular. Como veremos no capítulo 5, nos manuscritos parisinos de comezos da décimo quinta centuria vense con certa asiduidade personaxes que se amosan en segundo plano cando David ora no medio do campo ou nun medio agreste: transeúntes nos camiños, muiñeiros dirixíndose aos seus muíños, pastores gardando as ovellas.

3.5.4.3. Taxonomía do espazo penitencial nas imaxes de David arrepentido

Na indexación das imaxes do corpus, clasifiquei o espazo que acolle a figura de David en actitude devota en 4 ámbitos diferentes.

3.5.4.3.1. Unha paisaxe agreste

O primeiro grupo (418 casos en total) inclúe as imaxes que sitúan a David nun medio silvestre. En moitas delas incorpóranse edificacións visibles no horizonte. Constitúe o grupo máis nutrido, con exemplos rexistrados desde os manuscritos máis antigos ata os máis tardíos. No conxunto de imaxes de David nunha paisaxe agreste distínguese variantes específicas.

A máis común, con moita diferenza sobre as demais, é a versión xenérica que amosa o rei instalado nun ámbito natural e axeonllado sobre a superficie da terra. Rexístrase en libros de horas elaborados en todas as áreas xeográficas, datados fundamentalmente a partir de comezos do século XV. O rei vese rodeado dunha combinación de elementos paisaxísticos que inclúen todos ou algún dos seguintes: montañas, rocas, árbores, terreos con formas crebadas, un río ou un regato, árbores -agrupados en ocasións en bosques- e edificacións no horizonte.

O segundo subgrupo o conforma unha variante desta imaxe xenérica enriquecida pola presenza dunha cova, diante da cal reza o rei (30 casos no corpus). Rexístrase sobre todo en libros de horas italianos e en códices datados na súa maioría no último cuarto do século XV ou na seguinte centuria. Certas iluminacións mostran unha formación rochosa peculiar, presente particularmente en manuscritos florentinos (Londres, BL, Yates Thompson 030, Fol. 66v) (cat-611). Trátase dun rochedo en ocasións tan perforado que chega a conformar unha sorte de arco pétreo natural. Que estas particulares formacións constitúen covas nas illustracions de David creo que pode deducirse de certas imaxes de santos penitentes nas que a cova aparece furada por ambos lados (San Jerónimo penitente (Mantegna), ca. 1449-1450). O cotexo de imaxes moi similares nos libros de horas tamén apoia esta conclusión (cfr: Oxford, Bodleian Library, MS. Douce 9, Fol. 141v (cat-969) e Londres, BL, Yates Thompson 030, Fol. 66v) (cat-611) [**Fig. 70** e **Fig. 71**].

As imaxes do terceiro subgrupo son as que ofrecen maior interese, pois, tal e como veremos no capítulo 5, parece que se empregaron case en exclusiva como ilustración dos Salmos Penitenciais, sendo moi rara a súa presenza noutros contextos. Trátase das iluminacións que presentan a David metido nun burato ou semienterrado. Non están circunscritas a libros de horas de ningunha área nin período determinados, se ben a inmensa maioría proceden de libros de horas franceses e italianos. E aínda que non alcanzaron a difusión que tivo a variante xenérica de David nun medio natural, a súa incidencia non é nada desprezable (101 manuscritos do corpus conteñen esta imaxe, un 12% dos manuscritos con imaxes de David arrepentido no corpus). Ademais, aparece xa entre os libros de horas máis antigos compilados. A máis antiga rexistrada no corpus -que é a primeira da que se ten noticia en libros de horas- foi realizada en Oxford polo artífice das *Horas De Brailes*, e amosa o rei fondamente soterrado, ata a altura do van. Bastante afundido véselle tamén na seguinte imaxe, a do *Salterio-horas de Yolande de Soissons*, datada poucas décadas despois. A seguinte miniatura do corpus con esta figura aparece a mediados do século XIV no *Libro de horas de María de Navarra*, vinculado á Coroa de Aragón, e segue mostrando o monarca moi afundido na terra. Na última década do século XIV e primeiros anos do XV este tipo iconográfico de David metido nun burato ou semienterrado rexístrase simultaneamente en Italia (en obras do artífice boloñés coñecido como Mestre das Iniciais de Bruselas) e en Francia. O mestre italiano pinta unha escena na liña das das *Horas De Brailes* ou do de María de Navarra, presentando o rei fondamente soterrado, ata altura do peito. En Francia, en cambio, David amósase maioritariamente con boa parte do corpo fóra da fosa, exhibindo os seus roupaxes reais. Véselle de pé ou semiaxeonllado, ou mesmo cun pé ou a parte inferior do manto fóra do burato; algunhas imaxes francesas deste período inicial da décimo quinta centuria, menos habituais, presentan o rei saíndo dunha sorte de greta xeolóxica, asimilable en certos casos a unha gruta (Bourges, Musée du Berry, inv. 1924.4.1, fol. 103r) (cat-272). O corpus rexistra tamén dúas imaxes de David máis fondamente soterrado en manuscritos franceses de principios de século, pero ambas se atribúen ao Mestre das Iniciais de Bruselas, desprazado a París nos anos finais do século XIV ou primeiros anos do XV. O miniaturista interveu na iluminación de varios libros de horas e, polo menos en dous deles, empregou a figura do rei bastante enterrado[146]. A xulgar polo corpus, non parece que esta variante

146 Do miniaturista boloñés coñecido como Mestre das Iniciais de Bruselas consta a estancia en Francia entre 1397 e 1407. En París traballou en varios libros de horas, entre eles un para o Duque de Berry (Bruxelas, Bibliotheque Royale de Belgique, ms 11060-61, Fol. 31) (cat-273) e outro para Carlos o Nobre de Navarra.

empregada polo artista boloñés deixara fonda pegada entre os seus colegas franceses, a diferenza doutros motivos característicos deste miniaturista -especialmente elementos empregados na decoración marxinal-[147].

A imaxe de David nun burato con case todo o corpo fóra del tivo moito éxito en Francia no primeiro terzo do século XV, chegando a ser unha figura practicamente estandarizada. Non obstante, sofreu unha progresiva decadencia ao longo da centuria. Un repaso en orde cronolóxica ás ilustracións francesas deste século que compilei con esta imaxe deixa a impresión de que o burato se foi diluíndo co decorrer do tempo, ata quedar reducido a apenas algunhas formas crebadas do terreo arredor da figura do Rei axeonllado, de tal xeito que xa en moitas ilustracións de mediados de século resulta difícil determinar se o rei está ou non metido nun foxo (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1099, fol. 85r (cat-1174); Chartres, BM, ms. nouv. acq. 0168, fol. 81r) (cat-377). En calquera caso, nas miniaturas compiladas incluídas en libros franceses da segunda metade do século XV a imaxe de David nun burato está case ausente. En contrapartida, esta imaxe, da que practicamente non compilei exemplos en Italia na primeira metade do século XV, aparece en número significativo en libros de horas procedentes desta área realizados na segunda metade da centuria.

De forma excepcional, algúns manuscritos do corpus reúnen nunha soa ilustración no encabezamento dos Salmos Penitenciais a representación simultánea do burato e da cova. Tres deles amosan o rei metido nunha sorte de gruta e, a maiores, semienterrado. Trátase dun códice francés datado nos inicios do século XV -as chamadas *Horas de Saint Maur* (Paris, BNF, NAL 3107, vista 142) (cat-1121)- e dous serodios, un francés e outro flamengo (Waddesdon, Waddesdon Manor, James A. Rothschild Collection, Ms 21, fol. 111r) (cat-1283) ; Waddesdon Manor, James A. Rothschild Collection, Ms 26, fol. 217r) (cat-1285). Nunha iluminación italiana de finais do século XV, a cova revélase a partir dunha entrada visible nun lado do pequeno promontorio truncado do que xorde David, de tal sorte que burato e boca da cova funcionan como dúas posibles entradas (ou saídas) da mesma gruta Cidade do Vaticano, BAV, Vat.lat.9490, fol. 109v. (cat-414). Noutro libro de horas tamén italiano, o penitente está semienterrado nun burato no chan, pero tras del, a certa distancia, pintouse unha cova convencional (Nova York, PML, MS M.305, Fol. 123r) (cat-850). E

Sobre os traballos en Francia deste miniaturista véxase: Meiss 1967, 229-246 ; Calkins 1981 ; Docampo, en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 69-70.

147 Calkins 1981, 229-230

noutro manuscrito elaborado en Bruxas, o chamado *Libro de Horas de Isabel a Católica* da Biblioteca Capitular Colombina (Sevilla, Biblioteca Capitular Colombina, 60-2-50, fol. 139v) (cat-1226) David aparece nos Salmos Penitenciais semienterrado e, simultaneamente, enmarcado por un arco pétreo, que evocaría tamén unha cova se consideramos así este tipo de formación xeolóxica furada por ambos lados.

3.5.4.3.2 Un espazo ao aire libre nun medio civilizado

Á hora de considerar o espazo penitencial, o segundo grupo máis nutrido do corpus (211 casos) é o que inclúe as ilustracións que presentan o Rei tamén no exterior, pero nun ámbito humanizado, definido pola presenza de construcións, como o seu pazo, ou os edificios que conforman un medio urbano. David pode verse fóra da súa morada pero preto dela –incluso ás súas portas - ou ben nunha vila, próximo ás edificacións (Nova York, PML, MS M.156, fol. 50v) (cat-799). Nesta categoría incluíronse tamén aquelas iluminacións nas que David se empraza nunha dependencia do seu pazo situada ao aire libre, como un patio –empedrado ou con herba (París, B Mazarine, ms. 0479, Fol. 65) (cat-1040), ou ben no xardín. As imaxes deste conxunto aparecen en manuscritos do corpus datados a partir do comezo do século XV e practicamente todos procedentes unicamente de Francia ou dos Países Baixos do Sur.

Poden adscribirse a este apartado as ilustracións de boa parte dos manuscritos elaborados en Rouen, pois practicamente todas presentan a David nunha peculiar estancia carente de cuberta, sobre a cal resulta difícil determinar se se trata dun espazo asimilable a un patio [**Figs. 60, 61, 62, 63**] ou dunha terraza situada a certa altura (Nova York, PML, MS M.151, fol. 51r (cat-798). Unicamente rexistrei dúas miniaturas nas que un ámbito de aparencia similar ao destas imaxes se revela como unha estancia cuberta, na cal se abre unha ampla ventá ou miradoiro (Baltimore, Walters Art Museum, W. 0284, Fol. 69r) (cat-210); Lisboa, BNP, Il. 36, fol. 49r) (cat-530). O espazo onde se sitúa David arrepentido nas miniaturas máis rutineiras de Rouen -que son a maioría- está ao aire libre, aparece pechado simplemente mediante unha tea brocada ou ben por un muro articulado por unha serie de arcos, que pode estar tamén cuberto cunha tea brocada. Neste ámbito aparecen de forma recorrente certas pezas de mobiliario, como un trono con dosel ou baldaquino ou unha serie de mobles auxiliares con diversos obxectos (Besançon, BM, ms. 0153, Fol. 56r) (cat-260). Máis alá do muro que pecha esta estancia característica divísase unha paisaxe que pode consistir simplemente nun campo ou relevo montañoso sinxelo ou ben nunha composición máis complexa, con vistas a un río e unha urbe.

USC DE COMPOSTELA

En certos casos nas imaxes deste conxunto apréciase unha vontade de pintar de cariz penitencial ese ámbito onde se sitúa o rei, empregándose tamén elementos e estratexias visuais asimilables ás que se utilizaron nas ilustracións que amosan o rei solitario nun ambiente máis agreste. Veremos exemplos deste proceder no capítulo dedicado á paisaxe penitencial (epígrafe 5.2).

3.5.4.3.3. Un interior

O terceiro grupo no que se poden agrupar as imaxes de David segundo o emprazamento onde este se sitúa está constituído polas iluminacións que amosan o Rei bíblico nun interior (119 casos), que ás veces ten un aire de capela ou de oratorio privado (Nova York, PML, MS M.64, fol. 75r) (cat-773), pero que pode ser tamén algunha outra estancia de características menos definidas. É máis habitual en manuscritos datados a partir da segunda metade do século XV e rexistreino en libros de horas procedentes de todas as áreas. Nestes espazos, como xa vimos, na maioría das ocasións a figura divina –Deus ou Cristo- interactúa con David a través dunha ventá (Châlons-en-Champagne, BM, ms. 0335, Fol. 71r) (cat-364). Esta imaxe característica de David en actitude devota no interior dun espazo doméstico préstase a ser emulada nas representacións de personaxes laicos de alto rango retratados nas mesmas circunstancias. Así parece que se fixo, por exemplo, na miniatura que amosa a Pierre II, Duque de Bretaña, dirixíndose a Deus na iluminación do texto dunha oración do seu libro horas (París, BNF, Latin 1159, fol. 27v)[148].

3.5.4.3.4. Un ámbito indefinido

Noutras imaxes, finalmente, David non se mostra en ningún espazo definido (121), ben porque o fondo da ilustración é unha decoración abstracta ou ben porque é unha peza de tea sen máis, que non permite determinar con seguridade se o rei se sitúa nun exterior ou nun interior. Inclúense neste grupo figuras de David integradas en iniciais historiadas que non deixan ver trazo algún de paisaxe ou arquitectura. Esta é a razón de que no cómputo das iluminacións que integra este conxunto, contidas en manuscritos procedentes de todas as áreas e adscritas a todo o arco cronolóxico que abrangue a produción de libros de horas, teñan un peso moi destacado as procedentes de Italia. Os manuscritos italianos amosan a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

148 O personaxe foi identificado por Victor Leroquais (Leroquais 1927, I, 78)

miúdo a figura do rei músico acollido na inicial do primeiro dos sete salmos, e nela non é habitual que se pinten referentes espaciais.

3.6. OUTRAS ESCENAS E MOTIVOS NAS ILUSTRACIÓNS DOS SETE SALMOS

Se ben na gran maioría dos manuscritos do corpus os Salmos Penitenciais ilústranse a partir de escenas encadrables no reducido abano de grupos temáticos que levamos visto, o certo é que o corpus rexistra un bo número de representacións adicionais de carácter diverso. A súa relevancia estatística, con todo, é mínima.

Algunhas imaxes están relacionadas tamén coa biografía de David. Trátase de episodios da súa mocidade, como os que relatan a súa vitoria sobre un león e un oso. Rexistrei 10 manuscritos nos que se reflicte algún destes dous sucesos ou ambos simultaneamente. Todos aparecen en códices de finais do século XV ou do XVI procedentes dos Países Baixos do Sur, agás un francés (aínda que a identificación neste último é dubidosa (véxase cat-1086). Na maioría das ocasións, as escenas se mostran nun ámbito marxinal das iluminacións e asociadas a miniaturas que presentan a imaxe de David adulto. A súa presenza na ilustración dos Salmos Penitenciais pode ser lida, polo tanto, como apostila do relato sobre o pecado e a penitencia do Rei, co mesmo sentido de alusión ao combate espiritual que tamén se atribúe ao suceso que protagonizou con Goliat, con cuxa representación tamén conviven nalgunha miniatura (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms Ludwig IX 18, fol. 166v) (cat-631). Caber recordar que ambos acontecementos aparecen relacionadas co de Goliat no propio texto bíblico (Samuel 17, 37).

Outra escena da mocidade de David que ten certa presenza no corpus é a da súa unción por Samuel (1 Samuel, 16). Rexistrei dela 14 imaxes, en libros realizados na súa maioría en Francia e Italia. A metade aparecen en espazos secundarios das iluminacións (Nova York, PML, MS M.285, 118v) (cat-843) e a outra metade se presentan como a miniatura principal ou única (Nova York, PML,MS M.813, Fol. 110v) (cat-893). E tamén se vén asociadas, en certos casos, con outras escenas de pecado ou arrepentimento de David. Como acontece coas do triunfo do pastorciño sobre os animais salvaxes, o emprego da escena da súa unción por Samuel remite ao papel de David como elixido de Deus, o que xustifica o feliz desenlace dos episodios menos edificantes da súa biografía.

En 10 manuscritos do corpus ofrécese outra imaxe relacionada coa biografía do rei bíblico que ten que ver co episodio da morte dun dos seus fillos, Absalón. A presenza deste personaxe na sección dos salmos dos libros de horas xustificaríase pola alusión que a el se

USC DE COMPOSTELA

fai no título do último dos sete, o 142 (*Psalmus David, quando persequebatur eum Absalom filius ejus*), se ben as miniaturas onde aparece ilustran a páxina inaugural da sección (o texto do salmo 6) salvo nun caso. Nove das dez imaxes compiladas inclúense en ámbitos secundarios das iluminacións e en dúas destas aproveitouse a circunstancia para pintar o rei na miniatura principal cun xesto de dó, rachando as vestiduras ou golpeando o peito (París, B de l'Arsenal, Ms 0651 réserve, fol. 74r) (cat-1026). Dado o texto penitencial no que a imaxe se insire, o recurso a este ademán tira proveito unha vez máis do carácter ambivalente do aceno que une dó e contrición, e que, como se recordará, vimos xa nunha imaxe de Betsabé compunxida pola morte do seu fillo. David rachando as vestiduras aparece noutras 4 imaxes do corpus, tres italianas, sendo máis difícil determinar nelas a causa do ademán do Rei. En calquera caso, cabe concluír que o dramático xesto, sexa cal for a súa causa, non desentoa na iluminación do texto penitencial, por razón precisamente desa polisemia do aceno que revelan as dúas imaxes relacionadas coa violenta morte de Absalón.

Entre as ilustracións de Absalón tópase a miniatura que ilumina o salmo 142 nas *Belles Heures* do Duque de Berry, que amosa a David montado nun cabalo sendo perseguido por outro cabaleiro (Nova York, The Metropolitan Museum of Art, Acc. No. 54.1.1, fol. 72r) (cat-946). A imaxe foi interpretada como a persecución de que foi obxecto rei bíblico por parte deste fillo, aducíndose a súa relación co título do salmo[149]. Na miña opinión, e tendo en conta o uso que da ilustración literal se fai nas miniaturas dalgúns dos Salmos Penitenciais neste códice[150], non se debería descartar que se buscase incorporar nela simultaneamente as alusións que recolle o texto do salmo aos inimigos que perseguen a alma do salmista, mencionados con insistencia en ata tres versículos (o 3 o 9 e o 12). Incluso se diría que a énfase posta nese camiño tan ben delimitado polo que discorre a persecución, xunto co expresivo xesto do rei alzando os brazos cara o alto, constitúen unha tradución visual doutro versículo do salmo, o oitavo: "Amósame o camiño que debo seguir, pois cara a ti alcei a miña alma" ["*Notam fac mihi viam in qua ambulem, quia ad te levavi animam meam*"].

Fóra da biografía de David, o corpus rexistra outras escenas e motivos susceptibles de seren encadrados, dun xeito ou doutro, no marco penitencial. Aquelas que mostran especificamente prácticas relacionadas co sacramento son, en contra do que cabería esperar, extremadamente raras. Apenas as localicei en seis manuscritos, a maioría deles datados en época temperá. E tendo en conta que o número de manuscritos dos séculos XIII e XIV que

149 Stein (2010)

150 No salmo 6, fol. 66r e no salmo 37 fol. 67v

compilei é moi inferior aos datados nos séculos seguintes, cabe deducir que este tipo de escenas deberon ter bastante relevancia como ilustración da sección dos sete salmos nos libros de horas máis antigos, especialmente na décimo terceira centuria. Aparece en tres do século XIII (sobre un total de 11 no corpus datados neste período): as *Horas De Brailes* - cunha imaxe de David sendo azoutado por un crego- ; nun libro italiano (Cidade do Vaticano, BAV, Borg. Lat. 355, imaxe 21) (cat-386), que presenta a figura dun devoto e un relixioso identificados como un penitente ante un frade[151]; e, no último cuarto do mesmo século, nun salterio-horas realizado en York que inclúe na inicial do salmo 6 unha dobre escena cunha imaxe de confesión e outra de penitentes sendo azoutados por outro relixioso (Londres, BL, Add. 89379, Fol. 62r) (cat-556). No século XIV, un manuscrito elaborado en Ferrara arredor de 1385 (Forli, Biblioteca Comunale, ms.324, Fol. 164) (cat-491) contén a escena de absolución dunha devota. Con todo, a imaxe máis complexa que contén o corpus relativa á práctica sacramental está datada no segundo cuarto do século XV, e xa tiven ocasión de mencionala cando abordei a cuestión da alusión aos dous sacramentos cuxo obrigado cumprimento foi prescrito polo IV Concilio Laterano e a súa plasmación nas ilustracións dos Salmos Penitenciais. A iluminación contén, en efecto, dúas escenas de confesión e outras dúas relativas á boa e á mala comuñón (Nova York, PML, MS M.1089, fol. 118v) (cat-921). Os 2 exemplos restantes con escenas de práctica penitencial rexistrados no corpus son de época serodia (fin do século XV-principios do XVI) e pertencen un deles a un manuscrito elaborado nos Países Baixos, cunha escena de absolución dunha devota, e outro a un códice francés, cunha imaxe de David flaxelándose (Madrid, BNE, VITR/24/3, pax. 188 (imaxe 102) (cat-649).

Vínculo estreito coa actividade penitencial ten tamén o tema dos sete pecados capitais, presente así mesmo no corpus, como xa tivemos ocasión de ver. E igual que sorprende o reducido número de escenas sacramentais compiladas, sorprende igualmente a escasa incidencia deste tema, tendo en conta non só os lazos entre o setenario e a confesión senón o feito de que o seu número coincide co dos Salmos Penitenciais, e de que ambos conceptos aparecen vinculados na literatura penitencial e incluso no texto desta sección nalgúns libros de horas[152]. O corpus presenta só 9 códices con representacións do setenario

151 Así identificado por Claire Stocks (1998, fig. 233)

152 Véxase a inscrición "*psalmi VII contra peccata VII*" no comezo da sección dos sete salmos en Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 156, fol. 84r. (cat-300)Véxase ademais J. Planas en Planas, Docampo 2016, 28 e n. 76 sobre a existencia dun rolo iluminado na rexión de Padua-Emilia cara o 1400 no cal

nos Salmos Penitenciais e outro manuscrito a maiores no que se ilustran, mediante escenas bíblicas empregadas como *exempla* de cada un deles, unha serie de oracións contra os pecados capitais, situadas ao final do texto de cada un dos sete salmos[153]. A maioría das imaxes compiladas son francesas e de datación serodia. A máis antiga que rexistrei provén, non obstante, de Italia, e non inclúe o setenario completo. As figuras aparecen en medallóns nas esquinas da primeira páxina dos salmos e rodean unha das escenas sacramentais que mencionei máis arriba, a da absolución dunha devota (Ferrara, 1385: Forli, Biblioteca Comunale, ms.324, Fol. 164) (cat-491). Só resulta doada a identificación de 2 vicios (avaricia e gula). Nos outros dous medallóns vese unha muller cun espello (que pode aludir á luxuria ou á soberbia) e un rei cun cetro na man (que pode representar a soberbia ou, simplemente, o rei David, ou mesmo aludir na persoa do rei bíblico ao primeiro pecado)[154]. O deste manuscrito é o único exemplo que rexistrei no que a relación entre a práctica do sacramento e as personificacións dos pecados se fai explícita visualmente. No resto dos casos o que temos son representacións do setenario, mediante escenas alegóricas ou personificacións, illadas ou vinculadas á figura de David.

Dous dos manuscritos que presentan o setenario xa foron mencionados en varias ocasións neste epígrafe, cando se tratou a iconografía de David como pecador e arrepentido. Trátase dos códices relacionados co Mestre de Bedford e datados respectivamente no primeiro e segundo cuarto do século XV (Nova York, PML,MS M.0453, Fol. 98v.(cat-875); Londres, BL, 18850, fol. 96r) (cat-533). Como xa vimos no seu momento, os vicios aparecen alí en medallóns ou imbricados na decoración vexetal da orla, rodeando un compartimento central no que se representaron varias escenas do Episodio Betsabé/Urías. Os pecados nas orlas acompáñanse da correspondente virtude contraria. En ningún outro manuscrito do corpus volven aparecer imaxes alusivas ás sete virtudes nos Salmos Penitenciais, salvo un no que se fai referencia textual ás mesmas ao final do texto ("*pour se garder des sept peches mortels il fault prandre les vertus opposites...*") para a continuación presentar imaxes das

---

se relacionan os Pecados Capitais e os sete salmos. Exemplos de vínculo entre ambos conceptos na literatura penitencial menciónanse no epígrafe 2.2.1.

153 Cabe sinalar, ademais, a presenza dun ciclo que reúne os pecados capitais, as virtudes e os castigos dos vicios no inferno no chamado Libro de Horas de Carlos V, salvo que non se empregaron para ilustrar os sete salmos, senón o Oficio de Defuntos (Madrid, BNE, VITR/24/3, p. 256-269).

154 Stocks (1998), p. 244 describe a muller que se mira no espello nesta iluminación como representación do orgullo ou a vaidade, pero como xa tiven ocasión de recordar anteriormente (epígrafe 3.5.3.2.1), e pode verse nalgúns dos libros compilados no corpus e en tantas outras obras artísticas, a figura que sostén un espello empregouse tamén para simbolizar o vicio de Luxuria, sobre todo cando quen sostén o obxecto é unha muller (ver París, BNF, NAL 3244, fol. 127 (cat-1142); Londres, BL, Yates Thompson 3. fol. 172v) (cat-602).

súas alegorías nuna serie que comeza nas derradeiras páxinas dos sete salmos pero se desenvolve sobre todo na sección seguinte (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 411 , fol. 84r e seguintes) (cat-706).

As imaxes do setenario dos vicios compiladas ofrecen un rico abano de variantes, tanto no xeito de representalos (mediante personificacións, escenas de pecado ou de castigo), como no modo de dispoñelos nas páxinas que os acollen. No cadro que se mostra a continuación sintetízanse as características xerais da representación dos sete pecados capitais no corpus. Na ficha correspondente do catálogo pode verse o conxunto das imaxes en cada manuscrito.

Cadro 8. Imaxes dos Pecados Capitais nos Salmos Penitenciais	
Forli, Biblioteca Comunale, ms.324 (cat-491)	1 páxina. Situados no comezo dos sete salmos: 3 (ou 4) personificacións en medallóns
Londres, BL, Additional 18850, fol. 96r, (cat-533) *Libro de Horas Bedford*	1 páxina. Situados no comezo dos sete salmos. 7 personificacións de vicios e virtudes en medallóns.
Londres, BL, Yates Thompson 3, (cat-602) *Horas Dunois*, Fols 157r e seguintes.	6 páxinas. Situados no comezo de cada salmo a partir do 31. Un vicio por cada salmo agás o 31 que contén dous. 7 Personificacións cabalgantes sobre animais simbólicos.
Madrid, BNE, Res/187 fols. 78-89 (imaxes 165-187) (cat-640)	7 páxinas. Situados no comezo dunha oración contra os pecados capitais que remata cada un dos sete salmos. 7 Escenas bíblicas
Madrid, BNE, Vitr/24/10, *Libro de horas de los siete Pecados Capitales* (cat-651)	7 páxinas. Situados no comezo de cada salmo. 7 personificacións asociadas a animais simbólicos. Unha única personificación cabalgante (Orgullo), o resto son figuras erguidas cun animal aos pes.
New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 411 fols.75v-81v (cat-706)	13 páxinas. 7 Personificacións asociadas a animais simbólicos situados aos seus pés. Situadas a partir do texto do salmo 31 en viñetas verticais con alegorías de cada pecado na marxe do verso dun folio e do castigo correspondente na marxe do recto do folio contiguo, agás o derradeiro, que une pecado e castigo nunha mesma páxina.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nova York, PML, MS M.453, fol. 98v (cat-875) (cat-875)	1 páxina. Situados no comezo dos sete salmos. Personificacións de vicios e virtudes en medallóns.
Nova York, PML, MS M.1001 fols. 84r-98r (cat-905)	7 páxinas. Situados no comezo de cada salmo. En cada páxina combínase unha personificación cabalgante sobre animal simbólico, unha escena da vida cotiá representativa do vicio, e un demo asociado ao mesmo.
París, Bibliothèque Mazarine, ms. 0473, fol. 131r (cat-1037)	1 páxina. Imaxe situada no comezo dos sete salmos. Personificacións cabalgantes sobre animais simbólicos acompañadas da besta apocalíptica. Esbozo inacabado.
París, BNF, NAL 3244, fol. 127, *Horas de Jeanne de France* (cat-1142)	1 páxina. Situados no comezo dos sete salmos. Personificacións cabalgantes sobre animais simbólicos.

Como se pode apreciar neste cadro, o setenario está representado ao completo en todos os manuscritos menos nun. Os vicios aparecen en medallóns nos códices máis antigos, un italiano e dous franceses. Nos máis tardíos sitúanse en viñetas ou en miniaturas a media páxina ou a páxina completa. Represéntanse como personificacións ou mediante escenas. Alén do libro que contén escenas bíblicas ilustrando oracións contra os pecados, só nun caso se encarna un dos sete pecados nunha figura bíblica. Trátase de Pablo caendo do cabalo como encarnación do orgullo no chamado *Libro de horas Bedford*. As personificacións vense como figuras cabalgantes a lombo de cadanseu animal simbólico en 4 códices de cronoloxía serodia. Noutros dous, o animal se amosa preto da personificación, pero esta está de pé. Nun destes últimos, a imaxe do vicio, situada no verso dunha páxina, asóciase coa correspondente ao castigo do pecado no inferno, no recto da páxina contigua. A representación máis acabada do tema dos pecados capitais que compilei é a que ofrece un manuscrito francés datado cara a 1475 (Nova York, PML, M.1001, Fol. 84r e seguintes) (cat-905), no cal se amosa unha tripla versión iconográfica dos vicios: cada unha das páxinas que os conteñen mostra na parte superior e principal da ilustración a personificación a lombo dun animal e na parte inferior a conduta pecaminosa correspondente mediante unha vívida escena da vida cotián; cada un dos pecados relaciónase, ademais, cunha figura demoníaca singular, identificada por un nome propio inscrito nunha cartela.

En dous manuscritos do corpus establécese unha relación directa entre David e cada un dos pecados capitais. No chamado *Libro de horas de los siete pecados capitales* (cat-651) o rei preséntase sucesivamente a carón das personificacións de cada un deles como

cabaleiros asociados a animais simbólicos. En Londres, BL, Yates Thompson 3, fols. 158v e seguintes (cat-602) establécese unha relación entre cada un dos pecados e algún episodio da vida de David. Este vínculo faise mediante rúbricas que preceden, desde a páxina contigua, a cada unha das imaxes, e nelas se explica que David compuxo cada un dos salmos como resultado de ter cometido o correspondente pecado ilustrado ou pola relación deste con algún suceso da súa vida. Unicamente no caso da Luxuria o vínculo entre o pecado e a biografía de David se fai tamén no plano iconográfico, pois trala muller a lombo dun macho cabrío en primeiro plano se divisa a escena de David ollando a Betsabé bañándose nun barcal.

Outras imaxes recollidas no corpus susceptibles de seren vinculadas co tema penitencial inclúen o Varón de Dores e a figura de Madalena. Ningunha delas parece que se prodigase tampouco nos libros de horas. Polo que a Madalena se refire, só a rexistrei en 5 manuscritos. Un deles, un manuscrito italiano que acode dobremente á súa imaxe no comezo dos sete salmos: como penitente na inicial do texto e como protagonista da escena de *Noli me tangere* na miniatura de procedencia nórdica engadida na páxina adxacente. (Cidade do Vaticano, BAV, Vat.lat.6259, fols. 191v-192r) (cat-413). Outro códice que presenta a Madalena, serodio, amosa a escena do lavatorio de pés en casa do Fariseo. (A Haia, KB, 130 E 5, Fol. 105v) (cat-57)

Canto ao Varón de Dores, rexistrei unicamente 3 exemplos desta figura, nos cales se establece unha relación visual do Fillo de Deus con algún elemento ou figura penitencial. Nun deles -un libro de horas holandés de mediados da décimo quinta centuria- Cristo sostén o obxecto que alude á flaxelación (os vergallos). E o mesmo acontece coa xa mencionada imaxe do libro de horas de Catherine de Cleves, no que, ademais, o sepulcro do que xorde Cristo vese rodeado de penitentes (Nova York, PML, MS M.917/945, Fol. 151r) (cat-900). No outro libro de horas con esta imaxe, datado no primeiro cuarto do século XVI, proveniente da Península Ibérica -quizais de Cataluña- a figura de Cristo vese rodeada de tres santos, estando en primeiro termo e en lugar privilexiado -á altura da propia Virxe- San Xerome retratado como penitente (Baltimore, Walters Art Museum, W.420, fol. 203v) (cat-213).

Outra escena con escasa incidencia no corpus é a do Inferno como representación illada, tal e como xa tiven ocasión de apuntar no capítulo dedicado ao Xuízo final. unicamente rexistrei 7 casos e varios deles relacionados cun único artífice, o Mestre das Iniciais de Bruselas (Londres, BL, Additional 29433, fol. 89) (cat-539).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Finalmente, o corpus contén dous exemplos dunha escena que nin é facilmente identificable nin está clara a razón da súa presenza como ilustración do texto dos Salmos

Penitenciais. Aparece como escena secundaria en dous manuscritos do corpus realizados en Rouen na segunda metade do século XV e nela móstrase un guerreiro durmido diante do cal se exhiben tres mulleres espidas e unha figura masculina. Nun deles a imaxe asóciase á á escena do Baño de Betsabé (Nova York, PML, MS M.312, fol. 80r) (cat-853) mentres que no outro o fai á figura de David en actitude devota (Colección privada, Libro de Horas propiedade da familia Villefosse) (cat-435). A escena foi identificada como a representación da Lenda do Rei de Mercia ou como o Xuízo de Paris[155].

Do resto de escenas rexistradas no corpus fóra dos cinco grandes grupos temáticos, todas cun número moi reducido de exemplos, dase conta na Lista de Títulos normalizados cos que indexei as miniaturas do catálogo (ver Volume II, 2). Farase puntualmente alusión a algunha delas nos seguintes capítulos deste traballo.

3.7. MANUSCRITOS CON ILUSTRACIÓNS EN VARIAS PÁXINAS DO TEXTO DOS SALMOS PENITENCIAIS

Se ben na inmensa maioría dos manuscritos do corpus a iluminación dos Salmos Penitenciais limítase ao inicio do texto -con ilustracións nunha páxina ou en dúas contiguas- non faltan códices, como algúns dos que acabamos de ver coas imaxes dos sete pecados capitais, nos que se iluminaron outras páxinas da sección, ben ao comezo de cada un dos sete salmos ben en todas ou moitas das páxinas do texto, normalmente nas marxes. O corpus contén un total de 36 manuscritos con estas características. No apartado "Texto ilustrado" da ficha de cada un deles no Catálogo incluíuse a frase normalizada **Varios Salmos Penitenciais**, co fin de que poidan seren localizados todos facilmente mediante a ferramenta de busca do arquivo. Nalgunhas destas fichas están descritas as imaxes máis en detalle así como as inscricións asociadas de ser o caso. As ilustracións recollidas e descritas nas fichas revelan nun golpe de vista ata que punto houbo ou non unha intención de desenvolver un ciclo determinado axustado ao texto penitencial, ou de utilizar imaxes concibidas para ilustrar cada un dos salmos. Porque en certos códices, as iluminacións desta sección son simplemente un fragmento de ciclos (normalmente ilustracións do relato bíblico) que se desenvolven ao longo de todas ou moitas das páxinas do libro de horas e que, polo tanto,

155 Durrieu (1920) foi o primeiro en chamar a atención sobre esta iconografía e propoñer a súa identificación coa Lenda do Rei de Mercia. Walker Vadillo (2013, 190-191) viu nela o Xuízo de Paris e xustifica a súa aparición en relación coa escena do Baño de Betsabé acudindo a un comentario de Christine de Pizan sobre o episodio mitolóxico. Véxase ademais: Nagy (2018)

non teñen relación específica co texto dos sete salmos[156]. Así e todo, resulta interesante comprobar o interese dos artífices dalgún destes manuscritos por facer que a tradución visual do relato bíblico que se desenvolve nas páxinas do códice coincida, ao chegar aos Salmos Penitenciais, coa parte do relato de Samuel cuxa ilustración é propia deste texto (escenas do Episodio Betsabé/Urías ou do arrepentimento do Rei). Por outra parte, en determinadas ocasións, estes ciclos bíblicos que transcorren ao longo de todo un libro poden aparecer interrompidos para situar nos Salmos Penitenciais, ou en determinadas páxinas, como a que contén o *incipit* do texto, unha escena ou motivo tradicional na iluminación deste apartado dos libros de horas. Un bo exemplo desta forma de proceder é o chamado *Libro de Horas de Carlos V*. Nel poden verse escenas do Antigo Testamento nas páxinas de oracións que anteceden o Oficio da Virxe así como nas que conteñen o texto correspondente á primeira hora deste oficio. A partir de Matíns comezan as escenas do Novo Testamento. Malia esta organización da decoración, ao chegar aos Salmos Penitenciais, cuxo texto segue ao das horas da Virxe, tórnase ao Antigo Testamento como fonte das imaxes, pois as súas páxinas están ilustradas con escenas da vida de David, especialmente as relacionadas co relato das súas transgresións no Episodio Betsabé/Urías e no Episodio do Censo (Madrid, BNE, VITR/24/3, páxs. 176-195 (imaxes 96-105) (cat-649).

156 Estas escenas que son prolongación de ciclos marxinais non contan cun título normalizado na lista de títulos coa que indexei as imaxes. Nas fichas do catálogo dos manuscritos correspondentes inclúo unha descrición das mesmas non normalizada ou, se se trata dun gran número de escenas, remito á consulta no recurso onde se localiza o manuscrito.

CAPÍTULO 4. AS IMAXES DE DAVID ARREPENTIDO: REFLEXIÓNS SOBRE A SÚA DESCRICIÓN E ALCANCE

O relato bíblico constitúe o fundamento das imaxes de David en actitude devota que ilustran o texto dos Salmos Penitenciais, pero como é de esperar tratándose de calquera obra artística inspirada na Biblia, o texto sagrado pode resultar insuficiente para aclarar o alcance destas representacións. Nas páxinas que seguen quixera contribuír, mediante o emprego doutras fontes -tanto visuais como literarias-, a deitar unha luz suplementaria para afondar na comprensión do alcance moral da imaxe así como de aspectos concretos en determinadas iluminacións. Acudindo á esexese do texto bíblico -de Samuel e Crónicas e dos propios Salmos Penitenciais-, ás paráfrases destes, a outras obras literarias e á tradición figurativa de David, e a partir, sobre todo, da observación da ampla serie de miniaturas do corpus da tese, tentarei aportar algún matiz á visión e descrición tradicional destas imaxes, así como ofrecer propostas de lectura alternativas ou complementarias para determinadas miniaturas.

4.1. O EPISODIO DO CENSO *VERSUS* O EPISODIO BETSABÉ/URÍAS (E NATÁN *VERSUS* GAD)

Tentarei, en primeiro lugar, poñer de relevo o papel do Episodio do censo para entender estas imaxes en determinados períodos, unha cuestión que semella ter sido algo relegada pola bibliografía. En efecto, nos traballos que abordan a descrición da imaxe de David en actitude devota nos Salmos Penitenciais (e incluso en contribucións que tratan desde outros puntos de vista os Salmos Penitenciais) adóitase aludir á faceta de David como pecador, pero téndese a poñer o acento, explícita ou implicitamente, na idea da expiación polos crimes de adulterio e homicidio, é dicir, os vencellados ao Episodio Betsabé/Urías[1]. Creo que compre reformular o peso que puido ter nestas imaxes o outro relato, especialmente nos libros de horas de cronoloxía máis avanzada.

1 Refírome especialmente a moitas contribucións que examinan algún libro de horas determinado e describen a ilustración de David arrepentido nos Salmos Penitenciais acudindo en exclusiva a este tópico. Sirva a modo de exemplo o artigo de Gregory Clark (2003, 33-34) no que se describe unha imaxe xenérica de expiación de David nas *Horas Spitz* explicada unicamente en función do relato de Betsabé e Urías, por máis que na miniatura non hai referencia visual ningunha a este episodio. Algúns autores que trataron a iconografía dos Salmos Penitenciais tamén se inclinan nesta dirección: Clare Costley King'oo (2012, 42, 48) cita brevemente o relato do censo cando menciona as imaxes que inclúen un anxo cos tres obxectos pero non alude nunca ao pecado de soberbia, e declara expresamente que David "cometeu dous

4.1.1. Un anxo e dous profetas

Á marxe da escasas representacións das personificacións dos tres castigos, ou da do castigo de Israel pola peste, e da aínda máis rara dedicada á orixe do castigo - a elaboración do censo de Israel, da que, como se recordará, só rexistrei unha ilustración, nas *Horas Sforza*-, non hai que esquecer que bastantes miniaturas de David arrepentido recollidas no corpus conteñen elementos que derivan unicamente da narración do reconto do pobo de Israel no texto bíblico. Refírome en particular á figura do Anxo do Señor (*angelus Domini)*. Por outra parte, o testemuño que ofrecen textos contemporáneos dos libros de horas e nos cales se vinculan os dous relatos dos pecados do Rei bíblico apuntan á necesidade de considerar unha presenza algo máis digna de ser tida en conta do Episodio do censo no imaxinario de artífices e público destas imaxes. A existencia dunha tradición figurativa dos dous relatos axuda así mesmo a reivindicar a presenza do do censo nas imaxes dos Salmos Penitenciais.

4.1.1.1. As transgresións de David nos textos e na tradición figurativa. O anxo cunha espada

Da importancia do pecado de David menos mencionado pola bibliografía temos unha boa proba nun manuscrito ao que xa tiven ocasión de referirme no capítulo 2[2]. Refírome a aquel que contén a paráfrase dos Salmos Penitenciais de Jehan Germain, que no códice que custodia a Biblioteca Real de Dinamarca (Copenhage, Det Kgl. Bibliotek, Ms. NkS 50h 8°) presenta o texto de cada un dos salmos acompañado dunha miniatura, así como de escenas figuradas nas marxes do texto. Os asuntos das iluminacións céntranse nas dúas transgresións de David, o episodio do adulterio e o da elaboración do censo, pero neste último de forma privilexiada, pois abre a paráfrase tanto visualmente -a través das imaxes que ilustran o salmo 6- como textualmente, mediante as lendas que explican as respectivas escenas[3].

---

pecados", adulterio e homicidio. Lynn Staley (2007, 221, 223), que examina literatura de esexese sobre os sete salmos, cita unicamente como pecados do rei os de adulterio e homicidio.

2 Epígrafe 2.2.2.

3 Véxase a transcrición das lendas e a descrición das miniaturas (os enlaces as imaxes non están operativos) dos fols. 25v-26r deste manuscrito na páxina web do Center for Håndskriftstudier i Danmark: http://manuscripts.org.uk/chd.dk/nks/n50ps6.html

A glosa moral do salmo 6 de Nicolas de Lyre tamén relaciona o mesmo episodio co primeiro salmo penitencial, pois comeza dicindo que David compuxo este salmo como penitencia por ter elaborado o censo do pobo de Israel:

Psalmum istum fecit david penitens de numeratione populi ad iactantiam regni sui.[4]

Por outra parte, no xa mencionado *Gast of Gy*, o relato inglés do século XIV que, lembremos, estaba protagonizado por un defunto que acosaba a súa viúva, o finado non só fai apoloxía dos sete salmos, senón que insiste ademais na importancia que ten en particular o salmo 6, porque é o que vence o orgullo[5]. Tendo presentes estes testemuños que vinculan o primeiro salmo penitencial co episodio do censo ou coa "xactancia" e o orgullo, á hora de analizar as imaxes dos Salmos Penitenciais cómpre recordar que a este salmo, precisamente por ser o primeiro da serie, están asociadas a maioría das imaxes de David arrepentido que nos chegaron.

Entre os textos contemporáneos do período no que se produciron os libros de horas e que tratan as dúas transgresións de David se encontran as Biblias moralizadas, que comentan estes sucesos tipolóxica e moralmente, tanto no texto como a través das ilustracións. A interpretación que se fai de ambos nestas obras ten interese, como veremos máis adiante, para axudar a contextualizar e entender determinadas ilustracións dos Salmos Penitenciais. Nestas Biblias, así e todo, os dous relatos aparecen separados por outros episodios da vida de David, do mesmo xeito que no texto de Samuel. Non acontece o mesmo con outro texto contemporáneo das primeiras Biblias moralizadas, o *Speculum Historiale* de Vincent de Beauvais, obra que, como é sabido, gozou de gran difusión en época medieval[6]. Neste texto, o tema dos pecados e a penitencia do Rei bíblico son tratados en dúas ocasións, e en ambas aparecen vinculados un co outro. Na versión en francés do *Speculum Historiale* realizada por Jean de Vigny cara a 1320-1330, titulada *Miroir historial,* estes sucesos abórdanse, en primeiro lugar, no capítulo 71, onde se alude

4 *Biblia Latina cum glossa ordinaria* 1498, *Tertia pars*, o2 verso, col. dereita (véxase "*Moraliter*") [páxina localizada no vol03_1, imaxe 188, do facsímile dixital referenciado na bibliografía]

5 Bloomfield 1952, 178

6 Sobre os numerosos manuscritos que chegaron ata hoxe do *Speculum historiale*, véxase: Duchenne, Guzman e Voorbij 1987.

a ambos nun breve fragmento. Transcríboo a continuación, a partir do texto que ofrece un manuscrito de 1333 que alberga a BNF (París, BNF, Français 316, fol. 112v)[7]:

> ***Et en la parfin pour le pechie que il avoit fait en urie et en sa fame***. *Il se humilia et recut la misericorde devine. Et de son fils propre et des autres. Il soustint volentiers et paisiblement reproches et persecutions.* ***Et en la parfin pour le mesfait du pueple nombre*** *il fist i autel a terre. La ou le temple de nostre seigneur fu fait apres. Et la en offrant paisibles sacrefices recut le pardon que dieu delaissoit au peuple leur pechie. Et aprez il appareilla les choses a faire le temple*

No condensado resume que ofrece este fragmento sobre as faltas cometidas por David, así como sobre a súas respectivas expiacións, non se concede máis importancia a un relato bíblico que a outro, pois se menciona tanto o adulterio e o homicidio como o reconto do pobo de Israel. Noutro manuscrito do *Miroir historial*, custodiado no Jean Paul Getty Museum e realizado en Gante arredor de 1475, este fragmento está ilustrado pola imaxe que é tradicional nos Salmos Penitenciais en libros de horas contemporáneos, aquela que amosa a David rezando solitario situado nun ambiente agreste (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig XIII 5, v1, fol. 119v [**Fig. 72**]. A semellanza do que vemos en certas ilustracións contemporáneas dos libros de horas, o Rei diríxese nesta ilustración a un anxo no ceo que sostén unha espada semienvaiñada. Nada permite deducir, á vista do texto que ilustra, a que episodio da vida de David corresponde a ilustración.

Algo máis adiante no *Miroir historial* vólvense vincular ambos relatos cando se abordan, desta vez en dous capítulos sucesivos, os dous episodios pouco edificantes da vida do Rei. O capítulo 74 menciona o adulterio e o homicidio de Urías e informa de que David escribiu o salmo 50 como consecuencia do seu pecado con Betsabé, poñendo o acento no acto de confesión do Rei ante Natán. Inmediatamente a continuación, no capítulo 75, reprodúcese literalmente un fragmento da obra de Agostiño *Contra Faustum*, onde se alude ao castigo pola elaboración do censo. Agostiño neste texto desculpa o acto de David destacando que, despois de contabilizar o pobo de Israel e verse obrigado a

7 A tradución foi realizada por encargo da raíña Jeanne de Bourgogne. Segundo Fuensanta Murcia (2020, 14 n. 12) non existe edición crítica desta obra e o manuscrito citado (Français 316) é o máis próximo á data de realización da tradución por Jean de Vignay

escoller un castigo por este acto de soberbia, quixo sacrificarse el mesmo en lugar dos seus súbditos[8].

No século XV contamos con outro testemuño significativo da equitativa importancia de ambos relatos. Nun conxunto de pezas dramáticas reunido baixo o título *Mystère du Vieil Testament,* publicado no século XVI pero de cronoloxía anterior a esta data, abórdanse, entre outros sucesos da vida de David, os dous que se refiren ás súas faltas[9]. Esta obra aporta un contexto adicional de interese para valorar determinados elementos presentes nas ilustracións dos Salmos Penitenciais e a súa posible alusión ao episodio do censo en particular. O período de creación e representación do drama coincide co tempo no que nas ilustracións do texto penitencial aparecen con máis frecuencia aquelas figuras e motivos susceptibles de seren vinculados especificamente con este relato: o anxo cunha espada e o profeta Gad. O texto do *Mystère* concede bastante importancia ao castigo que Deus infrinxiu ao pobo de Israel por causa de David, ao tempo que saca partido dramático do asunto. Na parte dedicada a este episodio, a explicación dos tres castigos entre os que debe escoller David se repite con insistencia, a semellanza do que acontece no propio relato de Samuel: primeiro Deus explícallos a Gad e a continuación este repítellos ao Rei. O Anxo, a continuación, portando unha "*glaive de justice*", executa o castigo seleccionado por David procedendo a sacrificar a diversos personaxes anónimos que representan o pobo de Israel sendo castigado pola "*pestilence"*. Estes personaxes van aparecendo sucesivamente (denominados "*Le premier"*, "*Le second"*, etc.), dialogan co anxo e, a continuación, este sacrifícaos. O Anxo do Señor neste acto ten aínda máis protagonismo que o propio Gad. En cambio, non aparece anxo ningún na dramatización dos sucesos nesta obra ligados ao pecado de David con Betsabé,

8 O texto de Agostiño reza: "*Ibi in gregem sibi commissum tanta dilectio pastoralis, ut pro eis ipse vellet mori, quando populo numerato peccatum elationis ejus sic punire placuit Deo, ut eumdem numerum minueret morte multorum, cujus multitudine cor regis fuerat superbia pertentatum*". Pío de Luis ofrece a seguinte tradución en castelán: : "*Allí el gran afecto pastoral hacia la grey a él confiada, hasta el punto de querer morir por ellos, cuando plugo a Dios castigar su pecado de orgullo al censar al pueblo, de tal modo que, haciendo que murieran muchos, redujo dicho número cuya magnitud provocó que la soberbia tentara al corazón del rey"* (Agostiño 1993, 592). Pode lerse a versión en francés por Jean de Vigny deste fragmento de Agostiño no fol. 114r no manuscrito xa mencionado do *Miroir historial* (1333): BNF Français 316, fol. 114r. O texto dos dous capítulos, 74-75, ocupan os fols. 113v-114r.

9 Segundo Elsa Guyot, O *Mystère du Vieil Testament* foi elaborado a mediados do século XV, e coñeceu tres edicións e dúas representacións en París a comezo do XVI (Guyot 2013, 10). Pode consultarse información e bibliografía sobre esta obra na ficha "Le Mystère du Vieil Testament" na base de datos: *Arlima, Archives de Littérature du Moyen Age*. Sobre a figura do rei David no teatro, incluído o seu tratamento no *Mystère du Vieil Testament* véxase: Mazouer 2009.

algo que é coherente, por outra parte, co relato bíblico. No *Mystère*, a intervención do Anxo do Señor remata cando Deus lle ordena envaiñar a espada[10].

A tradición figurativa ofrece tamén exemplos temperáns de obras que traducen visualmente o Episodio do censo. A mediados do século XII, na portada do Mosteiro de Santa María de Ripoll, representouse a escena que inclúe o Anxo do Señor, a matanza do pobo e a intercesión de David ante o Anxo[11]. É de salientar a envergadura que ten no relevo de Ripoll o ser celestial enarborando unha espada, empoleirado nos muros da cidade de Xerusalén. Outra obra de interese, aínda máis significativa para o propósito que nos incumbe, é a cuberta superior de marfil do Salterio da Raíña Melisenda (ca. 1131-1143)[**Fig. 73**][12], pois nela, como xa tiven ocasión de comentar no epígrafe dedicado á derrota de Goliat, escolleuse como escena de arrepentimento do rei a que ten lugar por causa da elaboración do censo. O carácter penitencial da imaxe neste marfil non deixa lugar a dúbidas, pois David se amosa prostrado e confesa, tal e como se expresa na inscrición que o acompaña, "*ego peccavi*", ante Gad [**Fig. 73c**]. O profeta aparece identificado tamén mediante inscrición. Neste relevo, ademais, alúdese plásticamente de forma máis explícita que en Ripoll ao acto de expiación no altar do sacrificio. E vese a man divina, dirixida cara a espada do Anxo, en probable alusión as ordes dadas a este por Deus na versión do episodio en 1 Crónicas, 21: 15 ("basta, detén xa a túa man") e 21:27 ("e dando o Señor a orde ao anxo, envaiñou este a súa espada").

Por outra parte, resulta de interese tamén para a cuestión que nos ocupa observar de que xeito se abordaron determinados detalles dos dous relatos en ciclos de iluminación do texto bíblico. Veremos a continuación tres manuscritos distanciados no tempo pero que teñen en común precisamente o feito de que o Anxo do Señor aparece neles unicamente nas ilustracións do episodio do censo.

---

10 Consultei unha edición dixitalizada de 1542: BNF, département Réserve des livres rares, RES-YF-66. (*Le tres excellent & sainct mystere du vieil testament par personnages, ouquel sont contenues les hystoires de la bible*...1542). O suceso do censo dramatízase nas páxinas B8v a C2v (CCVIIIv-CCXv do facsímile dixital consultado); a "*glaive de justice*" menciónase na páxina C2v (imaxe CCXv do facsímile dixital consultado).

11 Para unha descrición da iconografía da portada véxase: Cabrera 1967; Melero 2003. Pódense consultar imaxes na páxina web do mosteiro Monestir de Santa Maria de Ripoll. Portalada (consulta 17.12.2023)

12 Lémbrese que a imaxe está accesible no *British Library Medieval Manuscripts Blog* https://blogs.bl.uk/digitisedmanuscripts/2022/05/a-marvel-in-gold-and-ivory.html

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No primeiro e máis antigo, a *Biblia de Pamplona* custodiada na biblioteca municipal de Amiens (Amiens, BM, MS. 108), ofrécense dúas imaxes de David en actitude devota a seguir da representación das faltas do rei. Na que culmina as de adulterio e homicidio (f. 95v) [**fig. 74(1)**], David ora dirixíndose a un ser celestial, probablemente a figura divina, pois o texto que ilustra a miniatura é o versículo 3 do *Miserere*: "*Miserere mei, Deus, secundum magnam misericordiam tuam; et secundum multitudinem miserationum tuarum, dele iniquitatem meam".* Na que remata o do censo, unha efixie case idéntica do rei diríxese a outra criatura celeste, probablemente un anxo, que, neste caso, enarbora unha espada, pois a imaxe ten ao pé un texto inspirado en II Samuel 24, 17 [**Fig. 74(2)**] (f. 100v):

> *Dixitque Dauid ad Dominum cum uidisset angelum cedentem populum ego sum qui peccaui ego qui inique feci isti oues sunt quid fecerunt avertatur obsecro furor tuus a populo tuo*

Nesta Biblia, a ilustración do episodio do censo remata coa chegada dos bois á eira de Arauna, na que será construído o altar onde se celebrará o holocausto.

Pouco máis dun século despois, no *Salterio da Raíña Mary* (Londres, BL, Royal 2 B VII), onde se ofrece un ciclo visual da biografía de David que xa tiven ocasión de mencionar, ilústranse tamén ambos episodios por separado, seguindo a secuencia de sucesos narrada en II de Samuel. A figura solitaria de David encarado cun personaxe celestial aparece unicamente na parte do ciclo figurativo dedicada ao do censo. O arrepentimento de David polos actos indignos levados a cabo con Betsabé e en contra de Urías recóllese na ilustración de Natán amoestando a David (fol. 58r) [**fig. 75(1)**], pero ten lugar ante unha multitude de testemuñas e non hai presenza divina. En cambio, David como figura solitaria en actitude de devoción asóciase en exclusiva ao episodio do censo, e faise en dúas ocasións: na primeira, o Rei bíblico diríxese a Deus e recoñece o seu pecado de orgullo, tal e como especifica o texto ao pé da ilustración (fol. 62r) (viñeta situada embaixo daquela onde se representa a David ordenando a Xoab a enumeración do pobo de Israel) [**fig. 75(2)**] ; na segunda suplica ao Anxo do Señor, que se presenta coa espada levantada, clemencia para o seu pobo (fol. 63v) [**Fig. 75 (3)**], nunha imaxe que ilustra o texto de II Samuel 24, 17, o mesmo que acabamos de ver transcrito na *Biblia de Pamplona* ao pé dunha escena equivalente [**Fig. 74(2)**]. No *Salterio da Raíña Mary* esta

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

escena sitúase nunha viñeta embaixo da cal se representa a David ante o altar construído para honrar a Deus con sacrificios, tal e como, segundo o texto bíblico, lle indicou Gad.

O último testemuño que propoño en reivindicación da importancia do episodio do censo é un libro de horas francés (datado cara a 1480-1485) custodiado na biblioteca municipal de Besançon (Besançon, ms. 0148). Neste códice, as imaxes de David arrepentido non se inclúen nos Salmos Penitenciais senón nun ciclo de ilustracións do texto bíblico que se desenvolve ao longo das páxinas do manuscrito. Volve repetirse aquí a situación que acabamos de ver na *Biblia de Pamplona* respecto da ilustración de David e o Anxo. O Rei en oración aparece en varias ocasións neste manuscrito. Dúas delas vencellado ás escenas dos seus pecados. Cando a imaxe se inclúe no conxunto de ilustracións do Episodio Betsabé/Urías, David represéntase rezando coas mans xuntas e a inscricion que acompaña a ilustración especifica que está rezándolle ao Señor*: "Comment david pria nostre seigneur (*fol. 153) [**Fig. 76(1)**]. Cando a iluminación se vincula á parte do ciclo na que se ilustra o Episodio do censo, David aparece tamén orando, pero acompañado agora do anxo con espada, identificado no texto como aquel que atacou o pobo de Israel: fol. 161 [**Fig. 76(2)**]*"Comme david vit lange qui occisoit son peuple".*

Á marxe destes tres ciclos visuais da biografía de David, outro testemuño iconográfico clarificador do estreito vínculo entre o rei, o anxo cunha espada e o Episodio do censo é o que aporta unha miniatura dun salterio datado a finais do século XV. Esta imaxe ten o interese adicional de estar referida ao primeiro salmo penitencial, o salmo 6. Vese nela a tradicional composición que topamos como ilustración deste salmo na sección dos Salmos Penitenciais dos Libros de horas: David orando solitario acompañado dun anxo cunha espada. O texto que a precede non deixa lugar a dúbidas de que o que nela se ilustra é o arrepentimento de David por ter ordenado a Xoab a elaboración do censo das tribos de Israel, algo coherente coa idea apuntada por Nicolas de Lyre de que o salmo 6 foi composto por David para expiar este pecado [**Fig. 78**] (Nova York, PML, M.934, fol. 012r)[13]:

13 A transcrición deste texto tomeina do rexistro iconográfico da imaxe en Corsair (Pierpont Morgant Library).

Ce present pseaulme contient la piteuse oraison et deuote priere que fist le prophete dauid a nostresr de loffense quil avoit faicte ***par presumption orgueilleuse*** *davoir* ***faict nombrer le peuple*** *des xii lignees disrael par son nepueu xoab affin quil sceust le nombre de sa puissance et ce feist il sans payer a dieu le tribut acoustume dont dieu fut contre luy courrousse.*

Un derradeiro argumento en relación coa importancia do Episodio do censo nas artes figurativas encontrámolo nos libros de horas impresos contemporáneos dos seus análogos manuscritos, que inclúen nos gravados que ilustran os Salmos Penitenciais imaxes alusivas a ambos episodios dos crimes de David[14] [**Figs. 88(1) e (2)**]. A difusión dos impresos permite pensar que o segundo relato do pecado do Rei debeu ser familiar para o público contemporáneo.

Os tres ciclos de ilustracións mencionados máis arriba (o da *Biblia de Pamplona*, o do *Salterio da Raíña Mary* e o do libro de horas da biblioteca de Besançon), ademais de confirmar a asociación do anxo que sostén a espada coa narración do censo, explican dun xeito diáfano o papel desta figura alada nas ilustracións. A *Biblia de Pamplona* e o *Salterio da Raíña Mary* recollen a letra do texto bíblico que di que, á vista do Anxo, David interpela a Deus pedíndolle clemencia para o seu pobo e solicitándolle que o castigue a el no seu lugar, pois só del é a culpa. A de Pamplona, recordemos, reproduce literalmente o texto de 2 Samuel 24, 17 con lixeiras variacións: ***Dixitque David ad Dominum*** *cum vidisset angelum caedentem populum.* O fol. 62r do *Salterio da Raíña Mary* parafraséao, a modo de descrición da ilustración:

Coment dauid vist un augel oue unc espeye ensigne descrir [---] ***et dd cria mercy et p[ri]a a deu*** *q[-] la veniaiaunce destendeit de sur ly qe avoit pecchie et deu avoit pite de li e comaunda laugel cesser*

O libro de horas da biblioteca de Besançon, como acabamos de ver, declara que o anxo que David ve é o que aniquilou o pobo: "*Comme david vit lange qui occisoit son peuple*". A idea que se transmite nestes tres exemplos, polo tanto, é que o anxo constitúe, antes de

14 Por exemplo, nunhas *Heures à l'usage de Châlons (*BNF Arsenal Reserve8-T-2530), editadas en París no ano 1534 (describo os gravados no epígrafe 4.1.1.3) ; Claire Costley King'oo (2012, 42, 48) menciona un libro de horas impreso en París por Thielman Kerver en 1532 e outro impreso en 1542 en Amberes por Matthias Crom.

nada, unha visión de David, non un interlocutor. En ningún dos tres casos aparece Deus, pero o texto asociado as ilustracións en dous deles –*Biblia de Pamplona* e *Salterio da Raíña Mary*- nos di que Deus está presente dalgún xeito, pois é o destinatario directo das palabras de David. O Anxo, se atendemos a estas ilustracións lidas en conxunción co texto que as acompaña, é unha sinécdoque da matanza do pobo de Israel (*cum vidisset angelum caedentem populum),* unha parte dese todo que se amosa no relevo da Portada de Ripoll e tamén en ilustracións de catro libros de horas recollidas no corpus (por exemplo: Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 9 (83.ML.105), Fol. 74v) (cat-625) [**Figs. 77, 80**])

Malia os argumentos textuais e visuais aducidos ata aquí, non tería sentido concluír que o anxo cunha espada deba interpretarse automaticamente nas ilustracións dos Salmos Penitenciais como sinécdoque da matanza e, polo tanto, a escena como alusión ao arrepentimento de David pola elaboración do censo. Un anxo asociado á imaxe dos reproches de Natán ten precedentes tamén na tradición figurativa[15], e podería incluso xustificarse, cando o anxo enarbora unha espada, acudindo ao propio texto bíblico, na expresión ameazante que o profeta dirixe a David en II Samuel 12, 10 facéndose eco das palabras de Deus: "A espada non se afastará nunca da túa casa, visto que ti me desprezaches quitándolle a muller a Urías o Hitita para que fose a túa muller" (*"quam ob rem non recedet gladius de domo tua usque in sempiternum eo quod despexeris me et tuleris uxorem Uriae Hetthei ut esset uxor tua").* Creo, con todo, que as obras que levamos visto debería inducir a dubidar, cando menos, o significado das imaxes David arrepentido nas ilustracións nas que este anxo aparece, e quizais inclinar a balanza da lectura nalgunhas delas no sentido do relato do censo. Retomando pois esa "*glaive de justice*" que enarbora o anxo no fragmento que dramatiza este relato no *Mystère du Vieil Testament*, cabe preguntarse se as numerosas imaxes de David arrepentido nas que aparece tamén o anxo que sostén unha espada puideron asociarse por parte do público contemporáneo co suceso da peste sobre o pobo de Israel.

O corpus ofrece unha resposta indeterminada a esta pregunta. Tal e como vimos no capítulo 3, o motivo do anxo cunha espada é frecuente sobre todo en libros de horas datados no último cuarto do século XV e no século XVI. No exemplo máis temperán que

15 Un anxo cunha lanza na man está presente na escena dos Reproches de Natán figurada nun manuscrito bizantino do século IX que contén homilías de Gregorio Niazanceno (París, BNF, Grec 510, fol. 143v) e tamén no chamado *Salterio de Teodoro* (1066) (Londres, BL. Add 19352 , fol. **63v)**.

rexistrei resulta incuestionable que David fai penitencia polo adulterio con Betsabé. Trátase do *Libro de horas de Bedford* Londres, BL, Additional 18850, fol. 96r, (cat-533) no que a relación co episodio aparece explícita no texto inscrito na parte inferior da páxina que sinala que David "*...acomplit le peche avecq la ditte dame et apres si enfist la penitece"*. O mesmo cabe deducir no caso dun manuscrito posterior, procedente de Rouen, no que o anxo coa devandita arma aparece nunha ilustración na que o profeta está identificado como Natán mediante inscrición (Baltimore, Walters Art Museum, W.284, fol. 69r) (cat-210). Cómpre ter en conta, en contrapartida, que non sempre que a imaxe de David orando acompañado dun anxo con espada está asociada a unha ilustración de Betsabé é deducible que David fai penitencia por causa do adulterio con esta. Confirma esta cuestión o xa mencionado *Libro de horas de Marguerite de Coétivy* (Chantilly, Musée Condé, MS 74, fol. 61r) (cat-372) [**Fig. 80**][16]. A ilustración da páxina miniada que abre a sección dos Salmos Penitenciais neste códice contén unha miniatura co Baño de Betsabé como escena principal e varias escenas secundarias organizadas arredor dela, unha delas coa imaxe de David arrepentido. Como no *Libro de horas de Bedford*, este vese acompañado dun anxo con espada de cor vermello. Sen embargo, aquí exhíbese ademais o pobo de Israel sendo aniquilado pola peste, situado en segundo plano sa escena que amosa o rei devoto. Este anxo só pode ser, polo tanto, o que aparece citado no relato bíblico do Episodio do censo. E posto que este episodio alude á soberbia de David, é posible que a presenza do anxo cunha espada na man no chamado *Libro de horas de los siete Pecados Capitales*, que unicamente aparece con David acompañado da alegoría do orgullo, teña tamén que ver co recordo deste episodio da vida do Rei bíblico, asociado especificamente a este pecado (Madrid, BNE, Vitr/24/10, Fol. 102v, imaxe 227) [**Fig. 79**].

Exceptuando, pois, aquelas ilustracións nas que a lectura non ofrece dúbidas, ben porque aparece inscrición ou texto explicativo -como no caso do manuscrito do Mestre de Bedford-, ou ben porque aparece o pobo castigado asociado ao arrepentimento de David, -como no de Marguerite de Coétivy, ou calquera dos outros rexistrados no corpus que amosan os cadáveres dos israelitas-, resulta difícil determinar a que episodio se refiren, se é que se refiren a algún en concreto, aquelas escenas nas que David se ve

16 A espada apréciase con maior claridade na imaxe da miniatura dos Salmos Penitenciais deste manuscrito en Wikimedia Commons (consultado 15.01.2024)

acompañado dun anxo cunha espada sen máis aditamentos ou sen texto que clarifique o significado da imaxe[17]. Trátase da maioría dos casos rexistrados no corpus.

A única conclusión certa, polo tanto, é que aquela figura celestial cuxa identidade estaba tan claramente asociada na ilustración dos tres ciclos bíblicos descritos máis arriba ao Episodio do censo ten unha personalidade difusa nas ilustracións dos Salmos Penitenciais. Só resta insistir en que existe unha tradición figurativa firme, con testemuños tamén nas ilustracións dos Salmos Penitenciais, do seu emprego con toda propiedade -se nos atemos literalmente ao texto bíblico- asociado a representación da matanza do pobo de Israel. E que cando non se conte con información textual ou figurativa que xustifiquen a relación con algún dos dous relatos dos crimes de David, nas ilustracións dos sete salmos que presentan unicamente a David acompañado dun anxo sostendo unha espada debería optarse, como mínimo, por unha lectura xenérica da imaxe no sentido do arrepentimento de David polos seus pecados, evitando inclinar a balanza cara ao de Betsabé, malia ser a transgresión máis coñecida –e indubidablemente a máis vistosa- do Rei bíblico.

4.1.1.2 O anxo con tres obxectos

Se o anxo con espada aparece sobre todo en ilustracións de libros de horas datados a finais do século XV e no XVI, pero temos constancia del polo menos desde comezo do XV (*Libro de horas Bedford*), do anxo que sostén tres obxectos na man non hai rexistro no corpus anterior ao terceiro cuarto do século XV, e aínda así, a inmensa maioría dos exemplos son de finais deste século ou xa da seguinte centuria.

Louis Réau explicou que existe unha alusión aos tres castigos ofrecidos a David por Gad cando aparecen tres frechas nas ilustracións, e Roger Wieck menciona tamén esta iconografía[18]. O corpus contén 45 ilustracións con este motivo. As frechas poden aparecer

17 Tamén parece fóra de dúbida cal é o relato implícito na imaxe de David arrepentido naqueles casos nos que a figura do Rei acompañado do anxo ilustra o *Miserere*, dado que a alusión directa a Natán e a Betsabé está no título deste salmo no texto bíblico. O único caso que coñezo nun libro de horas non aparece na sección dos Salmos Penitenciais. Trátase da miniatura coa que Jean Colombe ilustrou o *Miserere* do Oficio de Defuntos nas *Très Riches Heures* do Duque de Berry. Jean Lognon e Raymond Cazellles (1969, 205) interpretárona sen dúbidas neste sentido.

18 Réau 1996-2000, 1: 334; Wieck 1988, 99. A mención do significado destes tres obxectos é a única atención que este autor dedica ao Episodio do censo cando describe a iconografía dos sete salmos nos libros de horas nesta contribución. Roger Wieck, como a maior parte de persoas que abordan este tema, céntrase de modo case exclusivo no Episodio Betsabé/Urías.

tamén nas mans da figura divina [**Fig. 83**], pero se amosan, sobre todo, nas do Anxo do Señor (Barcelona, Biblioteca de Catalunya, Ms. 1849, fol. 98r)(cat-224) [**Fig. 81**]. Incluso poden incluírse como motivo decorativo nas marxes da miniatura que acolle a David arrepentido, como en (Nova York, PML, M.33, fol. 150v) (cat-763) [**Fig. 82**], iluminación na que, ademais, se buscou alternar nas mesmas orlas as tres frechas e os tres atributos de David que noutras ilustracións este adoita ter relegados (arpa, cetro e coroa) (fol. 151r). Como vimos no capítulo 3, o corpus rexistra ilustracións do Anxo con outros obxectos cuxo significado é equivalente ao das frechas. Trátase das imaxes nas que sostén tres elementos diferentes, que poden ser unha caveira, unha frecha ou unha espada e unhas espigas ou vergallos (Manchester, Univ. of Manchester Library John Rylands Library, Latin MS 38, imaxe 162-163) (cat-673). Resulta digno de atención, por outra parte, o feito de que a alusión aos tres castigos –figurados como tres frechas ou calquera outra tríade de obxectos-, que segundo o texto bíblico foron propostos a David polo profeta Gad (tanto en Crónicas 21, 9-10 como en II Samuel 23, 11-12) se desprace figurativamente as mans do Anxo ou, máis raramente, ás do propio Deus, na maioría das ilustracións[19]. Segundo parece desprenderse do corpus, a imaxe de tres personificacións presentadas por Gad a David tivo bastante menos éxito (unicamente rexistrei catro exemplos [**Fig. 87**]) que a das figuras celestiais (anxo ou Deus) termando de tres obxectos. En total, ata 61 manuscritos do corpus amosan unha ilustración de David en actitude devota -só ou acompañado dun profeta- que contén algún destes elementos (frechas ou tríade de obxectos) alusivos aos tres castigos, independentemente da figura celestial que terma deles. As indeterminacións detectadas respecto dos obxectos en cuestión lévanme a pensar que quizais non sempre se identificou con claridade a natureza da penalidade que representaba cada un. Cabe preguntarse, incluso, se nun momento dado se esqueceu a relación destes obxectos cos tres castigos propostos a David, e pasaron a ser interpretados noutro sentido. A caveira, por exemplo, como *vanitas* e as espigas ou vergallos, vistas como disciplinas, en alusión á penitencia. Así as considerou, en todo caso, Sergi Doménech na súa interpretación dun gravado do século XVII que mostra a David e o anxo cos tres obxectos, e no que as espigas aparecen xa transformadas no obxecto penitencial. É curioso que este autor non mencione o episodio do censo en relación con este gravado, porque nel David aparece realizando o holocausto narrado no

19 As frechas nas mans de Deus son máis raras. Sobre a figura de Deus con frechas véxase epígrafe 3.5.4.2.1.

texto bíblico como epílogo do suceso: a construción do altar na eira de Arauna e a realización nel de sacrificios a Deus[20]. Dada a vacilación de obxectos en mans do anxo nas ilustracións dos Salmos Penitenciais, non me parece descartable que semellante esquezo se dese xa en certo público contemporáneo destas imaxes. É posible que o motivo, como probablemente aconteceu co anxo enarborando unha espada, chegase a fraguar tamén, polo menos en certos casos, nunha ilustración arquetípica de David arrepentido, e que nela confluísen dun modo vago os dous relatos dos seus pecados, sen mais precisión respecto do episodio representado. Imaxes de data avanzada nas que o anxo sostén unicamente dous obxectos en lugar de tres así o fan pensar (en A Haia, KB, 74 G 39, fol. 80r (cat-10) o anxo sostén unha caveira e unha espada **Figs. 84**]; en Londres, BL, Sloane 2748B, fol. 70v (cat-598) terma do que parece ser unha caveira e unha frecha) [**Fig. 85**][21].

Para afondar na posible recepción destas imaxes cómpre ter en conta, con todo, a tendencia a volver os ollos directamente ao texto bíblico que se percibe na iluminación de manuscritos no período tardío en que tales imaxes proliferan. E o feito de que as máis explicitamente dependentes do relato do censo (as que amosan o pobo sendo aniquilado pola peste ou as tres personificacións) asoman timidamente nos libros de horas tamén en época serodia. Resulta revelador, neste sentido, cotexar dúas ilustracións dos Salmos Penitenciais atribuídas, respectivamente, ao Mestre François e ao seu fillo, o Mestre de Jacques de Besançon. Na ilustración dos salmos nas Horas de Carlos VIII, datadas en torno a 1494-1497, (Madrid, BNE, VITR/24/1 fol. 56v (imaxe 119) (cat-647) [**Fig. 87**], obra do fillo, este despraza ao fondo da miniatura a figura de David orando que o seu proxenitor adoitaba pintar como protagonista único da ilustración dos Salmos Penitenciais (exemplo: Lyon, BM, 5154, Fol. 45 (cat-521) [**Fig. 86**]). O Mestre de Jacques de Besançon sitúa en primeiro plano unha escena máis apegada á narración bíblica do episodio censo -se ben expresada en formato alegórico- ao colocar unha figura do Rei dialogando con Gad en torno ao tema dos castigos, representados baixo a aparencia das

20 Doménech García 2015, 79, fig. 4

21 Obras pictóricas de época máis avanzada, en cambio, fan un uso coherente destes símbolos (véxase, por exemplo, o cadro de Pieter de Grebber, *O Rei David orando* custodiado no Museum Catharijneconvent e datado c. 1635-1640 (imaxe accesible en Web Gallery of Art: https://www.wga.hu/html/g/grebber/pieter/kingdavi.html (consulta 21.07.2023).

tres personificacións[22]. Á vista deste exemplo, cabe pensar que tanto artífices como público das imaxes serodias, sobre todo cando estas estaban incluídas en manuscritos destinados a unha audiencia de máis elevado status social e mellor formación, fosen capaces de ler correctamente a metáfora dos tres castigos nos tres obxectos que un anxo ou a propia figura divina presentan ao rei ou esa sinécdoque da matanza do pobo de Israel na figura dun anxo cunha espada cando este acompaña a David arrepentido.

4.1.1.3 Natán ou Gad?

A importancia concedida ao Episodio Betsabé/Urías nos estudos que abordan as ilustracións de David nos libros de horas reflíctese tamén no feito de que cando estas amosan o Rei a carón dun profeta, a tendencia maioritaria é a de identificar este con Natán, a non ser que aparezan na miniatura as personificacións dos tres castigos[23]. A descrición da imaxe de David cun profeta nas bases de datos iconográficas, como consecuencia, segue a mesma liña. Incluso unha imaxe tan evidente como a que vimos na cuberta do Salterio de Melisenda (na que o profeta Gad está identificado mediante inscrición) aparece asociada ao episodio de Betsabé na base de datos iconográfica do Warburg Institute[24]. Respecto do esquezo de Gad resulta significativo o feito de que este personaxe non conte con descritor no tesauro de imaxes medievais TIMEL e por máis que si se recolle noutros, apenas se utiliza nas descricións. Así, por exemplo, na da ilustración do comezo dos Salmos Penitenciais no *Libro de Horas de Cecilia de Gonzaga* (Nova York, PML, MS M.454, fol. 1r) (cat-876) no rexistro iconográfico da imaxe no catálogo da Morgan Library -baseado no Index of Medieval Art-, indéxase inequivocamente como Natán ao profeta que amoesta a David, mesmo se na orla aparece un medallón cunha representación do pobo de Israel sendo atacado polo Anxo do Señor. Por outra parte, o

22 O corpus contén outras ilustracións atribuídas ao mestre de Jacques de Besançon e o seu círculo con composicións máis sinxelas -David rezando solitario- na liña das que se atribúen ao seu pai (Londres, BL, Harley 2935, fol. 88r) (cat-581)

23 E incluso cando as personificacións está presentes se ten producido o erro de identificación Na descrición desta escena representada na páxina 188 das chamadas *Horas de Carlos V*, Ana Domínguez (1993, 1075) identifica o personaxe que se dirixe a David como Natán, o que a leva identificar a escena figurada na páxina contigua cunha alegoría da Morte. Na miña opinión, dado a súa proximidade coa escena de Gad e o feito de que nesta última a peste se represente como un esqueleto, trataríase mais ben dunha personificación da peste atacando ao pobo de Israel (Madrid, BNE, VITR/24/3, **páxs. 188-189 (imaxe 102)**

24 Na ficha iconográfica da cuberta asóciase a imaxe ao texto de 2 de Samuel 11-12 e 12-13 (consulta 23.11.2022)

resultado da busca no propio Index of Medieval Art a partir do descritor Gad resulta moi revelador: apenas recupera 38 resultados, unicamente 2 en libros de horas, e a identificación de Gad aparece como dubidosa nun deles[25].

O certo é que da confusión entre ambos personaxes temos testemuños xa en época medieval. Así, nas ilustracións do episodio do censo na mencionada *Biblia de Pamplona*, que ocupan os folios 100v-101r e nas que Gad protagoniza dúas escenas, o profeta está correctamente identificado no fol.100v, pero o nome de Natán se desliza por equivocación no folio seguinte para nomear o mesmo personaxe: fol.101. Sen cuestionar a idea de que o público das iluminacións dos Salmos Penitenciais nos Libros de horas tamén puido vivir a confusión en moitos casos (tal e como apunta Charles Huttar[26], con quen concorda Margaret Roger Owens[27]), creo que compre matizar esta cuestión.

Recordemos que as escenas de David cun profeta empregáronse nos manuscritos no mesmo período tardío que ve proliferar anxos cunha espada ou con tres obxectos nas ilustracións. O período, polo tanto, no que as imaxes deixan entrever unha maior presenza de motivos derivados directamente do relato do censo. Esta tendencia reflíctese tamén nos gravados de certos libros de horas saídos da imprenta. Nun destes impresos, unhas *Heures à l'usage de Châlons (*BNF Arsenal Reserve8-T-2530), editadas en París no ano 1534, a personalidade dos dous profetas está moi ben definida iconograficamente en dúas imaxes dos Salmos Penitenciais [**Figs. 88(1) e (2)**]. Os gravados deste impreso inspiraron o exame que realicei das ilustracións do corpus nas que David aparece acompañado dun profeta, levándome a prestar especial atención aos xestos e obxectos asociados a ambos nas miniaturas e a determe particularmente naquelas nas que o personaxe adoita ser identificado como Natán. Nos gravados do impreso parisino resulta significativa a distinción de acenos, tanto os que realiza David como os dos dous profetas. No correspondente ao salmo 50, no fol. 61v, vese a Gad e a David en primeiro termo e unha representación do pobo de Israel recibindo as frechas da peste na paisaxe do fondo. David pronuncia a declaración "*ego qui peccavi*" expresión literal da súplica que dirixe a Deus intercedendo polos seus súbditos no texto de Crónicas 21, 17. O índice levantado de Gad,

25 Fixen esta busca no IMA o 02.02.2023. A información e imaxes recollidas nos rexistros do IMA das dúas miniaturas de libros de horas nas que se recoñece a presenza de Gad poden consultarse na Pierpont Morgan Library: Nova York, PML Ms H.5, fol.88r (cat-750); Nova York, PML, Ms M.131, fol. 73r (cat-793).

26 Huttar 1980, 46-47

27 Owens 1989, 27

apuntando á figura divina, reflicte o seu papel como intermediario de Deus –a Biblia, en Samuel e Crónicas, especifica que foi Deus quen ordenou a Gad que lle propuxera a David a elección entre os tres castigos (o *Mystère du Vieil Testament*, recordemos, saca partido dramático desta intermediación, facendo repetir a ambos personaxes a mesma mensaxe). O rolo que o profeta leva na man reforza a idea de que Gad actúa como mensaxeiro ou intermediario. En contrapartida, o xesto de David no outro gravado (fol. 60r) aseméllase a un xesto de cómputo dixital, situando a escena nun contexto de diálogo e argumentación[28]. Natán fala con David e non hai presenza ningunha da figura divina, algo coherente coa narración bíblica, na que non se especifica que Natán transmita unha mensaxe do Señor, por mais que actúe a instancias deste. No texto bíblico Natán é, sobre todo, un interlocutor de David. O profeta formula unha sorte de trampa dialéctica (a parábola das ovellas) na que caerá o Rei pecador e, dun xeito case socrático, consegue que este sexa consciente da súa falta e obtén a súa confesión. O filacterio recolle, fragmentada, unha sentenza atribuída por Séneca a Epicuro "*initium salutis notitia peccati*"[29]. Existe outra posible explicación do uso do xesto do cómputo por parte de David nesta escena, que ten que ver cun fragmento do diálogo entre David en Natán. Cando o Rei escoita de labios de Natán a parábola do rico que roubou a ovella do pobre, non sabendo aínda que Natán se refire a el, responde indignado que este deberá pagar "catro veces a ovella". Que o xesto de David teña relación con este cálculo non é de descartar, pero me parece pouco probable tendo en conta que noutras imaxes do corpus quen realiza o ademán é o profeta [**Fig. 90**] ou ambos interlocutores [**Fig. 89b**]. O exemplo máis nídio que coñezo da realización do xesto por parte do profeta pintouno Jean Colombe, pero non o fixo na sección dos Salmos Penitenciais senón nunha ilustración co diálogo de David e Natán incluída no Oficio da Virxe, nas *Horas de Anne de France* Nova York, PML, MS M.677, fol. 135v). Todo parece indicar, en calquera caso, que os xestos de cómputo ou de diálogo -realizados por David, o profeta ou por ambos- resultan unha boa orientación para identificar ao protagonista da escena como Natán. Temos constancia

28 Sobre o xesto de *disputatio*, véxase Schmitt 1990, 258. Véxase ademais o conxunto de 6 xestos de cómputo dixital reunidos e debuxados por Serafín Moralejo a partir dos localizados en diversas obras medievais (2004, 148 fig 29)

29 Séneca 1965. 81. Do seu uso neste gravado e tamén nunha miniatura do corpus datada ca. 1520 (París, Bibliothèque de l'Arsenal, Ms-1175 réserve, fol. 63r) (cat-1031) dedúcese que esta sentenza foi empregada na literatura penitencial contemporánea para fundamentar a importancia do recoñecemento das propias culpas. Eu localiceina nun texto penitencial de Cristóbal Lozano (1609-1667) construído arredor da figura de David: *El Rey penitente David arrepentido* (Lozano 1667, 312)

deles en 3 manuscritos do corpus, onde a identificación se ve reforzada pola ausencia de Deus e, en dous deles, ademais, pola prostración de David ao pé dunha escaleira[30]:

Cadro 9. Imaxes dos Salmos Penitenciais nas que David e un Profeta realizan xestos de diálogo
Nova York, PML, MS M.195, fol. 93r (cat-817) New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 434, Fol. 126v (cat-707) Manchester, Univ. of Manchester Library, John Rylands Library, Latin Ms 39, fol. 46r (cat-674) (imaxe 94)

Se o ademán do cómputo dixital ou acenos de mans intercambiados entre David e o outro personaxe resultan indicios bastante fiables para recoñecer a Natán, non acontece o mesmo co xesto do índice levantado. Unha versión temperá do mesmo realizado polo profeta que acompaña a David aparece nas *Horas de Brailes* (cat-550), na ilustración do primeiro salmo penitencial. Quen o realiza é Natán –identificado pola lenda que explica a imaxe- e a figura divina está ausente, como na escena do mesmo profeta no impreso de Châlons. O xesto pintado por De Brailes debería ser lido aquí, polo tanto, como de admonición ou reproche. Os irmáns Limbourg caracterizan a Natán tamén co dedo índice levantado na ilustración dos Salmos Penitenciais das *Belles Heures* do Duque de Berry (Nova York, The Metropolitan Museum of Art, Acca. No. 54.1.1), fol. 68v. Cabe deducir que se trata de Natán porque a imaxe ilumina o *Miserere*, que fai alusión ao profeta e a Betsabé no título do salmo. O *Libro de Horas Sforza* presenta tamén o profeta co índice ergueito na ilustración do mesmo salmo [**Fig. 98(4)**]. Birago, o autor da miniatura[31], do mesmo xeito que William De Brailes, é coherente co texto bíblico ao mostrar un profeta que non se presenta como intermediario de Deus -ausente na imaxe- senón exclusivamente como interlocutor de David. Nas *Très Riches Heures*, Jean Colombe tamén sitúa o profeta co índice en alto nos Salmos Penitenciais, pero ao non ilustrar o *Miserere*, senón o salmo 31 (cat-371), resulta máis difícil decidir de que profeta se trata.

30 Sobre esta última imaxe de David ao pé dunha escaleira ver ademais epígrafe 5.2.7

31 Véxase o epígrafe 4.1.2 dedicado a este libro de horas

Así e todo, Lognon e Cazelles apostaron sen dubidalo por Natán[32]. O corpus ofrece algunha outra imaxe de Natán realizando o mesmo xesto. Convén deterse na que se amosa en Nova York, PML, M. 261 (cat-837), en cuxo fol. 62r o profeta aparece identificado mediante inscrición [**Fig. 110a, b**] (a miniatura está vinculado a unha imaxe do Baño no folio contiguo -61v-). Nesta iluminación ten especial interese o aceno que o profeta realiza coa outra man, que se presenta coa palma cara abaixo e os dedos lixeiramente flexionados. Tendo en conta a relevancia que se concede nesta imaxe aos raios dourados que emanan da figura divina penetrando na estancia onde David amosa a súa contrición, eu diría que o que aquí se quixo representar, máis que unha escena de amoestación en sentido estrito, é unha imaxe na que se evoca o xesto do crego que escoita a confesión do pecador e mantén pousada a súa man sobre a cabeza deste, e, en último termo, se anticipa a absolución. Traduciríase así visualmente o momento en que o pecado de David foi perdoado por intermediación de Natán, segundo se establece no texto bíblico (II Samuel 12, 13: "Dixo David a Natán: pequei contra o Señor. Respondeulle Natán: tamén o Señor, que ve a túa dor, perdoou o teu pecado. Non morrerás". O índice da man esquerda de Natán na imaxe do libro de horas que nos ocupa sería pois un xesto de intermediación, complementario do aceno penitencial que realiza coa man dereita. Desta visión do encontro de David e Natán cunha posta en escena que recorda a práctica sacramental e na cal o profeta se asimila a un crego confesor veremos algún outro exemplo algo máis adiante (epígrafe 4.2.1.1) [**Fig. 111**]. Por outra parte, nunha das miniaturas de David arrepentido contida nas *Horas Sforza* é o propio Deus quen realiza este aceno coa palma da súa man esquerda cara abaixo, complementando outro de bendición coa dereita, algo que podería ser tamén unha evocación da xestualidade da confesión. (Londres, BL, Additional 34294 fol. 218r) (cat-541) [**Fig. 98(3)**].

Se a identificación de Natán nestes exemplos resulta incuestionable ou probable, teño a impresión, sen embargo, de que o xesto do índice levantado noutros manuscritos, sobre todo nos libros de horas serodios, e a semellanza do que acontece no gravado das horas impresas de Châlons, pode ser indicativo dunha vontade de representar ao profeta Gad. Teño a certeza, en calquera caso, de que non cabe unha decisión drástica ao respecto, nen sequera, como veremos, no caso de imaxes que presentan a escena de David acompañado dun profeta próxima a outra do Baño de Betsabé.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

32 Lognon e Cazelles 1969, 67, 198

O rolo que sostén Gad no seu papel de intermediario de Deus no gravado de Châlons pode tamén orientar no recoñecemento do personaxe ou, polo menos, cuestionar unha vez máis a súa identificación inequívoca con Natán. A presenza de Gad resulta moi probable nunha miniatura que inaugura os Salmos Penitenciais nun códice italiano realizada seguramente a comezo do século XVI (Cidade do Vaticano, BAV, Ross.98, fol. 169v) (cat-400) [**Fig. 91**] . Na páxina contraposta á aquela na que comeza o salmo 6, unha miniatura a páxina completa presenta o Rei sentado fronte a un personaxe que sostén un filacterio. A imaxe está presidida pola inscrición "*melius est incidere in manus domini"*, fragmento da resposta que o Rei deu a Gad cando este lle propuxo os tres castigos, segundo o texto de 2 Samuel 24, 14. Fronte a el, David fai un característico xesto cos dedos da man dereita (unicamente dous dedos?) enfáticamente levantados. O *Libro de Horas de Lorenzo de Medici* presenta unha imaxe parecida a esta, co profeta sostendo tamén un filacterio na man fronte a unha figura de David sentado e cunha man levantada. Pero na inicial que a contén non hai inscrición ningunha que permita identificar o personaxe (Florencia, Biblioteca Medicea Laurenziana, Ms. Ashburnham 1874) (cat-487) [**Fig. 92**][33]. E algo semellante acontece con outro libro de horas florentino, que tamén mostra ao profeta co índice levantado, un filacterio na man e, fronte a el, o rei bíblico sentado no trono facendo un ademán no que se perciben -aquí con claridade- dous dedos levantados (Cidade do vaticano, BAV, Vat.lat.5493, fol. 111r) (cat-412). As coincidencias entre as tres miniaturas lexitima que se infira, a partir da primeira, a presenza de Gad tamén nas outras dúas ou, en todo caso, obriga a albergar dúbidas sobre a personalidade do profeta.

O 60% das 44 imaxes de David acompañado dun profeta que compilei presentan un personaxe que reproduce os xestos de Gad no gravado do libro de horas de Châlons, ou que terma, tamén como alí, dun rolo, ou dun filacterio. Sen embargo, nas descricións de todas as que se atopan en recursos que indexan as miniaturas, o profeta aparece inequivocamente identificado como Natán. En suma, á vista do complexo que resulta a identificación dos profetas ou a interpretación do papel que xoga a figura do Anxo do Señor nas miniaturas dos Salmos Penitenciais, só cabe recordar, unha vez máis, a necesidade de reformular a importancia, quizais excesiva, concedida ao Episodio

33 Non tiven ocasión de consultar o estudo do facsímile deste manuscrito para saber de que modo foi descrito nel este profeta.

Betsabé/Urías á hora de ler estas imaxes. Ao meu xuízo, na maioría dos casos será imposible determinar quen é o profeta que acompaña a David ou de que xeito puido interpretarse a figura do anxo cunha espada nas ilustracións do rei bíblico en actitude devota. Incluso cabe a posibilidade de que motivos máis facilmente identificables, como os tres obxectos sostidos por figuras celestiais, fosen interpretados con sentidos diversos.

Existe, ademais, unha terceira posibilidade de lectura para determinadas ilustracións dos Salmos Penitenciais nas que aparecen os personaxes, motivos ou escenas asociadas a David arrepentido que acabamos de examinar. Esta lectura implica considerar que houbo, por parte dos artífices, unha vontade de condensar os dous episodios nunha soa imaxe, sendo a contrición de David o denominador común. En principio resulta lóxico pensar que cando a ilustración de David e un profeta convive cunha escena do episodio de Betsabé o personaxe representado sexa Natán, sen atender a sutilezas tales como os seus xestos, o rolo ou filacterio na súa man, ou mesmo a presenza dun anxo cunha espada ou con tres obxectos. Sen embargo, debería ser motivo de reflexión o caso dunha miniatura que segue este esquema (combínase nela o Baño Betsabé coa composición de David acompañado dun profeta) que aparece nun manuscrito realizado en Rouen a finais do século XV e na cal se identifica mediante inscrición a David, a Betsabé e a "*gode*". Nesta miniatura reprodúcese tamén o xesto do dedo índice levantado do profeta, e preséntanse a espada, a frecha e as espigas nas mans do Anxo (París, Bibl. Mazarine, Coll. Faralicq 03, Fol 58r) (cat-1052) [**Fig. 93a, b**]. Yassana Croizat-Glazer xa apuntou que existía unha alusión aos dous pecados de David na ilustración dos Salmos Penitenciais dun libro de horas propiedade de Francisco I que ofrece a escena do baño e o anxo con tres obxectos na man[34]. Estes dous exemplos cimentan a impresión de que en certos manuscritos tardíos buscouse conscientemente aludir aos dous episodios da conduta pouco edificante de David. Varias imaxes máis do corpus semellan apoiar esta idea. En Waddesdon, Waddesdon Manor, James A. Rothschild Collection, Ms 26, fol. 216v (cat-1285) combínase o anxo portador de tres frechas interactuando con David arrepentido en primeiro termo e a imaxe do Baño de Betsabé ao fondo da escena. Nas *Grandes Heures d'Anne de Bretagne* a alusión ao censo nas tres frechas que porta o anxo resulta incuestionable, pois, como vimos, David amósase sinalando co dedo índice unha das frechas –escollendo un castigo-(fol. 91v) [**Fig. 94**]. A alusión ao outro episodio

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

34 Croizat-Glazer 2013, 131-132.

podería estar, como xa se suxeriu tamén, na fonte que aparece no patio onde ora David[35] e posiblemente nos dous simios en actitude cariñosa –ou lasciva- na marxe da páxina contigua (fol. 92r)[36]. Algo similar acontece noutra ilustración que tamén repite o esquema que combina unha escena asociada ao episodio do censo coa presenza dunha fonte ben resaltada visualmente. Trátase da xa citada miniatura do encabezamento dos Salmos Penitenciais nas *Horas Sforza* realizada por Gerard Horenbout (unha imaxe na que me deterei algo máis no epígrafe que segue a este). Outro caso de posible alusión aos dous pecados é o dunha miniatura, mencionada tamén anteriormente, que combina escenas protagonizadas por Urías coa imaxe de David interactuando cunha figura divina portadora de tres frechas (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, Ms 1058-1975, Fol. 107r)[37] (cat-306). E tendo en mente a vontade de alusión aos dous pecados que se enxerga nestas ilustracións, non me parece de descartar que a imaxe un tanto enigmática que preside o inicio da sección dos Salmos no *Libro de horas Ango* -na cal David se ve acompañado de dous personaxes portando un rolo- teña a mesma intención [**Fig. 95**] (París, BNF, NAL 00392, fol. 82r) (cat-1117). De ser así, nela non só se aludiría ao castigo da soberbia por un lado, mediante as tres frechas que porta o anxo -unha delas separada, en alusión á escolla dun dos tres castigos [**Fig. 95b]**- e ao de luxuria, por outro lado, na escena marxinal do Baño de Betsabé [**Fig. 95c]**. Ademais, estaríase a situar a carón de David arrepentido as figuras dos dous profetas que o reprenderon en diferentes momentos da súa vida [**Fig. 95a**].

Como conclusión, e facendo extensivo ás imaxes de David acompañado dun profeta o comentario co que rematei o epígrafe precedente, creo que resulta razoable pensar que en libros de máis categoría, cuxos iluminadores tiñan probablemente un coñecemento máis preciso do texto bíblico -esperable tamén das destinatarias ou destinatarios das obras- a consciencia sobre a personalidade do profeta ou a natureza do episodio representado estivese clara. E se motivos como os tres obxectos en mans do Anxo ou sostidos por Deus se combinan con escenas do Episodio Betsabé/Urías, é porque

35 Mencionouse o motivo, interpretado neste sentido por Thomas Kren (2010, 175), no epígrafe 3.5.3.2.2.

36 As páxinas adxacentes ás que conteñen as miniaturas neste libro de horas amosan práticamente sempre insectos na decoración das orlas. unicamente na contigua á que conten a iluminación coa escena da resurrección de Lázaro se volven ver monos, pero ben separados entre si (fol. 112r). Sobre os monos acompañando a figura de David véxase tamén epígrafe 3.5.3.2.1.

37 Repárese en que na descrición da miniatura na páxina web do Museo Fitzwilliam alúdese exclusivamente ao pecado de luxuria do Rei bíblico ("*Lust is the sin implied here*").

a intención foi condensar nunha ilustración a alusión ao dous relatos bíblicos que xustifican o arrepentimento de David. Tamén cabe deducir que a confusión fose maior (nos artífices e no público) en libros de carácter estandarizado, como aqueles elaborados no último tramo do século XV nos talleres de Rouen, onde se empregou con certa asiduidade, como xa vimos, a figura do profeta co índice levantado a carón da de David en actitude devota. Tendo en conta o público ao que estaban destinadas estas imaxes, resulta inevitable preguntarse de que xeito interpretarían os tres obxectos, ou o anxo cunha espada, ou a personalidade do profeta, os miniaturistas encargados de copiar modelos ou a clientela destes manuscritos máis rutineiros elaborados nos talleres normandos. En calquera caso, a miniatura que inaugura o texto dos sete salmos noutro manuscrito de comezo do século XVI, este elaborado probablemente en París, revela a mesma confusión dos episodios bíblicos relativos aos pecados de David e relativos en particular á identificación do profeta que o acompaña que a que varios séculos antes cometeron os artífices da *Biblia de Pamplona* e varios séculos despois se detecta nalgunhas indexacións nas bases de datos iconográficas: o personaxe que acompaña a David, dándolle a escoller entre tres castigos encarnados en tres personificacións, aparece identificado mediante inscrición como Natán (París, BNF, Latin 18017, fol. 80r) (cat-1112).

4.1.2 O Anxo envaiñando a espada e o Castelo Sant'Angelo: a secuencia do Salmos Penitenciais e as Ladaíñas nas *Horas Sforza*

En 1 Crónicas 21, 27 cóntase que o Anxo do Señor envaiñou a súa espada por orde de Deus logo de David celebrar o holocausto co que se pon fin ao relato do censo. O acto de envaiñar a espada, unicamente mencionado nesta versión do suceso en Crónicas, tivo máis éxito plástico que a expresión do acontecemento en Samuel e noutro versículo de Crónicas, onde se di que Deus ordenou ao Anxo deter á súa man (II Samuel 24, 16; I Crónicas 21, 15). Apenas rexistrei unha miniatura no corpus susceptible de ser interpretada como ilustración literal desta última expresión: Nova York, PML, MS M.972, fol. 130v (cat-903).

Por máis que a confusión entre os diferentes relatos dos pecados de David pode aplicarse tamén á interpretación das ilustracións que inclúen a figura dun Anxo coa espada semienvaiñada, creo que cabe relacionar con bastante certeza este motivo co Episodio do censo polo menos en dous manuscritos do corpus. Cheguei a esta conclusión a partir

dunha lectura conxunta das iluminacións dos Salmos Penitenciais e das Ladaíñas en ambos manuscritos. Partindo da estreita relación litúrxica entre estes dous textos, xa mencionada no capítulo 2[38], considerei a posible existencia tamén dunha relación visual entre as ilustracións da páxina inaugural de ambos, sendo a figura dos anxos que aparecen nas dúas o elemento clave para establecer o vínculo.

Non é habitual que os libros de horas conten con ilustración nas Ladaíñas. Por esta razón, e pola conexión entre esta sección e a dos salmos, cómpre prestar atención a aqueles códices que si presentan iluminación neste texto. No epígrafe dedicado as visións intemporais de Cristo como ilustración dos Salmos Penitenciais tiven ocasión de chamar a atención sobre a miniatura das Ladaíñas nas *Horas De Brailes*, onde a imaxe de Cristo se empregou para encabezar as Ladaíñas, acompañada da expresión "*Deu merci e tuz sas scienz*" (a misericordia de Deus e toda a súa sabedoría). Estamos ante unha alusión expresa á misericordia de Deus que resulta axeitada para o texto que segue a continuación (*Kirye eleison...*), pero coa que tamén se pon un remate idóneo ao texto que a precede -os Salmos Penitenciais- ocasión de meditación sobre os propios pecados que se ve rematada así coa esperanzadora imaxe da benevolencia divina. Este enfoque da ilustración no encabezamento das Ladaíñas nas *Horas De Brailes* levoume a considerar así mesmo unha posible vontade de enlazar visualmente ambos textos nun libro de horas italiano de finais do século XIV (París, BNF, Latin 757) (cat-1064) [**Figs. 96(1)** e **(2)**]. Nel equipáranse dúas procesións: a de David acompañando a arca da alianza precede o texto dos Salmos Penitenciais (fol. 147r) e a de San Gregorio –cunha presenza moi destacada de penitentes encapuchados flaxelándose- remátaos, abrindo a sección das Ladaíñas (fol. 155r), ao tempo que se establece un paralelismo entre os personaxes protagonistas de ambas -David e o Papa- mediante a súa posición na cola das respectivas comitivas. Sobrevoando a procesión romana neste manuscrito amósase a figura dun anxo envaiñando unha espada.

No corpus rexistrei iluminacións de Salmos Penitenciais de catro manuscritos que presentan a procesión de San Gregorio nas Ladaíñas (incluíndo o libro de horas italiano do século XIV que acabo de mencionar), se ben teño noticia dalgúns máis[39]. Os catro se

38 Epígrafe 2.2.3

39 Nas *Horas Soane* (Londres, Sir John Soane's Museum, ms 4, fol. 137) a ilustración da procesión de San Gregorio distribúese nunha dobre páxina no comezo das Ladaíñas, cunha presenza moi destacada de flaxelantes, máis relevantes aínda que o propio papa (pódese consultar a imaxe en Harthan 1977, 151); as

reúnen no cadro que se presenta a continuación. A estes catro engadín un quinto tamén incluído no corpus -as *Belles Heures do Duque de Berry*- que, se ben non presenta a procesión como ilustración do texto das Ladaíñas, sitúa a escena tamén ao final do dos Salmos Penitenciais, ilustrando un texto abreviado da *Legenda aurea* sobre a Institución da Gran Ladaíña .

Cadro 10. Manuscritos do corpus coa imaxe da Procesión de San Gregorio a continuación do texto dos Salmos Penitenciais
París, BNF, Latin 757, fol. 155r Chantilly, Musée Condé, MS 65, fols. 71v-72r, *Très riches heures do Duque de Berry*, Nova York, The Metropolitan Museum of Art, Acc. No. 54.1.1, fols. 73v-74r *Belles Heures do Duque de Berry*, San Marino, CA, Huntington Library, HM 1102, fol. 62v; Londres, BL, Add. 34294, fol. 236r, *Horas Sforza*

En dous destes cinco manuscritos interviron os irmáns Limbourg (os dous relacionados co Duque de Berry). Outros dous son italianos e están datados nos derradeiros anos do século XV e no século XVI (o da biblioteca Huntington e mais as *Horas Sforza*). A presenza de penitentes flaxelantes na procesión en dous dos códices (as *Belles Heures* e mais o manuscrito Latin 757 da BNF) favorece neles a conexión da imaxe co texto que a precede -o final dos Salmos Penitenciais-, estreitando visualmente o vínculo existente entre ambas seccións do libro de horas[40].

A lenda da peste que asolou Roma como ilustración das Ladaíñas ten sido explicada pola función litúrxica destas nas procesións[41] e cabe recordar, ademais, que o propio texto da *Legenda aurea* que narra o suceso refírese á institución da "Ladaíña

---

Horas Borromeo (Milán, Biblioteca Ambrosiana, S.P. 42) tamén inclúen a procesión de san Gregorio nas Ladaíñas e a David no inicio dos sete salmos (Seidel 2015, 185, 187); Delmira Custodio (2017, 44) sinala que nas *Horas de D. Álvaro da Costa*, (Bruxelas, KBR, Ms. IV 1260) os Salmos Penitenciais están seguidos dunha sección coa rúbrica riscada, iluminada por unha procesión; finalmente, nun libro de horas non incluído no corpus por faltarlle o comezo do texto dos Salmos Penitenciais vese un esbozo coa procesión de San Gregorio no borde do comezo das Ladaíñas Oxford, Bodleian Library, Ms. Douce 144, fol. 105r. O debuxo presenta figuras mois semellantes a algunhas das que aparecen nas ilustracións dedicadas á Procesión nas *Belles Heures.*

40 En relación coa presenza de flaxelantes nestas iluminacións da procesión de San Gregorio contra a peste en Roma cómpre ter presente tamén a crecente importancia deste tipo de práctica despois da Peste Negra en Italia (Meiss 1988, 104).

41 Stocks 1998, 257-258

Maior" por parte do Papa e fai alusión as instrucións dadas polo pontífice sobre o rezo destas pregarias durante as procesións contra as epidemias[42]. Desde o meu punto de vista, a imaxe da procesión como ilustración desta sección dos libros de horas podería ser lida tamén en función da súa relación coa iluminación do comezo dos Salmos Penitenciais cando en ambas aparece un anxo envaiñando a súa espada. Os dous Libros de horas que me levaron a esta conclusión son os máis tardíos entre os que rexistrei no corpus con este tema. A relación revélase mellor no máis moderno dos dous, datado en 1549 [**Figs. 97(1)** e **(2)**]. Na miniatura que encabeza os sete salmos neste manuscrito, un personaxe chama a atención de David sobre a figura dun anxo no ceo que terma de tres obxectos (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1102, fol. 56v) (cat-1177). No rexistro correspondente desta iluminación na biblioteca dixital da Huntington Library o personaxe aparece identificado como *"Nathan exhorting David to penitence"*. Trátase dunha das imaxes do corpus na que o índice levantado do profeta cobra unha maior relevancia. A man do personaxe ocupa un lugar prominente no cadro, debuxando un expresivo xesto recortado contra o ceo e sobre a ambiciosa panorámica que se divisa desde o lugar elevado onde se sitúa xunto con David. Anxo, índice e brazo do profeta, en conxunción co brazo dereito e a perna estendida de David, compoñen unha liña diagonal moi marcada que estrutura a iluminación. O índice sinala a figura celestial que presenta a David os tres obxectos (frecha, espigas e caveira), entre os que se destaca –sostida en solitario pola man esquerda do anxo- a caveira, probable alusión ao castigo da peste. Rematado o texto dos Salmos Penitenciais neste manuscrito, a miniatura que inaugura as Ladaíñas (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1102, fol. 62v) exhibe outro anxo, este envaiñando unha espada. Trátase daquel que sobrevoou Roma –San Miguel segundo a lenda- poñendo fin á peste, momento no que finaliza a procesión de San Gregorio. Na imaxe faise coincidir interesadamente a posición no ceo do ser celestial co cumio do castelo Sant'Angelo, de tal xeito que a figura alada non só representa a San Miguel senón que evoca tamén a estatua do arcanxo que a mediados do século XV mandaría o Papa Nicolás V construír sobre o mausoleo de Adriano[43]. En calquera caso, interesa destacar que o texto dos Salmos Penitenciais neste libro de horas ábrese en péchase con dúas ilustracións vinculadas por partida dobre, temática e visualmente. O asunto común é a praga de peste –o castigo escollido por David expresado mediante a caveira na miniatura dos Salmos Penitenciais

42 Iacopo da Varazze 1982, 1: 295-296.

43 Partridge 2007, 23

e o desgraciado suceso acaecido en Roma na que inaugura as Ladaíñas-. O motivo visual coincidente nas ilustracións de ambos textos é a figura do anxo -exhibindo os signos dos tres castigos na iluminación dos Salmos Penitenciais e poñendo remate á praga na das Ladaíñas-. San Miguel na iluminación destas últimas envaíña a espada como fixo o Anxo do Señor no relato do censo en Crónicas, e como seguramente faría o actor que interpretou o personaxe deste episodio no drama do *Mystère du Vieil Testament* no momento de pechar a súa intervención e obedecendo a orde de Deus: "*remetz tost ton glaive en sa place*"[44]. Obvio é dicir que o profeta que aparece na ilustración dos Salmos Penitenciais neste manuscrito só pode ser, ao meu xuízo, en en contra da descrición que se ofrece na Huntington Library, Gad.

É posible que un vínculo semellante entre a ilustración dos Salmos Penitenciais e a das Ladaíñas se establecese xa noutro manuscrito que o precedeu no tempo, o Libro de Horas Sforza (Londres, BL, Additional 34294, fols. 212v-233v) (cat-541) [**Figs. 98(1)** ata **98(8)**]. Na miniatura que encabeza os Salmos Penitenciais neste códice o anxo porta tamén tres obxectos -tres frechas-. A relación visual entre ambos textos establécese, ao meu ver, de modo aínda máis firme neste libro de horas que no que acabamos de ver da biblioteca Huntington, pese a que argumentalo resulte máis complexo, debido as vicisitudes que viviu o célebre códice. Como é sabido, a súa iluminación levouse a cabo en dous momentos. A primeira campaña tivo lugar cando se comezou para Bona Sforza, duquesa de Milán, cara a 1490-1494, sendo o artista responsable Giovani Pietro Birago -pintor da corte milanesa activo entre 1471 e 1513- asistido por outros dous artífices. Parte da obra de Birago foi roubada xa no tempo deste, segundo consta documentalmente. Margarita de Austria, que herdou o manuscrito probablemente en 1504, foi a promotora da segunda campaña. Entre 1519 e 1521 encargouse ao pintor Gerard Horenbout de Gante que substituíse as miniaturas que faltaban, e este traballou probablemente tamén asistido polo seu taller[45]. Unha das iluminacións debidas a Horenbout é, precisamente, a que inaugura os Salmos Penitenciais (fol. 212v). O resto das que ilustran a sección –unha para o comezo de cada un dos 7 salmos-, así como a que antecede ás Ladaíñas, son responsabilidade do seu predecesor, Birago.

---

44 *Le tres excellent & sainct mystere du vieil testament par personnages, ouquel sont contenues les hystoires de la bible...* 1542, C2v (imaxe CCXv do facsímile dixital consultado)

45 Evans [Mark]1986, 21-22. Véxase ademais: Evans [Mark] 1992, 1994; Kren e McKendirck 2003, 428-431. O rexistro bibliográfico do manuscrito en British Library Digitised Manuscripts detalla a que campaña corresponde cada un dos folios do libro.

Aquel certo esquezo do Episodio do censo no que veño insistindo neste traballo explicaría o feito anecdótico de que Mark L. Evans, no seu estudo inicial sobre o manuscrito publicado en 1992, non recoñecese na primeira miniatura dos Salmos Penitenciais a que, con toda evidencia, é unha representación da elaboración do censo do pobo de Israel ordenada por David. Evans, daquela, interpretouna incluso en sentido contrario, como unha escena de administración de xustiza por parte do Rei bíblico, e explicouna como unha antítese da inxusta actuación do Rei adúltero con Urías[46]. Pero a escena que pintou Horenbout resulta a todas luces unha representación vívida e detallada da enumeración do pobo de Israel encargada por David a Xoab. No fondo da ilustración amósanse dous grupos de persoas a dereita e á esquerda; os personaxes no centro camiñan, de perfil, mentres outro personaxe fai un xesto cara eles, como instándoos a avanzar. Simultaneamente, no balcón, o axudante situado á esquerda do rei sinala un dos camiñantes cunha vara e o situado á dereita fai anotacións nun rolo. Evans corrixiu axiña a súa inexactitude na interpretación desta imaxe nunha publicación de 1994[47], se ben sen deixar de poñer o acento, ao tratar sobre a presenza de David nas ilustracións dos Salmos Penitenciais neste manuscrito, na contrición do Rei por causa do seus pecados de adulterio e homicidio. Na miña opinión, tal e como xa apuntei no capítulo dedicado ao emprego das fontes nas imaxes de Betsabé no baño, a alusión visual ao adulterio tamén estivo na intención de Horenbout, representada polo elemento ao que apunta unha das liñas de fuga do banco do pavillón que acolle a David. A fonte, emprazada no seo dun espazo que pode ser real –adxacente ao pavillón onde David reza- tamén sería, ao meu xuízo, unha imaxe mental do rei, evocadora do xardín de Betsabé, tal e como suxire a presenza arredor dela da característica cerca reticulada. Veríamos así unha rememoración por parte do rei do seu pecado de adulterio, paralela á meditación sobre a súa outra falta, a de orgullo, escenificada no derradeiro plano. Pese a autorectificación de Evans e o seu recoñecemento da escena da elaboración do censo no fondo da miniatura no seu traballo de 1994, a representación do relato nesta miniatura segue a ser ignorada nunha contribución posterior de Alixe Bovey, na cal se alude ao vínculo da figura de David na miniatura de Horenbout co medallón que contén a efixie de Carlos V na páxina adxacente

46 Mark Evans describe do seguinte xeito o suceso que ten lugar no segundo plano da ilustración: "*The background scene of David enthroned at a loggia, administering the justice he had denied Uriah to a straggling crowd of supplicants admitted to the palace courtyard (...)"* (Evans [Mark] 1992, 48)

47 No estudo introdutorio do volume 3 do facsímile deste manuscrito (Evans [Mark] 1994, 80-81)

(fol. 213r, [**Fig. 99(2)**]), responsabilidade do mesmo artista[48]. Analizando a relación de Margarita de Austria con este manuscrito, Bovey especula sobre o significado da presenza do retrato do futuro emperador Calos V no folio adxacente, pero ignora a imaxe do segundo plano da miniatura e se centra na figura de David, que interpreta como un Rei arrepentido en exclusiva polo súa pouco edificante conduta con Betsabé e polo asasinato de Urías. Sérvelle isto de argumento para descartar que Margarita de Austria pensase en regalar este libro ao seu sobriño, por considerar inapropiada a súa equiparación cun monarca adúltero e homicida. Parece lóxico pensar que o feito de que se decidise ilustrar o acto de soberbia dun gobernante debería ter sido, cando menos, obxecto de reflexión á hora de analizar o vínculo entre as imaxes de ambas páxinas. Así o fixo Dachmar Eichberger para chegar á conclusión contraria, vendo esta imaxe como unha posible advertencia de Margarita de Austria ao seu sobriño sobre os perigos do poder e a beleza[49]. Se ben é certo que non parece haber tradición na iluminación dos Salmos Penitenciais para a ilustración desta escena (a única, cómpre recordar, que rexistrei no corpus), non hai que esquecer que o pecado cometido por David cando censou ao pobo de Israel evócase naquelas outras que conteñen as personificacións dos tres castigos, a súa representación mediante tres obxectos ou a escena da matanza do pobo de Israel pola peste. Horenbout, o autor da miniatura, seguindo a tendencia dos artistas do seu tempo, tería acudido a buscar inspiración directa no texto bíblico, polo menos para a vívida escena pintada no último plano da súa miniatura. Deixando a un lado a presenza do retrato de Carlos V e as súas eventuais implicacións, paréceme que na selección da escena por parte de Horenbout puido tamén ter que ver a presenza no libro da ilustración responsabilidade do seu predecesor, Birago, dedicada á fin da peste en Roma tras a procesión de San Gregorio, xusto a seguir do remate do texto dos Salmos Penitenciais [**Fig. 98(8)**]. O artista flamengo contribuiría a establecer deste xeito unha secuencia lóxica coa ilustración das Ladaíñas do seu predecesor italiano, e quizais por iso escolleu unha imaxe única, á que concede un protagonismo singular –a elaboración do censo de Israel-, no primeiro apartado da secuencia. De ser así, estariamos ante unha estratexia semellante á que acabo de suxerir para o libro de horas italiano da biblioteca Huntington. Trataríase dunha estratexia máis sofisticada neste caso, pois abrangue as outras 6 miniaturas que inauguran cada un dos salmos, encadeando unha serie de imaxes que,

48 Bovey 2007, 123-124.

49 Eichberger 2005, 291.

como elos, afirman o vínculo entre a primeira e a última. A disposición destas iluminacións no libro de horas Sforza favorecería que a persoa destinataria encarase a lectura dos salmos vendo, en primeiro lugar, un anxo amosando as tres frechas alusivas aos castigos propostos pola elaboración do censo, e, simultaneamente, a vívida imaxe desta escena pintada no segundo plano da miniatura. Recordaría que o castigo escollido polo Rei bíblico polo seu pecado de orgullo foi o da a peste para o seu pobo. E logo de cumprir co recitado dos sete salmos, acompañada de cada unha das sete axitadas figuras de David creadas por Birago, encontraría un final reconfortante na visión doutro anxo –este, envaiñando a espada- na miniatura das Ladaíñas. Recordaría así mesmo, probablemente, que tamén un anxo envaiñou a espada cando Deus decidiu deter a matanza do pobo de Israel, como fixo San Miguel cando rematou a peste en Roma. E vería tamén ao pobo e ao clero de Roma devotamente axeonllados ollando cara o ceo, á maneira do Rei bíblico nas imaxes precedentes. Salvo que a axitación de David nas miniaturas que abren cada un dos salmos –a do pecador no seu estado de nerviosa tribulación- veríase remansada finalmente na atmosfera de devota calma na que se amosan somerxidos os personaxes axeonllados xunto co Papa, acollidos á misericordia de Deus.

O nexo da miniatura das Ladaíñas coa primeira dos Salmos Penitenciais no Libro de Horas Sforza se reforza tendo en conta que, co libro aberto, a imaxe prolonga, - e ilustra ao mesmo tempo, se se quere- a antífona que adoita rematar os Salmos Penitenciais en moitos libros de horas [**Fig. 99(3)**]. Diríase que os personaxes devotamente axeonllados co Papa están a pronunciar as últimas liñas da páxina precedente: *Ne reminiscar domine delicta nostra vel parentum nostrorum*". Un texto que, por outra parte, desenvolve a antífona na súa versión abreviada, "*Ne reminiscaris*" coa que adoitan comezar os Salmos Penitenciais nos libros de horas, e que tampouco falta no de Sforza **[Fig. 99(2)]**. Péchase, polo tanto, con esta miniatura das Ladaíñas, unha secuencia de trazado circular que comeza e remata con dúas imaxes asociadas visualmente á mesma antífona, nas que se alude a un relato que fala dunha praga de peste e que contan entre os seus protagonistas cun anxo no ceo, un ser celestial que, nalgún momento dos respectivos relatos, envaiñou a súa espada **[Figs. 99(1)** e **99(4)]**.

Quizais a evocación dunha asociación como a que propoño para os dous manuscritos que acabamos de ver –a que vincula a imaxe do Anxo do Castelo Sant Angelo con ese outro empuñando tres obxectos, ou enarborando ou envaiñando a espada, que acompaña a David nos Salmos Penitenciais- xustifique, en último termo, un detalle

insólito -sen parangón no corpus- presente na ilustración que acompaña o *incipit* Dos Salmos Penitenciais nun manuscrito asociado a Anne de Bretaña (París, BNF, lat 10548, fol. 95r) (cat-1103). Nela amósase unha imaxe convencional de David arrepentido na que está presente tamén o anxo brandindo a espada en alto. O singular nesta iluminación é que este ser celestial que habitualmente sobrevoa a figura de David en oración, aparece aquí pousado no cumio dunha edificación de plan central.

4.1.3. A ilustración dos Salmos Penitenciais no *Libro de Horas de Étienne Chevalier*

Londres, BL, Additional 37421 (cat-547) [**Fig. 100**]

Tendo en mente a idea de que a narración bíblica do Episodio do censo puido ter máis importancia da que normalmente se lle concede á hora de ler as imaxes de David nos Salmos Penitenciais, propúxenme explorar a posibilidade dunha nova interpretación para a ilustración deste texto no célebre libro de horas do tesoureiro de Carlos VII de Francia, Étienne Chevalier[50]. Como é sabido, trátase dun códice iluminado por Jean Fouquet, realizado entre 1452 e 1460, cuxas miniaturas foron desmembradas e atópanse hoxe repartidas entre varias institucións[51].

A miniatura dos Salmos Penitenciais neste libro de horas resulta certamente enigmática, polo que non é de estrañar que suscitase inicialmente interpretacións erróneas e, posteriormente, explicacións diversas[52]. O pintor francés ofrece unha composición excepcional de David interactuando coa figura divina nunha iluminación que, como veremos, resulta orixinal en moitos sentidos. O rei sitúase nun espazo definido por un relevo desconcertante, formado por un terreo en forte pendente con barrancos a ambos lados que deixan ver as cavernas infernais. Ataviado como guerreiro, David ten ás súas costas un exército. Diante del preséntanse dous cadáveres diferenciados pola cor, as

50 As liñas que seguen son debedoras, fundamentalmente, do traballo monográfico de Nicole Reynaud dedicado a este libro de horas (Reynaud 2006), que me proporcionou as ferramentas para abordar a miña análise desta imaxe e, en último termo, ofrecer unha interpretación complementaria da que esta autora e outros autores propuxeron para a ilustración dos Salmos Penitenciais.

51 Sabemos que o manuscrito foi desmembrado no século XVIII e as súas miniaturas dispersas. 40 consérvanse no Musée Condé de Chantilly, e outras sete atópanse repartidas en diversas institucións. Poden verse todas as miniaturas na páxina web da exposición virtual dedicada a Fouquet na web da BNF: *Fouquet, enlumineur et peintre du XV^e siècle,* París, BnF, s.d. (Exposition virtuelle) (consultada 17.12.2023)

52 Segundo conta De Hamel (1998, 253) a figura protagonista foi considerada inicialmente un simple cabaleiro e, posteriormente, identificada como San Luís ou San Pablo. Recoñeceu a David P. Leprieur nun artículo publicado en 1897 na *Revue de l'art ancien et moderne* (Reynaud 2006, 126 n.1).

características anatómicas e a postura inversa. E por riba del sitúase unha figura de Deus de gran tamaño, con rostro adusto, amosando as palmas de ambas mans e coa dereita levantada. David, cos brazos abertos e exhibindo tamén as palmas das mans, dirixe o rostro cara a Deus.

Christopher De Hamel interpretou a imaxe como unha escena na que o rei bíblico se representa no momento en que se detén a rezar, deixando atrás o exército de Xoab, logo de que o seu pobo sufrise o castigo da peste por causa da súa soberbia[53]. As xentes de Israel estarían representadas, segundo este autor, polos dous cadáveres do primeiro plano. Para Claude Schaefer, nunha interpretación que é a que seguirá Nicole Reynaud, a representación dos dous corpos en conxunción coa do inferno sería unha ilustración do versículo 6 do salmo 6 : "porque na morte non hai quen te recorde, e nos infernos, quen te louva?"[54]. Caroline Downer creu ver ademais nesta ilustración os inimigos derrotados do salmista citados no versículo 11 do mesmo salmo 6 encarnados no exército situado detrás de David ("avergóñense e túrbense o máis fondamente todos os meus inimigos, vólvanse e avergóñense inmediatamente")[55]. Todas estas interpretacións difiren substancialmente, pero non me parece que sexa descartable ningunha das aproximacións á imaxe que ofrecen. O uso de diversos enfoques nas ilustracións do libro de horas de Étienne Chevalier que a propia Reynaud puxo de relevo no seu estudo sobre este manuscrito xustifica, ao meu ver, o intento de desentrañar varias capas de lectura na dos Salmos Penitenciais[56]. Creo que Fouquet puido optar por solapar aquí dous enfoques diversos: a ilustración literal do texto do salmo que Schaefer propuxo para esta miniatura, e a aproximación narrativa ancorada no texto bíblico que relata o episodio do censo, aquela na que baseou a súa interpretación De Hamel. Só que os dous cadáveres presentes na iluminación non serían estritamente, ao meu ver, os de súbditos do rei castigados pola peste, como apuntou este autor.

53 De Hamel 1998, 250

54 Schaefer 1971, comentario da lám. XXVI ; Reynaud 2006, 126.

55 Downer 1992, 13.

56 Reynaud viu no libro de horas de Étienne Chevalier miniaturas de diversa natureza: algunhas son ilustración literal do texto, como, na súa opinión, o inferno e os cadáveres nos Salmos Penitenciais; outras, imaxes de devoción, como a Deposición de Cristo (2006, 136-140), e outras revelan unha aproximación narrativa, particularmente algunha dos sufraxios (*Ibid.*, 156)

Fouquet foi un innovador na creación de imaxes[57]. Non resulta estraño que á hora de abordar a de David arrepentido preferise esquivar a ilustración tradicional da súa figura con roupaxes reais e o tópico recurso ao instrumento musical abandonado ao seu carón e os substituíse pola figura dun guerreiro, que o que deixa a un lado son as manoplas, o casco e unha alabarda. Como xa sinalei no capítulo anterior, esta miniatura contén o máis antigo exemplo de David figurado como cabaleiro que compilei, dun total dunha vintena. Isto viría confirmar a hipótese que xa suxeriu Reynaud, cando apuntou a probabilidade de que a figura de David como devoto guerreiro, tal e como aparece nos Salmos Penitenciais, sexa unha creación de Fouquet. E quizais algo teña que ver coa decisión do pintor de figurar ao rei bíblico como cabaleiro a intención de facer referencia ao nome do seu patrocinador, Chevalier. Dada a personalidade artística do pintor francés, tampouco resulta estraño que, á hora de abordar esta ilustración, deixase a un lado a representación tradicional de David orando solitario e optase por crear unha imaxe única tamén noutro sentido. Á vista da miniatura, da súa desconcertante paisaxe –sen parangón nas do resto do manuscrito- e da aparencia dispar dos dous cadáveres, cabe preguntarse se Fouquet, tendo en mente o episodio do censo -como se suxire na interpretación de De Hamel-, se propuxo representar algo máis que o castigo da peste, e se o que buscou foi responder ao desafío de representar a escolla entre os tres castigos, nun momento en que probablemente aínda non se ideara o recurso de mostrar a Gad sinalando a tres personificacións (todas as ilustracións do corpus que conteñen estas personificacións son de data posterior á deste manuscrito)[58]. A súa aposta plástica puido ser a de traducir a elección en termos paisaxísticos, mediante a topografía excepcional do terreo no que o rei se sitúa, unha sorte de encrucillada debuxada nunha meseta inclinada que transmite unha inquietante sensación de inestabilidade. Nesta hipótese, a evocación da elección entre os tres castigos que Deus –a través de Gad- lle propuxo a David corresponderíase co esquema tripartito da composición, que se superpón á cruz desa intersección debuxada no terreo [**Fig. 100**]. David vese acompañado, a ambos lados, por cadanseu cadáver, e ten detrás un exército. Diríase que os mortos o son por causas diferentes, se atendemos á súa cor e anatomía. Os corpos amosan características ben diferenciadas, que apuntan claramente, nun deles, a un estado de desnutrición. Do outro cadáver, en cambio, sublíñase a cor enfermiza da doenza.

57 Reynaud 2006, 19

58 Ningunha das seis ilustracións que rexistrei no corpus que inclúen as tres personificacións é anterior ao derradeiro cuarto do século XV.

A postura inversa de ambos agudiza a desemellanza. Se a encrucillada materializa en termos orográficos a decisión que David ten que tomar, os cadáveres representarían dous dos castigos que Deus propuxo a David para mortificalo a través do pobo de Israel, é dicir, a fame -o cadáver desnutrido- e a peste -o corpo de cor violácea-. Nesta hipótese, o terceiro grupo de figuras, o exército situado detrás do monarca, aludiría ao segundo castigo proposto, a saber, a persecución polos seus inimigos "sen librarse da súa espada"[59]. Cando máis tarde xurda a iconografía das tres penalidades encarnadas en tres personificacións, a segunda, efectivamente, o fará sempre nun soldado (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1139, fol. 92r) (cat-1192). O exército, que a primeira vista –e nunha primeira lectura- ben pode representar o que David deixa atrás cando se detén a orar nun descampado, transformaríase, no ambiente irreal definido pola aparición de Deus e a súa tripla proposición, nunha visión das hostes inimigas[60], do mesmo xeito que os cadáveres tan anatomicamente detallados e tan estratexicamente situados pasan a ser algo máis que as vítimas dunha peste, como suxeriu De Hamel. A apreciación de Nicole Reynaud cando sinala que o exército se presenta "como unha aparición" describe certeiramente ese carácter irreal do grupo, que encaixa ben coa encarnación dunha abstracción, a do segundo castigo[61]. A fórmula empregada ao situar a milicia tras dunha gran roca, composición paisaxística que Fouquet utiliza noutras miniaturas do manuscrito para dar paso ao avance cara adiante dun cortexo -nalgúns casos dun exército[62]-, subliña aquí, por contraste, o feito de que o os guerreiros está detidos, agardando. Diríase que a tropa se ve paralizada porque o seu seguinte paso depende da decisión do Rei, aínda en suspenso. David está nunha encrucillada, física e vital.

Nesta miniatura nada parece deixado ao azar. O que Reynaud describe como un poste do que colga o casco de David, e tendo en conta o impacto que tiveron os artistas parisinos de principios de século en Fouquet, segundo demostrou esta autora[63], paréceme ser un recordo dos troncos cortados tan presentes nas ilustracións daquel período, e máis concretamente nalgunhas de David nos Salmos Penitenciais. Unha destas cachopas de

59 "*aut tribus mensibus te fugere hostes tuos, et gladium eorum non posse evadere*" (I Crónicas 21, 12); "*aut tribus mensibus fugies adversarios tuos, et ille te persequentur*" (Samuel II, 24, 13)

60 Tal e como creu velo Caroline Downer 1992, 13

61 Reynaud 2006, 127

62 Reynaud 2006, 164

63 En particular o denominado Mestre de Boucicaut e os Irmáns Limbourg (Reynaud 2006, 245-246)

perfil esvelto non falta, precisamente, na miniatura que ilustra este texto nun libro de horas do taller Boucicaut que chegou a pertencer a Étienne Chevalier e na que interviu o propio Fouquet, inserindo as iniciais do novo propietario na marxe inferior da páxina (Londres, BL, Additional 16997, Petites Heures d'Étienne Chevalier, Fol. 90) (cat-532). A miniatura, que xa tiven ocasión de mencionar no capítulo 3, exhibe un destes troncos cortados estratexicamente situado xusto embaixo do pe de Deus. Seguindo cos elementos paisaxísticos, Nicole Reynaud reparou no "estraños" que son o que ela describe como tres illotes. Eu vexo máis ben outeiros que morren directamente no mar nunha costa recortada, como os que aparecen na miniatura da Deposición no mesmo libro. Pero a diferenza destes últimos, os dos Salmos Penitenciais están truncados, de aí probablemente a estrañeza de Reynaud. Atreveríame a suxerir a posibilidade de que se trate de volcáns. Se así fose, revelaríase unha vez mais o xenio do artista que integra con coherencia neste relevo montañoso o lume subterráneo evidenciado no primeiro plano da ilustración. En calquera caso, os tres outeiros, cuxa cor se degrada progresivamente, píntanse en tamaño decrecente, semellando facer eco do esquema tripartito da composición e quizais, de paso, da importancia do número tres na narración deste episodio bíblico na versión de Crónicas (21, 11-12): tres castigos a escoller, dunha duración de tres anos, tres meses, ou tres días:

> Achegándose, pois, Gad a David, díxolle: isto di o Señor, escolle o que queiras, ou fame por tres anos; ou andar a fuxir dos teus inimigos por tres meses, sen poder librar da súa espada; ou que por tres días estea a espada do Señor e a peste sobre o país e o anxo do Señor facendo estragos en todo o territorio de Israel…

A redución progresiva do intervalo temporal dos castigos semella traducirse sutilmente na destes montes, mesmo se a diminución do seu tamaño está xustificada antes de nada pola perspectiva. E ata podería pensarse que Fouquet aproveitou esta técnica para aludir á envergadura dos castigos, facendo corresponder o cadáver máis afastado (e por esta razón, o de menor tamaño) coa menor duración do terceiro castigo (a peste). Deste xeito, empregando como fíos as leis da perspectiva, Fouquet reforzaría a trama dunha escena que transforma a narración en visión.

A alusión aos tres castigos que suxiro na miniatura dos Salmos Penitenciais do libro de horas de Étienne Chevalier semella encaixar, ademais, coa figura de Deus que se amosa nela [**Fig. 100a**]. Vemos aquí un ser que non bendice ao penitente arrepentido, como si fai nas ilustracións daquela tradición de comezo de século da que bebe o artista e que si

inspiran, en cambio, a notable envergadura da Divindade na súa ilustración (recordemos que polas datas en que Fouquet traballa, esta figura vira xa reducido o seu tamaño substancialmente nas imaxes de David en actitude devota). Pero esta evocación das iluminacións de principios da centuria, que si se transluce na visión grandiosa da Divindade –pola postura sedente, polo tamaño, pola améndoa de serafíns e querubíns que o rodean - non se estende, en cambio, ao carácter misericordioso daquelas imaxes máis temperás. O que aquí se mostra é un figura de cariz implacable, tanto na expresión do rostro como das mans. O xesto destas últimas tampouco ten equivalente exacto nas visións de Deus noutras ilustracións de David arrepentido compiladas no corpus. Algunhas das poucas que amosan a figura divina mostrando unha ou dúas palmas da man levantadas semellan translucir un ademán de diálogo con David, pero en termos máis amables[64]. Interesa, en cambio, o ademán que fai a figura divina nun manuscrito algo posterior, de arredor de 1480 (Londres, BL, Additional 54782, Hastings hs) (cat-553) [**Fig. 101**], pois o xesto da súa man esquerda alzada tamén está relacionado coa alusión aos tres castigos nas tres frechas que sostén coa outra man. A énfase nas palmas das mans dos dous protagonistas na ilustración do libro de horas de Étienne Chevalier sería coherente tamén coa idea de interlocución, e coa representación do diálogo entre ambos -cun ton de severidade na figura divina- en torno a elección dos tres castigos. A ausencia de Gad, intermediario de Deus nesta negociación segundo a Biblia, non invalidaría a lectura que estou a propoñer para esta miniatura se recordamos outros exemplos compilados (se ben posteriores a este, como o que acabo de mencionar) nos que tamén se transfire a Deus a función de ofertar os tres castigos, mediante o recurso á exhibición nas súas mans de tres obxectos diferentes ou de tres frechas. En calquera caso, a elección dun Deus "implacable" por parte de Fouquet debeu ser ben meditada se pola época en que traballou na nosa miniatura intervira xa na que acabo de mencionar do libro de horas de Boucicaut, onde se amosa unha figura de carácter bondadoso e grande proximidade con David, que é a antítese da que el escolleu para a súa ilustración [**Fig. 102**].

Polo que á imaxe do inferno se refire, cómpre recordar que a representación illada do averno nos Salmos Penitenciais constitúe unha rareza. Inserida nunha ilustración de David en actitude devota supón, no momento en que se realizou esta ilustración -se

64 Por exemplo, nun libro de horas de comezo do do século XV: París, BNF, Latin 1161, fol. 101r (cat-1074)e outro do segundo cuarto do século XV (Múnic, Bayerische StaatsBibliothek, clm 843, fol. 69r) (cat-695).

atendemos ao corpus- unha auténtica orixinalidade, outra máis no haber de Fouquet. Incluso cabería imaxinar que a representación lle fose suxerida pola propia orografía escollida [cfr. **Fig. 103, 104a**]. A representación do inferno como ilustración independente–quer dicir, non ligada ao Xuízo Final- tivo escasa presenza nos Salmos Penitenciais e a maioría das poucas imaxes rexistradas no corpus son responsabilidade, como vimos, do Mestre das Iniciais de Bruxelas, artífice de procedencia italiana que tamén traballou en París. Cabe preguntarse se a relevancia que Fouquet concede ao motivo na súa ilustración podería deberse ao impacto que tiveron no pintor francés os infernos baixomedievais italianos, que puido coñecer no seu eventual periplo pola península[65]. Ou mesmo ao coñecemento directo dos pintados nos libros de horas nos que interveu o Mestre das Iniciais de Bruxelas a comezo de século en París. Trátese do subsolo dun relevo volcánico ou non, creo que ese inferno que exhiben os dous ocos abertos no primeiro plano da iluminación integran en realidade na paisaxe aquelas imaxes do averno presentadas como unha vista en sección do terreo, presentes, entre outras obras, nas devanditas ilustracións dos Salmos Penitenciais responsabilidade do Mestre das Iniciais de Bruxelas (*Libro de Horas de Carlos o Nobre* Cleveland, Cleveland Museum of Art, 1964.40, fol. 106r (cat-424) [**Fig. 105a**]. As figuras diabólicas de cor verde e aparencia robusta que pinta Fouquet [**Fig. 104b**] constitúen outro punto en común coas imaxes do miniaturista italiano [**Fig. 105b**]. Parentesco italiano parece ter tamén a que ten forma de dragón serpentiforme con cabeza de lagarto situada na caverna dereita da iluminación do *Libro de Horas de Étienne Chevalier* [**Fig. 104b**], que comparte trazos comúns coa que aparece en marxe do texto do salmo 6 noutro manuscrito de procedencia italiana (*Libro de horas de Blanche de Savoie* (ca. 1378) (Munich, Bayerische StaatsBibliothek, clm 23215, Fol. 215r) (cat-696) [**Fig. 106**].

Polo que se refire á insólita presenza das cavernas infernais nunha ilustración como esta, na que tamén aparece David en actitude devota, cabe sinalar que De Hamel non ofrece ningunha explicación que ligue estas coa súa hipótese interpretativa dos cadáveres do primeiro plano como mortos pola peste. O texto do Salmo 6 aducido por Schaefer e por Reynaud resulta moi convincente, en cambio, como xustificación da

65 As probas da viaxe a Italia de Fouquet son só indirectas, o que leva a algúns autores a pedir precaución ao respecto (Clancy 1993 207, n. 1). Outras persoas que analizaron a pegada do Renacemento italiano na súa obra non parecen albergar dúbidas sobre o desprazamento do artista á península (Reynaud 2006, 249-253; Richards 2007). Samuel Gras (2016a, 14-16) sintetiza as probas nas que se basea a hipótese da viaxe a Italia do pintor e proporciona bibliografía sobre esta cuestión.

presenza do inferno xunto cos cadáveres. A consideración de ambos como citas visuais do versículo 6 do salmo 6 non exclúe, ao meu entender, a hipótese da súa presenza como personificacións dos castigos -a peste e a fame- do mesmo xeito que o exército irreal como encarnación do segundo castigo non exclúe unha consideración do mesmo, de entrada, como exército real de David[66]. Creo que nada impide ver tamén na exhibición deses mesmos cadáveres que parecen ameazar con esvarar e invadir o espazo da persoa que observa a imaxe unha auténtica advertencia en forma de *memento mori*, algo que encaixa ben coa representación do averno que os acompaña, en recordo de dous dos catro novísimos[67].

Parece que esta composición de Fouquet non tivo equivalente noutras obras do pintor ou entre os seus seguidores, e a súa iconografía cos dous cadáveres é única. Algunha outra iluminación do artista presenta parentesco formal con esta na figura de David. Por exemplo, a que se atopa nun libro de horas considerado da autoría de Fouquet ou dalgún seguidor, onde se amosa o Rei bíblico orando nunha paisaxe agreste convencional (París, BNF, Latin 1417, fol. 85r) (cat-1095)[68]. O seu corpo repite a postura característica de David no libro de horas de Étienne Chevalier, unha posición que xa se detectara nunha figura de San Francisco realizada anteriormente polo pintor[69] –visto de fronte, coas pernas separadas en ángulo bastante aberto, semiaxeonllado, os brazos abertos coas palmas cara arriba, e o rostro en escorzo ollando ao ceo-. Pero a súa indumentaria -David se presenta con roupaxes reais- igual que a paisaxe, resulta convencional. Se, como parece, a composición de Fouquet non ten precedentes nen tivo descendentes, todo parece indicar que si tivo ampla repercusión a imaxe de David que se mostra nela. Como xa se sinalou, probablemente sexa a proxenitora dunha prole de cabaleiros devotos –e non tan devotos, como máis adiante veremos- que a partir dela se deixan ver nos Salmos Penitenciais. Valga de exemplo a figura atribuída a Jean Bourdichon como ilustración deste texto nun libro de horas francés (Los Angeles, Jean

66 A consideración de capas de significado asociadas a diferentes textos bíblicos que propoño para a lectura desta imaxe xa foi sinalada para outra miniatura do libro, a do descenso do Espírito Santo sobre os fieis (denominada por Nicole Reynaud (2006, 104) "Le Doigt de Dieu protège les fidèles contre les démons"-) que apuntou Claude Schaefer, quen viu nesta ilustración referencias ao endemoñado de Mateo 12, 22-37 e ao salmo 46 (Schaefer 1971, comentario lám. XIII [sen paxinación]).

67 A representación dos catro novísimos tampouco falta nalgún libro de horas: recoméndase telos presentes para non pecar nun manuscrito francés do primeiro decenio do século XVI (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1088, fol. 175r) que dedica ademais varias ilustracións a este tema.

68 Gras 2016a, 2: fig. 211.

69 Reynaud 2006, 127.

Paul Getty Museum, Ms. 48, fol. 98r) (cat-619). Resulta de especial interese, por outra parte, a que semella ser, ao meu xuízo, unha reelaboración feita por Jean Colombe en torno a 1473 da nosa miniatura (Nova York, PML, MS M.677 fol. 307r) [**Fig. 144**][70]. Amósase nela a David como cabaleiro e cunha disposición similar na postura das pernas, no centro dunha planicie tamén inclinada. Esta aparece cortada por un barranco que -como na imaxe do seu predecesor- permite ver en primeiro plano un inferno con figuras diabólicas castigando os condenados. O xesto das mans de David tamén resulta familiar, pois coincide co de Deus na miniatura de Fouquet. Se a ilustración do *Libro de horas de Étienne Chevalier*, tal e como parece, foi a inspiración de Colombe, resulta evidente que este simplificouna, prescindindo dos cadáveres e do exército. Quizais porque o que ilustra é o salmo 50, moi asociado a través do seu título ao pecado con Betsabé, o que esixiría a eliminación de calquera alusión ao Episodio do censo. A iluminación, ademais, non está integrada na sección dos Salmos Penitenciais, senón no texto de *Laudes* do Oficio de Defuntos, lugar onde a alusión a aquel episodio parece que ten aínda menos sentido. Sexan cales foran as razóns de Colombe, o que resulta evidente é que este banalizou a iluminación de Fouquet, tornou a pintar unha figura de Deus anódina –de tamaño reducido e pobremente revelada entre nubes- e debilitou, ao pintala co tradicional xesto de bendición, a idea dunha interlocución do Señor con David. Na plataforma inclinada da miniatura de Colombe, artificialmente integrada na paisaxe circundante, eludiuse ademais calquera alusión á idea dunha posible encrucillada vital.

4.2. PEGADA DA ESEXESE E DO DISCURSO PENITENCIAL NAS ILUSTRACIÓNS

Nos subepígrafes que seguen enfoquei a lectura das imaxes de David en actitude devota nos Salmos Penitenciais, e en particular de determinadas ilustracións do corpus, considerando como pano de fondo a doutrina sobre a penitencia, e tendo en conta tamén certas explicacións xeradas polos relatos bíblicos dos pecados de David (4.2.1), así como a propia esexese dos Salmos Penitenciais (4.2.2).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

70 Sobre o uso de modelos de Fouquet por parte de Colombe véxase: Seidel 2018, 41.

4.2.1. A esexese da narración bíblica dos pecados de David e a penitencia*: peccavi*

Certos comentarios sobre a narración dos crimes de David en Samuel e Crónicas translucen o esforzo dos seus autores por xustificar as accións do rei e incluso por descupalo, así como por resaltar o mérito do seu arrepentimento[71]. Agostiño aborda estas xustificacións, como vimos, na súa obra *Contra Faustum* e tamén na esexese do salmo 50[72]. O argumento básico desta defensa exprésase de xeito didáctico na *Legenda aurea*, cando se relata como Teodosio, ao tratar de suscitar a comprensión de San Ambrosio sobre a súa responsabilidade nunha matanza levada a cabo en Tesalónica, recórdalle ao santo "que tamén David cometera adulterio e homicidio", recibindo como resposta deste: "se imitaches a David pecador imítao tamén no arrepentimento e na santidade posteriores"[73]. Entre os comentarios "positivizantes" da conduta de David están, efectivamente, os que poñen o foco sobre o feliz desenlace da narración dos terribles actos narrados en Samuel, quer dicir, na expresión da culpa mediante as palabras que Natán logra extraer de David ("*Peccavi Domino*", en II Samuel 12, 13). O relato de Samuel constitúe, polo tanto, unha oportunidade para os comentaristas de abordar o tema da confesión.

4.2.1.1 Expresión visual do sacramento da penitencia. "*L'humiltade del pentimento*"

A énfase que se fai no capítulo 74 do *Miroir historiale* no acto de confesión de David ante Natán expresouse gráficamente, como vimos, na ilustración dalgún manuscrito desta obra, onde se amosa a Natán como un auténtico crego confesor (sentado, cando normalmente o profeta se presenta de pé nesta escena) e a David de xeonllos fronte a el, como se dun pecador calquera se tratase (BNF Français 316, Fol. 113v) [**Fig. 111**][74]. Anteriormente suxerimos unha lectura no mesmo sentido para unha imaxe do corpus [**Fig. 110b**]. A tradición iconográfica ofrece precedentes deste enfoque do suceso. Na xa mencionada imaxe dun manuscrito bizantino do século IX que contén homilías de Gregorio Niazanceno (París, BNF, Grec 510, fol. 143v) a escena de David e Natán ilustrando un sermón sobre o perdón centrouse iconograficamente na última parte do

71 Vinay 2002, 310-311

72 Epígrafe 4.1.1.1,

73 Iacopo da Varazze 1982, Vol. 1, 247

74 Outro exemplo nun manuscrito contemporáneo: París, BNF, NAF, 15939, fol. 66v

diálogo entre ambos, aquela na que David, ante a revelación de Natán da súa similitude co home que roubou a ovella, confesa o seu pecado. A absolución do Rei bíblico aparece expresada nas inscricións da miniatura, que recollen o texto de Samuel 12, 13, no que David confesa, e a resposta de Natán conforme o seu pecado lle foi perdoado[75].

A ilustración dun manuscrito holandés da *Biblia Pauperum* (Londres, BL, King's 5, fol. 6) presenta igualmente a escena do arrepentimento de David ante Natán en certo modo como unha confesión, pois nela vese o rei axeonllado entoando o Miserere aos pés do Profeta. Esta interpolación dalgún fragmento do texto do *Miserere* na narración do episodio de Betsabé -no momento de arrepentimento de David ante Natán- remonta, cando menos, ao propio Xerome, quen no seu relato sobre o arrepentimento do Rei na Epístola 77 fixo pronunciar a David os versículos 6 e 14 do salmo[76]. Na glosa do episodio bíblico por Hugues de Saint-Cher a relación do salmo 50 coa confesión de David ante Natán chega máis lonxe. Segundo a explicación do dominico, David non só pronunciou fragmentos do *Miserere* no momento en que Natán lle transmitiu o perdón de Deus senón que directamente compuxo o salmo completo como consecuencia do perdón expresado por Natán. *"Et penituit David, dicens, Peccavi. Et translatum est peccatum eius ab eo. Inde* ***composuit*** *David psalmum illum. Miserere mei Deus"*[77]. Desta idea de que David compuxo o *Miserere* nestas circunstancias temos tamén constancia iconográfica nas páxinas iniciais dun libro de horas datado entre 1204 e 1219, PML M. 739, fol 17v[78].

---

75 Walker Vadillo 2013, 75

76 Reproduzo o fragmento do texto implicado e a tradución ao castelán (Xerome 2013, 842-843) porque volverei sobre el nalgunha ocasión máis:

> *David sancti et mansuetissimi uiri homicidium pariter et adulterium, septem dierum emandauit fames. Iacebat in tema* ***[sic]****, uolutabatur in cinere, et oblitus regiae potestatis, lumem quaerebat in tenebris. Illumque tantum rescipiens quem offenderat, lacrimabili unce dicebat: "****Tibi soli peccavi, et malum coram te feci"****. Et: "Redde mihi laetitiam salutaris tui, est spiritu principali confirma me".*

Tradución en castelán de Juan Bautista Valero:

> *El homicidio acompañado de adulterio cometido por David, varón santo y mansísimo, quedó expiado por un ayuno de siete días. Yacía por tierra, se revolvía en la ceniza, y olvidando la regia dignidad, buscaba la luz en las tinieblas. Y mirando solamente a aquel a quien había ofendido, decía con voz llorosa: "Contra tí, contra tí solo pequé, cometí la maldad que aborreces". Y: "devuélveme la alegría de tu salvación , afiánzame con espíritu generoso".*

Repárese en que a fonte consultada contén, por erro, "in tema" en lugar de "*in terra*" no texto latino. Confirmei o termo "*terra"* noutra edición da obra de Xerome (Xerome 1996, 40).

77 Hugues de Saint-Cher 1600, 250.

78 Libro de horas de principios do século XIII no que non se inclúe o texto dos Salmos Penitenciais. O códice presenta un ciclo visual con episodios do Antigo e do Novo Testamento nos folios preliminares do

Nunha viñeta desta páxina David aparece escribindo e, segundo se desprende da lenda que acompaña a ilustración, o que redacta é o *Miserere*, ou o seu primeiro versículo, logo de ser amoestado por Natán. O texto reza: *hiez erslan vnde im sin wib nam. do rov ez in sere vnde screif, miserere mei deus*[79]. E se non escribíndoo, pero si pronunciando o versículo máis coñecido do mesmo salmo (o versículo 3, *"Miserere mei, Deus, secundum magnam misericordiam tuam; et secundum multitudinem miserationum tuarum, dele iniquitatem meam"*) aparecera xa David na escena de arrepentimento na Biblia de Pamplona, fol. 95v (1197) [**Fig. 74(1)**], segundo se desprende do texto que acompaña a viñeta. No corpus contamos con varias imaxes de David pronunciando algún fragmento do Salmo 50 inscrito nun filacterio na ilustración dos Salmos Penitenciais (véxase máis adiante epígrafe 4.2.3) e incluso rexistrei unha imaxe cun motivo que, a modo de glosa visual marxinal, ben podería aludir especificamente á idea de que o rei bíblico o compuxo como resultado do seu pecado de concupiscencia: nas chamadas *Horas Coëtivy* Dublin, CBL, MS. 82, 80r (cat-457) (París, 1443-1445, atribuído a Mestre Dunois) David se mostra en marxe do texto do salmo 50 sentado diante dun escritorio portátil, un filacterio dá a enteder que o que escribe é o *Miserere* e fronte del vese un macho cabrío, animal, como é sabido, asociado ao vicio da luxuria[80].

Agostiño, no seu comentario do salmo 50, ademais de salientar o paradoxo que representa o pecado de David -"o acto malo dun home bo"[81]- elabora un discurso que versa, básicamente, sobre a soberbia e a humildade na confesión (esexese do versículo 9)[82]. Outro texto patrístico que respalda a asociación deste episodio da vida de David coa confesión é a segunda homilía sobre a penitencia de Xoán Crisóstomo, na cal se alude a tres vías en relación co sacramento. A primeira vía é a confesión, e o *exemplum* que a ilustra é o fragmento de Samuel que recolle o encontro de David e Natán, a exposición da parábola por parte do profeta, o subseguinte acto de confesión do rei e a remisión do pecado confirmada por Natán[83]. Texto e ilustracións de Biblias moralizadas ofrecen

---

libro, sen texto litúrxico. Neste ciclo é onde se sitúa a viñeta e texto citados. Sobre este manuscrito, o máis antigo libro de horas que posúe esta biblioteca, véxase Wieck 1997, 21, n. 11 e 85

79 Transcrición tomada da descrición da miniatura na páxina web da Pierpont Morgan Library

80 Por exemplo, na tradición iconográfica dos pecados capitais cabalgando animais (Mâle 1908, 356, 359, 364; Baschet 2002, 349). Tamén temos exemplos no corpus do vínculo entre o animal e o vicio (París, BNF, NAL 3244, fol. 127 (cat-1142)

81 Agostiño 1955, 246

82 Agostiño 1955, 258-259

83 Xoán Crisóstomo 1997, 130-132

tamén a moralización do relato do episodio bíblico vinculándoo sen ambaxes co sacramento da penitencia. Nun manuscrito do século XIV desta obra, París, BFN, Français 167, Fol. 77v, as viñetas coas escenas que nos ocupan glósanse do seguinte xeito na versión en francés:

> [Columna esquerda, terceira viñeta: ilustración de **David axeonllado ante Natán de pé**]
> *Dauid ot repentance de son peche et confessa et dist au prophete iai peche et le prophete li dist dieu a translate la pome de ton peche tu nen mourras ia"*

> [Columna esquerda, cuarta viñeta: ilustración coa escena de **David e outros personaxes rezando**]
> *Dauid qui confessa quil avoit peche segnefie ceuls qui se repentent et retournent a dieu par repentance e par confession.et prient aus bons quie prient pour euls et nostre seigeneur leur pardonne et mue la peine pardurable en peine temporel*

O que se transmite no texto das Biblias moralizadas é, polo tanto, que o episodio de Natán, na súa lectura moral, debe ser interpretado en termos alusivos ao sacramento e, sen explicitalo, alúdese a varias partes deste: a contrición ("*repentance")*, a confesión ("*confessa")* e a absolución ("*le prophete li dist dieu a translate la pome de ton peche"*). Na *Biblia moralizada de San Luís* (Toledo, Tesoro del Cabildo de la Catedral, Ms. I-III) isto reflíctese tamén nas imaxes: no folio 122r, nun medallón coa escena dos reproches de Natán, este diríxese a unha figura de David que amosa o seu arrepentimento mediante a postura e os xestos: sentado (?), cabeza inclinada e mans cruzadas no regazo [**Fig. 30**]. A esta escena de contrición corresponde outra de absolución no medallón situado á mesma altura na columna adxacente, onde o Rei bíblico se amosa como penitente axeonllado recibindo o perdón de Natán[84].

Á luz dos textos e ilustracións que acabamos de ver no *Miroir historial*, na *Biblia Pauperum* e -de modo aínda máis contundente- na Biblia moralizada, pódese inferir que a alusión ao sacramento estaría implícita en todas aquelas imaxes dos Salmos Penitenciais que amosan a David e a Natán, ou as que conteñen inscricións que recollen algunha expresión de David equivalente a unha confesión. Refírome a sentencias como a que se rexistra na iluminación dos Salmos Penitenciais nas *Grandes heures d'Anne de Bretagne*,

84 Pódese consultar a imaxe do folio 122r no catálogo da tese de Mónica Walker Vadillo (2013, ficha 41)

París, BNF, Latin 9474, fol. 91v (cat-1099). Á lectura desta ilustración que fixen anteriormente como alusión aos dous episodios de pecado de David narrados na Biblia (mediante as tres frechas, a fonte e os simios da páxina adxacente) súmase, á vista desta inscrición, outra xa plenamente encadrada na práctica penitencial, pois a miniatura recolle un texto que non está en ningún dos relatos bíblicos de Samuel e Crónicas. O que David estaría a pronunciar é un versículo do Miserere (salmo 50, 6) o mesmo que, segundo Xerome, declamou David na súa penitencia. O parágrafo do *Miroir historial* que trata da confesión de David, remata tamén aludindo á sua composición do salmo 50 que "non ten ningún versículo que non sexa unha confesión de pecado":

> *"el [sic] psaume de miserere mei deus. Et tu verras que il nia* ***nul vers qui soit sans confession de pechie***"[85]

Nun dos máis antigos libros de horas ilustrados, o realizado por William De Brailes (cat-550), as etapas da práctica sacramental poden seguirse na secuencia das ilustracións dos sete salmos, sendo tamén o diálogo de David e Natán o punto de partida. Segue a esta ilustración, que sería a alusiva á contrición e á confesión -tal e como nos ensina o texto das Biblias moralizadas-, unha escena que Claire Donovan interpretou como o perdón de Deus –un anxo colle entre as súas as mans de David semienterrado-[86]. E nos salmos seguintes ofrécense imaxes que fan referencia ao cumprimento da penitencia ou satisfacción: o rei arrepentido aparece nunha escena de mortificación, sendo azoutado por un crego (o texto é: "*disciplines*", fol. 72r); unha muller reza (acompañada do termo explicativo "*oreisun*", fol. 75r); e David volve mostrarse en actitude devota noutra inicial, a do salmo 129 (co texto ao pé: "*reclamer deu*", fol. 78r). Esta vontade de facer casar etapas da práctica penitencial cos sete salmos constátase tamén na paráfrase que dos mesmos realizou varios séculos máis tarde, a comezo do século XV, o franciscano Thomas Brampton, nun fragmento onde explica que a secuencia que vai da contrición ao perdón recoñécese no texto de cada un dos salmos. Comentando o versículo 1 do salmo 6, Brampton afirma:

85 BNF Français 316, fol. 113r, na columna dereita

86 Donovan 1991, 106

"The seuen psalmes of the whilk this is the first begynnys all in sorowand gretynge and bitternes of forthynkynge, & tai end in certaynte of pardoun"

[The seven psalms of which this is the first all begin in sorrowing lamentation and in bitterness of repentance, and they end in certainty of pardon] [87]

Un manuscrito do corpus con ilustracións excepcionais nos Salmos Penitenciais ao que xa fixen alusión no capítulo anterior (epígrafe 3.5.3.1.3) ofrece unha curiosa representación dun concepto profusamente tratado na literatura sobre a penitencia. Refírome ás bágoas da contrición, que na escena do profeta amoestando a David na iluminación do salmo 37 deste libro de horas (e no gravado dos impresos que tamén a reproduciron) son evocadas na imaxe de David enxugando os ollos cun aparatoso pano branco (Filadelfia, Free Lib of Philadelphia, Lewis E 112, fol. 49r) (cat-475).

Non resulta doado atopar outros exemplos nas ilustracións dos Salmos Penitenciais de secuencias equivalentes á que ofrece o libro de horas de De Brailes, susceptibles de ser postas en paralelo coas etapas do sacramento. Máis común é aquela outra imaxe lexible en termos de confesión, a dos reproches de Natán, pero, como xa vimos, parece que esta escena tampouco se prodigou excesivamente nos Salmos Penitenciais, nen sequera na época en que a ilustración de David acompañado dun profeta foi máis común, a finais do século XV e comezo do XVI. Non faltan no corpus imaxes con inscricións de versículos do Miserere como a que se pinta na miniatura dos Salmos Penitenciais nas *Grandes Heures d'Anne de Bretagne* ou expresións que poidan ser postas en relación coa práctica penitencial, pero trátase tamén de casos puntuais. Por outra parte, as escenas sacramentais apenas teñen incidencia no corpus –as de confesión ou absolución son escasas, como xa quedou patente no capítulo 3 deste traballo-. E a pesar de todo isto, malia a relativa escaseza de alusións explícitas ou indirectas a actividades concretas da práctica penitencial nas ilustracións dos sete salmos, creo que a pegada do discurso sobre o sacramento é acusada en moitas das miniaturas que acollen a David arrepentido, pero non referida ás partes da penitencia, nen ao acto concreto da confesión, senón ao seu fundamento doutrinal. Refírome ás reiteradas alusións nestas imaxes á virtude da humildade, unha das pedras angulares do discurso penitencial.

87 As citas do texto orixinal de Brampton e da súa adaptación a inglés moderno están tomadas de Sutherland 2010, 21.

Un breve repaso ao tratamento desta cuestión nas fontes doutrinais servirá para por de relevo algúns conceptos básicos que poden axudar a afondar na lectura das imaxes de David arrepentido que encontramos nos Salmos Penitenciais. Efectivamente, humildade e penitencia aparecen xa unidas nos escritos dos Padres da Igrexa, desde Xoán Crisóstomo, que cita a virtude como a terceira vía da Penitencia[88], ata Agostiño que a trata na súa esexese do salmo 50, vinculándoa coa confesión. Agostiño aborda a humildade cando comenta o significado do hisopo mencionado no versículo 9 e da expresión "ósos humillados" no versículo 10[89]. Precisamente o corpus contén unha orixinal imaxe que creo que é unha ilustración literal do versículo 9 do Salmo 50: en marxe da páxina que comeza con este versículo, un home, posiblemente David, semella estar a rociarse cun líquido que estaría contido nun recipiente situado ao seu carón (Dijon, BM, Ms 3765, fol. 89r, imaxe 185 (cat-451). A partir do século XII, o autor medieval de referencia para o tema da humildade foi Bernardo de Clairvaux, sendo de particular importancia neste sentido a súa obra *De gradibus humilitatis et superbiae*. A súa definición de humildade, "*Humilitas est virtus qua homo verissima sui cognitione sibi ipse vilescet*", cítase a miudo en penitenciais e obras pastorais[90]. Tradúcea o relixioso español Frei Lope Fernández de Minaya (c. 1375-c. 1438) do seguinte xeito: "virtud por la qual, segundo conoscimiento verdadero de sí mesmo, se envilece hombre a sí mesmo"[91]. O tratado sobre a humildade e a soberbia de San Bernardo foi considerado polo teólogo e reformador Jean Gerson como un dos fundamentos do precepto establecido polo IV Concilio Laterano en relación coa obrigatoriedade da confesión. O propio Gerson establece que un dos signos fundamentais da humildade é, precisamente, a verdadeira confesión[92]. Por outra parte, parece que foi na mesma época en que escribía Bernardo de Clairvaux cando tivo a súa orixe un concepto importante para entender o vínculo entre virtude e sacramento, a cuestión das condicións da confesión. Crese que estas se mencionaron por primeira vez

88 Na mencionada segunda homilía sobre o sacramento de Xoán Crisóstomo o *exemplum* desta vía e o Publicano, pero tamén Pablo de Tarso. (Xoán Crisóstomo 1997, 137-140).

89 Agostiño 1955, 258

90 Hamman 2019, 31-32. Grace Hamman toma a cita de San Bernardo de: Saint Bernard (1973) *The Steps of Humility and Pride* traducido por M. Ambrose Conway. Kalamazoo, MI: Cisterican Publications, 30 (Hamman 2019, 31 n. 26).

91 No seu tratado moral *Espejo del alma* (Fernández de Minaya 1964a, 258). Minaya escribiu o *Espejo del alma* e un *Tratado breve de penitencia*, e ambos se conservan nun manuscrito que custodia a Biblioteca del Real Monasterio de El Escorial, sign. "h.II.14" (antes, "II.M.9" y "ij.11") (Rodríguez de la Torre).

92 Iribarren 2021, 221

nunha obra de autor descoñecido -*De vera et falsa poenitentia*-, realizada probablemente a comezos do século XII, que por ser falsamente atribuída Agostiño gozou de gran influencia no desenvolvemento da teoloxía sobre a penitencia. Versións do tema difundíronse a partir de entón en sermóns e literatura pastoral, sendo probablemente a máis antiga a do propio San Bernardo, que cita tres condicións e sitúa a humildade como a primeira[93]. A Tomás de Aquino, que tamén tratou das condicións da confesión, atribúenlle varios autores medievais a autoría dun poema de natureza mnemotécnica que foi moi popular e que servía para lembralas. O poema enumera dezaseis e a humildade ocupa o segundo lugar ("Sit simplex, humilis, confessio, pura, fidelis..".)[94]. Nos comentarios que se estenden sobre estas condicións da confesión, a humildade interprétase por parte dalgúns autores como unha humildade tanto interior (recoñecemento do pecado) como exterior, manifestada no aspecto e na postura de xenuflexión[95].

As ideas relativas ao vínculo entre a virtude e o sacramento establecidas polos grandes autores cristiáns permean a literatura penitencial, e como mostra mencionarei dous tratados de moi diferente envergadura nos que a virtude se presenta como cualidade intrínseca de diferentes partes da penitencia. Passavanti (1302-1357), no seu *Specchio de la vera penitenza*, cita a Xoán Crisóstomo cando relaciona a humildade coa terceira parte, a satisfacción : "*in corde contritio, in ore confessio, in opere tota humilitas: haec est fructuosa poenitentia*"[96]. E declara noutro lado que a confesión debe ser humilde e verdadeira, e que o pecador debe humillarse ao pe do ministro de Igrexa[97]. Fronte á prolixa obra de Passavanti, o *Tratado breve de penitencia e de las señales por do se conosce quando es verdadera*, de Frei Lope Fernandez de Minaya, ofrece unha síntese eficaz da doutrina sobre o sacramento, abordando en apenas tres páxinas os sinais das tres partes da penitencia e situando a humildade na primeira e na segunda. Como sinal da contrición- "*humildad en las partes de fuera*" pon como exemplo o leproso que se axeonllou ante Cristo e solicitou misericordia- e, como sinal da segunda parte -a confesión-, inclúe a humildade entre as tres condicións que a confesión debe cumprir tal

93 Millet 1999, 194.

94 Reproduce o poema Thomas Tentler (1977, 106).

95 *Ibid.* 107.

96 Passavanti 1856, 71.

97 *Ibid.* 88, 98.

e como estableceu San Bernardo, e sitúaa en primeiro lugar[98]. Por outra parte, as consideracións respecto da humildade que recollen e divulgan tratados e manuais tiveron tamén o seu eco no sermón baixomedieval. Nun de San Antonio de Padua (1195-1231), por exemplo, prescríbese a humildade mental e corporal como a primeira etapa do sacramento[99].

A énfase na importancia da virtude en relación co terceiro sacramento ten a súa contrapartida na relevancia non menor concedida ao vicio que se lle opón. Por esta razón creo que á hora de ler as imaxes de David arrepentido hai que prestar especial atención tamén ao pecado de orgullo. Así, por exemplo, na Primeira Partida de Afonso X establécese un fondo vínculo entre o orgullo e o acto de pecar en si mesmo. Afírmase que o vicio forma parte dunha das tres maneiras en que todo pecador erra contra Deus: na concepción do pecado, na vontade de facelo e na soberbia de levalo a cabo ("*La primera, porque ovo sabor en pensar el pecado. La segunda, porque consintió en ello queriéndolo facer. La tercera, por la sobervia que ovo en complirlo de dicho o de fecho*")[100].

Nos epígrafes precedentes deste capítulo xa suxerín un posible enfoque de certas imaxes dos Salmos Penitenciais en termos de soberbia e humildade. Lembremos as ilustracións de Goliat, ou aquelas outras das criadas sentadas no chan na escena do Baño de Betsabé, actuando como contrapunto de modestia fronte ás figuras dos protagonistas da escena de pecado[101]. A estas imaxes habería que sumar agora a de David, unha figura poliédrica que, en función do suceso bíblico no que se retrate, chegou a encarnar diversos pecados ou, na súa outra vertente como exemplar figura devota, a virtude que é o fundamento de todas. Nun manuscrito do *Vigriet de solas*, (París, BNF, Français 9220), onde se contrapón a ilustración dunha árbore de virtudes (Fol. 5v) a outra de vicios (Fol. 6r), podemos ver humildade pintada como a raíz da primeira[102]. Na miniatura dedicada ás virtudes, David preséntase situado na parte inferior esquerda, ao nivel desa raíz que está identificada mediante inscrición como a humildade "*humilitas est radix ommiun virtuten*" e encarnada na Virxe da Anunciación pronunciando "*Ecce ancilla domini*". Se

98 Fernández de Minaya 1964b, 265-266.

99 Derbes e Sandona 2008, 131.

100 Na Ley XXIII do Título IV (Afonso X 1975, 31-32)

101 Véxanse epígrafes 3.4.2 sobre a soberbia de Goliat e 3.5.3.2.3 sobre a criada de Betsabé.

102 O *Vigriet de Solas,* obra tamén coñecida como *Speculum Theologie* ou *Verger de Consolation* é unha compilación escolástica de diagramas teolóxicos, de devoción e morais realizada por Johannes Metensis a finais do século XIII, (Heck 1995, 12).

ben a imaxe de David se repite noutro medallón da mesma miniatura e a súa presenza nesta ilustración ten probablemente motivacións que van mais alá da súa asociación coa virtude, o certo é que a súa posición resulta o suficientemente estratéxica como para introducir o propósito que nos ocupa.

Nos Salmos Penitenciais resáltase a virtude do Rei bíblico naquelas ilustracións nas que David se amosa sentado no chan -como a Virxe de Humildade, como a criada recatada de Betsabé, ou como a imaxe da alegoría da alma sostendo no seu regazo o "corazón contrito e humillado" mencionado no Salmo 50 que pode verse nun manuscrito da obra *Mortifiement de Vaine Plaisance* de René d'Anjou (Nova York, PML M. 705 fol. 3r) [**Fig. 28**][103]. Así e todo, as imaxes de David sentado sobre a terra que compilei son escasas (7) e todas, salvo unha holandesa, de procedencia italiana. Máis abundantes no corpus son outras que tamén inciden, ao meu xuízo, no tema da humildade. Trátase daquelas que mostran a David axeonllado ao lado do seu trono -abaixado del-, recorrentes, como vimos, nos manuscritos de carácter estandarizado elaborados nos obradoiros de Rouen pero bastante comúns tamén en manuscritos procedentes doutras rexións. Ou aquelas outras que o revelan co lombo curvado e prostrado no chan. Sirva para xustificar a asociación entre esta última postura e a humildade a que nos ofrece un manuscrito do *Somme Le Roi* de Frère Laurent realizado no Este de Francia e datado en 1294 (París, BNE, Français 938, fol. 74r) .Nel establécese o vínculo entre a propia alegoría da virtude e outro *exemplum* bíblico de humildade, o Publicano, que se amosa encrequenado cal penitente ante unha imaxe de Cristo. Temos ademais no corpus dous exemplos rotundos, desde o punto de vista iconográfico, da énfase na virtude de David mediante a súa asociación cunha alegoría da humildade. Os dous manuscritos, que xa tiven ocasión de mencionar en múltiples ocasións neste traballo, reproducen una composición moi similar na ilustración dos Salmos Penitenciais. Na iluminación do *Libro de horas Bedford*, Londres, BL, Additional 18850, fol. 96r (cat-533), o compartimento central, con escenas do Episodio Betsabé/Urías e da penitencia de David, está rodeada de medallóns con imaxes dos pecados capitais e as virtudes contrarias. O orgullo e a humildade aparecen aquí destacados sobre os demais porque son os únicos para os que se reserva un medallón individual. Unicamente a avaricia ten unha relevancia equivalente, pois a personificación

103 "Corazón contrito e humillado" é unha expresión empregada no versículo 17 do Salmo 50. Na obra de René d'Anjou a alegoría da Alma fai entrega dese corazón as personificacións de "Perfecta contrición" e "Temor de Deus" (Nova York, PML Ms M. 705, fol. 50r)

aparece duplicada na orla. *Humilite* e o orgullo (representado este último pola figura de Pablo caendo do cabalo) reálzanse a maiores mediante a súa presentación como extremos dunha sorte de columna vexetal que no centro ten outro símbolo do vicio: o pavo real coa cola despregada[104]. A figura de David penitente orando nun burato, na parte superior do compartimento central, faise coincidir co medallón de *Humilite* na orla, e o seu xesto reproduce o esquema figurativo dun dos personaxes do medallón, glosándose así por partida dobre a virtude que o rei pon en práctica cando leva a cabo a expiación. No segundo manuscrito, Nova York, PML, M.0453, fol. 98v (cat-875) a imaxe central dos Salmos Penitenciais, con escenas similares de pecado e penitencia do rei, vese tamén rodeada de alegorías dos pecados capitais. Mantense nela a posición privilexiada das da humildade e o orgullo, con medallóns independentes e contiguos na parte superior da orla, mentres o resto dos vicios, agás a avaricia, comparten espazo coa virtude oposta. A avaricia aquí, en cambio, aparece bastante relegada, disfrazada entre a decoración vexetal na orla dereita. Unha vez mais, a alegoría da humildade sitúase onda David penitente e o medallón do orgullo desprázase cara arriba para vincularse tamén á figura do rei.

Entre as miniaturas do corpus que de forma máis evidente mostran a humildade de David cabe citar, finalmente, un grupo que xa tiven ocasión de mencionar anteriormente ao referirme aos xestos de diálogo entre David e Natán. Nelas o rei vese prostrado no chan a carón dunha escaleira [**Fig. 89a**]. Trátase de escenas moi semellantes ás que aparecen en exemplares da *Biblia Pauperum* (véxase, por exemplo, A Haia, KB, 10 A 15, fol. 26r) e tamén do *Speculum humanae salvationis* (Marseille, BM, 89, fol. 15r). No seu comentario sobre estas imaxes na chamada "Biblia dos pobres", Christian Heck vinculou a escena directamente coa obra de San Bernardo sobre os doce grados de humildade[105]. Creo que esta variante da escena dos reproches de Natán pode explicar, por outra parte, a enrevesada estrutura do patio que acolle a David arrepentido na miniatura dos Salmos Penitenciais no libro de horas coñecido como *Codex Rotundus*, por mais que na miniatura non estea presente o profeta (Hildesheim, Dombibliothek Hildesheim, Hs 728 (cat-497). O protagonismo da escaleira nesta imaxe cobra sentido á luz dos exemplos mencionados, e apuntaría tamén, polo tanto, a ese "abaixarse" do home arrepentido,

104 Sobre o motivo do pavo real como símbolo do orgullo nos Salmos Penitenciais, véxase máis adiante epígrafe 4.2.1.2.4.

105 Heck 1999, 251-252

expresado no resultado do acto de descender os banzos dunha escaleira que parecen implicar estas imaxes[106].

Alén dos exemplos aludidos ata aquí dunha asociación explícita da imaxe de David arrepentido coa humildade -porque presentan o rei sentado no chan, vencellado visualmente a imaxes alegóricas da virtude, prostrado ou axeonllado onda o seu trono ou ao pé dunha escaleira- a alusión a esta virtude básica para afrontar a penitencia está presente, sobre todo, nunha das imaxes máis representativas e máis frecuentes do Rei bíblico nos Salmos Penitenciais. Refírome á composición que o amosa cos seus atributos abandonados, instrumento musical e coroa sobre todo, pero tamén o cetro. Non por casualidade cando o Mestre de Luçon ilustrou o texto consagrado á humildade no *Livre des bonnes moeurs* de Jacques Legrand, situou á cabeza dun grupo de penitentes axeonllados a figura dun rei, probablemente o gobernante dos Ninivitas, que mantén enfáticamente apartada a un lado a súa brillante coroa (París, BNF, Français 1017, Fol. 8v). Na rúbrica que encabeza o texto ilustrado por esta miniatura (*"comment humilite fait que lomme se congnoist et done a chascun congnoissance de soi meismes"*) adivíñase a pegada da definición de humildade de San Bernardo, a mesma que tamén recollía no seu tratado Fernández de Minaya. Un século máis tarde de que o Mestre de Luçon pintase esta singular imaxe dun rei penitente, a descrición de David que fai Pietro Aretino no texto que precede a súa paráfrase dos sete salmos tampouco deixa lugar a dúbidas sobre o xeito en que hai que interpretar a imaxe de David despoxado dos atributos do poder. O autor italiano, recollendo seguramente unha tradición literaria pero inspirándose probablemente tamén nas imaxes de David arrepentido nas súas diferentes variantes, comenta neste sentido a expiación de David, describindo un rei que renuncia ás súas pompas e viste de penitente, chegando a conformar a imaxe da penitencia mesma ("*sembrava nel sembiante essa penitenza*")[107]. Abandonar os seus atributos significa, segundo o autor, humillar o orgullo da dignidade real coa humildade do arrepentimento:

> *E trattosi di testa, e di dosso la corona, e la porpora, gittato in terra lo scettro, humiliando la superbia de la sua degnità con l'humiltade del pentimento...*[108]

106 Sobre escaleiras de signo aparentemente contrario nas imaxes de David arrepentido véxase epígrafe 5.2.7

107 Aretino 1539, 5v.

108 *Ibid.*

O texto de Aretino inaugura a súa paráfrase dos Salmos Penitenciais do mesmo xeito en que o fan as miniaturas de David arrepentido na sección dos sete salmos en multitude de libros de horas. Case a modo de écfrase, o poeta describe o rei como se se tratase do protagonista dalgunha daquelas imaxes que iluminan o encabezamento dos Salmos Penitenciais. Describe a que foi a súa ilustración privilexiada desde os inicios do século XV, e explica moralmente en termos de soberbia-humildade esta imaxe do rei cos seus atributos abandonados, pero pinta tamén aquela outra que ocupou o seu lugar nos libros de horas italianos, confirmando que o Músico, cando aparece encabezando o texto dos Salmos Penitenciais, non o fai unicamente en calidade de autor-compositor, senón que representa a tradución visual en italiano da imaxe penitencial de David, a do rei pecador que compuxo os sete salmos como acto de expiación:

> *et egli nulla prendendo di indugi a quello che doveva fare per placare Iddio, postosi inginocchioni, recatosi lo stormento al petto, composto il viso in alto, acquetato il suono de i sospiri, toccando le corde con tenero fervore, mosse a dio queste parole*[109]
>
> [comeza, a continuación deste texto, a paráfrase dos sete salmos]

Estas últimas liñas do prefacio de Aretino son un testemuño da familiaridade do autor coas ilustracións italianas que dan preeminencia ao rei penitente como músico –co instrumento nas mans- sobre o rei orando e a arpa relegada a un lado que nos presentan os manuscritos franceses ou nórdicos. O de Aretino, como veremos no capítulo dedicado á paisaxe penitencial, toca as cordas con tenro fervor metido nun burato. O Músico que se pinta nos Salmos Penitenciais dun manuscrito italiano do terceiro cuarto do século XV faino como un auténtico asceta, sentado nun árido deserto, diante da súa cova (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 148, 67r) (cat-294). Polo que á cuestión que nos ocupa se refire, interesa comprobar como o escritor italiano, coa súa enfase no tema da humildade, situou a imaxe arquetípica de David cos atributos abandonados no marco da doutrina e a pastoral contemporánea sobre o sacramento, as que prescriben a virtude como unha das vías da penitencia e unha das condicións da confesión.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

109 *Ibid.*

Nun libro de horas cuxa iluminación dos sete salmos está incluída no corpus (Nova York, PML, MS M.7)(cat-756), non é a figura de David arrepentido a que inaugura o texto dos sete salmos, senón a do pastor vencedor de Goliat. Aínda así, o eco destes discursos que vinculan humildade e práctica penitencial se deixa sentir nas orlas de dúas páxinas da mesma sección (fols. 45v-46r) pois nelas pintáronse senllas cartelas con inscricións que revelan, ademais da chamada da atención sobre a esixencia de humildade na práctica penitencial, a pegada do versículo 19 do *Miserere*, aquel que fala do "corazón contrito e humillado" do salmista, mencionado explícitamente nalgunha outra iluminación do corpus[110]:

fais penitence *humble de* [imaxe dun corazón]

4.2.1.2.- Orgullo e presunción. O cabaleiro soberbio

A idea expresada nas Partidas de que o acto de pecar é, en si mesmo, un acto de soberbia está na base da consideración do orgullo como o máis grave dos pecados capitais –concibido como rebelión e desafío contra Deus-. Certo é que esta consideración sobre a relevancia do vicio mudou en época baixomedieval e que no período no que floreceron os libros de horas xa fora medrando progresivamente a importancia do pecado de avaricia. Así e todo, tal e como apunta Little, o orgullo mantivo en moitos ámbitos -entre eles as artes visuais- a súa preeminencia[111]. Non hai imaxe dos Salmos Penitenciais que mellor traduza a importancia do primeiro vicio que a que escolleron os Irmáns Limbourg para inaugurar –cunha ilustración única e magnífica - o texto dos Salmos Penitenciais nas *Très Riches Heures*: a da caída dos anxos rebeldes (Chantilly, Musée Condé, MS 65, 64v) [**Fig.**

110 París, BNF, NAL 302, fol. 48r (cat-1116)

111 Little (1971, 26, 49) examinou o tema do orgullo e a avaricia tanto na tradición literaria como nas artes visuais e chegou á conclusión de que o primeiro mantivo a súa importancia todo ao longo da Idade Media, en tanto que a avaricia emerxeu desde unha relativa escuridade e mellorou a súa progresivamente. Considera este autor que o cambio da preeminencia da avaricia sobre o orgullo se produciu máis ben nas institucións e ideais da vida relixiosa (o ideal de humildade dos beneditinos substituído polo ideal de pobreza dos mendicantes) máis que no ámbito da literatura ou as artes visuais. Abundan na observación deste autor os testemuños que ofrece a literatura penitencial. Véxase, por exemplo, a argumentación de Iacopo Passavanti -autor que, recordemos, viviu no século XIV- no seu *Trattato della Superbia*, anexo, xunto con outros dous tratados dedicados á Humildade e á Vanagloria, á súa obra *Lo specchio della vera penitenza.* Passavanti argumenta nel sobre a consideración da soberbia como berce do resto dos vicios (Passavanti, 1856, 202-204). Sobre a xustificación teolóxica da preeminencia da soberbia e a súa concepción como rebelión contra Deus véxase: Bloomfield 1952, 70-75. Carla Casagrande e Silvana Vecchio (2003, 153-159) examinan esa sorte de competición entre ambos pecados por ocupar o primeiro posto en época baixomedieval.

113] (cat-371) Nesta imaxe exhíbese o tópico visual do orgulloso derribado ou castigado cabeza abaixo, e nela inclúese a que vén ser, ao meu xuízo, a versión máis indigna do mesmo: aquela que amosa o soberbio coas pernas para arriba, sobre todo cando están espidas [**Figs. 112, 113, 114**]. Outra imaxe recollida no corpus que creo que pode ser posta en relación co concepto teolóxico de soberbia é a que nos ofrece o *Libro de Horas de Jeanne de France*, que, como xa comentei, presenta unha personificación do primeiro pecado capital na viñeta superior dereita da páxina miniada próxima a unha figura de Goliat pintada no compartimento principal, no comezo dos Salmos Penitenciais (París, BNF, NAL 3244, fol. 127) (cat-1142). Ao vínculo do vicio co xigante filisteo que se percibe na iluminación habería que engadir outro de maior calado entre a figura de Deus e o personaxe que cabalga o león, situado á súa mesma altura [**Fig. 115**]. En efecto, a personificación da soberbia nesta miniatura preséntase facéndolle fronte á figura divina desde unha posición que pode interpretarse como de auténtico desafío, subliñado pola altiva ollada do león dirixida cara ao Señor. Este sostén a mirada do animal, pero no seu rostro albíscase a contrariedade e diríase que incluso a tristeza. Esta personificación do orgullo enfrontado a Deus, no seo dunha miniatura que mostra a David rodeado das alegorías dos sete pecados capitais, constitúe a mellor expresión gráfica da pormenorizada xustificación que fai Passavanti no seu *Trattato della Superbia* cando explica por que este pecado é aborrecido por Deus. O autor italiano acode no seu favor a unha cita de Boecio:

> *Tutti gli altri vizi fuggono da Dio; solo la superbia si oppone contro a Dio, resistendo alla volontá sua.*[112]

O relato do censo do pobo de Israel ofrece o marco idóneo para presentar a David como *exemplum* deste discurso penitencial que pivota sobre os conceptos de soberbia e humildade. No *Salterio da Raíña Mary*, a relación do episodio e o vicio explicouse con claridade no texto que acompaña a ilustración correspondente, no que se apunta como David pecou "*per orgoile*" cando decidiu facer o cómputo dos seus súbditos -f. 62r-). Dúas fontes que mencionei máis arriba entre as que aluden a este episodio explican tamén cal foi o pecado cometido polo rei cando levou a cabo este acto indigno, e fano ademais empregando un termo común, o que deixa entrever que a expresión foi un tópico de uso

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

112 Passavanti 1856, 205.

estendido. No salterio francés mencionado no epígrafe 4.1.1.1 (Nova York, PML, MS M.934, fol. 012r [**Fig. 78**], o texto que precede o salmo 6 explica que David fixo o censo *"par presumption orgueilleuse"*. No *Mystère du Vieil Testament*, Deus comeza a súa intervención na parte do drama dedicada ao censo empregando os mesmos termos para reprochar a David o seu orgullo e presunción ("*David David / mon esprit de toy se ravit / ton orgueil ta presumption / esmouveront vexation ...")*[113]. Tamén Petrarca na súa paráfrase dos sete salmos, acudiu ao termo "presunción" para establecer a antítese coa humildade: "*Aufer a me, Domine, presumptionis spiritum, et humilitatem tribue, placentem tibi"*[114].

Nas ilustracións que conteñen motivos relacionados co Episodio do censo, a alusión implícita ao primeiro vicio resulta, polo tanto, evidente, pois a soberbia do rei é o ingrediente desencadeante da acción. Pero máis alá das miniaturas dos sete salmos que inclúen algún elemento relacionado con este episodio (anxo ou figura divina termando de tres obxectos, pobo de Israel sendo castigado pola peste) -e que, como vimos, se presentan unicamente en manuscritos serodios- , e á marxe da imaxe excepcional dos anxos rebeldes empregada polos Irmáns Limbourg ou de detalles puntuais como o da figuriña do orgulloso e o seu león desafiando a Deus no *Libro de horas de Jeanne de France*, cabe preguntarse se a mención do orgullo deixou a súa pegada, dalgún outro xeito, en ilustracións dos Salmos Penitenciais. Tentando responder a esta pregunta, e partindo da idea, derivada da lectura do texto de Aretino, de que a contraposición entre orgullo e humildade é básica para entender en todo o seu alcance a maioría das imaxes de David arrepentido, permitinme enfocar a análise dalgunhas de máis difícil interpretación rexistradas no corpus en clave de referencia a estes conceptos, volvendo agora os ollos á iconografía do primeiro vicio. Nestas imaxes ás que me refiro os cabalos xogan un papel importante. Acudín, xa que logo, ás cabalarías asociadas á iconografía do orgullo, as que provocan a caída do seu xinete, sexa este Pablo de Tarso, como no libro de horas de Bedford, ou unha alegoría máis abstracta do vicio, pero tamén aquelas outras que contribúen a compoñer a personificación do orgullo simplemente como un personaxe a cabalo. O corpus ofrece un exemplo evidente desta última personificación. No chamado

113 *Le tres excellent & sainct mystere du vieil testament par personnages, ouquel sont contenues les hystoires de la bible...* 1542, C1, col. dereita (fol. CCVIII do facsímile dixital consultado). Mencionei esta obra dramática no epígrafe 4.1.1.1.

114 O texto inclúese na paráfrase do último dos sete salmos. Vexase o texto de Petrarca reproducido no manuscrito París, Bibliothèque de l'Arsenal, Ms 0640 réserve, fol. 102r.

Libro de Horas de los Siete Pecados Capitales, a ilustración de cada un dos sete salmos contén a imaxe de David acompañado da alegoría dun vicio encarnado na figura dun guerreiro, pero só o primeiro, "*orge[il]*", preséntase a cabalo, cun pavo real empoleirado, como estrambótico adorno, sobre a cabeza do cabaleiro (Madrid, BNE, Vitr/24/10 pax. 227 e seguintes) [**Fig. 79**]. A iconografía do cabaleiro soberbio déixase ver tamén no corpus -neste caso na tradicional imaxe do personaxe caído da súa montura- nunha miniatura que Simon Bening ideou para ilustrar os Salmos Penitenciais no *Libro de horas de Albrecht de Brandeburg* (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, Ms 294d (folla solta) (cat-303) [**Figs. 116a, b**]. Nesta iluminación, o artista inspirouse nun gravado da Apocalipse de Durero –"A masacre dos catro anxos"[115]- realizado en torno a 1498, e a presenza neste gravado de tema apocalíptico dun personaxe boca abaixo, derribado do seu cabalo, ofreceu a Simon Bening a oportunidade de incorporar esta figura no ámbito dos condenados, tal e como xa se fixera, bastantes séculos antes, no inferno da portada de Sainte-Foy de Conques [**Fig. 117**].Se ben cun carácter bastante menos diáfano que nestas dúas miniaturas, a imaxe do cabaleiro soberbio podería ter inspirado tamén, dun xeito ou doutro, dúas composicións que abordo a continuación.

4.2.1.2.1. A ilustración dos Salmos Penitenciais nas *Horas Dinteville*

Cabalos e cabaleiros xogan un papel relevante na ilustración dos Salmos Penitenciais no chamado *Libro de Horas Dinteville* (París, BNF, Latin 10558, fol. 63v (cat-1104) realizado en Francia a mediados do século XVI e cuxo programa iconográfico responde probablemente as directrices do promotor do libro, o Bispo de Auxerre François II Dinteville (1498-1554) [**Fig. 118a**][116]. Os guerreiros e as súas monturas forman parte do elenco de figuras que ilustran un episodio da vida de Elías. Myra Orth identificou a escena, pero non explicou a razón da súa presenza como iluminación dos Salmos Penitenciais[117]**.** A miniatura ilustra o suceso protagonizado por Elías e o rei Ocozías

115 Información tomada da descrición iconográfica da miniatura no Fitzwilliam Museum.

116 Sobre este manuscrito véxase: Orth 2003; Orth 2015, 2: 297-301

117 Describiuna como "Élie et la destruction de l'armée d'Ochozias" (Orth 2003, 292) e posterioremente como "Elijah predicts the defeat of the army of king Ochozias" (Orth 2015, 2: 298). Myra Orth subliña a orixinalidade na selección das escenas que ilustran as diferentes seccións deste e outros libro de horas vencellados á familia Dinteville e cuxo programa foi tamén seguramente responsabilidade de François II Dinteville, pero admite a dificultade para explicar as razóns desta selección (*Ibid.* 300). A orixinalidade, en efecto, repítese, por exemplo, na ilustración dos Salmos Penitenciais noutro códice encargado pola mesma familia, o chamado *Libro de horas de Henri II*, que reproduce a escena de Xob no esterco (París,

narrado en II Reis 1, 1-18. Neste texto se conta como Ocozías, convalecente dunha caída desde o balcón da súa residencia, acode en busca de axuda a unha Divindade pagá, Belcebú, provocando a furia de Deus. Este ordena entón a Elías interceptar os mensaxeiros que o rei israelita enviara a Belcebú, indicándolles que volvan onda Ocozías e lle anuncien a súa próxima morte. Recibida a mensaxe, Ocozías despacha sucesivamente tres faccións do seu exército na busca do profeta. Tras o encontro con este, as dúas primeiras sofren un castigo en forma de lume que cae do ceo. O terceiro envío, cuxo capitán se humilla ante o profeta, se salva e volve para confirmar a Ocozías a proximidade da súa morte. A miniatura que nos ocupa estaría a amosar o momento en que os xenerais de Ocozías se achegan ao profeta e, simultaneamente, o castigo de lume que o exército recibe desde o ceo.

Á hora de explicar unha miniatura na que se escolleu ilustrar o texto dos Salmos Penitenciais co episodio de Ocozías e Elías non é ilóxico pensar que o fundamento da decisión resida, dun modo ou outro, na intención de aludir ao primeiro vicio. Convén recordar que Ocozías caendo cabeza abaixo da súa torre é un *exemplum* do orgullo, tal e como nos di o texto de *Somme le Roi*, e tal e como pode verse nos manuscritos ilustrados desta obra de Frère Laurent[118]. Sirva a modo de exemplo a que acabamos de ver, París, BNE, Français 938, fol. 74r. No das *Horas Dinteville*, sen embargo, Ocozías non se mostra na súa caída. De feito, nen sequera se mostra. O que nela se ilustra é unicamente o encontro entre Elías e o exército enviado por este monarca israelita. Ao meu xuízo é posible que o orgullo nesta miniatura apareza tamén evocado, pero non encarnado no rei de Israel, senón nos mandos do seu exército. E poida que a imaxe da soberbia se complemente ademais cun esbozo iconográfico da virtude contraria. No texto dunha Biblia moralizada do século XV temos un testemuño incuestionable da relación do vicio cos personaxes enviados por Ocozías a Elías, descritos como "*orgueilleux messages*" que "*orgueilleusement*"se atreveron a dar ordes a Elías (París, BNF, Français 897, fol. 59r) (col. esqu., liñas 3-12) A miniatura do libro de horas de Dinteville mostra o lume caendo desde o ceo sobre o conxunto de soldados visibles ao fondo, en alusión á derrota das dúas primeiras faccións do exército. Sen embargo, o primeiro plano da ilustración está reservado á estrepitosa caída dun dos soldados e a posible inminente caída do seguinte,

BNF, Latin 1429, fol. 73v) (cat-1097), imaxe normalmente asociada neste tipo de devocionarios co texto do Oficio de Defuntos.

118 Ochozías é *exemplum* de orgullo tamén nas Biblias moralizadas (Heck 1995, 17)

desligados visualmente das chamas. Compárese, por exemplo, esta ilustración con outra imaxe do mesmo suceso na Biblia moralizada á que veño de referirme (BNF, Français 897, Fol. 58v ou nun libro de horas francés de ca. 1500 (Nova York, PML, MS H.5 fol. 114r) [**Fig. 119**]. Neste último, a escena encádrase nun ciclo visual do Antigo e do Novo Testamento que se desenvolve nas marxes dos folios do manuscrito. Na viñeta superior da páxina sublíñase a derrota dos denominados, no texto explicativo, "*sergens de occosias*", soldados presumiblemente de infantería (ou, en todo caso, sen cabalos) arrasados directamente polo lume. No manuscrito de Dinteville, en cambio, distínguense do conxunto da tropa estes tres militares a cabalo. A tríade pode facer alusión aos tres envíos, se ben ningún dos militares mostra a actitude respectuosa que o texto bíblico apón ao terceiro cando indica que se axeonllou ante Elías, escena que si aparece representada nestoutro libro de horas francés que acabo de mencionar (viñeta inferior da páxina). Inclínome a pensar que non hai diferenza moral entre os tres cabaleiros da ilustración no códice de Dinteville. Máis ben, e como se dunha animación en *stop motion* se tratase, diríase que o que aquí vemos é a representación da secuencia da caída dun soldado do seu cabalo. O cabaleiro máis afastado da persoa que observa, o que interactúa co personaxe no cumio da montaña, preséntase sobre o animal en repouso; séguelle a este guerreiro outro soldado sobre un cabalo coas patas de diante alzadas; e a este último un personaxe xa derribado no chan pola súa montura. Esta última figura evocaría necesariamente no público contemporáneo aquelas imaxes que -como a do *Libro de Horas de Bedford*, ou como tantos outros exemplos cuxo fundamento remonta ao texto de Prudencio e á tradición das súas ilustracións- presentan o castigo do orgullo como imaxe dun cabaleiro que cae do cabalo[119]. Prudencio fala dun soldado que se precipita, ademais, logo de presentarse cabalgando, fachendoso, ante Humildade (Leiden, University Library, Burm.Q.3, Fol. 136r[120]) [**Fig. 120a**]. Nas *Horas Dinteville*, entre o cabaleiro que se amosa cabalgando un corcel en repouso e o soldado caído vemos a ese terceiro sobre un cabalo coas patas alzadas e portando un estandarte, unha figura que evocaría indirectamente tamén o castigo do orgullo, se se lle presume unha caída inminente na hipotética secuencia gradual. Que o seu estandarte inclúa a arpa símbolo de David serviu probablemente para designar o exército de Israel, pero non é de descartar que se trate dunha alusión indirecta

119 Prudencio Clemente 1981, 322-323.

120 Este manuscrito da Biblioteca da Universidade de Leyden se conta entre os máis antigos que sobreviven da *Psychomachia*, datados na derradeira década do século IX (Solivan Robles 2020, 111)

ao propio Rei bíblico. A primacía deste como protagonista das ilustración dos Salmos Penitenciais xustificaría que esta figura, que ao fin e ao cabo ocupa a posición central na imaxe, e cuxa bandeira, de gran envergadura, concentra inevitablemente a atención, recolla dalgún xeito unha mención velada ao monarca e guerreiro bíblico que se atreveu a desafiar a Deus coa súa soberbia, como fixo Ocozías ao acudir a Belcebú. Unha visión da milicia de David con estandarte semellante, adornado pola arpa, aparece vinculada a unha imaxe do monarca acompañado dun profeta nunha iluminación xa mencionada na que, como suxerín, se fai alusión aos 3 castigos pola soberbia que levou a David a censar o pobo de Israel (Huntington HM 1102, Fol. 56v.) (cat-1177) [**Fig. 122**]. E na ilustración dun breviario flamengo realizado en torno a 1500 David como cabaleiro, desta vez como figura devota, axeonllado, identifícase tamén pola arpa que adorna o seu escudo e o seu estandarte (Nova York, PML M.52 fol. 307r) [**Fig. 121**]. Sen saír do corpus, outra imaxe que presenta a arpa de David como motivo heráldico é a que realizou Simon Marmion nunha escena do Baño de Betsabé, na que sitou un escudo contendo o instrumento musical nas portas do pazo do Rei bíblico (Nova York, PML, MS M.6, fol. 85r) (cat-755). En calquera caso, exista ou non unha alusión indirecta ao rei bíblico, esta posible exhibición da soberbia da cabalería no libro de horas Dinteville contrasta vividamente coa manifestación de modestia do personaxe sentado no chan que –posto que así o presenta o texto bíblico- debe tratarse de Elías. O profeta aparecería así retratado en dous tempos. Por un lado, como a sorte de humilde ermitán que retrata a Biblia neste episodio -en II Reyes 1, 8-9 descríbese sentado, con manto de pelo e cinto de coiro e asociado a unha cova, que nesta miniatura é visible baixo a montaña onde se sitúa o personaxe-; polo outro, na figura que, posta en pe, dialoga cos militares de Ocozías. Elías sentado encarnaría a humildade propia dos ermitáns, referentes literarios e iconográficos da práctica penitencial, fronte á soberbia encarnada no exército de Ocozías[121].

Na iluminación das Horas Dinteville concedeuse certo protagonismo a Elías, que aparece en dúas das nove miniaturas que contén o libro, o cal explicaría o feito de escoller para a sección dos sete salmos este episodio bíblico. Que en lugar da caída da torre de Ocozías que amosan os manuscritos do *Somme le Roi* se escollese estoutro aspecto da narración, ofreceu ademais ao iluminador a oportunidade de exhibir unha potente

121 Sobre os ermitáns e a penitencia na literatura véxase: Bretel 1995, 433-450. Os exemplos de figuras de eremitas sentados na plástica medieval son innumerables, baste pensar nas pinturas das Tebaidas [**Figs 196, 197**] ou nos retratos de santos ermitáns nos propios libros de horas (Oxford, Bodleian library, MS. Add. A. 185, fol. 063v. Véxase tamén [**Fig. 195**].

representación da cabalería e -nesta hipótese que me permito apuntar- de poñer o acento na soberbia desta a través do tema de encadramento do cabaleiro soberbio. E deulle tamén a oportunidade de establecer unha eficaz antítese visual entre o primeiro vicio e a a primeira virtude, grazas á posibilidade de situar un personaxe con aspecto de asceta adoptando unha postura emblemática da humildade, sentado no chan.

4.2.1.2.2.- A imaxe de David a cabalo cos brazos levantados rodeado dun dragón, un león e outro cuadrúpede

Esta énfase na figura do cabaleiro soberbio que vin na miniatura dos Salmos Penitenciais do Libro de Horas Dinteville levoume a considerar o mesmo enfoque para abordar a lectura dunha imaxe cuxo protagonista é, a todas luces, David (a figura coroada está rodeada de escenas do Episodio Betsabé/Urías nas viñetas marxinais) pero que resulta, con todo, de difícil interpretación. Unicamente rexistrei dúas versións das mesma no corpus, en manuscritos realizados probablemente ambos a finais do século XV ou principios do XVI (Roma, Biblioteca Casanatense, Ms.5106, fol. 100r (cat-1157) [**Fig. 123**] (Francia, e Stuttgart, Württembergische Landesbibliothek, Cod.brev.5, fol 64r, imaxe 139) (cat-1229) [**Fig. 124**] (París, ca. 1500). A imaxe, con todo, debeu ter bastante máis difusión, grazas á imprenta. Localiceina tamén nun gravado moi similar á miniatura do manuscrito da Biblioteca de Stuttgart nunhas horas impresas en París por Antoine Vérard en 1488 (París, BNF VELINS-918, fol 51v) [**Fig. 125**] [122].

A composición presenta a David ataviado como rei, montado sobre un cabalo branco. Nunha das miniaturas e no gravado o animal ten as patas dianteiras alzadas. O xinete está rodeado de auga, nunha sorte de lago que na imaxe da Biblioteca Casanatense semella ser prolongación dun río. Nas beiras deste medio acuático sitúanse tres animais, dous deles recoñecibles como un león e un dragón, sendo o terceiro un cuadrúpede máis difícil de identificar. Semella un cabalo no manuscrito italiano e un raposo no gravado da edición impresa. No primeiro termo da escena principal nas tres imaxes percíbese unha edificación semiderrubada. Na miniatura do manuscrito da biblioteca alemá e no gravado da edición impresa, David, ademais, asóciase a un filacterio, que contén un versículo

122 A BNF conta con outro exemplar desta edición: París, BNF, VELINS-2905 (a imaxe de David está na vista 93 do facsímile dixital). Outro incunable que forma parte da colección do Musée de Cluny (París, Musée de Cluny, D.S. 01853) emprega esta mesma imaxe en dúas ocasións no mesmo libro, para ilustrar os Salmos Penitenciais en francés e en latín (fols. 49 e 73 respectivamente). Menciona o manuscrito da biblioteca de Stuttgarg Isabelle Delaunay (2005, 32) nun artigo dedicado as interferencias entre libros de horas manuscritos e impresos.

do Salmo 50, *Tibi soli peccavi*. Nestas dúas últimas ilustracións, o Anxo do Señor paira no ceo brandindo a espada.

A imaxe de David ao lombo dun cabalo branco, cos brazos alzados e sendo axexado por tres animais resulta, en por si, insólita. Textos escatolóxicos relativos ao Último Día e aos seus Signos resultan suxestivos para afrontar unha composición como esta, que concede protagonismo a unha masa de auga e a unha construción desmoronándose no primeiro plano. Así, por exemplo, nunha obra encadrable neste grupo, *Audi Tellus* -poema do século X do que está documentada a difusión posterior[123]- fálase de que a terra, dotada de firmes cimentos, acabará "movéndose como as olas do mar", e xa non quedarán "cidades, nin castelos nin torres", e noutra estrofa alúdese aos "grandes terremotos" que terán lugar ese día. Son tópicos que se repiten na tradición dos Quince Signos, pero aos que neste poema se engade un tropo singular, moi suxestivo á vista da imaxe que nos ocupa. Lendo, tal e como se di na cuarta estrofa, que "os mares ruxirán como o león no bosque; novos combates terán lugar na ribeira", resulta inevitable dirixir a vista cara eses cuadrúpedes ameazantes na beira das augas que rodean o amedrentado Rei bíblico nestas imaxes. Así e todo, sen descartar o eco nelas destas descricións dos terrores apocalípticos, inclínome a pensar que os animais deben ter outro significado –tendo en conta, sobre todo, as figuras que aparecen nas páxinas subseguintes dos Salmos Penitenciais nun dos libros mencionados, o manuscrito da biblioteca de Stuttgart-. Efectivamente, ameazantes criaturas volven aparecer nos folios seguintes deste códice acompañando o Rei bíblico nas etapas da súa expiación metido nun burato (ver fols. 66r, 66v, 67r) [**Figs. 170(4)** e **(6)]**. Se centramos a atención no león, presente nas tres imaxes, resulta útil recordar o seu cariz negativo no episodio da vitoria de David sobre este animal na súa infancia, interpretado comunmente como triunfo do futuro monarca sobre o mal. Na ilustración do Oficio de Defuntos do *Libro de horas de Anne de France*, cuxa iluminación se atribúe a Jean Colombe e o seu obradoiro e que presenta a David rezando acompañado dun león (Nova York, PML, M.0677, fol. 269v) [**Fig. 126**], o animal -en posición sedente como o das imaxes que nos ocupan [**Fig. 129(1)**]- ten tamén o carácter negativo con que o presenta o versículo 3 do salmo 7, que é o texto ao que corresponde a miniatura. O león é metáfora neste salmo do inimigo que ameaza con despezar a alma do salmista. E cabe recordar así mesmo o papel do león e o dragón, -dúas

123 Refírese a este poema Eva Mª Castro Caridad, autora dunha tradución do mesmo ao castelán (Castro Caridad 2017).

das criaturas que se amosan nestas ilustracións- no versículo 13 do salmo 90 ("andarás sobre áspides e víboras, e calcarás leóns e dragóns")[124]. Tratándose de animais salvaxes, resultan útiles tamén para tentar comprender estas imaxes algúns testemuños que proporcionan a literatura penitencial e o sermón sobre a asimilación das bestas e o pecado. Nun do dominico Jean Clerée (1450-1507) faise equivaler os pecados ás criaturas salvaxes que habitan o deserto[125]. Resulta moi acaída, igualmente, a metáfora empregada por Pseudo-Gregorio no seu comentario dos Salmos Penitenciais -concretamente no que dedica ao salmo 50- na cal compara o mal que axexa o pecador co "ruxido furioso das bestas"[126]. Todo isto -pero tamén a secuencia que se mostra no manuscrito da biblioteca de Stuttgart nas páxinas sucesivas dos sete salmos, que mostran a David facendo penitencia e acompañado de diversas feras -, lévame a pensar que as situadas na beira das augas que rodean a David son máis ben os seus pecados, antes que as criaturas que se mostrarán na Fin dos Tempos.

A presenza de tres animais alusivos aos pecados de David estaría en consonancia coa pormenorización dos vicios do monarca na literatura, que nalgún caso chega a inventariar ata oito pecados diferentes do Rei bíblico[127]. E, sobre todo, non desentoaría coa idea expresada por Gonzalo de Berceo nos *Milagros de Nuestra Señora* (no "Milagro de Teófilo") de que David cometeu "*tres pecados mortales, todos feos e sucios*"[128]. Tres tamén cita Petrarca -un torpe adulterio, un engano vil e un homicidio cruel[129]. E de tres pecados de David falara xa tamén Nicolas de Lyre no seu comentario de 2 Samuel 11, 1:

---

124 "*Super aspidem et basiliscum ambulabis, et conculcabis leonem et draconem".* Openshaw (1989, n. 104) menciona en relación con este salmo unha imaxe na que é o mesmo David quen se amosa pisando unha serpe, nun salterio anterior ao século XI.

125 Martin 1988, 267. Ao final do capítulo 5 desta tese reproduzo a cita deste texto ("Je dis que le désert...").

126 Gregorio Magno, *Expositio in psalmos poenitentiales,* PL 79:582, citado por Staley (2007, 127, n. 26). Lémbrese que a obra atribuída na *Patrologia Latina* a Gregorio Magno corresponde en realidade a un autor posterior que algúns estudosos como Staley optan por denominar Pseudo-Gregroio (véxase o epígrafe 2.2.2).

127 Nicolaus de Hanape (+ 1291) cita ata oito pecados cometidos por David e no *Comentario in septem psalmos poenitentiales*, atribuído a Inocencio III, fálase de adulterio, homicidio, traizón e desprezo (Huttar 1980, 40, n. 9 e 10);

128 Gonzalo de Berceo 2009, 775. Os anotadores desta obra na edición consultada consideran que se refire ao pecado perpetrado con Betsabé, ao homicidio de Urías e á elaboración do censo (*Ibid.* 774 n. 829a). Ver máis adiante neste mesmo epígrafe a reprodución dos versos que inclúen este texto.

129 Petrarca 2021, 138

luxuria, negligentia, superbia[130]. A mención da soberbia está relacionada polo esexeta francés co pecado narrado no capítulo 24 de Samuel (o da elaboración do censo). Este último comentario fai pensar que o león nas miniaturas e gravados que estamos a considerar, cuxo carácter maligno resulta indiscutible, podería incluso ter sido interpretado como encarnación deste grave vicio cometido polo rei bíblico. Recordemos que uns parágrafos máis arriba falamos do carácter desafiante dun león encarado coa figura divina na alegoría do orgullo, no *Libro de Horas de Jeanne de France*, e noutro libro de horas do corpus é o mesmo animal o que acompaña a personificación do "premier peché mortel" (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 411 **Fol. 75v**) (cat-706) [**Fig. 128**]. O gran felino como montura do primeiro pecado capital vese tamén noutra miniatura do corpus, Nova Nova York, PML, MS M.1001, fol. 84r[131] (cat-905). E posto que nas miniaturas que nos ocupan tratamos con tres feras, cabe traer a colación aquí outra iluminación compilada na que se rexistra a presenza non menos enigmática do mesmo número de criaturas, unha delas o león (Valenciennes, BM, ms. 0836 (618), fol. 14v) (cat-1264) [**Fig. 127**]. Nesta última imaxe, o animal vese acompañado doutros dous, difíciles de identificar, e os tres en conxunto parecen xogar un papel relevante na ilustración. A súa función podería ser tamén a de representar as tres grandes faltas de David relacionadas cos dous episodios bíblicos das súas transgresións, pois todo parece indicar que hai intención de facer mención visual de ambos relatos na profusión de obxectos que lle presenta o anxo ao rei arrepentido no compartimento central: tres frechas e unha espada.

Certos elementos presentes nestas ilustracións de David sobre un cabalo, como a auga que rodea o monarca e a presenza do corcel, atópanse reunidos nunha imaxe que, se ben nada ten en común visualmente con esta, si podería compartir certo substrato textual e algúns acentos da súa tradución gráfica. A miniatura á que me refiro ilustra tamén un salmo penitencial, o 31, no chamado *Salterio triplo glosado anglo-catalán* (París, BNF, Latin 8846, fol. 53r) [**Fig. 130**]. O versículo 6 deste salmo fala do home piadoso, cuxas pregarias lle servirán de protección contra a inundación das augas (*Pro hac orabit ad te omnis sanctus, in tempore opportuno. Verumtamen in diluvio aquarum multarum, ad eum*

130 Cita tomada da *Biblia , latina cum glossa ordinaria* 1498, *Secunda pars* (páxina localizada no vol.02, imaxe 214, do facsímile dixital referenciado na bibliografía).

131 Sobre a iconografía da soberbia como personaxe sobre un león véxanse ás xa mencionadas páxinas dedicadas por Émile Mâle aos pecados cabalgantes (Mâle 1908, 356-364)

non approximabunt) e o versículo 9 alude á necesidade de diferenciármonos das mulas e cabalos, que pola súa necidade cómpre embridar (*Nolite fieri sicut equus et mulus, quibus non est intellectus. In camo et freno maxillas eorum constringe, qui non approximant ad te).* Tanto no *Salterio de Utrecht* (Fol. 18r) [**Fig. 132**], como nesta reinterpretación elaborada en Canterbury, se ofrece a tradución visual do *diluvio aquarum multarum* mediante un curso de auga con peixes que rodea o salmista. E a doma dos dous animais citados no versículo 9 represéntase mediante dous personaxes sometendo a un cabalo e a unha mula respectivamente. O cabalo amósase coas patas dianteiras levantadas en ambos salterios. Pero no de Canterbury, ademais, o personaxe que está a embridar o animal adopta a aparencia tradicional de David escordando as mandíbulas do león, unha evocación que se ve intensificada polo feito de que este personaxe, ademais de estar situado ao lado do Salmista, é un mozo, por contraste co que adestra a mula, un home de máis idade [detalle en **Fig. 160]**. A relación que vexo entre esta imaxe do salterio inglés e as que estamos a considerar nos libros de horas da Biblioteca Casanatense e da Biblioteca de Stuttgart, se ben absolutamente diversas e distanciadas no tempo, é, fundamentalmente, que ambas presentan a David rodeado de augas de cariz ameazante e ambas o fan no contexto dun salmo penitencial. E aínda que non a podo explicar en termos de tradución visual dun texto determinado ou de contaminación figurativa, intúo que algo debe de haber detrás doutra coincidencia, a da aparición en ambas dun cabalo, de signo claramente pexorativo no salterio e probablemente negativo tamén nas imaxes que estamos a considerar dos libros de horas. Tamén hai certa coincidencia na presenza na miniatura dos Salmos Penitenciais destes últimos dese león que posiblemente é unha ameaza para alma do salmista, un animal que no salterio anglo-catalán está indirectamente evocado no cabalo necio cuxo fociño agarra violentamente un mozo, como fixera David, cando neno, co gran felino. [**Fig. 159**].

En calquera caso, na ilustración dos libros de horas que estamos a analizar, certos elementos -David, auga, cabalo- se conxugaron ademais, ao meu ver, para enmarcar outra evocación máis potente: a do cabaleiro soberbio. A razón que me levou a esta conclusión é a consideración da súa acusada semellanza con outra imaxe, que non debeu deixar de ser evocada polo público contemporáneo á vista desta que ilustra os dous manuscritos e mais o impreso. Refírome ás representacións do Faraón, das que se poden aducir varios exemplos na miniatura que así o mostran: a cabalo (branco nalgúns casos) e cos brazos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

alzados, mentres as augas do Mar Vermello o van cubrindo[132] [**Figs. 136, 137, 139**]. Un destes exemplos localízase nun libro de horas de carácter moi rutineiro -o que reforza a idea de ser unha iconografía moi recoñecible [**Fig. 137**]-. A asimilación plástica de David co gobernante exipcio non desentoan, por outra parte, no contexto penitencial. Na súa obra *Das Narrenschyff*, Sebastian Brant presenta ao Faraón e a David en versos contiguos, como paradigmas de pecadores[133]. E máis dun século antes Guillaume de Digulleville (ca.1295-ca.1380), na súa obra *Le pèlerinage de vie humaine* -composta en 1330/1331- xa relacionara tamén o Faraón co orgullo[134]. A obra de Digulleville, exitoso exemplo da literatura alegórica en lingua vernácula, gozou de gran difusión tanto en versión manuscrita (hai censados máis de 70 códices) como impresa[135]. Contamos cunha tradución ao castelán de Frei Vicente Mazuelo editada en 1490. Digulleville constrúe no seu poema unha alegoría do vicio na que a soberbia está simbolizada por esporas, e unha delas corresponde ao Faraón ("*Dela otra espuela arme yo un otro gran cavallero, que se llamava si le as oydo nombrar pharaon*"[136]). Este elemento aparece destacado pola cor dourada nunha das ilustracións que estamos a analizar (a do manuscrito da Biblioteca de Stuttgart) xunto coa coroa e o manto, tamén dourados [**Fig. 138, 155**]. Digulleville, na súa explicación do vicio, estende o castigo do pecado do Faraón a todo o seu exército, pois o impío gobernante acabou "*miserablemente en el mar bermejo con toda su armada afogado*" [137]. No manuscrito da biblioteca alemá que acolle a ilustración que estamos a examinar amósanse en marxe dun dos folios dos Salmos Penitenciais -o que contén o

---

132 Véxase, por exemplo, nunha Biblia parisina de mediados do século XIII: Nova York, PML, MS M.0638, fol. 09r ; no calendario dun libro de horas francés de c. 1465-1475: Nova York, MS M.0032, fol. 013v; nun manuscrito flamengo do *Speculum Humanae Salvationis*, París, BNF, Français 6275, fol. 43r. Pola súa parte, no *Ofiziolo Visconti*, Firenze Biblioteca Nazionale Centrale, Landau Finaly 22 (fol. 101v-102r) fíxose coincidir visualmente, dun modo quizais non casual, esta imaxe do Faraón e a figura de David. No verso dun folio, a miniatura a páxina completa amosa un carro levado por dous cabalos, un deles branco, cuxo condutor ten os brazos levantados. Detrás do carro percíbese outra figura, posiblemente o Faraón, tamén sobre cabalo branco e tamén cos brazos alzados. O dramatismo da escena, con varios soldados en transo de afogar, agudiza o contraste entre a vivencia dos malvados e a figura devota de David, sentado prácidamente tocando o salterio, na inicial do *Miserere* do Oficio de Defuntos, na páxina contigua.

133 Brant 1874, 86

134 Guillaume de Digulleville 1893, 245-246. Sobre as alegorías dos pecados capitais na obra de Digulleville véxase Bloomfield 1952, 228-232.

135 Maupeu 2008, 509

136 Na versión do fragmento por Frei Vicente Mazuelo (Guillaume de Digulleville 1490, h5).

137 *Ibid.*, h5

Miserere-, unha serie de personaxes e elementos arquitectónicos arrastrados polas augas (Stuttgart, Württembergische Landesbibliothek, Cod.brev.5, fol 68r) (cat-1229) [**Fig. 131**]. Considerada en conxunción coa imaxe de David a cabalo rodeado de auga presente na páxina que inaugura a sección dos sete salmos, estes personaxes quizais veñan ser tamén un eco dos guerreiros en semellante transo nas ilustracións do Faraón, e ben poderían evocar os pecadores arrastrados pola corrente do pecado; ou quizais -tal e como parece que se desprende dunha miniatura do Xuízo Final obra de Willem Vrelant que amosa resucitados xurdindo da terra diferenciados doutros somerxidos en auga (Madrid, BNE, VITR/24/2, fol. 119v, imaxe 239**) -** os destinados á condena eterna . En calquera caso, parece que a auga nas miniaturas que nos ocupan é de natureza francamente malsá se atendemos á relación visual que se establece entre as que rodean o xinete sobre o cabalo branco e aquelas outras onde se baña Betsabé nas dúas miniaturas [**Figs. 123, 124**]. Diríase que estamos ante un mesmo acuífero insalubre que aflora á superficie en diferentes espazos da páxina miniada. O anónimo comentario sobre os sete salmos traducido por Eleanor Hull declara, a propósito do versículo 6 do salmo 31, que o *diluvio aquarum multarum* que nel se cita equivale aos gozos mundanos e, en particular, aos gozos da carne, que conducen á condena eterna:

> *All thes thingys ben grete tempestys ofr ther synnys, for they ben "in [diluvio] aquarum multarum" that ys in the dolorous* ***joyes of thys world****. For wel ben they lykenyd to the tempestys of watres for they blandyschyn the sowle with sorful* ***joyes of the flessche*** *vn-to the dethe of dampnacyon...*[138]
>
> [Todo isto equivale á gran tormenta dos seus pecados, ao estar eles *"in [diluvio] aquarum multarum"* é dicir, nos dolorosos gozos deste mundo. Así aman eles as tempestades acuosas pois amolecen a alma cos amargos gozos carnais ata a mortal condena…]

E unhas liñas antes no mesmo comentario e parafraseando a mesma expresión do salmo, alúdese a quen "afoga no gran diluvio da maldade" (*"that drowne them-selfe in the grete diluvie of whykkiydnes"*)[139].

138 Hull 1995, 42.

139 *Ibid.* 41

Unha coincidencia figurativa que non me resisto a mencionar en relación co tema da perversidade das augas é a que se produce entre estas miniaturas que presentan a David invocando a Deus, rodeado de auga e de seres malignos e a iluminación da inicial historiada do salmo 68 nun salterio anterior en case tres séculos que mostra, xunto á figura habitual do Salmista somerxido na auga, dúas figuras demoníacas, que subliñan o carácter nocivo e ameazante do líquido para a súa alma, tal e como se expresa no versículo ("*Salvum me fac Deus quoniam intraverunt aquae usque ad animam meam"*). (Londres, BL, Royal 1 D X fol. 62 [**Fig. 133**]. Outra coincidencia entre a tradición iconográfica do salmo 68 e as imaxes que estamos a analizar prodúcese naquelas iluminacións nas que David presenta, en lugar do habitual xesto de oración, os brazos alzados. Non me parece desbotable que a intención común destas e das nosas imaxes, posto que o rei está no seo das augas, sexa a de figurar un xesto de petición de auxilio moral encarnado no xesto físico equivalente de quen se ve ameazado de afogar: Londres, BL, Yates thompson 8 fol. 37v [**Fig. 135**]. No contexto da ilustración dos sete salmos, a idea é coherente, por outra parte, cun símil ben coñecido e empregado en *exempla* utilizados na predicación sobre a penitencia, nos cales se asimila o sacramento a unha táboa de salvación de náufragos[140].

Cabe a posibilidade, en conclusión, de que a figura de David a cabalo nestas ilustracións beba da tradición da iconografía da soberbia como personaxe sobre un cabalo e de que o ademán dos seus brazos incorpore, máis especificamente, o das representacións do Faraón, nunha asimilación que tería un sólido fundamento na idea da soberbia deste personaxe. Pero hai que ter en conta que o ademán que no Faraón é de desesperación estéril, transfórmase en aceno de esperanza cando se trata de David. Estamos ante unha petición de auxilio en ambos casos. A diferenza estriba en que nun deles, o do impío, a solicitude está abocada ao fracaso (e o gobernante soberbio condenado a caer do cabalo) [**Figs. 136, 140**]. Non así en quen apela á misericordia de Deus nun acto de confesión e recoñecemento das propias faltas. Este acto aparece expreso no versículo do Salmo 50 no filacterio dun dos manuscritos que contén a imaxe e no gravado de todos os impresos que a difundiron: "*Tibi soli peccavi*" [**Figs. 124, 125].** O salmo 50 xustifica tamén a presenza deses monstros que non só rodean a David a cabalo na páxina inaugural dos salmos senón que o acompañan, situados diante del, mentres permanece enterrado e dirixindo a súa pregaria a Cristo, nas marxes dos folios seguintes da sección no códice da Biblioteca de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

140 Nuet 2000/2001

Stuttgart (Stuttgart, Württembergische Landesbibliothek, Cod.brev.5, fol 66r e 66v) (cat-1229): "o meu pecado está sempre diante de min" (Salmo 50, 5). Nunha destas iluminacións marxinais a cabeza do animal está pintada cara a cara coa de David [**Fig. 129(2)**]. Á vista desta imaxe, resulta inevitable recordar a esexese de Agostiño deste versículo 5, que o bispo de Hipona relaciona directamente co pecado de adulterio do rei e co modo en que Natán llo fixo patente:

> A isto foi enviado o Profeta; quitou do lombo o pecado de David e colocouno diante dos seus ollos para que vise David aquela sentencia tan rigorosa e xusta[141]

Na edición do impreso de Antoine Vérard que contén tamén esta imaxe de David sobre un cabalo, desenvólvese na marxe dos folios dos Salmos Penitenciais unha paráfrase do texto. O fragmento correspondente a este versículo reza: "*corrumpues sont en moy les cycatrices. de mes vices. que fault il que ie face*"[142].

A importancia do *Miserere* á hora de ler algunhas das imaxes que ilustraron os Salmos Penitenciais, como se deduce do feito de que varias do corpus -as que estamos a considerar, entre elas- chegaron a incluír algún versículo do mesmo, podería orientar, así mesmo, na interpretación desa arquitectura que semella semiderruída ou en transo de destrución no primeiro plano destas miniaturas que amosan a David a cabalo cos brazos alzados. O versículo 20 do salmo 50 declara: "Amósate benévolo, Señor, na túa vontade con Sión e edifíquense os muros de Xerusalén" (*benigne fac Domine in bona voluntate tua Sion et aedificentur muri Jerusalem*)[143]. As ruínas e reconstrucción de Sión son obxecto de atención tamén noutro salmo penitencial, o salmo 101, que nos versículos 17-18 vincula a súa reedificación coa oración dos humildes "Porque o Señor reedificará Sión, e verase na súa gloria. El atendeu a oración dos humildes e non desprezou as súas pregarias" (17 *quia aedificavit Dominus Sion et videbitur in gloria sua 18 respexit in orationem humilium: et non sprevit precem eorum*). Nun dos folios dos Salmos Penitenciais dunhas horas impresas en París en 1488, David amósase nunha ilustración próxima ao citado versículo 20 do salmo 50 cos brazos cruzados fronte a unhas murallas

141 Agostiño 1955, 251.

142 París, BNF VELINS-918, Fol 53v (cartela compartimento inferior)

143 Agostiño 1955, 269

e a lenda que explica a imaxe reza: "*David considerant la destruction de Iherusalem*"[144]. Esta lenda permite interpretar a imaxe equivalente na inicial do mesmo salmo que amosa un libro de horas do corpus cuxas ilustracións seguen o mesmo modelo que estes gravados (Filadelfia, Free Lib. of Philadelphia, Lewis E 112, fol. 53v) (cat-475). Deste xeito, a imaxe dunha das profecías de David sobre a destrución da capital do reino serve para ilustrar, nesta miniatura e neste gravado, un versículo do salmo 50 sobre a reconstrución de Xerusalén. A esexese de Agostiño do *Miserere* podería servir de orientación para encaixar as pezas deste puzzle que abrangue tamén as miniaturas que estamos a examinar de David sobre un cabalo acompañado dunhas ruínas, dándolle un sentido moral á imaxe da destrución e/ou reconstrución que nelas se exhibe. Agostiño emprega símiles arquitectónicos relativos a dúas cidades neste comentario. No do versículo 20, asimila os muros de Xerusalén aos fortíns da nosa inmortalidade, que deben construírse sobre a fe, a esperanza e a caridade; e no comentario do versículo 8 do mesmo salmo fala da destrución da cidade dos ninivitas, facendo fincapé na destrución e reconstrución desta cidade:

> Mira o que lle aconteceu a Nínive; mira que foi destruída. Foi destruída no malo e edificada no bo, así como foi derribado Saulo o perseguidor e edificado Saulo o predicador[145].

A énfase que Agostiño fai na esexese do salmo 50 na arquitectura, tanto de Xerusalén como de Nínive, e o comentario sobre a destrución desta última –e, de paso, o paralelismo que establece con ese "Saulo derribado" (e perseguidor, como o Faraón) que inmediatamente xeraría en quen o lese ou escoitase a imaxe mental de Pablo caendo do cabalo-, fai das ruínas do primeiro plano desta miniatura un complemento idóneo da imaxe de David a cabalo. Neste tramado de reconstrucións literais (arquitectónicas) e figuradas (espirituais), David presentaríase, paralelamente á cidade destruída e reconstruída, ou a Saulo perseguidor reconvertido en predicador, como o pecador (cabaleiro soberbio) que se reconvirte e reedifica cando, pedindo auxilio, confesa*: Tibi soli peccavi*.

144 BNF RES-B-27672 , vista 101

145 Agostiño 1955, 257

O texto de Gonzalo de Berceo referido aos tres pecados "*feos e suzios*" de David reforza a interpretación das tres feras que rodean o Rei bíblico nestas ilustracións no sentido de seren os seus pecados, ao tempo que sitúa ao personaxe bíblico no marco dos argumentos empregados para inducir á confesión, cando alude ao tópico dos grandes pecadores perdoados. Tal e como vimos que se recomenda aos confesores nos manuais, ou se ensina e ilustra no texto e ilustracións nos *Ars Moriendi*, -coas figuras de Pedro, Madalena, o bo ladrón e Pablo caendo do cabalo situados en torno ao leito do moribundo[146]- Berceo escolle mencionar a Pedro, a Madalena e a David, a continuación do cal chégalle o momento aos ninivitas.

829 *Davit a colpe fizo* *tres peccados mortales,*
todos feos e sucios *e todos principales;*
fizo su penitencia *con gémitos corales,*
perdonóli el Padre *de los penitenciales.*
830 *Pueblos de Ninivé* *que eran condenados*
fizieron penitencia, *plorando sus peccados;*
los fallimentes todos *fuéronlis perdonados,*
muchos serién destructos *que fueron escusados*[147]

A escena de David a cabalo cos brazos en alto, presente en dous manuscritos do corpus pero probablemente moito máis difundida grazas á súa inserción en libros de horas impresos, ademais de ser un testemuño deste discurso penitencial, pode selo tamén da importancia da esexese do *Miserere* á hora de abordar o imaxinario da penitencia e a confesión.

Por outra parte, fundamentar a interpretación dunha imaxe que conxuga a figura de David e dun muro que se derruba en relación coa soberbia é posible acudindo tamén a outras fontes. A idea de muros que caen asociada ao castigo dos soberbios debeu ser un tópico asentado, tal e como se deduce dunha miniatura que ilustra un salterio francés

146 Gago Jover 1999, 96-97, 58-59, 124. Os tres pecadores aparecen na ilustración dedicada á Inspiración contra a tentacion de desesperación. Véxase a ilustración correspondente nun manuscrito francés da segunda metade do XV do *Ars moriendi*: (Marsella, BM, 0089, Fol. 64)

147 Gonzale de Berceo 2009, 775. Na expresión "gémitos corales" (do corazón) empregada nestes versos Berceo alude, segundo os editores da edición consultada, a un versículo dun salmo penitencial, o 9 do Salmo 37: "*rugiebam a gemito cordis mei"*.

realizado en Amiens a finais do século XIII. Nela, unha figura masculina vese agoniada polo muro que cae sobre ela na inicial do salmo 61, nunha ilustración literal do versículo 4 ("ata cando estaredes acometendo a un home todos xuntos para acabar con el e derrocalo como unha parede desnivelada e como unha tapia en ruína?") (París, BNF, Latin 10435, Fol. 70r). O sorprendente nesta páxina miniada é que unha rúbrica que se amosa na parte inferior da mesma conduce a interpretar a imaxe en termos de castigo da soberbia, *"Li tours kiet seur les orgueleus"*, un sentido que, en principio, pouco ten que ver coas palabras do salmo.

A lectura da figura de David a cabalo como efixie dun rei soberbio é posible tamén se nos remitimos -unha vez máis- ao texto e ilustracións das Biblas moralizadas. A realizada para Jean le Bon en torno a 1349-1352 ofrece un testemuño gráfico precioso que podería esgrimirse como auténtico "eslabón perdido" para enlazar ambos temas iconográficos -a imaxe do cabaleiro soberbio, por un lado, e a escena relacionada co pecado de orgullo de David cando elaborou o censo polo outro-. Na ilustración presente no fol. 80v desta Biblia moralizada (París, BNF, Français 167, fol. 80v) [**Fig. 141**][148], a segunda viñeta da columna esquerda amosa varios cabaleiros -un dos cales aparece coroado- escoltados por figuras diabólicas. Os cabaleiros avanzan pasando por riba de varios seres abatidos no chan. Estes últimos, á súa vez, vincúlanse visualmente co pobo de Israel sufrindo o castigo da peste, escollido por David e executado polo Anxo do Señor, representado na viñeta inmediatamente superior. O rei a cabalo e o resto de cabaleiros que o acompañan escoltados por diaños son, segundo explica o texto, os príncipes cuxas pompas e gastos son a causa do sufrimento do pobo, castigado por Deus:

> *...po* ***les g[ra]n[d]s po[m]pes et despens des princes*** *n[ost]reseigneur secourrouce et punist souvent le peuple temporelment*

A viñeta inferior amosa a David ante o altar levantado como expiación do seu acto de orgullo, e no texto se especifica que Deus lle perdoou o seu pecado.

En suma, na insólita imaxe de David sobre un cabalo branco, rodeado de auga, axexado por animais, asociado a unha arquitectura semiderruída e vinculado ademais a escenas do Episodio Betsabé/Urías estarían a converxer -na hipótese que me permito

148 Para unha síntese sobre a historia e iluminación deste manuscrito, xunto cunha bibliografía actualizada, véxase a ficha bibliográfica do mesmo no catálogo Archives et Manuscrits da BNF.

formular- unha amalgama de recursos visuais e conceptos recollidos no texto bíblico, tanto de Samuel como dos propios Salmos Penitenciais. As ilustracións condensarían a alusión aos dous episodios das súas transgresións narrados na Biblia ou aos pecados asociados (pecado de orgullo -o cabalo, a evocación do Faraón-, lascivia e homicidio -Baño de Betsabé, Entrega dunha carta a Urías-), e recollerían tamén metáforas presentes no texto e na tradición da ilustración doutros Salmos Penitenciais, como o 31 (as augas como ameaza ; o cabalo necio –e visualmente desbocado, coas extremidades de diante alzadas-) ou o 101 (reconstrución de Sión, asociada á humildade) pero tamén do salmo 50 (novamente reconstrución de Sión ; idea de que os pecados debémolos "ter sempre diante") así como da esexese deste último salmo por Agostiño (reedificación espiritual materializada na arquitectura). Pero, ademais, a imaxe incorporaría eficazmente tópicos como o da soberbia asimilada a muros que caen e, sobre todo, á tradición figurativa do cabaleiro soberbio, con especial énfase na miniatura que mostra o cabalo de David coas patas de diante alzadas [**Fig. 124, 125;** cfr. **Fig. 5, 118a**].

4.2.1.2.3.- Bos e malos cabaleiros nas ilustracións dos Salmos Penitenciais

Deixando a un lado a imaxe de David a cabalo e volvendo á súa figura como cabaleiro devoto descabalgado, tal e como aparece na ilustración do libro de horas de Étienne Chevalier, pregúntome se Fouquet tería en mente esta idea da soberbia da cabalería cando decidiu innovar a iconografía de David arrepentido retratando por primeira vez o rei penitente ataviado como guerreiro, co xeonllo fincado na terra e dirixíndose a Deus [**Fig. 100**]. Cabe preguntarse, ademais, se as imaxes que, en xeral, presentan a David como humilde guerreiro axeonllado nos Salmos Penitenciais puideron ser lidas tamén neste sentido da soberbia abaixada do guerreiro. E o mesmo se podería conxecturar respecto das do seu rival na mocidade, Goliat. Nun epígrafe anterior suxerín que as do xigante sometido, cando ilustran os Salmos Penitenciais, poden implicar, ademais da consabida vitoria de David sobre o mal, unha alusión ao castigo do primeiro vicio, encarnado no xigante. Resulta moi oportuno que este sexa un guerreiro, porque ofrece a ocasión de materializar a súa derrota na figura do cabaleiro vencido, alegoría do castigo da soberbia. Nalgún libro de horas contemporáneo do de Fouquet, a imaxe de Goliat ofrece grandes similitudes coa do cabaleiro devoto deseñado polo pintor francés, tal e como pode apreciarse en Nova York, PML, M.430, fol. 115r (Cat-871) ou noutro libro do estilo de Fouquet, San Marino, CA, Huntington Library, HM 1163, fol. 110r (cat-1208) [**Figs. 143**, **145**]. Pero a figura do xigante transfórmase nestas miniaturas na

versión negativa do seu posible modelo: a postura das pernas é idéntica en ambos, pero os brazos alzados de David dirixidos cara a Deus no libro de horas de Étienne Chevalier, mentres a súa alabarda permanece apartada a un lado, son brazos caídos no caso de Goliat, un deles sostendo aínda arma ; e se o casco cubre a cabeza do malvado, David presenta a súa respectuosamente descuberta, co helmo apartado e pendurado dun poste; ademais, mentres a figura devota creada por Fouquet ofrece a Deus as palmas das mans espidas, Goliat mantén ben axustadas as manoplas. Un contraste equivalente ao que se deduce da comparación destas miniaturas establécese no seo dunha iluminación que reúne nun só cadro a escena de devoción de David adulto e a da loita do mozo con Goliat. A antítese aquí reside nun detalle nimio, como é o da dirección da curva da cimitarra de cada un deles (Hermetschwil, Benediktinerinnenkloster, Cod. membr. 0035, Fol. 46r) (cat-496).

Outra imaxe de Goliat, probable epígono visual tamén do guerreiro axeonllado deseñado por Fouquet, ilustra a viñeta da esquina inferior dereita na xa mencionada ilustración dos Salmos Penitenciais do *Libro de Horas de Marguerite de Coëtivy*, (París, Chantilly, Musée Condé, MS 74, fol. 61r) (cat-372). O xigante derribado está situado xusto de par da representación do castigo da soberbia de David, exercido sobre o pobo de Israel, na viñeta contigua [**Fig. 80**]. A figura de Goliat aquí contrasta coa doutro cabaleiro. Trátase do guerreiro inxustamente falecido, "*le bon Urie*"[149], cuxa indumentaria escura choca cos ouropeis da de Goliat e cuxa postura -deitado serenamente no chan- o equipara aos personaxes do pobo de Israel, mortos inocentes por causa da soberbia do rei [detalles da **Fig. 80** en **Figs. 146a, b, c**]. Esta última imaxe permite incorporar a aquela nómina de bos e malos guerreiros encarnados nos personaxes de David arrepentido e de Goliat que nos ofrece a serie de ilustracións dos Salmos Penitenciais un terceiro, Urías, sobre o que os artífices das miniaturas non deixaron nalgúns casos de explotar as posibilidades que, desde o punto de vista moral, ofrece a figura do cabaleiro. Na miniatura do *Libro de horas de Marguerite de Coëtivy* que acabamos de ver acentúase o contraste con Goliat por medio da indumentaria. Noutros casos, a antítese diríase que se establece coa propia iconografía do castigo do orgullo. Nas escenas da súa morte no fragor da loita, Urías móstrase en ocasións caendo do seu cabalo. Resulta interesante constatar que cando Urías morre enriba do seu cabalo, e por mais que o animal vense abaixo coa testa cara adiante, na maioría dos casos o esposo de Betsabé, en lugar de seguir a liña do cabalo na súa caída,

149 Así se cualifica a Urías no texto en vernácula que precede aos sete salmos nun libro de horas impreso en París por German Hardouyn ca. 1526 (Madrid, BNE, Res/180, imaxe 116)

faino en sentido contrario, co torso violentamente botado cara atrás (cfr. **Fig. 147** e **Fig. 148**), ou ben virando a cabeza en dirección a quen, a traizón, o ataca polas costas (Nova York, PML, MS M.179, fol. 115r) (cat-813), cando non se presenta de fronte (Nova York, PML, MS M.356, Fol. 30v)(cat-859). Nestas escenas de Urías na batalla sublíñase a crueza da morte do nobre soldado, pero dá a impresión de que tamén se está a evitar o tema de encadramento do cabaleiro soberbio, que cando se mostra derribado da súa montura, cae moitas veces, xunto co seu cabalo, coa cabeza por diante[150]. Noutras ilustracións Urías aparece como figura xemelga de David, cando este se presenta xa como cabaleiro devoto. Así acontece nun manuscrito francés de c. 1465 no que se establece un paralelismo moi evidente entre o cabaleiro nobre, recibindo semiaxeonllado a carta do Rei mesquiño, e a figura de David, en idéntica postura no compartimento central. Nesta páxina miniada sácase partido tamén do contraste entre David cando se presenta como arrepentido, ataviado como cabaleiro e axeonllado, e cando o fai como pecador, de pé e con indumentaria real (Nova York, PML, MS M.1003, fol. 113r) (cat-906) [**Figs. 149a, b**][151]. Nun manuscrito flamengo máis tardío encontramos un contraste non menos significativo entre as dúas facetas do rei, desta vez en ambas escenas ataviado con roupaxes reais. A antítese aquí determínase mediante a curva -cóncava ou convexa- do seu corpo, que o impulsa cara o ceo cando reza e o retrae sobre si mesmo cando actúa mesquiñamente co bo cabaleiro Urías (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 18, fol. 166r) (cat-631)[**Fig. 150**].

Para concluír a revisión da posible presenza do tema da soberbia da cabalería nas ilustracións dos Salmos Penitenciais do corpus quixera chamar a atención sobre un manuscrito que xa tiven ocasión de mencionar no capítulo precedente, ao tratar a escena do Baño de Betsabé (Utopia, armarium codicum bibliophilorum, Cod. 103, fol. 92r) (cat-1257) [**Fig. 151a, b**]. A páxina miniada que inaugura os sete salmos neste códice presenta a figuriña dun guerreiro a cabalo coas patas dianteiras alzadas situada no marco

150 O corpus contén unicamente catro imaxes nas que o bo guerreiro cae co cabeza por diante, sobre un total de 19 imaxes compiladas de Urías sobre o cabalo sendo asasinado no campo de batalla.

151 En relación coa ambivalencia da figura de David como cabaleiro cómpre citar o poema *Les vers des Neuf Preux*, que presenta o monarca bíblico entre os modélicos cabaleiros, a pesar dos seus pecados:

De cestui pot chascuns dire certainemant

Qu'il fu .i. sains pechieres en hardi convenant

O texto está tomado de Glynnis M. Cropp (2002, 467) que edita a primeira manifestación do poema, nun manuscrito da obra do século XIV *Les Voeux du Paon* de Jacques de Longuyon. A autora relaciona este verso cos pecados de adulterio e homicidio (*Ibid.* 476)

USC DE SANTIAGO

arquitectónico da ilustración. Tendo presente o carácter polifacético do elenco de cabaleiros que desfilan polas ilustracións dos Salmos Penitenciais, non resulta doado determinar o alcance do xinete neste contexto, se é que ten algunha función que vaia mais alá da de ser un mero apunte visual. Aparentemente, trátase dunha figura marxinal que se inmiscúe ironicamente na miniatura, dirixindo unha lanza cara a David pecador. Non me parece de descartar, sen embargo, que o motivo fose escollido por razóns relacionadas coa tradición figurativa que estou a considerar, fose esta evocada conscientemente ou non. En primeiro lugar, porque o soldado é un personaxe secundario que non volve aparecer noutras ilustracións do manuscrito. Convive, ademais, cun guerreiro malvado, un dos grandes perdedores desta historia de cabaleiros: na viñeta inferior da iluminación amósase a Goliat vencido por David. Con esta escena de David e Goliat estaríase a apelar ao recordo da vitoria de David sobre o mal en contraposición á evocación da súa caída no pecado -escenificada na imaxe do Baño-, pero parecería que tamén se estivese tirando partido da relación do xigante con estoutra figura dun guerreiro situada na mesma páxina, a dese cabaleiro cuxo rostro se nos oculta. O vínculo entre ambos estableceo unha liña invisible que une a Goliat –derribado- co cabaleiro e a súa lanza: Goliat apunta cara el co brazo e coa maza, e a liña que prolonga a arma do xigante remata no punto do que nace a lanza do xinete. Deste punto parte outra liña que enlaza o soldado a cabalo con David. Así, mediante o trazado dun ángulo imaxinario, vincúlase a Goliat derribado coa figura de David en actitude pouco edificante. E no vértice dese ángulo sitúase un xinete a cabalo, en posición certamente inestable. A estratexia figurativa empregada concede a este último personaxe maior relevancia visual que a que por tamaño e emprazamento debería corresponderlle. Cabe pensar, polo tanto, que coa vinculación da escena do Baño e a do guerreiro derribado quizais se buscou condenar, como noutros manuscritos que levamos visto, non só a concupiscencia de David senón tamén o pecado de orgullo dos cabaleiros. E que para enlazar ambos temas se acudiu a un destes personaxes sobre un cabalo coas patas dianteiras en alto e visto desde atrás, ameazando con caer da estreita cornixa que o acolle. Este cabaleiro marxinal, a diferenza daquel en semellante posición pintado na ilustración de Elías no *Libro de Horas Dinteville* e para o que suxerín un acento de soberbia, preséntase aquí, en cambio, como castigador do vicio. Estamos quizais ante unha inversión de significado da iconografía do cabaleiro soberbio que tiraría partido da polisemia dun tema visual que, segundo se deduce destas imaxes, chegou a encarnar conceptos contraditorios. Isto é algo que non debe sorprender, pois tamén na literatura relixiosa de ton didáctico se fixo uso deste carácter ambivalente da figura do cabaleiro.

USC DE COMPOSTELA

Púxoo de relevo Lina Bolzoni na súa análise do *Colloquio spirituale,* un texto escrito probablemente en 1391 polo dominico Simone da Cascina -quen tamén foi autor dunha versión en vulgar dos Salmos Penitenciais-[152]. Neste diálogo pedagóxico, no cal se explica como se debe asistir á Misa para obter os máximos beneficios espirituais, emprégase a imaxe do cabaleiro e as súas diferentes armas asimilándoas a virtudes, pero tamén se alude aos que cabalgan o "*cavallo de la vanagroria*", suxeito por correas e freo que representan varios vicios[153]. Para o primeiro -o cabaleiro cristián armado das virtudes-, sinalou a estudosa italiana o equivalente iconográfico na iluminación dun manuscrito do século XIII que ilustra un fragmento da obra de Peraldus, *Summa de vitiis* e na que o guerreiro, azoute dos vicios (os sete pecados capitais como figuras demoníacas, situados fronte a el), ergue a súa arma en contra deles ostensiblemente (Londres, BL, Harley 3244, fols. 27v-28r) [**Fig. 152**]. Faino do mesmo xeito en que o fará, tres séculos despois, o noso xinete, que desde a cornixa pintada na miniatura dun libro de horas dirixe a súa lanza contra un pecador, o rei David. Esta ambivalencia do cabaleiro na literatura moral e na arte é coherente, en definitiva, co uso tan diverso que se fixo da súa figura non só nesta miniatura senón tamén, como levamos visto, noutras iluminacións tardías dos Salmos Penitenciais, as cales nos deixaron imaxes de David como guerreiro arrepentido, Goliat como soldado soberbio e Urías como bo cabaleiro e contrapunto visual dos outros dous.

O corpus ofrece, finalmente, outra imaxe destacada dun cabaleiro, vinculado neste caso á escena de Betsabé no baño (París, BNF, Latin 1202, fol. 86r.) (cat-1084). Trátase do propio David, novamente sobre un cabalo branco. Nunha ilustración que non ten equivalente no corpus e sorprende pola súa extravagancia, amósase o rei penetrando coa súa montura no espazo onde se baña Betsabé **[Fig. 153**]. A iluminación ofrece unha imaxe insólita que se desvía substancialmente do padrón xeral, que nas ilustracións do Baño de Betsabé dos Salmos Penitenciais adoita seguir bastante de cerca o texto bíblico[154]. Recórdese que neste último se narra como o rei descubriu a Betsabé mentres paseaba pola solaina do seu pazo. A deturpación aquí é notoria, pois no segundo libro de Samuel incídese, precisamente, no feito de que David, cando descubriu a Betsabé, acababa de levantarse da cama (*Et factum est vespere, ut surgeret David de strato suo et deambularet*

152 Bolzoni 2009, 49

153 *Ibid.* 65

154 A imaxe non ten equivalente no corpus, pero tamén resulta orixinal se se compara co resto das do códice no que se inclúe, no cal no se ve ningunha outra miniatura de iconografía tan extravagante como esta.

in solario domus regiae) cando xa o seu exército, con Xoab á fronte, partira para a guerra. Que o rei se presente como guerreiro en activo desvirtúa radicalmente o sentido da narración, na cal se subliña implicitamente o feito de que David desertou das súas funcións de líder do exército. Puidera ser que a transgresión da narración neste caso estea inspirada por aquela mesma intención de aludir a diferentes pecados cometidos polo Rei, amosando a imaxe de David non só como home lascivo e potencial homicida senón tamén como un cabaleiro soberbio. A carón desta imaxe do rei, con relucente armadura e cabalgadura ricamente aparellada, poderíamos poñer a do rei bíblico tamén a cabalo no manuscrito da biblioteca de Stuttgart -co seu ampuloso manto dourado- ou a do príncipe da Biblia moralizada máis arriba mencionada, que cabalga fachendoso, coa súa relucente coroa, pasando por riba dos cadáveres do seu pobo [**Figs. 154, 155**]. No extremo oposto destas ilustracións, sitúase a que ofrece a modesta inicial dun libro de horas holandés do terceiro cuarto do século XV, na que se subliña tamén a cor dourada dun cetro e dunha coroa de desproporcionado tamaño que David arrepentido, ataviado con sinxela indumentaria, mantén apartados a un lado (Nova York, Columbia Univ., Burke Lib, UTS MS 049, sen fol) (cat-720). Á sorprendente imaxe de David penetrando a cabalo no xardín de Betdabé cádranlle ben as palabras que Deus dirixe ao Rei no texto do *Mystère du Vieil Testament*, cando lle apón a súa "presunción e orgullo", ou o termo "*pompous pride*" co que Thomas Wyatt cualifica o orgullo de David na descrición que fai do arrepentimento do Rei no prólogo á súa paráfrase dos Salmos Penitenciais[155]. E tamén aquela outra expresión empregada na Biblia moralizada que, glosando a soberbia do rei bíblico, censuraba as "pompas e gastos" dos príncipes [**Fig. 154**].

4.2.1.2.4.- O pavo real

Falar de soberbia e presunción en relación coas imaxes de David nos Salmos Penitenciais esixe, finalmente, deterse no motivo do pavo real, presente en certas iluminacións deste texto. No corpus rexistrei a aparición da ave en páxinas dos Salmos Penitenciais nun total de 46 manuscritos. Na maioría deles aparece en posición marxinal, integrado nas orlas (ou nalgunha inicial) e en boa parte dos casos acompañando a imaxe de David en actitude devota (35 de 46). As poucas nas que non aparece con David devoto

155 "*Then pompous pride of state, and dignity / Forthwith rebates repentant humbleness"* (Wyatt 1879, 184). Sobre a paráfrase dos sete salmos de Wyatt véxase epígrafe 2.2.2

é porque acompaña unha imaxe do Xuízo final (7 casos), de David e Goliat (2 casos) ou do Año de Deus (2 casos).

Como é sabido, o pavo real reviste diversos significados -incluso contraditorios- na iconografía cristiá, sendo probablemente un dos máis coñecidos o de ser emblema do orgullo[156]. Nas páxinas precedentes xa houbo ocasión de dar conta do seu emprego con este sentido en dúas ilustracións do corpus. Vímolo empoleirado no helmo do cabaleiro soberbio, na ilustración do salmo 6 no chamado *Libro de Horas de los Siete Pecados Capitales* [**Fig. 79]**, e tamén na ilustración dos Salmos Penitenciais do *Libro de horas Bedford* (cat-533), onde a ave ocupaba unha posición estratéxica na parte central daquela columna imaxinaria cuxa base era unha alegoría do orgullo e o extremo superior outra da humildade. Sen embargo, e malia a súa coñecida función como símbolo da vaidade, á hora de considerar o seu uso nas ilustracións dos Salmos Penitenciais hai que ser prudentes, pois cómpre ter en conta que o pavo real é un motivo moi frecuente na decoración marxinal de manuscritos baixomedievais, e na dos libros de horas en particular. E que neles preséntase moitas veces acompañando escenas de toda índole e en diversas seccións do libro. Cando aparece na ilustración dos Salmos Penitenciais simultaneamente con David en actitude devota pode facelo no borde da miniatura pero tamén no propio espazo onde se sitúa o rei, deambulando no patio do seu pazo ou polo xardín (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 18, fol. 165v) (cat-631), [**Fig. 21**]. O uso frecuente de ave tan vistosa como motivo decorativo nos manuscritos, ou como adxectivo do ambiente cortesán en xeral na pintura contemporánea, dificulta a tarefa de determinar en que casos o pavo real se empregou cun sentido moral nos Salmos Penitenciais. O carácter diglósico do pavo real nos manuscritos- cunha vertente dotada de contido semántico e outra decorativa e de baixa intensidade- fai que probablemente nunca cheguemos a saber con certeza a intención dos miniaturistas en moitos casos ou a lectura que fixo o público destas imaxes. Resulta sensato pensar, con todo, que sexa probable unha intención simbólica naqueles manuscritos nos que a ave se presenta unicamente na ilustración dos sete salmos -ou en determinadas miniaturas do libro de horas, como veremos a continuación- e un uso simplemente decorativo cando se prodiga en páxinas de diferentes apartados do mesmo manuscrito. Co obxecto de tentar pescudar esta circunstancia -en que casos o pavo real se empregou para cualificar moralmente a figura

156 Sobre a simboloxía do pavo real, remito ao artigo de síntese de Fernando Canillas del Rey (2021). Estudou en profundidade a iconografía medieval do pavo ata o século XII Raphaël Demès (2018).

de David arrepentido- revisei todas as iluminacións nunha selección de 22 manuscritos nos que o monarca bíblico en actitude devota aparece acompañado da ave nos Salmos Penitenciais[157]. Deses 22, o pavo aparece de forma exclusiva na imaxe dos Salmos Penitenciais en 10 manuscritos, o 46% dos casos. Polo tanto, creo que podemos especular coa posibilidade de que cando o pavo real acompaña a imaxe de David arrepentido nos Salmos Penitenciais, nun número significativo de ocasións puido haber intención de empregar a ave para adxectivar moralmente o Rei. Outra cuestión é determinar de que adxectivo se trata, e se este ten cariz positivo (virtude) ou negativo (vicio). Varios exemplos analizados conducen a pensar, en efecto, que o pavo real se empregou con sentidos contrapostos segundo as iluminacións, ou mesmo con ambos simultaneamente nunha mesma ilustración.

Entre algunhas das iluminacións nas que aparece o pavo acompañando a David diríase que se tentou transmitir unha mensaxe adicional en función da posición da cola ou da cabeza do animal. A cola pode mostrarse despregada ou non, dando lugar, na última circunstancia, ao que podería interpretarse, en certos casos, como unha alusión á virtude contraria ao orgullo. Así parece deducirse dunha miniatura onde, excepcionalmente, se representou o animal por partida dobre nas páxinas inaugurais dos sete salmos (A Haia, KB, 76 G 21, fol. 80v-81r) (cat-40) [**Fig. 156**]. Na que coincide coa figura de David arrepentido, o pavo presenta a cola humildemente recollida, e o motivo contrasta coa presentación do seu conxénere na folla contigua, que ofrece a súa despregada. O paralelismo entre David e o pavo máis modesto resulta evidente na colocación do animal xusto embaixo do rei, e sublíñase mediante os perfís coincidentes de ambos, orientados na mesma dirección.

Outro exemplo no que o pavo parece ter sido empregado no seu sentido virtuoso o ofrece un manuscrito no que, se ben o animal non se incluíu unicamente nos Salmos Penitenciais, si se distribuíu no libro dun xeito que apunta a unha intención simbólica. En Nova York, PML, M.363 (ver fols 41v, 111v-112r) [**Figs. 157 (1) e (2)**], a ave está presente na páxina que contén o *incipit* dos salmos e tamén na composición da Anunciación no Oficio da Virxe, o que suxire unha vontade de establecer o paralelismo da figura de David orando coa propia "Escrava do Señor" a través da alusión á virtude que ambos encarnan.

157 Nalgúns manuscritos esta revisión non se puido levar a cabo porque os recursos consultados ou ben non mostran todas as imaxes ou ben mostran só un fragmento da páxina iluminada, normalmente a miniatura sen as orlas, que é onde adoita ser representado este motivo.

Os dous se ven acompañados da presuntuosa ave coa cola recollida, o dorso curvado e a cabeciña abaixada[158]. O emprego do pavo real con este sentido -tan contrario daquel outro que o asimila á vaidade- resulta meridiano se atendemos ás explicacións que se ofrecen no texto dunha compilación de *exempla* para uso de predicadores, *Fasciculus morum*, realizada por un frade franciscano inglés de nome Robertus Selke pouco despois de 1300. Nela se explican e ilustran con exemplos os sete vicios e as sete virtudes. A humildade, que se define como *"voluntaria mentis inclinacio et proprie excellencie contemptus"*, compórtase, se nos di, do mesmo xeito que o pavo real, que vendo a fealdade das súas patas, esquece a súa espléndida cola[159]. Quizais respondendo a este mesmo tópico se representou a ave tamén por partida dobre nas páxinas inaugurais dos Salmos Penitenciais nun manuscrito flamengo (A Haia, RMMW, 10 E 3, fols. 125v-126r) (cat-108): coa cabeza abaixada, en marxe do fol. 125v, xusto embaixo da figura de David orando, e coa cabeza ergueita, tamén en marxe, na páxina do lado[160].

Entre aqueles manuscritos incluídos no corpus que probablemente empregaron o animal no sentido metafórico na ilustración dos Salmos Penitenciais cabe destacar un no que intención simbólica e o carácter decorativo se amalgaman para dar lugar a unha imaxe moi sutil, visual e semanticamente. Encóntrase nun libro de horas italiano cuxa iluminación se atribúe ao Mestre das Horas Landriani (Madrid, Lázaro Galdiano, Mss I15454, fol. 121r**)** (cat-655) [**Fig. 158**]. A elegancia que caracteriza a figura de David en actitude devota neste libro de horas esténdese á tradución visual do vínculo entre o rei e o animal que decora o borde da páxina. Na marxe da miniatura emprázase unha variante figurativa do pavo real que tivo bastante predicamento en manuscritos contemporáneos, empregada probablemente con carácter ornamental en boa parte das ocasións. Nesta variante, o pavo presenta a cola recollida e esta, de grandes dimensións, adoita caer pesadamente a un nivel por baixo daquel onde asenta as súas patas, ocupando así boa parte das marxes verticais das miniaturas. Na que nos ocupa, o Mestre das Horas Landriani sacou partido simbólico deste motivo decorativo, facendo coincidir o deseño

158 Repárese, ademais, en como o pavo real situado embaixo da Anunciación vese amezado por un tritón situado na páxina contigua, que apunta cara el unha frecha.

159 Kehnel 2021, 201-202. A cita textual de *Fasciculus Morum* está tomada por esta autora de: Wenzel, Siegfried, ed. 1989. *"Fasciculus Morum": A Fourteenth-Century Preacher's Handbook*. University Park and London: Pennsylvania State University Press, 64f.

160 Poden verse ambas páxinas no Catálogo ou no seguinte enlace as miniaturas do manuscrito: https://manuscripts.kb.nl/show/images/10+E+3/page/3

da pel que remata a manga do manto do Rei co das plumas da cola do pavo, e establecendo ademais un paralelismo entre as liñas de caída de ambos elementos. O miniaturista outorgoulle probablemente aquel sentido de humildade á extremidade do pavo –que presenta modestamente recollido, e caído, aquel apéndice que, cando despregado, é obxecto do seu orgullo e vaidade-. E de humildade tingue tamén a figura de David, mediante o paralelismo entre a cola do animal e o adorno na roupaxe do rei. A virtude faise extensiva, mediante este mínimo detalle da indumentaria, á figura do pecador arrepentido, quen non en van presenta outro sutil acento penitencial na súa vestimenta, en forma dun moi discreto cilicio axustándolle a roupa.

4.2.2. A esexese dos Salmos Penitenciais: *convertere*

A literatura e a esexese xerada polo setenario parece que ofrecen claves interpretativas para abordar determinadas ilustracións dos salmos. Nestas últimas teríanse condensado ideas que, en último termo, fundaméntanse tamén nas ensinanzas dos Padres da Igrexa. Algúns destes conceptos poderían explicar, por exemplo, unha figura moi curiosa de David en actitude devota que foi incluída en imaxes serodias obra de artífices procedentes do ámbito flamengo. Unha destas imaxes é a que inaugura o texto dos sete salmos nas *Horas Sforza*, unha miniatura que xa levamos examinado desde diferentes puntos de vista en varias epígrafes deste traballo, e que nos ofrece agora a oportunidade de considerar unha derradeira capa de lectura [**Fig. 99(1)**][161].

Como xa vimos, neste códice Horenbout recolleu o testemuño de Pietro Birago -o seu predecesor na ilustración do manuscrito- para completar a serie de imaxes do Rei arrepentido pintadas por este, que o presentaban baixo a aparencia de seis figuras presas de axitación nerviosa. Pero o artista flamengo empregou unha imaxe que supera sobradamente ás do italiano neste aspecto, amosando o rei nunha postura antinatural e anatomicamente case imposible, que non ten paralelo nas do seu predecesor: o torso do monarca, coa cabeza volta cara atrás, móstrase coas mans en xesto de pregaria apuntando nunha dirección mentres as súas extremidades inferiores corresponden a un corpo que está axeonllado na dirección contraria. Horenbout escolle un modelo xa existente -do que

161 Mencionouse ao tratar da fonte de Betsabé (epígrafe 3.5.3.2.3) e no epígrafe 4.1.2 no contexto do exame do vínculo da iluminación dos Salmos Penitenciais coa das Ladaíñas cando nestas se acode á iconografía da Procesión de San Gregorio.

rexistrei no corpus varios exemplos, e sobre o que teño noticia dalgúns máis[162]- cuxo antinaturalismo anatómico resulta difícil de xustificar, pero que tampouco non se explica pola impericia dos iluminadores, artífices en xeral habelenciosos, encadrables na chamada Escola de Gante-Bruxas [**Fig. 159**], e sendo un pintor da categoría de Horenbout, precisamente, un dos que o utiliza. Trátase dunha imaxe moi chocante que malia súa extravagancia non ten xerado, ata onde eu sei, tentativas de explicación. O corpus contén seis exemplos:

Cadro 11. Imaxes de David co corpo contorsionado
Londres, BL, Add. 34294, Fol. 212v **,** *Libro de horas Sforza* (cat-541)
Rouen, BM, 3028 (Leber 0142), fol. 159 (cat-1163)
A Haia, KB, 133 E 19, Fol. 105r (cat-79)
Londres, BL, Additional 54782, 150v , *Horas Hastings* (cat-553)
Munich, Bayerische StaatsBibliothek, clm 23845, Fol. 328v (cat-699)
Leeds, Univ., Brotherton Collection, MS 7, fol. 149r (cat-516)

Creo que á hora de analizar esta figura sería conveniente recordar unha vez máis a popularidade de que gozaron os Salmos Penitenciais na época de maior produción de libros de horas, e a variada e rica literatura que se xerou arredor deles, como vimos no capítulo 2. O eco das traducións, paráfrases e comentarios sobre o setenario tivo que ter a súa repercusión, dalgún xeito, en artífices ou persoas encargadas de asesorar na iluminación deste texto, e mesmo nas destinatarias á hora de ler as imaxes. Se nalgunhas ilustracións examinadas nos epígrafes precedentes xa tivemos ocasión de ver algo disto, é a imaxe que nos ocupa agora a que ofrece, ao meu xuízo, a proba máis evidente. En conceptos difundidos nalgunha destas obras podería residir, en efecto, a explicación desta figura desconcertante de David arrepentido cos membros escordados que se rexistra en varios Libros de horas, e que foi escollida por Horenbout para o de Sforza. Os mesmos

162 Thomas Kren e Scot McKendrick (2003, 429, 431 n. 6) mencionan 3 exemplos, ademais do do Libro de Horas Sforza, desta imaxe tan peculiar de David, e afirman que Horenbout fixo copia especular dos modelos, mellorándoos. No IMA localicei un máis: Princeton University Library, Garret 58, fol. 56v. (Gante/Bruxas, ca. 1500-1510)

conceptos poderían explicar, en xeral, o xesto do rei volvendo a cabeza, dun xeito máis natural, noutras imaxes (Madrid, Lázaro Galdiano, Mss I15517, libro de horas de Madama Lázaro, Fol. 94v) (cat-660). Todas as da extravagante torsión do rei teñen en común a súa procedencia xeográfica (área dos Países Baixos) e cronoloxía (finais do século XV ou comezo do XVI), o que explica a súa difusión mediante modelos. Reitérase nelas a silueta pero tamén os máis mínimos detalles, como as dobras do manto, a colocación das mans ou o perfil agudo da barba, no rostro alzado mirando cara atrás.

Alén desta figura contorsionista, o corpus rexistra outras dúas miniaturas que ofrecen unha peculiar imaxe do rei tamén revirado, pero en diferente postura. A súa disposición causa menos estrañeza que a dos exemplos que acabo de citar. Estas dúas miniaturas foron realizadas moitos anos antes que as flamencas, no París de principios de século. Trátase da iluminación dos salmos nas chamadas *Horas De Levis* (ca. 1418) (New Haven, Beinecke MS 400, Fol. 77r) (cat-705) [**Fig. 161**], atribuída ao taller do Mestre de Luçon, e a doutro libro de horas atribuído por Millard Meiss a Pseudo-Jacquemart, pertencente a unha colección privada (cat-427)[163]. Nestas dúas miniaturas a imaxe de David é case idéntica, así como a paisaxe na que se sitúa. En ambas, o penitente xorde dun foxo na terra e unha punta do seu manto sobresae do borde do mesmo. O que cambia nelas é a aparencia da figura divina, que no segundo libro citado é unha imaxe convencional de Deus co orbe nunha man e bendicindo coa outra, mentres que nas Horas De Levis se presenta realizando un xesto moi pouco común. Se ben rexistrei tres exemplos máis dun xesto das mans de Deus que podería ter similar intención[164], é nesta iluminación das Horas De Levis, e na súa combinación coa figura de David revirado, onde se revela o sentido do ademán de modo máis claro. O aceno divino percíbese aquí como réplica (ou máis ben como motor) do xiro corporal de David. A figura divina semella realizar o ademán de bendición pero, estrañamente, realízao coas dúas mans. Ademais, ambas compoñen un círculo que, unido á prolongación invisible do trazado de certas liñas da composición (as das dobras do manto, prolongadas polas que debuxan as extremidades do Rei e as ás dun serafín) contribúen a desatar un auténtico remuíño visual no que se ve

163 Sobre as Horas De Lévis, véxase: Meiss, 1972. Sobre a miniatura no libro de horas pertencente a unha colección privada: Meiss 1974, Text volume, 359 e Plates volume, Fig. 517

164 O xesto, máis suavizado, aparece tamén en 2 obras atribídas ao Mestre de Luçon: Barcelona, Biblioteca de Catalunya, Ms. 1850, fol. 96r (cat-225) e en Madrid, BNE, MSS/21547, **fol. 103r (imaxe 257)** (cat-634) e noutra probablemente contemporánea destas: París, BNF, Latin 1158, fol. 102r (cat-1071)

inmersa a figura de David. O ollo do remuíño estaría nese círculo que conforma a posición das mans de Deus e, deste modo, o xogo de trazos curvilíneos contribúe a dar a impresión de que Deus fai xirar o Rei como se este fose un trompo. A complexidade compositiva desta imaxe magnífica contrasta coa banalidade da figura de David rezando, de diferente autoría, que se amosa na inicial da mesma páxina.

Lynn Staley, na súa contribución dedicada a esexese dos Salmos Penitenciais, afirma o seguinte:

> *The Penitential Psalms are peppered with words related to an understanding of conversion as a turning, and the psalmist's use of the verbs convertere, avertere, or revertere is emphasized by exegetes, preachers, and poets. More than simple verbal play, this language takes up complex issues constituent of the penitential experience. Who or what catalyzes spiritual turning? Turning involves sight. By turning away, the penitent ceases to see God; if God turns away from the penitent, the penitent is cast out of the divine presence. However, if the psalmist begs God to avert his eyes from his sin, that divine turning becomes a sign of God's mercy.*[165]

A glosa do encontro de David e Natán no texto da Biblia moralizada que xa mencionamos máis arriba (Français 167, Fol. 77v), empregaba unha palabra que na súa polisemia implica tamén unha alusión ao xiro do pecador:

> *David qui confessa quil avoit peche segnefie ceuls qui se repentent et* ***retournent*** *a dieu par repentance e par confession...*

E o texto do filacterio de Zacarías nas ilustracións da moi difundida *Biblia pauperum,* glosando a ilustración do episodio do arrepentimento de David ante Natán, incide tamén na idea de que Deus esixe o xiro do pecador, para logo volverse cara a este:

> *Convertimini ad me / et convertar ad vos*[166]

---

165 Staley 2007, 223; véxase ademais *Ibid.* 229-30, 232, 234

166 O texto das *Biblia pauperum* é unha adaptación de Zacarías 1.3: *Convertimini ad me, dicit Dominus exercituum / et convertar ad vos, dicit Dominus exercituum*. Véxase texto e imaxe na cartela situada no extremo inferior esquerdo nun exemplar desta obra nun libro xilográfico datado a mediados do século XV Madrid, BNE, INC/2320(1),imaxe 24.

O comentario dos salmos traducido por Eleanor Hull fai a seguinte glosa do versículo 5 do salmo 6 ("*Convertere domine et eripe animam meam*")[167]:

> *And therfor am I fal in the byndyng glue of synne, wher-by the reson of myn herte ys so blynddyd that I may not see* ***how I may torne to the but if tou fyrst torne to me****.*
>
> [E así caio na argamasa do pecado, por cuxa causa o meu corazón queda tan cegado que son incapaz de ver cómo volver cara a ti se ti antes no volves cara a min.]

Pero moito antes do tempo en que se redactou o texto traducido por Eleanor Hull, antes incluso de calquera dos aducidos por Staley, ou dos que se recollen na Biblia moralizada ou na *Biblia Pauperum*, xa o mesmo Xerome fixera un comentario do termo *convertere* implicando a idea de xiro, neste caso o xiro de Deus, aludindo á súa ollada sobre o pecador como resposta e motor a un tempo da conversión deste. E faina, precisamente, no seu comentario deste mesmo versículo (o 5) do primeiro salmo penitencial:

> Convertere, Domine, eruere animam meam. *Nisi animam nostram ante converterit, non eam potest eruere de periculo. Aliter: Domine, quia avertisti .... tuum a nobis, convertere, et nos videre dignare, et erue animam nostram.*[168]
>
> [*Vólvete Señor, libra a miña alma*. Se a nosa alma non se converte antes, non pode librala do perigo. Doutro modo: Señor, porque afastaches o teu rostro de nós, vólvete e dígnate mirarnos, e libra a nosa alma.]

Na xa mencionada ilustración do salmo 31 no *Salterio triplo glosado anglo-catalán* (París, BNF, Latin 8846, fol. 53r) [**Fig. 160**] é o propio salmista quen, sentado de fronte, xira a cabeza cara atrás e cara ao alto, volvéndoa en dirección á Deus no ceo mentres agarra unha vara de espiñas, para ilustrar o versículo 4: "*conversus sum in erumpna mea dum configitur spina* ["vólvome na miña angustia, mentres a espiña se crava"]. O comentario sobre este versículo no texto traducido por Eleanor Hull declara que as espiñas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

167 Hull 1995, 13

168 Xerome 2004, 269. Nesta mesma obra pódese consultar a tradución ao castelán desde a que fixen a versión en galego.

son os pecados que remorden a conciencia ("*thy concyence sharply pricked*")[169]. Neste caso, o xiro -a conversión- froito da contrición, corresponde ao pecador, tal e como expresa o mencionado comentario de Xerome para o salmo 6 ("Se a nosa alma non se converte antes..."). E pola súa parte Agostiño, na esexese, unha vez máis, do salmo 50, insiste tamén sobre o termo *averte* e sobre estes complexos xogos de rostros que se volven e se apartan e xiran en sentidos case contraditorios: "con razón pides, e pides ben, que Deus aparte o seu rostro do teu pecado, sempre que ti non te apartes del" [170]. Pero Agostiño chama a atención tamén sobre outro versículo deste mesmo salmo 50 nun comentario que contribúe a enriquecer aínda máis a lectura destas insólitas imaxes de David xirando sobre si mesmo, "convertido": glosando o versículo 12 do *Miserere* ,"e renova no meu interior un espírito recto", Agostiño lembra outro do salmo 56 (56, 7) "*curvaverunt anima mea*" ["torceron a miña alma"] e fai unha apreciación que ben podería glosar calquera destas imaxes do rei contorsionista virando en todas as direccións, sendo unha desas direccións o propio ceo: "Cando o home se inclina cara ás cobizas terreais, tórcese en certo modo, e, cando se eleva cara as celestiais, endereita o seu corazón, para que Deus sexa o seu ben"[171].

4.2.3.- David no Día do Xuízo

A convivencia de David en actitude devota co Xuízo Final nos Salmos Penitenciais, tal e como xa adiantamos no capítulo 3, preséntase en composicións diversas que semellan responder a diferentes intencións. Ambas escenas poden aparecer nunha mesma miniatura –casos excepcionais- ou separadas en espazos diferentes da páxina miniada, ou mesmo en páxinas contiguas.

Na maioría dos 52 exemplos que compilei nos que o Xuízo Final convive coa figura de David arrepentido non parece que existise unha vontade clara de establecer unha relación entre unha e outra composición, pois na práctica totalidade das ocasións David non reza en dirección á figura de Cristo no Xuízo Final senón cara a outra figura ou símbolos divinos (exemplo: Nova York, PML, MS M.231, fol. 103r) (cat-827). Mesmo nos casos en que o seu xesto parece dirixirse, alén desta figura divina, simultaneamente a

169 Hull 1995, 32-33
170 Agostiño 1955, 261
171 *Ibid.* 262

Cristo Xuíz, a presenza da primeira, máis achegada, réstalle forza ao vínculo coa escena escatolóxica (exemplo: Londres, BL, Additional 27697, 'The Saluces Hours', Fol. 155v) (cat-537). Nos manuscritos holandeses, nos que, como se recordará, a conxunción de ambas escenas en páxinas contiguas foi unha composición estandarizada na ilustración dos Salmos Penitenciais, a falta de vínculo resulta patente porque David case sempre aparece de costas á composición do Xuízo Final (A Haia, KB, 129 F 4, fol. 55v-56r)(cat-53). Nun grupo de manuscritos do corpus, en cambio, si parece que existiu a intención, máis ou menos evidente, de vincular o Rei bíblico coa imaxe do Xuízo. No cadro que a seguir se mostra preséntase a relación destes casos no corpus (incluídos dous nos que a identificación de David non é segura)[172]:

Cadro 12. Imaxes de David en actitude devota vinculado á escena do Xuízo Final
-Baltimore, Walters Art Museum, W. 0166, 41v - 42r (cat-169)
-Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ, Houghton Lib, Richardson 042, fol. 90r (seq. 183) (cat-336)
-A Haia, KB, 135 G 019, fol. 81v (cat-99)
Londres, BL, Additional 50001 (cat-551)
-Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. 2 (84.ML.67), Fol. 127v-Fol. 128r **c** (cat-613)
-New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 411, fols. 74v- 75r (cat-706)
-Nova York, Columbia Univ, Burke Lib, UTS MS 049 (cat-720)
-Oxford, Bodleian Library, Ms. Rawl. liturg. e. 012, Fol. 104r (cat-989)
- París, Bibliothèque Mazarine, ms. 0503, fol. 58v (cat-1046)
-París, BNF, Latin 1159, fol. 80r (cat-1072)
-París, BNF, Latin 1170, fol. 46r (cat-1076)
-París, BNF, Latin 13283, fol. 87 (cat-1107)

172 A esta lista habería probablemente que engadir unha iluminación que non foi integrada no corpus porque o recurso onde está accesible -a colección dixital da Biblioteca Casanatense- non especifica se a ilustración, dun libro de horas, corresponde aos Salmos Penitenciais. A imaxe tampouco mostra o texto que permita aseguralo, aínda que me parece bastante probable que así sexa, pois amosa unha figura masculina con nimbo semienterrada e rezándolle ao Cristo do Xuízo final: Roma, Biblioteca Casanatense, Ms.1471, fol. 89v

-París, BNF, Latin 1176, fol. 97r (cat-1079)

-París, BNF, NAL 03226, Guillaume Jouvenel des Ursins, Fol. 48r (cat-1139)

-Philadelphia, Free Lib of Philadelphia, Lewis E 92, Fol. 69r (cat-467)

Nestes exemplos pode darse a situación de que o Rei se presente nunha inicial (Oxford, Bodleian Library, Ms. Rawl. liturg. e. 012, Fol. 104r), nunha viñeta, ou na orla dunha páxina que exhibe o Xuízo Final na miniatura e o xesto de oración de David se dirixa cara a esta escena (A Haia, KB, 135 G 019, Fol. 81v); ou ben que o Xuízo Final e David rezando se sitúen en páxinas contiguas, pero establecéndose unha relación visual explícita entre as ilustracións de ambas (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. 2 (84.ML.67, Fol. 127v-Fol. 128r); ou mesmo que David en actitude devota se incorpore no seo dunha miniatura na que tamén se mostra o Xuízo Final (París, BNF, Latin 13283, fol. 87) (cat-1107).

Nestas composicións nas que David interactúa dalgún xeito co Xuíz, o rei móstrase rezándolle a Cristo. Nalgunha ocasión incluso se percibe a vontade dunha asimilación visual da súa figura cos resucitados da escena escatolóxica. Esta é moi evidente en Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ, Houghton Lib, Richardson 042, De Buz hours (seq. 183) (cat-336). Poderían interpretarse tamén neste sentido as que combinan unha miniatura que contén o Xuízo Final e unha inicial historiada con David metido nun foxo, como a que se ofrece en París, BNF, lat. 1170, fol. 46r. (cat-1076).A vinculación entre o rei arrepentido e Cristo é estreita nestas imaxes. En certos casos, incluso, David se dirixe expresamente a Aquel pronunciando un texto inscrito nun filacterio [**Fig. 163a**]. Acontece en 5 dos 15 manuscritos citados, un 33 % do total, polo tanto. O dato é significativo, porque a porcentaxe é moi alta tendo en conta o relativamente escaso número de figuras de David asociado a un filacterio que rexistramos no corpus. O fragmento inscrito na cartela varía nos 4 exemplos recollidos nos que o texto é lexible: en dous ten relación co primeiro versículo do salmo 6, noutro é o primeiro do salmo 50 e noutro é unha declaración na que David ofrece a Cristo o rezo dos sete Salmos Penitenciais. Pódese dicir que o que teñen en común as 15 ilustracións do cadro é a proximidade espiritual do Rei co Xuíz, subliñada no caso das 5 que inclúen o filacterio por unha interpelación expresa de David á figura divina.

Á hora de considerar a relación de David e o Xuízo Final, cómpre chamar a atención antes de nada sobre unha obviedade non trivial: que David se presente ante Deus

o día do Xuízo constitúe un evidente anacronismo, pois para daquela -a Fin dos Tempos- David ten que levar moito tempo acollido nos espazos da Gloria, sendo como foi rescatado por Cristo no momento do seu descenso ao Limbo. Existe constancia figurativa deste último suceso en imaxes do *Descensus ad inferos* que inclúen a figura do Rei bíblico, e testemuños narrativos en textos de ampla circulación, como a *Legenda aurea*[173]. Porén, unicamente en dúas ilustracións do corpus se traduce con coherencia -considerado este aspecto temporal- a relación entre un personaxe que aparentemente é David e Cristo Xuíz, pois nelas móstrase a figura dun ancián en oración, que podería ser o Rei bíblico, situada no ceo. En BNF Latin 1176, fol. 97r (cat-1079) (Francia, 1435-1445, atribuído ao estilo do Mestre de Bedford) vese un monarca no espazo celestial, en actitude devota, á esquerda de Cristo. Este rei sitúase, ademais, ao pé daquel outro modelo de penitentes, o Bautista, coa súa indumentaria de asceta. Detrás deste albíscase un home espido. Dada a situación desta miniatura nos Salmos Penitenciais, todo leva a pensar que o rei en oración sexa David. En París, BNF, NAL 3226, fol. 48r (ca-1139) (Francia, c. 1450, atribuído ao Mestre Dunois) Cristo está acompañado no ceo da Virxe e o Bautista, e á súa esquerda foron situados un personaxe solitario rezando, sen nimbo, e outro espido, tamén sen nimbo. Repítese a proximidade destes personaxes co Bautista, o cal parece indicar que esta imaxe ten moito que ver coa anterior, pero nunha versión simplificada, sendo a figura que está aos pés do Bautista probablemente David, e o outro -o espido- quizais Adán. Cabe recordar que na *Legenda aurea*, os tres -Adán, o Bautista e David- forman parte precisamente do elenco de personaxes que "teñen unha frase" no relato dramatizado do episodio do descenso ao Limbo[174].

Deixando aparte estas dúas ilustracións, nas que David estaría "onde ten que estar" (na Gloria), o que predomina no corpus é o anacronismo que implica a imaxe de David dirixíndose a Cristo no día do Xuízo, e que amosa o Rei bíblico, normalmente, na

---

173 A modo de exemplo, podemos ver a David entre os rescatados do Limbo, na pintura de Duccio: Archivo:Duccio di Buoninsegna - Descent to Hell - WGA06819.jpg. Outro exemplo nun libro de horas, no que David ademais ocupa unha posición privilexiada na boca de Leviatán: New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 411, fol 17v).

Na *Legenda aurea* nárrase no capítulo titulado "A Resurrección do Señor" (Iacopo da Varazze 1982, Vol. 1, 232) Neste texto interveñen Adán e algúns patriarcas e profetas no momento do descenso de Cristo ao Limbo. A intervención de David prodúcese con motivo da apertura das portas. Cando se escoita unha voz que urxe aos demoños a abrilas porque vai entrar o Rei da Gloria, aqueles acoden a asegurar as pesadas portas de bronce con fechos e pasadores e barras de ferro. Entón David declara "¿Non recordades que eu, cando vivía, anunciei proféticamente: *Señor!, que todos confesen o teu nome, porque quebraches co teu poder os rexos portóns de bronce!*"

174 Véxase nota anterior.

superficie da terra. A imaxe podería explicarse polo feito de que David profetizou o suceso escatolóxico (tal e como expresa o poema *Dies Irae*, que cita a figura do rei, xunto coa Sibila, como augures do Último Día) e non por casualidade entre as 13 imaxes compiladas con esta composición hai unha que amosa o personaxe ataviado cun toucado orientalizante, dándolle un aspecto máis próximo das imaxes da súa iconografía como profeta (París, BNF, Latin 1159, fol. 80r) (cat-1072). E tampouco por casualidade aparecen varios exemplos con filacterio, outro dos atributos do Rei neste papel[175]. A faceta de David como profeta, non obstante, parece entrar en contradición coa imaxe dun personaxe que reza e suplica ao Cristo Xuíz. Se atendemos aos que presentan filacterios no corpus, veremos que estas conteñen textos relacionados coa súa confesión e solicitude de misericordia- en lugar de fragmentos de teor profético ou susceptibles de seren interpretados neste sentido.

Acudir, unha vez máis, á esexese do salmo 50 de Agostiño pode servir de axuda para resolver esta contradición. O bispo de Hipona fai o seguinte comentario a un versículo que lle chama a atención no salmo 50, aquel que se inicia coas familiares palabras de confesión de David, *Tibi soli peccavi*:

> "Só contra ti pequei, e fixen o mal diante de ti; para que te xustifiques nas túas palabras e venzas cando sexas xulgado". É difícil, irmáns, saber a que se refire, a quen fala. Certamente que lle fala a Deus, e é evidente que Deus Pai non é xulgado. Que significa "Só contra ti pequei, e fixen o mal diante de ti; para que te xustifiques nas túas palabras e venzas cando sexas xulgado"? Contempla o salmista o futuro xuíz, que será xulgado, que será xulgado o xusto polos pecadores, e veo vencedor. (...) A este que non tiña pecado, di nesta circunstancia o profeta David: "Só contra ti pequei..."[176]

Agostiño ofrece neste fragmento unha explicación moi oportuna para as imaxes que estamos a considerar, pois nela se sintetiza a figura de David profeta, prognosticando sucesos futuros relativos tanto á paixón de Cristo como ao seu papel ao final dos tempos ("Contempla o salmista o futuro xuíz, que será xulgado, que será xulgado o xusto polos pecadores, e veo vencedor") e combina esa idea de profecía e visión con outra máis física de interacción, a que podería ter un devoto calquera con Cristo contemplando unha

175 Réau 1996-2000, 1(2): 302.

176 Agostiño 1955, 253-254.

composición do Xuízo Final [**Figs 162a, b**], pois David se dirixe directamente ao supremo Xuíz ("Certamente que lle fala a Deus"*)* e reza pronunciando, como un pecador arrepentido máis, o versículo do salmo 50 ("A este que non tiña pecado, di nesta circunstancia o profeta David: 'Só contra ti pequei...' "). Deste xeito, David, profeta da Paixón e do Xuízo Final, transfórmase nun humilde pecador confesando ante o Supremo Xuíz. O comentario de Agostiño fai crible o resultado desta singular metamorfose que se enxerga nas ilustracións.

4.3. REMEMORACIÓN, MEDITACIÓN E EMPATÍA CON DAVID. A CONFESIÓN *INTEGRA*

No libro de horas iluminado por William De Brailes, a figura da propietaria -chamada Susanna- alterna coa de David, ambos en oración, nas iniciais historiadas dos Salmos Penitenciais (móstrase Susanna na do salmo 101). A presenza de comitentes nas páxinas miniadas dos libros de horas diminúe conforme evolucionan este tipo de libros de pregarias, e seguindo a lóxica que se se desprende do iluminado por De Brailes, non resulta desatinado supoñer que unha das figuras coas que máis puido chegar a identificarse a persoa que tivese un libro de horas nas súas mans fose, precisamente, esta do Rei bíblico en actitude devota. Cabe imaxinar que cando o lector ou lectora dun libro de horas procedía a recitar os sete salmos se sentise realizando as mesmas actividades penitenciais que David, que algunhas ilustracións amosan explícitamente: a evocación do pecado, a meditación sobre el e a satisfacción da penitencia mediante a pregaria. Ademais, e como acabamos de ver en certas imaxes que presentan a David acompañado de filacterios contendo fragmentos de texto dos salmos, o que o Rei bíblico entona son os propios Salmos Penitenciais. David recita o mesmo texto que o lector ou lectora devotos, e estes rezan canda el, facilitándose a súa incorporación, grazas ao traballo dos miniaturistas, no espazo onde o rei fai penitencia. Esta posible identificación de David e a persoa devota é coherente co que se di nun fragmento do comentario sobre o Salmos Penitenciais traducido por Eleanor Hull:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

By this we may wel vndyrstond that ***tho that begynnyth with Dauid and abydyn with him in*** *wepyng and in penance, that they schal be reioyssyd in the laste ende with him*[177].

(*By this we may well understand that* ***those who set out with David and remain with him*** *in weeping and in penance, they shall be made glad at the last end with him'*)[178].

A eventual empatía do público do libro de horas coa imaxe de David facendo penitencia é asimilable á que se produciría nos lectores e lectoras das paráfrases dos salmos, nas que se percibe o interese por parte dos seus autores en que o lector se apropie da voz do salmista. Como vimos, Annie Sutherland considerou que nas paráfrases inglesas de Richard Maidstone e Thomas Brampton, cuxo texto nun primeiro nivel é pronunciado por estes, un desempeño penitencial simultáneo do lector ou lectora, materializado no acto de ler os salmos e pronuncialos en primeira persoa[179]. Esta idea podería facerse extensiva, en certo modo, á interpretación das imaxes que nos ocupan. As persoas que observaron a David nos seus libros de horas, lectoras visuais da expiación que o rei executa, e que executa incluso nalgún caso pronunciando os salmos, practican por extensión, e recitando o mesmo texto, similar actividade penitencial.

É posible que a procura dunha identificación similar da audiencia con David se buscase tamén no sermón, mediante procedementos equiparables ao uso da primeira persoa nas paráfrases dos Salmos Penitenciais. Como xa vimos, o rei foi un dos personaxes exemplares aos que se recorreu para animar á práctica da confesión, tanto na literatura penitencial como nos discursos dos predicadores -en tanto paradigma de gran pecador que foi perdoado- xunto con outros personaxes, como Madalena. Precisamente ao exemplo desta última acudiu o frade franciscano Nicolaus de Aquaevilla -predicador en Lión a finais do século XIII- nun sermón dedicado ao tema da contrición, no cal o relixioso imaxínase a si mesmo na escena do banquete en casa do Fariseo:

Si ad pedes domini cure beata Maria Magdalena venissem eosque lacrimis irrigassem conpunctionis.

177 Hull 1995, 9-10. O texto inclúese no comentario do salmo 6 pero ten en realidade un carácter introductorio ao do conxunto dos salmos

178. Sutherland (2010, 21 n. 23) ofrece a versión en inglés moderno deste fragmento.

179 Sutherland 2010, 18-19, 32

> [Se me tivese achegado aos pés do Señor coa benaventurada María Madalena, tería regado eses pes coas lágrimas da contrición][180]

Sería interesante explorar o tratamento da penitencia de David na literatura homilética na procura de estratexias similares baseadas na figura do Rei bíblico. En calquera caso, o proceder do autor deste discurso sobre Madalena permite encarar as miniaturas do Rei arrepentido como unha invitación similar dirixida á persoa devota a penetrar no seo da escena, co obxecto de rezar, meditar, chorar -e facelo "permanecendo con David", como aconsellan as palabras de Eleanor Hull-. Unha invitación, en definitiva, a implorar a misericordia divina a través da figura do rei arrepentido, ou xunto con el, no seu espazo.

E se a persoa que observa a imaxe pode identificarse con David na práctica da última etapa da penitencia -a satisfacción mediante a expiación- determinadas ilustracións permiten ademais a súa identificación con el no cumprimento doutro precepto máis específico, relacionado coa segunda etapa. Porque a confesión, tal e como prescriben os teólogos e instrúen os manuais, debe ser, entre outras cousas,*integra*[181],, e isto implica, antes de nada, a rememoración polo miúdo dos propios pecados, sexa a través do autoexame previo á confesión, sexa a través dun exame inducido, resultado da interrogación do sacerdote ao penitente en base ás listas dos Dez Mandamentos, os sete Pecados Capitais, os cinco sentidos ou as Obras de Misericordia[182]. As palabras do *Breve confesionario* -obra que, como vimos, traduce textos moi difundidos do beneditino portugués Andrés Díaz de Escobar[183]- o explican con insistencia no capítulo titulado "*En que manera es de fazer la confesión*":

---

180 O texto está contido nun manuscrito custodiado na Biblioteca Vaticana (Cidade do Vaticano, BAV, MS Vat. lat. 1251, f.16r). Menciona o códice e ofrece a tradución do texto latino -que eu adaptei ao galego- Katherine Jansen (1995, 11).

181 *Integra* é o termo latino empregado nas listas de condicións da confesión que prescriben os teólogos e foron vulgarizadas en poemas mnemotécnicos. Bella Millet (1999) referencia e examina moitos textos que recollen estas listas de condicións da confesión.

182 Robert W. Ackerman (1962, 547) chama a atención sobre o feito de que o material de instrución en linguas vernáculas servía tanto aos cregos -en tanto manuais de teoloxía pastoral- como aos laicos capaces de ler – que os utilizaban como apoio nas súas devocións privadas e para preparar a confesión-.

183 Gago Jover 1999, 43

El que se deve confesar primeramente deve pensar los pecados que fizo contra el próximo e hermano, e ***de todos*** *se debe confesar, e* ***ningunos pecados dexe*** *por confesar* ***si se puede acordar***[184]

Lembremos que este proceder ten na súa base unha disposición de ánimo humilde, entendido o termo no seu sentido máis fondo -o coñecemento de si mesmo, tal e como sentenciou San Bernardo[185]. Polo tanto, aquelas ilustracións nas que o rei en oración se ve rodeado de viñetas que acollen escenas dos seus pecados, ás veces de forma pormenorizada (Episodio Betsabé/Urías) ofrecen a quen observa unha pauta a seguir e un método: a rememoración ("*si se puede acordar"*) mediante a evocación mental dos pecados. E naquelas miniaturas nas que están representados os pecados capitais, a invitación a lembrar co rei as propias faltas vese aínda máis acentuada, pois proporciona a oportunidade de repasar -como se faría acudindo a calquera manual de confesión de uso privado- de que xeito se pecou contra cada un deles.

Nas grandes portadas do Xuízo Final de Notre Dame e Amiens, Rocío Sánchez Ameijeiras viu un proceso de amplificación do sermón penitencial visual nos ciclos de Vicios e Virtudes representados nos zócalos, que *"invitaban al creyente a examinar su conciencia, a recordar sus faltas con la ayuda de las imágenes, y conminaban al arrepentimiento y a aceptar y cumplir la penitencia"* [186]. No minúsculo escenario de devoción privada que se abre no libro de horas esta función recaería fundamentalmente, ademais de nas imaxes dos sete vicios -non moi frecuentes, como vimos, nestes códices-, nas escenas de transgresión que acompañan a figura de David en actitude devota que nos presentan algunhas iluminacións dos Salmos Penitenciais. Esta sería, ao meu ver, a natureza de moitas das ilustracións que conxugan as figuras de David pecador e arrepentido, en particular aquelas nas que o Rei bíblico en actitude devota constitúe a escena principal da ilustración e o reconto gráfico das súas falcatrúas relégase aos espazos secundarios, algo que -se nos atemos ao corpus obxecto desta tese- acontece na maior parte das iluminacións que conteñen estas escenas (máis do 60%). Estas iluminacións, que normalmente presentan as transgresións de David en espazos marxinais acoutados e fisicamente separados da composición do propio Rei arrepentido, deben ser lidas, ao meu

184 *Ibid.* 124

185 Epígrafe 4.2.1.1

186 Sánchez Ameijeiras 2014, 111

xuízo, antes que como unha narración continua que comeza polo pecado e culmina coa penitencia (tal e como adoitan ser interpretadas tradicionalmente, nunha óptica que se resume na expresión de Roger Wieck *"David's penance before God is the last event in this sketch of his career"*[187]), máis ben en sentido contrario: comezando polo Rei arrepentido e finalizando nas escenas das súas faltas, remontando, como el, ata o tempo en que se produciu a transgresión, nesa necesaria lembranza exhaustiva dos pecados a que estas imaxes incitan, e que os manuais de confesión e as paráfrases sobre os sete salmos recomendan. Tal e como fixo, no prólogo da súa, Richard Maidstone:

> *To the praise of God who redeemed [us at a high price],*
> *To whom we ought* ***to make remembrance***
> ***Of our sins*** *that we have committed*
> ***In youth and in old age****, very many a one;*
> ***The seven psalms are thoroughly examined***
> *To the shame of all our spiritual enemies,*
> *And they have been translated into English*
> *[In order that sin in man might be defeated]*[188]

Mesmo en ilustracións nas que as escenas relacionadas co pecado conviven coa figura do rei rezando, en composicións que poderían verse como narracións continuas, cabe realizar, ao meu xuízo, o percorrido contrario, aquel que implica a rememoración. Temos un exemplo disto na miniatura que encabeza o salmo *De Profundis* nas *Très riches heures do Duque de Berry* (Chantilly, Musée Condé, MS 65, fol. 70r) (cat-371). Localízase outro exemplo que permite intuír este proceder nun manuscrito francés de factura humilde datado a finais do século XV, cuxas pinturas François Avril describiu como "*médiocres*"[189]. Amósase alí na primeira páxina dos Salmos Penitenciais a David rezando nun patio ou xardín ao que se accede desde unha estancia en cuxo interior percíbese o cadáver dun home no chan (París, BNF, Latin 1182, fol. 83r) (cat-1081). É probable que con esta figura se pretendese representar a Urías, por máis que a morte do esposo de

187 Wieck 1988, 99

188 Adaptación en inglés actual do texto de Maidstone por Sutherland 2010, 27

189 Na ficha que redactou sobre este manuscrito, accesible no Fichier Avril, dixitalizado na BNF: https://gallica.bnf.fr/ark:/12148/btv1b10000504b/f1443

Betsasbé, segundo o relato bíblico, aconteceu no campo de batalla[190]. En Nova York, PML, MS M.117, fol. 91r (cat-791) a estratexia visual é a mesma, pero se invirten os espazos e os tempos, pois nela é David quen, extemporaneamente, se sitúa no campo de batalla onde xace o cadáver do esposo de Betsabé. Que en manuscritos de carácter máis ou menos rutineiro como estes se acuda a semellantes artificios fai pensar que o público destas imaxes debeu estar familiarizado cunha lectura da figura David como pecador arrepentido que recorda e evoca, e estas escenas ou personaxes relacionados cos seus pecados concibidas como unha rememoración do rei, polo menos na mesma medida que como figurantes dunha narración visual propiamente dita.

Salvando todas as distancias e en todos os sentidos, permítome acudir ao exemplo da figura de Adán que Rosa Alcoy viu na táboa central do Xardín das Delicias de Bosco, obra na que estaría evocado "*un pasado potencial que hubiese sido permitido pero plausible pero que nunca llegó a existir si no fue en el pensamiento fugaz o en la reflexión momentánea y torturada del primero de los hombres*"[191]. Un xesto de certo parecido co aceno meditativo que adopta Adán nesta pintura mostra David nunha miniatura sobre a que chamou a atención Harvey Stahl[192]. Ilustrou, varios séculos antes, unha Biblia moralizada, e nela amósase o Rei sentado, coa cabeza pousada na man, observando a Expulsión do Paraíso (París, BNF, Latin 11560, fol. 2r, medallón superior da columna dereita). O seu xesto faise eco, ademais, do do propio Adán na mesma miniatura, sendo apremado polo Anxo. David non está vendo a escena da Expulsión, suxire Stahl, senón reflexionando sobre ela (e o paralelismo visual co xesto de Adán na mesma imaxe invita a pensar que a reflexión sobre o pecado do primeiro pai condúcelle a facer o propio sobre as súas faltas). Stahl acudiu a esta ilustración como chave para desentrañar unha das capas de significado que, na súa opinión, poden extraerse da iluminación da inicial do *Beatus vir* no *Salterio de San Luís*. Na célebre miniatura, Michael Camille diferenciara previamente unha visión corpórea -a que adopta David mirando cara abaixo, en dirección a Betsabé espida- doutra espiritual, que ten lugar cando David alza a ollada cara a Cristo na mandorla[193]. Harvey Stahl considera dúas posibles lecturas, unha a de Michael

190 Outra posibilidade é que o cadáver faga alusión ao episodio da peste sobre o pobo de Israel, pero todos os exemplos do corpus en que se ilustra este relato o pobo xudeo esta sempre representado mediante as figuras de varios mortos (París, Bibliothèque de l'Arsenal, Ms-1191 réserve, fol. 47r) (cat-1034).

191 Alcoy 2020, 181

192 Stahl 2008, 199-200.

193 Camille 2005, 9

Camille, que se faría comezando pola parte superior da letra B, e unha segunda interpretación partindo da parte inferior. Nesta última, a aparición de Cristo actúa, segundo Stahl, como unha guía que conduce a meditación do Rei cara a visión de Betsabé como *Ecclesia*, derivada da esexese patrística sobre o episodio do Baño. En opinión de Stahl, o acto penitencial de David consistiría, precisamente, na propia meditación, na que a imaxe actúa como guía que leva o rei "desde a memoria do pecado ata a penitencia" ("*Bathsheba guides the king from the memory of sin to penitence*"[194].

Situadas nun plano artístico moito máis modesto e carente da sofisticación das dúas obras mencionadas no parágrafo anterior, as escenas que acompañan o Rei arrepentido nalgunhas iluminacións dos Salmos Penitenciais deberían ser lidas tamén, ao meu xuízo, como froito da reflexión de David, nun acto equivalente ao exame de conciencia. Nunha porcentaxe significativa das imaxes ás que me refiro, ademais, as escenas do pecador conviven nos espazos marxinais da páxina coas do mozo que venceu o xigante (exemplo: (Nova York, PML, MS M.1160, fol. 81r) (cat-926). Á lectura desta escena como prefiguración da vitoria do rei sobre o mal -a interpretación tradicional- ou á visión da soberbia encarnada en Goliat -que suxerín no capítulo precedente- pode engadirse, visto desde a óptica dun rei que examina a súa conciencia, unha glosa adicional. Ao tempo que David lembra as súas feblezas recorda tamén o seu triunfo sobre Goliat coa axuda de Deus, e esta evocación estaría destinada a reforzar a súa confianza na misericordia divina. O episodio da súa infancia tería para David arrepentido unha función similar á que o propio monarca e outras figuras bíblicas desempeñaron como estímulo da práctica penitencial, recomendados como exemplos a ser utilizados polos confesores para dar seguridade e axudar a desterrar os temores de quen afronta a confesión:

> *Conforte el confesor al confesante en esta manera: (...) iten. Como Sant Pedro negó a Ihesu Cristo; iten, que Sant Paulo perseguía a Ihesu Cristo; iten, cómo el sancto David fizo el homicidio; e del pecado de Sancta María Magdalena; (...) empero que todos estos, aunque fueron pecadores, fueron sanctificados...*[195]

[194] Stahl 2008, 198

195 Fragmento do *Breve cofesionario* que, cabe recordar, é tradución de obras de Andrés Díaz de Escobar que gozaron de ampla difusión (Gago Jover 1999, 149)

O lector ou lectora do libro de horas puido ver así reforzada, tamén no ámbito da súa práctica devota privada, a mensaxe recibida a través do sermón, ou por medio do diálogo co sacerdote no confesionario, pois dispoñía nas páxinas dos Salmos Penitenciais do seu códice da imaxe dun daqueles pecadores bíblicos que, malia os seus graves crimes, *fueron sanctificados.*

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 5. A PAISAXE PENITENCIAL

Se David en actitude devota está presente dun xeito ou doutro (como ilustración principal ou secundaria) en practicamente a metade das iluminacións do corpus, aproximadamente nun 50% destas aparece emprazado nun medio natural silvestre. Os Salmos Penitenciais constitúen, pois, un observatorio privilexiado da paisaxe penitencial, e da imaxe de David situado neste ámbito en particular. A continuación abordarei as interrogantes que suscita a característica estampa de David en actitude devota no medio da natureza e as súas variantes máis peculiares, particularmente a que presenta o Rei bíblico metido nun burato ou foxo. En segundo lugar, a partir do exame da serie de imaxes de David que ofrece o corpus, propoño unha sorte de inventario de motivos que conforman, ao meu ver, unha auténtico glosario figurativo da paisaxe penitencial nestas iluminacións.

5.1.- O ENIGMA DE DAVID NUNHA PAISAXE AGRESTE, OU METIDO NUN BURATO OU DIANTE DUNHA COVA

A imaxe de David na natureza e afastado do seu pazo ou da cidade de Xerusalén, a máis habitual do Rei nos libros de horas desde os inicios do século XV, non ten xerado intentos de explicación por parte da maioría de quen a describen, dándose a entender que ten o seu fundamento na narración bíblica. Algúns autores incluso o afirman explicitamente. A falta de explicación sorprende sobre todo no caso daquelas ilustracións máis pintorescas nas que David se amosa orando ao lado dunha cova, ou introducido nun burato, ou xorde dunha fractura xeolóxica. Estes aspectos son ignorados tamén, xeralmente, nas descricións das imaxes nos recursos, mesmo os que detallan textualmente o contido das miniaturas[1]. Nalgúns casos, a imaxe de David nun burato descríbese como "David de xeonllos", mesmo cando a figura do rei aparece a todas luces enterrada ata altura dos cadrís[2]. E nalgunha contribución descríbese o rei bíblico en imaxes deste tipo

1 Rexistros que indexan detalladamente as miniaturas na base de datos Initiale, por exemplo, tenden a describir a figura de David saíndo dunha greta na terra cos termos "*agenouillé*" ou "*genou en terre*", por mais que o seu vocabulario conta co descritor "*fracture géologique*" que si encontrei empregado en dous casos para a imaxe que nos ocupa (consultada a base de datos 30.11.2022).

2 Véxase a descrición, baseada nun rexistro creado polo IMA, da miniatura Nova York, PML, MS M.356, fol. 31r (cat-859) na base de datos da Pierpont Morgan Library: David aparece descrito como "*kneeling*". En xeral, as imaxes de David nun burato aparecen así descritas nos rexistros de PML, e cando David ten un pé fóra do burato, consígnase ás veces como "*kneeling on one knee*". Alexa Sand (1999, 52) describe

como “de medio corpo” ou “en busto”. Incluso se afirma explicitamente que o enterramento ou a cova presente nalgunhas ilustracións de David inspíranse “directamente” no texto bíblico[3].

5.1.1. Un marco espacial de dubidosa procedencia

Se atendemos aos dous relatos bíblicos dos pecados de David cabería considerar que as imaxes do Rei afastado nun medio silvestre encaixan mellor no relativo ao suceso vivido con Betsabé relatado en II Samuel 12, que menciona un retiro como acto de expiación do rei pecador. O que o texto bíblico indica concretamente é que, unha vez que o seu neno enferma -castigo que xa lle anticipara Natán- David se retira aparte (*ingressus seorsum*), fai xexún e xace sobre a terra *(iacuit super terram*), e que os cortesáns da súa casa esfórzanse por facelo levantar e comer, ao cal el se nega, ata que o neno morre[4]:

---

como “*David kneeling and repentant*” a figura do rei enterrado case ata a altura do peito nun prominente montículo de terra na miniatura do *incipit* dos salmos no Salterio-Horas de Yolande de Soissons (abordo esta miniatura no epígrafe 5.1.2. da tese)

3 Roger Wieck (1997, 93) ao dar unha posible explicación da imaxe de David nunha greta ou fochanca do terreo parece dar por sentado que David se retirou a unha cova *(“he kneels in a kind of valley or trench, a reference to the cave to which he retired”*). Josefina Planas (en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 78) escribe: “*David emerge de las regiones tenebrosas de la tierra, en alusión a la* ***cueva a la que se había retirado para expiar sus faltas****. La fuente textual de este tema se inspira* ***directamente*** *en el Libro de Los Reyes (II, XII, 16-17) relato que reproduce los amores del rey de Israel con Betsabé, la vil estratagema del monarca para deshacerse de Urías, esposo de Betsabé y la enfermedad del niño engendrado en adulterio. Ante semejante cúmulo de adversidades, David* ***se enterró*** *a la espera de salvar a su hijo de la muerte*” (os subliñados son meus). Noutra páxina deste libro, a mesma autora describe unha figura de David que está, ao meu ver, tamén semienterrado (el e a súa arpa), como representado “de medio corpo” (J. Planas en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 281). Nesta mesma obra, Javier Docampo (J. Docampo en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 104), comentando a ilustración dos Salmos Penitenciais de Madrid, BNE, MSS/21547, **fol. 103r (imaxe 257)** (cat-634) e destacando a súa paisaxe como o máis interesante da ilustración, describe esta como “*dos formaciones rocosas*” sen reparar en que no centro, David aparece metido nun burato e está representado no momento do saír del, axudándose dunha man pousada no borde da fosa. Por se coubese algunha dúbida sobre se se trata dun burato, baste con sinalar que o autor desta miniatura, o Mestre de Luçon, está relacionado co artífice dunha das máis significativas imaxes de David xurdindo dun burato que pode verse no corpus, unha que xa tratei no capítulo 4 deste traballo (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 400, fol. 77r) (cat-705). Ver ademais no epígrafe 5.1.2 desta tese a visión de Yarza sobre as imaxes de David semienterrado no *Libro de horas de María de Navarra*.

4 Os fragmentos citados a continuación da edición da Vulgata en latín que consultei foron cotexados, -e non detectei variantes- co texto dunha Biblia de século XIII chamada *Biblia de San Luís* (París, BNF, Latin 10426, fols 161r-161v) e outra editada en Lyon en 1538 (*Biblia utriusque testamenti juxta vulgatam translationem*. 1538)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(16-17) *Et ieiunavit David ieiunio, et ingressus seorsum iacuit super terram. Venerunt autem seniores domus eius, cogentes eum ut surgeret de terra qui noluit , nec comedit cum eius cibum.*

Na tradución da Vulgata ao castelán por Félix Torres Amat, publicada en 1824, esta pasaxe queda como segue:

(16-17) *No obstante, David rogó al Señor por el niño, y ayunó con rigor extremado; y retirándose aparte se estuvo postrado en tierra. Fueron a él los más ancianos o principiantes de sus domésticos, para obligarle a fuerza de ruegos a que se levantase del suelo; mas él no quiso hacerlo, ni tomar con ellos alimento.*

Os cortesáns seguen cerca del cando o triste suceso se produce, pois David os oe murmurar. É entón cando se dá conta de que o neno morreu. Érguese daquela, diríxese á casa do Señor e logo volve á súa:

(20) *Surrexit ergo David de terra, et lotus unctusque est : cumque mutasset vestem, ingressus est domum Domini : et adoravit, et venit in domum suam, petivitque ut ponerent ei panem, et comedit.*

Na tradución de Torres Amat:

(20) *Entonces David se levantó del suelo; lavóse y ungióse ; y mudando de ropa, entró en la casa del Señor, y lo adoró. Pasando después a su palacio, pidió que le pusiesen la mesa, y comió.*

O momento no que David se levanta, é perfumado e muda a roupa está representado nunha inicial da parte do salterio nun salterio-horas coñecido como *Salterio Bohun*. A mesma páxina que contén esta inicial presenta outra letra historiada que amosa a David xa sentado á mesa, logo de romper o xexún (Londres, BL, Egerton 3277, fol. 57v). Do texto bíblico – que estas ilustracións seguen ao pé da letra- despréndese que a acción transcorre dentro do pazo ou nun lugar non moi afastado, pois os cortesáns acoden onda o rei mentres este permanece retirado ata que, finalmente, se levanta e o acicalan; expresa ademais con claridade que xace sobre a terra (*super terram*), destaca a práctica ascética

do xexún e diríase que describe unha postura de prostración no chan. Como acabamos de ver, Torres Amat traduciu o texto *et ingressus seorsum iacuit super terram* como: *y retirándose aparte se estuvo postrado en tierra* . A tradución da expresión *ingressus seorsum* por *retirándose aparte* resulta coherente cos usos deste termo noutras pasaxes da Vulgata[5]. Resulta de gran interese comprobar, por outra parte, que xa en versións medievais en castelán para a pasaxe de II Samuel 12, 16 expresouse o texto no mesmo sentido, chegando incluso algunha delas a especificar na redacción que David "entrou" no seu apousento para xacer no chan, ou "entrou" nalgún lugar para xacer e durmir no chan:

> *et Rogo adios | dauid por el ninno/. & ayuno et entro a | su camara et yazie en el suelo* [6]

> *E suplico da|ujd a dios por el njño e ayuno daujd ayunos e entro e du|rmjo e yogo en tierra* [7]

Á vista da interpretación que do texto bíblico se fai nestas versións, nada parece indicar que o retiro de David se producise, tal e como vemos en multitude de imaxes do monarca arrepentido nos libros de horas, a gran distancia da súa residencia. A tradición figurativa oriental relativa á penitencia de David ofrece algúns testemuños que sustentan a lectura que se reflicte nestas traducións. No *Salterio grego de París* (século X) non faltan

---

5 Realicei unha busca sobre o uso do vocábulo *seorsum* na *Vulgata*, (versión ofrecida no recurso en liña *Biblia Medieval* (Enrique-Arias 2008). A procura da raíz "seors" recupera 32 fragmentos bíblicos. Revisados estes, comprobei que o termo emprégase sempre no sentido de "apartar/separar" ou "apartarse/separarse" (apartar un grupo doutro, unha persoa dun grupo, animais, produto(s) ou obxecto(s) doutro(s), separar en conxuntos; poñerse aparte alguén ou algún grupo separados doutros; facer algo en privado). Interesan especialmente 7 fragmentos nos que apartarse implica dirixirse a un deserto, campo, ou lugar solitario: nestes casos *seorsum* sempre está asociado a un termo que precisa o lugar (campo, deserto), o que implica que o vocábulo en por si unicamente indica o feito de apartarse, sen connotación de retiro a un lugar afastado. A pasaxe de Samuel que nos ocupa, a que relata a penitencia de David, carece de substantivo asociado ao vocábulo *seorsum,* o cal redundaría na idea de que o que se transmite é que David unicamente se separou dos demais, tal e como traduciu Torres Amat.

6 Texto recollido tamén en *Biblia Medieval*. O fragmento citado é dunha tradución de varios libros do Antigo Testamento na versión da Vulgata. A tradución remontaría a mediados do século XIII. O manuscrito que a conserva está datado ca. 1400 e depositado na Biblioteca del Monasterio del Escorial: Códice I.i.8 (Enrique-Arias 2008).

7 Texto recollido en *Biblia Medieval*. Fragmento dunha tradución do hebreo considerada de época próxima á do manuscrito que a conserva, datado na primeira metade do século XV e custodiado na Bodleian Library: Canon. Ital. 177 (Enrique-Arias 2008).

iluminacións con escenas ao aire libre nin imaxes do deserto (París, BNF, Grec 139, fol. 422v) pero este medio non se empregou para acoller a David penitente na miniatura que ilustra o salmo 50. O rei emprázase, en cambio, nun ámbito cortesán (París, BNF, Grec 139, fol. 136v). Na ilustración represéntanse dúas escenas nunha narración continua: a do diálogo con Natán, que amosa o Rei sentado no trono, e a seguir a da súa penitencia, só e encrequenado no chan. A principios do século seguinte, no *Salterio de Basilio II* (Venecia, Biblioteca Marciana, ms gr. 17 fol IVv)[8], ambas escenas fúndense nunha, e David aparece sendo amoestado por Natán mentres permanece prostrado no chan ante o profeta. Neste manuscrito, á imaxe de David encrequenado ante Natán no rexistro inferior da miniatura se superpón outra composición na banda superior que amosa a David orando en dirección a un ceo estrelado coas mans separadas. O rei, do que nesta iluminación unicamente se percibe medio corpo, sitúase non moi lonxe dun edificio do que se ve unicamente a cúpula. A diferenza da situación que toparemos tantas veces nos libros de horas do século XV en diante, onde o rei se empraza nun ámbito de relevo abrupto desde o que se enxerga unha zona habitada na distancia, o que neste salterio se ve na distancia non é a zona edificada, senón unha cadea montañosa. Dá a impresión, polo tanto, de que David, estando agora ao aire libre, permanece aínda en Xerusalén, preto quizais do templo, e non parece que se estea a representar o seu retiro lonxe da cidade. Datado varias décadas despois, o Salterio de Teodoro (1066) non axuda a resolver a cuestión, pois David prostrado está separado de Natán, pero sitúase no espazo abstracto e indefinido da marxe en branco do folio, acompañado unicamente da man de Deus (Londres, BL. Add 19352 , fol. 63v**)**.

Tres séculos despois, a iluminación do episodio no *Salterio da Raíña Mary* amosa, como vimos, a David recoñecendo o seu pecado ante Natán (Londres, BL, Royal 2 B VII, fol. 58) [**Fig. 75(1)**]. O rei "ponse na terra" cando está ante o profeta e faino, ademais, diante dunha multitude:

> *... et Davi desterroist de soun see e se mist a terre e se repenta gentment e reconust devant tote le poeple son peche en priant deu mercy*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8 Stahl 2008, 102 fig. 36

Como xa tivemos ocasión de ver no capítulo 3 (epígrafe 3.5.4), a tradición figurativa que presenta a David encrequenado ante Natán reaparece nas iluminacións dos Salmos Penitenciais en libro de horas tardíos. Neles, o Rei amósase nesta posición no interior da súa morada, ás veces acompañado de Natán e outros cortesáns (Nova York, PML, MS M.815, fol. 96r) (cat-894). Pero estas imaxes son máis ben raras, se atendemos á súa frecuencia no corpus. En calquera caso, dáme a impresión de que os artífices destas miniaturas, do mesmo modo que o responsable da iluminación no *Salterio da Raíña Mary*, se deixaron levar pola expresión *super terram*, adiantando no tempo o momento descrito en II Samuel 12, 16 e transformando un acto de expiación para rogar pola vida do fillo noutro de contrición e confesión do seu pecado ante o profeta (*peccavi* de II Samuel 12, 13).

Respecto destes posibles desaxustes que se perciben na tradución visual das alusións bíblicas á contrición e expiación de David neste episodio, resulta digno de atención o xeito en que resolveu o asunto Jean Colombe en dous libros de horas da súa responsabilidade, o *Libro de horas de Anne de France* e o *Libro de horas de Louis de Laval*. O miniaturista francés optou por facer que á imaxe de David prostrado dentro do seu pazo ante Natán lle seguise outra que presenta o Rei bíblico solitario nun medio silvestre, afastado da cidade (no *Libro de Horas de Anne de France*, Nova York, PML, M. 677, fol. 230v e 232v) (cat-887). Colombe recolle así as dúas tradicións figurativas da penitencia *super terram* e, ao combinalas nesta orde, confírelles ademais un sentido que as enmarca con máis coherencia no contexto da práctica sacramental: ao acto de contrición e confesión ante Natán séguelle a terceira parte do sacramento, a satisfacción, cando o pecador se retira a un medio hostil, lonxe da súa morada, para cumprir a penitencia.

Cabe sinalar, por outra parte, que na narración do acto de expiación polo seu outro pecado, o do censo, tampouco se fala dun retiro do rei a un lugar afastado de Xerusalén. A expiación consiste en alzar un altar e celebrar un holocausto. E esta escena, como sabemos, apenas foi representada nos Salmos Penitenciais. Porén, en certas imaxes de David relacionadas co episodio do censo (as de David presenciando o castigo da praga sobre Israel, ou ben interactuando co anxo que sostén tres obxectos ou con Deus empuñando tres frechas) podemos ver o rei tamén situado nun medio natural e agreste, lonxe da civilización (Barcelona, Biblioteca de Catalunya, Ms. 1849, fol. 98r (cat-224); A Haia, KB, 074 G 9, fol. 46v).(cat-5)

Do cotexo do texto bíblico con estas imaxes creo que cabe concluír que o emprazamento de David nunha paisaxe agreste non ten un vínculo firme coa narración bíblica de ningún dos pecados que cometeu e parece que serviu para pintar unha figura de David facendo penitencia válida para calquera dos dous relatos. Conviría polo tanto preguntarse cal é a tradición figurativa ou textual que xustifica estas imaxes de David en actitude devota retirado nun monte, no medio dun campo, acazapado entre rochedos ou axeonllado na beira dun río.

5.1.1.1 Tradición figurativa

Como resultado dalgunhas pescudas que realicei no ámbito da miniatura na procura de antecedentes figurativos para esta imaxe de David solitario nun ámbito agreste cheguei á conclusión -que apunto con todas as reservas- de que as pistas non conducen unicamente a ilustracións dos Salmos Penitenciais ou do relato do pecado de David e Betsabé no Segundo Libro de Samuel, se ben estes textos parece que tiveron un papel relevante[9]. Deixando á parte a imaxe algo ambigua do salterio de Teodoro (1066), que se ben mostra a David ao aire libre, parece máis ben situalo nun medio urbano (a carón daquel edificio con cúpula), dá a impresión de que é no século XIII cando se forxan ou, polo menos, se consolidan, imaxes de David rezando nun ámbito natural, rodeado de elementos vexetais ou sobre un montículo ou capa de terra. As máis temperás que coñezo corresponden a iniciais historiadas dun salterio realizado na área xeográfica de Noyon e datado na primeira década do século XIII (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms 66 (99.MK.48). Unha é a inicial do salmo 68 (fol. 70v), que amosa un motivo vexetal a carón de David axeonllado, e a outra é a iluminación do salmo 101 -un dos sete penitenciais- (fol. 108r), que o presenta tamén axeonllado sobre unha capa de terra apenas visible. Cabe sinalar que Adelaide Bennet viu na iluminación deste códice unha preocupación por reflectir a figura de David como modelo de penitente, retratado no seu esforzo por superar o pecado e arrepentirse. Argumentouno baseándose en que David se mostra a carón dunha figura demoníaca en varias iniciais e no feito da presentación da súa figura axeonllada[10].

9 Esta cuestión merecería en por si un estudo pormenorizado que cae fóra do alcance do presente traballo. O que a continuación expoño constitúe unha simple aproximación inicial á cuestión, froito de indagacións sen pretensión de exhaustividade realizadas fundamentalmente nas bases de datos iconográficas que empreguei nesta tese.

10 Bennet 2004, 214.

No conxunto das imaxes que localicei de David con elementos naturais, segue cronoloxicamente ás de Noyon unha ilustración do *incipit* do texto dos Salmos Penitenciais nun libro de horas datado na terceira década do mesmo século. A miniatura da inicial do salmo 6 neste libro presenta o rei bíblico entre árbores e vestindo cilicio (Nova York, PML, M.0092, fol. 051r) (cat-786). Pouco despois, arredor de 1240, temos as dúas obras do Mestre De Brailes que sitúan a David semienterrado, unha delas no salmo 101 dun salterio e a outra na sección dos Salmos Penitenciais -o 37- no célebre libro de horas xa tantas veces mencionado neste traballo. En suma, a imaxe do rei sobre unha fina capa de terra no salmo 101 do salterio de Noyon e estes outros exemplos tamén temperáns parecen suxerir certo protagonismo dalgún dos Salmos Penitenciais na conformación da imaxe de David orando nun espazo ao aire libre.

Nas décadas seguintes do século XIII non é difícil localizar en biblias e salterios a imaxe de David asociado a plantas ou árbores ilustrando os salmos. En xeral, o que se desprende das buscas que levei a cabo é que se empregou sobre todo no 26 e no 38 e, en menor medida, no 101 e no 68. Que do salmo penitencial 101 haxa menos exemplos pode ter que ver co feito de que este salmo, como marcador de sección, ilústrase unicamente naqueles salterios que recollen a división en dez apartados mentres o 26 e o 38 o están tanto nos que presentan oito como dez divisións. Da ilustración de David acompañado de elementos vexetais nos salmos 26 e o 38 hai bastantes exemplos en manuscritos da segunda metade do século XIII, e se a imaxe ten neles algunha relación co texto ilustrado, unha explicación que se me ocorre é que os motivos naturais se empregasen como un intento de traducir visualmente a alusión que en ambos se fai aos camiños (26, 11: *Legem pone mihi, Domine, in via tua, et dirige me in semitam rectam* ; 38, 1: *custodiam vias meas)*. Se ben no salmo 38 os camiños son metáfora da boca do salmista, resulta digna de mención, pola importancia concedida ao elemento natural, a miniatura dunha Biblia francesa do terceiro cuarto do século XIII na cal, nunha imaxe en extremo sintética, se amosa o rei acompañado dunha única árbore como exclusivos habitantes da inicial deste salmo (Nova York, PML, M.0970, fol. 200r). Máis rara debeu ser a imaxe de David nesta centuria asociado a árbores ou plantas en relación coa ilustración doutros salmos do salterio ou doutros textos bíblicos. Un dos poucos que encontrei é a iluminación do salmo 62 nun salterio do derradeiro cuarto do século XIII, pero neste caso a explicación da escolla é doada, xa que o salmo cita a "*terra deserta*" no terceiro versículo, e quizais por asociación do ermo coa expiación, móstrase a David aquí con aspecto de penitente, vestido con roupas simples e descalzo. A rúbrica na marxe inferior da páxina non deixa

USC DE COMPOSTELA

lugar a dúbidas de que o que se pretendeu é unha ilustración literal, representando a David nun deserto (París, BNF, Latin 10435, Fol 70v).

Entre as imaxes de David asociado a un medio natural en códices da décimo terceira centuria non se pode pasar por alto novamente as do *Beatus vir* do *Salterio de San Luís* (París, BNF, Ms. Lat. 10525, fol.85v) e do Salterio-horas que pertenceu probablemente á súa irmá, Isabel de Francia (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam museum MS 300, fol.XIIIv). Pouco ten que ver a aparencia da natureza nestas iluminacións coa dos exemplos previamente mencionados. Nas dúas iluminacións dos códices capetos a figura de David móstrase orando sobre un montículo ou capa ben visible de terra. No de Isabel poden verse delicados elementos vexetais (flores) no terreo, máis aparentes que a plantiña solitaria que se percibe no de San Luís. No manuscrito de Isabel, a figura de David axeonllado sobre a terra reitérase no resto das páxinas iniciais de cada un dos salmos que estruturan visualmente o salterio. As imaxes que habitualmente abren cada división móstranse neste códice na parte inferior da inicial historiada do salmo correspondente, mentres que David sobre a terra rezando cara a figura de Cristo aparece na parte superior da letra en todas elas. En varias delas, tamén os personaxes da parte inferior se sitúan sobre un manto de terra (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam museum MS 300, fol. 42r). No de San Luís, a superficie terrosa sobre a que está axeonllado David, en cambio, vese unicamente nas miniaturas que inauguran a primeira e a última sección. Cabe supoñer que a presenza de David orando sobre terra a carón da imaxe do Baño estea inspirada, en último termo, na expresión do texto de 2 de Samuel referida á penitencia de David *super terram*, por máis que o alcance desta imaxe nos códices capetos, como xa vimos, vaia alén de ser unha mera ilustración do suceso bíblico. En calquera caso, a reiteración do *humus* en todas as iniciais que abren as seccións no salterio-horas de Isabel de Francia merecería unha análise que respondese á cuestión de por que se insistiu de tal maneira neste códice na figura de David rezando sobre un manto de terra.

As bases de datos iconográficas arroxan menos resultados para o século XIV cando se fan buscas da imaxe de David nun marco natural. Cabe recordar que, polo que se refiere aos libros de horas, a presenza limitada de imaxes de David neste período é debida á preeminencia absoluta da visión intemporal da figura divina na páxina inaugural dos sete salmos. O corpus rexistra escasas imaxes de David orando neste século (9) e máis escasas aínda do rei situado no medio da natureza: tres unicamente, e nas tres asociado a un foxo. En calquera caso, as buscas noutro tipo de manuscritos, ademais de ofrecer

USC DE COMPOSTELA

resultados escasos, non revelan novidades significativas: David aparece neles con árbores, en representacións da natureza que seguen sendo sintéticas, e faino, aparentemente, nas ilustracións dos mesmos salmos[11].

Nos derradeiros anos do século XIV e, sobre todo, a partir de principios do XV, imponse xa a imaxe de David en actitude devota emprazado nunha paisaxe agreste de pleno dereito. Os libros de horas, incluíndoa no comezo dos Salmos Penitenciais, deberon xogar un papel de primeiro orde na súa difusión. Recordemos que ás dúas variantes da iconografía de David nun espazo agreste empregadas como ilustración dos sete salmos ata ese momento -sobre a terra ou nun burato- engádese neste período unha terceira, que amosa o rei preto dunha cova ou gruta, familiar sobre todo en manuscritos italianos.

A partir deste breve e superficial repaso á tradición figurativa da imaxe de David solitario nun ambiente natural ou asociado a elementos vexetais, todo o que me atrevo a afirmar con certeza é que parece estar consolidada na miniatura desde o século XIII en libros de horas pero tamén noutro tipo de manuscritos e como iluminación de diversos salmos ademais dos penitenciais. Se ben estes últimos parecen ter importancia, o certo é que a imaxe acompaña tamén textos que non conducen a unha lectura penitencial das iluminacións. Especialmente os que reproducen dous tipos iconográficos do rei característicos da inauguración de dúas seccións do salterio -o salmo 26 e o 38-: o rei aparece sinalando os ollos, ou a boca e, ademais, acompañado de elementos vexetais.

A outra certeza é que a figura de David rezando emprazado na natureza chega a ser desde os primeiros anos do século XV unha das ilustracións preferidas para os Salmos Penitenciais. E que o marco natural que acolle o rei desde os inicios da décimo quinta centuria deixa de ser unha composición sintética para converterse, en moitas ilustracións, nunha representación paisaxística ambiciosa. Ademais, David sitúase en moitos casos a notable distancia do seu pazo ou da cidade de Xerusalén, visibles ao lonxe no horizonte que se albisca nas ilustracións. É posible que estes panoramas de máis alento estean relacionados con circunstancias como a maior envergadura das miniaturas que conteñen estas composicións, ou coa propia evolución da representación paisaxística. Estas circunstancias terían favorecido o desenvolvemento daquel exiguo manto de terra ou par de árbores constrinxidos nas iniciais ou viñetas -a maioría de reducidas dimensións- nos

11 Encontrei as imaxes de David con árbores ilustrando os salmos 26 e 38 nun salterio elaborado posiblemente en Bruxas na primeira metado do seculo XIV (A Haia KB, 135 E 15) e nunha *Bible historiale* datada ca. 1320-1330 (Nova York, PML, M. 323, Fols 6r e 9r).

salterios e biblias do século XIII, para chegar aos amplos horizontes posibilitados pola disposición da miniatura a páxina completa ou a media páxina nos libros de horas do século XV, con espazos inzados de árbores, arbustos, rocas, terreos crebados ou relevos montañosos.

5.1.1.2.- Tradición literaria

Respecto da eventual existencia de fontes literarias á marxe da Biblia que xustifiquen as imaxes de David arrepentido emprazado nun ambiente silvestre, diante dunha cova ou nun burato, debo sinalar que a indiferenza bibliográfica que se percibe en xeral sobre esta cuestión presenta unha excepción notable. Charles Huttar, académico procedente do ámbito dos estudos literarios e autor que seguen as persoas que analizaron as ilustracións dos Salmos Penitenciais máis polo miúdo, como Margaret Owen ou Clare Costley King'oo, fixo un meritorio esforzo por rastrexar a orixe destas imaxes[12]. Huttar fai referencia a algunha lenda musulmá medieval que, se ben non se relaciona co episodio de Betsabé, alude a unha penitencia de David no deserto por tres anos, vestido con roupas simples de la. Aduce tamén lendas da tradición rabínica que falan así mesmo dunha penitencia de tres anos, desta vez si vencelladas ao episodio de Betsabé pero no contexto dunha fábula de signo moi diferente[13]. Huttar menciona así mesmo a epístola 77 de Xerome e dous textos de Petrarca, un en latín -*De vita solitaria* (escrito arredor de 1346-1356)- e outro en italiano -*I Trionfi* (que comezou a compoñer quizais arredor de 1352-1353 e nos que traballou ata data da súa morte en 1374)[14]-. Algunhas obras posteriores mencionadas por este estudoso resultan xa tardías para ser tidas en conta en relación coas orixes da imaxe, se ben, como xa vimos e aínda veremos, isto non exclúe o seu interese para afondar na comprensión destas iluminacións[15].

Convén deterse particularmente nas dúas obras de Petrarca mencionadas por Charles Huttar, debido ao gran interese que ofrecen, ao meu xuízo, para enfocar a lectura das imaxes dos Salmos Penitenciais. O breve fragmento que o poeta italiano dedica a

12 Huttar 1980.

13 *Ibid.* 41. Desgraciadamente, o autor non proporciona datos máis concretos nin unha cronoloxía destas lendas.

14 *Ibid.* 47.

15 Refírome especialmente á paráfrase dos sete salmos de Pietro Aretino e a un texto do impresor Caxton que tratarei máis adiante, no epígrafe 5.1.2.1.

David na súa obra dedicada á vida solitaria resulta, desde o meu punto de vista, extraordinariamente revelador, pois deixa ver ata que punto o retiro de David a un medio agreste resulta ser, desde a óptica de Petrarca, un aspecto consubstancial á personalidade do rei bíblico, un trazo que vai máis alá dos sucesos biográficos. Da mesma maneira, a figura de David na soidade en moitas iluminacións cobra, á luz dunha lectura atenta deste texto, un cariz novo que leva a ver nelas algo máis que unha ilustración do desenlace do relato das súas faltas. Porque nesta obra, e en apenas unhas liñas, o poeta italiano fai referencia a varias estancias de David no deserto. Comeza presentándoo como un personaxe que nun momento indefinido da súa vida, e presa de temor pola morte -"*atemorizado con el gran miedo de la muerte*" en palabras dunha adaptación moi libre en castelán editada en 1553[16]-, foxe da cidade e decide permanecer retirado, agardando que o Señor o alivie do tormento das súas tribulacións. Se toma a decisión de fuxir é porque lembra as súas experiencias positivas no deserto na súa vida pretérita, a saber, alí foi unxido e alí triunfou sobre Saúl ata dúas veces (cando lle cortou o manto, estando en Engadí -I Samuel, 24-, e cando lle arrebatou a lanza e a xerra de auga estando o rei de Israel no seu campamento -I Samuel, 26-). E dúas veces a maiores triunfou no ermo sobre un adversario aínda máis temible, as súas propias paixóns[17]. Probablemente o maior interese deste texto á hora de considerar as ilustracións de David nos Salmos Penitenciais sexa o empeño de Petrarca en denigrar a vida mundana que representa Xerusalén, cidade concibida como o lugar onde o rei encontrou a oportunidade de pecar. O poeta italiano cita as palabras do propio salmista (os versículos 11-12 do salmo 54) para asegurar que cando decide finalmente fuxir da cidade é porque ve "sobre os seus muros a iniquidade" e porque considera que "non se apartan das súas prazas a usura e o engano". A lectura desta pasaxe trae inmediatamente á mente as ilustracións de David axeonllado nun ambiente agreste, afastado dun conxunto de edificacións visibles no horizonte, urbes amuralladas en certos casos. Se este texto ofrece unha nova óptica para afrontar algunhas destas imaxes é porque nel se subliña o feito de que David, nesta etapa serodia da súa vida, foxe da urbe como precaución, a priori, para non pecar, e non co obxectivo de penar, a posteriori, pecados xa cometidos (non se trataría dun deserto expiatorio, polo tanto, senón protector): "Con toda xustificación, pois, fuxía dos perigos e males da cidade, e

16 *Tratado del clarissimo orador y poeta Francisco Petrarcha que trata de la excelencia de la vida solitaria*...1553, fol. 85v.

17 Petrarca 2021, 137-138.

apresurábase á seguridade e ventura da soidade"[18]. As imaxes de David afastado da urbe inscribiríanse así no marco máis amplo dunha apoloxía do retiro existencial, non circunstancial, e tamén no dese discurso en contra da vida urbana que impregna esta obra de Petrarca. Resulta tentador, por outra parte, acudir a este texto de *De vita solitaria* e a súa alusión a unha suposta decisión de David de fuxir da cidade na súa vellez para explicar as incongruencias que amosan algunhas ilustracións entre a idade relativamente nova de David no momento de pecar con Betsabé e o seu aspecto avellentado no momento de penar en soidade (ver exemplos no cadro 7 do capítulo 3). No final do capítulo anterior desta tese suxerimos que as imaxes dos Salmos Penitenciais nas que se amosan imaxes dos seus pecados podían enfocarse como representación do pecador que, a través da rememoración das súas faltas, fai o exame de conciencia. O texto de Petrarca fálanos dun home ancián que rememora e ten saudades do propio deserto. Neste capítulo (epígrafe 5.2.8) veremos algunhas imaxes da que podería ser esta outra ensoñación do Rei na última etapa da súa vida.

Sobre a óptica do retiro que ofrece Petrarca cabe facer un último apunte en relación con algunhas iluminacións do corpus. *De vita solitaria* é unha obra que transmite ao longo das súas páxinas unha visión idealizada da soidade como un lugar fértil e ameno, e isto tamén ten a súa tradución visual nalgunhas imaxes de David nos Salmos Penitenciais. A diferenza do que acontece en certas miniaturas que ilustran este texto e nas cales -como veremos máis adiante- a natureza que rodea a David apunta ao ermo dos ascetas, noutras imaxes o lugar do retiro amosa un cariz certamente vivificante. Sucede así, por exemplo, nun manuscrito boloñés datado en 1497 no que o retiro do Rei arrepentido ten lugar nun eido de verdor luminoso e frescura reconfortante, cuxa harmonía se ve acentuada pola conxunción do fermoso ton azulado da indumentaria de David e o do relevo na distancia. A paisaxe ofrece nesta iluminación un poderoso contraste co ermo árido que acolle o ermitán Xerome no segundo plano doutra iluminación que precede a de David uns folios antes no mesmo manuscrito (Nova York, PML, MS M.53, fol. 1v e fol. 99v) [**Figs. 168 (1)** e **(2)**]. Exprésase así aquela dozura da soidade na que insiste Petrarca e que se recolle nunha inscrición que acompaña a Tebaida no fresco do Triunfo da Morte no Camposanto de Pisa, obra de Buffalmaco:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

18 Petrarca 2021, 138.

Quïeta sancta et pura solitudine,
Quanto se'dolce ad quei che ti conoscono![19]

En contraste con esta visión idílica da soidade en xeral e do retiro de David en particular que nos ofrece Petrarca en *De vita solitaria*, o mesmo autor propón en *I Trionfi* un enfoque radicalmente diferente da penitencia de David logo de ser vítima da súa paixón por Betsabé, nun fragmento que resulta moi atinado para ser cotexado cunha das variantes da imaxe do Rei bíblico da que contamos con numerosos exemplos nas miniaturas dos Salmos Penitenciais. Nesta obra, o poeta dedica uns versos a David como vítima do maléfico amor, impulsor de actos cuxas consecuencias o rei tivo que penar, e indica con precisión que a expiación aconteceu nun lugar "oco e escuro":

Poi vedi como Amor crudele e pravo
vince Davìt, e sforzalo a far l'opra
onde poi pianga in loco oscuro e cavo[20]

Antonio Obregón, que realizou a primeira tradución completa ao castelán de *I Trionfi* - publicada en 1512 xunto cun comentario á mesma de Bernardo Illicino- verteu os versos ao castelán do seguinte xeito:

despues mira quan malvado
es amor quanto duro:
David, de él vinto y forçado
obra hizo: que llorado
despues ovo en cabo escuro[21]

E traduciu a frase de comentario a este fragmento como segue:

19 Reproduce o texto Lina Bolzoni (2009, 31). Esta autora fixo unha análise certera do discurso moral neste fresco e da expresión dese discurso a diferentes niveis en función do status cultural e social do público destinatario (Bolzoni 2009, 3-34).

20 Petrarca 2003, 138

21 Obregón 2012, 84

Y tras éstos mira a David vencido en qué manera obró contra la razón, que le fue forçado después hazer muy gran penitencia de ello en lugar muy escuro y espantoso[22]

Se o texto de *De vita solitaria* serve para ensanchar o alcance conceptual da soidade de David retirado en vastos espazos silvestres afastados da urbe -outorgándolle ao seu retiro un carácter case existencial-, o dos *Triunfos*, en troques, ofrece un equivalente literario das covas ou buratos onde David reza noutras ilustracións. Trataríase dun equivalente literario e non dun texto inspirador, porque, polo menos polo que se refire ás ilustracións de David semienterrado, hai que recordar que contamos con exemplos anteriores máis de cen anos ao da publicación da obra de Petrarca (o libro de horas e o salterio ilustrados por De Brailes, datados en torno a 1240, e o *Salterio-horas de Yolande de Soissons*, entre 1290 e 1297). Tampouco na súa alusión á escuridade foi orixinal o poeta italiano, pois xa Xerome na súa epístola 77 declarara que David, logo de pecar con Betsabé, levou a cabo actos expiatorios, "buscando a luz nas tebras" (por máis que esta escuridade probablemente tivese, no texto do Padre da Igrexa, unha intención metafórica)[23].

En relación coa imaxe de David na entrada dunha gruta cómpre ter en conta, así e todo, outra peza deste quebracabezas que supón o conxunto de imaxes do rei bíblico situado na natureza. Como acabamos de ver, Petrarca concede gran importancia no texto de *De vita solitaria* aos sucesos vividos por David no deserto con Saúl, sendo precisamente "na soidade das covas onde o rei mesmo, que o odiaba sen remisión, caera dúas veces nas súas mans"[24]. O corpus contén algún manuscrito no que se empregaron como ilustración dos Salmos Penitenciais escenas relacionadas coas peripecias da persecución de David por Saúl, e máis concretamente as que cita Petrarca (Vienna, Österreichische Nationalbibliothek, S. n. 13239, imaxes 261 e 273) (cat-1272). Pero nelas non se pintan covas, senón tendas de campaña. Si se mostran grutas, en cambio, no códice das *Belles Heures do Duque de Berry* (cat-946). Este manuscrito contén dúas iluminacións nos Salmos Penitenciais (o 101 e o 129) que presentan dous personaxes metidos dentro dunha caverna, nunha escena que se ten posto en relación con estas

22 *Ibid.*

23 Xerome 2013, 842-843.

24 Petrarca 2021, 137.

narracións bíblicas relativas aos desencontros entre David e Saúl no deserto[25] [**Figs. 191(1)** e **(2)**].

Alén das que menciona Petrarca en relación cos dous episodios de triunfo de David sobre o rei de Israel, o texto bíblico menciona outras covas onde David se ocultou dos exércitos de Saúl. Trátase do suceso que tivo lugar cando estaba no deserto de Adullam (relatado en I Samuel 22, 1-2). Na tradición oriental da ilustración deste episodio, con exemplos en salterios que remontan, cando menos, aos arredores do ano 1000[26], David aparece no interior dunha cova, prostrado e en actitude devota na ilustración dos salmos 56, 13 e 141 -a cova menciónase no título de dous deles-[27]. Resulta revelador de que xeito na ilustración dun destes salmos -o 141- nun salterio italiano da segunda metade do século XV, esta figura de David prostrado no interior da gruta que se amosa nos salterios bizantinos se transforma na dun santo devoto, humildemente axeonllado ás portas da cova, tal e como adoita aparecer o rei bíblico nos Salmos Penitenciais (Roma BAV, Vat.lat.3467, fol. 166v). Na articulación deste salterio empregáronse ademais outras imaxes de David tomadas da tradición da ilustración dos sete salmos (sentado no chan -fol. 1r- e axeonllado nunha depresión do terreo -fol. 98r-). A tradición iconográfica da representación dos lances vividos por David na súa confrontación con Saúl puido contribuír, polo tanto -directa ou indirectamente- a favorecer a creación da imaxe (e do relato) dun personaxe que no texto bíblico viviu a experiencia de meterse en covas no deserto xa en etapas precoces da súa vida.

Do breve panorama sobre a tradición figurativa e literaria esbozado ata aquí nun intento de aproximación a xénese das imaxes de David ao aire libre podemos concluír, ao meu xuízo, que a estampa de David rezando nun medio natural –inclúa este ou non un burato ou unha cova- é demasiado esvaradía como para pensar nunha fonte visual ou textual determinada, aparentando ser, máis ben, froito da confluencia de múltiples factores. O que resulta evidente é que foi moi popular nas ilustracións dos Salmos Penitenciais nos libros de horas, e que este é o único contexto no que se pode considerar con certeza que fose lida en clave penitencial. Parece sensato pensar, por outra parte, que dalgún xeito tivo que verse enriquecido ou deturpado o texto bíblico para que o público

25 Así o consideraron Timothy Husband (2008, 132-134) e Wendy Stein (Stein 2010) Volvo sobre estas imaxes das *Belles heures* algo máis adiante, no epígrafe 5.2.6.

26 Donet 2018, 226-228.

27 O salmo 141 leva por título "*Intellectus David cum esset in spelunca, oratio*" e o 56 "*David in tituli inscriptionem, cum fugeret a facie Saul in speluncam*"

contemporáneo destas imaxes, cando aparecen nos libros de horas, chegase a encaixar nos relatos bíblicos de Samuel e Crónicas ese retiro extremo de David que mostran as ilustracións. Neste sentido, a especulación sobre a orixe e difusión da variante máis concreta -e máis específica dos Salmos Penitenciais- de David metido nun burato que propoño a continuación quizais podería facerse extensiva á imaxe máis xenérica de David situado simplemente nun medio agreste cando ilustra o texto dos sete salmos.

5.1.2. A variante de David nun burato ou semienterrado

A de David orando nun burato ou foxo, fondamente soterrado ou con case todo o corpo fóra -mesmo facendo ademán de saír del- é probablemente a tipoloxía mais curiosa de todas as que poden verse nos libros de horas na sección dos Salmos Penitenciais. Como vimos no epígrafe dedicado á taxonomía do espazo penitencial (3.5.4.3), o corpus deixa patente que a ilustración se empregou durante toda a historia destes manuscritos, desde os máis antigos ata os máis tardíos, e que se difundiu en todos os ámbitos xeográficos onde se produciron os libros de horas, se ben con maior incidencia en certas áreas e períodos. Da popularidade de que debeu gozar é testemuño o seu emprego en libros de horas con iluminacións de ínfima calidade (Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ., Houghton Lib., Typ 553, fol. 93r) (cat-343). Pero a diferenza doutras imaxes de David habituais nos Salmos Penitenciais que foron empregadas tamén noutro tipo de códices e como ilustración doutros textos, así como noutros soportes, -refírome á figura do rei músico ou á de David axeonllado cos atributos abandonados, ou mesmo á que o amosa orando nunha paisaxe agreste, sobre a terra-, a do rei metido nun burato ou semienterrado semella limitarse, salvo moi contadas excepcións, ao ámbito dos libros de horas e ao marco textual dos Salmos Penitenciais[28]. Parece, ademais, que deixou de empregarse dun xeito brusco, coincidindo coa non menos fulminante desaparición deste tipo de códices.

28 Como sempre, só un exame exhaustivo de imaxes noutro tipo de manuscritos permitiría afirmar con mais certeza esta posibilidade que me permito apuntar. Unicamente coñezo dous exemplos na miniatura, ambos en libros de horas, coa imaxe de David metido nun burato e ilustrando un texto nunha sección diferente da dos Salmos Penitenciais: nun salterio-horas inglés do segundo cuarto do século século XV empregouse como ilustración do *Beatus Vir* e nun libro de horas datado c. 1410 e iluminado por un artífice do ambiente de Mestre de Egerton (Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 5, fol 158v), a imaxe aparece no Oficio de Defuntos, pero ilustra o *Miserere*, que, ao fin e ao cabo é un salmo penitencial. Engádense a estes dous casos localizados na minatura a imaxe incluída nunha táboa do pintor Francesco Pesellino á que me referirei máis adiante neste epígrafe.

Do corpus semella deducirse, por outra parte, que mentres as ilustracións de David rezando e situado sobre a terra poden aludir a unha expiación xenérica do rei cando ilustran os Salmos Penitenciais -válida para ilustrar calquera dos episodios das súas faltas-, a do rei nun burato estaría asociada exclusivamente ao Episodio Betsabé/Urías. Así se deduce dalgúns textos que a continuación veremos, e das ilustracións compiladas onde aparece. Resulta significativo, por exemplo, que nestas últimas case nunca se amose o Anxo do Señor, vencellado exclusivamente -alomenos no texto bíblico- ao episodio do censo: das 101 imaxes compiladas de David nun burato, só en dous casos aparece o Anxo do Señor enarborando a espada. E en ningunha miniatura das que rexistrei veremos combinada a figura de David no foxo coa alusión aos tres castigos (simbolizados por personificacións ou polos tres obxectos en mans do Anxo do Señor ou de Deus). Resulta significativo, por outra parte, que un dos escasos exemplos que localicei de David metido nun burato como ilustración dun texto diferente do dos Salmos Penitenciais a figura se mostre, precisamente, na ilustración do salmo 50 (o que alude no seu título, recordemos, ao pecado con Betsabé)[29].

A pesar da súa relevancia numérica -que este corpus contribuirá, espero, a poñer de relevo-, a de David nun foxo ou semienterrado é uha variante iconográfica do Rei bíblico sobre a cal se ten pasado de puntas, sendo como é unha ilustración en extremo peculiar que, non obstante, debeu ser bastante familiar para as persoas contemporáneas posuidoras de libros de horas. A explicación desta indiferenza probablemente teña que ver coa dificultade para topar unha xustificación da súa orixe ou para desentrañar o seu significado, máis alá da consideración xenérica de que David metido nun burato está a realizar un acto de expiación física. Así e todo, como veremos a continuación, existe algunha excepción ao desinterese por esta variante iconográfica do rei David, na cal se apuntan algunhas hipóteses sobre a xénese e alcance da imaxe. Polo que á contribución do presente corpus se refire, creo que a visión do conxunto de iluminacións que rexistrei con esta escena, en conxunción coa información que se desprende da lectura de certos textos, permite formular algunha hipótese adicional, complementaria das poucas ideas formuladas sobre a cuestión.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

29 Refírome ao manuscrito do Jean Paul Getty Museum citado na nota que precede a esta

5.1.2.1 Hipóteses sobre a orixe da imaxe

O panorama trazado no capítulo 3 (epígrafe 3.5.4.3.1) deixa a impresión de que estamos ante unha imaxe que aparece aquí e acolá, revestindo formas moi diversas: por unha parte, David amósase fondamente soterrado en iluminacións realizadas en Inglaterra e Norte de Francia no século XIII, na Coroa de Aragón a mediados do XIV, nas atribuídas ao Mestre das Iniciais de Bruselas nos derradeiros anos desta centuria ou primeiros anos do século XV, e nas doutros artífices italianos no derradeiro cuarto do mesmo século; por outra parte, o rei arrepentido preséntase con case todo o corpo fóra do burato, en ocasións incluso facendo ademán de saír del, en manuscritos elaborados no París de principios do século XV, sen que falte algún exemplo italiano, bastantes décadas máis tarde, de David cun pé fóra do foxo. Establecer parentesco formal entre estas imaxes non é doado e, como consecuencia, topar unha lóxica á distribución das súas variantes en diferentes períodos e áreas resulta difícil en termos de contaminación figurativa ou circulación de modelos. En contrapartida, creo que poderíamos considerar esta situación adversa como un factor a ter en conta á hora de encarar o problema do sentido (ou sentidos) desta figura, algo que, á súa vez, quizais poida axudar na especulación sobre a súa orixe.

Claire Donovan, a autora do máis completo estudo sobre as *Horas De Brailes* (cat-550), adxudicou ao miniaturista oxoniano a invención da imaxe, incluída arredor de 1240 neste libro e nun salterio iluminado tamén por el[30]. No salterio, como xa tiven ocasión de comentar, aparece vencellada ao episodio de Betsabé (escena do Baño) na inicial dun salmo penitencial -o salmo 101- e no libro de horas ilustra a inicial do salmo 31 na sección dos sete salmos. Esta última vese acompañada dun texto explicativo que a relaciona coa escena dos reproches de Natán, miniatura que ilustra o salmo penitencial precedente, o 6. A aseveración de Donovan atribuíndo a invención da composición a De Brailes, mesmo se non hai constancia doutra anterior de David semienterrado asociada ao contexto da penitencia do Rei, paréceme un tanto arriscada tendo en conta, por un lado, os avatares da supervivencia dos manuscritos e, polo outro, a existencia da figura de David metido nunha fonda depresión do terreo na iluminación do salmo 129 do *Salterio de Utrecht*. (Utrecht, Universiteitsbibliotheek, MS Bibl. Rhenotraiectinae I Nr 32, fol. 75v). Un salterio que, como é sabido, estivo en Canterbury desde o ano 1000 e cuxa ilustración de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

30 Donovan 1991, 106

David afundido se repite nunha das réplicas alí realizada a mediados do século XII, no coñecido como *Salterio Eadwine* (Cambridge, Trinity College MS R.17.1, fol. 235v). Por esta razón, ao meu xuízo, o papel do miniaturista de Oxford como inventor *"ex nihilo"* debería ser minimizado tendo en conta, cando menos, a existencia dunha obra relacionada co *Salterio de Utrech* que inclúe a imaxe de David nun burato e que foi realizada en Inglaterra cen anos antes das *Horas De Brailes*

É certo que entre a figura de De Brailes e a do salterio carolinxio o parentesco figurativo é débil. Así e todo, parece sensato considerar que non se debería deixar de mencionar esta imaxe á hora de abordar calquera das de David metido dun xeito ou doutro na terra. Resulta incuestionable, de todos os xeitos, que o códice iluminado polo miniaturista oxoniano é unha peza fundamental para analizar a cuestión que nos ocupa, pois trátase do primeiro caso coñecido no que David semienterrado se localiza nun libro de horas. E non é clave unicamente por esta razón. O seu enorme interese á hora de tentar entender o alcance da imaxe reside, ao meu entender, en que as ilustracións dos Salmos Penitenciais están acompañadas de textos explicativos, o cal lle serve a Claire Donovan para ofrecer unha interpretación da de David soterrado.

As lendas relativas aos dous primeiros salmos da sección rezan como segue[31]:

No salmo 6, que presenta a David ante Natán na imaxe, declaran:

> [marxe superior da páxina] : *le prophete demande a davi un iugement de un richehume qui aveit Lowales. un sen povre veisin n'aveit que une suie. le riche le ravi.queujugement en serreit.*
>
> [marxe inferior da páxina] : *dit davit* ***meetre le vif en tere****. dit le prophete vus l'estes.*

A opción de "*meetre le vif en tere*" como castigo que David propón para o rico da parábola que roubou a ovella do pobre (antes de saber que Natán se refire a el mesmo e ao seu adulterio con Betsabé) nada ten que ver co que se di no texto bíblico. Segundo este último, David nesta circunstancia declarou que o culpable merecía a morte e que debería restituír a ovella catro veces. Donovan explica esta alteración acudindo ao texto e á imaxe do salmo seguinte no mesmo libro de horas, o 31, a que amosa a David semienterrado na

31 A transcrición está tomada de Donovan 1991, 105-110

inicial, e isto sérvelle para explicar tamén esta última imaxe. O texto que acompaña a imaxe de David a medias soterrado na inicial do **salmo 31** do libro oxoniano especifica:

davi se mist en tere *desque deu le repela*

O versículo 1 do Salmo 31 afirma: "*Beati quorum remissae sunt iniquitates et quorum tecta sunt peccata"*. Donovan considera que o enterramento de David na iluminación ten que ver con esa alusión aos pecados "cubertos" neste versículo, ("*his sins indeed are buried*" sinala) entende a figura literaria bíblica como metáfora do perdón, e considera que a absolución vese subliñada polo anxo que descende sobre David e toma as súas mans nesta ilustración. Por outra parte, a autora pon a escena en relación co texto de Samuel e coa narración da penitencia que David se impón para tentar salvar a vida do seu fillo, que inclúe "xacer sobre a terra" e rigoroso xexún. Afirma que De Brailes interpretou as palabras como "*not just lying on the earth but buried within it*". O texto e a figura que a traduce visualmente serían, polo tanto, en opinión desta autora, unha invención de De Brailes a partir dunha inexactitude na interpretación do texto bíblico[32]. Nada comenta, en cambio, respecto da outra distorsión do texto bíblico que se rexistra na proposición subordinada da frase:

davi se mist en tere ***desque deu le repela***

En II Samuel 11-12 por ningures se alude a Deus como interlocutor de David neste episodio. Na Biblia, o rei prostrado sobre a terra érguese cando el o considera oportuno, non cando Deus llo indica. Isto acontece unha vez que o seu neno morre, cando considera –e asi llo expresa aos cortesáns, sorprendidos polo feito de que poña fin a súa expresión de pesar xusto no momento de maior sufrimento- porque "xa non ten sentido a súa penitencia". David érguese por decisión propia e razoa a súa decisión ante os cortesáns. Segundo a lenda explicativa desta ilustración, en cambio, David está só, Deus intervén chamándoo, e na imaxe esta intervención reflíctese na figura celestial que descende sobre el e toma as súas mans como se estivese sacándoo do burato.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

32 Donovan 1991, 105

No seguinte salmo, o 37, David, bendicido pola man divina, sostén un filacterio co seu nome a modo de sinatura, pois alúdese na imaxe á súa composición dos salmos, tal e como explica a lenda :

la cumenca les VII psaumes

No capítulo precedente comentamos a tradición tanto literaria como iconográfica que vincula a composición do *Miserere* por parte de David co momento en que o seu pecado lle é perdoado por mediación de Natán (epígrafe 4.2.1.1). A lenda explicativa de De Brailes transmite agora unha versión "ampliada" desta idea. O que David compuxo despois de pecar non foi unicamente o salmo 50 senón a totalidade dos Salmos Penitenciais.

Nos seguintes salmos das *Horas De Brailes*, as lendas ofrecen menor interese, pois apenas proporcionan breves descricións das imaxes:

-no salmo 50, David vese sendo azoutado por un crego ante testigos na ilustración; o texto é: *disciplines*
-no 129, David está orando na ilustración; o texto é: *reclamer Deu*
-no 101, Susanna, a propietaria do libro, aparece rezando na ilustración; o texto é: *oreisuns*
-no 142, David está orando na ilustración; o texto é: *suent requere*

Na valiosa contribución á análise da imaxe de David semienterrado que fai Claire Donovan paréceme, con todo, que a autora non concede suficiente importancia a algo que resulta, ao meu ver, de gran interese para analizar a figura que nos incumbe. Refírome ao feito de que estes comentarios recollidos nas lendas que acompañan as ilustracións dos dous primeiros Salmos Penitenciais se apartan substancialmente do texto bíblico ou nada teñen que ver con el. Que o que na lenda do 31 se di respecto do enterramento de David e a propia imaxe sexan un invento do miniaturista entra dentro do posible, pero resulta máis difícil de entender como unha ocorrencia deste tipo, atribuída a un artífice que traballa en Oxford a mediados do século XIII, chegou a ter tantos descendentes -e, sobre todo, tan diversos en aparencia- na iluminación de libros de horas realizados en diversas rexións europeas nun período que se estende ata o século XVI.

USC DE COMPOSTELA

Con posterioridade á dos manuscritos elaborados por De Brailes a mediados do século XIII, a seguinte imaxe de David semienterrado que rexistrei no corpus é a do *Libro de horas de Yolande de Soissons*, (Nova York, PML, MS M.729, fol. 346r) (cat-890) procedente do Norte de Francia e datado na última década do mesmo século. Na iluminación da inicial do salmo 6 neste códice David xorde dun prominente montículo de terra pero, a diferenza do precedente inglés, está espido [**Fig. 173(1)b**]. Deixando a un lado esta obra -excepcional en moitos sentidos e a cuxa imaxe de David na iluminación dos salmos dedico un epígrafe aparte- o seguinte exemplo compilado no corpus sitúanos na Coroa de Aragón, arredor de medio século máis tarde. Varias imaxes de David semienterrado están presentes na iluminación do folio que inaugura os Salmos Penitenciais no *Libro de horas de María de Navarra* (cat-1265) [**Fig. 169**][33]. Na inicial historiada no *incipit* do primeiro salmo penitencial neste códice vese a David fondamente afundido ata o pescozo, acompañado de dous enterradores e doutros dous personaxes, verosimilmente os cortesáns do relato bíblico que acoden a facelo desistir do seu sacrificio mentres o fillo aínda está vivo. Nas marxes do folio pintáronse outras seis imaxes do rei enmarcadas en medallóns. Na esquina superior dereita a decoración de marxe acolle ademais a figura de Cristo dirixindo a súa bendición cara aquela figura do monarca que apenas asoma a cabeza da terra, pintada na inicial. A decoración da páxina complétase coa imaxe dun franciscano contida no rectángulo equivalente á primeira letra (a "I"[34]) da rúbrica *incipiunt septem psalmi penitentiales*. No seu comentario sobre a iluminación desta páxina, Joaquín Yarza centrouse na figura de David fondamente soterrado que se ve na inicial, subliñando o seu carácter insólito. Para esclarecela acudiu á explicación que deu Claire Donovan para a das *Horas De Brailes*, suxerindo a relación co texto do salmo 31 (e a metáfora dos pecados enterrados). Joaquín Yarza apuntou así mesmo, seguindo á mesma autora, que a imaxe de David soterrado pode ter orixe nunha lectura terxiversada do texto de Samuel *("en terre"* no canto de "*super terram"*) e subscribiu implícitamente, polo tanto, a idea da invención da imaxe por De Brailes.

33 Rosa Alcoy atribuiu a iluminación do códice a tres miniaturistas, Ferrer Bassa, Arnau Bassa e o chamado Mestre de Baltimore, destacando así e todo que se trata dunha obra coral baixo a batuta posiblemente de Ferrer Bassa (Alcoy i Pedrós 1988; 2005). A autora sitúa a súa realización entre 1338-1347, posiblemente entre 1340 e 1344. (Alcoy i Pedrós 2005, 155). A iluminación da páxina inaugural dos Salmos Penitenciais atribúese a Arnau Bassa (Yarza, 1996, 145-146).

34 Joaquín Yarza (1996, 235) describiuna como unha "falsa i".

A da lectura errónea -independentemente da personalidade e cronoloxía da persoa responsable do "erro"- foi tamén a opción que eu considerei inicialmente para as imaxes de David nun burato. Pensei incluso que podería ter axudado nesta confusión o termo *surgo* empregado no relato bíblico, cando se alude á fin da penitencia de David (*Surrexit igitur David de terra*). Posto que *surgo* pode ser interpretado como "xurdir" ou "levantarse", considerar a primeira acepción da palabra para o texto de II Samuel 12, 20 podería ter servido de suxestiva inspiración para unha imaxe de David xurdindo da terra. Me reafirmaba na idea da confusión terminolóxica a comprobación de que o mesmo Xerome utilizou unha expresión máis ambigua (e útil para explicar a nosa imaxe) na Epístola 77: *"in terra"* en lugar de *"super terram"*, que foi a que empregou na Vulgata[35].

Sen descartar o erro de lectura ou interpretación libre do texto bíblico como unha das explicacións para a orixe da imaxe de David nun burato creo que, cos datos que ofrecen as do corpus vistas en conxunto e á luz de determinados textos, cómpre considerar outra posibilidade que ademais, non é incompatible coa explicación que ofreceu Claire Donovan. Empecei a considerar unha interpretación alternativa (ou complementaria) á do erro de lectura proposta por esta autora e subscrita por Yarza cando enfoquei o texto das lendas que acompañan as miniaturas dos dous primeiros Salmos Penitenciais das *Horas De Brailes* como unha sorte de micro-relato, no cal se ofrece unha versión da narración bíblica que se aparta substancialmente desta. Reafirmoume nesta percepción sobre todo o coñecemento da iluminación que encabeza os salmos no *Libro de horas de María de Navarra* e a relación que nela se establece entre a imaxe da inicial, que amosa a David metido na terra ata o pescozo, e as dos medallóns das marxes. Na súa análise desta páxina miniada, Yarza constatou que a imaxe de David enterrado da inicial está rodeada por outras 6 imaxes do rei: "*hasta seis veces se repite la imagen de David orante, bien de cuerpo entero bien en busto*", e relacionouno coa importancia do número 7. No que este estudoso parece que non reparou é que en 3 destas imaxes (no medallón da esquina esquerda da orla superior, no do centro desta mesma orla e no central da orla dereita) David tamén está semienterrado, non "en busto". Tampouco menciona a existencia dunha progresión na situación do rei no conxunto dos medallóns. Unha secuencia similar e aínda

35 Un matiz que, por certo, tamen se percibe na descrición de David arrepentido que nos ofrecen as lendas relacionadas coas propias miniaturas, se comparamos dúas na mesma lingua: o *Libro de Horas De Brailes*, cando presenta o rei semienterrado ("se mist **en** terre") e o *Salterio da Raíña Mary* cando o presenta axeonllado na superficie do chan ("se mist **a** terre") (Londres, BL, Royal 2 B VII, Fol. 58).

máis evidente rexistrada nas ilustracións dos salmos nun libro de horas parisino realizado en torno a 1500 foi a que a min me axudou a ver con máis claridade a progresión no de María de Navarrra. No códice francés -un dos que contén na páxina inaugural dos salmos a imaxe de David sobre un cabalo branco cos brazos levantados, rodeado de auga e de 3 animais- vese a David semiespido e soterrado en varias imaxes na decoración das marxes de diferentes folios. A porción do corpo semiespido que se mostra é maior conforme avanzan as páxinas. Deste xeito, neste outro exemplo dunha sorte de *stop motion* que nos ofrece o corpus, a impresión resultante é que o penitente vai saíndo paulatinamente do burato, ata mostrase de corpo enteiro sobre a terra, axeonllado. (Stuttgart, Württembergische Landesbibliothek, Cod.brev.5, fol. 64v (imaxe 140)-fol. 67v (imaxe 147) (cat-1229) [**Figs. 170 (1)** a **(7)**], Na ilustración do encabezamento dos salmos no códice da raíña navarra, lidos os medallóns de marxe no sentido das agullas do reloxo, constátase tamén que David sae pouco a pouco do burato, ata verse de corpo enteiro no medallón central da marxe inferior. Só se aparta desta lóxica a figura de David da esquina esquerda inferior, probablemente incluída para equilibrar esteticamente a composición, repetindo a da esquina inferior dereita. O que parece evidente é que a vontade do miniaturista foi rematar a secuencia da saída gradual de David da terra coa imaxe do rei de corpo enteiro –xa totalmente sobre a superficie- nunha posición privilexiada: o centro da marxe inferior. Outra cousa teñen en común estas imaxes do libro de horas de María de Navarra e as do libro de horas parisino que acabo de mencionar. Trátase da presenza na ilustración correspondente ao punto de partida da secuencia (o soterramento inicial de David ata o pescozo) de dous enterradores. Ambos manuscritos ofrecen os dous únicos exemplos que rexistrei no corpus da presenza destes personaxes a carón de David semienterrado. As outras dúas figuras que rodean a David–previsiblemente os cortesáns- unicamente se mostran no da raíña navarra. Só me constan outras dúas imaxes que presenten personaxes arredor de David metido nun burato. Trátase da ilustración do *Beatus Vir* que se amosa nun salterio-horas inglés do primeiro terzo do XV (Nova York, PML, MS M.893, fol. 11r)[36] e dunha táboa do pintor Pesellino datada ca. 1445-1450 (Le

36 No pé da imaxe no recurso *Medieval & Renaissance Manuscripts* da Pierpont Morgan Library figura por erro, como lugar e data do manuscrito: Italy, 1482. Nos rexistros iconográficos das miniaturas na base datos Corsair da mesma institución consta como orixe e data: England, probably London, 1430-1445. [consultados ambos recursos 21.01.2023].Os Salmos Penitenciais neste códice están ilustrados polo Xuízo Final.

Mans, Musée de Tessé, nº Inv. 10.20), o único caso que coñezo da imaxe de David nun burato fóra da miniatura[37].

Respecto da figura do franciscano que tamén se inclúe na iluminación da primeira páxina dos Salmos Penitenciais no libro de horas da raíña navarra, Joaquín Yarza fai unha interesante suxestión sobre a posibilidade de que se trate dalgún personaxe que fixo un comentario ao salmo susceptible de facer intelixible a imaxe de David afundido na terra[38]. A min paréceme que a presenza desta figura podería ofrecer unha pista moi valiosa para entender a orixe destas ilustracións de David ou, cando menos, da súa ampla difusión. Alén da inspiración última no texto bíblico de Samuel, no dos salmos, ou na esexese de calquera un deles, vexo a secuencia ilustrada nas *Horas De Brailes*, ou no de María de Navarra, ou no códice que, xa nos albores do século XVI, repite o esquema do códice da raíña navarra, como diferentes puntas do iceberg dunha narración ou conxunto de narracións baseadas en digresións respecto do relato bíblico da peripecia de David, na difusión das cales puideron xogar un papel de primeiro orde membros das ordes mendicantes. Penso en relatos -ou versións dun relato inicial- quizais empregados co obxecto de amenizar ou ilustrar o discurso sobre o pecado e a penitencia no marco da predicación, a modo de *exempla*. Ou mesmo utilizados por confesores particulares e conselleiros espirituais no seu labor de asesoramento na meditación devota. Ambos medios -o sermón público e o asesoramento espiritual privado por un confesor ou guía espiritual- serviron de vía de circulación de historias, e ambos recibiron impulso a partir do IV concilio Laterano e da expansión das ordes mendicantes[39]. Estaríamos a falar de personaxes como aquel "*brodir ful dere*" que o franciscano Richard Brampton buscaba –como relata no prólogo da súa paráfrase dos Salmos Penitenciais- para confesar con el, pola súa sabedoría ("*this brodir was ful wise in lore*"), e que lle recomendou ler e recitar os sete salmos como penitencia[40]. Ou daqueles que tamén xogaron un importante papel

37 No cadro de Pesellino trátase do dous personaxes novos, polo que resulta dificil determinar se son cortesáns ou se, como se suxire na indexación da base de datos Joconde do Ministère de la culture, un deles é Natán. Eu inclínome a pensar que se trata de cortesáns tentando disuadir a David, pois parece estraño ver a Natán representado como un personaxe de aparencia máis xuvenil que o propio rei bíblico. As miniaturas dos Salmos Penitenciais ofrecen tamén algún exemplo no que unha figura de David rezando vese acompañada de cortesáns de aparencia xuvenil. A Haia, KB, 076 G 5, fol. 110r (cat-28)

38 Yarza 1996, 235.

39 Sand 1999, 36-37.

40 As expresións citadas están contidas no fragmento que transcribo a continuación, adaptado a inglés actual por Sutherland (2010, 30) : "*I sent after a* ***most excellent brother****/I thought that I had great need of him./I made my confession to him before I went/Of thought, of word, of these three,/I cried out to God with great fear/In the manner of 'Lord, do not remember'. (...)* ***This brother was most wise in learning****/*

no deseño das obras de devoción ou nos programas decorativos de determinados manuscritos. A presenza da figura dun franciscano anónimo en prominente lugar nunha iluminación do *Vrigiet de solas*, (París, BNF, Français 9220, fol. 3v) levou a Carol Lynn Ransom a considerar que un membro desta orde debeu ser con certeza o inspirador do seu programa decorativo[41]. E Karen Gould relacionou tamén coa espiritualidade franciscana o salterio-horas de Yolande de Soissons[42]. Sabemos tamén que foi o confesor do Duque de Borgoña Felipe o Atrevido, o dominico Guillaume de Valen, quen se responsabilizou de encargar e probablemente controlar o contido dunhas *Grandes Heures* que pertenceron ao Duque[43] e que outro dominico -Joan de Casanova, confesor de Afonso V de Aragón - encargou e inspirou a composición do salterio-libro de horas do monarca[44]. Quizais non por casualidade a páxina miniada do *Vigriet de solas* que contén a figura dun franciscano e a páxina dos Salmos Penitenciais do *Libro de horas de Yolande de Soissons* inclúen ambas unha representación da cruz como "árbore da vida", imaxe que, como veremos inmediatamente no caso do salterio-horas francés, convive, á súa vez, cunha de David semienterrado. E esta última, cabe recordar, sitúase nas inmediacións da inicial que contén a figura dun franciscano no *Libro de horas de María de Navarra* [**Figs. 171, 172, 173(1)a**][45].

As directrices do IV Concilio Laterano relativas á instrución en vernácula e o feito de que os sermóns aos laicos se expresasen en lingua vulgar como consecuencia, unido a esta idea que estou a suxerir sobre a difusión da imaxe de David nun burato no contexto do uso de *exempla,* fai sedutora a idea de ver esta figura non só como tradución figurativa dalgún relato senón tamén como un testemuño visual da expresión en vernácula do discurso penitencial.

And said 'these sins are forgiven (...) ***You shall say the seven psalms/ in order that you might be clear of debt*** *before God".*

41 Ransom 2001, 244.

42 Gould 1975, 266-267.

43 Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, Ms 3-1954 (Winter 1982, 788-789).

44 Español 2002/2003. Véxase tamén Planas Badenas 2015.

45 Polo que e este códice se refire cómpre ter en conta, con todo, a suxestión de Rosa Alcoy (2005, 156-157) respecto da posible influencia no programa decorativo do manuscrito dalgún membro da corte da raíña coñecedor da tradición francesa na que esta se desenvolveu antes de chegar a Cataluña, e que puido ser responsable na selección de fontes literarias e modelos. Considera como un posible candidato a Nicolas de Joinville, conselleiro real de Champaña e propietario en 1351 dun salterio que pertenceu á raíña.

Tal e como vimos, o uso "creativo" da historia de David remonta, cando menos, ao mesmo Xerome, na súa "Carta a Océano sobre a morte de Fabiola" (Epístola 77). Ao poñer a David como exemplo, o Padre da Igrexa permítese "enriquecer" o episodio da penitencia de David polo seu adulterio e homicidio ofrecendo datos novos como que, cando xacía na terra (Xerome aquí utiliza a expresión, recordemos, "*in terra*"), envorcallábase na cinza ("*volutabatur in cinere*") e "esquecendo a rexia dignidade, procuraba a luz nas tebras" (*et oblitus regiae potestatis , lumem quaerebat in tenebris*)[46]. Interesante é este apunte, como vimos, á idea de escuridade e as tebras, metáfora quizais sen intención "xeolóxica" que, sen embargo, aflora xa con este sentido nos *Triunfos* de Petrarca, alí onde o poeta fala do "*loco oscuro e cavo*". Xerome distorsiona tamén o texto da narración bíblica poñendo en boca de David en lugar da expresión "*peccavi domino*" -que pronuncia o rei contrito en II Samuel 12, 13-, o versículo do salmo 50 "*Tibi soli peccavi*", que non falta, como tamén vimos, nas inscricións incluídas nalgunhas ilustracións dos Salmos Penitenciais recollidas no corpus[47]. Asistimos, polo tanto, e desde un período temperán, a un fenómeno de "pormenorización" do relato bíblico da penitencia de David. Non resulta de estrañar, polo tanto, o ulterior desenvolvemento de digresións e versións deturpadas do mesmo, calquera das cales poden estar na raíz das diferentes versións da imaxe de David nun burato. Neste hipotético corpus de relatos se inscribiría un daqueles textos de cronoloxía máis avanzada sobre os que Charles Huttar chamou a atención para tentar explicar a curiosa imaxe. Trátase dunha narración recollida polo impresor Caxton na súa edición da *Legenda aurea*, publicada nos anos 80 da décimo quinta centuria[48]. O impresor relata nela en primeira persoa como tivo coñecemento, a través dun cabaleiro mallorquino chamado Capons, dunha historia relativa á penitencia de David. Na historia cóntase que, estando David afundido na terra (e, ademais, espido) comezaron a arrastrarse os vermes pola súa carne, circunstancia que o impulsou a facer un verso do salmo *Miserere*. A continuación saíu do burato, pero decontado volveu a el. Repetiuse o acoso dos vermes, e compuxo o segundo verso, saíu e entrou outra vez. E así seguiu facendo ata vinte veces, tantas como versículos ten o *Miserere*, someténdose deste xeito a unha gran penitencia, sinal, segundo o relato, do seu grande arrepentimento.

---

46 Xerome 2013, 842-843

47 E Xerome non tería sido o primeiro en facelo. Claire Costley King'oo (2012, 33) chama a atención sobre similar proceder por parte do eséxeta xudeo Rabbi Raba (c. 270-340).

48 Huttar 1980, 49. O texto deste prólogo pódese consultar en Crotch 1978, 74

A arrepiante historia recollida por Caxton ten en común coa ilustración do libro de horas de María de Navarra e co mencionado libro de horas francés máis tardío esa idea de que David non para quieto dentro do burato (entra e sae no relato do mallorquino, sae gradualmente nas ilustracións dos outros dous). Estes dous últimos códices, á súa vez, –distanciados no tempo e no espazo- teñen en común, ademais da columna vertebral do relato gráfico –David saíndo gradualmente da terra- o protagonismo dos dous enterradores. O "relato" visual do códice francés, ademais, aparece enriquecido por aqueles animais de carácter ameazador que acompañan a David mentres está semienterrado, alusivos quizais ás iniquidades do pecador, que este "debe ter sempre diante". O conto de Capons, pola súa parte, coincide con aquela tradición recollida xa no "micro-relato" de De Brailes que establece que David compuxo os Salmos Penitenciais, ou o máis significativo deles -o *Miserere*- a raíz do seu pecado con Betsabé, e ligan esta actividade creativa coa súa estancia no seo da terra. E o feito de que David estea espido no burato, tal e como lle contou Capons ao impresor Caxton, coincide co que reflicten a ilustración do libro de horas de Yolande de Soissons, iluminado no norte de Francia no século XIII, e as miniaturas dalgúns libros de horas italianos de finais do século XV (Nova York, PML, MS M.305, fol. 123r) (cat-850).

A mencionada táboa do pintor Pesellino sitúa o foxo no patio do propio pazo do Rei, e a este asomando del co salterio nas mans. Probablemente o que Pesellino quixo transmitir é que David está a compoñer nese preciso instante o *Miserere* - tal e como se recolle no relato de Capons- ou ben todos os Salmos Penitenciais, como se explica nas *Horas De Brailes*. Exactamente así, co instrumento musical nas mans, é como nolo describe tamén Pietro Aretino uns decenios máis tarde. No seu proemio á paráfrase dos sete salmos que -como xa mencionei no capítulo precedente- ofrece un equivalente literario de dúas imaxes características dos Salmos Penitenciais (o rei cos atributos abandonados e o músico) Aretino pinta literariamente a imaxe dunha terceira, outra das versións arquetípicas do Rei arrepentido empregada para ilustrar o texto penitencial nos libros de horas. O poeta afirma que David comezou a recitar os sete salmos metido no consabido lugar escuro, o cal -segundo precisa, engadindo un matiz narrativo suplementario a esta rica tradición- se sitúa xa, directamente, nun espazo subterráneo (*si aviò in un luogo oscuro che si stava sotterra*[49]).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

49 Aretino 1539, 5.

En suma, creo que cabe barallar a hipótese de que as diferentes variantes da imaxe de David nun burato, xunto cos diversos textos que describen a David en lugares fondos e escuros ou en foxos, ofrecen retallos dun tecido narrativo alleo ao texto bíblico de Samuel -se ben inspirado nel- composto de relatos diversos ou de variacións dunha única lenda. Estes terían circulado en moitas áreas, incluídas todas aquelas rexións nas que se elaboraron e polas que circularon os libros de horas, facendo comprensible e familiar esta imaxe. Fíos soltos desta trama que parece deducirse das imaxes e textos que mencionei ata aquí serían, en síntese, os seguintes:

-David, despois de pecar con Betsabé e penar por isto, compuxo os sete Salmos Penitenciais (lenda do salmo 31 das *Horas De Brailes*; paráfrase dos sete salmos de Aretino; táboa de Pesellino?)

-David, despois de pecar con Betsabé e penar por isto, compuxo un salmo penitencial, o *Miserere* (iluminación dun libro de horas alemán do século XIII, PML M. 739, fol. 17v; iluminación das *Horas Coëtivy* (Dublin, CBL, W 82, fol. 80r (cat-457); relato de Capons a Caxton)

-David compuxo os sete Salmos Penitenciais estando no foxo (paráfrase dos sete salmos de Aretino); compuxo os sete salmos despois de saír do burato (lenda do salmo 31 da *Horas De Brailes*)

-David, na súa expiación, foi saíndo da terra gradualmente (iluminación do *Libro de horas de María de Navarra*, iluminacións do libro de horas parisino do século XVI da biblioteca de Stuttgart (Stuttgart, Württembergische Landesbibliothek, Cod.brev.5) (cat-1229).

- David, na súa expiación, saiu e volveu entrar na terra vinte veces, correspondendo cada unha delas cun versículo do *Miserere* (relato de Capons a Caxton)

-David foi sepultado con axuda de dous enterradores (*Libro de horas de María de Navarra*, libro de horas parisino do século XVI da biblioteca de Stuttgart)

-David, mentres saía do foxo, enfrontou sucesivamente diversos animais malignos (iluminacións do libro de horas parisino do século XVI da biblioteca de Stuttgart); estando no burato, foi acosado por vermes (relato de Capons a Caxton)

-David, na súa expiación no burato, estaba espido ou semiespido (iluminación do *Libro de horas de Yolande de Soissons* (século XIII) e de varios libros de horas italianos (finais do século XV); relato de Capons a Caxton; iluminacións do libro de horas parisino do século XVI da biblioteca de Stuttgart)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

-David foi axudado por anxos a saír do foxo (*Horas De Brailes*, *Libro de Horas de Afonso o Magnánimo*; dous libros de horas italianos da segunda metade do século XV[50])

Acudir á existencia de narracións -ou versións diferentes dunha narración- difundidas en moitos territorios resulta suxestiva para dar conta da expansión desta imaxe durante todo o período de existencia dos libros de horas e en todas as rexións onde se produciron estes, e, sobre todo, da aparencia tan variada que adoptou nas iluminacións. Esta diversidade das imaxes é coherente coa que se deduce para as narracións se temos en conta as diverxencias entre o que "conta" De Brailes, o relato recollido por Caxton ou a "versión dos feitos" que dá Aretino. A inicial do *Libro de horas de María de Navarra* que acolle a figura dun franciscano –incluso se se tratase alí da alusión a un personaxe concreto vencellado á raíña- situaría estas historias e a súa propagación, como mínimo, no marco da actividade das ordes mendicantes. En calquera caso, apunta a un posible papel destas na difusión dos relatos e das imaxes.

Queda no aire o interrogante sobre a invención desa idea tan peregrina de que David, para expiar os seus pecados, decidiu enterrarse ou introducirse nunha fosa. Os testemuños aportados ata aquí non resolven a cuestión de cal foi o xerme da ocorrencia, se a palabra ou a imaxe. Como vimos, Claire Donovan atribuíu ambas a imaxinación de William De Brailes. Debilita esta teoría, ao meu ver, o propio éxito da imaxe e a súa difusión xeográfica, difícil de entender a partir da invención puntual dun miniaturista. En calquera caso, cómpre non deixar de lado outras pistas sobre a xénese, como ese outro texto -coa súa correspondente ilustración- que puido xogar un papel na historia desta figura: o salmo 129, xa iluminado nese sentido no Salterio de Utrecht-. Ou a importancia da prehistoria do rei bíblico e a súa temperá afección a resgardarse en covas, coñecida pola narración do libro 1 de Reis pero á que tamén se alude nos títulos de varios salmos e sobre a que Petrarca constrúe a súa argumentación a favor da vida solitaria. Paréceme especialmente digna de ter en conta, finalmente, a función precursora e impulsora que puido ter a metáfora en torno á escuridade empregada por un autor do prestixio e influencia de Xerome cando describiu a David "*in tenebris",* reproducida por Petrarca e,

50 En Cidade do Vaticano, BAV, Vat.lat.09490 fols. 109-110r (cat- 414) os anxos, que baixan do ceo, axudan a David a saír do seu foxo. Noutro libro italiano do corpus, os anxos sitúanse rentes do chan, no mesmo nivel que David semienterrado e semiespido, e amósanse no momento de acudir camiñando ao encontro do penitente, que tende os brazos cara eles (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 152, fol. 59v-60r,) (cat-297).

dous séculos despois, por Aretino. En contrapartida, cabe preguntarse ata que punto historias tan extravagantes como a que recolleu o impresor Caxton ou o propio prólogo de Aretino aos Salmos Penitenciais non puideron ser xa froito das propias imaxes[51].

Volvendo ás ilustracións de David na natureza axeonllado simplemente sobre a terra, firmemente emprazado na superficie, penso que quizais se podería abordar a súa lectura tendo tamén en mente a repercusión que puido ter sobre as imaxes a transmisión e deturpación do relato bíblico no marco da actividade pastoral e a predicación sobre a penitencia. Isto serviría para explicar eses retiros extremos de David no campo ou nos montes, dos que nada se fala na Biblia. Cabe imaxinar, por outra parte, a inserción nestes discursos sobre a penitencia de David de alegacións en contra dos perigos da vida urbana como o que percorre as páxinas da obra dedicada á vida solitaria por Petrarca, pero que tamén aflora nos sermóns dos predicadores, discursos cuxo eco parece reverberar nas imaxes dos Salmos Penitenciais que mostran o rei afastado da vida mundana representada baixo a forma dun horizonte de edificacións[52].

Existe unha diferenza substancial, con todo, entre estas imaxes do Rei bíblico e a de David semienterrado ou metido nun burato. Non debemos esquecer que das rexistradas no corpus e dos textos máis arriba citados parece deducirse que esta última variante ten unha relación específica co Episodio Betsabé/Urías. En troques, resulta máis difícil asignar a imaxe xenérica de David situado sobre a terra e nun ambiente agreste a un ou outro relato dos pecados do Rei. Sobre todo cando non está vinculada a ningunha outra escena. Todo parece indicar, por tanto, que nun momento dado a paisaxe penitencial de David nesta variante arquetípica e máis convencional ("*super terram*"), se algunha vez tivo algún fundamento narrativo, acabou baleirándose del para converterse en simple atributo do Rei arrepentido. O cal tería outorgado a esta imaxe maior ductilidade para ilustrar outros textos e ter, en definitiva, maiores posibilidades de supervivencia que as que tivo a do rei metido nun foxo. A eventual vinculación desta última con narracións ligadas á difusión da práctica penitencial lle tería restado flexibilidade para ser empregada noutros contextos. Esta circunstancia quizais explique a coincidencia da desaparición desta imaxe do Rei bíblico coa prohibición dos libros de horas, o tipo de códice que deu

51 Margaret Owen (1989, 32) xa suxeriu que o texto de Caxton e o de Aretino están fundados nas ilustracións.

52 Lina Bolzoni (2009, 18) menciona a denuncia dos perigos da vida urbana nun sermón do dominico Giordano da Pisa (1260-1310).

maior proxección a ese conxunto de salmos aos que se vincula estreitamente a figura de David metido nun foxo.

5.1.2.2 O burato como metáfora

O ambiente parisino no que se produciron tantos libros de horas que inclúen a imaxe de David arrepentido metido nun burato ou saíndo dunha greta xeolóxica (Bourges, Musée du Berry, inv. 1924.4.1, fol. 103r) (cat-272) é o mesmo no que xestou a súa paráfrase dos sete salmos Christine de Pizan. Alomenos un dos cinco manuscritos que nos chegaron da obra desta autora contén unha miniatura que presenta esta característica composición francesa forxada a finais do século XIV ou comezo do XV que amosa a David saíndo dun burato ou dunha cova de estreita boca a modo de greta: París, BNF, NAF 4792, fol. 1r [53].

O título da obra de Christine de Pizan inclúe o termo "alegorizados", o cal, segundo Ruth Rains, se entendería como un emprego de todos os recursos da retórica para establecer as correspondencias entre o mundo material –comprendidas neste as Escrituras e as obras de arte- e o mundo das ideas[54]. O título da obra da célebre autora francesa así como as consideracións por parte dalgúns autores medievais sobre a lectura de textos a varios niveis avalan unha aproximación á imaxe de David semienterrado -inserida nun libro de devoción- que vaia máis alá da anécdota ou relato susceptibles de estar na súa base[55]. Parece lóxico pensar, polo tanto, que para o público contemporáneo, a imaxe de

---

53 Miniatura no inicio de *Les Sept Psaumes de la pénitence allégorisés*, de Christine de Pizan, no manuscrito datado entre 1409 e1415. A ilustración é do Mestre de Egerton segundo Millard Meiss (véxase rexistro do manuscrito no catálogo Archives et Manuscrits da BNF). A de David orando e a única miniatura deste códice.

54 Rains 1965, 37-50.

55 Por exemplo, no prefacio ás *Moralia in Job*, Gregorio Magno asimila estes niveis ás tres etapas na construción dun edificio, equivalentes á interpretación literal, tipolóxica e moralizada (PL Vol. 75, col. 513C) (Gregorio I 1849). Nunha tradución ao castelán deste prefacio atribuída a Pero López de Ayala (cita textual tomada de Fuentes e Avenoza, 2012/2013, 261) exprésase do seguinte xeito:

> *"Enpero es a saber que algunas cosas corriendo pasamos exponiendolas istorial mente e por manera de alegoria escudrinamos otras cosas que son llamadas tipicas, que son como semejantes. Otras declaramos por solos istrumentos de alegoria moral e avn algunas buscandolas mas diligentemente por todas estas tres maneras las catamos. Ca primeramente ponemos el fundamiento de las historia. Despues para significaçion tipica o semejante lleuamos e alçamos la nuestra voluntad, fabricando en aquella alta torre de Dios. E despues, a lo postrimero, por la graçia de la moralidat vestimos aquel hedefiçio por nos fecho de vn color çierto que son los dichos de la verdat (...)"*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

David metido nun burato ou saíndo del, alén de ser obxecto dunha interpretación de primeiro nivel asociada a algún relato ou *exemplum* sobre a expiación de David o fose tamén de lecturas a outros niveis.

Co obxecto de tentar desentrañar estas outras posibles capas de significado da imaxe de David semienterrado en xeral parece lóxico comenzar polo exemplo plástico máis precoz que coñecemos desta figura, por máis que non teña relación coa biografía do Rei bíblico nin coas súas actividades expiatorias, e que non se sitúe nun libro de horas. Se consideramos a xa mencionada ilustración do salmo *De profundis* no *Salterio de Utrecht*, que amosa a David afundido nunha depresión do terreo (Fol. 75v), lida en conxunción coa esexese deste salmo -e acudindo de novo a Agostiño- veremos que esa profundidade é a vida mortal, onde a alma magóase atormentada por continuas "olas" que son as súas iniquidades. Desde o abismo, a alma pode clamar a Deus ou non facelo (neste caso o abismo é fondísimo e o pecador "prospera nas súas iniquidades")[56]. As iniquidades no salterio de Utrecht se traducen en catro figuras demoníacas que acosan o salmista empuñando obxectos ou animalias. En calquera caso, o abismo para Agostiño -e, previsiblemente, o burato na iluminación do salterio carolinxio- representa a metáfora do pecado (ou, mellor, da vida mortal exposta a este).

Probablemente os testemuños máis esclarecedores á hora de proxectar a interpretación destes pozos e abismos nas nosas imaxes de David soterrado sexan os que nos proporcionan as obras de esexese dos Salmos Penitenciais e as paráfrases deste texto. Polo que ás primeiras se refire, cabe salientar, por exemplo, a comparación feita na esexese do versículo 6 do salmo 50 por Pseudo Gregorio o Grande, que tamén describe o pecado como un pozo[57]. E interesa aínda máis o comentario en francés traducido por Eleanor Hull, pois nel se asocia o pozo do pecado directamente con David. Na esexese do versículo 10 do salmo 37, este texto declara que o salmista foi consciente de ser "arroxado no escuro pozo do pecado" ("*derke pytte of sinne"*)[58]. Nas paráfrases dos sete salmos afloran os mesmos tópicos que falan de lugares fondos -ou de afundirse-, de escuridade e de tebras. Christine de Pizan, na do versículo 4 do salmo 37 declara que "*tant est grant l'abondance de mes pechez, voirement que la charge d'yceulx, par mes*

56 Agostiño 1967, 399-400.

57 Sobre Pseudo Gregorio o Grande véxase capítulo 2, epígrafe 2.2.2.2. A comparación cun burato en: Gregorio Magno, *PL* 79:586 (referencia tomada de Staley 2007, 239, 265, n. 53).

58 *David undyrstode wel tha he was throw downe in the derke pytte of sinne* (Hull 1995, 84).

dessertes, m'aparfondist ou lieu de tenebres"[59]. Un século máis tarde Pietro Aretino, asumindo en primeira persoa a súa versión dos poemas penitenciais, traslada a metáfora á do salmo 129, e declina o termo clave deste salmo, "profundo", en diferentes direccións, aludindo á fondura das culpas que cometeu, á do abismo para a súa alma case sepultada, e á dunha gruta desde a que el, como pecador, alza a súa voz:

> *Perche io te ne prego hora como te ne hò piu volte pregato, e questa preghiera che io ti porgo nasce da* ***i profondi de le commesse colpe****, le quali per havermi quasi* ***sepolto l'anima ne profondi de gli abissi****, ricorro a te con voci tratte da i profondi del core, e ne* ***i profondi di questa grotta*** *formati, solo per muovere la misericordia tua perdonarmi tutto quel peccato che ti hò confessato da l'hora che io cominciai a riconoscermi fino a questo punto*[60].

Como vimos, Aretino empregara xa esta metáfora do burato como pecado no prólogo da súa paráfrase dos sete poemas davídicos, cualificando aquel lugar das tebras a onde David se retirou como unha "prisión do seu pecado":

> *si aviò in un luogo oscuro, che si stava sotterra come* ***carcere del suo peccato****, nel quale entrando il suo errore fu spaventato da le tenebre de lo speco*[61].

É de interese facer notar tamén o uso desta metáfora do pecado como pozo vinculada ao concepto de conversión como xiro do pecador[62]. Fai esta asociación a mística inglesa Julian de Norwich nunha das súas revelacións[63] e faina tamén Chaucer no *Parson's Tale*[64].

Estas comparacións poderían proxectarse sobre calquera das imaxes de David semienterrado ou metido nun burato que recollemos no corpus, pero mencionarei unha en

---

59 Christine de Pizan 2017, 16.

60 Aretino 1539, 39.

61 Aretino 1539, 5.

62 Concepto tratado en relación coas imaxes de David "escordado", ou coa cabeza xirada (véxase epígrafe 4.2.2)

63 Staley 2007, 239

64 No relato de Chaucer dise que o pecador que tarda en volverse cara o Señor é como aquel "*that falleth in the dych and wol nat arise*" (citado en Rowland, 1987, p. 136)

especial a modo de exemplo. Trátase da iluminación da sección dos salmos nunhas horas francesas datadas no século XVI, e o seu interese reside en que nela se reforza o tropo, ao establecerse un paralelismo visual entre o pozo do pecado (o estanque natural onde Betsabé se baña) e o lugar onde David fai penitencia: Madrid, Real Biblioteca, II/2101, libro de horas de Julienne, fol. 72v (cat-670).

Outra idea que tamén pode vir á mente ao contemplar certas imaxes de David nun foxo é a metáfora bíblica que asimila o pecador cun verme de terra. Resulta ilustrativo neste sentido un *exemplum* recollido na compilación coñecida como *Ci-nous dit* (elaborada arredor de 1320)[65]. Nesta narración alúdese a unha destas criaturas, habitante nun deserto próximo a Xerusalén, e na moralización do relato o verme asimílase a "aquel que no deserto fixo a súa penitencia", ao tempo que se menciona a David equiparándose el mesmo cun verme en referencia ao versículo 7 do Salmo 21 ("*Ego autem sum vermis, et non homo / opprobrium hominum, et abjectio plebis*")[66]. Esta mesma cita bíblica xa fora utilizada no século XI por Helgaud de Fleury na súa *Vitae Regis Rotberti Pii* para demostrar a humildade de David cando compara o seu biografiado co Rei de Isarael[67]. Na súa paráfrase dos Salmos Penitenciais, Christine de Pizan acode a unha comparación

---

65 Sobre esta colección de textos de instrucción cristiá escritos ca. 1320 que inclúen fragmentos da Biblia, vidas de santos, bestiarios, fábulas e *exempla* véxase: Heck 2011. Dedícanse varias contribucións a esta obra en: Polo de Beaulieu, Berioz e Collomb 2019.

66 Transcribo a continuación un fragmento da moralizacion do *exemplum*, pois volverei sobre el máis adiante no epígrafe 5.2.8:

> *1 Ci nous dit : Ciz ostrucel que Psalemons emprisonna senefie nos ames qui sont emprisonnees en cest monde. 2 Si les pouons desprisonner par aumonsnes et par penitance et par devote oroison. 3 Et se nous n'avons que donner aus povres, ou nous soions de si foible complection que nous ne puissons faire pentance, 4* ***au mains ne nous pouons escuser que nous ne puissons envoier nos cuer par devote oroison en cet desert qui est assez prez de Jerusalem, 5 dont l'ostruce aporta le ver qui senefioit celui qui en ce desert fist sa penitance, qui par david dit : Je sui vers et si ne sui pas hon****. (Blangez 1979-1986, 2:174-175)*

No Thema (*Thesaurus exemplorum medii aevi*), recurso grazas ao cal localicei este texto, ofrécese a versión en francés actual:

> *1/ Cet autruchon que Salomon avait enfermé représente nos âmes qui sont captives en ce monde. 2/ Nous pouvons les libérer par l'aumône, par la pénitence, par la prière. 3/ Et si nous n'avons rien à donner aux pauvres ou si nous avons si peu de santé que nous ne pourrions faire pénitence,* ***4/ même alors nous ne sommes pas dispensés d'envoyer par la prière nos coeurs en ce désert proche de Jérusalem 5/ d'où l'autruche apporta le ver qui figurait celui qui en ce désert fit sa pénitence, celui qui dit par la bouche de David: "Je suis un ver et non un homme."*** ("TE009113 (Ci nous dit ou Composition de l'Ecriture sainte [Blangez, 1979-88]: 652, 1-10)", *Thesaurus exemplorum medii aevi*, https://thema.huma-num.fr/exempla/TE009113)

Pódese consultar tamén o texto do *exemplum* en Thema: "TE008130 (Ci nous dit ou Composition de l'Ecriture sainte [Blangez, 1979-88]: 651, 1-12)", *Thesaurus exemplorum medii aevi*, https://thema.huma-num.fr/exempla/TE008130).

67 Hamilton 1997, 199 n. 80.

similar á que establece David para si mesmo pero dálle alcance universal, establecendo un lazo entre o verme de terra e calquera pecador, como ela mesma, no comentario do salmo 37: *"Je suis ta creature, povre ver de terre et non pas homme, car mon ame est adnichillee par pechié"*[68]. Resulta lóxico pensar que este tipo de asociacións resoasen na mente de quen contemplase a imaxe de David semienterrado ilustrando o texto penitencial do seu libro de horas. E cabe preguntarse se este vínculo do verme co pecador puido desembocar dalgún xeito na morbosa descrición do Rei espido convivindo cos pequenos invertebrados e entrando e saíndo da terra, naquel relato que o mallorquino Capons narrou ao impresor Caxton e que este decidiu incluír na súa edición da *Legenda aurea*.

Unha terceira lectura da imaxe que nos ocupa ten base visual. Refírome á asimilación que calquera persoa contemporánea faría de David nun burato -especialmente cando se amosa saíndo del-, e facendo asemade un xesto de oración, cos resucitados e resucitadas saíndo das tumbas no día do Xuízo. Esta asimilación no contexto dun salmo penitencial entre figuras humanas dirixíndose a Deus desde unha depresión no terreo e aquelas que resucitan aparece xa na ilustración do salmo 129 nunha das reinterpretacións inglesas do *Salterio de Utrech*. Na miniatura do manuscrito custodiado na British Library (Londres, BL, Harley Ms 603, fol. 67v) non é David en solitario quen permanece no burato, senón varios personaxes -alusivos probablemente ao pobo de Israel- e paralelamente a eles vese un resucitado saíndo do seu sartego. No apartado dedicado á relación de David e o Xuízo Final no capítulo 4 xa mencionei varios exemplos do corpus nos que esta asimilación entre o Rei bíblico saíndo do burato e os resucitados saíndo das tumbas se fai explícita. Lembro, en particular, a eficaz tradución visual do paralelismo en Cambridge, Harvard Univ, Houghton Lib, Richardson 042, fol. 90 (seq. 183)[69] (cat-336). Cabe mencionar outra iluminación dos Salmos Penitenciais na que, se ben a escena do Xuízo Final está ausente, o vínculo coa idea da resurrección é potente, pois David amósase nela saíndo do que parece ser propiamente unha tumba (a cuberta do sartego

68 Christine de Pizan 2017, 18

69 Ver capítulo 4, epígrafe 4.2.3. A asimilación de David cun resucitado do último día rexístrase tamén noutro manuscrito do corpus no que, sen embargo, non existe relación explícita entre o rei e a estampa do Xuízo Final: o vínculo establécese a través dunha brillante coroa que loce o Músico -pintado na inicial dunha páxina- e a coroa dun dos resucitados que sae do sepulcro, na páxina contigua (Nova York, PML, M.866, 78v-79r), o único resucitado que aparece identificado por un detalle da indumentaria

aparece apartada a un lado do burato) (Baltimore, Walters Art Museum, W. 0276, *incipit* do salmo 6)[70].

En relación co tema da resurrección, por outra parte, suxiro considerar un texto en conxunción con certas imaxes de David nun foxo nas que, ademais, destácase a presenza de varios troncos de árbores cortadas. Trátase do texto de Xob que menciona as árbores cortadas que teñen esperanza de reverdecer (*Lignum habet spem...)* (Xob 14, 7-12), a diferenza do que lle acontece ao home que falece, que debe esperar ao último día. O fragmento que precede inmediatamente a esta alusión ao agromar das árbores (Xob 14, 1-6) e o que lle segue a continuación (Xob 14, 13-16) forman parte da liturxia do Oficio de Defuntos e están presentes tamén na sección do Oficio de Defuntos dos libros de horas[71]. Trátase dun texto moi suxestivo, en particular o segundo fragmento citado, para ler certas imaxes de David nun burato, sobre todo porque inclúe o termo "furor", vocábulo que probablemente debeu evocar en quen o pronunciase o recordo da palabra clave que identifica o inicio doutra sección do seu libro de horas, a dos Salmos Penitenciais. A palabra furor no texto de Xob está asociada á idea dunha ocultación temporal (o autor pide a Deus que o oculte no "inferno" ata que pase o seu furor). Tomás de Aquino, no seu comentario de Xob 14 trata o tema da Resurrección e alude á penitencia como alivio ante o temor do último día. Aquel intervalo temporal é, segundo o teólogo, o tempo que transcorrerá ata o día da Resurrección. Deus non esquece os pecados dos homes, advirte Tomás de Aquino, pero a misericordia divina non está excluída, grazas ao perdón dos pecados a través da penitencia[72]. Mesmo se o fragmento alusivo ás cachopas ("hai esperanza para as árbores cortadas...") non está presente na lección correspondente do Oficio de Defuntos nos libros de horas, resulta moi tentador imaxinar a inevitable evocación do fermoso e sonoro versículo á vista de imaxes como as que se rexistran en dous manuscritos franceses parisinos de principios do século XV e nas cales se amosa a David nun burato, orando cara unha visión da figura divina, e rodeado dun significativo

---

70 Owen 1989, 34 fig. 6. Menciono a referencia do manuscrito tal e como aparece no artículo de Margaret Owen, aínda que non estou segura de que sexa correcta. O manuscrito non está dixitalizado en Digital Walters e tampouco o localicei na páxina web do Museo (consultado 22.01.2023). Non menciono o número de folio do manuscrito onde se atopa a imaxe pois Margaret Owen non proporciona o dato. Debido a estas incertezas a imaxe non foi incluída no corpus.

71 Véxase o texto de Xob 14, 1-6 e 13-16 na lección quinta do Oficio de Defuntos nun códice baixomedieval de procedencia navarra en: Baldó e Pavón 2016, 192.

72 "*et ne ista signatio divinam misericordiam excluderet, subdit sed curasti iniquitatem meam, quasi dicat: sic pro peccatis reservas poenam quod tamen per poenitentiam delicta curas*" (Tomás de Aquino 2000-2019, *Caput 14.)*

número de troncos cortados. (Bloomington, Indiana Univ, Lilly Lib, Ricketts 118, fol. 78v (cat-267); París, B Mazarine, ms. 0469, fol. 83r (cat-1036).

5.1.2.3. A imaxe de David semienterrado no *Salterio-horas de Yolande de Soissons*

Nova York, PML, M.0729, Fols. 345v - 346r (cat-890)

Calquera das metáforas anteriormente suxeridas, e outras que seguramente se me escapan, puideron contribuír a enriquecer a meditación devota en torno ás ilustracións de David metido nun burato ou semienterrado. Considerar capas de lectura resulta especialmente tentador no caso daqueles manuscritos que ofrecen programas iconográficos máis complexos, como sucede co Salterio-horas de Yolande de Soissons[73]. Por esta razón, e con todas as precaucións, quixera aportar a miña visión sobre unha das imaxes máis pintorescas de David semienterrado que nos ofrece o corpus, que é tamén unha das máis temperás[74].

Non hai dúbida de que o manuscrito foi realizado na derradeira década da décimo terceira centuria para unha muller nobre laica que viviu na diocese de Amiens, pero Alison Stones desbota a idea tradicional de considerar que esta fose Yolande de Soissons como destinataria primeira, e tampouco cre que sexa ela a devota retratada no fol. 232v. Na súa opinión, a parte do códice que é libro de horas tería sido concibido inicialmente para Comtesse[75] de la Table - dama do Señorío de Coeuvres e segunda esposa de Raoul de Soissons- e foi trala morte desta, arredor de 1300, cando o libro de horas se adaptou para Yolande de Soissons - filla da primeira esposa de Raoul de Soissons- e o seu esposo, Bernard V de Moreuil. O libro de horas adaptado integrouse posteriormente cun salterio que xa fora especialmente deseñado para Yolande de Soissons e o seu esposo. Seguindo

73 Dedicaron a este libro traballos monográficos (as súas teses de doutoramento) Karen Gould (1975) e Alexa Sand (1999). A primeira publicou unha monografía sobre o tema en 1978 e Alexa Sand dúas contribucións máis en 2005 e 2007). Destacan tamén as achegas ao exame deste manuscrito de Alison Stones: Stones 2004 ; 2013-2014, I, vol. 2, 230-239. Nesta última contribución a autora proporciona unha descrición do contido do códice, reconstrúe a historia da elaboración do manuscrito, formula a súa hipótese sobre o patrocinio e autoría das miniaturas e nos regala cunha bibliografía exhaustiva.

74 Como no caso do libro de horas de Étienne Chevalier, tamen para dilucidar a imaxe de David neste libro de horas foi fundamental para min o enfoque de lectura do programa pictórico realizado por Alexa Sand na súa tese de doutoramento e en contribucións posteriores, traballos que guiaron algunhas das ideas que propoño nas páxinas que seguen.

75 Comtesse é nome propio, non título, e esta circunstancia ten xerado bastante confusión na bibliografía (Stones, 2013-2014, Part I, vol. 2, 236)

coa teoría de Stones, na iluminación participaron dous artistas. Ambos realizaron iniciais menores, iniciais historiadas e miniaturas a páxina completa, e varias partes do manuscrito foron iluminadas por ambos en colaboración. O primeiro miniaturista decorou o libro de horas e parte do salterio e o segundo miniaturista incorporouse na etapa final, cando as dúas partes concibidas e executadas orixinalmente separadas se xuntaron. As iluminacións do comezo dos salmos penitenciais no libro de horas (miniatura a páxina completa e inicial) serían obra, polo tanto do primeiro miniaturista[76].

Como xa tivemos ocasión de ver, David aparece na inicial do texto dos Salmos Penitenciais neste manuscrito asomando da boca dun montículo de terra e rodeado de árbores [**Fig. 173**]. Este montículo é unha variante do soterramento de David da que non coñezo equivalente. A inicial contén así mesmo a máis precoz imaxe da que teño noticia do Rei espido dentro do foxo. O que si ten en común esta imaxe con outras de David semienterrado rexistradas no corpus é o feito de ter sido obxecto dalgunha descrición inexacta ou de que se pasase por alto o detalle de estar o Rei metido nun foxo. Alexa Sand obvia o soterramento e incluso describe a imaxe nalgún momento como David axeonllado ("*David kneeling and repentant*"), ao tempo que lle resta interese encadrándoa dentro das inicias do manuscrito que ofrecen unha iconografía "convencional"[77]. A que si foi obxecto de análise, en cambio, é a miniatura contigua no códice, na que se amosa unha crucifixión[78]. Nesta imaxe representouse unha cruz da que nacen pólas con follas e ao pé dela a Moisés, Xoán Evanxelista termando da Virxe traspasada por unha espada, o Centurión, Caifás e Balaam, identificados todos –agás Xoán e María- mediante inscricións en filacterios. Trátase dunha imaxe que non se empregou en ningunha outra iluminación dos Salmos Penitenciais que eu coñeza.

Alexa Sand argumentou que o texto e o programa pictóricos deste manuscrito foron deseñados para a destinataria, baixo a dirección dalgún membro da súa familia e

76 Stones 2013-2014, Part I, vol. 2, pp 233-237

77 Sand 1999, 52.

78 As miniaturas son contiguas no manuscrito tal e como se conserva hoxe na Pierpont Morgan Library, e probablemente o foron tamén na disposición orixinal. Sand (1999, 18-20, 47-48) recolle as diferentes reconstrucións que sufriu tras a extracción de miniaturas e reinserción errónea das mesmas posteriormente. Estes erros tentounos corrixir Erci Millar na encadernación moderna para a PML en 1928. Alexa Sand, que destaca a imposibilidade de ofrecer unha reconstrución certa para o ciclo preliminar, non cuestiona no seu traballo a disposición da iluminación na parte do códice dedicado ao libro de horas e, polo tanto, o emprazamento actual da miniatura que precede aos Salmos Penitenciais. Alison Stones (2013-2014, I, vol. 2, 235) tamén considera básicamente correcta a reconstrución levada a cabo por Millar.

coa contribución dun guía espiritual, e viu a esta muller como unha persoa capaz de establecer conexións entre as miniaturas do seu códice (e non necesariamente na orde en que estas se presentan), relacionalas co texto adxacente pero tamén con outros textos, tanto en latín como en vernácula, así como con imaxes ausentes no manuscrito pero presentes na súa memoria. Da súa análise desta obra Alexa Sand deduciu pois a habilidade da lectora para moverse entre o ámbito pictórico e o verbal e dentro deste, entre o latino e o vernáculo (no propio códice predomina o latín pero tamén conta con textos en vello francés picardo). Argumentouno en particular a partir das iluminacións a páxina completa do Oficio de Defuntos e a dos Salmos Penitenciais, pois ambas parten de textos de natureza diversa e esixen da devota habilidade para, en primeiro lugar, identificar a fonte textual da imaxe e, a partir dela, establecer as asociacións retóricas e visuais pertinentes[79].

A imaxe da Parábola do Unicornio representada no inicio do Oficio de Defuntos (fol. 354v) relaciónase cunha das fábulas incluídas na lenda semi-haxiográfica de Barlaam e Josaphat, tal e como xa sinalase Karen Gould, que identificou como fonte da imaxe no libro de Soissons unha versión da parábola en vernácula, escrita probablemente entre 1186 e 1220 por Gui de Cambrai. Gould ofrece como exemplo doutro emprego desta fábula en asociación tamén cun contexto funerario a súa representación nun relevo dun sepulcro francés da Igrexa de Saint-Jean de Joigny[80]. Alexa Sand considera que alén da identificación iconográfica e alegórica da fábula realizada por Karen Gould cómpre ter en conta o nivel de interpretación moral, que argumenta aducindo a presenza da imaxe nun manuscrito de finais do século XIII (BNF fr. 17115, fol, 226v.) no que ilustra o comezo dunha colección de citas de autores cristiáns e pagáns relacionadas coa necesidade de lembrar a morte para alcanzar a salvación. Os exemplos do sepulcro de Joigny, do códice de Soissons e do manuscrito da BNF implican, segundo Sand, unha tradición textual e pictórica da fábula do unicornio que circulou extractada da Lenda de Barlaam, fíxoo por canais vernáculos e asociada a temas relacionados coa alma e a súa sorte tras a morte. A comprensión da imaxe por parte da destinataria tería esixido, en

79 Sand (1999), pp. 53-54, 71.

80 Gould 1975, 217-24, 226-227. A autora menciona o sepulcro de "Adelaide of Champagne" en Joigny pero, a xulgar pola imaxe que dá deste relevo na lámina 89 do seu traballo, debe referirse ao da Condesa Aélis de Joigny. Pódese consultar a imaxe en: https://bourgognemedievale.com/departement-et-pays/yonne/pays-auxerrois/joigny/

opinión desta autora, coñecer o relato, capas de esexese asociadas ao mesmo e incluso imaxes que a formularon[81].

A miniatura a páxina completa dos Salmos Penitenciais ten unha relación aínda máis estreita coa súa fonte textual, tamén determinada por Karen Gould[82]. Trátase do tratado de meditación coñecido como *Lignum vitae*, obra de Boaventura. A peculiar elección como ilustración dos Salmos Penitenciais dunha imaxe vinculada a este texto xustificaríase segundo Alexa Sand polo sutil vínculo entre este tratado de meditación sobre a Paixón de Cristo e a actividade penitencial asociada á Coresma. E o estreito vínculo entre a obra de Boaventura e a imaxe da árbore da vida, tal e como considerara esta autora, se explica non só porque o propio autor pediu "pensar nunha árbore" para orientar a meditación sobre a vida, Paixón e Resurrección de Cristo senón porque o texto se ilustrou pronto nalgúns manuscritos con imaxes esquemáticas de crucifixións sobre árbores diagrámaticas, que actuaban como táboa de contidos. A "árbore da vida" de Soissons, porén, carece dese carácter diagramático, o que a vincula de modo máis estreito co texto en lugar de coas mencionadas ilustracións, un vínculo que reforza a aparición da Virxe traspasada por unha espada, detalle aludido expresamente nun dos apartados do *Lignum vitae*[83].

Alén do texto de Boaventura, a presenza de Balaam na imaxe da Crucifixión, xustificada en opinión de Alexa Sand pola súa profecía sobre Números 24:17 (*Orietur stella ex Jacob, et consurget virga de Israel*), engadiría á interpretacion da árbore como *lignum vitae* o seu papel como árbore xenealóxica, expresión visual da xenealoxía humana de Cristo. Finalmente, outro aspecto crucial para Sand no que se refire a esta imaxe é o da súa relación coas tres miniaturas a páxina completa dunha Crucifixión que a preceden en diferentes folios do mesmo códice. Dúas delas amosan o sacrificio de Cristo desprovisto de carácter narrativo mentres a terceira exhibe profusamente detalles narrativos e históricos. En opinión desta autora, o vínculo visual entre estas imaxes levaría a espectadora a meditar en todos os aspectos da crucifixión - humanos, históricos, divinos, incluso cosmolóxicos- para desembocar, no inicio do texto dos sete salmos, na versión mística e alegórica da "árbore da vida", descrita por Boaventura[84].

81 Sand 1999, 58-62.

82 Gould 1975, 207-212.

83 Sand 1999, 64.

84 Sand 1999, 71.

A dinámica de lectura e interpretación das miniaturas a páxina completa do Oficio de Defuntos e dos Salmos Penitenciais proposta por Alexa Sand invita a aplicar esta óptica á máis modesta imaxe da inicial do último texto, sobre a que nin Karen Gould nin esta autora fixeron ningún comentario substancial. No marco do previsible coñecemento de lendas en vernácula esixible da destinataria, non resulta impensable que esta puidese ter tamén noticia dalgún relato relativo á penitencia de David "*in terram*", o cal xustificaría a presenza da imaxe no *incipit* dos Salmos Penitenciais neste códice. Materializaríase así, tamén no encabezamento desta sección do libro de horas, esa bagaxe intelectual "bilingüe" (latina -imaxe do *Lignum vitae*[85]-, e vernácula -imaxe de David nun burato-) necesaria, segundo Sand, para afrontar a lectura devota deste manuscrito. E seguindo coa liña de interpretación establecida por esta autora apelando ao bilingüismo das imaxes creo que cabe incluso ir máis alá na consideración destas iluminacións, acudindo á oportunidade que nos ofrece outra lenda, para enlazar a maiores as dúas imaxes que presiden os sete salmos neste códice. Porque nin nos estudos monográficos de Sand e Karen Gould, nin en ningunha outra contribución da que eu teña noticia se estableceu vínculo ningún entre a inicial historiada que contén a David e a "árbore da vida" contigua a ela.

Unha crucifixión alegórica cuxo fundamento é a expresión arbórea do instrumento do sacrificio de Cristo e que ten nas súas inmediacións unha imaxe de David facendo penitencia ben podería ter relación con algunha versión da lenda relativa á árbore da que procede a Santa Cruz na que estea implicado o rei bíblico. Na *Legenda aurea*, no capítulo dedicado á "Invención da Santa Cruz", ofrécese pormenorizada explicación do complicado periplo que sufriu a árbore da que procede a madeira do instrumento do sacrificio de Cristo, e cítanse moitas fontes autorizadas, pero ningunha delas menciona a David[86]. Existen, con todo, variantes en vernácula desta lenda que remontan ao século XIII e que si incorporan o rei bíblico[87]. Nelas cóntase que David, que chegou a estar en posesión da árbore da que procede o santo madeiro, adoitaba facer penitencia ao pé dela lembrando os seus pecados de adulterio e homicidio, e nestas circunstancias compuxo o *Miserere* primeiro e, a continuación, o salterio completo. Segundo Clare Costley

85 Non se coñece versión en vernácula deste texto anterior á década na que está datado o libro de horas de Yolande de Soissons (Sand 1999, 53).

86 Iacopo da Varazze 1982, 1: 287-294.

87 Huttar 1980, 49, 189 n. 41.

King'oo, a máis antiga versión dunha destas lendas é latina, aínda que xa no poema devocional coñecido como *The Northern Passion* -tradución ao inglés de comezo do século XIV dun texto francés anterior- se incorpora este relato a un texto en lingua vernácula. Resulta interesante o feito de que *The Northern Passion* foi incluído en homiliaros, vía pola que tería feito a súa entrada no sermón parroquial[88]. Outra das versións en lingua inglesa deste relato está recollida no coñecido como Manuscrito Vernon, da Bodleian Library (Oxford, Bodleian Library, MS Eng. poet. a. 1), códice datado na derradeira década do século XIV que compila textos en vernácula de ampla circulación xa en centurias precedentes[89]. Non resulta desatinado pensar, polo tanto, que unha lenda da que consta ampla difusión no século XIV, e por canles dirixidas ás persoas laicas, fose familiar á instruída destinataria do chamado *Libro de Horas de Yolande de Soissons*, e, se así foi, resulta inevitable inferir que a evocase á vista da dobre páxina iluminada que inaugura os sete salmos no seu libro de horas. Porque o certo é que a imaxe de David, malia situarse no seo dunha inicial, posee envergadura abonda como para inmiscirse con forza na experiencia da contemplación da miniatura contigua.

Na súa conclusión sobre a miniatura da árbore da vida no *Libro de Horas de Yolande de Soissons*, Alexa Sand fai un símil interesante -acudindo ao fenómeno das ondas concéntricas que fai unha pedra na auga- para suxerir como afrontaría a ilustración do *lignum vitae* a lectora do libro[90]. Na comparación que establece, a fonte textual identificada pola devota sería a pedra en torno a cal se xerarían toda unha serie de asociacións, textuais e figurativas, internas e externas. Creo que cabe extrapolar esta óptica á consideración da imaxe do rei semienterrado, particularmente polo que se refire á súa relación con outra inicial (a do salmo 68) que a precede na parte do manuscrito consagrada ao salterio[91]. A representación da auga en forma de pirámide líquida que deixa ver o corpo de David espido nesta miniatura fai coincidir a silueta do elemento que acolle o rei na inicial do devandito salmo neste códice (fol. 86r) coa dese montículo no que

88 King'oo 2012, 40, 211 n. 41.

89 Datado c. 1390-1400 (Scase 2014). Pode consultarse a transcrición da lenda neste manuscrito en: Morris 1871, 19-61. A penitencia de David nesta publicacións descríbese na páxina 31.

90 Sand 1999, 72

91 O vínculo que a seguir establezo entre a inicial do texto dos Salmos Penitenciais na parte do códice que é libro de horas e a do Salmo 68 na parte que é salterio estaría referido a etapa na que o manuscrito pertenceu xa á familia de Yolande de Soissons, posto que é cando o libro de horas se reuniu co salterio. A realización das iniciais do salmo 68 e do 6 poden non ser coetáneas, e, seguindo as explicacións de Alison Stones, incluso é probable que a do salmo 6 do libro de horas -atribuída por esta autora ao miniaturista 1- sexa anterior á do 68 do salterio, atribuída ao miniaturista 2.

tamén David asoma núo, máis adiante, na inicial do primeiro salmo penitencial. [**Figs 173(1)b]** (cfr, con **Fig. 173(2)**). A forma cónica que ilustra o salmo 6 é de terra e a do 68 de auga, pero hai que recordar que o texto deste último salmo non fai unicamente alusión ao líquido, senón que cita simultaneamente o lodo (68, 2-3), alén de presentar o salmista, noutro versículo (68, 11-12), como penitente (en termos de práctica do xexún e adopción do cilicio):

> *2 Salvum me fac Deus quoniam intraverunt **aquæ** usque ad animam meam. 3 Infixus sum **in limo** profundi et non est substantia.Veni in altitudinem maris et tempestas demersit me.(...) 11 Et operui **in jejunio** animam meam et factum est in obprobrium mihi. 12 Et **posui vestimentum meum cilicium** ;et factus sum illis in parabolam.*
>
> [Sálvame Deus, porque as augas penetraron ata a miña alma. 3 Inmerso estou na lama profunda, sen poder facer pé. Cheguei a alta mar e envolveume a tempestade. (...) 11 Aflixinme co xexún e fixeron escarnio de min. 12 Vestín o cilicio e fun o conto de todos]

Que a persoa que observase estas imaxes chegase a establecer un vínculo entre as dúas ilustracións non debería, polo tanto, excluírse, pois, alén do emprego de similar forma cónica nos elementos que acollen a David en ambas as dúas, existen outros factores susceptibles de enlazalas. Estamos ante un mesmo personaxe, espido en ambos casos, que no texto do salmo 68 se declara rodeado de auga e afundido na lama, e do cal se mencionan prácticas expiatorias como o xexún e o cilicio no propio salmo. A actividade penitencial é obvia, dado o contexto, no caso do personaxe representado na outra inicial, a primeira dos Salmos Penitenciais. Diríase que no noso manuscrito aparecen separados esa auga e ese lodo que nalgunha miniatura do salmo 68 pouco posterior se ven reunidos, tal e como acontece na ilustración deste texto no *Libro de Horas de Jeanne d'Evreux* (Chantilly, Musée Condé, S. 51, fol. 43v) e doutro manuscrito atribuído ao mesmo ambiente artístico (Waddesdon Manor Ms. 2, fol. 100v). En ambas iluminacións, David amósase espido nunha sorte de emparedado de auga e terra[92] [**Fig. 174**].

En relación con este vínculo que estou a considerar para o códice de Yolande de Soissons entre a iluminación do salmo 68 e a páxina inaugural dos Salmos Penitenciais, baseado nos acentos penitenciais do texto do primeiro, creo que pode resultar revelador

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

92 Hamburger 1981, figs. 27 e 29

o feito de que, varios séculos máis tarde, no chamado *Salterio de Enrique VIII* de Inglaterra, se empregase unha imaxe penitencial do rei David propia das ilustracións dos sete salmos -acompañado do Anxo do Señor sostendo tres obxectos- para ilustrar, precisamente, o salmo 68 (Londres, BL, Royal MS 2 A XVI, fol 79r**)**. Abunda nesta interferencia entre a iconografía de ambos salmos algunha imaxe do corpus que presenta a David nos Salmos Penitenciais aparentemente somerxido nas augas no canto de estar metido na terra[93]. Que a persoa que observou estas imaxes chegase a establecer esa asociación entre as iniciais dos dous salmos baseada na mención da auga e o lodo ou no contido penitencial do texto do salmo 68 entra dentro do posible, pero en todo caso, do que non cabe dúbida é que tivo que percibir o vínculo entre ambas imaxes, tendo en conta ese perfil característico de forma cónica no elemento que acolle as dúas figuras de David espido -que ademais son practicamente xemelgas- en cadansúa letra historiada. Os fíos que vexo tendidos entre as dúas miniaturas serían coherentes, por outra parte, coa complexa trama interna de relacións entre moitas das ilustracións do Salterio-libro de horas de Yolande de Soissons que estableceu Alexa Sand[94].

Cómpre recordar, noutra orde de cousas, que o de Soissons é o primeiro exemplo do corpus no que David se ve nu. En relación con esta aparencia do Rei no texto penitencial cabe citar unha pasaxe de Pseudo Gregorio o Grande no seu comentario sobre os Salmos Penitenciais, na cal se especifica que para a contrición da penitencia hai que ter presente a imaxe dun home ferido e espido nun montón de excremento ou esterco:

> *Ponamus ante mentis oculos aliquem graviter vulneratum, et vix jam ultimos hujus vitalis aurae trahentem anhelitus, qui et nudus in sterquilinio jaceat...* [95]

---

93 A miniatura na que vexo isto con máis claridade e a dun manuscrito italiano datado no terceiro cuarto do século XV (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, Ms 148, 67r) (cat-294). O corpus rexistra outra, Nova York, PML, MS M.287, fol. 87r, (cat-845) na que tamén se aprecia ben a imaxe de David rezando semiespido no medio da auga, pintado na viñeta inferior esquerda da páxina, pero o certo é que esta imaxe convive con outra tamén marxinal do rei sinalando os ollos, polo que quizais a súa presenza aquí sexa debida á vontade de situar en torno ao rei orando outras imaxes arquetípicas de David, habituais na apertura das seccións dos salterios. Unha terceira imaxe do corpus me parece máis dubidosa, a de París, BNF, Smith-Lesouëf 22, fol. 265r (cat-1144). Na obra de François Avril, Marie-Thérèse Gousset e François Aniel dedicada aos manuscritos iluminados italianos descríbese como "*David inmergé dans l'eau*" a miniatura dos salmos neste libro de horas e misal datado a finais do século XIV e comezo do XV (Avril, Gousset e Aniel 2005, 92-96) A dixitalización en branco e negro de Gallica non permite verificar se se trata dunha inmersión en auga ou se a figura está enterrada.

94 Sand 1999, 7-11

95 Gregorio Magno, PL 79, col. 582 (cita tomada de Staley 2007, 69).

[Poñamos ante os ollos da mente alguén ferido de gravidade, que apenas respira o derradeiro alento de aire vital, e que xace espido nunha esterqueira...]

E cabe sinalar tamén que cando Tommaso da Celano, na súa primeira biografía de San Francisco, interpreta o simbolismo das ás do serafín -imaxe que se empregou tamén en relación coa penitencia- explica que o corpo é denudado polo pecado e vestido pola contrición e a confesión (que son o último par de ás)[96]. Imaxes mnemotécnicas deste tipo poderían orientar tamén a lectura dunha figura penitencial de David espido como o que se nos mostra no manuscrito de Yolande de Soissons. A nudez de David, como xa vimos, non será excepcional no futuro nas ilustracións dos Salmos Penitenciais, particularmente en manuscritos italianos do derradeiro tramo do século XV. Falar da nudez asociada a penitencia obriga, ademais, a recordar as imaxes de prácticas penitenciais que implican a nudez ou seminudez dos penitentes. Refírome aos actos de flaxelación ou autoflaxelación, no ámbito público e privado. Como xa vimos, a práctica da flaxelación tivo a súa expresión nos libros de horas, tanto nalgunha imaxe dos sete salmos como noutras da Procesión de San Gregorio nas Ladaíñas[97]. Finalmente, cabe situar tamén a imaxe de David espido no máis amplo contexto dos ritos prescritos para a realización da penitencia pública non solemne, os cales, tal e como se recolle na Ley XX do Título IV da I Partida de Afonso X o Sabio, prescriben que o penitente "*ande desnuo o en pannos menores*"[98].

A este rosario de evocacións que me permito suxerir para a imaxe pintada na inicial do *incipit* do salmo 6 no libro de Yolande de Soissons resulta tentador engadir, por último, o símil do pecador como verme de terra que, como xa mencionei máis arriba, empregou Christine de Pizan na súa paráfrase dos Salmos Penitenciais (con referentes

96 Meiss 1988, 144, n. 59. A relación da penitencia coa figura do serafín deriva do tratado *De six aliis cherubim,* atribuído a Alain de Lille, que inclúe a lista das etapas da penitencia nas ás deste ser celestial (Evans [Michael] 1982, 23). Sobre a utilización deste motivo como diagrama para expresar diversos conceptos e como imaxe mnemotécnica, en particular relacionados con vicios e virtudes, véxase tamén Saxl 1942, 108-109; Bolzoni 2009, 81-83.

97 O rei David semiespido e sendo flaxelado pode verse na miniatura do salmo 50 das Horas De Brailes (Londres, BL, Additional 49999, fol. 72r) (cat-550) e coa mesma indumentaria, practicando a autoflaxelación en Madrid, BNE, VITR/24/3 , páx.188 (cat-649). Flaxelantes semiespidos na procesión de San Gregorio nas *Belles Heures do Duque de Berry* (Nova York, The Metropolitan Museum of Art, Acc. No. 54.1.1, fol. 74v).

98 Afonso X 1975, 30

bíblicos en Xob 25, 6 e no Salmo 22, 6)[99]. Se algunha vez puido ser evocado o verme en relación coa figura de David nun burato, o certo é que ningunha imaxe do corpus ofrece máis axustada expresión visual da metáfora que esta figuriña de David xurdindo, cal miñoca, dun montículo de terra (salvo, quizais, algunha outra na que o penitente se ve rodeado do que parece unha morea de terra expulsada, como a que deixaría calquera criatura habitante do subsolo, logo de saír á superficie [**Fig. 206**]).

As distintas capas de lectura que se acumularían nesta inicial poderían chegar a abranguer, pois, desde a evocación de lendas relacionadas coa Santa Cruz e a penitencia de David ao pé dela -que a vincularían á ilustración do folio adxacente neste códice- ata o eco do texto e ilustracións do salmo 68, que a enlazarían cun folio precedente do mesmo manuscrito [**Fig. 175**], pasando polo eventual impacto de imaxes mnemotécnicas de axuda na práctica penitencial que asocian nudez e dúas partes do sacramento (contrición e confesión), así como evocación da terceira parte nas escenas de satisfacción (imaxes de flaxelación).

Todo o cal non impide considerar que a pedra que orixinou as posibles ondas de lectura en torno á imaxe de David fose unha daquelas hipotéticas narracións que puideron dar orixe ás imaxes de David semienterrado, algunha das que inspiraron quizais a De Brailes e, máis tarde, a composición da miniatura do *Libro de horas de María de Navarra*. Así considerado, o iceberg do que veño falando ofrecería outra punta nesta ilustración, cunha variante na nudez de David en cuxa orixe puideron confluír diversos factores (a tradición figurativa, a mnemotecnia ou a mímese da práctica penitencial). En calquera caso, trátase dunha imaxe cuxos trazos máis significativos -David asoma dun burato e ademais faino estando espido-, coinciden con aspectos da narración que dous séculos máis tarde aparecerá desenvolvida de xeito insólito na truculenta historia que o mallorquino Capons lle contou ao impresor Caxton.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

99 Christine de Pizan 2017, 18

5.2. DECONSTRUCIÓN DA PAISAXE PENITENCIAL: PINTAR A DISTANCIA, RETRATAR A VIDA SOLITARIA

Os libros de horas, e as ilustracións de David solitario nos Salmos Penitenciais en particular, ofrécennos un rico xacemento de imaxes no que pescudar sobre as estratexias empregadas en época medieval para pintar a paisaxe penitencial. Deixando á parte buratos e covas -motivos cuxa aparición na ilustración dos sete salmos podería ter máis que ver, como máis arriba suxerín, cun substrato literario e quizais tamén lendario, susceptible de lecturas máis ou menos alegóricas- o certo é que a revisión da ampla serie de ilustracións recollidas no corpus permite entresacar outra serie de elementos recorrentes, de alcance moito máis modesto pero non por iso carentes de interese á hora de afondar na lectura destas imaxes.

As paisaxes nas que se empraza o Rei arrepentido nas iluminacións dos libros de horas na época de maior produción deste tipo de obras presentan trazos comúns -aínda que atenuados- cos que ofrecen as imaxes contemporáneas doutros penitentes, como os ermitáns Antonio ou Xerome, ou coas pinturas da Tebaida. Diríase que nas dos salmos, ademais, sublíñanse aspectos destinados a por de relevo a idea de que David se retirou a penar os seus pecados a moita distancia da súa morada. É esta unha idea que, se ben non semella ter unha base firme no texto bíblico, parece que acabou callando visualmente, ata o punto de chegar a fraguar nunha estampa canónica do Rei bíblico. Por outra parte, o feito de que a evocación do retiro estea na base destas ilustracións fai que a paisaxe comparta características coa daquelas outras escenas que nos libros de horas tamén mostran personaxes afastados dun territorio habitado, particularmente as que implican a idea de percorrer unha distancia (a Visitación e a Fuxida) pero tamén as que se desenvolven propiamente en lugares remotos (Natividade, Crucifixión e, sobre todo, a Anunciación aos pastores). De aí que o medio paisaxístico nestes casos, sobre todo nos libros de horas máis estandarizados, se reproduza ás veces case idéntico nas iluminacións que conteñen estas escenas –incluída a de David- revelándose como un pano de fondo intercambiable [**Figs. 215**]. Nalgúns libros de horas este emprego da paisaxe como equivalente do retiro ten maior peso nas imaxes da Visitación no Oficio da Virxe e a de David nos Salmos Penitenciais, o cal explica que nun libro de horas francés de finais do século XV María e Isabel se mostren diante dun río que parece ser o mesmo que se continúa, uns folios máis adiante, na estampa de David: Nova York, PML, M.0083, fol.

USC DE COMPOSTELA

43v (Visitación) e fol. 99r (David). Quizais non sexa fortuito este vínculo visual entre ambas imaxes nalgúns libros de horas se temos en conta que xa Petrarca, na súa obra *De vita solitaria*, presentou este episodio da vida de María como se se tratase dunha viaxe iniciática da Virxe á soidade, cando a nai de Deus, encinta, se dirixiu cara as montañas[100].

Noutras ocasións, en cambio, a paisaxe nas imaxes do Rei arrepentido ofrece aspectos diferenciadores destinados a acentuar a súa soidade. Un exemplo curioso é o que nos ofrece un libro de horas francés tardío no que na escena da Visitación, da Natividade e a de David empréganse elementos arquitectónicos clásicos, algúns en estado de ruínas, para subliñar a distancia na que se sitúan os personaxes respecto dun espazo con construcións contemporáneas. Pero é na miniatura de David onde o contraste se establece de modo máis marcado, dun xeito case *naif*. As construcións de trazado clásico que acollen o rei bíblico, emprazadas nun ámbito de natural verdor onde este se amosa axeonllado, contrastan co espazo que se albisca ao fondo, un terreo artificial por onde se pasean unha serie de personaxes rodeados de construcións de estilo nórdico (Besançon, BM, ms. 0127, fol. 56r) (cat-254). Este emprego da linguaxe arquitectónica con ese carácter adxectivador do retiro e a distancia non ten equivalente, así e todo, noutras iluminacións do corpus, onde si atoparemos en máis ocasións o recurso a outros motivos e a personaxes susceptibles de acentuar dun xeito ou doutro o afastamento de David.

5.2.1. Pastores, muíños e muiñeiros

Os pastores, debido á dinámica propia do seu traballo, son persoas cuxo labor en certos períodos do ano consiste, precisamente, en afastarse, desprazándose ata lugares inhóspitos e agrestes na procura dos mellores pastos. Na mesma obra que acabo de citar de Petrarca, o poeta italiano menciona precisamente os pastores como exemplo máis significativo das persoas que viven en contacto coa natureza, afastados -especifica- das murallas das cidades[101]. Quizais sexa esta circunstancia a que determinou a fórmula que sitúa estes personaxes anónimos nos montes que adornan algunhas miniaturas de comezos do século XV, particularmente en códices franceses. Ao meu entender, nas ilustracións de David arrepentido empregouse coa intención de recalcar a idea de que David se afastou tanto do seu pazo ou da cidade de Xerusalén que chegou incluso moito máis aló do que

100 Petrarca 2021, 106.

101 Petrarca 2021, 55.

os pastores na súa transhumancia (París, BNF, Latin 1161, fol. 101r) (cat-1074). A distancia entre as edificacións situadas ao lonxe e a figura de David no primeiro plano nestas ilustracións vese incrementada substancialmente pola presenza intermedia destas figuras e o seu gando, que contribúen a dilatar a paisaxe. Diríase que nesta ecuación cuxos factores son, entre outros, os pastores e os rabaños, o resultado é un incremento notable da separación entre David e a súa morada. Se ben esta estratexia visual é máis familiar en manuscritos parisinos de principios de século tampouco non faltan exemplos no corpus procedentes doutras áreas e realizados en época máis avanzada (A Haia, KB, 076 G 14, fol. 94r) (cat-35). Nalgunha miniatura dos Salmos Penitenciais os pastores cobran especial relevancia. En Londres, BL, Yates Thompson 3, fol. 157 (cat-602), por exemplo, amósase na miniatura que inaugura a sección un pastor e o seu rabaño de maior envergadura que os que adoitan aparecer en miniaturas contemporáneas. Non estamos xa ante unha fórmula discreta consistente en salpicar os montes de figuriñas que, alén de subliñar o afastamento, contribúen a amenizar a paisaxe. Pastor e rabaño xogan nesta miniatura un papel relevante. Cabe ler neles unha evocación da propia mocidade de David como pastor, e asemade un contraste visual entre o personaxe que toca o instrumento musical (unha gaita) e o penitente que, en lugar de facer o propio, reza e mantén o seu (unha arpa) relegado a un lado. Pero o pastor nesta composición semella ter sido utilizado tamén como auténtico resorte espacial para afastar a David de Xerusalén e achegalo ata o recóndito lugar de recollemento do primeiro plano da miniatura, o máis próximo a quen observa. Porque o eficaz paradoxo no caso das miniaturas de David nunha paisaxe agreste é que, a miúdo, ese lugar onde se sitúa o rei, tan afastado da civilización, é o máis próximo á persoa devota que atende á imaxe, favorecéndose eficazmente a comuñón de ambos e o achegamento desta última á experiencia visual do retiro.

Creo que nas miniaturas de principios do século XV este mesmo rol é desempeñado tamén polos muiñeiros que camiñan cargados en dirección aos muíños, e incluso estas construcións cando se presentan illadas nos montes. Como no caso dos pastores, trátase dunha estratexia inspirada na vida cotiá dos humildes, pois baséase na representación de labores e construcións que se sitúan fóra do radio e do confort do ámbito urbano, ou emprazados extramuros (o que se divisa ao fondo das miniaturas en moitas ocasións é unha vila amurallada) (Nova York, PML, MS M.865, fol. 103r) (cat-897). Na maioría das ilustracións que compilei nas que aparecen muíños e muiñeiros, estes ocupan un plano intermedio na paisaxe. Nas iluminacións deste período os muíños son sobre todo muíños de vento pero tampouco non faltan os de auga (Nova York, PML, MS

USC DE COMPOSTELA

M.1004, fol. 78r) (cat-907). Máis avanzado o século, o corpus rexistra algúns exemplos nos que a presenza destas aceas na beira dun río terá máis relevancia. Xustificables probablemente, e ante todo, como apunte paisaxístico, a súa aparición contribúe tamén a incrementar a distancia. Unha vez máis, diríase que o que se quere transmitir é que David se sitúa incluso máis alá daqueles espazos aos que, fóra da urbe, vense obrigados a desprazarse os *laboratores*. E como as ilustracións de David comparten con outras escenas o interese por facer visible a distancia, non resulta estraño que un muíño de auga poida aparecer tamén na paisaxe dunha Visitación: Nova York, PML, M. 358, fol. 40r. Creo que é neste sentido no que se deben interpretar estes muíños, e non no que suxeriu Mark Evans para o papel que xoga o que se exhibe nunha ilustración dos Salmos Penitenciais do Libro de Horas Sforza (Londres, BL, Additional 34294, fol. 218r) (cat-541) [**Fig. 177**]. O autor especula sobre a relación desta construción coa penitencia de David e o seu xexún para rogar pola vida do seu neno, aludindo á súa renuncia a alimentarse de pan[102]. Paréceme que os muíños e os muiñeiros cos sacos ao lombo e os burros cargados con costais de cereal teñen unha tradición moi asentada nas ilustracións de David arrepentido como figurantes da paisaxe, e que isto desbotaría ese alcance narrativo que propón Evans para o motivo na miniatura do libro de horas Sforza[cfr. **Fig. 178**]. En dúas ilustracións máis do corpus os muíños son, como aquí, de maior envergadura, e amósanse próximos ao Rei penitente, (París, BNF, Latin 18015, fol. 111r) (cat-1111) [**Fig. 179**]. Resulta de especial interese a composición localizada nun deles que xa tivemos ocasión de mencionar, o *Libro de horas de Jean Lallement le Jeune*. Cabe recordar que, en cada sección deste códice, unha figura que pode ser Xoán Bautista (en alusión ao nome, ou quizais o santo patrón, do promotor do libro) sitúase ante unha escena representada no fondo da miniatura que é a que aparece convencionalmente en cada un dos apartados dos libros de horas. Na miniatura que inaugura os Salmos Penitenciais, o que o penitente do primeiro plano evoca é a David na eira dunha casa de labor que ten nas súas proximidades un muíño de auga A Haia, KB, 74 G 38, fol. 82v (cat-9). Dá a impresión de que á vontade de reflectir o apartamento físico do Rei se engadise aquí a de representar un distanciamento social en forma de renuncia temporal ao seu status. O monarca expiaría os seus pecados descendendo moitos banzos na escala social, para achegarse ao humilde ecosistema dos labregos. En Manchester, Univ. of

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

102 Evans [Mark] 1994, p. 80.

Manchester Library, John Rylands Library, Latin Ms 39, fol. 46r (cat-674)[**Fig. 89a**] o descenso dos banzos é literal, pois David arrepentido sitúase ao pé dunha escaleira que conduce desde o ámbito nobre do seu pazo ata un espazo de aparencia bastante máis humilde. A alusión a un personaxe nobre desprazado ao mundo dos *laboratores* ten fundamento literario noutro fragmento da Epístola 77 de Xerome, que tamén alude á moenda nun contexto penitencial. Na narración da penitencia que levou a cabo unha seguidora súa, a dama da nobreza coñecida posteriormente como Santa Fabiola, Xerome destaca que, entre outras moitas humillacións e sacrificios, a muller non só renunciou ás súas riquezas (perlas, panos de liño...) senón que "descendeu do trono das súas comodidades, colleu o muíño e moeu a fariña"[103].

5.2.2. Camiños, viandantes, pedras

A imaxe dos muiñeiros co saco de cereal ao lombo encamiñándose cara o muíño introduce en ocasións un sendeiro, outro elemento que axuda a subliñar a distancia na estampa de David arrepentido (Nova York, PML, MS M.84, fol. 88r) (cat-781). Os muiñeiros que adoitan subir empinados carreiros serán substituídos noutras miniaturas por transeúntes anónimos. Estes figurantes actúan a miúdo na miniatura contemporánea como meros adxectivos dos camiños, pero nas estampas de David situado no medio dunha natureza deshabitada diríase que os epítetos transfórmanse en cualificativos, enriquecendo semanticamente, en termos de soidade, a imaxe do rei penitente. Sobre todo cando camiñan en dirección contraria ao penitente e rumbo á cidade, reforzando emocionalmente a sensación de illamento do monarca. E subliñando tamén o seu apartamento da vida mundana, para dirixir a vista en dirección contraria, cara a Deus (Baltimore, Walters Art Museum, W.220, fol. 158r) (cat-194) [**Fig. 180**]. En Viena, Österreichische Nationalbibliothek, Cod.Ser.n. 12878, fol. 76v (cat-1271) [**Fig. 181**], David dálle ás costas aos viandantes que se dirixen cara a cidade e, simultaneamente, a unha figura feminina marxinal cunha roca entre as pernas, que probablemente pretende evocar o pecado de concupiscencia do Rei. Contribúese así nesta miniatura a establecer un vínculo sutil entre a vida mundana e o vicio a través destes personaxes secundarios e marxinais dos que David mantén a vista apartada. Noutros casos, cando o fondo da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

103 Xerome 2013, 845: "*descendit de solio deliciarum suarum, accepit molam, fecit farinam*".

miniatura que acolle a David desenvolve máis en detalle unha arquitectura urbana, a función dos camiños poden cumprila as escaleiras polas que ascenden camiñantes que se afastan igualmente de David: Londres, BL, Additional 35318, fol. 69v (cat-545).

Noutras ocasións é o propio monarca o que se atopa no camiño. E en certas imaxes este aparece sementado de pedras. Pedras e camiño como elementos asociados un ao outro son ingredientes habituais na pintura dos séculos XV e XVI. Con todo, na paisaxe penitencial este elemento cobra particular relevancia. Así, por exemplo, nunha táboa dedicada a Antonio da colección do Metropolitan Museum of Art en Nova York, o santo ermitán semella ter chegado ao primeiro plano do cadro impulsado por un auténtico torrente de pedras que ateigan o camiño no que se sitúa a súa figura[104][**Fig. 182**]. E na miniatura que ilustra a conmemoración de Xoán Bautista nun libro de horas atribuído ao obradoiro de Juan Carrión pode verse como un río se transforma abruptamente nun árido sendeiro inzado de pedras que enmarca a figura do Santo, dándose a impresión de que o ermitán acada nese lugar -un camiño pedregoso-, a cerna do deserto (Nova York, PML, M.0854, fol. 20v).

Nos libros de horas, as pedras empréganse ás veces en todas as miniaturas que acollen unha escena desenvolvida ao aire libre, incluída a de David no medio da natureza, o cal lles resta peso semántico na miniatura dos Salmos Penitenciais . Cando isto non é así, quer dicir, cando só aparecen na proximidade do Rei en actitude devota, ou ben cando aparecen resaltadas dun xeito ou doutro nesta imaxe (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1141, fol. 104r) (cat-1193), as pedras pasan a constituír termos de primeiro orde nese glosario visual que serve para pintar a paisaxe na que se sitúa o rei arrepentido (Dijon, BM, ms. 2969, fol. 87r) (cat-447). A estreita conexión entre pedras e camiños e o acento penitencial que introducen as primeiras explica as imaxes un tanto absurdas do Rei orando no medio e medio dun camiño (Nova York, PML, MS M.234, fol. 96v) (cat-828). Os exemplos máis curiosos son aqueles, relativamente frecuentes, nos que David aparece situado a escasos metros do seu pazo ou mesmo ás portas deste e, aínda así, rodeado de cantos rodados. Isto leva a pensar que as pedras se empregaron tamén para subliñar metaforicamente o recollemento devoto, independentemente do espazo onde este teña lugar. Así, en San Marino, CA, Huntington Library, HM 1124, fol. 123 (cat-1180) as

104 Imaxe obtida da Web Gallery of Art, consultada 10.01.2023: https://www.wga.hu/html_m/m/master/osservan/index.html

pedras situadas no sendeiro que nace no mesmo limiar do pazo semellan marcar o itinerario do retiro, máis espiritual que físico, do rei bíblico.

5.2.3. Ríos e regatos

Neste vocabulario da distancia que se conxuga nas ilustracións da soidade o elemento máis importante de todos é o río, ingrediente fundamental da estampa de David orando nunha paisaxe agreste (aparece nun 30% das imaxes compiladas de David na natureza) (París, B Mazarine, ms. 0506, fol. 63r) (cat-1048). En certos casos o papel do río xógao o foso que rodea o seu pazo cando David se sitúa nas inmediacións deste (Baltimore, Walters Art Museum, W.439, fol. 204v) (cat-217). Á vista do conxunto de iluminacións do corpus que conteñen esta imaxe de David e un curso de auga, nas que o rei se sitúa sempre "do outro lado", o que se deduce é precisamente que este elemento constitúe a fronteira por excelencia coa vida mundana, representada polo pazo e/ou a cidade de Xerusalén situados na outra beira. Resulta significativo neste sentido o procedemento seguido nun manuscrito flamengo no que se mostra no *incipit* do Salterio de San Xerome unha imaxe do santo de gran semellanza coa de David nos Salmos Penitenciais do mesmo libro. A penitencia de Xerome ten lugar nun deserto convencional no que tampouco falta un río, pero este carece do protagonismo incuestionable que ten na miniatura de David, onde a auga se presenta nunha canle a modo de fouce ou foso, como unha auténtica fronteira coa cidade (Nova York, PML, W.0031 (cfr. fol. 103 e 165v) [**Fig. 188, (1)** e **(2)**].

Sen esquecer o eco que puideron ter nos ouvidos contemporáneos as palabras do versículo 3 do primeiro salmo que asocian os xustos con árbores plantadas a carón dos regatos, ou as metáforas do río como elemento purificador que o asimila á confesión que limpa os pecados, resulta plausible considerar que os cursos de auga nesta imaxes foron lidos en xeral- e salvo no caso de miniaturas determinadas[105]- antes de nada, como indicadores dunha fronteira moral. O carácter desta se acentúa cando non hai pontes (o que acontece na maioría destas ilustracións), incrementando psicoloxicamente a distancia e o illamento do penitente (Dijon, BM, ms. 2970, fol. 91r) (cat-448).

105 Un río de maior "calado" semántico sería, por exemplo, o que comentei no caso de New Nova York, PML, MS M.366, fol. 88r (cat-866) (véxase epígrafe 3.5.3.2.2).

Ao meu entender, non se deben confundir estes ríos, tópicos nas ilustracións de David nos Salmos Penitenciais, con outros elementos de parentesco orográfico que poderían ter un alcance diverso. Refírome aos pequenos regatos ou mananciais, tamén presentes nalgunhas ilustracións, especialmente aquelas nas que aparecen pastores. Se os muiñeiros nas imaxes do comezo da décimo quinta centuria son parte compoñente dos camiños, os pastores nas miniaturas contemporáneas están vencellados, en ocasións, a estes illós. Trátase de elementos que os pastores comparten coa iconografía dos ermitáns, pois ambos personaxes se caracterizan por frecuentar os lugares afastados onde brotan os mananciais, onde, "*apenas, sierpe de plata*", nacen os ríos (véxase a expresiva imaxe do encontro de Antonio e Paulo o ermitán arredor dun illó en Nova York, PML, M. 105, fol. 60v). Estes regatiños próximos aos pastores nas paisaxes que enmarcan a David orando constitúen, pois, un factor engadido naquela ecuación que dá como resultado a multiplicación da distancia (Baltimore, Walters Art Museum, W. 167,fol. 78r (cat-170) ; Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms 57, (cat-620); Nova York, PML, M.865.(cat-897); Free Library of Philadelphia, Widener 005 (cat-483). E cando non hai pastores na ilustración, reforzan a evocación, na figura de David, da vida dos ascetas. O corpus ofrece algún exemplo no que o manancial está presente en imaxes nas que están ausentes os rabaños e os seus coidadores (Nova York, PML, M.303, fol 67r) (cat-848). Resultan bastante excepcionais, con todo, as miniaturas nas que isto é así. Cómpre, polo tanto, valorar a presenza do manancial ou regato nas imaxes nas que non hai outra presenza humana máis que a do Rei como signo dunha posible vontade por parte dos artífices que o empregaron de asimilar a paisaxe que rodea a David co deserto físico e espiritual dos ermitáns. Este detalle enriquece substancialmente as imaxes consideradas desde este punto de vista, polo que non é de estrañar que fose empregado por miniaturistas hábiles, como os responsables dun libro de horas datado c. 1480-1490 cuxa iluminación se atribúe a destacados artífices flamengos (Viena, Österreichische Nationalbibliothek, S. n. 13239, Fol. 136r (imaxe 276)[106] (cat-1272) [**Fig. 184**]. Taddeo Crivelli pintou unha curiosa panorámica do ermo na súa imaxe de Antonio no deserto nas chamadas *Horas Gualenghi-d'Este*. Nela acúsase a presenza significativa dun regatiño que, en pronunciada curva, rodea o Santo (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 13, fol. 204v). O

106 Atribúese ao Mestre do Primeiro Libro de Oracións de Maximiliano e ao Mestre do Libro de Oracións de Dresde. Véxase outro illó semellante na miniatura dos sete salmos nun libro que pertenceu a Lorenzo II de Medici: Madrid, Lázaro Galdiano, Mss I15512, fol. 86r (cat-659).

característico meandro percíbese tamén nalgún exemplo de David solitario a carón dun regueiro ou manancial: Nova York, PML, M.56, fol. 100r (cat-766); París, BNF, Latin 919, fol. 45r, (cat-1065).

A presenza do regato reforza a soidade e illamento de David cando na imaxe aparece tamén un río convencional. Porque cando así acontece, o monarca penitente non só se sitúa deste lado dun caudaloso río -na beira contraria daquela que acolle a vida mundana- senón que se afasta aínda un longo tramo, chegando ata o lugar onde están os humildes regatos do deserto. A representación simultánea de dous cursos de auga na mesma miniatura ten referente así mesmo na iconografía dos ermitáns, como pode verse na imaxe de Xoán Bautista nun libro de horas de mediados do século XV (Nova York, PML, M.287, fol. 143r). Nos Salmos Penitenciais topámola en tres manuscritos franceses desta centuria: París, Bibliothèque Sainte-Geneviève, ms. 1277, fol. 74r (Cat-1059); París, BNF, Latin 1369, páx. 189 (cat-1087); Londres, BL, Harley 2934, fol. 82r (cat-580). No último mencionado, o máis antigo dos tres, datado na primeira década do século, ademais de verse rodeado de auga por ambos lados, o rei está metido nun burato, o que acentúa por partida tripla o seu illamento [**Fig. 185**].

5.2.4. Penedos, bosques, árbores e cachopas

Árbores e rochas constitúen ingredientes habituais nas estampas de David solitario no seo da natureza, presentando unha envergadura e perfís variables en función das tendencias figurativas predominantes en cada período. Así, por exemplo, as peculiares formacións rochosas de deseño helicoidal das ilustracións francesas de principios de século XV (París, BNF, NAL 3194, fol. 62r) (cat-1130) ceden paso máis avanzada a centuria a penedos de aspecto máis macizo ou se resolven en formas crebadas (A Haya, KB, 135 J 9, fol. 131r)(cat-100), en ocasións reducidas a meros chanzos de escasa altura no terreo (Nova York, PML, MS M.1031, fol. 154r) (cat-910). As penas nalgunhas ilustracións preséntanse a ambos lados de David cando este está no foxo, pero noutras nas que o rei se presenta "*super terram*" poden aparecer tamén dúas rochas que contribúen a conformar unha sorte de oco asimilable a unha fosa a ceo aberto (A Haya, KB, 135 J 50, fol. 208v-209r) (cat-101). Nalgunhas imaxes, un penedo solitario de gran envergadura se constitúe en auténtica fronteira entre David e o mundo, sorte de muro protector detrás do cal, nalgún caso, diríase que David se esconde (Moulins, BM, ms. 080, fol. 87r (cat-689); Toulouse, BM, ms. 2881, fol. 170r) (cat-1237), incluso despois de percorrer unha sorte

USC DE COMPOSTELA

de itinerario a través da roca para chegar ata o núcleo do agocho (Nova York, PML, MS M.1066, fol. 100r) (cat-915). A orografía da paisaxe penitencial sorprende, por outra parte, con algunha miniatura que ofrece a eficaz conxunción emocional de David co seu medio a través do paralelismo visual que se establece entre os pregamentos do relevo e os da súa indumentaria (A Haya, KB, 131 G 7, fol. 118r) (cat-61).

Polo que aos elementos vexetais se refire, cabe sinalar antes de nada que as imaxes do ermo nas que a vexetación é escasa non deberían ser lidas, ao meu xuízo, en termos de maior desolación que aquelas outras nas que aparecen árbores e arbustos amenizando a paisaxe. Ao fin e ao cabo, o que nestas últimas ilustracións se evoca, particularmente cando as árbores adoptan a forma dun bosque, é o deserto medieval occidental, aquel que Jacques Le Goff denominou o *desert-forêt*[107], do que en textos medievais se destaca a inquietante opacidade e densidade[108]. As árbores espalladas nas ilustracións de David nos Salmos Penitenciais e, especialmente, as fragas situadas entre a cidade e o rei bíblico serían, ao meu ver, outro dos factores daquela ecuación que se resolve nun incremento da distancia física e, sobre todo, psicolóxica, entre o penitente e a civilización (París, BNF, NAL 3217, fol. 107r) (cat-1138). Especialmente cando o bosque se presenta como un muro que pecha o espazo dun extremo a outro: Lisboa, BNP, Il. 18, fol. 78r (cat-527) ; París, Bibliothèque Mazarine, ms. 0506, fol. 63r (cat-1048); Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ., Houghton Lib., Typ 578, fol. 73r (cat-344); Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 11-2001, folla solta (cat-282)(nesta última imaxe o paredón arbóreo aparece subliñado por unha banda paralela pedregosa, que contribúen a afianzar a sensación de illamento).

Un factor indicativo do afastamento do monarca arrepentido semellan ser tamén as cachopas e as árbores aparentemente secas ou desprovistas de follas, que se exhiben nalgunhas das paisaxes que acollen a David solitario (Oxford, Bodleian Library, Ms. Gough Liturg. 15, fol. 78r) (cat-985). Os troncos cortados de pouca altura e de perfil esvelto constitúen un ingrediente habitual na miniatura parisina de principios de século e son característicos, por exemplo, nos códices atribuídos ao grupo Boucicaut. Cando se inclúen nas ilustracións dos Salmos Penitenciais, sen embargo, aportan matices que, ao meu xuízo, van máis alá da mera fórmula de taller (Nova York, PML, MS M. 455, fol. 91r) (cat-877). No capítulo anterior chamei a atención sobre imaxes como esta última nas

107 Le Goff 1986, 33.

108 *Ibid.* 32. Le Goff reproduce as apreciacións de Marc Bloch ao respecto.

que, con carácter excepcional, o troncos arrodean en todo o seu perímetro o burato onde David fai penitencia e nas que quixen ver un eco daquelas árbores que, tras seren cortadas, teñen posibilidade de reverdecer, tal e como se expresa en Xob 14, 7 ("*lignum habet spem*"). Na maioría das ilustracións, sen embargo, o que se ve son apenas unha ou dúas cachopas, ou algún pequeno tronco sen follas, tamén próximos a David –metido nun burato ou axeonllado simplemente sobre a terra-, pero, en todo caso, de presenza moito máis discreta (París, Bibliothèque Sainte-Geneviève, ms. 2679, fol. 69r) (cat-1062), incluso case imperceptible, apelando unha vez máis a un esforzo de "descubrimento" (Orléans, Mediathèque, ms. 0138, fol. 76r) (cat-948); Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ., Houghton Lib., Typ 213, fol. 70r) (cat-339). Teño a impresión de que nestes casos a súa función é a de adxectivar o lugar do retiro, recalcando, unha vez máis, o carácter remoto e desamparado do lugar onde se empraza David. Os troncos cortados evocan as actividades da vida agrícola tradicional relacionadas coa provisión de leña no monte ou no bosque, eidos afastados dos fogares e os terreos de cultivo. Introducen, ademais, polo seu carácter de seres vivos mutilados, un matiz de desolación, apto para adxectivar a estampa do Rei atribulado. No cadro de Piero della Francesca dedicado a Xerome Penitente que alberga o Staatliche Museen zu Berlin[109] [**Fig. 186**] resúmense ambos aspectos dese ecosistema que se reflicte, con máis ou menos eficacia, en moitas ilustracións dos Salmos Penitenciais. O bosque mesto, escurecendo o plano medio desta composición, contribúe a illar a Xerome no seu particular deserto físico e espiritual, e a presenza nel de varios troncos cortados introduce esa nota alusiva ás actividades agrícolas forestais, que contribúe a incrementar a sensación de afastamento do confort doméstico.

Nalgunha ocasión será unha árbore solitaria, coas pólas espidas, a que sirva para introducir unha sorte de abreviatura visual do deserto no seo da estampa que acolle o rei arrepentido. Nun libro de horas custodiado na Biblioteca Pública de Evora, unha árbore deste tipo ocupa un lugar privilexiado na iluminación, ata o punto de chegar a coprotagonizar a miniatura co rei bíblico, algo que se ve favorecido pola propia figura de David apuntando as mans en oración cara a el (Évora, Biblioteca Pública, cod Manizola 114, fol. 65r -imaxe 137) (cat-460) [**Fig. 187**]. Neste caso, e posto que David non se sitúa nunha paraxe agreste senón próximo a unha edificación, diríase que a árbore actúa como auténtica sinécdoque (e quizais tamén como recordatorio[110]) do ermo espiritual.

109 San Xerome Penitente no cadro de Piero della Francesca do Staatliche Museen zu Berlin

110 Sobre o deserto como imaxe mental véxase máis adiante epígrafe 5.2.8

5.2.5. Fauna

Nalgunhas ilustracións de David en actitude devota non faltan, como xa fomos vendo, animais de diferentes especies. Cando a figura do rei se sitúa no eido doméstico será sobre todo o pavo real, que se pasea polo patio do pazo, ou algún galgo que o acompaña mentres reza, normalmente na súa capela. En ambos casos estas criaturas son, probablemente, un signo de status, aínda que tamén poden significar algo máis, como vimos no caso da vaidosa ave[111]. Cando o rei se presenta nun medio natural, os animais que rexistrei son, ademais dos animais domésticos xa mencionados máis arriba -ovellas e burros- os cisnes -incluso garzas- habitualmente asociados aos ríos (París, BNF, latin 1156B, Marguerite d'Orléans, fol. 179r) (cat-1070). Mención á parte merecen aqueles tres seres salvaxes -león, dragón e outro cuadrúpede- presentes na ilustración examinada no capítulo anterior que presenta a David sobre un cabalo branco somerxido nas augas, e nos cales crin ver unha alusión aos pecados de David, os que o pecador "debe ter sempre diante"; ou aquela outra ilustración de David orando rodeado tamén de tres animais –o león entre eles- para a que suxerín unha interpretación similar[112]. Tamén como unha alusión ás faltas de David pode interpretarse a aparición nalgunhas miniaturas dun simio ou dalgún coello ou lebre -evocación da súa concupiscencia[113]- en ocasións representados con acento irónico, como o coello que remeda a postura do rei ao tempo que dá as costas á súa figura devota en París, BNF, latin 18015, fol. 111r (cat-1111). [**Fig. 179**].

Alén dos animais citados, rexistrei algunha miniatura na que a presenza de fauna silvestre creo que pode ser lida tamén noutros termos, nunha acepción que podería incorporarse como sinónimo a un eventual glosario visual penitencial. Sen desbotar unha referencia aos vicios de David, inclínome a pensar que a presenza de certas criaturas tira partido ademais doutro dos tópicos do deserto, familiar nas historias de ermitáns e que deriva da feliz convivencia destes coas feras que poboan o ermo. Nestas iluminacións dos Salmos Penitenciais David aparece rodeado de criaturas de pequeno tamaño ou animais dos bosques. Por esta razón me parece que a súa presenza, como suxerín no caso dos

111 Como signo de status viu Alexa Sand (1999, 81, n.59) o can que acompaña á propietaria do Libro de Horas de Yolande de Soissons no seu retrato en actitude devota diante dunha figura da Virxe co Neno.

112 Ver epígrafe 4.2.1.2.2

113 Sobre a asociación dos simios e a luxuria de David ver ademais epígrafe 3.5.3.2.2

mananciais e o regato, denota nas ilustracións que decidiron incluílos unha vontade de asimilar o medio que acolle a David co ermo dos ascetas (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms 57, fol. 138 (cat-620); París, BNF, Latin 919, fol. 45r, (cat-1065).

5.2.6. Unha sebe humilde

A alusión á vida eremítica subxace nalgún outro elemento presente nas imaxes de David solitario. Na ilustración dun manuscrito italiano do segundo cuarto do século XV, por exemplo, a cova tradicional diante da cal reza David presenta na entrada unha cerca de paus entrelazados con varas. A cerca emprégase aquí seguindo fielmente a disposición deste tipo de sebe en certas imaxes de anacoretas. A páxina inclúe, ademais, un ermitán acollido nun medallón que se sitúa na marxe superior (Nova York, PML, MS M. 1089, fol. 119r) (cat-921).

Este tipo de sebe adoita asociarse a personaxes ou situacións de humildade na pintura baixomedieval, e aparece de xeito recorrente en escenas de diversa índole que teñen en común a referencia á pobreza e a vida modesta. Se ben serve tamén en ocasións para delimitar algún xardín -o que explica a súa aparición, excepcionalmente, nalgunha escena do baño de Betsabé no corpus[114]-, o certo é que este tipo de cerca está máis relacionada con eidos humildes e espazos agrícolas que con ámbitos cortesáns -con hortos máis que con xardíns -. Sería prolixo enumerar aquí a miríade de exemplos que a inclúen e que apuntan, dun xeito ou doutro, ao carácter modesto do lugar no que aparece. Son fundamentalmente espazos agropecuarios (hortas, currais de animais, cercas nas vivendas labregas), escenas bíblicas que teñen lugar en lugares dos que se quere subliñar a pobreza (como a Natividade) ou personaxes asociados á humildade (a Virxe ou os ermitáns, por exemplo)[115]. A sebe constitúe, ao meu ver, un termo visual de primeiro orde no vocabulario penitencial.

O corpus inclúe algunha ilustración máis da figura edificante de David na que está presente este elemento. O exemplo máis antigo que rexistrei no corpus podería ser o que se atopa nun manuscrito italiano Cidade do Vaticano, BAV, Chig.C.IV.111, fol. 107r**,** (cat-388) onde se mostra a figura de David arrepentido na súa variante de máis éxito en Italia,

114 Cambridge, Massachusetts, Harvard Univ., Houghton Lib., Lat 253, fol. 66r (cat-329)

115 Sen saír da órbita dos libros de horas, véxase, a título de exemplo, a figura do ermitán nunha imaxe de San Cristobo (Nova York, PML, M.0287, fol. 144v) ou a sebe que acompaña a San Antonio no deserto (Londres, BL, Royal II A XVIII, fol. 6v)

tocando o salterio[116]. O músico, modestamente sentado no chan, sobre a herba, aparece ademais rodeado da sebe, de tal xeito que a humildade que expresa en por si a súa postura vese subliñada pola presenza da característica cerca. A aparición desta mesma sebe asociada á Virxe no fol 27v e á Natividade no fol. 46v do mesmo manuscrito, subliñan, mediante e asimilación coa Nai de Deus, a virtude do rei bíblico. Giovanni Morello viu relación desta imaxe co taller de Giovannino de' Grassi, artista que, non por casualidade, deixou no chamado *Offiziolo Visconti* unha das imaxes máis acabadas, ao meu modo de ver, desta faceta visual da humildade dun monarca. A figura non ilustra os Salmos Penitenciais, senón o Oficio da Virxe[117], pero teño a impresión de que podería tratarse dunha imaxe do propio David en actitude de contrición, pois convive con Adán e Eva asumindo as consecuencias do seu pecado (os primeiros pais amósanse afanados nas labores agrícolas) [**Fig. 190a**]. Pero tamén porque o monarca aparece sentado en terra e sobre un coxín, -o que reforza a asociación coa virtude a través da iconografía da Virxe de Humildade- e porque o medio silvestre no que se empraza vese enfáticamente rodeado pola cerca de paus e varas [**Fig. 190b**].

Esta énfase visual na virtude a partir do uso da sebe percíbese de xeito nídio nunha ilustración dos Salmos Penitenciais que mencionei unhas liñas máis arriba e na cal vimos a David nun escenario no que a auga actuaba de separación brusca entre o espazo urbano e o ámbito agreste onde o monarca facía penitencia (Nova York, PML, W.031, fol. 103v) (cat-945) [**Fig. 188(2)**]. A disposición espacial nesta miniatura resulta singularmente expresiva se se compara con ilustracións similares do rei arrepentido. Aquel curso de auga equivalente a unha sólida fronteira entre o ermo espiritual e a civilización que atopamos en tantas ilustracións do corpus disponse nesta abruptamente encaixado, cal se dunha foz se tratase, entre dúas beiras moi próximas pero de natureza antitética. A sebe dun lado e as edificacións do outro debuxan liñas case perfectamente paralelas, e a beira onde David se sitúa aparece categoricamente delimitada pola modesta cerca. O característico valo contribúe así a demarcar o espazo da penitencia, pero tamén a adxectivar a actitude do monarca, introducindo un determinante acento de humildade.

116 O manuscrito puido ser iluminado a comezos do século XV (ver ficha correspondente no Catálogo).

117 Aparece *Ad priman* do Oficio da virxe, (Firenze, Biblioteca Nazionale Centrale, Landau Finaly 22, fol. 64r. Os sete salmos neste manuscrito están ilustrados por dúas escenas excepcionais, Adoración do becerro de ouro e o Castigo de Coré, Datán e Abirón.

A asociación da sebe coa virtude que se percibe nestas imaxes levoume a considerar a lectura na mesma clave dunha iluminación máis complexa que ilustra a páxina inaugural dos salmos nun libro de horas italiano atribuído a Leonardo Bellini (Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, Ms 149, fol. 141r (cat-295). Na inicial da miniatura dos Salmos Penitenciais neste códice móstrase unha figura masculina rezando e vestida con roupa de aparencia basta. A súa posición na inicial do salmo 6 fai pensar que se trate probablemente do propio David, por mais que careza de coroa ou nimbo. O protagonismo da miniatura, con todo, resérvase a un cervatiño, que aparece rodeado da característica cerca de estacas e varas e, ademais, dun regato. En dúas miniaturas máis deste códice aparece un cérvido, e nunha delas polo menos resulta evidente a súa relación coa figura representada na inicial correspondente: no *incipit* das Horas da Cruz o animal, sendo atacado por un leopardo, se mostra en correlación coa imaxe do Varón de Dores na inicial (Fol. 173r). O curso de auga que rodea o cérvido na miniatura dos sete salmos ten tamén o seu paralelo noutra miniatura do manuscrito, a da Natividade (fol. 49v), coa que comparte tamén a presenza da trama de paus e varas (aquí mais discreta, no pesebre dos animais), xa que en ambas se alude a un contexto de humildade e unha situación de illamento ou desamparo (repárese en que o regato desaparece na Adoración dos Magos (fol. 65v) no mesmo manuscrito). A presenza do animal e o curso de auga na miniatura dos Salmos Penitenciais trae inevitablemente á mente o versículo 2 do salmo 41: "Como devece o cervo polas fontes das augas, así, devece, Señor, a miña alma por ti". Nas *Très Riches Heures* do Duque de Berry este salmo ilustrouse coa imaxe dun veado acudindo a beber a un río diante do cal está rezando o rei David (Chantilly, Musée Condé, MS 65, fol. 97v)[118]. O noso animal, sen embargo, non está a beber, aparece deitado sobre a terra, a súa cabeciña erguida cara o alto. Diríase que o autor da miniatura, inspirado na célebre metáfora bíblica do salmo 41, adaptou o tropo da alma como cervo á representación dunha alma humilde e contrita, e que a criatura encarna -amplificándoa, como se dunha caixa de resonancia se tratase- a oración de David, vestido como penitente, acollido na inicial. E para materializar esta humildade teríase acudido a elementos da iconografía penitencial. Porque se ben a composición do animal cercado puido inspirarse tamén en imaxes doutros campos semánticos, como o da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

118 Pódese consultar a imaxe en Chantilly, Musée Condé, MS 65, fol. 97v; ou en: *The "Très Riches Heures of Jean, Duke of Berry* 1969, 87 204.

caza e a heráldica (nos que tamén se utiliza o motivo da sebe rodeando un cérvido)[119] penso que a composición, tendo en conta o texto que ilustra, debe ser lida fundamentalmente en termos de soidade penitencial, expresada mediante motivos alusivos á primeira virtude (sebe) e incorporando trazos da expresión plástica do ermo: o regato, as pedras e a soidade materializada como illa[120].

A característica cerca de paus e varas ten tamén protagonismo noutra ilustración do corpus, xa mencionada previamente. Refírome á miniatura que ilustra o salmo 129 nas *Belles Heures do Duque de Berry* (Nova York, Metropolitan Museum of Art, fol. 71v) (cat-946) atribuída aos Irmáns Limbourg. Esta miniatura está moi relacionada coa ilustración precedente no mesmo códice, a do salmo 101 (Fol. 70r). [**Figs. 191(1)** e **(2), Fig. 194**]. En ambas se amosan dúas figuras masculinas metidas nunha cova e dirixíndose a Deus no ceo. Na ilustración do salmo 129, a maiores, aparece un home anicado en primeiro plano, termando dunha chave e aparentemente durmido. Timothy Husband afirma que os personaxes da cova en ambas miniaturas son David e un compañeiro, e asocia a imaxe con aquel episodio, anterior á súa etapa como rei, o da súa fuxida de Saúl e da súa ocultación en covas no deserto[121]. O autor cualifica de "enigmática" a figura do primeiro plano –que describe como un posible carcereiro que quedase durmido-. Wendy Stein tamén ve a David nestas ilustracións, se ben confesa a súa ignorancia respecto das outras figuras que aparecen nelas, aínda que aventura a posibilidade de que o suposto carcereiro agachado teña relación co versículo 6 do salmo (*A custodia matutina usque ad noctem, speret Israel in Domino*)[122]. A estas hipóteses, que resultan convincentes, permítome engadir unha chamada de atención sobre esa sebe para a que se reserva singular protagonismo na ilustración do salmo 129, tanto pola súa envergadura como pola relevante posición que ocupa no primeiro plano. Os Irmáns Limbourg empregaron cercas deste tipo e con aqueles sentidos que mencionei máis arriba, -asociadas a personaxes humildes do mundo rural ou ascetas-, na Biblia moralizada na que interviron (París, BNF, Français 166): na Natividade (fol. 18v), na figura de Labán como pastor (9v) e como signo distintivo dun ermitán. Este último preséntase nunha das ilustracións desta biblia

119 Véxase unha imaxe sobre a caza do cervo indexada en Mandragore que aparece nun manuscrito do terceiro cuarto do século XV da obra de Henri de Ferrières, *Livres de Modus et Ratio*: París, BNF, Français 1298, fol. 5v.

120 A soidade como illa abórdase no epígrafe que segue a este.

121 Husband 2008, 134.

122 Stein 31 de marzo de 2010.

moralizada en posición parecida á do personaxe do noso salmo: sentado sobre a terra, cunha perna dobrada e outra semiflexionada, preto dunha sebe e dunha cova (fol. 7v) (segunda viñeta da columna dereita) [**Fig. 195**]. A cerca, se consideramos o uso que dela fixeron os Limbourg en varias iluminacións desta biblia moralizada, e partindo da idea de que pensasen nun uso similar nesta miniatura do libro de horas do Duque de Berry, viría a apuntar, como mínimo, ao carácter humilde do vixía, coherente, ademais, coa súa postura. Non teño deixado de preguntarme se o emprego da cerca de varas nesta miniatura é simplemente o resultado da fuga iconográfica dun motivo procedente de imaxes de ermitáns humildemente sentados ou se os Irmáns Limbourg pretenderon contarnos algo máis mediante o uso da sebe (e a importancia que lle concederon) acompañando a esta enigmática figura.

5.2.7. O deserto alto

Un cadro de Vittore Carpaccio depositado no Musée du Petit Palais d'Avignon exhibe unha formación rochosa peculiar, habitada por ermitáns (N°Inventaire MI 548). Esta singular Tebaida, que se presenta como marco da figura da Virxe acompañada doutros personaxes, materializa, ao meu ver, unha idea ligada ao imaxinario medieval do deserto que se plasma tamén nalgunhas ilustracións de David solitario nos Salmos Penitenciais. A idea afunde as súas raíces nas máis antigas visións literarias do ermo, descrito como un lugar montañoso[123]. O anacoreta que se pasea pola parte superior desa sorte de arco pétreo que se amosa na pintura de Carpaccio ten e común con outros ermitáns, como os pintados no fresco do Camposanto de Pisa, o seu emprazamento nun alto, ao cal se accede, no caso do fresco de Buffalmacco, mediante unha escalinata natural [**Figs. 196, a** e **b**]. Nunha miniatura do *Offiziolo Visconti* os ermitáns tamén se mostran nun lugar elevado, nas inmediacións do ceo [**Fig. 197a**]. A pintura italiana ofrece estas e outras mostras que traducen esa idea de que o deserto espiritual e físico está situado a unha certa altitude, sendo en certos casos accesible, como acabamos de ver, mediante escaleiras de diferente natureza.

Polo que as imaxes dos sete salmos se refire, pregúntome se algunha miniatura que amosa o rei en ámbitos certamente comprometidos, como o borde dun barranco, teñen

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

123 Atanasio 1994, 44, 49-50.

que ver tamén con isto ou, simplemente, pretenden traducir o desasosego que transmite unha natureza hostil (Madrid, Real Biblioteca, II/2104, fol. 100r , fol. 100r (cat-671) (imaxe 213). Que o rei se sitúa nun lugar elevado parece deducirse, por outra parte, de certas miniaturas nas que David ten tras del unha panorámica vista desde o alto, a modo de enfoque "en picado". Así, no manuscrito de A Haia, KB, 128 G 32, fol. 119v-120r (cat-51) a vontade de reflectir este desnivel resulta evidente cando se compara esta imaxe coa da outra miniatura no libro que ofrece tamén a visión dunha paisaxe agreste -a da Visitación, A Haia, KB, 128 G 32, fol. 56v – onde se amosa ás personaxes protagonistas nun ámbito no que tanto o primeiro plano como o fondo están situados á mesma altura. Algunhas versións desta composición mostran de xeito evidente que David está nun montículo, desde o cal se divisan soberbias vistas (Madrid, Real Biblioteca, II Tesoro, (cat-666) fol. 311v, (imaxe 624). En calquera, caso, a visión da soidade como un lugar elevado está presente de forma que non deixa lugar a dúbida en tres ilustracións do corpus. Unha delas, italiana, é a miniatura do salmo 101 no *Libro de horas Sforza*. Das seis figuras de David deseñadas por Birago neste manuscrito, aquela que amosa un aspecto máis penitencial na súa indumentaria -o Rei aparece ataviado cunha sorte de hábito anoado con cinto de corda e leva a cabeza cuberta cun pano escuro-, represéntase subindo os banzos naturais que lle ofrece unha montaña. O perfil da silueta de David nesta ilustración é case idéntico ao das figuras de Giotto que ascenden desniveis equivalentes conducindo ao castelo da Castidade na alegoría desta virtude pintada en Asís ([cfr. **Fig. 199** e **Fig. 198a**][124]. Os personaxes no fresco de Giotto acceden a unha planicie elevada na que tamén se sitúa, no outro extremo, unha alegoría da Penitencia [**Fig. 198b**]. Desenvólvese nesta meseta unha escena de Bautismo e outra protagonizada por esa personificación da Penitencia como monxe alado, atarefado en expulsar –e facer descender- figuras demoníacas desta altura virtuosa.

Outra imaxe dun deserto elevado que nos ofrece o corpus é anterior á de Birago. Nun manuscrito parisino de principios do século XV, nunha miniatura que practicamente nada ten que ver coas obras italianas citadas, chegouse visualmente a mesma conclusión: que o espazo penitencial se sitúa nun ámbito elevado e que as escaleiras xogan nel un papel importante. No manuscrito parisino a práctica penitencial de David se revela tan eficaz como para conseguir que o edificio celestial se sitúe a apenas dous banzos de

124 Alegoría da Castidade en San Francisco de Asís, imaxe accesible na Web Gallery of Art (consultada 08.01.2023) https://www.wga.hu/html/g/giotto/assisi/lower/crossing/40allego.html

distancia do lugar onde o penitente leva a cabo a súa expiación (París, BNF, latin 10538, fol. 116r) (cat-1102) [**Fig. 200a** e **b**].

Á vista destas imaxes, e desta última mostrando a visión da Xerusalén celeste en particular, cabe recordar a paráfrase dos sete salmos de Jehan Germain, en cuxo prólogo o autor vincula os sete banzos da escaleira "da verdadeira penitencia" cos sete salmos penitenciais:

> *VRai penitence est comme lescielle par laquelle le*
> *pecheur qui est trebuschi=*
> *et de iherusalem en ierico . selon la parabole de leuangille.*
> ***remonte en ierusalem** qui seigniste vi=*
> *sion de paix. **Ceste eschielle a sept de=***
> ***gres . ou sept eschallons . ausquelz sept***
> ***corresondent les sept psaulmes** . qui*
> *sapellent penitentialles*[125].

As escaleiras protagonizan, finalmente, outra imaxe do corpus na que David se sitúa nunha sorte de terraza desprovista de todo adorno á que se accede mediante escaleiras. Esta construción ocupa case un terzo da miniatura, e, sorprendentemente, non se asocia con pazo do Rei, senón que se encontra do outro lado da beira do río onde está súa morada. As escaleiras, en primeiro plano, ofrécense como unha auténtica invitación á persoa que observa a miniatura a ascender a sólida e sinxela construción para chegar ata o austero emprazamento do penitente (París, BNF, Bibliothèque de l'Arsenal. Ms-645 réserve, fol. 80v) (cat-1022) [**Fig. 202**].

Banzos e escaleiras nas imaxes que levamos visto invitan incluso a arriscar unha interpretación na mesma liña para outra singular escaleira na miniatura que inaugura os sete salmos nun libro de horas iluminado por Giulio Clovio. Nela pode verse a David contrito, despoxado dos seus atributos, humilde e sucintamente vestido, orando no interior dunha estancia. O cuarto sitúase nun lugar que se presume bastante elevado, a xulgar pola panorámica e a escaleira en forte pendente que se enxergan a través dunha porta aberta que ten especial relevancia na ilustración. (Londres, BL, Additional 20927, fol. 91v) (cat-535) [**Fig. 201**]. Aínda así, o que parece transmitirse na imaxe é que o penitente, que tería acadado esta virtuosa altura logo de subir un bo número de banzos, teríase visto obrigado,

125 Transcrición de Londres, BL, Additional 31388, fol. 61r, tomada do sitio web do Center for Håndskriftstudier i Danmark (CHD): http://manuscripts.org.uk/chd.dk/nks/add31838.html. (Center for Håndskriftstudier i Danmark. 1994-2003). Sobre o texto do prólogo da paráfrase dos sete salmos de Jehan Germain neste manuscrito véxase epígrafe 2.2.2.

para levar a cabo a expiación, a descender outros tantos: os do podio que sustenta o seu trono, onde permanecen abandonados os atributos do seu poder. Vista desde esta óptica, na miniatura de Giulio Clovio resolveríase a aparente contradición que se observa nas iluminacións dos Salmos Penitenciais respecto do uso das escaleiras, que tanto serven para que David as descenda, abaixándose con humildade (lémbrense as ilustracións de David prostrado ao pé dunha escaleira tras ser amoestado por Natán -New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 434, Fol. 126v (cat-707)- ou a do *Codex rotundus,* por exemplo (Hildesheim, Dombibliothek Hildesheim, Hs 728 (cat-497)[126]) como para que o Rei bíblico leve a cabo, remontándoas, un proceso de ascenso espiritual. O relevante papel que xogan as escaleiras nas miniaturas mencionadas -independentemente de que David suba ou baixe- invita a considerar un carácter similar para outras ás que, a primeira vista, non concederíamos maior atención (Nova York, PML, MS M.452, fol. 84v (cat-874); París, BNF, Latin 1368, fol. 24r) (cat-1086).

5.2.8. Unha paisaxe substantiva, como atributo ou como lembranza

Nas páxinas precedentes expresei en varias ocasións a idea de que a paisaxe que rodea a David en tantas ilustracións dos Salmos Penitenciais ven ser, en realidade, un atributo máis da figura do Rei arrepentido. Isto é algo que se desprende da observación da ampla serie de imaxes con esta figura que ofrece o corpus pero que se fai patente dun xeito máis claro en determinadas iluminacións. Resulta revelador neste sentido o esquema que se seguiu na disposición das iluminacións nun libro de horas parisino datado cara a 1410 no que participaron destacados miniaturistas e talleres (Londres, BL, Egerton 1070) (cat-560). Neste códice preséntase en cada sección do libro unha miniatura a páxina completa no verso dun folio e unha inicial historiada ou figurada no recto do folio contiguo, onde comeza o texto. A imaxe representada na inicial pode ser un personaxe ou un obxecto, pero garda sempre algunha relación co miniatura principal á súa dereita. Así, por exemplo, a Natividade faise corresponder cunha Virxe encinta na inicial; a Adoración dos Magos con tres diminutos Magos a cabalo que hai que descubrir cabalgando nas montañas; a Coroación da Virxe cunha letra decorada cun ceo estrelado; e a escena dun funeral no Oficio de Defuntos faino cun sepulcro na inicial do texto contiguo. A letra

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

126 Mencionadas no epígrafe 4.2.1.1.

decorada que inicia o primeiro versículo do salmo 6 na páxina inaugural da sección dos Salmos Penitenciais complementa unha miniatura a páxina completa coa escena de David orando nun medio silvestre. Case a modo de imaxe xeroglífica, a inicial contén unicamente unha gran rocha ou montaña en primeiro termo. A relación visual co relevo na miniatura adxacente permite deducir que se trata dunha alusión á mesma paisaxe na que ten lugar a expiación do Monarca Fol. 44v , Fol. 45r. [**Fig. 203a, b**]. Sentido semellante ao que ten a formación rochosa na inicial desta miniatura parecer ter un trono no que se acomoda o rei músico na miniatura dos Salmos Penitenciais nas chamadas Horas Mirandola. Neste códice, a figura de David músico nunha paisaxe agreste emprégase en tres ocasións. En dúas delas aparece en iniciais historiadas (fols. 17r e 50r), situado nun ambiente natural e modestamente sentado no chan. Pero ningunha destas é a que se utilizou para ilustrar os sete salmos, como sería esperable. A do inicio dos Salmos Penitenciais é, xunto coa da Anunciación, unha das iluminacións máis destacadas do libro. A maior solemnidade que se quere dar ao rei bíblico nesta miniatura a páxina completa non exclúe, con todo, a alusión ao ermo, incorporado nela no deseño do mesmo trono, que adopta o aspecto dun rochedo (Londres, BL, Additional 50002, fol. 63r) (cat-552) **[Fig. 204].** Será tamén noutra miniatura italiana onde encontraremos un artificio semellante, desta vez aplicado a un moble escritorio de David con atril incluído, que se exhiben situados no medio do deserto e labrados na propia roca (Oxford, Bodleian Library, Ms. Douce 11, fol. 123r) (cat-970). Froito bastante máis modesto deste tipo de estratexias visuais é unha exigua plataforma herbosa sobre a que se pinta a David na orla da primeira páxina da sección dos salmos nun libro de oracións procedente do ámbito xermánico. Algunha outra figura marxinal do mesmo manuscrito aséntase tamén nun podio natural similar (fol. 100v, 186v), pero unicamente o de David arrepentido presenta o borde recortado e abrupto, evocación minimalista dunha natureza hostil (Munich, Bayerische StaatsBibliothek, cgm 8346, fol. 123r) (cat-694) **[Fig. 205a** e **b].** Percíbese unha intención semellante na formación orográfica de cor verde e borde recortado que se inseriu estratexicamente, e dun xeito un tanto artificioso, en fronte de David (esquerda da miniatura) en París, Bibliothèque Mazarine, ms. 0503, fol. 58v (cat-1046)**.**

A inicial do manuscrito do Mestre de Egerton ou o trono-rochedo de David nas *Horas Mirandola* translucen esa concepción da paisaxe como elemento que, en certos contextos, é susceptible de ser obxectualizado como signo de identidade do Rei arrepentido. Pero a lectura pode ampliarse a outras ilustracións onde o fenómeno é menos evidente. É o caso dun manuscrito italiano datado ca. 1446 (Cidade do Vaticano, BAV,

Barb. Lat. 393) (cat-382). Este códice contén moi poucas iluminacións a páxina completa, destacando tamén, como nas *Horas Mirandola*, as da Anunciación no comezo do Oficio da Virxe (fol. 13v-14r) e a de David penitente no dos Salmos Penitenciais (fol. 78v-79r) [**Fig. 206**]. Ambos textos presentan iluminación en dúas páxinas contiguas e ambas teñen en común o feito de que os personaxes protagonistas da escena representada na páxina esquerda volven aparecer, sentados, na inicial da páxina dereita. A miniatura que exhibe a expiación do rei bíblico neste manuscrito ofrece a imaxe máis asombrosa de David espido do corpus. Así e todo, a paisaxe nela apenas contén elementos novos que non teñamos contabilizado xa no inventario da paisaxe penitencial: burato, terreo crebado, pedras, troncos, árbores espidas, rocas. A efectos de considerar a función da paisaxe resulta de maior interese, en cambio, a imaxe bastante máis convencional que ilustra a inicial da páxina contigua. Nela situouse a figura tradicional do Rei músico sentado nun trono, co salterio no regazo. A Virxe co Neno que acompaña desde a inicial a miniatura a páxina completa da Anunciación no folio precedente comparte con esta outra unha paisaxe similar, consistente nunha chaira espida rematada no horizonte por formacións rochosas. Ambas iniciais ofrecen, con todo, matices diferenciadores que permiten ler na de David unha intención de aludir ao ecosistema penitencial: as rocas son de maior altura, evocando as da miniatura de David facendo penitencia na páxina contigua; a superficie do chan que acolle o trono é de cariz máis árido no caso do Rei que no da Virxe, pois a de David e a única das dúas na que aparecen as pedras[127]. Tendo tras del este panorama, cabe imaxinar que o músico está a meditar sobre as súas faltas no pasado, pois a diferenza de idade coa súa figura como penitente semienterrado vese moi destacada e a expresión da súa faciana elevada cara o alto, en conxunción coa serenidade da súa postura, suxire un estado meditativo. Un dos elementos que contribúe a recalcar a idea de evocación da súa propia expiación por parte do Músico é, precisamente, o espazo que o acolle, que, visto desde a óptica que acabo de suxerir, non se presenta como un ámbito onde o trono se sitúe realmente, senón como unha paisaxe rememorada mentalmente. Un esquema similar reprodúcese en Cidade do Vaticano, BAV, Vat.lat.9490, fols. 109v-110r (cat-414),

127 Neste libro de horas paisaxe desértica é un *leit-motiv*, pois se emprega incluso como pano de fondo para albergar as imaxes dos evanxelistas situados en pé, en miniaturas a páxina completa. A lectura que fago da paisaxe de David como algo máis que un marco para a figura do Músico deriva da súa relación coa da Virxe, pois ambos son os únicos que aparecen sentados, e, sobre todo, do seu vínculo coa imaxe de David penitente. No caso de San Mateo, topamos tamén a vontade de establecer a relación coa miniatura da páxina contigua -unha crucifixión- mediante a inclusión de árbores espidas que fan eco visual do desolado ámbito onde se sitúa unha crucifixión.

onde tamén se fai corresponder unha figura de David saíndo dun burato na inicial a páxina completa no verso dun folio con outra de David co instrumento nas mans na inicial da páxina adxacente [**Fig. 207**]. O músico ten tras del unha paisaxe sementada de pedras ausente de calquera das outras iniciais figuradas do manuscrito. Nesta inicial o rei non aparece pensativo, pero a súa meditación resulta aínda máis evidente, pois se presenta dirixindo o rostro non cara a Deus, senón cara a súa propia imaxe como penitente rescatado por anxos na páxina contigua.

Estas paisaxes pintadas nos manuscritos italianos que acabo de mencionar, que no canto de funcionar como escenario da expiación poderían chegar a verse como obxecto de meditación de David, leváronme a ver unha intención similar noutro tipo de composicións, presentes nalgúns códices de orixe francesa ou flamenca. Trátase, a primeira vista, de imaxes convencionais do rei solitario no medio da natureza e distanciado do emprazamento habitado que representa unha cidade ou castelo visibles no horizonte. A particularidade nelas é que David, malia estar aparentemente situado moi lonxe da súa morada, no seo dun ámbito natural silvestre, amósase axeonllado diante dun moble ou nun reclinatorio, incluso a carón do seu trono, de tal xeito que o mobiliario do primeiro plano contradí e resta verosimilitude á idea dunha expiación na distancia (Baltimore, Walters Art Museum, W.204, fol 155r (cat-190) ; Nova York, PML, MS M.0287, fol. 87r (cat-845); Châlons-en-Champagne, BM, ms. 0027, fol. 75 (cat-360); Besançon, BM, ms. 0125, fol. 53r (cat-253); Clermont-Ferrand, Bibliothèque du Patrimoine, ms. 2258, fol. 86r) (cat-423). Similar incongruencia percíbese en imaxes nas que o rei reza diante dun altar protexido baixo unha sorte de templete e este sitúase tamén no medio do campo, mentres o seu pazo vese ao lonxe, ou mesmo do outro lado dun río (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 11, fol. 85r) (cat-626). Extrapolando a estas imaxes a lectura feita das miniaturas dos dous manuscritos italianos que veño de considerar, diría que a paisaxe, máis que escenario da penitencia do rei, semella ser obxecto da súa rememoración. Pero a diferenza do que acontece nas miniaturas italianas, nas que a evocación se suxería na figura de David semienterrado na páxina contigua -sendo rememorado por el mesmo na outra páxina-, nestes manuscritos franceses e nórdicos non hai rastro tan evidente do acto relembrado. Tal e como eu o vexo, este estaría encarnado exclusivamente na propia paisaxe, que deixaría de ser un lugar real onde David se sitúa, para pasar a ser unha sorte de estampa que o rei "ten diante". De todas as imaxes do corpus que inclúen esta composición, é na dun manuscrito francés de mediados do século XV onde isto se percibe con máis claridade, pois nela o rei preséntase

nun reclinatorio cunha ampla base artificialmente pousada sobre a herba, a cal illa aínda máis a súa figura da paisaxe que o rodea (A Haya, KB, 76 F 12, fol. 80r) (cat-15). A presenza do reclinatorio define un microcosmos doméstico que David comparte coa persoa observadora quen –axeonllada, quizais, diante dun moble moi semellante ao do Rei - vería a súa ollada dirixida pola meditación do propio David cara a unha paraxe agreste. O Monarca bíblico axustaríase, deste modo, á aquela personalidade coa que o imaxinou Petrarca, a dun ser atribulado que evoca as súas experiencias pretéritas no deserto. En calquera caso, vistas as imaxes desde esta óptica e no contexto do libro de oracións, o proceso é semellante, sobre todo, a un que se menciona naquel *exemplum* do *Ci-nous dit* que nos falaba dun verme no deserto e no cal se recomendaba a transformación do espazo físico en imaxe mental a través da oración cando a penitencia física non é posible[128]:

> *...si nous avons si peu de santé que nous ne pourrions faire pénitence, même alors nous ne sommes pas dispensés* ***d'envoyer par la prière nos coeurs en ce désert*** *proche de Jérusalem*.

O dominico Giordano da Pisa o expresou nun sermón aínda con máis contundencia. Aproveitando o *exemplum* bíblico das tentacións de Cristo no deserto, o predicador declara:

> *Questo diserto può essere la cella tua, la casa tua, la camera tua*[129]

O texto de Petrarca, a prescrición contida na moralización do relato do *Ci nous dit*, a recomendación de Giordano da Pisa, e quizais tamén algunhas destas imaxes que nos ofrecen os Salmos Penitenciais subliñan a importancia do deserto como imaxe mental no contexto da meditación devota.

Cabe chamar a atención, finalmente, sobre dúas iluminacións do corpus nas que se incorpora a referencia ao ermo baixo a forma dun motivo ou como un espazo

---

128 Véxase o texto completo da moralizacion do exemplum na nota 66 deste capítulo

129 Giordano da Pisa (1974). *Quaresimale Florentino 1035-1306*. Editado por C. Delcorno. Florencia, páxina 40-41 (cita tomada de: Bolzoni 2009, 18)

artificialmente incrustados no lugar que acolle o rei en oración. Nun deles, as chamadas *Horas de Ana de Bretaña*, a boca dunha gruta ábrese, de forma bastante incongruente, na esquina inferior dereita da miniatura que acolle a David situado nun espazo tapizado de céspede situado preto do seu pazo (París, BNF, Latin 10548, fol. 95r) (cat-1103). O xardín que abruptamente se transforma nun burato nesta miniatura resulta bastante chocante, pero aínda máis o é a imaxe do Rei David no *Libro de horas de Alonso de Zúñiga*, onde a incongruencia alcanza límites insospeitados (San Lorenzo de El Escorial, Real Biblioteca del Monasterio, ms Vit. 10, fol. 200v) (cat-1169). David ora nunha sorte de paisaxe agreste de pleno dereito, con árbores, rochedos e camiños, pero esta se atopa constrinxida no interior dun patio do seu pazo, pechado no primeiro plano por unha sorte de ameas [**Fig. 208a** e **b**]. A profundidade coa que está pintado este espazo, a desorde dos elementos naturais e a presenza dos penedos, -especialmente os que mostran árbores no seu cumio como o que se pinta detrás da figura do rei (detalle que non falta en moitas imaxes de David no medio da natureza: Nova York, PML, MS M.196, fol. 78r) (cat-818) - así como dun coello a corricar polo campo, fan descartar, ao meu modo de ver, a posibilidade de que se pretendese representar un xardín do pazo, malia a presenza dunha mesa con dous libros á dereita da escena. En ningunha miniatura do corpus chega a sentirse como nesta a intención de amosar o deserto como unha imaxe mental, acudíndose ao extremo de facer encaixar o ermo nun patio. E cómpre non pasar por alto o detalle de que a este espazo accédese descendendo os banzos dunha escaleira. Unicamente un modo de afrontar a práctica devota como o que recomenda Giordano da Pisa no seu sermón pode explicar unha imaxe tan sorprendente.

Estas composicións invitan a pensar que as mesmas estratexias foron empregadas en máis ocasións nas ilustracións de David solitario, aínda que de modo moito máis discreto. Un exemplo disto podería ser unha iluminación atribuída a Jean Pichore na que se ve unha balaustrada de coidada labra que en lugar de delimitar un xardín ou unha terraza, como sería de esperar, acouta un terreo abrupto e sementado de pedras (New Haven, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Beinecke MS 375, 65v) (cat-704). E o mesmo se podería especular respecto dalgunhas outras nas que David se amosa nun patio ou espazo pechado por muros no interior do cal se mostra unha significativa acumulación de pedras (Los Angeles, Jean Paul Getty Museum, Ms. Ludwig IX 16, fol. 226v) (cat-629).

Na extrema incongruencia que revelan imaxes como a do *Libro de horas de Zúñiga* faise patente, en calquera caso, a "cosificación" da paisaxe penitencial,

considérese esta como obxecto de meditación no sentido que acabo de mencionar ou mera fosilización utilizada como signo de identidade de David arrepentido.

5.3. DUNHA TRAVESÍA AO CORAZÓN DA SOIDADE

O inventario de motivos paisaxísticos e de estratexias visuais considerados nos parágrafos precedentes non tería sido posible sen a axuda da indexación fina que empreguei para describir as imaxes de David en actitude devota. O vocabulario detallado resultou imprescindible para xestionar o gran número de iluminacións dispoñibles co obxecto de calibrar o peso semántico de cada un dos elementos aos que veño de referirme. Tal e como sinalei no primeiro capítulo, o proceso de creación deste vocabulario non foi ríxido, e o sistema de descritores enriqueceuse no transcurso do traballo. Para concluír este epígrafe, quixera deixar constancia de como este proceso de descrición pode resultar frutífero polo seu carácter dinámico. A continuación referireime a un último elemento paisaxístico –ou, mellor, a un esquema compositivo que se presenta máis ou menos encuberto na paisaxe en certas iluminacións- que conseguín chegar a ver grazas a ese sistema flexible de descrición. Relatar esta andaina no tramo final da tese quere servir de argumento en favor da metodoloxía empregada.

A composición paisaxística á que me refiro fíxose patente cando, nun momento dado do proceso de indexación das imaxes, cheguei a unha na que me chamou a atención o emprazamento de perfil semicircular onde se situaba David, unha formación orográfica difícil de describir porque non acababa de ser unha montaña, e que máis ben se asemellaba a unha plataforma tapizada de herba (A Haia, KB, 128 G 32, fol. 119v) (cat-51). Crin recordar que xa vira antes formas parecidas, se ben non tan definidas, razón pola cal non suscitaran probablemente no seu momento a necesidade de descrición. Ante a imposibilidade de lembrar onde as vira nin como eran exactamente, procedín a revisar todas as imaxes do corpus indexadas co descritor "David en paisaxe agreste", e comprobei que, efectivamente, nun número significativo delas o rei se sitúa nun lugar que, adoptando aparencias diversas, está definido en todas por un esquema pechado -semicircular, ovalado, ou triangular- máis ou menos camuflado como elemento natural. Un recurso visual deste tipo ten unha función evidente, que é a de resaltar e centrar a figura de David nas miniaturas, razón que explica que non chamase a miña atención inicialmente. Pero a súa reiteración baixo diversas formas integradas no ambiente natural tal e como se revelou nesta revisión das imaxes levoume a intuír que podía ter tamén un cometido semántico, e

USC DE COMPOSTELA

que este non podía ser outro que o de acentuar o illamento e a soidade do rei. Trataríase de expresar a idea dun illamento dentro doutro. Este esquema compositivo foi invisible aos meus ollos ata que cheguei á imaxe que acabo de mencionar, que o revela de forma patente. Decidín crear un termo para definilo –chameille "pseudoilla"- e introducino na descrición das miniaturas nas que me pareceu que esta fórmula estaba sendo utilizada. Nalgún caso, por certo, era practicamente unha auténtica illa (A Haia, KB, 76 F 18, fol. 68r) (cat-20). Nalgún outro se traducía nun relevo estraño, comprensible unicamente como froito da vontade de crear un espazo illado no seo da propia paraxe inhóspita (A Haia, KB, 76 G 11, fol. 107r) (cat-32).

No conxunto de imaxes obtidas a partir da indexación co novo descritor apareceron dúas miniaturas cuxa comparación resultou moi reveladora (San Marino, CA, Huntington Library, HM 1129, fol. 84r (cat-1184) e Madrid, Real Biblioteca, II/2100, fol. 99r) (cat-669) (**Fig. 209** e **Fig. 210**]. Trátase de iluminacións que denotan unha xenealoxía común, evidente nas figuras de David, que corresponden cun mesmo modelo -véxase a disposición do manto e as súas dobras, do brazo e as mans, da arpa, á mesma altura en ambas ilustracións-. Os manuscritos que as inclúen están ambos relacionados con Enguerrand Quarton e o seu taller[130]. O interese de cotexar a paisaxe en ambas miniaturas deriva da comprobación da calidade netamente inferior do da miniatura no manuscrito da biblioteca Huntington. Malia a notable diferenza entre as dúas a primeira vista, pódese apreciar, cotexando a forma das franxas de cor verde e gris do plano medio, que a conexión entre ambas iluminacións non se limita á figura illada de David, senón que abrangue tamén o espazo que o acolle[131]. O relevante, na miña opinión, é que o miniaturista encargado da paisaxe na iluminación da esquerda, á hora de reproducir un prototipo de mellor calidade como o que representa a outra miniatura e a pesar de facelo con torpeza evidente, reparou na importancia daquel esquema compositivo ao que acabo de aludir. Na obra de mais calidade a "pseudoilla" aproxímase a un óvalo debuxado discretamente mediante a disposición das gretas do terreo. O miniaturista menos dotado tentou reproducilo, na medida das súas máis limitadas posibilidades, acudindo ao debuxo de simples franxas planas.

130 Gras (2016b, 128) refírese a estes dous manuscritos formando parte dun grupo de 4 relacionados entre si e repara no eco que fan algunhas miniaturas no de Huntington das do libro de horas do Palacio Real.

131 Algo no que reparou xa Javier Docampo (J. Docampo en Planas Badenas e Docampo Capilla 2016, 132)

A percepción desta estratexia visual grazas á indexación dinámica das miniaturas sensibilizoume para apreciar composicións con similar intención tamén en imaxes nas que o rei non se mostra retirado nun medio silvestre. Cando David reza ás portas da súa residencia, nunha rúa, nun xardín ou nun pavillón, ou mesmo dentro do propio pazo, diríase que o rei devoto está a procurar aquel espazo imaxinario que se recomendaba no *Ci-nous dit* ou que describía Giordano da Pisa. Neste "deserto mental", o ámbito onde reza David aparece representado de múltiples formas e, en certas ocasións, tamén, mediante elementos que "illan" o rei. Nalgunhas imaxes adopta a forma dunha arquitectura singular, como en Milán, Biblioteca Ambrosiana, ms S.P. 42, fol. 101v (cat-681), que mostra a David rezando nunha praza amurallada de forma circular rodeada da auga do que parece un foso. Nesta miniatura móstranse escenas bélicas aparentemente contemporáneas do tempo no que o rei reza, pero a presenza de David e Goliat na esquina inferior dereita fálanos, unha vez máis, de sucesos evocados. Esta imaxe de David na praza rodeada de auga ten algo en común con outra completamente diferente que o sitúa nunha sorte de patio ou terraza adiantado sobre a auga dun foso (ou río?) (Baltimore, Walters Art Museum, W.189, fol.70v)(cat.183). En ambas imaxes, a auga xoga un papel contrario ao que desempeña naquelas outras que amosan a figura devota do Monarca "do outro lado" dun río ou do foso de seu pazo, separado, polo tanto, do ámbito mundano. Na escena da figura recollida na praza circular ou a que mostra o Rei nesa plataforma adiantada sobre a auga diríase que o penitente, aínda permanecendo nun ambiente civilizado, se reserva un espazo de seu, reproducido polos artífices mediante estas peculiares formas arquitectónicas e coa axuda do elemento líquido.

En moitas imaxes de David arrepentido o illamento vese propiciado por un muro a carón do cal ora David. Unha das variantes máis comúns deste elemento arquitectónico é un de baixa altura (Nova York, PML, MS M.238, fol. 62r) (cat-829), e ás veces cuberto de herba (A Haia, KB, 133 D 18, 134v-135r) (cat-72). Trátase dun motivo habitual na miniatura do século XV, empregado con frecuencia en estampas da Virxe, como probable alusión ao *hortus conclusum*. Na iluminación dun libro de horas dos Países Baixos do Sur este murete aparece reforzado precisamente pola sebe, empregada como evocación abreviada do horto e adxectivo, simultaneamente, da humildade de María (Londres, BL, Arundel 341, fol. 66) [**Fig. 211**]. O característico muro tapizado de herba está tan asociado a finais do século XV á penitencia do Rei nas imaxes dos Salmos Penitenciais que nalgunha miniatura chega a empregarse, ao meu ver, como auténtico epíteto da mesma. Este parece ser o seu cometido nunha ilustración de Simon Bening (Munich, Bayerische

StaatsBibliothek, clm 23637) na que aparecen reunidos dous tipos de cercado, a cerca enreixada e o murete, habituais -e polo tanto facilmente asociables para o público contemporáneo- coas imaxes de Betsabé a primeira e a do rei arrepentido o segundo [**Fig. 212a** e **b**]. Na ilustración de Simon Bening diríase que se empregaron os dous motivos para pintar unha antítese de cariz moral, a que ofrece a estampa de David orando en primeiro plano e a da causa do seu arrepentimento -evocada ao fondo, cunha representación do Baño-, separadas mediante os dous elementos dispostos en paralelo. Como no caso doutra miniatura xa mencionada (Nova York, PML, W.031, fol. 103v) (cat-945) [**Fig. 188(2)**], na de Simon Bening volvemos ver as liñas paralelas para adxectivar, respectivamente, o ámbito do pecado e o da penitencia onde David reza "illado", nun recinto que, como xa levamos visto noutras ocasións, o rei arrepentido comparte estreitamente coa persoa que observa a miniatura.

Noutra imaxe dos Salmos Penitenciais dun libro de horas realizado en Tours por un miniaturista do estilo de Bourdichon pintouse unha non menos sutil representación do illamento de David, desta vez baixo a forma dunha escena aparentemente convencional do Rei bíblico orando nun patio (Nova York, PML, MS M.0380, fol. 70v) (cat-867). A figura de David recórtase nesta miniatura sobre un elevado plano de penumbra que contrasta acusadamente coa claridade azulada do ceo, de tal xeito que a parede asombrada do edificio que pecha un dos lados do recinto contribúe a crear un espazo abafante no que David aparece encaixado. Establécese así unha dobre capa de illamento do rei, mediante a arquitectura e mediante a sombra, e incorpórase ademais á miniatura a metáfora das tebras, contribuíndose a crear, baixo a aparencia dun simple patio, unha versión insólita do "*loco oscuro*" descrito no seu poema por Petrarca.

Como colofón deste capítulo traio a colación unha imaxe que non pertence ao ámbito da ilustración dos Salmos Penitenciais pero si ao mesmo campo semántico que a figura de David arrepentido, o da iconografía dos ermitáns, que como xa fomos vendo, tantos motivos comparte coa do rei bíblico nalgunhas iluminacións [**Fig. 213**]. Nun cadro de Mansueti que alberga o Bristol Museum & Art Gallery[132] percíbense reunidos, como se dun glosario da paisaxe penitencial se tratase, moitos dos termos visuais que tratei de

132 Imaxe sacada de Art UK: https://artuk.org/discover/artworks/saint-jerome-in-a-landscape-188770 , accesible tamén na web do Bristol Museum & Art Gallery: https://exhibitions.bristolmuseums.org.uk/european-old-masters/ consultadas ambas 23.11.2022

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

inventariar neste epígrafe a partir das imaxes de David solitario. Quizais o maior interese desta obra así considerada sexa o seu carácter exhaustivo (pois nela se reúnen a maior parte dos elementos que enumerei nas páxinas precedentes) e o xeito didáctico de expoñelos e integralos na composición, establecendo a gradación entre eles que é de esperar desa estratexia destinada a pintar a distancia que crin ver en moitas ilustracións dos Salmos Penitenciais. Porque se se percorre a imaxe desde a parte superior esquerda, nunha hipotética travesía partindo da vila situada ao fondo -alusión á vida mundana que o solitario deixa atrás- compróbase que para chegar ata a cova do ermitán no primeiro plano habería primeiro que internarse no temible e frondoso bosque, poboado de animais salvaxes; cumpriría logo cruzar un río, e, a continuación, superar as paraxes aínda máis afastadas que frecuentan os pastores. Só unha vez superada esta sorte de carreira de obstáculos na procura do inhóspito chegaríase ao máis hostil de todos os ámbitos: aquel integrado por un terreo árido, con formas crebadas sementadas de pedras, unha cova, árbores escuálidas e un conxunto de esveltos troncos cortados que rodean o eido onde o ermitán fai penitencia. O discurso visual expresado nesta paisaxe vese substancialmente reforzado porque ese deserto abreviado que acolle a cova de Xerome presenta forma insular: trátase dunha sorte de pedestal arredondado rodeado por dúas vías fluviais que o illan. Estamos ante unha composición estruturalmente similar, pois, a aquela que se detecta nalgunha das que exhiben a David na "pseudoilla" (Utopia, armarium codicum bibliophilorum, Cod. 100, fol. 115r) (cat-1254) [**Fig. 214**]

Algúns termos deste vocabulario que se conxuga no cadro de Mansueti estaban presentes nas fórmulas que repetiron os artífices nas primeiras décadas do século XV -particularmente en libros de horas franceses- para subliñar a distancia en moitas ilustracións, a de David solitario entre elas. Como xa comentei, nas miniaturas dos libros de horas as fórmulas empregáronse tamén de forma intercambiable noutras escenas do mesmo códice en moitas ocasións. Cando nun libro de horas o emprego deste vocabulario se limita á estampa de David arrepentido nos Salmos Penitenciais, a paisaxe cobra maior peso. Pero incluso cando non é así, e esta se utiliza pouco máis que como pano de fondo de todas ou varias das escenas citadas, o certo e que, aparentemente, o lugar onde se sitúa David resulta máis desolador. Por contraste con aquelas nas que interveñen varios personaxes (que se fan compañía uns aos outros, como María reunida con Isabel na Visitación, os pastores na Anunciación, a Sagrada Familia unida na adversidade na súa Fuxida a Exipto) diríase que nas dos Salmos Penitenciais, rodeado de idénticas rocas,

USC DE COMPOSTELA

árbores, cachopas, chanzos ou pedras, o rei bíblico deita a sombra da súa soidade sobre a paisaxe circundante (Chartres, BM, ms. nouv. acq. 167) [**Fig. 215(1)** a **(4)**].

Para pechar este capítulo acudirei a unha pequena perla que nos proporciona un sermón do dominico Jean Clerée (1450-1507). Trátase dun fragmento dunha homilía para o primeiro domingo de Coresma, no que se fala tamén do deserto:

> *Je dis que le désert désigne moralement la conscience pleine de péchés pour quatre raisons: à cause de la stérilité, du défaut de culture, des arbres infructueux et de la présence des bêtes sauvages*[133]

Tirando quizais partido do imaxinario da penitencia, Jean Clerée elaborou un símil que fai equivaler o ermo á propia conciencia, e o símil actúa, á súa vez, como contedor de metáforas dos pecados. Este texto ofrece unha nova atalaia desde a que contemplar as imaxes de David no seo dunha paisaxe agreste. O público das nosas miniaturas, potencial audiencia tamén do sermón penitencial, probablemente imbuído de tropos do tipo destes que expresa o predicador francés, ou o que mencionaba Giordano da Pisa, ou os derivados de *exempla* como o do verme do *Ci-nous dit*, veríase conducido tal vez a ver nas miniaturas algo máis que o deserto físico onde pena David. Retomando o fío das imaxes mentais, as palabras de Jean Clerée ofrecen a oportunidade de separar aínda outra fina capa de significado en certas miniaturas e ver no ermo, alén dun ámbito real de expiación, dun espazo mental de meditación ou dunha penitencia evocada como a que suxería Petrarca para explicar as evocacións de David na súa vellez, unha cuarta instantánea: o retrato da propia conciencia con toda a súa carga de pecados e remordementos, encarnados agora nalgunha árbore estéril [**Fig. 187**] ou en insólitas criaturas da fauna silvestre [**Fig. 216**].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

133 Clerée, Jean (1525). *Sermones Quadragesimales*. París. (Cita textual e referencia bibliográfica tomadas de Martin 1988, 267).

EPÍLOGO: unha descrición complexa

No comezo deste traballo mencionei os problemas que suscita a descrición de imaxes medievais nos recursos dispoñibles e referinme especialmente á imaxe de David en actitude devota que foi obxecto de atención en varios capítulos. Boa parte do meu labor consistiu na indexación, particularmente detallada, de miniaturas que conteñen esta figura. Véxome na obriga de rematar esta contribución facendo unha breve recapitulación sobre este asunto e dando o meu parecer sobre os posibles enfoques da indexación en recursos institucionais destas imaxes que presentan o monarca solitario, orando, en moitos casos cos seus atributos abandonados, situado en diferentes ámbitos e en moitas ocasións nunha paisaxe agreste.

Non podemos saber con seguridade se certas variantes iconográficas de David en actitude devota -como as que amosan o rei cos atributos abandonados ou nun medio silvestre- se forxaron na ilustración dos Salmos Penitenciais, pero si parece sensato considerar que o seu éxito estea vinculado á difusión que lle deron os libros de horas como ilustración deste texto. Non obstante, á hora de reflexionar sobre a súa indexación en recursos de alcance global, cómpre abordala desde un punto de vista máis amplo e ter presentes aqueles outros contextos nos que pode aparecer. A lista de exemplos nos que estas variantes da iconografía de David aparecen fóra dos Salmos Penitenciais sería interminable. Sen saír do ámbito da ilustración de libros medievais, mencionarei a seguir tres casos que me parecen elocuentes á hora de contribuír a unha reflexión sobre a descrición da imaxe.

Resulta particularmente significativo, en primeiro lugar, o emprego que se fixo dunha destas figuras de David orando, emprazado nun ámbito agreste, nos manuscritos e impresos da *Biblia Pauperum*. Nesta obra dedícase un apartado a ilustrar tres exemplos de penitencia, sendo un deles o rei bíblico. Os outros dous representados son Madalena na casa do Fariseo e Moisés absolvendo a muller leprosa. David en calidade de *exemplum* de penitencia móstrase na escena de diálogo con Natán e, simultaneamente, na composición que xa comentamos do rei prostrado no chan, ao pé dunha escaleira (A Haia, RMMW, 10 A 15 fol. 26r). A imaxe do Rei bíblico coa súa arpa abandonada e situado nunha paisaxe desértica, que normalmente se describiría como David arrepentido ou penitente se ilustrase os Salmos Penitenciais, tamén se utilizou na *Biblia Pauperum*. Pero non se ilustrou con ela a expiación do rei bíblico, senón outro momento da súa biografía que nada ten que ver coa penitencia: o do seu diálogo con Deus antes do seu

retorno a Xudá, logo da morte de Saúl (2 Samuel, 2). A continuación se mostran dous casos, nun exemplar impreso e noutro manuscrito:

impreso: Bibliothèque nationale de France, département Arsenal, RESERVE FOL-T-518
manuscrito: The Hague, MMW, 10 A 15 fol. 24v

Á vista destas ilustracións cabe preguntarse se as imaxes en xeral de David orando nun marco agreste, ou acompañado dun instrumento musical e/ou dunha coroa relegados no chan, ilustrando calquera páxina dun texto que non sexa o dos Salmos Penitenciais, deben ser interpretadas en relación coa faceta do personaxe como penitente ou son simplemente figuras que se pretende facer recoñecibles grazas a estes atributos (incluído entre eles a propia paisaxe). Parece claro que en moitos casos se tratará seguramente desta última opción. Creo que a traxectoria que seguiu esta imaxe é asimilable á de David músico, figura que malia ter o seu fundamento no texto bíblico -na narración do episodio do mozo tocando a arpa para acougar a Saúl (1 Samuel 16: 23) ou como ilustración literal do salmo 80[1]- acabou, en moitos contextos, sendo apenas unha imaxe arquetípica do rei. E intúo que o feito de que os atributos de David arrepentido acabasen conformando unha estampa canónica do personaxe ten que ver precisamente coa enorme difusión que lle deu a súa presenza naquel tipo de códice descrito tantas veces coa manida expresión "best-seller" da Idade Media. Para abundar na consideración de moitas destas imaxes como simples figuras arquetípicas, e sen saír dos libros de horas, resulta moi esclarecedor outro exemplo, este nun manuscrito flamengo. Nel empregouse dúas veces a imaxe de David orando, nas Horas do Espírito Santo e na iluminación dos Salmos Penitenciais. Se fose posible medir o carácter penitencial dunha imaxe de David, a primeira das miniaturas (Baltimore, Walters Art Museum, W.196, fol. 27v) ganaríalle sen dúbida á segunda (fol. 143v). Nela o rei sitúase nun medio agreste, no que non falta ningún dos elementos familiares da escena (camiño con pedras, rochas, árbores, formas crebadas no terreo). Pero o suposto retiro do rei bíblico nesta imaxe non é tal, xa que o que David entoa -tal e como se recolle no filacterio incluído na miniatura- é un versículo do salmo 103 relativo ás bondades do Espírito Santo (Salmo 103, 30) que aparece figurado na ilustración, como é tradicional, en forma de pomba. Parece evidente que, a falta doutro atributo, nesta imaxe

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 Así aparece o termo no tesauro do Gahom, ligado ao salmo 80.

o lugar no que o personaxe se sitúa serve para identificalo e, deste modo, orientar na lectura do filacterio, unha vez determinado que o autor do texto é o salmista. Outro exemplo revelador de parecidas características é a miniatura que ilustra o comezo do libro dos salmos nun códice florentino do último cuarto do século XV atribuído a Gherardo di Giovanni, Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 37-1950). Nela, a imaxe arquetípica de David nunha paisaxe agreste exhibe o rei bíblico dirixíndose a unha figura de Deus presentando o Crucificado, aludíndose así á faceta do salmista como profeta anunciador de Cristo, mencionada na inscrición da páxina adxacente. Este e os dous exemplos previamente mencionados permiten comprobar que a imaxe de David en actitude devota, e en particular a variante que o sitúa nunha paisaxe agreste, ten unha plasticidade iconográfica sorprendente, que dá froitos ás veces inesperados como estes nos que se emparella o rei acollido no deserto ou retirado fóra da seu pazo co Trono de Misericordia ou coa pomba do Espírito Santo.

Mencionarei finalmente unha ilustración na que unha das figuras canónicas do monarca arrepentido que examinamos neste traballo chegou a ser empregada cun sentido oposto a aquel que está na súa orixe. Se ben nela non se retratou a David, acudiuse á iconografía deste, como en tantas ocasións, para prestixiar a un monarca histórico. Neste caso é Francisco I, que se exhibe axeonllado, en actitude orante, cos brazos abertos e acompañado dun anxo enarborando unha espada no primeiro folio dun manuscrito da obra de François Demoulins de Rochefort *Commentaire sur le psaume Dominus illuminatio mea* (París, BNF, Français 2088, fol. 2v)[2]. O sorprendente aquí é que a espada do anxo co que interactúa o rei francés non constitúe unha ameaza ou advertencia para un rei pecador senón todo o contrario, segundo especifica o texto asociado:

> *Le roi recougnoissant que la gleyve de Divine puyssance faist aproche de Luy po[ur] le defendre*[3]

2 Chamou a atención sobre imaxe Croizat-Glazer (2013)

3 O comentario da imaxe inclúese nunha paráfrase do salmo 26 escrita por François Demoulins de Rochefort e ilustrada por Godefroy le Batave, datada en 1516-1517, obra encargada por Luisa de Savoia (1476-1531) para o seu fillo con motivo da vitoria en Marignano. (Croizat-Glazer, 2013, p. 10-11).

Paradoxalmente, aquela "*glaive de justice*" que esgrimía o Anxo do Señor en contra de David no *Mystère du Vieil Testament* acaba sendo transformada en arma de moi diferente natureza, a "*gleyve de Divine puyssance*", afirmación da protección divina sobre o monarca francés.

Á vista dos exemplos aducidos ata aquí, constatamos que a traxectoria que se seguiu na utilización e reutilización das figuras de David en actitude devota non facilita a indexación e descrición da imaxe, pero si pode axudar a resolver a disxuntiva que formulei no capítulo 1 sobre a necesidade de decidir entre unha expresión de natureza descritiva ou interpretativa. Creo que se pode afirmar sen moitas dúbidas que David é "penitente" ou "arrepentido" cando ilustra os Salmos Penitenciais, pero o certo é que imaxes idénticas as que localizamos nesta sección dos libros de horas non teñen por que ter ese significado fóra da ilustración deste texto. Nestas circunstancias, e con vistas a unha recuperación máis eficiente destas imaxes, parece que sería desexable harmonizar a súa descrición, polo menos nos recursos cuxa razón de ser é precisamente a indexación global dun conxunto heteroxéneo de imaxes. Paréceme que cómpre optar para cualificala, neste tipo de recursos xenéricos que indexan todo tipo de obras artísticas, mediante un termo que tenda a ser máis "descritivo" que "interpretativo", basicamente, que dea conta da actitude ou xesto de pregaria do Rei en lugar de referirse a un suceso da súa biografía (o seu arrepentimento ou a súa penitencia). E o máis acaído para describir a gran maioría das ilustracións nestes recursos -incluídas as dos Salmos Penitenciais- sería, na miña opinión, "David orando" (ou calquera das súas variantes –"David rezando", "David en oración"... - nas diferentes linguas).

Paréceme necesario que todos os tesauros de descritores de imaxes artísticas inclúan un termo deste tipo, máis descritivo que interpretativo, tendo en conta que estamos a abordar un grupo de imaxes que foron moeda común en época baixomedieval, das que probablemente contamos con centenares (e quizais miles) de exemplos espallados en obras de toda índole, algúns dos cales a presentan en contextos (e para ilustrar textos) onde a figura carece totalmente de carácter penitencial. Isto non impide que o descritor xenérico poida ser matizado por outros máis específicos cando a alusión a algún relato bíblico está clara. Resulta exemplar, neste sentido, o proceder da base de datos iconográfica holandesa Medieval Illuminated Manuscripts cando describe a ilustración da *Biblia Pauperum* anteriormente mencionada: utiliza un número de Iconclass que fai referencia ao suceso bíblico concreto que a imaxe ilustra (o episodio do retorno do rei a Judá) e outro que describe a imaxe xenérica de David orando, o cal permite recuperala

USC DE COMPOSTELA

con outras moi similares contidas na base de datos holandesa (todas as dos Salmos Penitenciais que amosan a David nunha paisaxe desértica e coa arpa abandonada, por exemplo)[4].

O arrepentimento de David asociado aos dous episodios bíblicos abordados neste traballo presenta tamén dificultades de descrición cando se materializa na ilustración de David acompañado dun profeta, tal e como tentei argumentar no capítulo 4. Por esta razón, considero imprescindible que os tesauros inclúan un termo xenérico do tipo "David acompañado dun profeta" ou algunha combinación da denominación do rei bíblico cun termo neutro para designar ao seu acompañante ("profeta", a secas). E que unicamente cando a natureza do personaxe estea clara se especifique que se trata de Gad ou de Natán. Gad, ademais, debería incorporarse, se fose posible, aos tesauros nos que falta (TIMEL, Garnier). En calquera caso, penso que o uso de termos como "David reprendido por Natán", "Reproches de Natán" etc., debería verse restrinxido a aquelas imaxes nas que a identificación do profeta amoestador non deixe lugar a dúbidas. Do contrario estarase perpetuando o clixé interpretativo que leva a ver a Natán en todas estas imaxes, a dar preeminencia ao relato do adulterio con Betsabé e a relegar, incluso inconscientemente, a pegada do Episodio do censo nestas ilustracións. A creación deste descritor xenérico paréceme que é fundamental para desfacer esa tendencia redutora na lectura da imaxe que nos ocupa e que distorsiona, incluso na literatura académica nalgúns casos, a comprensión do alcance de moitas imaxes de David arrepentido. Esta distorsión ten implicacións que van mais alá da pura deturpación iconográfica, privando a imaxe de matices de maior calado, como os derivados da eventual pegada nela do discurso penitencial e a relevancia que este concede ao pecado de soberbia. Por outra parte, alí onde a figura de David rezando ou dirixíndose a Deus no ceo se amalgama coa de David a carón dun profeta (situación que se produce, como vimos, na maior parte das imaxes do corpus de David acompañado deste personaxe), sería conveniente que a descrición se complementase co termo xenérico e descritivo "David orando". O Index of Medieval Art fixo esta dobre descrición da imaxe nalgúns rexistros, pero non sistematicamente.

E se o que me parece óptimo é empregar nos recursos institucionais un termo descritivo xenérico para a figura de David en actitude devota, quixera pronunciarme tamén respecto dos dous que, cumprindo este papel, se propoñen no tesauro do Index of

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

4 Os números de Iconclass empregados son: 71H411 ("David at prayer before his return from Juda") e 71H611 ("David at prayer")

Medieval Art : “David in prayer” e “David communicating with God”. Ao meu ver, o primeiro resulta preferible ao segundo. É certo que este último é moi suxestivo, tendo en conta, sobre todo, que a relación do rei coa Divindade en moitas destas ilustracións parece ir nun sentido diverso do da oración entendida en sentido estrito, e que a impresión que transmiten moitas veces é a de que David se expresa enfáticamente coas mans, ou clama a Deus, ou establece algún outro tipo de interlocución coa figura divina. Sen embargo, por moi suxestivo que o termo sexa, o certo é que, cando Deus non aparece na ilustración, o IMA vese na tesitura de ter que empregar “David in prayer” para imaxes practicamente idénticas a outras que son descritas como “David communicating with God”. A posibilidade de escoller entre varios termos trae inevitablemente aparellado o perigo da incoherencia á hora de levar a cabo as descricións, e, inevitablemente como consecuencia, perdas de información á hora de procurar estas imaxes nos recursos.

Empregar a expresión “David orando” paréceme sensato tamén para describir aquelas imaxes nas que o rei interactúa co Anxo do Señor, e nas que practicamente sempre se amosa facendo simultaneamente un xesto de oración (se ben é certo que, nalgunhas, o seu xesto parece máis ben de diálogo co ser celestial). É a expresión que normalmente se utilizou nos grandes recursos que conteñen miniaturas indexadas, agás en Initiale, na que se acudiu en ocasións ao uso do termo “*David et l’ange du châtiment*” (Orléans, BM, 0138 (115), fol. 76r). A descrición é impecable, pero deixa estas imaxes fóra dos resultados da procura dunha figura que adoita ser maioritariamente cualificada doutro xeito nos recursos. O uso de expresión tan específica paréceme, polo tanto, desaconsellable, se non se complementa co termo xenérico[5]. Nada impide, con todo, que ademais de acudir a este último (“David orando”) a indexación se enriqueza mediante a inclusión doutro que faga alusión á esa presenza do Anxo do Señor, ou, cando menos, dun anxo. Porque este tipo de ser celestial carece de descritor tanto no IMA, como no TIMEL como no Tesauro Garnier. En Iconclass alúdese ao “avenging angel” en varios números correspondentes ao Episodio do censo (71H545-71H546). Na práctica, sen embargo, a única base de datos que usa Iconclass entre as que utilicei nesta tese -a holandesa

5 O único problema de empregar a expresión “David orando” neste caso produciríase naquelas ilustracións que amosan a David en actitude de diálogo co Anxo do Señor, non se albisca nel xesto de pregaria e ademais Deus non aparece por ningures. En calquera caso, trátase de casos moi excepcionais (unicamente rexistrei un no corpus, procedente da base de datos holandesa, que optou, acertadamente ao meu ver, por describilo como “David at prayer” incluso non habendo xesto evidente de oración por parte do rei (A Haia, KB, 074 G 22, fol. 127r)

Medieval Illuminated Manuscripts- describe estas imaxes de David co anxo, como xa apuntei, simplemente como "David at prayer" (71H611).

Será unha composición como estas últimas que acabo de mencionar, na cal se ve a David acompañado dun anxo sostendo unha espada, a que sirva para poñer fin a este traballo, por máis que a miniatura que contén a escena non ilustre o texto dos Salmos Penitenciais. O que nela se mostra constitúe a mellor síntese de moitas das cuestións que abordei na tese e, en particular, de todo o que acabo de comentar respecto da figura de David en actitude devota, da súa utilización, da complexidade da imaxe e, como consecuencia, da súa descrición.

A imaxe en cuestión ilustra o salmo 1 dunha *Bible historiale* flamenca, realizada en Bruxas cara a 1479[6]: Londres, BL Royal MS 18 D X, fol 168r **[Fig. 217a].** Nela ponse de relevo ata que punto a finais do século XV o abano de imaxes de David en actitude devota ofrece para artistas e público, en certos contextos, un repertorio de imaxes canónicas que van máis alá da idea de penitencia ou arrepentimento, ao tempo que se percibe o conxunto dos sete salmos como hábitat natural desas ilustracións. E faino de forma sorprendente.

Na miniatura, David aparece situado no interior dunha estancia, co seu sombreiro coroa abandonado no chan e en actitude de diálogo cun anxo envaiñando (ou desenvaiñando) unha espada. O códice flamengo contén varios libros da Biblia na paráfrase que destes fixo Pedro Coméstor (a *Historia scholastica*), traducida por Guyart de Moulins. Entre estes textos está a versión do Segundo de Samuel, onde se relatan as transgresións e expiacións do Rei nos dous episodios consagrados ás súas faltas. Pero a miniatura que nos ocupa non ilustra o libro de Samuel, senón o comezo do dos Salmos.

Ao meu ver, nesta iluminación empregouse unha estratexia visual asimilable á que cabe percibir na célebre miniatura do *Libro de horas de María Borgoña* (Viena, Österreichischen Nationalbibliothek, Codex Vindobonensis 1857, fol. 14v) **[Fig. 218]** na que se mostra unha figura feminina enfrascada na lectura devota no primeiro plano e outra devota, que probablemente é ela mesma, acompañando á Virxe, visible a través dunha ventá[7]. A imaxe podería interpretarse entendendo que a figura do primeiro plano,

6 Escrita probablemente para o rei Eduardo IV de Inglaterra (1442-1483). Sobre este manuscrito véxase o rexistro bibliográfico do códice en BL Catalogue Digitised Manuscripts.

…http://www.bl.uk/manuscripts/FullDisplay.aspx?ref=Royal_MS_18_D_X&index=0

7 Eörsi (2020, 42 n. 17) cita bibliografía abundante e autorizada que sustenta a opinión de que ambas figuras son María de Borgoña. Unterkircher (1992, 392) identificara a figura do primeiro plano con María

inspirada quizais por algunha iluminación do códice que ten entre as mans, está á recrear mentalmente a imaxe da devota que acompaña a Virxe, visible a través do van. Na miniatura do salmo 1 do manuscrito flamengo que nos ofrece a singular escena de David, o personaxe que xogaría o papel equivalente ao da lectora no códice de María de Borgoña é o propio monarca retratado como escriba **[Fig. 217b]**. Este sitúase no fondo da miniatura, e en lugar de pousar os ollos sobre un libro póusaos nun rolo, ao tempo que escribe nel, mentres contempla mentalmente a estampa que o debería ilustrar. O escriba pensa para o seu texto na imaxe de David arrepentido situada ante el, porque o que está redactando é o Salmo 6, o primeiro dos penitenciais. E estao escribindo, ademais, no formato dun obxecto de devoción contemporáneo dos libros de horas –un deses pergamiños en forma de rolo semellante ao que sostén nas súas mans a devota que ilustra o texto dos Salmos Penitenciais nas *Horas de Viena*[8](cat-1268) ou o que utiliza o propio David en oración nalgunha ilustración dos Salmos Penitenciais (A Haia, KB, 135 C 4, fol. 82r ; Barcelona, Biblioteca de Catalunya, Ms. 1848, fol. 81r) pois as primeiras palabras do salmo están precedidas en tinta vermella da antífona que habitualmente as antecede neste tipo de obras: "*ne reminiscaris*" **[Fig. 217c].** Ademais, a figura de David interactuando co Anxo que o escriba visualiza mentalmente -a ilustración vivinte do seu texto- actúa simultaneamente como miniatura inaugural do Libro dos Salmos no manuscrito. Cabe imaxinar, polo tanto, que a persoa que tivese o códice nas súas mans aberto por esta páxina, como Alicia situada deste lado do espello, seguramente contemplaría en primeiro lugar unha imaxe arquetípica e ben recoñecible de David no comezo do Salterio (David acompañado dun anxo cunha espada). O inicio do texto en latín do *Beatus Vir* amósase duplicado na mesma páxina: por un lado, no seo da miniatura, nos folios do manuscrito pousado nun moble situado tras o rei axeonllado **[Fig. 217d]**, e, polo outro, no propio texto do Salmo 1 sobre o cal se sitúa a iluminación. Quen observase estaría pois, en primeiro lugar, ante un retrato de autor. Só unha vez que a persoa se adentrase na miniatura e se situase do outro lado do espello -do lado do escriba- vería con nitidez a imaxe de David arrepentido como ilustración dos Salmos Penitenciais escritos no rolo. A integración dos dous textos no interior da ilustración (o Salmo 1 no libro aberto

---

de Borgoña e a figura axeonllada aos pés da Virxe coa súa madrastra, María de York, que na opinión deste autor sería a responsable do regalo deste códice á futura esposa de Maximiliano I.

8 A sinatura deste manuscrito é Museum für angewandte Kunst, Cod. Lat. XIV (S.5). Pode consultarse a imaxe en Donovan 1991, 153 (fig. 96)

e o Salmo 6 no rolo) demostra a consciencia da persoa ou persoas responsables da creación desta imaxe sobre o carácter ambiguo desta figura do rei bíblico: David coa coroa abandonada e acompañado dun anxo ben vale para ofrecer unha figura arquetípica como retrato de autor na páxina inaugural do Libro dos Salmos por un lado, e, simultaneamente, unha imaxe do rei arrepentido, intrínsecamente asociada ao texto dos Salmos Penitenciais, polo outro. Reflectir todo isto nunha miniatura do xeito en que aquí se fai supón apelar á cultura visual da persoa que a contemple, e quizais tamén ao seu coñecemento dalgunha daquelas narracións que contan que David compuxo os Salmos Penitenciais como un modo de expiar os seus pecados. Isto permite incorporar a esta imaxe unha capa adicional de lectura na que se situaría o escriba do fondo. Se o monarca do primeiro plano responde, estritamente considerado desde o punto de vista da narración bíblica, a aquel que á vista do Anxo do Señor suplicou a Deus clemencia para o seu pobo, castigado polo seu pecado de orgullo, o escriba deriva daquela outra historia dun monarca lascivo e homicida que, logo de pecar con Betsabé, ordenar o asasinato do esposo desta e sufrir as consecuencias das súas iniquidades, como colofón da súa penitencia, escribiu os sete Salmos Penitenciais (Oxford, Bodleian Library, Ms. Douce 11, fol. 123r) : "*la cumenca les VII psalmes*" [**Fig. 219].**

O carácter case xeroglífico da composición suporía, en calquera caso, unha invitación á persoa espectadora a atravesar o espello para percorrer as intrincadas sendas que ofrece a iluminación, deleitarse descifrándoa, reparar incluso en mínimos detalles (esa arpa sen cordas...) e deixarse levar, neste proceso, pola corrente lúdica que parecen desvelar algunhas imaxes dos Salmos Penitenciais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

Nesta tese buscouse un achegamento as ilustracións dos Salmos Penitenciais co obxectivo primordial de ofrecer unha visión xeral sobre a ilustración deste texto nos libros de horas manuscritos, así como un instrumento de consulta das propias iluminacións. Ademais, formulouse como unha interrogante relativa á posibilidade de tirar partido dun corpus de miniaturas malia non ter afondado no estudo de cada un dos manuscritos que as conteñen, quer dicir, acudindo case en exclusiva ás propias imaxes, extraendo a información a partir do exame dun gran número de ilustracións. Rematado o traballo, parece posible concluír que manexar unha cantidade importante de iluminacións, incluso nas condicións mencionadas, pode contribuír a enriquecer o coñecemento sobre as imaxes medievais. A seguir relaciónanse unha serie de achegas do presente traballo de investigación susceptibles de corroborar esta idea.

Por un lado, considerado o corpus no seu conxunto, cabe concluír que a indexación das imaxes permitiu ofrecer unha visión da ilustración dos Salmos Penitenciais en manuscritos que, se ben non aporta novidades que alteren radicalmente o panorama xa trazado na bibliografía que dun xeito ou outro abordou a cuestión, si axuda a sustentalo con datos cuantitativos, ao tempo que permite precisar aspectos determinados relativos á incidencia das imaxes máis utilizadas e á súa distribución por áreas xeográficas e por períodos máis axustados. A cuantificación contribuíu tamén a poñer de relevo motivos ou escenas sobre os que, ao meu xuízo, non se ten chamado a atención o suficiente. Así, por exemplo, confirma a importancia que tivo nos manuscritos datados a finais do século XIV ou comezo do XV a imaxe dunha visión de Cristo de carácter intemporal acompañado do cáliz eucarístico e das Táboas da Lei e nas que o cáliz se ve privilexiado, mediante estratexias diversas, respecto das Táboas. A categorización das escenas puxo tamén de relevo, por outra parte, a que é, na miña opinión, unha das contribucións máis importantes deste estudo. O corpus revela sen lugar a dúbida a relevancia que tivo a imaxe de David metido nun burato ou semienterrado, demostrando a súa difusión en varios dos territorios no que se produciron os libros de horas e durante todo o período de elaboración destes, así como a sua aparición en libros de diferente categoría e calidade artística. As variantes detectadas desta imaxe e a súa diseminación deron pé a formular a hipótese da súa orixe en posibles narracións nacidas ao calor das explicacións e deturpacións do relato bíblico do adulterio de David difundidas no marco das actividades de asesoramento espiritual e de predicación sobre a penitencia.

USC DE COMPOSTELA

Por outra banda, consideradas en particular as iluminacións do corpus dedicadas á imaxe de David en actitude devota -xestionadas mediante o método de descrición detallada descrito no capítulo 1-, así como a análise da súa interacción con outras escenas nas iluminacións -facilitada pola descrición xerárquica que se aplicou- cabe concluír que son posibles outras lecturas da composición susceptibles de matizar a que tradicionalmente se ten feito destas imaxes. Resúmense a continuación as máis salientables.

En primeiro lugar, o exame cuantitativo das ilustracións do corpus, particularmente as dos manuscritos serodios, parece que invita a cuestionar a interpretación unívoca que se fai normalmente desta figura do rei bíblico, na que se adoita poñer o acento no relato que aquí denominamos Episodio Betsabé/Urías. A relevancia numérica en manuscritos tardíos de motivos alusivos aos tres castigos ofrecidos a David no outro relato das súas transgresións -o que denominamos Episodio do censo- esixe poñer en cuestión a habitual interpretación da figura do Rei solitario en actitude devota case exclusivamente no contexto da narrativa do adulterio e pon en entredito tamén a identificación sen fisuras con Natán da figura do profeta que acompaña en certas escenas a David. O cotexo con outras imaxes e textos serviu para reafirmar a necesidade de facer unha análise con máis amplas miras, que teña en conta os dous episodios das transgresións do monarca bíblico na interpretación da súa figura solitaria. Por outra parte, a aproximación serial as imaxes dos Salmos Penitenciais puxo de relevo figuras ou motivos secundarios nos que resulta máis difícil reparar debido ao maior peso semántico doutros elementos ou dos personaxes protagonistas. Tentouse traer ao primeiro plano a criada de Betsabé como antítese da bañista e como apunte de humildade pero tamén elementos construtivos como cercas e fontes nos que se destaca a súa función como sinécdoque do episodio. A visión serial permitiu así mesmo percibir estratexias visuais que se diría destinadas a invitar a unha aproximación lúdica ás imaxes (imaxes de David e Goliat simuladas nas orlas ou no seo da propia escena de David arrepentido) así como detectar a pegada nas ilustracións dos Salmos Penitenciais da xestualidade da práctica penitencial ou da énfase na virtude de humildade, detectándose evocacións figurativas que abranguen desde a Virxe de Humildade ou a da Anunciación ata a iconografía dos ermitáns ou da confesión sacramental. A posibilidade de examinar un gran número de imaxes de David solitario nunha paraxe agreste, e grazas á indexación fina desta escena, facilitou a elaboración dun inventario de elementos paisaxísticos a partir do cal deducimos o emprego nas iluminacións de estratexias destinadas a subliñar a distancia e, deste xeito,

USC DE COMPOSTELA

o retiro de David (pastores, muiñeiros, viandantes, camiños, pedras, bosques), a constatar de que modo a compoñente social intervén nalgunhas delas como factor de afastamento (presenza dos *laboratores* nas iluminacións ou ben desprazamento do propio rei a un ámbito máis humilde) e a vontade de asimilación ao ermo dos ascetas (regatos, pedras, formas crebadas dos terreos, cachopas). A indexación fina permitiu discriminar todos estes motivos respecto doutros elementos paisaxísticos con maior carga semántica (burato, cova) que terían o seu fundamento último no texto bíblico e á súa adulteración na transmisión, na hipótese proposta neste traballo. A concepción dinámica do particular tesauro de descritores elaborado, adaptado ao proceso de investigación e susceptible de ser enriquecido no curso do traballo revelou a súa eficacia á hora de afondar na comprensión da paisaxe penitencial (recoñecemento da insistencia no recurso a formas orográficas ou motivos arquitectónicos que contribúen a "illar" a figura do rei bíblico; percepción da posible función semántica das escaleiras).

Respecto do pouco preciso "retiro aparte" de David que se describe no texto bíblico constátase que este adopta nas iluminacións dos Salmos Penitenciais a aparencia que a inventiva dos ilustradores lle quixo dar, adaptándoo as prácticas da devoción contemporánea dos laicos (oración individual nunha estancia ou oratorio privado) ou levándoo ata os confíns do deserto físico, pero tamén espiritual, que acolle na arte contemporánea as figuras dos ermitáns. Por outra parte, todo apunta a que estes ámbitos espaciais chegaron a ser en moitos casos, máis que unha tradución do relato bíblico, un atributo do personaxe. Esta consideración da escena de David solitario como imaxe arquetípica explicaría que esta figura de David en actitude devota tal e como aparece nos Salmos Penitenciais -nun interior, nun medio urbano ou nunha paraxe natural- estea presente en ilustración doutros textos e noutro tipo de códices, sen intención penitencial aparente. Esta circunstancia invitou a facer no epílogo da tese unha reflexión sobre a descrición desta imaxe tanto na literatura académica como, sobre todo, nos recursos institucionais que indexan obras artísticas.

O exame dun corpus amplo de imaxes que ilustraron un texto penitencial realizado á luz da doutrina sobre a penitencia e a esexese dos sete salmos deu tamén os seus froitos. Para un grupo destas imaxes, que mostran a David orando e nas que o rei presenta unha torsión corporal insólita, cremos albiscar unha explicación -que se podería facer extensiva ás máis convencionais do rei, simplemente, coa cabeza volta- na esexese do concepto de "conversión" e de determinados termos en particular do mesmo campo semántico presentes no texto dos Salmos Penitenciais (*convertere, avertere)*. Por outra parte,

USC DE COMPOSTELA

cuestións tratadas na literatura penitencial lidas en conxunción con certas imaxes invitaron a ver en certas miniaturas o eco dun discurso que concede singular importancia ao vicio de soberbia e á virtude oposta. Percibímolo nas imaxes nas que se evoca a iconografía da humildade pero cremos detectalo tamén na pegada que puido deixar o tema de encadramento do cabaleiro soberbio (sexa este algún xeneral do exército de Ocozías, unha personificación do orgullo, a figura de David adulto sobre un cabalo ou o xigante Goliat como guerreiro derribado). Os cabaleiros de diversa natureza que exhiben as ilustracións dos Salmos Penitenciais revelan así mesmo a ductilidade moral desta figura, susceptible de materializar o vicio pero tamén virtudes de diferente signo (Urías, David arrepentido ataviado como guerreiro), unha ductilidade que tamén está presente, dun xeito paralelo, na consideración moral da figura do cabaleiro no sermón. O discurso penitencial en xeral, considerando especialmente o xeito en que foi modelado a través da predicación, permite pois enriquecer a lectura das imaxes que ilustraron o texto dos sete salmos, tanto no que se refire á consideración das escenas vinculadas ás narracións bíblicas dos pecados de David como, incluso, á interpretación da propia paisaxe penitencial.

A análise da interacción das escenas en determinadas ilustracións -tendo presente, ademais, a súa xerarquía- levou a cuestionar a lectura tradicional das imaxes que conteñen varias escenas de Episodio Betsabé/Urías en espazos secundarios da páxina miniada acompañando a figura de David arrepentido separado delas. Destas composicións, habitualmente interpretadas como unha narración continua que parte do pecado e culmina coa penitencia de David, chegamos á conclusión de que cabe facer tamén unha lectura en sentido inverso, fundamentada na importancia concedida ao exame de conciencia na literatura penitencial. Nesta hipótese, o rei bíblico estaría a evocar, ao tempo que os expía, os seus pecados. Unha das contribucións deste traballo á lectura das imaxes pode resumirse en que se ofrece fundamento para ver na figura de David, ademais dun paradigma do penitente que expía as faltas cometidas -a interpretación habitual-, un modelo do pecador que reflexiona sobre o seu pecado. A alusión a imaxes mentais dos pecados do rei por parte deste, representadas nas iluminacións de modo explícito-Baño de Betsabé, entrega dunha carta a Urías- podería ampliarse, ademais, aos motivos que vimos como sinécdoques do pecado (a fonte e a cerca reticulada en imaxes de David arrepentido nas que non aparece Betsabé). Por outra parte, esta consideración de David como ser fundamentalmente reflexivo pode facerse extensiva a certas imaxes nas que o obxecto da rememoración non son xa os seus pecados senón a propia experiencia expiatoria. Son imaxes en cuxa lectura acudimos á idea do deserto mental, suxerida

USC DE COMPOSTELA

nalgún sermón pero tamén no texto de Petrarca dedicado á vida solitaria, e que no corpus se traduciría nas estampas que amosan o rei bíblico rodeado dos seus mobles no medio do campo, ou inmerso nunha paisaxe agreste que está constrinxida dentro do patio do seu pazo, ou incluso aquelas nas que, venerable ancián, evoca a súa propia imaxe de pecador estando na flor da idade, ou se recorda expiando as súas faltas nun burato.

Cabe afirmar, como conclusión xeral, que na especulación sobre a natureza das imaxes de David arrepentido en xeral e dalgunhas iluminacións en particular os textos de comentario e paráfrase dos Salmos Penitenciais así como de instrución sobre a penitencia reveláronse como ferramentas útiles para afondar na comprensión, e especular sobre a recepción, de imaxes que ata agora adoitaron ser interpretadas basicamente no marco da narración bíblica ou da tradición figurativa de David como autor dos salmos. E que para chegar a algunhas das conclusións enumeradas nos parágrafos precedentes, a indexación fina, aplicada con criterios flexibles e dinámicos resultou ser un método eficaz para abordar un conxunto voluminoso de imaxes moi semellantes entre si, permitindo considerar ou desbotar hipóteses de traballo contrastándoas dun xeito áxil coas iluminacións compiladas.

Esta tese deixa abertas moitas interrogantes e posibles vías de investigación que non chegaron a iniciarse ou ben se iniciaron e ás que houbo, finalmente, que renunciar, algunhas das cales me permito sinalar a continuación. Polo que á iluminación dos sete salmos nos libros de horas se refire, sería de gran interese ampliar a descrición das do corpus (e de todas as que se poidan incorporar a este a partir de agora) aos elementos marxinais. Este labor, que esixiría unha análise global e detida dos manuscritos que presentan *marginalia* nas iluminacións dos salmos, axudaría sen dúbida a enriquecer a lectura de moitas delas. Canto a análise da figura de David arrepentido en particular, interesaría pescudar nas coleccións de sermóns, de *exempla* e outros instrumentos de traballo dos predicadores baixomedievais na procura de referencias á figura do monarca bíblico como pecador e como modelo de penitente, o cal permitiría afondar na visión que a través da predicación se quixo transmitir do protagonista das imaxes que foron obxecto deste estudo, procurando información, en particular, que axude a entender mellor -confirmando ou desmentindo as hipóteses aquí propostas- a imaxe de David metido nun burato ou mesmo a máis convencional de David no seo dunha paisaxe agreste. Por outra parte, estender a análise serial e detallada da figura de David arrepentido nas súas diferentes variantes -particularmente a súa imaxe como figura solitaria nun medio agreste- ás iluminacións nas que aparece noutros códices (como breviarios, salterios,

USC DE COMPOSTELA

antifonarios ou misais, por exemplo) permitiría incrementar o coñecemento sobre a posible recepción desta imaxe na época en que foi relevante. Finalmente, completar o corpus co gran número de imaxes de manuscritos que seguramente xa están dispoñibles na Rede -ou que o estarán nun futuro próximo- e ampliar este corpus a outro tipo de códices susceptibles de conter o texto dos Salmos Penitenciais ilustrado, así como aos libros de horas impresos, é algo que contribuiría a enriquecer substancialmente a visión global que neste traballo se quixo ofrecer da iluminación deste texto no período baixomedieval.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LISTA DE CADROS E GRÁFICOS

CADROS

Cadro 1. Asignación de entidades xeográficas ás áreas establecidas para clasificar as imaxes
Cadro 2. Estrutura de descrición das imaxes
Cadro 3. Número de libros de horas rexistrados no corpus (séculos XIII-XVI)
Cadro 4. Número de manuscritos do corpus con imaxes de cada un dos grupos temáticos (s. XIII-XVI)
Cadro 5. Incidencia das imaxes do Episodio Betsabé Urías nos libros de horas (séculos XV-XVI)
Cadro 6. Escenas máis empregadas do Episodio Betsabé/Urías
Cadro 7. Ilustracións que ofrecen incongruencias na idade de David pecador e arrepentido
Cadro 8. Imaxes dos Pecados Capitais nos Salmos Penitenciais
Cadro 9. Imaxes dos Salmos Penitenciais nas que David e un Profeta realizan xestos de diálogo
Cadro 10. Manuscritos do corpus coa imaxe da Procesión de San Gregorio a continuación do texto dos Salmos Penitenciais
Cadro 11. Imaxes de David co corpo contorsionado
Cadro 12. Imaxes de David en actitude devota vinculado á escena do Xuízo Final

GRÁFICOS

Gráfico 1. Número de manuscritos do corpus con imaxes de cada un dos grupos temáticos (s. XIII-XVI)
Gráfico 2a. FRANCIA: grupos temáticos, séculos XIV, XV, XVI
Gráfico 2b. FRANCIA: evolución no século XV
Gráfico 3a.. PAÍSES BAIXOS DO SUR: grupos temáticos, séculos XV, XVI
Gráfico 3b PAÍSES BAIXOS DO SUR: evolución no século XV
Gráfico 4. PAÍSES BAIXOS DO NORTE: grupos temáticos, século XV
Gráfico 5. PAÍSES BAIXOS DO SUR/NORTE DE FRANCIA: grupos temáticos, século XV
Gráfico 6. ITALIA: grupos temáticos, séculos XV e XVI
Gráfico 7. INGLATERRA: grupos temáticos, séculos XIV e XV
Gráfico 8. Relevancia do Xuízo Final nos Salmos Penitenciais por áreas xeográficas. séculos XIV-XVI.

USC DE COMPOSTELA

LISTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DOS QUE PROVEÑEN AS IMAXES

ARCA, Bibliothèque numérique de l'IRHT

Art UK

Biblioteca Casanatense. Collezioni Digitali. Miniature e Illustrazione

Biblioteca Estense Universitaria. Biblioteca digitale

Biblioteca Nacional Digital (Portugal)

Biblioteca Nazionale Centrale di Firenze. Collezioni digitalizzate

Biblioteca Patrimonial Digital (Universitat de Barcelona)

Biblioteca Riccardiana. Teca digitale dei Manoscritti della Biblioteca Riccardiana

Bibliothèque Numérique de Roubaix

Bibliothèque numérique du Limousin

Bildindex

BL Catalogue of Illuminated Manuscripts

BL Digitised Manuscripts

BNE. Biblioteca Digital Hispánica

BNF. Archives et Manuscrits

BNF. Gallica

BNF. Mandragore

BNP. Biblioteca Nacional Digital

BNP. Catálogo Geral

Bodleian Libraries. Catalogue of Western Medieval Manuscripts in Oxford Libraries

Bodleian Libraries. Digital Bodleian

Chester Beatty Online Collections

Det Kongelige Bibliotek

Digital Scriptorium

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Digital Walters

DigiVatLib

e-codices

Fitzwilliam Museum

Free Library of Philadelphia. Catalogue

Free Library of Philadelphia. Digital Collections

Fundación Lázaro Galdiano. Manuscritos digitalizados

Harvard Library Digital Collections

Huntington Library. Digital Library

Initiale

Instituto del Patrimonio Cultural de España. Catálogo de la Fototeca

Jean Paul Getty Museum. Museum Collection

KB, Galerij

Leeds University Library.Special Collections

Library of Congress. Digital Collections

Library of Congress. World digital Library

Manus online

MatrizNet

Medieval Illuminated Manuscript

Memòria Digital de Catalunya

National Library of Scotland. Digital Collections.

Patrimonio Nacional. IBIS

PML. Corsair

PML. Medieval & Renaissance Manuscripts

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RMN-Grand Palais. L'Agence Photo

France, Ministère de la Cuture. POP (Plateforme ouverte du patrimoine)

Rosalis, Bibliothèque numérique patrimoniale de Toulouse

State Library, South Austrlia. SA Memory

The American Philosophical Society. Library

The American Philosophical Society. Treasures from the APS

The Cleveland Museum of Art. Collection on line

ULB Darmstad.tu digit

Universiteitsbibliotheek Utrecht. Bijzondere Collecties (Special Collections)

University of Manchester Library. Medieval Collection

University of Sydney Library. Digital Collections

Viena, Österreichische Nationalbibliothek. ÖNB Digital

Web Facsimile Finder

Web "Paris, Musées"

Web Bayerische StaatsBibliothek. MDZ

Web cARTEm

Web de Patrimonio Ediciones

Web Gallery of Art

Web Metropolitan Museum of Art

Web The Nelson-Atkins Museum of Art

Web Waddesdon Manor. The Collection

Württembergische Landesbibliothek. Digitale Bibliothek

Wikimedia commons

Yale University Library. Digital collections

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LISTA DE MANUSCRITOS CITADOS NON INCLUÍDOS NO CATÁLOGO

A Haia KB, 135 E 15 [salterio]

A Haia, KB, 10 A 15, fol. 26r [Biblia Pauperum]

Amiens, BM, MS. 108, *Primeira Biblia de Pamplona*

Baltimore, Walters Art Museum, W.182 [libro de oracións]

Baltimore, Walters Art Museum, W.89 [libro de horas]

Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam museum MS 300 *Salterio-horas de Isabel de Francia*

Cambridge, Cambridgeshire, Fitzwilliam Museum, MS 37-1950 [salterio e himnario]

En xeral mantívose a denominación da institución de onde proceden os manuscritos e a sinatura expresada tal e como aparece no recurso de onde procede a imaxe ou documento bibliográfico onde se obtivo esta. Así, por exemplo, nun dos recursos de onde se obtiveron gran cantidade de imaxes, a base de datos francesa Initiale, todos os manuscritos procedentes de bibliotecas de carácter municipal aparecen unificados baixo a sigla BM na súa denominación, pero algúns deles (como Clermont-Ferrand, Orléans ou Troyes), como pode comprobarse se se verifica no apartado *Établissements* da mesma base de datos, non son coñecidos baixo a denominación "*Bibliothèque municipale*". Nestes casos prescindiuse da sigla BM e tomouse a denominación da institución deste outro apartado (*Établissements*) da propia Initiale[5]. O que si se mativo para todos os manuscritos de Initiale foi a expresión do número *currens* da sinatura precedido de ceros, tal e como aparece nesta

[5] Empreguei este criterio para sortear o obstáculo que supón desentrañar a denominación actual da institución depositaria dos manuscritos nas complexos entramados que constitúen as institucións bibliotecarias municipais francesas, así como os seus cambios de denominación ao longo do tempo.

base de datos.

1.C.3 Autorías

Consígnanse na cabeceira da ficha (cadro verde) os artífices que interviñeron no conxunto do libro. Se ademais hai constancia na fonte consultada da personalidade a quen se atribúe a iluminacións dos Salmos Penitenciais, esta información especifícase no apartado "Nota".

Cando nun manuscrito interviñeron varios artífices, uns identificados e outros non, exprésase como segue:

Miniaturista X ; outros artífices

Miniaturista X ; Miniaturista Y ; outros artífices

Dada a dificultade para identificar iluminadores que suscitan controversia -nomes que, segundo o autor o autora consultados corresponden a un artífice ou a diferentes personalidades (por exemplo, o caso do denominado Mestre de María de Borgoña[6])-, optouse por consignar os artífices, nestes casos, tal e como aparecen na fonte empregada como "Fonte de datos do manuscrito".

Todas as autorías que nos recursos ou na bibliografía se atribúen a un miniaturista considerado do ámbito de influencia dun artífice coñecido (os cualificados como "taller de", "influencia de", "entorno de" etc.) [7] foron unificadas na fórmula (que vin empregada na base de datos Initiale):

"**Miniaturista X (estilo de)**".

Pero cando no manuscrito interveu un miniaturista coñecido e, ademais, membros do seu taller ou artífices que traballan no seu estilo optouse pola fórmula:

"**Miniaturista X e artífices no seu estilo**"

1.C.4 Localización e cronoloxía

En xeral, no catálogo consignouse o lugar de realización do manuscrito no nivel máis preciso (cidade, cando foi posible). Para expresar a información empreguei as seguintes fórmulas:

- se na fonte consultada consta, por exemplo, "probablemente París" ou expresións similares:

Francia (París?), ca. 1400

- se na fonte consultada non consta lugar, non se especifica nada
- se na fonte constan varios lugares e/ou varias datas, exprésase como segue, segundos os casos:

Francia e Colonia, ca. 1440

Utrecht, ca. 1425-1450 ; Países Baixos do Sur (Bruxas?), ca.1450-1475

París: ca. 1390-1400 ; ca. 1470

[6] Sintetiza as hipóteses sobre as diferentes personalidades relacionadas con este miniaturista Josefina Planas (en Planas e Docampo 2016, 247)

[7] Sobre as expresións "estilo de" "taller de" "seguidor de" véxase a opinión de Clancy (1993, 208)

Bruxas, ca. 1470 ; [calendario] Rouen, finais do s. XV

* No catálogo empregouse a expresión "**Países Baixos do Norte**" para esta área xeográfica en sentido amplo e as seguintes expresións, **Holanda Meridional** (South Holland) **Holanda Setentrional** (North Holland) cando os recursos especificaban estas rexións. "**Países Baixos**" a secas empregouse cando non foi posible dilucidar se a fonte ou recurso consultados se referían aos Países Baixos do Norte ou do Sur.

1.C.5 Lendas

Debido á dificultade para transcribir a totalidade das lendas que aparecen nas miniaturas, por causa nalgúns casos da resolución insuficiente dalgunhas imaxes, optouse por non dedicarlles un apartado específico nas fichas do catálogo. Eventualmente menciónanse algunhas delas no apartado de Comentario das fichas. Cabe dicir, en calquera caso, que no conxunto de miniaturas compiladas no corpus non se fixo un uso frecuente de lendas explicativas ou fragmentos de textos específicos en relación coas imaxes. Salvo aquelas iluminacións nas que o *incipit* do Salmo 6 se presenta acompañando a miniatura que inaugura a sección dos Salmos Penitencias a modo de texto nunha cartela (Nova York, PML, MS H.5, fol. 88r), ou imitando unha inscrición no marco da miniatura que inaugura o capítulo (Leeds, Univ., Brotherton Collection, MS 8, fol. 73r), apenas unha cincuentena de iluminacións do corpus presenta algún texto deste tipo. O máis común é encontrar os fragmentos "*Surgite vos mortui"* e "*venite ad iudicium"* -presentes nun texto atribuído a Xerome[8]- escritos por separado en filacterios a ambos lados de Cristo na escena do Xuízo Final (Carpentras, BM, ms. 0081, fol. 47v). En certas ocasións utilizáronse na mesma escena as expresións "*Venite benedicti"* e *"Ite maledicti*" ou os versículos completos dos que derivan, o 34 e o 41 de Mateo 25 (Londres, BL, Harley 2915, fol. 43v (cat-574). A figura de David en actitude devota presenta tamén nalgunhas imaxes un filacterio no que, a modo de declaración, o rei pronuncia algún versículo dun salmo penitencial, normalmente do *Miserere* (Nova York, PML, MS M.1031, fol. 154r) (cat-910) pero tamén, nalgún caso, do salmo 31. Este último aparece en libros procedentes dos Países Baixos do Norte (A Haia, RMMW, 10 F 2, fol. 54v-55r). Nestes libros non é infrecuente, ademais, encontrar filacterios con textos variados asociadas ou non á figura dalgún personaxe, híbrido ou animal nas orlas das páxinas dos códices, e tamén, polo tanto, nas sección dos Salmos Penitenciais. Nestes casos o texto pode estar tamén expresado en latín (A Haia, KB, 135 F 4, fol. 145r), ou neerlandés, que é a miúdo o idioma do texto nos libros de horas procedentes deste territorio. En vernácula aparecen tamén algunhas lendas explicativas das miniaturas nalgúns manuscritos franceses tardíos que presentan profusión de escenas

[8] Na *Regula monachorum,* (PL Vol. 30, col. 417B) (*Regula monachorum 1840)*

bíblicas marxinais coa súa respectiva explicación en textos escritos nas marxes en recadros ou filacterios en moitas páxinas do libro, incluíndo as dos sete salmos (París, BNF, NAL 392, fol. 82v). Tamén poderá verse nas marxes dalgunha miniatura do corpus a expresión de lemas ou divisas relacionadas co propietario ou propietaria do códice, que se repiten noutras páxinas do mesmo libro e non teñen relación específica, polo tanto, cos Salmos Penitenciais (A Haia, RMMW, 10 F 1, fol. 117v-118r) (cat-109).

1.C.6 "Nota", "Comentario", "Texto ilustrado"

A diferenza básica entre os apartados "Nota" e "Comentario" das fichas do catálogo reside en que no primeiro se recolle información relativa ao manuscrito ou á iluminación dos Salmos Penitenciais tomada dalgunha fonte (recurso electrónico ou bibliografía) mentres que no comentario se inclúen achegas ou reflexións persoais. Na Nota non se especifica a fonte de información se esta coincide coa consignada no apartado previo "Fonte de datos sobre o manuscrito".

No apartado "Texto ilustrado" consignouse, na inmensa maioría dos casos, "Salmo 6". Con isto quérese dicir en realidade que a iluminación está ligada ao comezo da sección dos Salmos Penitenciais, tanto se está realmente integrada no salmo 6 (nunha inicial do texto deste salmo por exemplo) como se é unha miniatura que acompaña o texto. No resto dos casos consignouse a frase normalizada "Varios salmos penitenciais" o que equivale a dicir que, ademais da imaxe que inaugura a sección, o resto das páxinas dos sete salmos -todas ou algunhas delas- contan con iluminación, ben sexa no *incipit* de cada un deles ben noutro lugar. O uso da frase normalizada ten por obxecto a localización rápida dos poucos manuscritos do corpus que contan con máis iluminacións que a da páxina inaugural dos salmos.

1.C.7 "Descrición iconográfica"

- **Títulos primarios e secundarios** .- Consignáronse neste apartado un ou máis dos que figuran na "Lista de Títulos normalizados" (Vol. II.2)

Cando un mesmo motivo ou escena se repite, rexistrouse un único título secundario. Por exemplo, cando as páxinas iluminadas dos salmos presentan varias imaxes de David orando en posición marxinal consignáronse como unha única:

Título secundario: David orando

Ou como cando aparecen en medallóns arredor da escena principal varias figuras de profetas ou santos que non foron identificados:

Título secundario: Profeta/Santo.non identificado

No caso daquelas páxinas que contan con varias escenas distribuídas en diversos compartimentos, ben en diferentes rexistros da miniatura, ben en viñetas ou medallóns que rodean a escena principal

e incluso combinando estes cunha inicial historiada, a localización visual das imaxes descritas como "Títulos secundarios" pode resultar laboriosa. Incluso en páxinas menos complexas, ás veces resulta difícil encontrar a escena secundaria mencionada. Co obxecto de non facer recargadas as fichas, optouse por precisar unicamente nas iluminacións que poden resultar máis confusas a localización das escenas -entre corchetes ao lado dos títulos respectivos- empregando unha nomenclatura tomada do *Vocabulaire codicologique* de Denis Muzerelle[9] e engadindo as mínimas especificacións que se consideraron imprescindibles para facilitar a localización áxil. Os termos empregados na descrición son: **compartimento** (a súa definición xenérica no *Vocabulaire* permitiu empregar o termo en situacións variadas, por exemplo cando as escenas se distribúen en diferentes espazos dunha estrutura arquitectónica ou en diferentes rexistros dunha miniatura); **viñeta** (definida no *Vocabulaire* como superficie pintada independente de pequeno tamaño, empregouse cando esta é cuadrangular); **medallón** (definida como superficie independente de pequeno tamaño, circular ou polilobulada); **orla** (a efectos da descrición no catálogo empregouse basicamente cando as escenas ou figuras están imbricadas en orlas, sen marco de ningún tipo; empregouse o termo orla tanto para sinalar a banda decorativa no seu conxunto como cada unha das súas catro partes[10]); **inicial**.

Cando nas miniaturas conviven varias escenas, privilexiouse na maior parte dos casos a descrición da xerarquía: consignáronse en primeiro lugar os Títulos primarios e, a continuación, os secundarios. Por outra parte, posto que neste tipo de composicións con varias escenas secundarias, xa sexa dunha única narración ou de varias narracións, a orde de presentación das imaxes non sempre corresponde coa orde cronolóxica dos acontecementos, na descrición procurouse seguir a orde cronolóxica cando foi posible pero, no seu defecto, seguiuse a orde das agullas do reloxo.

Algúns manuscritos presentan profusos ciclos bíblicos que percorren todas as páxinas do códice ou escenas marxinais que gardan relación coas do resto do libro e non parece que fosen pensadas especificamente para as páxinas dos sete salmos. Nestes casos, consignouse esta información nun apartado específico das fichas denominado "**Descrición non normalizada de escenas secundarias**". Este apartado pode conter unha descrición realizada a partir da observación das imaxes ou o rexistro de lendas que aparecen acompañando ás propias miniaturas no manuscrito e son bastante expresivas do seu contido, ou mesmo recoller a descrición das imaxes realizadas anterioremente por outras persoas que estudaron o manuscrito.

- **Descritores da imaxe de David en actitude devota**.- Para elaborar este apartado utilicei o vocabulario Lista de descritores de David en actitude devota (Vol. II.3)
- **Unha nota excepcional na descrición iconográfica do Xuízo Final**. Posto que desta escena escatolóxica non se fixo descrición detallada, co fin de poder recuperar unha figura bastante

[9] Consultado na súa versión en liña (Muzerelle 2002-2003).
[10] Conceptos que no Vocabulaire de Muzerelle corresponden, respectivamente, a "bordure" e a "encadrement"

común nas imaxes do Xuízo Final, empregouse excepcionalmente unha nota normalizada: "***resucitado(s) inclinado(s) cara a terra**": nas imaxes en que estas figura ou figuras aparecen non está claro que se trate ou non de réprobos, o cal impediu utilizar o título creado para describir as imaxes nas que si se estableceu de forma evidente unha diferenza clara entre os resucitados en función do seu carácter moral.

1.D. Algúns consellos sobre a consulta no catálogo


Localizar un manuscrito

Para localizar no Catálogo un manuscrito mencionado no texto expositivo da tese o máis sinxelo é procurar o número da ficha mencionada precedido de "cat-" (exemplo: cat-150) na caixa de busca do PDF (empregando como ferramenta a lupa ou, no seu defecto, a funcionalidade Control + F).

Se se quere localizar un manuscrito determinado do que se coñece a sinatura pero non o número da ficha o mellor é escribir unha parte significativa da sinatura, normalmente un número (exemplo: **1526**). Esta opción é a máis áxil, sempre que non ofreza moitos resultados. Se buscamos 1526, por exemplo, recuperamos o manuscrito que interesa e algúns máis, datados en 1526; noutros casos -números inferiores a 3 cifras- esta busca quizais non resulte operativa, porque pode dar moitos resultados)



Desde a opción de busca avanzada do lector de PDF que se utilice normalmente pódense ver mellor os resultados:




Se non fose posible localizar por número da sinatura ou por calquera outro criterio mediante o cadro de busca do PDF, lémbrese que as fichas dos manuscritos no Catálogo están ordenadas por **orde alfabética** (cidade, institución, sinatura) e pode encontrarse o que interesa facendo avanzar as páxinas.

- **Buscar no Catálogo imaxes por Títulos:**

Para localizar imaxes dunha escena determinada, consultar primeiro no Volume II.2 a "Lista de Títulos normalizados".

Se se busca, por exemplo, a escena de "David coa cabeza de Goliat", escribir o texto na caixa de busca do PDF:

David coa cabeza de Goliat



Para acoutar esta busca a aquelas imaxes nas que a escena "David coa cabeza de Goliat" sexa escena secundaria, buscar:

secundario: David coa cabeza de Goliat

[escribila cun único espazo entre os dous puntos e o Título]



Pódense diferenciar os manuscritos dos que se sabe ou se cre que a destinataria foi unha muller daqueles dos que se sabe que foi un home, escribindo na caixa de busca ben "destinataria" ou ben "destinatario" seguido do signo de dous puntos (:) :

destinataria:

- **Visualización das imaxes**

  Certas imaxes do Catálogo presentan bastante boa resolución, polo que poden ser aumentadas ata unha determinada proporción mediante a ferramenta de zoom do arquivo en PDF sen menoscabo importante da calidade.

2. LISTA DE TÍTULOS NORMALIZADOS

Grupo temático de visións intemporais da Divindade

Visión intemporal da Divindade

Grupo temático de David en actitude devota

David orando
David orando nun burato
David orando ante o altar do holocausto
David orando e castigo do pobo de Israel
David orando, elevando a súa alma
David orando e personificacións dos tres castigos
David músico
David e un profeta
David e un profeta e personificacións dos tres castigos
David escribindo
David en actitude devota noutra situación

Grupo temático de escenas de David e Goliat

David atacando a Goliat
David decapitando a Goliat [11]
David coa cabeza de Goliat
David coa cabeza de Goliat entrando en Xerusalén
David coa cabeza de Goliat ante Saúl
Outra escena con Goliat

Grupo temático de escenas do Episodio Betsabé/Urías

Baño de Betsabé
David no leito con Betsabé
David enviando un mensaxeiro a Betsabé
David noutra situación con Betsabé [12]
Betsabé noutra situación
Dó de Betsabé por Urías
Dó de Betsabé polo fillo
Escena relacionada co fillo de David e Betsabé
Urías abrazando a Betsabé
David entregando unha carta a Urías
David e Urías sen carta
Urías camiño do campo de batalla
Morte de Urías
Urías noutra situación

[11] Utilizado cando Goliat xa está derribado; David pode estarlle a cortar a cabeza ou, simplemente, ten a espada en alto sobre Goliat ou se ve a este decapitado
[12] Inclúe imaxes de David abrazando a Betsabé, o encontro de ambos ou calquera outra situación excepcional

Grupo temático de escenas do Xuízo Final[13]

Cristo Xuíz
Xuízo Final, resucitados
Xuízo Final, división dos resucitados (separación)
Xuízo Final, división dos resucitados (diferenciación)

Xuízo Final, María, resucitados
Xuízo Final, María, división dos resucitados (separación)
Xuízo Final, María, división dos resucitados (diferenciación)
Xuízo Final, María, personaxes na Gloria, división dos resucitados (separación)

Xuízo Final, María, Xoán indeterminado
Xuízo Final, María, Xoán indeterminado, resucitados
Xuízo Final, María, Xoán indeterminado, división dos resucitados (separación)
Xuízo Final, María, Xoán indeterminado, división dos resucitados (diferenciación)
Xuízo Final, María, Xoán indeterminado, personaxes na Gloria, división dos resucitados (separación)

Xuízo Final, María, Xoán Bautista
Xuízo Final, María, Xoán Bautista, resucitados
Xuízo Final, María, Xoán Bautista, división dos resucitados (separación)
Xuízo Final, María, Xoán Bautista, división dos resucitados (diferenciación)
Xuízo Final, María, Xoán Bautista, personaxes na Gloria, resucitados
Xuízo Final, María, Xoán Bautista, personaxes na Gloria, división dos resucitados (separación)
Xuízo Final, María, Xoán Bautista, personaxes na Gloria, división dos resucitados (diferenciación)

Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista
Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista, resucitados
Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista, división dos resucitados (separación)
Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista, división dos resucitados (diferenciación)
Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista, personaxes na Gloria, resucitados
Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista, personaxes na Gloria, división dos resucitados (separación)
Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista, personaxes na Gloria, división dos resucitados (diferenciación)

Xuízo Final, personaxes na Gloria, resucitados
Xuízo Final, personaxes na Gloria, división dos resucitados
Xuízo Final, personaxes na Gloria, división dos resucitados (separación)
Xuízo Final, personaxes na Gloria, división dos resucitados (diferenciación)

[13] **Diferenciación vs separación**: Emprego o termo **"separación"** para indicar que na imaxe está presente a idea de condena e/ou salvación dos resucitados. Emprégoo en sentido moi amplo, tanto se os resucitados son separados por algún personaxe (anxo, demo..), ou acollidos no Paraíso (por un anxo ou San Pedro) e/ou non Inferno por demos, como se simplemente aparecen separados (algúns xa están no Inferno, por exemplo). Emprego o calificativo **"diferenciación"** cando se establecen visualmente diferenzas claras de carácter moral entre os resucitados mediante xestos ou posturas dos corpos destes. Mención aparte merece unha figura estandarizada moi común nestas imaxes do Xuízo que en lugar de ollar cara ceo ou rezar se inclina cara a terra conforme sae desta. Nos casos en que ningún outro indicio faga pensar que se trate dun réprobo, optei por non establecer que hai "diferenciación" pero tomei nota da presenza deste(s) personaxe(s), que poden localizarse no catálogo a partir do termo normalizado **resucitado(s) inclinado(s) cara a terra** que complementa o título correspondente.

Grupo no que se reúnen o resto dos títulos

Outras escenas relacionadas con David
Busto de David
Castigo do pobo de Israel
Censo do pobo de Israel
Coroación de David
David apuntando á cara
David e Abigail
David e Absalón
David e Micol
David e Samuel
David e Saúl
David e Saúl. No deserto de Zif
David en situación non identificada
David nunha batalla
David pastor
David pastor.co oso e/ou co león.co león
David pastor.co oso e/ou co león.co oso
David recibindo provisións de Isaí para os seus irmáns
David sendo vestido co uniforme de campaña
David somerxido na auga
Flaxelación de David
Lamento de David [14]
Lamento de David. David rachando as vestiduras
Morte de Absalón
Salomón
Transporte da Arca a Xerusalén

Outras escenas
Acollida das almas no Paraíso
Adoración do becerro de ouro
Aguia atacando un coello
Año de Deus
Aparición de Cristo á Virxe trala Resurrección
Arcanxo San Miguel
Ascensión
Bautismo
Bispo
Cabaleiro
Cadáver
Carlos I, rei de España
Castigo de Coré, Datán e Abirón
Castigos dos pecados
Cérvido deitado
Cristo como Bo Pastor
Cristo e un crego

[14] Escenas nas que David racha as vestiduras ou bate no peito (cando bate no peito, utilizo este Título cando o xesto é de dó, pois está ligado á morte dalgún dos seus fillos; se se trata simplemente dun xesto de contrición de David arrepentido, utilizo o Título "David orando" e preciso o xesto co descritor "David coa man no peito")

Cristo esperando a morte
Cristo levando a cruz
Crucifixión
Descenso aos infernos
Disputa da alma entre un anxo e un demo
Elías e a destrución do exército de Ocozías
Ermitán
Escena apocalíptica.Masacre dos anxos
Escena mundana
Escena non identificada
Escena penitencial.confesión
Escena penitencial.flaxelación
Escenas da creación
Espírito Santo
Eucaristía
Figura feminina non identificada
Figura feminina non identificada.raíña
Figura masculina non identificada
Imaxe de devoción. Chagas de Cristo e cravos
Imaxe de devoción.Instrumentos da Paixón
Imaxe de devoción.Sagrado Corazón
Inferno
Lenda do rei de Mercia/Xuízo de Paris
Lignum vitae
Matanza dos inocentes
Músicos
Obras de misericordia
Outra escena bíblica
Paisaxe
Pecados capitais[15]
Pelicano alimentando as súas crías
Penitentes
Penitentes flaxelantes
Persoa devota.home
Persoa devota.home.crego
Persoa devota.muller
Persoa devota.varias persoas
Pietá
Preparación de Cristo morto
Profeta.Daniel
Profeta.Isaías
Profeta.non identificado
Profeta.Xeremías
Profeta/Santo.non identificado [16]
Purgatorio
Raíña
Reis músicos
Resucitado

[15] Empregado tanto se aparece o setenario completo como incompleto, e tanto se aparecen as imaxes todas xuntas nunha páxina como ditribuídas ao longo da sección dos sete salmos.
[16] Un ou varios

Santa Face
Santa.Apolonia
Santa.Giustina de Vitalianis
Santa.Madalena en casa do Fariseo
Santa.Madalena penitente
Santa.Madalena.*Noli me tangere*
Santa.non identificada
Santo.Antonio
Santo.Cristovo
Santo.non identificado
Santo.Pedro
Santo.Xerome
Santo.Xil
Santo.Xoán Evanxelista [17]
Santo.Xorxe
Serea loitando con tritón
Susana e os vellos
Transfiguración
Tres Marías no sepulcro
Trindade
Trono de Gracia
Última Cea
Varón de dores
Virtudes
Xob

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[17] Aparece illado, non nun Xuízo Final

3. LISTA DE DESCRITORES DE DAVID EN ACTITUDE DEVOTA

ASPECTO XENÉRICO
David rei;
David cabaleiro;
David espido;[18]
David con indumentaria penitencial;
David con outro aspecto;

IDADE DE DAVID
David maduro;
David maduro co pelo cano;
David ancián;

XESTOS/POSTURAS/APARENCIA

1)- Un obrigatoriamente:
David coa man no peito;
David coas mans cruzadas no peito;
David coas mans en xesto de diálogo;
David coas mans enlazadas;
David coas mans separadas cos brazos cara adiante;
David coas mans separadas cos brazos cara arriba;
David coas mans separadas cos brazos cara os lados;
David coas mans xuntas cos brazos estendidos
David coas mans xuntas;
David con figuriña da alma entre as mans;
David con outro xesto das mans;
David con xesto da man non identificado;
David escribindo;
David tocando a arpa;
David tocando o salterio;
David tocando outro instrumento;
David agarrando a arpa;
David agarrando o salterio;
David agarrando outro instrumento;
David apuntando á cara

2)- Un obrigatoriamente:
David en busto ou de medio corpo;
David axeonllado;
David semiaxeonllado;
David sentado;
David sentado nun trono;
David sentado no chan;
David sentado nun asento;
David de pé;
David a cabalo
David nun burato.semienterrado;
David nun burato.semienterrado.con anxos

[18] Inclúe espido e semiespido

David nun burato.cunha perna fóra do burato;
David nun burato.cunha parte do manto fóra do burato;
David prostrado no chan;

3) Eventualmente
David coa cabeza volta;
David calvo;

INDUMENTARIA; OBXECTOS

a) aparencia de David
David con arma;
David con arma.cimitarra;
David con armiño;
David con faldriqueira
David con cinto de corda;
David con cilicio;
David con peza de tea anoada na cabeza;
David con peza de tea anoada no van;
David con cetro;
David con escudo;
David con filacterio;
David con flores de lis;
David con indumentaria branca;
David con libro;
David con nimbo;
David descalzo;

David con coroa na man;
David con coroa no brazo
David toucado con coroa;
David toucado con cofia;
David toucado con outro toucado;
David toucado con sombreiro coroa;
David toucado con sombreiro;
David toucado con toucado orientalizante;

b) Atributos abandonados (obxectos ou toucados)
obxecto abandonado.arpa en funda;
obxecto abandonado.arpa semienterrada;
obxecto abandonado.arpa;
obxecto abandonado.cetro;
obxecto abandonado.libro;
obxecto abandonado.outro instrumento musical;
obxecto abandonado.outro obxecto;
obxecto abandonado.salterio

toucado abandonado.coroa
toucado abandonado.casco
toucado abandonado.sombreiro
toucado abandonado.sombreiro coroa

toucado abandonado.toucado orientalizante
toucado abandonado.toucado con peza de tea anoada

Obxectos soltos
altar;
altar con mantel;
altar do holocausto;
arca da alianza;
arqueta;
asento;
atril;
baldaquino;
baldaquino cónico;
barco(s);
baúl;
cáliz;
cesto de canizo;
coxín;
díptico;
dosel;
facistol;
fonte;
hisopo;
leito;
moble indefinido con obxectos;
moble indefinido;
moble con libro;
órgano;
outro obxecto;
reclinatorio;
retablo;
rolo;
sofá;
Táboas da Lei
tea brocada;
templete;
tríade.tres frechas multicolores;
tríade.tres frechas;
trono con dosel
trono;
vergallos;

PERSONAXES
acompañantes de David músicos;
acompañantes de David;
acompañantes de David anxos;
anxo;
Anxo do Señor con caveira;
Anxo do Señor con espada;
Anxo do Señor con espada flamíxera;

Anxo do Señor con espada e vaíña;
Anxo do Señor con espada semienvaiñada
Anxo do Señor con espadas;
Anxo do Señor con espigas/vergallos;
Anxo do Señor con frecha
Anxo do Señor con frechas
Anxo do Señor con outro obxecto;
Anxo do Señor facendo un xesto;
Anxo do Señor con dous obxectos;
Anxo do Señor con tríade.tres frechas + Anxo do señor con frechas
Anxo do Señor con tríade.tres frechas multicolores + Anxo do señor con frechas
Anxo do Señor con tríade.tres obxectos diferentes
*eventualmente: tríade.cun elemento diferenciado
Anxo do Señor vermello
Anxo do Señor no ceo;
Anxo do Señor no van;
Anxo do Señor noutro espazo;
Anxos;
Cristo no ceo;
Cristo no van;
Cristo noutro lugar;
Cristo con coroa de espiñas;
Cristo amosando as chagas;
crego;
demo
Deus no ceo;
Deus no van;
Divindade bendicindo;
Divindade con anxos;
Divindade con coroa;
Divindade con frecha;
Divindade con frechas;
Divindade con gorro;
Divindade con orbe na man;
Divindade con mitra;
Divindade con nimbo;
Divindade con outro xesto das mans;
Divindade con palio;
Divindade con raios dirixidos a David;
Divindade con raios na boca;
Divindade con serafíns/querubíns;
Divindade con tiara;
Divindade con tríade.tres obxectos diferentes
Divindade con tríade.tres frechas + Divindade con frechas
Divindade con tríade.tres frechas multicolores + Divindade con frechas

Divindade con libro;
Divindade de corpo enteiro;
Divindade no ceo;
Divindade no van;
Divindade noutro lugar;
Espírito Santo;

Esqueleto;
Enterradores;
Figuriña antropomorfa non identificada;
exército;
Gad;
Man divina no ceo;
mans divinas no ceo;
Maxencio
mensaxeiro
Moisés;
muiñeiro(s);
Natán;
neno;
Personaxe(s) anónimo(s);
pastor(es)
personificacións dos tres castigos
Pobo de Israel;
Profeta amoestador con outro xesto;
Profeta amoestador con xestos de diálogo;
Profeta amoestador co índice levantado;
Profeta amoestador con rolo;
Profeta amoestador con filacterio;
Raios divinos no ceo;
Raios divinos no van;
Raios divinos noutro lugar;
Santa.Catalina
Santa.Xenoveva
Sol;
Tetramorfos
transeúntes;
Trindade no ceo;

ANIMAIS
cabalo;
can;
caracol;
cérvido(s);
cuadrúpede non identificado;
cisne(s);
coello(s);
dragón;
garza(s)
león;
mustélido(s);
animal non identificado;
ovella(s);
pato(s);
pavo real;
simio(s);

ESPAZOS
A escoller polo menos un obrigatoriamente:

David en paisaxe agreste;
David en paisaxe agreste deshabitada;
David nun patio;
David nun patio con herba;
David nun patio ou terraza;
David nun patio ou terraza.nunha terraza sobre un río;
David nun interior;
David nun interior.nunha capela
David cerca de edificación(s) indefinida(s)
David cerca de edificación(s) indefinida(s) en pavillón;
David cerca de edificación(s) indefinida(s) em medio natural
David cerca de cidade;
David cerca de cidade en medio natural;
David cerca de cidade en pavillón;
David cerca de pazo;
David cerca de pazo en medio natural;
David cerca de pazo en pavillón;
David somerxido na auga;
David noutro espazo;

<u>Outros descritores de elementos espaciais; non obrigatorios</u>
árbore(s);
árbore(s) sen follas;
arbusto(s);
balaustrada;
barranco;
bosque;
burata ambigua;
burato greta;
cachopa(s);
camiño con pedras;
camiño;
ceo nocturno;
ceo abstracto;
cerca reticulada;
cidade amurallada;
cova;
cova-burato;
edificación(s) na distancia;
embaldosado de cadros verdes;
embaldosado de cadros;
embaldosado irregular;
escaleira;
foso;
lago(a);
manancial;
monte(s);
muíño(s) de auga;
muíño(s) de vento;
murete;
murete con herba;
muro;

muro con arcos;
muro con ameas;
muro con tea brocada;
obelisco;
outro curso de auga;
panorama en picado;
pazo;
pedras;
ponte;
pseudoilla;
pseudoilla con panorama en picado
regato;
río;
rochedo;
rochedo parapeto;
formación rochosa furada de lado a lado;
ruínas;
sebe;
creba(s) no terreo;
templete;
van amplo;

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A Haia, KB, 71 G 54
Utrecht: ca. 1450-1470 ; Rexión de Ijssel: 1460-1480
Mestre de “A Cidade de Deus” de Boston (estilo de) ; outros artífices

Fol. 106v-107r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 71 G 54Blois, BM, ms. 005, fol. 106v
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

NOTA
O manuscrito está composto de páxinas decoradas no estilo de Utrecht, con miniaturas no estilo do Mestre de “A Cidade de Deus” de Boston datadas ca. 1450-1470 e páxinas con iniciais decoradas no estilo da rexión de Ijssel datadas ca. 1460-1480

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, resucitados

A Haia, KB, 74 F 1
París: ca. 1450
Mestre de Jean Rolin (estilo de)

Fol. 97r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 F 1, fol. 97r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: París

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David ancián; David rei; David coas mans xuntas; David semiaxeonllado; obxecto abandonado.arpa; toucado abandonado.coroa; David con armiño; Divindade no ceo; Divindade con nimbo; Divindade bendicindo; Divindade con orbe na man; David nun patio ou terraza; trono; altar; templete; David con libro; muro con arcos; muro con tea brocada; embaldosado de cadros verdes;

A Haia, KB, 74 G 3
Leyden: ca. 1490-1497
Mestres de Hugo Jansz. van Woerden

Fol. 44v-45r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 G 3, fol. 44v-45r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Cristo levando a cruz
Título secundario: David músico [fol. 45v, na orla]

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David sentado nun trono; David toucado con coroa(?); David noutro espazo; David tocando a arpa;

A Haia, KB, 74 G 8
Holanda Setentrional e Utrecht: ca. 1460-1470

Fol. 109v-110r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 G 8, fol. 109v-110r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Utrecht

NOTA
Considéranse realizadas en Utrecht as tres únicas miniaturas a páxina completa incluídas no manuscrito, unha delas a dos Salmos Penitenciais.

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, resucitados

A Haia, KB, 74 G 9
Diocese de Tournai, 1535

Fol. 46v-47r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 G 9, fol. 46v-47r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Tournai

COMENTARIO
Os restos óseos que decoran o marco na parte inferior son excepcionais no manuscrito. No Oficio de Defuntos móstrase a Lenda dos Tres Vivos e os Tres Mortos, pero non hai ósos na decoración marxinal

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David coas mans xuntas; David semiaxeonllado; David con armiño; obxecto abandonado.arpa; toucado abandonado.sombreiro coroa; obxecto abandonado.cetro; Deus no ceo; Divindade no ceo; Divindade con tríade.tres frechas; Divindade con frechas; Divindade con orbe na man; Divindade con gorro(?); Divindade con tiara(?); David en paisaxe agreste; edificación na distancia; río; barcos; camiño con pedras;

A Haia, KB, 74 G 22
París, ca. 1500
Jean Pichore (estilo de)

Fol. 127r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 G 22, fol. 127r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Roma

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David coas mans separadas cos brazos cara adiante; David axeonllado; obxecto abandonado.arpa; David toucado con sombreiro coroa; David con peza de tea anoada na cabeza; David con peza de tea anoada no van; David con armiño; Anxo do Señor no ceo; Anxo do Señor con espada; Anxo do Señor vermello; David nun patio;

A Haia, KB, 74 G 35
Delft: ca. 1440-1460 ; ca. 1480-1500
Mestres das Grisallas de Delft ; outros artífices

Fol. 59v-60r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 G 35, fol. 59v-60r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Utrecht

NOTA
As miniaturas en grisalla, atribuídas aos Mestres das Grisallas de Delft, están datadas ca. 1440-1460; as páxinas con iniciais decoradas en estilo de Delft, ca. 1480-1500


TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, resucitados
*resucitado(s) inclinado(s) cara a terra

A Haia, KB, 74 G 36
Diocese de Liexa, ca. 1505-1520

Fol. 68r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 G 36, fol. 68r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts
Uso: dominico

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David coas mans separadas cos brazos cara adiante; David axeonllado; obxecto abandonado.arpa; toucado abandonado.sombreiro coroa; David con armiño; Divindade no ceo; Divindade con tiara; Divindade con tríade.tres frechas; Divindade con frechas; David cerca de pazo; camiño con pedras; árbore(s);

A Haia, KB, 74 G 38, Horas de Jean Lallemant le Jeune
Bourges, ca. 1540

Fol. 82v





Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 G 38, fol. 82v
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts
Destinatario: Jean Lallemant le Jeune (+ 1548)
Uso: Bourges

COMENTARIO
En cada miniatura deste manuscrito amósase en primeiro termo a figura dun penitente cunha cruz e un libro. Esta figura, identificada na base de datos Medieval Illuminated Manuscripts como o propio Jean Lallement sería, para Myra Orth (2015, 1: 176) Xoán Bautista. No segundo plano preséntanse as escenas características de cada unha das seccións dos libros de horas. No caso da iluminación dos Salmos Penitenciais, amósase no fondo da imaxe a figura de David orando.

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Santo.Xoán Bautista(?) ou Persoa devota.home(?)
Título secundario: David orando
Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David coas mans separadas cos brazos cara os lados; David semiaxeonllado; obxecto abandonado.arpa; Divindade no ceo; Raios divinos no ceo; David noutro espazo; Anxo do Señor no ceo; Anxo do Señor con espada; Anxo do Señor vermello; Anxo do Señor con tríade.tres obxectos diferentes; muíño(s) de auga; muíño(s) de vento; ponte; río; árbore(s);

A Haia, KB, 74 G 39, Horas de Catherine de Medici
Francia, 1562
Mestre de Marie de Caignon

Fol. 80r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 G 39, fol. 80r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Orth 2015, 2: 322-325, nº cat. 98
Destinataria: Catherine de Medici
Uso: Roma

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David coas mans separadas cos brazos cara adiante; David axeonllado; obxecto abandonado.arpa; toucado abandonado.toucado orientalizante; obxecto abandonado.cetro; Divindade no ceo; raios divinos no ceo; Anxo do Señor no ceo; Anxo do Señor con dous obxectos; Anxo do Señor con caveira; Anxo do Señor con espada; David cerca de pazo; pedras; árbore(s);

A Haia, KB, 74 H 8
Holanda Meridional, ca. 1475-1500

Fol. 86v



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 H 8, fol. 86v
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David músico

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David tocando a arpa; David sentado no chan; David toucado con coroa; David con armiño; David noutro espazo;

A Haia, KB, 74 H 31
Holanda Setentrional (Haarlem?), ca. 1450-1475
Mestres da Biblia Haarlem

Fol. 139v-140r





Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 74 H 31, fol. 139v-140r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, división dos resucitados (diferenciación)

A Haia, KB, 76 F 2, Horas de Philippe Le Bon (Philippe III de Bourgogne)
Oudenaarde, ca. 1450-1460 ; Bruxas, ca. 1500
[Oudenaarde] Jean le Tavernier e colaborador ; [Bruxas] Mestre dos libros de oracións de ca. 1500 (Bruxas)

Fol. 153r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 2, fol. 153r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts; Web da KB nationale bibliotheek
Destinatario: Philippe Le Bon (Philippe III, Duque de Borgoña, 1396-1467)

NOTA
A miniatura dos salmos penitenciais é obra de Jean Le Tavernier. Véxase a lista de autoría das miniaturas accesible na páxina web da KB nationale bibliotheek:
Lijst_afbeeldingen_getijdenboek_Philips_van_Bourgondië

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA
Título primario: David orando
Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David con outro xesto das mans; David axeonllado; obxecto abandonado.arpa; obxecto abandonado.libro; David con coroa na man; David con peza de tea anoada; David con libro; Cristo no ceo; Divindade no ceo; Divindade con anxos; Divindade con nimbo; Divindade bendicindo; Divindade con orbe na man; David nun patio ou terraza; muro con arcos; facistol; órgano; coxín; rolo;

A Haia, KB, 76 F 11
Hainaut, ca. 1450-1475

Fol. 94r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 11, fol. 94r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Roma

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, resucitados

A Haia, KB, 76 F 12
Besançon, ca. 1450

Fol. 80r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 12, fol. 80r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Besançon

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro co pelo cano; David rei; David coas mans separadas cos brazos cara adiante; David semiaxeonllado; obxecto abandonado.arpa; David toucado con coroa; David con libro; Deus no ceo; Divindade no ceo; Divindade con serafíns/querubíns; Divindade bendicindo; Divindade con nimbo; David en paisaxe agreste; edificación(s) na distancia; monte(s); cachopa(s); creba(s) no terreo; reclinatorio; árbore(s);

A Haia, KB, 76 F 14
Francia (París?), ca. 1490-1500

Fol. 58r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 14, fol. 58r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts
Destinatario: crego anónimo

Uso: Roma

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David cabaleiro; David semiaxeonllado; David agarrando a arpa; David con arma; David toucado con coroa; David con nimbo; Raios divinos no ceo; Divindade no ceo; David cerca de edificación(s) indefinida(s);

A Haia, KB, 76 F 15
Diocese de Therouanne, ca. 1450

Fol. 66v-77r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 15, fol. 66v-77r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Roma e Thérouanne

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, resucitados
*resucitado(s) inclinado(s) cara a terra

A Haia, KB, 76 F 16
Mons, ca. 1490-1500
Mestre de Antoine de Borgoña

Fol. 69r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 16, fol. 69r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts
Uso: Roma
TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David coas mans xuntas cos brazos cara adiante; David axeonllado; obxecto abandonado.arpa; David toucado con coroa; Raios divinos no ceo; Divindade no ceo; David nun patio;

A Haia, KB, 76 F 17
París, ca. 1490

Fol. 66r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 17, fol. 66r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, María, personaxes na Gloria, división dos resucitados (separación)
Título secundario: Purgatorio

A Haia, KB, 76 F 18
Nordeste de Francia (Troyes?), ca. 1400-1450

Fol. 68r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 18, fol. 68r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Troyes

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David coas mans xuntas; David semiaxeonllado; obxecto abandonado.arpa; toucado abandonado.sombreiro coroa; David con armiño; Raios divinos no ceo; Divindade no ceo; sol; David en paisaxe agreste; edificación(s) na distancia; río; barco(s); rochedo(s); pseudoilla; arbusto(s)

A Haia, KB, 76 F 20
Países Baixos do Sur/Norte de Francia (Cambrai?), ca. 1500-1510

Fol. 105r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 20, fol. 105r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Roma

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David ancián; David rei; David coas mans separadas cos brazos cara adiante; David axeonllado; obxecto abandonado.arpa; David toucado con coroa; David en paisaxe agreste; edificación(s) na distancia;

A Haia, KB, 76 F 21
París, ca. 1400-1410

Fol. 95r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 21, fol. 95r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: París

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Visión intemporal da Divindade

A Haia, KB, 76 F 22
París, ca. 1440-1450
Mestre de Thomas Hoo

Fol. 77r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 22, fol. 77r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts
Uso: París

COMENTARIO
A lonxitude da melena de David nesta imaxe resulta excepcional no corpus.

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David ancián; David rei; David semiaxeonllado; David agarrando a arpa; David toucado con coroa; David con armiño; David con faldriqueira; Divindade no ceo; Divindade con nimbo; Divindade bendicindo; Divindade con orbe na man; David nun patio ou terraza; muro con arcos; muro con tea brocada;

A Haia, KB, 76 F 25
Bruxas, ca. 1430-1440
Mestres dos roleos dourados

Fol. 97r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 25, fol. 97r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Roma

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista, resucitados

A Haia, KB, 76 F 30
Bruxas, ca. 1450-1460
Mestre "*aux yeux-bridés*"

Fol. 52r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 30, fol. 52r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Roma

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, María, Xoán Evanxelista, resucitados

A Haia, KB, 76 F 31
Holanda Meridional, ca. 1490-1500
Mestres de Hugo Jansz. van Woerden ; Mestres dos ollos escuros

Fol. 120v-121r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 31, fol. 120v
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 F 31, fol. 121r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Xuízo Final, María, Xoán Bautista, resucitados
*resucitado(s) inclinado(s) cara a terra
Título secundario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro; David rei; David coas mans xuntas; David axeonllado; obxecto abandonado.arpa; toucado abandonado.coroa; David con armiño; Raios divinos no ceo; Divindade no ceo; sol; David en paisaxe agreste; edificación na distancia; pazo; camiño; rochedo(s);

A Haia, KB, 76 G 4
Tournai, ca. 1500

Fol. 89v-90r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 G 4, fol. 89v-90r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

COMENTARIO
O filacterio na parte inferior da orla do fol. 90r contén o comezo do salmo 50 (“*Miserere mei deus”)*

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David ancián; David rei; David coas mans xuntas; David axeonllado; obxecto abandonado.arpa; toucado abandonado.sombreiro coroa; Raios divinos no ceo; Divindade no ceo; sol; David cerca de pazo; foso; pato(s); árbore(s);

A Haia, KB, 76 G 5
Francia, ca. 1450

Fol. 110r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 G 5, fol. 110r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Roma

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: David orando

Descritores da imaxe de David en actitude devota: David maduro co pelo cano; David rei; David coas mans xuntas; David semiaxeonllado; David con armiño; toucado abandonado.sombreiro coroa; tea brocada; embaldosado de cadros verdes; David nun interior; altar con mantel; retablo(?); acompañantes de David; embaldosado de cadros verdes;

A Haia, KB, 76 G 8
Troyes, ca. 1480-1490

Fol. 93r



Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso á imaxe: A Haia, KB, 76 G 8, fol. 93r
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

Uso: Troyes

TEXTO ILUSTRADO: Salmo 6

DESCRICIÓN ICONOGRÁFICA

Título primario: Baño de Betsabé

A Haia, KB, 76 G 9
Países Baixos do Norte: ca. 1490
Mestres dos ollos escuros

Fols. 138v, 139v, 141r 150r





Fols. 143v, 146r, 149r





Fols. 150r, 151v




Fonte de consulta da imaxe: Medieval Illuminated Manuscripts
Acceso ás imaxes dos Salmos Penitenciais:
1 A Haia, KB, 76 G 9 (fol. 138v)
2 A Haia, KB, 76 G 9 (fols. 139v-149r)
3 A Haia, KB, 76 G 9 (fol. 150r)
Fonte de datos sobre o manuscrito: Medieval Illuminated Manuscripts

COMENTARIO
En Medieval Illuminated Manuscritps non hai imaxe da miniatura do segundo salmo penitencial. Non consta no rexistro do manuscrito que falte esta miniatura no códice.
